## I. DISPOSICIÓNS XERAIS

## CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.*

I

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, modificou en distintos aspectos a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, coa finalidade de desenvolver medidas que permitan seguir avanzando cara a un sistema educativo de calidade, inclusivo, que garanta a igualdade de oportunidades e faga efectiva a posibilidade de que cada alumno e alumna desenvolvan ao máximo as súas potencialidades.

Coa finalidade de establecer as condicións propicias para afondar nos cambios metodolóxicos necesarios para alcanzar aqueles obxectivos, a Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, deulle unha nova redacción ao artigo 6 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para definir o currículo como a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas. O currículo estará integrado polos obxectivos de cada ensinanza e de etapa educativa; as competencias, ou capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, e para lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos; os contidos, ou conxuntos de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias; a metodoloxía didáctica, que abrangue tanto a descrición das prácticas docentes como a organización do traballo dos/das docentes; os estándares e resultados de aprendizaxe avaliables; e os criterios de avaliación do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa. Os contidos ordénanse en disciplinas, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos en función das ensinanzas, as etapas educativas ou os programas en que participe o alumnado.

O novo artigo 6 bis da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, define a distribución de competencias entre as administracións educativas e, mesmo, con respecto aos centros docentes. Nesta distribución competencial correspóndelle ao Goberno do Estado, entre outras funcións, o deseño do currículo básico en relación cos obxectivos, competencias, contidos,

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2

criterios de avaliación, estándares e resultados de aprendizaxe avaliables, co fin de asegurar unha formación común e o carácter oficial e a validez en todo o territorio nacional das titulacións ás que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, establece que é competencia plena da Comunidade Autónoma o regulamento e a administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme o apartado primeiro do seu artigo 81, o desenvolvan.

II

Este decreto ten por obxecto establecer o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato no sistema educativo galego, dentro do marco de distribución de competencias da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, e en atención á nova configuración curricular que establece o agrupamento de materias en tres bloques: troncais, específicas e de libre configuración autonómica. O currículo, así mesmo, regula a relación entre os obxectivos, os contidos, os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe avaliables e as competencias clave nas diferentes materias.

O primeiro bloque, correspondente ás materias troncais, trata de garantir os coñecementos e as competencias que permitan adquirir unha formación sólida e continuar con aproveitamento as etapas posteriores naquelas materias que deben ser comúns a todo o alumnado e que, en todo caso, deben ser avaliadas nas avaliacións finais de etapa. Neste bloque correspóndelle ao Goberno do Estado a determinación dos contidos comúns, os estándares de aprendizaxe avaliables e os criterios de avaliación, así como o horario lectivo mínimo. Pola súa banda, á comunidade autónoma correspóndelle complementar e secuenciar en cursos os contidos, adaptándoos á nosa realidade, realizar recomendacións metodolóxicas, completar os criterios de avaliación e fixar o horario lectivo máximo. Os centros docentes poderán completar contidos, e deseñar e implantar métodos pedagóxicos e didácticos propios.

O bloque de materias específicas permite unha maior autonomía á hora de fixar horarios e contidos das materias. O Goberno do Estado determina os estándares de aprendizaxe avaliables e os criterios de avaliación, e correspóndelle á comunidade autónoma establecer os contidos, complementar os criterios de avaliación, realizar recomendacións metodolóxicas e fixar o horario correspondente. Os centros docentes poderán complementar os contidos, e deseñar e implantar métodos pedagóxicos e didácticos propios.

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2

O bloque de materias de libre configuración autonómica supón o maior nivel de autonomía. Nestas materias, a comunidade autónoma establece os contidos e os estándares de aprendizaxe avaliables, os criterios de avaliación e o horario, así como as recomendacións metodolóxicas. Os centros docentes poderán complementar os contidos e configurar a súa oferta formativa, ademais de deseñar e implantar métodos pedagóxicos e didácticos propios, e determinar a carga horaria. Neste bloque encádrase o desenvolvemento curricular da disciplina de Lingua Galega e Literatura, competencia exclusiva da comunidade autónoma, á que lle corresponde un tratamento análogo ao da disciplina de Lingua Castelá e Literatura, tratamento que se enmarca dentro do establecido no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

O desenvolvemento dos currículos das distintas linguas incorpora unha referencia expresa ao plurilingüismo, na medida en que a competencia en cada lingua interactúa e se enriquece co coñecemento das outras linguas, e contribúe a desenvolver destrezas e capacidades que son a base da competencia en comunicación lingüística. Isto, e a alusión igualmente explícita a actitudes interculturais de respecto a diferentes xeitos de expresarse e actuar, promove o desenvolvemento simultáneo do plurilingüismo e da interculturalidade.

Xa que logo, tanto na educación secundaria obrigatoria como no bacharelato é especialmente salientable que a aprendizaxe das distintas linguas establecidas no currículo destas etapas se trate de xeito integrado, e dea continuidade ao proceso de fomento do interese por outras linguas e culturas distintas da propia e promovan o respecto cara ás persoas falantes desas linguas.

III

En liña coa Recomendación 2006/962/EC, do 18 de decembro de 2006, do Parlamento Europeo e do Consello, sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente, este decreto incorpórase a clasificación e denominación das definidas pola Unión Europea. Considérase que “as competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e o seu desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego”.

Este decreto baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias, integradas nos elementos curriculares para propiciar unha renovación na práctica docente e no proceso de ensino e aprendizaxe. Propóñense novos enfoques na aprendizaxe e na avaliación, que van supor un importante cambio nas tarefas que teñen que resolver os alumnos e as alumnas, e propostas metodolóxicas innovadoras. Unha competencia supón a combina-

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2

ción de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz. Xa que logo, as competencias considéranse como coñecemento na práctica, un coñecemento adquirido a través da participación activa en prácticas sociais que, como tales, se poden desenvolver tanto no contexto educativo formal, a través do currículo, como nos contextos educativos non formais e informais; conceptualízanse como “un saber facer” que se aplica a unha diversidade de contextos educativos, sociais e profesionais.

A aprendizaxe baseada en competencias caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral. O proceso de ensino e aprendizaxe competencial débese abordar desde todas as materias de coñecemento e por parte das diversas instancias que conforman a comunidade educativa, tanto nos ámbitos formais como nos non formais e informais; o seu dinamismo reflíctese en que as competencias non se adquiren nun determinado momento e permanecen inalterables, senón que implican un proceso de desenvolvemento mediante o cal os individuos van adquirindo maiores niveis de desempeño no seu uso.

Para lograr este proceso de cambio curricular cómpre favorecer unha visión interdisciplinar e, de xeito especial, posibilitarlle unha maior autonomía á función docente, de forma que permita satisfacer as demandas dunha maior personalización da educación. O papel do persoal docente é fundamental, pois debe ser quen de deseñar tarefas ou situacións de aprendizaxe que posibiliten a resolución de problemas e a aplicación dos coñecementos aprendidos, xa que os contidos están subordinados á acción.

As concrecións curriculares para os distintos bloques de materias, recollidas nos anexos I, II e III, constrúense a partir dos criterios de avaliación, ligándoos cos demais compoñentes de cada materia. Os criterios de avaliación relaciónanse directamente cos estándares de aprendizaxe, que non son máis que concrecións dos propios criterios, e eses estándares conéctanse coas competencias clave. Por outra banda, os criterios de avaliación describen o que se pretende lograr en cada disciplina, e, neste sentido, os contidos non son máis que os medios para os alcanzar.

En cada materia, os contidos agrúpanse en bloques, o que non supón unha secuencia nin implica unha organización pechada; pola contra, permite organizar de diferentes formas os elementos curriculares e adoptar a metodoloxía máis adecuada ás características das aprendizaxes e do grupo de alumnos e alumnas a quen van dirixidos.

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2

As competencias clave están ligadas a un desempeño eficaz nun contexto determinado. As situacións de aprendizaxe deseñadas para o seu desenvolvemento deberán incorporar tarefas que contextualicen as aprendizaxes e que permitan avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo. O enfoque metodolóxico deberá sustentarse nas referidas situacións de aprendizaxe, coa finalidade de que os contidos se convertan en coñecementos aplicables con eficacia. Neste deseño é responsabilidade do centro docente e do profesorado a adecuada selección da metodoloxía, que deberá ser variada e adecuada ás características e aos ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas.

As actividades de aprendizaxe integradas poden incluír elementos curriculares procedentes de distintos bloques. Á súa vez, estes elementos poderán formar parte de diferentes actividades e, co obxecto de mellorar os resultados, esas actividades poderán ter carácter interdisciplinar.

O feito de tratar simultaneamente, nunha mesma actividade, contidos de bloques distintos e, mesmo, de materias diferentes, halle permitir ao profesorado determinar a conveniencia de avaliar a totalidade ou só unha parte das competencias clave relacionadas con cada estándar de aprendizaxe. Corresponderalle ao centro docente velar por un tratamento equilibrado das competencias clave nas programacións didácticas.

A posta en práctica desta recomendación deu lugar á aprobación polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte da Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.

O referente para avaliar as aprendizaxes do alumnado son os criterios de avaliación e a súa concreción nos estándares de aprendizaxe avaliables. No deseño das situacións de aprendizaxe tomaranse en consideración todos os elementos do currículo, entre eles os procedementos e os instrumentos de avaliación, así como os criterios de cualificación que permitan avaliar tanto os resultados da materia como o nivel competencial alcanzado polos alumnos e as alumnas.

IV

O recoñecemento dunha maior autonomía dos centros docentes establécese neste decreto dun xeito efectivo, aumentando a súa capacidade de decisión na definición do currículo, coa posibilidade de definir, nas condicións que determina a consellería con competencias en materia de educación, a oferta de materias do bloque de materias de libre

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2

configuración autonómica, e, deste xeito, adaptar a súa oferta educativa ao seu contexto socioeducativo.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no exercicio das facultades outorgadas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, consultado o Consello Escolar de Galicia, de acordo co Consello Consultivo e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do vinte e cinco de xuño de dous mil quince,

DISPOÑO:

TITULO PRELIMINAR
**Disposicións xerais**

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

1. Este decreto ten por obxecto establecer o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 6 e 6 bis da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e no artigo 3 do Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

2. Así mesmo, ten por obxecto regular a ordenación das ditas etapas educativas, de acordo coa disposición final sexta da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

3. Este decreto será de aplicación nos centros docentes correspondentes ao ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2. *Currículo*

1. Entendese por currículo a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas e etapas educativas.

2. O currículo está integrado polos obxectivos, as competencias, os contidos, os criterios de avaliación, os estándares e os resultados de aprendizaxe avaliables, e pola metodoloxía didáctica.

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2

3. Para os efectos deste decreto, entenderase por:

a) Obxectivos: referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin.

b) Competencias: capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

c) Contidos: conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias. Os contidos ordénanse en disciplinas, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos, en función das ensinanzas, das etapas educativas ou dos programas en que participe o alumnado.

d) Criterios de avaliación: referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina.

e) Estándares de aprendizaxe avaliables: especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliables, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzado. Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.

f) Metodoloxía didáctica: conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados.

4. O currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes correspondentes ao ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia será o que se recolle para as distintas materias nos anexos I, II e III deste decreto.

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2

Artigo 3. *Competencias clave*

1. Para os efectos deste decreto, as competencias clave do currículo serán as seguintes:

a) Comunicación lingüística (CCL).

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

Competencia dixital (CD).

Aprender a aprender (CAA).

Competencias sociais e cívicas (CSC).

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

Conciencia e expresións culturais (CCEC).

2. A descrición das relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato será a establecida de conformidade coa Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

3. Potenciarase o desenvolvemento da competencia de comunicación lingüística, da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

4. Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Artigo 4. *Elementos transversais*

1. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2

2. A consellería con competencias en materia de educación fomentará o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Do mesmo xeito, promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

A programación docente debe abranguer en todo caso a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

3. A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

4. No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que os/as alumnos/as coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

Artigo 5. *Autonomía dos centros docentes*

1. Os centros docentes, dentro do marco establecido pola consellería con competencias en materia de educación, desenvolverán a súa autonomía pedagóxica e organizativa, fa-

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2

vorecerán o traballo en equipo do profesorado e estimularán a actividade investigadora a partir da súa práctica docente.

2. Os centros docentes desenvolverán e complementarán, de ser o caso, o currículo e as medidas de atención á diversidade establecidas pola consellería con competencias en materia de educación, adaptándoas ás características do alumnado e á súa realidade educativa, coa finalidade de atender todo o alumnado. Así mesmo, arbitrarán métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmo e promovan o traballo en equipo.

3. O proxecto educativo do centro recollerá os valores, os obxectivos e as prioridades de actuación. Así mesmo, incorporará a concreción dos currículos establecidos pola consellería con competencias en materia de educación que lle corresponda fixar e aprobar ao claustro, así como o tratamento transversal nas materias da educación en valores e outras ensinanzas.

Artigo 6. *Participación de pais, nais e titores/as legais no proceso educativo*

1. De conformidade co establecido no artigo 4.2.e) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, e no artigo 6 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, os pais, as nais ou os/as titores/as legais deberán apoiar e participar na evolución do proceso educativo dos/das seus/súas fillos/as ou tutelados/as, así como coñecer as decisións relativas á avaliación e á promoción, e colaborar nas medidas de apoio ou reforzo que adopten os centros docentes para facilitar o seu progreso educativo, e terán acceso aos documentos oficiais de avaliación e aos exames e documentos das avaliacións que se lles realicen aos/ás seus/súas fillos/as ou tutelados/as, sen prexuízo do respecto ás garantías establecidas na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e demais normativa aplicable en materia de protección de datos de carácter persoal.

2. Os centros docentes promoverán compromisos coas familias e co propio alumnado, nos que se especifiquen as actividades que uns e outros se comprometen a desenvolver para facilitar o progreso educativo.

Artigo 7. *Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo*

1. Para o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe,

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2

trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, estableceranse as medidas curriculares e organizativas necesarias co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidas en cada etapa para todo o alumnado.

Entre estas medidas estableceranse aquelas que garantan que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

2. A escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo rexerase polos principios de normalización e inclusión, e asegurará a súa non-discriminación e a igualdade efectiva no acceso e na permanencia no sistema educativo.

3. A identificación e a valoración do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e, de ser o caso, a intervención educativa derivada desa valoración, realizaranse do xeito máis temperán posible, nos termos que determine a consellería con competencias en materia de educación. Os centros docentes deberán adoptar as medidas necesarias para facer realidade esa identificación, valoración e intervención.

4. Correspóndelle á consellería con competencias en materia de educación establecer as condicións de accesibilidade e deseño universal, e os recursos de apoio que favorezan o acceso ao currículo do alumnado con necesidades educativas especiais, e adaptar os instrumentos e, de ser o caso, os tempos e os apoios que aseguren unha correcta avaliación deste alumnado.

A consellería con competencias en materia de educación, coa finalidade de facilitar a accesibilidade ao currículo, establecerá os procedementos oportunos cando cumpra realizar adaptacións significativas dos elementos do currículo, coa finalidade de atender o alumnado con necesidades educativas especiais que as precise. Estas adaptacións realizaranse procurando o máximo desenvolvemento posible das competencias; a avaliación continua e a promoción tomarán como referente os elementos fixados nas devanditas adaptacións. En calquera caso, o alumnado con adaptacións curriculares significativas deberá superar a avaliación final para poder obter o título correspondente.

5. A escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais, identificado como tal segundo o procedemento e nos termos que estableza a consellería con competencias en materia de educación, flexibilizarase nos termos que determine a normativa vixente.



XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

Esta flexibilización poderá incluír tanto a impartición de contidos e a adquisición de competencias propias de cursos superiores como a ampliación de contidos e competencias do curso corrente, así como outras medidas.

6. Os plans de actuación, así como os programas de enriquecemento curricular adecuados ás necesidades do alumnado con altas capacidades intelectuais, que lle corresponde adoptar á consellería con competencias en materia de educación, permitirán desenvolver ao máximo as capacidades deste alumnado e terán en consideración o seu ritmo e o estilo de aprendizaxe, así como o do alumnado especialmente motivado pola aprendizaxe.

## TÍTULO I
## **Educación secundaria obrigatoria**

### CAPÍTULO I
### **Principios e obxectivos**

Artigo 8. *Principios xerais*

1. A educación secundaria obrigatoria ten carácter obrigatorio e gratuíto, e constitúe, xunto coa educación primaria, a educación básica.

2. Na educación secundaria obrigatoria prestarase especial atención á orientación educativa e profesional do alumnado.

3. A educación secundaria obrigatoria organízase de acordo cos principios de educación común e de atención á diversidade do alumnado. As medidas de atención á diversidade nesta etapa estarán orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado, ao logro dos obxectivos da educación secundaria obrigatoria e á adquisición das competencias correspondentes, e non poderán, en ningún caso, supor unha discriminación que lle impida alcanzar os devanditos obxectivos e competencias, e a titulación correspondente.

Artigo 9. *Finalidade*

A educación secundaria obrigatoria ten por finalidade lograr que os alumnos e as alumnas adquiran os elementos básicos da cultura, nomeadamente nos seus aspectos humanístico, artístico, científico e tecnolóxico; desenvolver e consolidar neles/as hábitos de estudo e de traballo; preparalos/as para a súa incorporación a estudos posteriores e para a súa inserción laboral, e formalos/as para o exercicio dos seus dereitos e das súas obrigas na vida como cidadáns e cidadás.

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2

Artigo 10. *Obxectivos da educación secundaria obrigatoria*

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Artigo 11. *Principios metodolóxicos*

1. Os centros docentes elaborarán as súas propostas pedagóxicas para esta etapa desde a consideración da atención á diversidade e do acceso de todo o alumnado á educación común. Así mesmo, arbitrarán métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan a aprendizaxe en equipo.

De conformidade co establecido no artigo 26.3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, a consellería con competencias en materia de educación establecerá as condicións que permitan que, nos primeiros cursos da etapa, o profesorado coa debida cualificación imparta máis dunha materia ao mesmo grupo de alumnos e de alumnas.

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2

2. A metodoloxía didáctica neste etapa será nomeadamente activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

3. Procurarase o traballo en equipo do profesorado co obxecto de proporcionar un enfoque multidisciplinar do proceso educativo, garantindo a coordinación de todos os membros do equipo docente de cada grupo.

4. No proxecto educativo e nas programacións didácticas fixaranse as estratexias que desenvolverá o profesorado para alcanzar os estándares de aprendizaxe avaliables previstos en cada materia e, de ser o caso, en cada ámbito, así como a adquisición das competencias.

5. A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos/as os/as alumnos/as e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén. Os mecanismos de reforzo, que se deberán pór en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares.

6. Prestarase unha atención especial á adquisición e ao desenvolvemento das competencias, e fomentarase a correcta expresión oral e escrita, e o uso das matemáticas. De acordo co disposto no artigo 24.6 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias.

7. Coa finalidade de promover a comprensión de lectura e de uso da información, dedicarase un tempo á lectura na práctica docente de todas as materias.

8. Promoverase a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula, como recurso metodolóxico eficaz para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.

9. Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Para isto, aproveitaranse as posibilidades que ofrecen as metodoloxías de proxectos, entre outras, así como os recursos e as actividades da biblioteca escolar.

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2

10. Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluirán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos, aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe similares en cada materia lingüística, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

De conformidade co establecido no artigo 26.6 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, estableceranse medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas na ensinanza e avaliación da lingua estranxeira para o alumnado con discapacidade, en especial para aquel que presenta dificultades na súa expresión oral. Estas adaptacións en ningún caso se terán en conta para minorar as cualificacións obtidas.

## CAPÍTULO II
## **Organización**

Artigo 12. *Organización xeral*

A etapa de educación secundaria obrigatoria abrangue dous ciclos, o primeiro con tres cursos escolares, e o segundo con un. Estes catro cursos seguiranse ordinariamente entre os doce e os dezaseis anos de idade.

O segundo ciclo, ou cuarto curso, da educación secundaria obrigatoria terá un carácter fundamentalmente propedéutico.

A etapa de educación secundaria obrigatoria organízase en materias que, á súa vez, se organizan en troncais, específicas e de libre configuración autonómica.

Artigo 13. *Organización do primeiro ciclo de educación secundaria obrigatoria*

1. Os alumnos e alumnas deben cursar as seguintes materias xerais do bloque de materias troncais:

a) Cursos primeiro e segundo:

1º) Bioloxía e Xeoloxía, no primeiro curso.

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2

2º) Física e Química, no segundo curso.

3º) Xeografía e Historia, en ambos os dous cursos.

4º) Lingua Castelá e Literatura, en ambos os dous cursos.

5º) Matemáticas, en ambos os dous cursos.

6º) Primeira Lingua Estranxeira, en ambos os dous cursos.

b) Curso terceiro:

1º) Bioloxía e Xeoloxía.

2º) Física e Química

3º) Xeografía e Historia.

4º) Lingua Castelá e Literatura.

5º) Primeira Lingua Estranxeira.

Ademais, como materia de opción en terceiro curso, no bloque de materias troncais deberán cursar ou ben Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas, ou ben Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas, segundo elección dos pais, das nais, dos/das titores/as legais ou, de ser o caso, dos alumnos e das alumnas.

2. O alumnado debe cursar as seguintes materias do bloque de materias específicas en cada un dos cursos:

a) Educación Física.

b) Relixión, ou Valores Éticos, segundo elección dos pais, das nais, dos/das titores/as legais ou, de ser o caso, dos alumnos ou das alumnas.

c) Ademais das materias indicadas nas alíneas a) e b), o alumnado cursará as seguintes materias do bloque de materias específicas:

1º) Primeiro curso:

A) Educación Plástica, Visual e Audiovisual.

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2

B) Segunda Lingua Estranxeira.

2º) Segundo curso:

A) Música.

B) Tecnoloxía.

C) Segunda Lingua Estranxeira.

3º) Terceiro curso:

A) Música.

B) Tecnoloxía.

C) Educación Plástica, Visual e Audiovisual.

D) Unha materia a elixir entre Segunda Lingua Estranxeira e Cultura Clásica.

3. No bloque de materias de libre configuración autonómica, os alumnos e as alumnas deben cursar a materia de Lingua Galega e Literatura, que terá un tratamento análogo no centro ao da Lingua Castelá e Literatura, de xeito que se garanta a adquisición das correspondentes competencias lingüísticas e a adecuada distribución segundo o establecido no artigo 7 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

A consellería con competencias en materia de educación poderá ofertar outras materias de libre configuración autonómica elixibles polo centros docentes dentro do horario de libre configuración e opcionais para os alumnos e as alumnas.

4. No horario establecido como de libre configuración os centros docentes poderán optar por dedicalo ao afondamento e/ou reforzo dalgunha das materias recollidas neste artigo, por establecer outra ou outras materias que determine o centro docente, segundo o seu proxecto educativo e logo da autorización da consellería con competencias en materia de educación, ou por impartir algunha das materias de libre configuración autonómica elixibles polos centros docentes. En todo caso, respectarase o tratamento análogo das linguas cooficiais e os criterios de equilibrio establecidos no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2

Artigo 14. *Organización do cuarto curso de educación secundaria obrigatoria*

1. Os pais, as nais, os/as titores/as legais ou, de ser o caso, os alumnos e as alumnas poderán escoller cursar o cuarto curso da educación secundaria obrigatoria por unha das dúas seguintes opcións:

a) Opción de ensinanzas académicas para a iniciación ao bacharelato.

b) Opción de ensinanzas aplicadas para a iniciación á formación profesional.

Para estes efectos, non serán vinculantes as opcións cursadas en terceiro curso de educación secundaria obrigatoria.

O alumnado deberá poder lograr os obxectivos da etapa e alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes tanto pola opción de ensinanzas académicas como pola de ensinanzas aplicadas.

2. Na opción de ensinanzas académicas, os alumnos e as alumnas deben cursar as seguintes materias xerais do bloque de materias troncais:

a) Xeografía e Historia.

b) Lingua Castelá e Literatura.

c) Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas.

d) Primeira Lingua Estranxeira.

e) Dúas de entre as seguintes materias de opción do bloque de materias troncais:

1º) Bioloxía e Xeoloxía.

2º) Economía.

3º) Física e Química.

4º) Latín.

3. Na opción de ensinanzas aplicadas, os alumnos e as alumnas deben cursar as seguintes materias xerais do bloque de materias troncais:

a) Xeografía e Historia.

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2

b) Lingua Castelá e Literatura.

c) Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas.

d) Primeira Lingua Estranxeira.

e) Dúas de entre as seguintes materias de opción do bloque de materias troncais:

1º) Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional.

2º) Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial.

3º) Tecnoloxía.

4. Os alumnos e as alumnas deben cursar as seguintes materias do bloque de materias específicas:

a) Educación Física.

b) Relixión, ou Valores Éticos, segundo elección dos pais, das nais, dos/das titores/as legais ou, de ser o caso, dos alumno ou as alumnas.

c) En función da oferta dos centros docentes, dúas materias das seguintes do bloque de materias específicas:

1º) Artes Escénicas e Danza.

2º) Cultura Científica.

3º) Cultura Clásica.

4º) Educación Plástica, Visual e Audiovisual.

5º) Filosofía.

6º) Música.

7º) Segunda Lingua Estranxeira.

8º) Tecnoloxías da Información e da Comunicación.

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2

9º) Unha materia do bloque de materias troncais non cursada polo alumno ou a alumna.

5. No bloque de materias de libre configuración autonómica, os alumnos e as alumnas deben cursar a materia de Lingua Galega e Literatura, que terá un tratamento no centro docente análogo á de Lingua Castelá e Literatura, de xeito que se garanta a adquisición das correspondentes competencias lingüísticas e a adecuada distribución segundo o establecido no artigo 7 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

6. A consellería con competencias en materia de educación e os centros docentes poderán elaborar itinerarios para orientar o alumnado na elección de materias troncais de opción.

7. Só se poderá limitar a elección de materias de opción cando haxa un número insuficiente de alumnos e alumnas segundo os criterios que determine a consellería con competencias en materia de educación.

Artigo 15. *Horario*

O número de sesións lectivas semanais de cada unha das materias da educación secundaria obrigatoria é o que figura no anexo IV deste decreto.

## CAPÍTULO III
## **Orientación e atención á diversidade**

Artigo 16. *Titoría e orientación*

1. A acción titorial e a orientación educativa e profesional terán un papel relevante en cada un dos cursos. Os centros docentes informarán e orientarán o alumnado na elección de materias, específicas e troncais, de opción, tanto para favorecer a consolidación da adquisición das competencias clave como para facilitar a transición ao mundo laboral ou educativo ao finalizar o ensino obrigatorio, así como nos plans de acollemento no centro docente.

2. Cada grupo de alumnos e alumnas contará cun titor ou unha titora, designado/a polo/a director/a do centro docente entre o profesorado que lle imparta docencia ao grupo.

3. O profesorado titor terá a responsabilidade de coordinar o equipo docente que imparta clases nese grupo, no relativo tanto á avaliación como aos procesos de ensino e

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2

aprendizaxe, e manterá unha relación permanente cos pais, coas nais ou cos titores e coas titoras legais, co fin de garantir o exercicio dos dereitos recoñecidos no artigo 4.1.d) e g) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación. Será responsable da orientación en colaboración co Departamento de Orientación.

4. A orientación educativa garantirá ao longo da etapa un axeitado asesoramento ao alumnado para favorecer a súa continuidade no sistema educativo ou, se for o caso, unha orientación profesional. En todo caso, a orientación educativa atenderá ao principio de igualdade entre homes e mulleres.

Artigo 17. *Medidas organizativas e curriculares para a atención á diversidade e á organización flexible das ensinanzas*

1. Correspóndelle á consellería con competencias en materia de educación regular as medidas de atención á diversidade, organizativas e curriculares, incluídas as medidas de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, que permitan aos centros docentes, no exercicio da súa autonomía, unha organización flexible das ensinanzas.

Esta regulación realizarase de acordo co previsto no artigo 16.2 do Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro.

2. Os centros docentes terán autonomía para organizar os grupos e as materias de maneira flexible e para adoptar as medidas de atención á diversidade máis adecuadas ás características do seu alumnado e que permitan o mellor aproveitamento dos recursos de que dispoña. As medidas de atención á diversidade que adopte cada centro docente formarán parte do seu proxecto educativo, de conformidade co que establece o artigo 121.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

3. A escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais en centros docentes ordinarios poderá prolongarse un ano máis, sen menoscabo do disposto no artigo 28.5 da devandita lei orgánica, segundo o cal, o alumno ou a alumna poderán repetir o mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo dentro da etapa. Cando esta segunda repetición deba producirse en terceiro ou cuarto curso, prolongarase un ano o límite de idade ao que se refire o apartado 2 do artigo 4 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio. Excepcionalmente, un alumno ou unha alumna poderán repetir unha segunda vez en cuarto curso, se non repetiron nos cursos anteriores da etapa.

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2

Artigo 18. *Integración de materias en ámbitos de coñecemento*

Coa finalidade de facilitar o tránsito do alumnado entre a educación primaria e o primeiro curso de educación secundaria obrigatoria, a consellería con competencias en materia de educación e, de ser o caso, os centros docentes, poderán agrupar as materias do primeiro curso en ámbitos de coñecemento. Este tipo de agrupación deberá respectar os contidos, os estándares de aprendizaxe avaliables e os criterios de avaliación de todas as materias que se agrupan, así como o horario asignado ao conxunto delas. Esta agrupación terá efectos na organización das ensinanzas, pero non así nas decisións asociadas á avaliación e á promoción.

Artigo 19. *Alumnado que se incorpora de forma tardía ao sistema educativo*

A escolarización do alumnado que se incorpora de forma tardía ao sistema educativo ao que se refire o artigo 78 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, realizarase atendendo ás súas circunstancias, aos seus coñecementos, á súa idade e ao seu historial académico. Cando presente graves carencias na lingua galega e/ou na lingua castelá recibirá unha atención específica, que será, en todo caso, simultánea á súa escolarización nos grupos ordinarios, cos que compartirá o maior tempo posible do horario semanal.

Os alumnos e as alumnas que presenten un desfasamento no seu nivel de competencia curricular de máis de dous anos poderán ser escolarizados/as no curso inferior ao que lles correspondería por idade. Para este alumnado adoptaranse as medidas de reforzo necesarias que faciliten a súa integración escolar e a recuperación do seu desfasamento, e que lle permitan continuar con aproveitamento os estudos. No caso de superar o devandito desfasamento, incorporarase ao curso correspondente á súa idade.

Artigo 20. *Programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento*

1. Os programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento constitúe unha medida de atención á diversidade que se pode desenvolver a partir do segundo curso da educación secundaria obrigatoria, segundo o procedemento establecido pola consellería con competencias en materia de educación.

2. Nos devanditos programas utilizarase unha metodoloxía específica a través da organización de contidos, actividades prácticas e, de ser o caso, de materias diferentes ás establecidas con carácter xeral, coa finalidade de que os alumnos e as alumnas poidan cursar

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2

o cuarto curso pola vía ordinaria e obteñan o título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

1. A consellería con competencias en materia de educación promoverá medidas para que a actividade física e a dieta equilibrada formen parte do comportamento xuvenil.

2. Os centros docentes desenvolverán medidas específicas dentro do seu proxecto educativo, de xeito que se promova a práctica diaria de deporte e exercicio físico por parte dos alumnos e das alumnas durante a xornada escolar, en relación coa promoción dunha vida activa, saudable e autónoma.

3. O deseño, a coordinación e a supervisión das medidas que se adopten serán asumidos polo profesorado coa cualificación ou a especialización adecuada, e de acordo cos recursos dispoñibles.

Disposición adicional primeira. *Adaptación de referencias*

As referencias realizadas pola normativa vixente ás modalidades, ás vías e ás materias de educación secundaria obrigatoria e bacharelato entenderanse realizadas ás modalidades, aos bloques de materias e ás materias correspondentes recollidas neste decreto.

Disposición adicional segunda. *Aprendizaxe de linguas estranxeiras*

1. Na impartición de materias en linguas estranxeiras, os centros docentes aplicarán o disposto no capítulo IV do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüísmo no ensino non universitario de Galicia.

2. Os centros docentes que impartan unha parte das materias do currículo en linguas estranxeiras aplicarán, en todo caso, os criterios para a admisión do alumnado establecidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio. Entre tales criterios non se incluirán requisitos lingüísticos.

3. As linguas galega ou castelá só se utilizarán como apoio no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira. Daráselle prioridade á comprensión e á expresión oral.

4. Procurarase que ao longo da etapa o alumnado adquira a terminoloxía propia das materias nas linguas cooficiais correspondentes e na lingua estranxeira.

5. Estableceranse medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas no ensino e na avaliación da lingua estranxeira para o alumnado con discapacidade, en especial para

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2

o que presente dificultades na súa expresión oral. Estas adaptacións non se terán en conta en ningún caso para minorar as cualificacións obtidas.

Disposición adicional terceira. *Ensinanzas de relixión*

1. As ensinanzas de relixión incluiranse na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato de acordo co establecido nos artigos 13, 14, 30 e 31 deste decreto.

2. As administracións educativas garantirán que, ao inicio do curso, os pais, as nais ou os/as titores legais e, de ser o caso, os/as alumnos/as poidan manifestar a súa vontade de que estes/as reciban ou non ensinanzas de relixión.

3. A determinación do currículo da ensinanza de relixión católica e das diferentes confesións relixiosas coas que o Estado español subscribiu acordos de cooperación en materia educativa será competencia, respectivamente, da xerarquía eclesiástica e das correspondentes autoridades relixiosas.

4. A avaliación da ensinanza da relixión realizarase de acordo co indicado nos artigos 21 e 33 deste decreto.

Disposición adicional cuarta. *Educación de persoas adultas*

1. Por vía regulamentaria poderanse establecer currículos específicos para a educación de persoas adultas que conduzan á obtención dos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharelato.

2. Nos centros docentes públicos ou privados autorizados para impartir ensino a distancia de persoas adultas, as avaliacións finais para a obtención de títulos oficiais previstos neste decreto realizaranse na forma que determine a Administración educativa que autorizara ou ás que estean adscritos os devanditos centros docentes.

3. Se o alumno ou alumna reside fóra da localidade na que o centro docente autorizado estea situado, as avaliacións externas poderanse realizar fóra da devandita localidade, de acordo co establecido por convenio de colaboración entre os centros docentes de educación a distancia de persoas adultas, ou a través doutras formas que garantan o correcto desenvolvemento das probas.

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2

Disposición adicional quinta. *Documentos oficiais de avaliación*

1. Os documentos oficiais de avaliación son: o expediente académico, as actas de avaliación, o informe persoal por traslado, o consello orientador de cada un dos cursos de educación secundaria obrigatoria, e os historiais académicos de educación secundaria obrigatoria e bacharelato. Así mesmo, terán a consideración de documentos oficiais os relativos á avaliación final de educación secundaria obrigatoria e á avaliación final de bacharelato ás que se refiren, respectivamente, os artigos 22 e 34 do presente decreto.

A consellería con competencias en materia de educación establecerá os procedementos oportunos para garantir a autenticidade dos documentos oficiais de avaliación, a integridade dos datos recollidos nestes e a súa supervisión e custodia.

Os documentos oficiais de avaliación serán visados polo/a director/a do centro docente e levarán as sinaturas autógrafas das persoas que corresponda en cada caso. Tamén constará o nome e os apelidos da persoa asinante, así como a referencia ao cargo ou á atribución docente. O historial académico e, de ser o caso, o informe persoal por traslado considéranse documentos básicos para garantir a mobilidade do alumnado por todo o territorio nacional.

Os documentos oficiais de avaliación deberán recoller sempre a norma que regula o currículo correspondente, e cando deban ter efectos fóra do ámbito da comunidade autónoma estarase ao disposto no artigo 36.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Os resultados da avaliación expresaranse na educación secundaria obrigatoria mediante unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, que irá acompañada dos seguintes termos: “insuficiente” (IN), “suficiente” (Su), “ben” (BE), “notable” (NT), “sobresaliente” (SB). Aplicaranse as seguintes correspondencias:

a) Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.

b) Suficiente: 5.

c) Ben: 6.

d) Notable: 7 ou 8.

e) Sobresaliente: 9 ou 10.



XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

En bacharelato, os resultados da avaliación das materias expresaranse mediante cualificacións numéricas de cero a dez sen decimais, e consideraranse negativas as cualificacións inferiores a cinco.

Cando o alumnado non se presente ás probas extraordinarias consignarase “non presentado/a” (NP).

A nota media de cada etapa será a media aritmética das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das materias, redondeada á centésima máis próxima e, no caso de equidistancia, á superior. A situación de “non presentado/a” (NP) equivalerá á cualificación numérica mínima establecida para cada etapa, agás que exista unha cualificación numérica obtida para a mesma materia en proba ordinaria, en cuxo caso se terá en conta esta cualificación.

A consellería con competencias en materia de educación poderá arbitrar procedementos para outorgar unha mención honorífica ou matrícula de honra aos alumnos e ás alumnas que demostren un rendemento académico excelente ao final de cada etapa para a que se outorga ou na avaliación final.

3. As actas de avaliación estenderanse para cada curso e pecharanse ao termo do período lectivo ordinario e na convocatoria das probas extraordinarias.

Abranguerán a relación nominal do alumnado que compón o grupo, xunto cos resultados da avaliación das materias, expresados nos termos dispostos para cada etapa no apartado 2 desta disposición, e as decisións sobre promoción e permanencia.

Nas actas de segundo e posteriores cursos de educación secundaria obrigatoria, e de segundo curso de bacharelato, figurará o alumnado con materias non superadas do curso anterior. En cada un destes cursos estenderanse actas de avaliación de materias pendentes ao termo do período lectivo ordinario e da convocatoria da proba extraordinaria.

Nas actas correspondentes ao cuarto curso de educación secundaria obrigatoria e ao segundo curso de bacharelato, farase constar que o/a alumno/a cumpre as condicións necesarias para poder presentarse á avaliación final da etapa correspondente.

As actas de avaliación serán asinadas por todo o profesorado do grupo en educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e levarán o visto e prace do/da director/a do centro docente. A súa custodia e o seu arquivamento correspóndelles aos centros docentes. A

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2

xestión electrónica destas realizarase, de ser o caso, de acordo co procedemento que se determine.

4. O expediente académico recollerá, xunto cos datos de identificación do centro docente, os do alumno ou da alumna, así como a información relativa ao seu proceso de avaliación. Abrirase no momento de incorporación ao centro docente e recollerá, cando menos, os resultados da avaliación coas cualificacións obtidas, as decisións de promoción de etapa, as medidas de apoio educativo e as adaptacións curriculares adoptadas para o alumno ou alumna.

A custodia e o arquivamento dos expedientes académicos do alumnado correspóndelles aos centros docentes nos que se realizaran os estudos das ensinanzas correspondentes, e a súa cobertura e custodia será supervisada pola Inspección Educativa.

5. A consellería con competencias en materia de educación adoptará as medidas adecuadas para a conservación e o traslado en caso de supresión ou extinción do centro docente.

6. O historial académico de educación secundaria obrigatoria e o historial académico de bacharelato son os documentos oficiais que reflicten os resultados da avaliación e as decisións relativas ao progreso educativo do alumnado na etapa correspondente. Estes documentos estenderanse en impreso oficial, levarán o visto e prace do/da director/a e terán valor acreditativo dos estudos realizados; como mínimo recollerán os datos identificativos do/da estudante, a modalidade ou opción elixida e as materias cursadas en cada ano de escolarización, xunto cos resultados da avaliación obtidos para cada unha delas e a expresión da convocatoria concreta (ordinaria ou extraordinaria), as decisións sobre promoción e permanencia, a nota media da etapa, a información relativa aos cambios de centro docente, as medidas curriculares e organizativas aplicadas, e as datas en que se produciu cada feito.

Así mesmo, con respecto á avaliación final de etapa deberán consignarse, para cada modalidade ou opción superada polo alumno ou a alumna, a cualificación numérica obtida en cada unha das materias, así como a nota obtida na avaliación final e a cualificación final da etapa resultante para a devandita modalidade.

No caso do historial da educación secundaria obrigatoria, incluiranse ademais as conclusións dos consellos orientadores.

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2

Cando o alumno ou a alumna se traslade a outro centro docente para proseguiren os seus estudos, o centro docente de orixe remitirá ao de destino, por petición deste, o historial académico da etapa correspondente e o informe persoal por traslado, de ser o caso. O centro docente receptor abrirá o correspondente expediente académico. A matriculación adquirirá carácter definitivo logo de recibido o historial académico. O informe persoal por traslado conterá os resultados das avaliacións parciais que se realizaran, a aplicación, de ser o caso, de medidas curriculares e organizativas, e todas as observacións que se consideren oportunas relativas ao progreso xeral do/da estudante.

O historial académico correspondente a cada unha das ensinanzas entregaráselle ao alumnado cando remate esta e, en calquera caso, ao finalizar a súa escolarización na ensinanza en réxime ordinario. Esta circunstancia reflectirase no correspondente expediente académico.

7. O informe persoal por traslado servirá para garantir a continuidade do proceso de aprendizaxe de quen se traslade a outro centro docente sen concluír o curso na educación secundaria obrigatoria ou no bacharelato. Conterá os resultados das avaliacións parciais que se realizaran, a aplicación, de ser o caso, de medidas curriculares e organizativas, e todas as observacións que se consideren oportunas sobre o progreso xeral do/da alumno/a.

O informe persoal por traslado elaborarao e asinarao o/a titor/a, co visto e prace do/da director/a, a partir dos datos facilitados polo profesorado das áreas, das materias ou dos ámbitos.

8. No referente á obtención dos datos persoais do alumnado, á súa cesión duns centros docentes a outros, e á súa seguridade e confidencialidade, estarase ao disposto na lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal e, en todo caso, ao establecido na disposición adicional vixésima terceira da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

9. Os documentos oficiais de avaliación e os seus procedementos de validación descritos nos apartados anteriores poderán ser substituídos polos seus equivalentes realizados por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, sempre que quede garantida a súa autenticidade, a súa integridade e a súa conservación, e se cumpran as garantías e os requisitos establecidos pola Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, pola Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico da cidadanía aos servizos públicos, e pola normativa que as desenvolve.

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2

O expediente electrónico estará constituído, cando menos, polos datos contidos nos documentos oficiais de avaliación, e cumprirá o establecido no Real decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración electrónica.

Disposición adicional sexta. *Calendario escolar*

1. O calendario escolar, que fixará anualmente a consellería con competencias en materia de educación, abranguerá un mínimo de 175 días lectivos para as ensinanzas obrigatorias.

2. En calquera caso, no cómputo do calendario escolar incluiranse os días dedicados ás avaliacións previstas nos artigos 22 e 34.

Disposición adicional sétima. *Bacharelatos específicos*

1. De acordo cos criterios que se establezan para unha correcta planificación da oferta educativa, a consellería con competencias en materia de educación favorecerá a implantación daqueles programas de cáracter internacional que permitan obter os títulos e diplomas dos estados membros da Unión Europea, ou daqueles estados cos que se teñan subscrito acordos internacionais, que sexan equivalentes ao bacharelato.

2. A consellería con competencias en materia de educación poderá autorizar, en atención á adecuada planificación e programación da oferta educativa, proxectos curriculares específicos e singulares dos centros docentes en base a un proxecto educativo de calidade que se oriente cara a súa especialización nalgún ámbito, como pode ser: a excelencia, a formación docente, a atención de alumnado con necesidade específica de apoio educativo ou actuacións tendentes á especialización curricular, entre outros.

Disposición derrogatoria única. *Derrogación normativa*

A partir da total implantación das modificacións indicadas na disposición derradeira primeira, quedarán derrogadas as seguintes normas:

a) Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2

b) Decreto 126/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Así mesmo, quedarán derrogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste decreto.

Disposición derradeira primeira. *Calendario de implantación*

1. As modificacións introducidas no currículo, na organización, nos obxectivos, nos requisitos para a obtención de certificados e títulos, nos programas, na promoción e nas avaliacións da educación secundaria obrigatoria implantaranse para os cursos primeiro e terceiro no curso escolar 2015-2016, e para os cursos segundo e cuarto no curso escolar 2016-2017.

A avaliación final da educación secundaria obrigatoria correspondente á convocatoria que se realice no ano 2017 non terá efectos académicos. Nese curso escolar só se realizará unha única convocatoria.

2. As modificacións introducidas no currículo, na organización, nos obxectivos, nos requisitos para a obtención de certificados e títulos, nos programas, na promoción e nas avaliacións de bacharelato implantaranse para o primeiro curso no curso escolar 2015-2016, e para o segundo curso no curso escolar 2016-2017.

A avaliación final de bacharelato correspondente ás dúas convocatorias que se realicen no ano 2017 terase en conta unicamente para o acceso á universidade, pero a súa superación non será necesaria para obter o título de bacharelato. Tamén se terá en conta para a obtención do título de bacharelato polos alumnos e as alumnas que estean en posesión dun título de técnico de grao medio ou superior de formación profesional ou das ensinanzas profesionais de música ou de danza, de conformidade, respectivamente, cos artigos 44.4 e 50.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento normativo*

Facúltase a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para ditar cantas disposicións sexan precisas, no ámbito das súas competencias, para a execución e o desenvolvemento deste decreto.

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte e cinco de xuño de dous mil quince

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



# Anexos

## Anexo I. Bloque de materias troncais

### Artes Escénicas

#### Introdución

As artes escénicas constitúen manifestacións artísticas e socioculturais que se caracterizan tanto polos procesos comunicativos singulares que promoven como polo feito de se materializaren na escena a través da integración e da síntese doutras expresións artísticas, desde as literarias ata as plásticas.

A teatralidade, elemento diferencial do feito escénico, presenta múltiples formas. Manifèstase nunha danza popular, nunha comedia rural ou nas propostas máis novas de presentación escénica, sen esquecer outras manifestacións de carácter tradicional que aínda hoxe se celebran en multitude de comunidades como, por exemplo, as festas populares, onde se fai uso, implicitamente ou explicitamente, de recursos e instrumentos expresivos típicos do drama.

A expresión teatral, característica singular e diferencial das artes escénicas, enténdese como unha manifestación humana de carácter cultural e artístico, na que se produce un acto comunicativo entre un/unha actor/actriz e un/unha espectador/a, considerando que estes termos se poden aplicar a unha gama variada de suxeitos, sen os circunscribir necesariamente ao espazo dunha sala de teatro. A expresión teatral ten a súa xénese e o seu fundamento na expresión dramática, aquel tipo de conduta en que os seres humanos, no seu comportamento cotián, fan uso do xogo de papeis nos seus procesos de expresión e comunicación.

A materia Artes Escénicas pretende ofrecerlle ao alumnado un amplo repertorio de coñecementos, aptitudes e destrezas propios das artes escénicas, manifestacións de natureza social, cultural e artística posuidoras de códigos específicos e significativamente diferenciadores, con posibilidades de sinerxías co resto das expresións da arte.

Como materia do nivel de ensino de bacharelato, a dicotomía entre teoría e práctica debe manter un equilibrio ao longo de todo o curso.

Os alumnos e as alumnas, ademais dos contidos puramente teóricos, poderán desenvolver competencias comunicativas, sociais, expresivas, creativas e relacionadas coa resolución de problemas e a autonomía persoal, estimulando a súa interacción co medio e garantindo, por tanto, o logro de fins formativos e propedéuticos asignados a esta etapa. Ao entender a dimensión integral das artes escénicas, os alumnos e as alumnas serán capaces de relacionar estas artes coas demais.

Ademais, o alumnado que cursa esta materia aprende a expresar, comunicar e recibir pensamentos, emocións, sentimentos e ideas, propios e alleos, mediante o uso das máis variadas técnicas e destrezas inherentes ás artes escénicas.

Os contidos da materia articúlanse en torno a dous eixes de actuación: por unha banda, potenciar a formación integral do individuo; por outra, incidir na súa formación humanista e artística a través da apropiación dun coñecemento amplo das artes escénicas, como son o teatro, o circo, a danza, a ópera e outras de creación máis recente, como a performance, consideradas desde diferentes perspectivas e partindo da vivencia e experiencia de conceptos e situacións. A materia Artes Escénicas concibiuse en torno a cinco grandes bloques:

O primeiro bloque ("As artes escénicas e o seu contexto histórico"), permite o descubrimento das artes escénicas desde un punto de vista histórico (tanto diacronicamente como sincronicamente) e xeográfico, ao mesmo tempo que lle proporciona un panorama xeral das artes escénicas tanto nos elementos comúns como nas diferenzas significativas.

O segundo bloque ("A expresión e a comunicación escénica") oriéntase ao desenvolvemento das capacidades expresivas e creativas, por medio dun conxunto de actividades cunha dimensión fundamentalmente práctica que permitan a exploración, a análise e a utilización de diferentes sistemas, medios e códigos de significación escénica.

O terceiro bloque ("A interpretación nas artes escénicas") ocúpase das destrezas, as capacidades e as habilidades expresivas e creativas, coa finalidade de abordar a recreación e a representación da acción dramática a partir dos máis variados estímulos, en proxectos de traballo orientados á construción de escenas que amosen todos os tipos de personaxes, situacións e conflitos.

O cuarto bloque ("A representación e a escenificación") ten carácter integrador. O estudo práctico das tipoloxías de espectáculo e dos procesos de comentario, a análise e a adaptación de textos dramáticos e non dramáticos e dos procedementos de dramaturxia culmínase coa realización dun proxecto global de posta en escena dun espectáculo concreto, establecendo e estruturando os elementos de significación que se vaian utilizar e as relacións entre estes. Tamén require a organización e a planificación dos ensaios e a distribución de tarefas aos equipos de traballo.

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



Trátase, xa que logo, de exemplificar con casos concretos o camiño que leva do texto ao espectáculo e o papel que deberán cumprir os/as integrantes da nómina teatral, as súas funcións e as súas responsabilidades.

Para rematar, o quinto bloque ("A recepción de espectáculos escénicos") oriéntase ao desenvolvemento de competencias en análise, interpretación e comentario de espectáculos escénicos. Partindo do concepto de público e en función da forte dimensión social e colectiva da recepción teatral, abordarase o estudo dos instrumentos e das estratexias analíticas propias do proceso de recepción a partir de casos prácticos que permitan o desenvolvemento de debates e a confrontación de opinións, coa finalidade de potenciar unha lectura reflexiva e crítica do acontecer artístico e cultural, realizada con rigor e coherencia.

Con isto poténciase por igual o saber, o saber facer e o saber ser, utilizando para iso un amplo corpus de coñecementos, técnicas, recursos e actividades que inciden favorablemente na adquisición dun amplo capital cultural e dunha cultura escénica suficiente.

Ao mesmo tempo, a través das modalidades de expresión escénica pódese recrear calquera tipo de problemas, situacións e conflitos. A análise e a elaboración de discursos, sexan artísticos, ideolóxicos, sociais ou doutro tipo, permite afondar nun coñecemento reflexivo do mundo e nunha relación dinámica e crítica co contorno, favorecendo a autonomía persoal e a transición á vida adulta, así como na capacidade de discriminación entre o susceptible de mantemento no tempo e o pasaxeiro. Nesa dirección, faise necesario incidir no feito de que a materia se orienta ao desenvolvemento do potencial expresivo e creativo do alumnado, á promoción dun coñecemento diverso das artes escénicas, para acabar formando persoas autónomas, tolerantes, participativas, solidarias, creativas e cunha sólida cultura artística. Como todas as disciplinas artísticas, o seu estudo mellora as capacidades do/da estudante que as cursa, potenciando a súa creatividade e a súa capacidade de tomar decisións de xeito global, desenvolvendo áreas de pensamento diferentes ás puramente racionais e mellorando a expresión e a comunicación a todos os niveis.

Finalmente, persegue que o alumnado valore positivamente as artes escénicas como unha forma de lecer, tanto na recepción como na creación, ou como unha vía futura de especialización profesional.

2º de bacharelato

| | Artes Escénicas. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Artes Escénicas. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. As artes escénicas e o seu contexto histórico | | | |
| ▪ b<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B1.1. Concepto e tipoloxía das artes escénicas: teatro, danza, ópera e performance.<br>▪ B1.2. Elementos comúns ás artes escénicas: dramaticidade e teatralidade.<br>▪ B1.3. Natureza, descrición e clasificación dos códigos de significación escénica | ▪ B1.1. Demostrar un coñecemento sólido e crítico dos conceptos fundamentais das artes escénicas. | ▪ AEB1.1.1. Coñece e valora a xénese e a evolución histórica das modalidades de espectáculo escénico. | ▪ CCEC |
| ▪ m<br>▪ n<br>▪ i | ▪ B1.4. As artes escénicas e as súas grandes tradicións: Oriente e Occidente.<br>▪ B1.5. As artes escénicas e a súa historia: momentos de cambio e transformación. | ▪ B1.2. Identificar, comprender e explicar as características fundamentais das formas da representación e o espectáculo escénico, nunha perspectiva histórica. | ▪ AEB1.2.1. Identifica os tipos de espectáculo escénico presentes no contorno en función das súas características. | ▪ CCEC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ AEB1.2.2. Explica, utilizando un vocabulario específico e adecuado, as características das formas de representación. | ▪ CD<br>▪ CCL |
| | | | ▪ AEB1 2.3. Recoñece e sitúa no tempo e no estilo os espectáculos vistos na aula. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ h | ▪ B1.2. Elementos comúns ás artes escénicas: dramaticidade e teatralidade.<br>▪ B1.3. Natureza, descrición e clasificación dos códigos de significación escénica | ▪ B1.3. Identificar, valorar e saber utilizar os estilos escénicos e os paradigmas interpretativos. | ▪ AEB1 3.1. Utiliza diferentes formas de crear mundos dramáticos en función de criterios estéticos e artísticos. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ AEB1 3.2. Aplica os recursos expresivos dispoñibles para a construción de personaxes. | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| | Bloque 2. A expresión e a comunicación escénica | | | |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Artes Escénicas. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ n<br>▪ i<br>▪ e | ▪ B2.1. Exploración e desenvolvemento harmónico dos instrumentos do/da intérprete: expresión corporal, xestual, oral e rítmico-musical.<br>▪ B2.2. Exploración dos elementos na expresión: personaxe, situación, acción e conflito.<br>▪ B2.3. Exploración e desenvolvemento de procesos: análise, caracterización e construción do personaxe.<br>▪ B2.4. Exploración e desenvolvemento de técnicas: xogo dramático, improvisación, dramatización e creación colectiva.<br>▪ B2.5. Análise e control de recursos literarios e outros materiais | ▪ B2.1. Demostrar as capacidades expresivas e creativas necesarias para a recreación da acción dramática e dos elementos que a configuran. | ▪ AEB2.1.1. Desenvolve as súas capacidades expresivas e creativas. | ▪ CCEC<br>▪ CSC |
| | | | ▪ AEB2.1.2. Demostra implicación na mellora das súas capacidades a través do traballo individual e colectivo. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B2.1. Exploración e desenvolvemento harmónico dos instrumentos do/da intérprete: expresión corporal, xestual, oral e rítmico-musical.<br>▪ B2.2. Exploración dos elementos na expresión: personaxe, situación, acción e conflito.<br>▪ B2.3. Exploración e desenvolvemento de procesos: análise, caracterización e construción do personaxe.<br>▪ B2.4. Exploración e desenvolvemento de técnicas: xogo dramático, improvisación, dramatización e creación colectiva. | ▪ B2.2. Interpretar pezas nas que se valoren as destrezas e as habilidades adquiridas. | ▪ AEB2.2.1. Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ AEB2.2.2. Colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades. | ▪ CSC |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Artes Escénicas. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ m<br>▪ n<br>▪ l<br>▪ c | ▪ B2.5. Análise do rol e do personaxe: da conduta dramática á conduta teatral.<br>▪ B2.6. Estudo da escena como espazo significante.<br>▪ B2.7. Exploración e desenvolvemento de recursos plásticos: deseño da escena, indumentaria, maquillaxe, iluminación e recursos sonoros. | ▪ B2.3. Coñecer e utilizar diferentes técnicas para a recreación da acción dramática, o deseño de personaxes e a configuración de situacións e escenas. | ▪ AEB2.3.1. Constrúe personaxes e sitúaos en todos os tipos de situacións, desenvolvendo as accións propias destes. | ▪ CCEC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ AEB2.3.2. Manexa con propiedade todos os conceptos referidos aos elementos que interveñen na expresión e na comunicación escénica. | ▪ CAA<br>▪ CD |
| | Bloque 3. A interpretación nas artes escénicas | | | |
| ▪ l<br>▪ g | ▪ B3.1. Presentación e estudo das teorías da interpretación. | ▪ B3.1. Investigar sobre as teorías de interpretación. | ▪ AEB3.1.1. Coñece e explica razoadamente as teorías da interpretación. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ m<br>▪ n<br>▪ d | ▪ B3.2. Análise do personaxe a partir da situación, a acción, o conflito, os seus obxectivos e as súas funcións.<br>▪ B3.3. A partitura interpretativa e a súa execución | ▪ B3.2. Amosar motivación, interese e capacidade para o traballo en grupo e para a asunción de tarefas e responsabilidades en proxectos colectivos. | ▪ AEB3.2.1. Manexa fontes de documentación en procesos básicos de indagación e investigación. Valora a implicación no traballo diario da aula e a participación activa nas actividades e nas tarefas implícitas nos procesos de aprendizaxe. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ h<br>▪ b | ▪ B3.2. Análise do personaxe a partir da situación, a acción, o conflito, os seus obxectivos e as súas funcións.<br>▪ B3.3. A partitura interpretativa e a súa execución. | ▪ B3.3. Desenvolver destrezas, capacidades e habilidades expresivas e creativas coa finalidade de abordar a recreación e a representación da acción dramática. | ▪ AEB3.3.1. Amosa interese polo desenvolvemento das súas propias capacidades interpretativas e expresivas. | ▪ CSIEE |
| | Bloque 4. A representación e a escenificación | | | |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| Artes Escénicas. 2º de bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ i | ▪ B4.1. O espectáculo escénico: concepto e características de cada arte escénica (teatro, danza, ópera, etc.).<br>▪ B4.2. Tipoloxías básicas do espectáculo escénico: clásico, de vangarda, corporal, occidental, oriental, de obxectos, musical, de interior e de rúa.<br>▪ B4.3. Outras formas de presentación escénica: happening, performance, vídeo-teatro e teatro-danza.<br>▪ B4.4. Deseño dun espectáculo: equipos, fases e áreas de traballo.<br>▪ B4.5. A dramaturxia no deseño dun proxecto escénico.<br>▪ B4.6. Produción e realización dun proxecto de creación escénica.<br>▪ B4.7. Dirección de escena de proxectos escénicos.<br>▪ B4.8. Ensaios: tipoloxía, finalidades e organización.<br>▪ B4.9. Exhibición e distribución de produtos escénicos.<br>▪ B4.10. A coreografía na creación dun proxecto escénico. | ▪ B4.1. Participar no deseño e na realización de proxectos de creación e difusión escénica, asumindo diferentes roles. | ▪ AEB4.1.1. Valora a implicación na creación e na exhibición de espectáculos escénicos, asumindo e realizando as tarefas do rol que en cada caso deba desempeñar. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CSC |
| ▪ i<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B4.1. O espectáculo escénico: concepto e características de cada arte escénica (teatro, danza, ópera, etc.).<br>▪ B4.2: Tipoloxías básicas do espectáculo escénico: clásico, de vangarda, corporal, occidental, oriental, de | ▪ B4.2. Coñecer e comprender os procesos e as fases presentes nun proxecto de escenificación, identificando e valorando as tarefas e as responsabilidades de cada creador/a individual. | ▪ AEB4.2.1. Participa activamente no deseño e na realización dun proxecto escénico.<br>▪ | ▪ CSIEE |
| | | | ▪ AEB4.2.2. Identifica con precisión os diferentes roles e as activida- | ▪ CAA<br>▪ CCEC |

| | Artes Escénicas. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | obxectos, musical, de interior e de rúa.<br>▪ B4.3. Outras formas de presentación escénica: happening, performance, vídeo-teatro e teatro-danza.<br>▪ B4.4. Deseño dun espectáculo: equipos, fases e áreas de traballo.<br>▪ B4.5. A dramaturxia no deseño dun proxecto escénico.<br>▪ B4.6. Produción e realización dun proxecto de creación escénica.<br>▪ B4.7. Dirección de escena de proxectos escénicos.<br>▪ B4.8. Ensaios: tipoloxía, finalidades e organización.<br>▪ B4.9. Exhibición e distribución de produtos escénicos.<br>▪ B4.10. A coreografía na creación dun proxecto escénico. | | des e tarefas propias de cada rol. | |
| ▪ g<br>▪ l<br>▪ n<br>▪ c | ▪ B4.1. O espectáculo escénico: concepto e características de cada arte escénica (teatro, danza, ópera, etc.).<br>▪ B4.2. Tipoloxías básicas do espectáculo escénico: clásico, de vangarda, corporal, occidental, oriental, de obxectos, musical, de interior e de rúa.<br>▪ B4.3. Outras formas de presentación escénica: happening, performance, vídeo-teatro e teatro-danza.<br>▪ B4.4. Deseño dun espectáculo: | ▪ B4.3. Organizar e planificar os ensaios e a distribución de tarefas aos equipos de traballo. | ▪ AEB4.3.1. Asume o papel que debe cumprir como integrante da nómina teatral e desempeña de xeito responsable as súas funcións. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Artes Escénicas. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | equipos, fases e áreas de traballo.<br>▪ B4.5. A dramaturxia no deseño dun proxecto escénico.<br>▪ B4.6. Produción e realización dun proxecto de creación escénica.<br>▪ B4.7. Dirección de escena de proxectos escénicos.<br>▪ B4.8. Ensaios: tipoloxía, finalidades e organización, finalidades e organización.<br>▪ B4.9. Exhibición e distribución de produtos escénicos.<br>▪ B4.10. A coreografía na creación dun proxecto escénico. | | | |
| | Bloque 5. A recepción de espectáculos escénicos | | | |
| ▪ l<br>▪ d<br>▪ h | ▪ B5.1. O público: concepto e tipoloxías.<br>▪ B5.2. Aspectos básicos do proceso de recepción.<br>▪ B5.3. Análise dos espectáculos escénicos.<br>▪ B5.4. A crítica escénica nos seus aspectos básicos. | ▪ B5.1. Analizar e comentar, con actitude reflexiva e espírito crítico, calquera tipo de textos dramáticos e espectáculos teatrais, identificando e valorando as súas características singulares e os seus presupostos artísticos. | ▪ AEB5.1.1. Identifica e reflexiona con espírito crítico sobre as características e os presupostos de textos dramáticos e espectáculos teatrais. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ AEB5.1.2. Realiza críticas escénicas, con rigor e solidez, utilizando a terminoloxía adecuada. | ▪ CCEC<br>▪ CSC |
| | | | ▪ AEB5.1.3. Consulta as fontes de información adecuadas para a elaboración dos traballos encomendados. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ a<br>▪ m<br>▪ p | ▪ B5.1. O público: concepto e tipoloxías.<br>▪ B5.2. Aspectos básicos do proceso de recepción.<br>▪ B5.3. Análise dos espectáculos escénicos. | ▪ B5.2. Coñecer o concepto de público, e realizar unha lectura reflexiva e crítica do acontecer artístico e cultural, con rigor e coherencia. | ▪ AEB5.2.1. Coñece e describe o concepto de público, e afonda no proceso de recepción. | ▪ CAA |
| | | | ▪ AEB5.2.2. Comprende a complexidade do fenómeno artístico, extrae conclusións propias e reelabora os coñecementos adquiridos na | ▪ CCEC |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2

| | Artes Escénicas. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | ▪ B5.4. A crítica escénica nos seus aspectos básicos. | | materia | |
| ▪ b<br>▪ l<br>▪ p | ▪ B5.1. O público: concepto e tipoloxías.<br>▪ B5.2. Aspectos básicos do proceso de recepción.<br>▪ B5.3. Análise dos espectáculos escénicos.<br>▪ B5.4. A crítica escénica nos seus aspectos básicos. | ▪ B5.3. Analizar os procesos de creación e difusión escénica en Galicia. | ▪ ADB5.3.1. Coñece, identifica e valora a oferta cultural en materia de artes escénicas nunha cidade ou comarca. | ▪ CCEC<br>▪ CAA |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



## Bioloxía e Xeoloxía

### Introdución

A materia de Bioloxía e Xeoloxía, tanto na etapa da educación secundaria obrigatoria como no bacharelato, debe contribuír a que o alumnado desenvolva as competencias clave de cada etapa educativa, pondo especial atención na adquisición da competencia científica en todas as súas dimensións. Non se trata, pois, unicamente de adquirir coñecementos relacionados coa bioloxía e a xeoloxía, senón de que o alumnado aprenda a observar e a reflexionar sobre situacións reais, recoller datos, tomar decisións, ter curiosidade, iniciativa, motivación e moitos outros aspectos que o leven a un mellor desenvolvemento do seu contorno e a un mellor benestar social. A bioloxía e a xeoloxía deberán tamén contribuír a que as persoas melloren a súa autoestima e a superar prexuízos, respectar diferenzas e participar na toma de decisións democráticas a todos os niveis, mediante o uso do diálogo e respectando a diversidade cultural.

Durante estas etapas perséguese asentar as competencias xa adquiridas, para ir mellorando un nivel competencial que conduza o alumnado a non perder o interese que ten desde o comezo da súa temperá actividade escolar por non deixar de aprender.

Durante o primeiro ciclo da ESO, o eixe vertebrador da materia xirará en torno aos seres vivos e a súa interacción coa Terra, incidindo nomeadamente na importancia que a conservación do ambiente ten para todos os seres vivos. Tamén durante este ciclo, a materia ten como núcleo central a saúde e a súa promoción. O principal obxectivo é que o alumnado adquira as capacidades e as competencias que lle permitan coidar o seu corpo a nivel tanto físico como mental, así como valorar e ter unha actuación crítica ante a información e ante actitudes sociais que poidan repercutir negativamente no seu desenvolvemento físico, social e psicolóxico. Preténdese tamén que os alumnos e as alumnas entendan e valoren a importancia de preservar o ambiente polas repercusións que ten sobre a súa saúde. Así mesmo, deben aprender a ser responsables das súas decisións diarias e das consecuencias que estas teñen na súa saúde e no contorno, e comprender o valor que a investigación ten nos avances médicos e no impacto da calidade de vida das persoas.

Neste primeiro ciclo, o bloque "Habilidades, destrezas e estratexias. Metodoloxía científica" e o bloque “Proxecto de investigación" son comúns a primeiro e a terceiro de ESO. Dado que a bioloxía e xeoloxía son disciplinas de carácter científico, debemos ter sempre eses bloques como marco de referencia no desenvolvemento do currículo. Non se trata, por tanto, de bloques illados e independentes dos demais, senón que están implícitos en cada un de-

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



les e son a base para a súa concreción.

En Bioloxía e Xeoloxía de primeiro de ESO, o currículo parte do mundo macroscópico, máis concreto, observable e identificable polo alumnado (como a Terra no Universo, a biodiversidade no planeta Terra e os ecosistemas), para se achegar en terceiro de ESO a un nivel máis abstracto (estudo microscópico da célula, o ser humano e a saúde, o relevo terrestre e a súa evolución).

Finalmente, en cuarto curso de ESO iníciase o alumnado nas grandes teorías que permitiron o desenvolvemento máis actual desta ciencia (a tectónica de placas, a teoría celular e a teoría da evolución), para finalizar co estudo dos ecosistemas, as relacións tróficas entre os niveis e a interacción dos organismos entre eles e co medio, así como a súa repercusión na dinámica e na evolución dos devanditos ecosistemas.

No bacharelato, a materia de Bioloxía e Xeoloxía afonda nas competencias adquiridas en ESO, analizando con maior detalle a organización dos seres vivos, a súa biodiversidade, a súa distribución e os factores que nela inflúen, así como o comportamento da Terra como un planeta en continua actividade.

A xeoloxía toma como fío condutor a teoría da tectónica de placas. A partir dela farase énfase na composición, na estrutura e na dinámica do interior terrestre, para continuar coa análise dos movementos das placas e as súas consecuencias (expansión oceánica, relevo terrestre, magmatismo, riscos xeolóxicos, etc.) e finalizar co estudo da xeoloxía externa.

A bioloxía preséntase co estudo dos niveis de organización dos seres vivos (composición química, organización celular e estudo dos tecidos animais e vexetais). Tamén se desenvolve e completa nesta etapa o estudo da clasificación e a organización dos seres vivos, e moi en especial desde o punto de vista do seu funcionamento e da adaptación ao medio en que habitan.

Ao longo das etapas de ESO e bacharelato, a materia de Bioloxía e Xeoloxía permitirá ao alumnado desenvolver as competencias esenciais que se inclúen no currículo, así como as estratexias do método científico. Entre estas competencias haberá que considerar a lingüística e a dixital, a través da realización de tarefas en grupo que supoñan compilar e organizar información, expola de xeito oral e escrito, elaborar presentacións e defender as opinións propias en debates na aula. Os alumnos e as alumnas deberán desenvolver tamén nesta etapa a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a argumentación en público e a comunicación audiovisual; e igualmente deberán potenciar actitudes conducentes á reflexión e á análise sobre os grandes avances científicos da actualidade, as súas vantaxes e as implicacións éticas que en ocasións se suscitan, e coñecer e utilizar as normas básicas de seguridade e uso do material de laboratorio.

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



En adición ao anterior e debido aos grandes retos biotecnolóxicos actuais, a materia de Bioloxía e Xeoloxía deberá ter, no seu tratamento metodolóxico, un carácter eminentemente práctico, baseado na realización de variadas e adecuadas tarefas experimentais, adaptadas a cada nivel, que permitan ao alumnado alcanzar as destrezas necesarias no manexo de material de laboratorio, microscopios, material de campo, recollida de mostras, resolución de problemas e todos os que lle permitan afrontar no futuro estudos científicos coa formación necesaria para o seu correcto desenvolvemento. Para alcanzar estes obxectivos ao longo do currículo preséntanse actividades de laboratorio e manexo de modelos baseados nas novas tecnoloxías, que se engaden á formación teórica que se recolle nos contidos.

Xa que logo, a materia de Bioloxía e Xeoloxía en ESO e en bacharelato ha permitir que os alumnos e as alumnas adquiran un nivel competencial que lles axude a ser cidadáns e cidadás con respecto por si mesmos/as, coas demais persoas e co medio, co material que utilizan ou que está ao seu dispor; a ser responsables, capaces de ter criterios propios e de manter o interese por aprender e descubrir.

## 1º de ESO

| | Bioloxía e Xeoloxía. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Habilidades, destrezas e estratexias. Metodoloxía científica | | | |
| ▪ h<br>▪ o | ▪ B1.1. O vocabulario científico na expresión oral e escrita. | ▪ B1.1. Utilizar adecuadamente o vocabulario científico nun contexto preciso e adecuado ao seu nivel. | ▪ BXB1.1.1. Identifica os termos máis frecuentes do vocabulario científico, e exprésase de xeito correcto tanto oralmente como por escrito. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m | ▪ B1.2. Metodoloxía científica: características básicas.<br>▪ B1.3. Experimentación en bioloxía e xeoloxía: obtención, selección e interpretación de información de carácter científico a partir da selección e a recollida de mostras do medio natu- | ▪ B1.2. Procurar, seleccionar e interpretar a información de carácter científico, e utilizala para formar unha opinión propia, expresarse con precisión e argumentar sobre problemas relacionados co medio natural e a saúde. | ▪ BXB1.2.1. Procura, selecciona e interpreta a información de carácter científico a partir da utilización de diversas fontes. | ▪ CD<br>▪ CAA |
| | | | ▪ BXB1.2.2. Transmite a información seleccionada de xeito preciso, utilizando diversos soportes. | ▪ CD<br>▪ CCL |

| | Bioloxía e Xeoloxía. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ o | ral ou doutras fontes. | | ▪ BXB1.2.3. Utiliza a información de carácter científico para formar unha opinión propia e argumentar sobre problemas relacionados. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B1.4. Planificación e realización do traballo experimental, e interpretación dos seus resultados.<br>▪ B1.5. Normas de seguridade no laboratorio, e coidado dos instrumentos e do material. | ▪ B1.3. Realizar un traballo experimental coa axuda dun guión de prácticas de laboratorio ou de campo, describir a súa execución e interpretar os seus resultados. | ▪ BXB1.3.1. Coñece e respecta as normas de seguridade no laboratorio, e coida os instrumentos e o material empregado. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ BXB1.3.2. Desenvolve con autonomía a planificación do traballo experimental, utilizando tanto instrumentos ópticos de recoñecemento como material básico de laboratorio, argumenta o proceso experimental seguido, describe as súas observacións e interpreta os seus resultados. | ▪ CSIEE<br>▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| | Bloque 2. A Terra no universo | | | |
| ▪ f | ▪ B2.1. Principais modelos sobre a orixe do Universo. | ▪ B2.1. Recoñecer as ideas principais sobre a orixe do Universo, e a formación e a evolución das galaxias. | ▪ BXB2.1.1. Identifica as ideas principais sobre a orixe do universo. | ▪ CMCCT |
| ▪ f<br>▪ l | ▪ B2.2. Compoñentes do Universo.<br>▪ B2.3. Características do Sistema Solar e dos seus compoñentes.<br>▪ B2.4. Concepcións sobre o Sistema Solar ao longo da historia. | ▪ B2.2. Expor a organización do Universo e do Sistema Solar, así como algunhas das concepcións que sobre este sistema planetario se tiveron ao longo da historia. | ▪ BXB2.2.1. Recoñece os compoñentes do Universo e do Sistema Solar, e describe as súas características xerais. | ▪ CMCCT |
| ▪ f | ▪ B2.5. Os planetas no Sistema Solar. | ▪ B2.3. Relacionar comparativamente a posición dun planeta no sistema solar coas súas características. | ▪ BXB2.3.1. Precisa as características que se dan no planeta Terra que permiten o desenvolvemento da vida nel, e que non se dan nos outros planetas. | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Bioloxía e Xeoloxía. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ f | ▪ B2.6. O planeta Terra: características. | ▪ B2.4. Localizar a posición da Terra no Sistema Solar. | ▪ BXB2.4.1. Identifica a posición da Terra no Sistema Solar. | ▪ CMCCT |
| ▪ f | ▪ B2.7. Os movementos da Terra, da Lúa e do Sol, e as súas consecuencias. | ▪ B2.5. Establecer os movementos da Terra, da Lúa e do Sol, e relacionalos coa existencia do día e a noite, as estacións, as mareas e as eclipses. | ▪ BXB2.5.1. Categoriza os fenómenos principais relacionados co movemento e a posición dos astros, e deduce a súa importancia para a vida. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ BXB2.5.2. Interpreta correctamente en gráficos e esquemas fenómenos como as fases lunares e as eclipses, e establece a súa relación coa posición relativa da Terra, a Lúa e o Sol. | ▪ CMCCT |
| ▪ f | ▪ B2.8. A xeosfera: estrutura e composición da codia, o manto e o núcleo. | ▪ B2.6. Identificar os materiais terrestres segundo a súa abundancia e a distribución nas grandes capas da Terra. | ▪ BXB2.6.1. Describe as características xerais dos materiais máis frecuentes nas zonas externas do planeta e xustifica a súa distribución en capas en función da súa densidade. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ BXB2.6.2. Describe as características xerais da codia, o manto e o núcleo terrestre, e os materiais que os compoñen, e relaciona esas características coa súa situación. | ▪ CMCCT |
| ▪ f<br>▪ g<br>▪ n<br>▪ ñ | ▪ B2.9. Minerais e rochas: propiedades, características e utilidades.<br>▪ B2.10. Xestión sustentable dos recursos minerais. Recursos minerais en Galicia. | ▪ B2.7. Recoñecer as propiedades e as características dos minerais e das rochas, distinguir as súas aplicacións máis frecuentes e salientar a súa importancia económica e a xestión sustentable. | ▪ BXB2.7.1. Identifica minerais e rochas utilizando criterios que permitan diferencialos. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| | | | ▪ BXB2.7.2. Describe algunhas das aplicacións máis frecuentes dos minerais e das rochas no ámbito da vida cotiá. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ BXB2.7.3. Recoñece a importancia | ▪ CSC |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Bioloxía e Xeoloxía. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | do uso responsable e a xestión sustentable dos recursos minerais. | |
| ▪ f | ▪ B2.11. A atmosfera: composición e estrutura. O aire e os seus compoñentes. Efecto invernadoiro. Importancia da atmosfera para os seres vivos. | ▪ B2.8. Analizar as características e a composición da atmosfera, e as propiedades do aire. | ▪ BXB2.8.1. Recoñece a estrutura e a composición da atmosfera. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ BXB2.8.2. Recoñece a composición do aire e identifica os contaminantes principais en relación coa súa orixe. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ BXB2.8.3. Identifica e xustifica con argumentacións sinxelas as causas que sustentan o papel protector da atmosfera para os seres vivos. | ▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ m | ▪ B2.12. Contaminación atmosférica: repercusións e posibles solucións. | ▪ B2.9. Investigar e recoller información sobre os problemas de contaminación ambiental actuais e as súas repercusións, e desenvolver actitudes que contribúan á súa solución. | ▪ BXB2.9.1. Relaciona a contaminación ambiental coa deterioración ambiental, e propón accións e hábitos que contribúan á súa solución. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| ▪ f<br>▪ m | ▪ B2.12. Contaminación atmosférica: repercusións e posibles solucións. | ▪ B2.10. Recoñecer a importancia do papel protector da atmosfera para os seres vivos e considerar as repercusións da actividade humana nela. | ▪ BXB2.10.1. Relaciona situacións en que a actividade humana interfire coa acción protectora da atmosfera. | ▪ CSC |
| ▪ f | ▪ B2.13. A hidrosfera. Propiedades da auga. Importancia da auga para os seres vivos. | ▪ B2.11. Describir as propiedades da auga e a súa importancia para a existencia da vida. | ▪ BXB2.11.1. Recoñece as propiedades anómalas da auga en relación coas súas consecuencias para o mantemento da vida na Terra. | ▪ CMCCT |
| ▪ f<br>▪ m | ▪ B2.14. A auga na Terra. Auga doce e salgada.<br>▪ B2.15. Ciclo da auga.<br>▪ B2.16. A auga como recurso. | ▪ B2.12. Interpretar a distribución da auga na Terra, así como o ciclo da auga e o uso que fai dela o ser humano. | ▪ BXB2.12.1. Describe o ciclo da auga en relación cos seus cambios de estado de agregación. | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Bioloxía e Xeoloxía. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ a<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ m | ▪ B2.17. Xestión sustentable da auga. | ▪ B2.13. Valorar e identificar a necesidade dunha xestión sustentable da auga e de actuacións persoais e colectivas que potencien a redución do consumo e a súa reutilización. | ▪ BXB2.13.1. Comprende e identifica o significado da xestión sustentable da auga doce, e enumera medidas concretas que colaboren nesa xestión. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| ▪ f<br>▪ m | ▪ B2.18. Contaminación das augas doces e salgadas. | ▪ B2.14. Xustificar e argumentar a importancia de preservar e non contaminar as augas doces e salgadas. | ▪ BXB2.14.1. Recoñece os problemas de contaminación de augas doces e salgadas, en relación coas actividades humanas | ▪ CSC |
| ▪ f | ▪ B2.19. A biosfera. Características que fixeron da Terra un planeta habitable. | ▪ B2.15. Seleccionar as características que fan da Terra un planeta especial para o desenvolvemento da vida. | ▪ BXB2.15.1. Describe as características que posibilitaron o desenvolvemento da vida na Terra. | ▪ CMCCT |
| | Bloque 3. A biodiversidade no planeta Terra | | | |
| ▪ f<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B3.1. Concepto de biodiversidade. Importancia da biodiversidade.<br>▪ B3.2. Sistemas de clasificación dos seres vivos. Concepto de especie. Nomenclatura binomial.<br>▪ B3.3. Reinos dos seres vivos: Moneras, Protoctistas, Fungi, Metafitas e Metazoos. | ▪ B3.1. Recoñecer a importancia da biodiversidade e as características morfolóxicas principais dos grupos taxonómicos. | ▪ BXB3.1.1. Estima a importancia da biodiversidade e aplica criterios de clasificación dos seres vivos, relacionando os animais e as plantas máis comúns co seu grupo taxonómico. | ▪ CCEC<br>▪ CMCCT |
| ▪ f | ▪ B3.1. Concepto de biodiversidade. Importancia da biodiversidade.<br>▪ B3.2. Sistemas de clasificación dos seres vivos. Concepto de especie. Nomenclatura binomial.<br>▪ B3.3. Reinos dos seres vivos. Moneras, Protoctistas, Fungi, Metafitas e Metazoos. | ▪ B3.2. Categorizar os criterios que serven para clasificar os seres vivos e identificar os principais modelos taxonómicos aos que pertencen os animais e as plantas máis comúns. | ▪ BXB3.2.1. Identifica e recoñece exemplares característicos de cada un destes grupos, e salienta a súa importancia biolóxica. | ▪ CMCCT |

| | Bioloxía e Xeoloxía. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ f<br>▪ m | ▪ B3.1. Concepto de biodiversidade. Importancia da biodiversidade.<br>▪ B3.2. Sistemas de clasificación dos seres vivos. Concepto de especie. Nomenclatura binomial.<br>▪ B3.3. Reinos dos seres vivos. Moneras, Protoctistas, Fungi, Metafitas e Metazoos. | ▪ B3.3. Describir as características xerais dos grandes grupos taxonómicos e explicar a súa importancia no conxunto dos seres vivos. | ▪ BXB3.3.1. Discrimina as características xerais e singulares de cada grupo taxonómico. | ▪ CMCCT |
| ▪ f | ▪ B3.4. Invertebrados: poríferos, celentéreos, anélidos, moluscos, equinodermos e artrópodos. Características anatómicas e fisiolóxicas.<br>▪ B3.5. Vertebrados: peixes, anfibios, réptiles, aves e mamíferos. Características anatómicas e fisiolóxicas. | ▪ B3.4. Caracterizar os principais grupos de invertebrados e vertebrados. | ▪ BXB3.4.1. Asocia invertebrados comúns co grupo taxonómico ao que pertencen. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ BXB3.4.2. Recoñece exemplares de vertebrados e asígnaos á clase á que pertencen. | ▪ CMCCT |
| ▪ f<br>▪ m | ▪ B3.6. Plantas: brións, fieitos, ximnospermas e anxiospermas. Características principais, nutrición, relación e reprodución. | ▪ B3.5. Coñecer e definir as funcións vitais das plantas e a súa importancia para a vida, e caracterizar os principais grupos de plantas. | ▪ BXB3.5.1. Detalla o proceso da nutrición autótrofa e relaciónao coa súa importancia para o conxunto de todos os seres vivos. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ BXB3.5.2. Describe as características xerais e singulares dos principais grupos de plantas. | ▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ g | ▪ B3.7. Clasificación de animais e plantas a partir de claves dicotómicas e outros medios. | ▪ B3.6. Utilizar claves dicotómicas ou outros medios para a identificación e a clasificación de animais e plantas. | ▪ BXB3.6.1. Clasifica e identifica animais e plantas a partir de claves de identificación. | ▪ CAA |
| ▪ g<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B3.8. Identificación de plantas e animais propios dalgúns ecosistemas, especies en extinción e especies endémicas. Adaptacións dos animais e as plantas ao medio. Bio- | ▪ B3.7. Determinar a partir da observación as adaptacións que permiten aos animais e ás plantas sobrevivir en determinados ecosistemas, con especial atención aos ecosistemas | ▪ BXB3.7.1. Identifica exemplares de plantas e animais propios dalgúns ecosistemas ou de interese especial por seren especies en perigo de extinción ou endémicas. | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Bioloxía e Xeoloxía. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | diversidade en Galicia. | galegos. | ▪ BXB3.7.2. Relaciona coa súa adaptación ao medio a presenza de determinadas estruturas nos animais e nas plantas máis comúns. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ BXB3.7.3. Identifica exemplares de plantas e animais propios dos ecosistemas galegos. | ▪ CCEC |
| | Bloque 4. Os ecosistemas | | | |
| ▪ f | ▪ B4.1. Ecosistema: identificación dos seus compoñentes.<br>▪ B4.2. Factores abióticos e bióticos nos ecosistemas.<br>▪ B4.3. Ecosistemas acuáticos.<br>▪ B4.4. Ecosistemas terrestres. | ▪ B4.1. Diferenciar os compoñentes dun ecosistema. | ▪ BXB4.1.1. Identifica os compoñentes dun ecosistema. | ▪ CMCCT |
| ▪ f<br>▪ g<br>▪ m | ▪ B4.5. Factores desencadeantes de desequilibrios nos ecosistemas.<br>▪ B4.6. Estratexias para restablecer o equilibrio nos ecosistemas. | ▪ B4.2. Identificar nun ecosistema os factores desencadeantes de desequilibrios e establecer estratexias para restablecer o seu equilibrio. | ▪ BXB4.2.1. Recoñece e enumera os factores desencadeantes de desequilibrios nun ecosistema. | ▪ CMCCT |
| ▪ a<br>▪ g<br>▪ m | ▪ B4.7. Accións que favorecen a conservación ambiental. | ▪ B4.3. Recoñecer e difundir accións que favorezan a conservación ambiental. | ▪ BXB4.3.1. Selecciona accións que preveñen a destrución ambiental. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 5. Proxecto de investigación | | | |
| ▪ b<br>▪ c | ▪ B5.1. Método científico. Elaboración de hipóteses, e a súa comprobación e argumentación a partir da experimentación ou da observación. | ▪ B5.1. Planear, aplicar e integrar as destrezas e as habilidades propias do traballo científico. | ▪ BXB5.1.1. Integra e aplica as destrezas propias do método científico. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| ▪ b | ▪ B5.1. Método científico. Elaboración | ▪ B5.2. Elaborar hipóteses e contrasta- | ▪ BXB5.2.1. Utiliza argumentos que | ▪ CAA |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Bioloxía e Xeoloxía. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ f<br>▪ g | de hipóteses, e a súa comprobación e argumentación a partir da experimentación ou da observación. | las a través da experimentación ou da observación, e a argumentación. | xustifiquen as hipóteses que propón. | ▪ CCL |
| ▪ e | ▪ B5.2. Artigo científico. Fontes de divulgación científica. | ▪ B5.3. Utilizar fontes de información variada, e discriminar e decidir sobre elas e sobre os métodos empregados para a súa obtención. | ▪ BXB5.3.1. Utiliza diferentes fontes de información, apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións. | ▪ CMCCT<br>▪ CD |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c | ▪ B5.3. Proxecto de investigación en equipo: organización. Participación e colaboración respectuosa no traballo individual e en equipo. Presentación de conclusións. | ▪ B5.4. Participar, valorar e respectar o traballo individual e en equipo. | ▪ BXB5.4.1. Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ h<br>▪ o | ▪ B5.3. Proxecto de investigación en equipo: organización. Participación e colaboración respectuosa no traballo individual e en equipo. Presentación de conclusións. | ▪ B5.5. Expor e defender en público o proxecto de investigación realizado. | ▪ BXB5.5.1. Deseña pequenos traballos de investigación sobre animais e/ou plantas, os ecosistemas do seu contorno ou a alimentación e a nutrición humana, para a súa presentación e defensa na aula. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE<br>▪ CD |
| | | | ▪ BXB5.5.2. Expresa con precisión e coherencia as conclusións das súas investigacións, tanto verbalmente como por escrito. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |

## 3º de ESO

| | Bioloxía e Xeoloxía. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Bioloxía e Xeoloxía. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Habilidades, destrezas e estratexias. Metodoloxía científica | | | |
| ▪ h<br>▪ o | ▪ B1.1. O vocabulario científico na expresión oral e escrita. | ▪ B1.1. Utilizar adecuadamente o vocabulario científico nun contexto preciso e adecuado ao seu nivel. | ▪ BXB1.1.1. Identifica os termos máis frecuentes do vocabulario científico e exprésase con corrección, tanto oralmente como por escrito. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m<br>▪ o | ▪ B1.2. Metodoloxía científica: características básicas.<br>▪ B1.3. Experimentación en bioloxía e xeoloxía: obtención, selección e interpretación de información de carácter científico a partir da selección e a recollida de mostras do medio natural ou doutras fontes. | ▪ B1.2. Procurar, seleccionar e interpretar a información de carácter científico e utilizala para formar unha opinión propia, expresarse con precisión e argumentar sobre problemas relacionados co medio natural e a saúde. | ▪ BXB1.2.1. Procura, selecciona e interpreta a información de carácter científico a partir da utilización de diversas fontes. | ▪ CD<br>▪ CAA |
| | | | ▪ BXB1.2.2. Transmite a información seleccionada de xeito preciso utilizando diversos soportes. | ▪ CD<br>▪ CCL |
| | | | ▪ BXB1.2.3. Utiliza a información de carácter científico para formar unha opinión propia e argumentar sobre problemas relacionados. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B1.4. Planificación e realización do traballo experimental, e interpretación dos seus resultados.<br>▪ B1.5. Normas de seguridade no laboratorio, e coidado dos instrumentos e do material. | ▪ B1.3. Realizar un traballo experimental con axuda dun guión de prácticas de laboratorio ou de campo, describir a súa execución e interpretar os seus resultados. | ▪ BXB1.3.1. Coñece e respecta as normas de seguridade no laboratorio, e coida os instrumentos e o material empregado. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ BXB1.3.2. Desenvolve con autonomía a planificación do traballo experimental, utilizando tanto instrumentos ópticos de recoñecemento como material básico de laboratorio, argumenta o proceso experimental seguido, describe as súas observacións e interpreta os seus resultados. | ▪ CSIEE<br>▪ CMCCT<br>▪ CAA |

Diario Oficial de Galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Bioloxía e Xeoloxía. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 2. A célula, unidade estrutural e funcional dos seres vivos | | | |
| ▪ f | ▪ B2.1. Características da materia viva e diferenzas coa materia inerte.<br>▪ B2.2. A célula. Características básicas da célula procariota e eucariota, animal e vexetal. | ▪ B2.1. Recoñecer que os seres vivos están constituídos por células e determinar as características que os diferencian da materia inerte. | ▪ BXB2.1.1. Diferencia a materia viva da inerte partindo das características particulares de ambas. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ BXB2.1.2. Establece comparativamente as analoxías e as diferenzas entre célula procariota e eucariota, e entre célula animal e vexetal. | ▪ CMCCT |
| ▪ f | ▪ B2.3. Funcións vitais: nutrición, relación e reprodución. | ▪ B2.2. Describir as funcións comúns a todos os seres vivos, diferenciando entre nutrición autótrofa e heterótrofa. | ▪ BXB2.2.1. Recoñece e diferencia a importancia de cada función para o mantemento da vida. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ BXB2.2.2. Contrasta o proceso de nutrición autótrofa e nutrición heterótrofa, e deduce a relación entre elas. | ▪ CMCCT |
| | Bloque 3. As persoas e a saúde. Promoción da saúde | | | |
| ▪ f | ▪ B3.1. Niveis de organización da materia viva.<br>▪ B3.2. Organización xeral do corpo humano: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas<br>▪ B3.3. A célula animal: estruturas celulares. Orgánulos celulares e a súa función. | ▪ B3.1. Catalogar os niveis de organización da materia viva (células, tecidos, órganos e aparellos ou sistemas) e diferenciar as principais estruturas celulares e as súas funcións. | ▪ BXB3.1.1. Interpreta os niveis de organización no ser humano e procura a relación entre eles. | ▪ CAA |
| | | | ▪ BXB3.1.2. Diferencia os tipos celulares e describe a función dos orgánulos máis importantes. | ▪ CMCCT |
| ▪ f | ▪ B3.4. Os tecidos do corpo humano: estrutura e funcións. | ▪ B3.2. Diferenciar os tecidos máis importantes do ser humano e a súa función. | ▪ BXB3.2.1. Recoñece os principais tecidos que conforman o corpo humano e asóciaos á súa función. | ▪ CMCCT |
| ▪ f | ▪ B3.5. Saúde e doenza, e factores que as determinan. | ▪ B3.3. Descubrir, a partir do coñecemento do concepto de saúde e do- | ▪ BXB3.3.1. Argumenta as implicacións dos hábitos para a saúde, e | ▪ CSC |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

Diario Oficial de Galicia

| | Bioloxía e Xeoloxía. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ m | | enza, os factores que os determinan. | xustifica con exemplos as eleccións que realiza ou pode realizar para promovela individual e colectivamente. | |
| ▪ f<br>▪ m | ▪ B3.6. Doenzas infecciosas e non infecciosas. | ▪ B3.4. Clasificar as doenzas e determinar as infecciosas e non infecciosas máis comúns que afectan a poboación (causas, prevención e tratamentos). | ▪ BXB3.4.1. Recoñece as doenzas e as infeccións máis comúns, e relaciónaas coas súas causas. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ BXB3.4.2. Distingue e explica os mecanismos de transmisión das doenzas infecciosas. | ▪ CMCCT |
| ▪ m | ▪ B3.7. Hixiene e prevención. Hábitos e estilos de vida saudables. | ▪ B3.5. Valorar e identificar hábitos e estilos de vida saudables como método de prevención das doenzas. | ▪ BXB3.5.1. Coñece e describe hábitos de vida saudable e identifícaos como medio de promoción da súa saúde e da das demais persoas. | ▪ CSC |
| | | | ▪ BXB3.5.2. Propón métodos para evitar o contaxio e a propagación das doenzas infecciosas máis comúns. | ▪ CSIEE<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ m | ▪ B3.7. Hixiene e prevención. Hábitos e estilos de vida saudables. | ▪ B3.6. Seleccionar información, establecer diferenzas dos tipos de doenzas dun mundo globalizado e deseñar propostas de actuación. | ▪ BXB3.6.1. Establece diferenzas entre as doenzas que afectan as rexións dun mundo globalizado, e deseña propostas de actuación. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| ▪ f<br>▪ m | ▪ B3.8. Sistema inmunitario. Vacinas, soros e antibióticos.<br>▪ B3.9. Uso responsable de medicamentos. | ▪ B3.7. Determinar o funcionamento básico do sistema inmune e as continuas contribucións das ciencias biomédicas, e describir a importancia do uso responsable dos medicamentos. | ▪ BXB3.7.1. Explica en que consiste o proceso de inmunidade, e valora o papel das vacinas como método de prevención das doenzas. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |

| Bioloxía e Xeoloxía. 3º de ESO | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ m | ▪ B3.10. Transplantes e doazón de células, sangue e órganos. | ▪ B3.8. Recoñecer e transmitir a importancia que ten a prevención como práctica habitual e integrada nas súas vidas e as consecuencias positivas da doazón de células, sangue e órganos. | ▪ BXB3.8.1. Detalla a importancia da doazón de células, sangue e órganos para a sociedade e para o ser humano. | ▪ CSC |
| ▪ f<br>▪ g<br>▪ m | ▪ B3.11. Substancias aditivas: tabaco, alcohol e outras drogas. Problemas asociados. | ▪ B3.9. Investigar as alteracións producidas por distintos tipos de substancias aditivas, e elaborar propostas de prevención e control. | ▪ BXB3.9.1. Detecta as situacións de risco para a saúde relacionadas co consumo de substancias tóxicas e estimulantes, como tabaco, alcohol, drogas, etc., contrasta os seus efectos nocivos e propón medidas de prevención e control. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ m | ▪ B3.11. Substancias aditivas: tabaco, alcohol e outras drogas. Problemas asociados. | ▪ B3.10. Recoñecer as consecuencias para o individuo e a sociedade de seguir condutas de risco. | ▪ BXB3.10.1. Identifica as consecuencias de seguir condutas de risco coas drogas, para o individuo e a sociedade. | ▪ CSC |
| ▪ f<br>▪ m | ▪ B3.12. Alimentación e nutrición. Alimentos e nutrientes: tipos e funcións básicas. | ▪ B3.11. Recoñecer a diferenza entre alimentación e nutrición, e diferenciar os principais nutrientes e as súas funcións básicas. | ▪ BXB3.11.1. Discrimina o proceso de nutrición do da alimentación. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ BXB3.11.2. Relaciona cada nutriente coa súa función no organismo, e recoñece hábitos nutricionais saudables. | ▪ CMCCT |
| ▪ f<br>▪ g<br>▪ m | ▪ B3.13. Dieta e saúde. Dieta equilibrada. Deseño e análise de dietas. Hábitos nutricionais saudables. Trastornos da conduta alimentaria. | ▪ B3.12. Relacionar as dietas coa saúde a través de exemplos prácticos. | ▪ BXB3.12.1. Deseña hábitos nutricionais saudables mediante a elaboración de dietas equilibradas, utilizando táboas con grupos de alimentos cos nutrientes principais presentes neles e o seu valor calórico. | ▪ CAA<br>▪ CD |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

DOG Diario Oficial de Galicia
DOG Núm. 120 Luns, 29 de xuño de 2015 Páx. 25515

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Bioloxía e Xeoloxía. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ c<br>▪ m | ▪ B3.13. Dieta e saúde. Dieta equilibrada. Deseño e análise de dietas. Hábitos nutricionais saudables. Trastornos da conduta alimentaria. | ▪ B3.13. Argumentar a importancia dunha boa alimentación e do exercicio físico na saúde, e identificar as doenzas e os trastornos principais da conduta alimentaria. | ▪ BXB3.13.1. Valora e determina unha dieta equilibrada para unha vida saudable e identifica os principais trastornos da conduta alimentaria. | ▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ f<br>▪ m | ▪ B3.14. Función de nutrición. Visión global e integradora de aparellos e procesos que interveñen na nutrición. | ▪ B3.14. Explicar os procesos fundamentais da nutrición, utilizando esquemas gráficos dos aparellos que interveñen nela. | ▪ BXB3.14.1. Determina e identifica, a partir de gráficos e esquemas, os órganos, os aparellos e os sistemas implicados na función de nutrición, e relaciónao coa súa contribución no proceso. | ▪ CMCCT |
| ▪ f<br>▪ m | ▪ B3.14. Función de nutrición. Visión global e integradora de aparellos e procesos que interveñen na nutrición. | ▪ B3.15. Asociar a fase do proceso de nutrición que realiza cada aparello implicado. | ▪ BXB3.15.1. Recoñece a función de cada aparello e de cada sistema nas funcións de nutrición. | ▪ CMCCT |
| ▪ f<br>▪ m | ▪ B3.15. Anatomía e fisioloxía dos aparellos dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor. | ▪ B3.16. Identificar os compoñentes dos aparellos dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor, e coñecer o seu funcionamento. | ▪ BXB3.16.1. Coñece e explica os compoñentes dos aparellos dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor, e o seu funcionamento. | ▪ CMCCT |
| ▪ f<br>▪ m | ▪ B3.16. Alteracións máis frecuentes e doenzas asociadas aos aparellos que interveñen na nutrición: prevención e hábitos de vida saudables. | ▪ B3.17. Indagar acerca das doenzas máis habituais nos aparellos relacionados coa nutrición, así como sobre as súas causas e a maneira de previlas. | ▪ BXB3.17.1. Diferencia as doenzas máis frecuentes dos órganos, os aparellos e os sistemas implicados na nutrición, e asócciaas coas súas causas. | ▪ CMCCT |
| ▪ f<br>▪ m | ▪ B3.17. Función de relación. Sistema nervioso e sistema endócrino.<br>▪ B3.18. Órganos dos sentidos: estrutura e función; coidado e hixiene. | ▪ B3.18. Describir os procesos implicados na función de relación, e os sistemas e aparellos implicados, e recoñecer e diferenciar os órganos dos sentidos e os coidados do oído e a vista. | ▪ BXB3.18.1. Especifica a función de cada aparello e de cada sistema implicados nas funcións de relación. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ BXB3.18.2. Describe os procesos implicados na función de relación, e identifica o órgano ou a estrutura | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Bioloxía e Xeoloxía. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | responsables de cada proceso. | |
| | | | ▪ BXB3.18.3. Clasifica os tipos de receptores sensoriais e relaciónaos cos órganos dos sentidos en que se atopan. | ▪ CMCCT |
| ▪ f<br>▪ m | ▪ B3.19. Coordinación e sistema nervioso: organización e función.<br>▪ B3.20. Doenzas comúns do sistema nervioso: causas, factores de risco e prevención. | ▪ B3.19. Explicar a misión integradora do sistema nervioso ante diferentes estímulos, e describir o seu funcionamento. | ▪ BXB3.19.1. Identifica algunhas doenzas comúns do sistema nervioso e relaciónaas coas súas causas, cos factores de risco e coa súa prevención. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| ▪ f<br>▪ m | ▪ B3.21. Sistema endócrino: glándulas endócrinas e o seu funcionamento. Principais alteracións. | ▪ B3.20. Asociar as principais glándulas endócrinas coas hormonas que sintetizan e coa súa función. | ▪ BXB3.20.1. Enumera as glándulas endócrinas e asocia con elas as hormonas segregadas e a súa función. | ▪ CMCCT |
| ▪ f<br>▪ m | ▪ B3.22. Visión integradora dos sistemas nervioso e endócrino. | ▪ B3.21. Relacionar funcionalmente o sistema neuro-endócrino. | ▪ BXB3.21.1. Recoñece algún proceso que teña lugar na vida cotiá no que se evidencie claramente a integración neuroendócrina. | ▪ CMCCT |
| ▪ f | ▪ B3.23. Aparello locomotor. Organización e relacións funcionais entre ósos, músculos e sistema nervioso. | ▪ B3.22. Identificar os principais ósos e músculos do aparello locomotor. | ▪ BXB3.22.1. Localiza os principais ósos e músculos do corpo humano en esquemas do aparello locomotor. | ▪ CMCCT |
| ▪ f<br>▪ m | ▪ B3.23. Aparello locomotor. Organización e relacións funcionais entre ósos, músculos e sistema nervioso. | ▪ B3.23. Analizar as relacións funcionais entre ósos, músculos e sistema nervioso. | ▪ BXB3.23.1. Diferencia os tipos de músculos en función do seu tipo de contracción, e relaciónaos co sistema nervioso que os controla. | ▪ CMCCT |
| ▪ f<br>▪ m | ▪ B3.24. Factores de risco e prevención das lesións. | ▪ B3.24. Detallar as lesións máis frecuentes no aparello locomotor e como se preveñen. | ▪ BXB3.24.1. Identifica os factores de risco máis frecuentes que poden afectar o aparello locomotor e relaciónaos coas lesións que producen. | ▪ CSC<br>▪ CAA |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Bioloxía e Xeoloxía. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ f<br>▪ m | ▪ B3.25. Reprodución humana. Anatomía e fisioloxía do aparello reprodutor. Cambios físicos e psíquicos na adolescencia. | ▪ B3.25. Referir os aspectos básicos do aparello reprodutor, diferenciar entre sexualidade e reprodución, e interpretar debuxos e esquemas do aparello reprodutor. | ▪ BXB3.25.1. Identifica en esquemas os órganos do aparello reprodutor masculino e feminino, e especifica a súa función. | ▪ CMCCT |
| ▪ f<br>▪ m | ▪ B3.26. Ciclo menstrual. Fecundación, embarazo e parto. | ▪ B3.26. Recoñecer os aspectos básicos da reprodución humana e describir os acontecementos fundamentais da fecundación, do embarazo e do parto. | ▪ BXB3.26.1. Describe as principais etapas do ciclo menstrual e indica que glándulas e que hormonas participan na súa regulación. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ BXB3.26.2. Identifica os acontecementos fundamentais da fecundación, do embarazo e do parto | ▪ CMCCT |
| ▪ f<br>▪ m | ▪ B3.27. Análise dos métodos anticonceptivos.<br>▪ B3.28. Doenzas de transmisión sexual: prevención. | ▪ B3.27. Comparar os métodos anticonceptivos, clasificalos segundo a súa eficacia e recoñecer a importancia dalgúns deles na prevención de doenzas de transmisión sexual. | ▪ BXB3.27.1. Discrimina os métodos de anticoncepción humana. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ BXB3.27.2. Categoriza as principais doenzas de transmisión sexual e argumenta sobre a súa prevención. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ e<br>▪ g<br>▪ m | ▪ B3.29. Técnicas de reprodución asistida. | ▪ B3.28. Compilar información sobre as técnicas de reprodución asistida e de fecundación in vitro, para argumentar o beneficio que supuxo este avance científico para a sociedade. | ▪ BXB3.28.1. Identifica as técnicas de reprodución asistida máis frecuentes. | ▪ CMCCT |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ m | ▪ B3.30. Reposta sexual humana. Sexo e sexualidade. Saúde e hixiene sexual. | ▪ B3.29. Valorar e considerar a súa propia sexualidade e a das persoas do contorno, e transmitir a necesidade de reflexionar, debater, considerar e compartir. | ▪ BXB3.29.1. Actúa, decide e defende responsablemente a súa sexualidade e a das persoas do seu contorno. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | Bloque 4. O relevo terrestre e a súa evolución | | | |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Bioloxía e Xeoloxía. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ f | ▪ B4.1. Modelaxe do relevo. Factores que condicionan o relevo terrestre. | ▪ B4.1. Identificar algunhas das causas que fan que o relevo difira duns sitios a outros. | ▪ BXB4.1.1. Identifica a influencia do clima e das características das rochas que condicionan os tipos de relevo e inflúen neles. | ▪ CMCCT |
| ▪ f | ▪ B4.2. Procesos xeolóxicos externos e diferenzas cos internos. Meteorización, erosión, transporte e sedimentación. | ▪ B4.2. Relacionar os procesos xeolóxicos externos coa enerxía que os activa e diferencialos dos procesos internos. | ▪ BXB4.2.1. Relaciona a enerxía solar cos procesos externos, e xustifica o papel da gravidade na súa dinámica. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ BXB4.2.2. Diferencia os procesos de meteorización, erosión, transporte e sedimentación, e os seus efectos no relevo. | ▪ CMCCT |
| ▪ f | ▪ B4.3. Augas superficiais e modelaxe do relevo: formas características. | ▪ B4.3. Analizar e predicir a acción das augas superficiais, e identificar as formas de erosión e depósitos máis características. | ▪ BXB4.3.1. Analiza a actividade de erosión, transporte e sedimentación producida polas augas superficiais, e recoñece algún dos seus efectos no relevo. | ▪ CMCCT |
| ▪ f<br>▪ m | ▪ B4.4. Augas subterráneas: circulación e explotación. | ▪ B4.4. Valorar e analizar a importancia das augas subterráneas, e xustificar a súa dinámica e a súa relación coas augas superficiais. | ▪ BXB4.4.1. Valora e analiza a importancia das augas subterráneas e os riscos da súa sobreexplotación. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| ▪ f | ▪ B4.5. Acción xeolóxica do mar: dinámica mariña e modelaxe litoral. | ▪ B4.5. Analizar a dinámica mariña e a súa influencia na modelaxe litoral. | ▪ BXB4.5.1. Relaciona os movementos da auga do mar coa erosión, o transporte e a sedimentación no litoral, e identifica algunhas formas resultantes características. | ▪ CMCCT |
| ▪ f | ▪ B4.6. Acción xeolóxica do vento: modelaxe eólica. | ▪ B4.6. Relacionar a acción eólica coas condicións que a fan posible, e identificar algunhas formas resultantes. | ▪ BXB4.6.1. Asocia a actividade eólica cos ambientes en que esta actividade xeolóxica pode ser relevante. | ▪ CMCCT |

| | Bioloxía e Xeoloxía. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ f | ▪ B4.7. Acción xeolóxica dos glaciares: formas de erosión e depósito que orixinan. | ▪ B4.7. Analizar a acción xeolóxica dos glaciares e xustificar as características das formas de erosión e depósito resultantes. | ▪ BXB4.7.1. Analiza a dinámica glaciar e identifica os seus efectos sobre o relevo. | ▪ CMCCT |
| ▪ f<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B4.8. Factores que condicionan a modelaxe da paisaxe galega. | ▪ B4.8. Indagar e identificar os factores que condicionan a modelaxe da paisaxe nas zonas próximas ao alumnado. | ▪ BXB4.8.1. Investiga acerca da paisaxe do seu contorno máis próximo e identifica algúns dos factores que condicionaron a súa modelaxe. | ▪ CCEC<br>▪ CAA |
| ▪ f<br>▪ g<br>▪ m | ▪ B4.9. Acción xeolóxica dos seres vivos. A especie humana como axente xeolóxico. | ▪ B4.9. Recoñecer e identificar a actividade xeolóxica dos seres vivos e valorar a importancia da especie humana como axente xeolóxico externo. | ▪ BXB4.9.1. Identifica a intervención de seres vivos en procesos de meteorización, erosión, transporte e sedimentación. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ BXB4.9.2. Valora e describe a importancia das actividades humanas na transformación da superficie terrestre. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ f | ▪ B4.10. Manifestacións da enerxía interna da Terra. | ▪ B4.10. Diferenciar os cambios na superficie terrestre xerados pola enerxía do interior terrestre dos de orixe externa. | ▪ BXB4.10.1. Diferencia un proceso xeolóxico externo dun interno e identifica os seus efectos no relevo. | ▪ CMCCT |
| ▪ f | ▪ B4.11. Actividade sísmica e volcánica: orixe e tipos de magmas. | ▪ B4.11. Analizar as actividades sísmica e volcánica, as súas características e os efectos que xeran. | ▪ BXB4.11.1. Coñece e describe como se orixinan os sismos e os efectos que xeran. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ BXB4.11.2. Relaciona os tipos de erupción volcánica co magma que as orixina, e asóciaos co seu grao de perigo. | ▪ CMCCT |
| ▪ f<br>▪ g | ▪ B4.12. Distribución de volcáns e terremotos. Riscos sísmico e volcá- | ▪ B4.12. Relacionar a actividade sísmica e volcánica coa dinámica do | ▪ BXB4.12.1. Xustifica a existencia de zonas en que os terremotos son | ▪ CAA<br>▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Bioloxía e Xeoloxía. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | nico: importancia da súa predición e da súa prevención. | interior terrestre e xustificar a súa distribución planetaria. | máis frecuentes e de maior magnitude. | |
| ▪ f<br>▪ g | ▪ B4.12. Distribución de volcáns e os terremotos. Riscos sísmico e volcánico: importancia da súa predición e da súa prevención.<br>▪ B4.13. Sismicidade en Galicia. | ▪ B4.13. Valorar e describir a importancia de coñecer os riscos sísmico e volcánico, e as formas de previlos. | ▪ BXB5.13.1. Valora e describe o risco sísmico e, de ser o caso, volcánico existente na zona en que habita, e coñece as medidas de prevención que debe adoptar. | ▪ CAA<br>▪ CSC |
| | Bloque 5. O solo como ecosistema. | | | |
| ▪ f | ▪ B5.1. O solo como ecosistema.<br>▪ B5.2. Compoñentes do solo e as súas interaccións. | ▪ B5.1. Analizar os compoñentes do solo e esquematizar as relacións entre eles. | ▪ BXB5.1.1. Recoñece que o solo é o resultado da interacción entre os compoñentes bióticos e abióticos, e sinala algunha das súas interaccións. | ▪ CMCCT |
| ▪ f<br>▪ g<br>▪ m | ▪ B5.3. Importancia do solo. Riscos da súa sobreexplotación, degradación ou perda. | ▪ B5.2. Valorar e determinar a importancia do solo e os riscos que comporta a súa sobreexplotación, degradación ou perda. | ▪ BXB5.2.1. Recoñece a fraxilidade do solo e valora a necesidade de protexelo. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | Bloque 6. Proxecto de investigación | | | |
| ▪ b<br>▪ c | ▪ B6.1. Método científico. Elaboración de hipóteses, e a súa comprobación e argumentación, a partir da experimentación ou a observación. | ▪ B6.1. Planear, aplicar e integrar as destrezas e as habilidades propias do traballo científico. | ▪ BXB6.1.1. Integra e aplica as destrezas propias do método científico. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B6.1. Método científico. Elaboración de hipóteses, e a súa comprobación e argumentación, a partir da experimentación ou a observación. | ▪ B6.2. Elaborar hipóteses e contrastalas a través da experimentación ou da observación e a argumentación. | ▪ BXB6.2.1. Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ e | ▪ B6.2. Artigo científico. Fontes de divulgación científica. | ▪ B6.3. Utilizar fontes de información variada, e discriminar e decidir sobre | ▪ BXB6.3.1. Utiliza fontes de información apoiándose nas TIC, para a | ▪ CMCCT<br>▪ CD |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Bioloxía e Xeoloxía. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | elas e os métodos empregados para a súa obtención. | elaboración e a presentación das súas investigacións. | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c | ▪ B6.3. Proxecto de investigación en equipo. Organización. Participación e colaboración respectuosa no traballo individual e en equipo. Presentación de conclusións. | ▪ B6.4. Participar, valorar e respectar o traballo individual e en equipo. | ▪ BXB6.4.1. Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ h<br>▪ o | ▪ B6.3. Proxecto de investigación en equipo. Organización. Participación e colaboración respectuosa no traballo individual e en equipo. Presentación de conclusións. | ▪ B6.5. Expor e defender en público o proxecto de investigación realizado. | ▪ BXB6.5.1. Deseña pequenos traballos de investigación sobre animais e/ou plantas, os ecosistemas do seu contorno ou a alimentación e a nutrición humana, para a súa presentación e defensa na aula. | ▪ CSIEE<br>▪ CD |
| | | | ▪ BXB6.5.2. Expresa con precisión e coherencia as conclusións das súas investigacións, tanto verbalmente como por escrito. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |

## 4º de ESO

| | Bioloxía e Xeoloxía. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. A evolución da vida | | | |
| ▪ f<br>▪ h | ▪ B1.1. Célula procariota e célula eucariota: relacións evolutivas. Célula animal e célula vexetal: morfoloxía e | ▪ B1.1. Determinar as analoxías e as diferenzas na estrutura das células procariotas e eucariotas, e interpretar | ▪ BXB1.1.1. Compara a célula procariota e a eucariota, a animal e a vexetal, e recoñece a función dos orgánulos celulares e a relación entre | ▪ CAA<br>▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Bioloxía e Xeoloxía. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | función. | as relacións evolutivas entre elas. | morfoloxía e función. | |
| | | | ▪ BXB1.1.2. Identifica tipos de células utilizando o microscopio óptico, micrografías e esquemas gráficos. | ▪ CD<br>▪ CAA |
| ▪ f<br>▪ g | ▪ B1.2. Núcleo e ciclo celular. | ▪ B1.2. Identificar o núcleo celular e a súa organización segundo as fases do ciclo celular, a través da observación directa ou indirecta. | ▪ BXB1.2.1. Distingue os compoñentes do núcleo e a súa función segundo as etapas do ciclo celular. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ g<br>▪ f | ▪ B1.3. Cromatina e cromosomas. Cariotipo. | ▪ B1.3. Comparar a estrutura dos cromosomas e da cromatina. | ▪ BXB1.3.1. Recoñece as partes dun cromosoma utilizándoo para construír un cariotipo. | ▪ CMCCT |
| ▪ g<br>▪ f<br>▪ h | ▪ B1.4. Mitose e meiose: principais procesos, importancia e significado biolóxico. | ▪ B1.4. Formular e identificar os principais procesos que teñen lugar na mitose e na meiose, e revisar o seu significado e a súa importancia biolóxica. | ▪ BXB1.4.1. Recoñece as fases da mitose e meiose, diferencia ambos os procesos e distingue o seu significado biolóxico. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ g<br>▪ f<br>▪ h | ▪ B1.5. Ácidos nucleicos: ADN e ARN. | ▪ B1.5. Comparar os tipos e a composición dos ácidos nucleicos, e relacionalos coa súa función. | ▪ BXB1.5.1. Distingue os ácidos nucleicos e enumera os seus compoñentes. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ g<br>▪ h | ▪ B1.6. ADN e xenética molecular. Proceso de replicación do ADN. Concepto de xene. | ▪ B1.6. Relacionar a replicación do ADN coa conservación da información xenética. | ▪ BXB1.6.1. Recoñece a función do ADN como portador da información xenética, e relaciónao co concepto de xene. | ▪ CAA |
| ▪ g<br>▪ b | ▪ B1.7. Expresión da información xenética. Código xenético. | ▪ B1.7. Comprender e ilustrar como se expresa a información xenética, utilizando o código xenético e resolvendo problemas sinxelos. | ▪ BXB1.7.1. Ilustra os mecanismos da expresión xenética por medio do código xenético. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ b | ▪ B1.8. Mutacións. Relacións coa evo- | ▪ B1.8. Valorar e recoñecer o papel | ▪ BXB1.8.1. Recoñece e explica en | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Bioloxía e Xeoloxía. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ a | lución. | das mutacións na diversidade xenética, e comprender a relación entre mutación e evolución. | que consisten as mutacións e os seus tipos. | ▪ CAA |
| ▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B1.9. Herdanza e transmisión de caracteres. Introdución e desenvolvemento das leis de Mendel.<br>▪ B1.10. Base cromosómica da herdanza mendeliana.<br>▪ B1.11. Aplicacións das leis de Mendel. | ▪ B1.9. Formular os principios da xenética mendeliana, aplicando as leis da herdanza na resolución de problemas sinxelos, e recoñecer a base cromosómica das leis de Mendel. | ▪ BXB1.9.1. Recoñece os principios básicos da xenética mendeliana e resolve problemas prácticos de cruzamentos con un ou dous caracteres. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |
| ▪ g | ▪ B1.12. Herdanza do sexo e herdanza ligada ao sexo. | ▪ B1.10. Diferenciar a herdanza do sexo e a ligada ao sexo, e establecer a relación entre elas. | ▪ BXB1.10.1. Resolve problemas prácticos sobre a herdanza do sexo e a ligada ao sexo. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ g<br>▪ m | ▪ B1.13. Doenzas hereditarias máis frecuentes e o seu alcance social. | ▪ B1.11. Coñecer e identificar algunhas doenzas hereditarias, a súa prevención e o seu alcance social. | ▪ BXB1.11.1. Identifica as doenzas hereditarias máis frecuentes e o seu alcance social, e resolve problemas prácticos sobre doenzas hereditarias, utilizando árbores xenealóxicas. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| ▪ f | ▪ B1.14. Técnicas da enxeñaría xenética. | ▪ B1.12. Identificar as técnicas da enxeñaría xenética: ADN recombinante e PCR. | ▪ BXB1.12.1. Diferencia técnicas de traballo en enxeñaría xenética. | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ m | ▪ B1.15. Aplicacións da enxeñaría xenética. Biotecnoloxía. Bioética. | ▪ B1.13. Comprender e describir o proceso da clonación. | ▪ BXB1.13.1. Describe as técnicas de clonación animal, distinguindo clonación terapéutica e reprodutiva. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ g | ▪ B1.15. Aplicacións da enxeñaría xenética. Biotecnoloxía. Bioética. | ▪ B1.14. Recoñecer as aplicacións da enxeñaría xenética: organismos modificados xeneticamente (OMX). | ▪ BXB1.14.1. Analiza as implicacións éticas, sociais e ambientais da enxeñaría xenética. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| ▪ a | ▪ B1.15. Aplicacións da enxeñaría | ▪ B1.15. Valorar e interpretar as apli- | ▪ BXB1.15.1. Interpreta criticamente as | ▪ CSC |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Bioloxía e Xeoloxía. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ c<br>▪ d | xenética. Biotecnoloxía. Bioética. | cacións da tecnoloxía do ADN recombinante na agricultura, na gandaría, no ambiente e na saúde. | consecuencias dos avances actuais no campo da biotecnoloxía. | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B1.16. Orixe e evolución dos seres vivos. Hipóteses sobre a orixe da vida na Terra.<br>▪ B1.17. Teorías da evolución. Feito e mecanismos da evolución. | ▪ B1.16. Coñecer e describir as hipóteses sobre a orixe da vida e as probas da evolución. Comparar lamarckismo, darwinismo e neodarwinismo. | ▪ BXB1.16.1. Distingue as características diferenciadoras entre lamarckismo, darwinismo e neodarwinismo. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ g<br>▪ h | ▪ B1.16. Orixe e evolución dos seres vivos. Hipóteses sobre a orixe da vida na Terra.<br>▪ B1.17. Teorías da evolución. Feito e mecanismos da evolución. | ▪ B1.17. Comprender e establecer os mecanismos da evolución destacando a importancia da mutación e a selección. Analizar o debate entre gradualismo, saltacionismo e neutralismo. | ▪ BXB1.17.1. Establece a relación entre variabilidade xenética, adaptación e selección natural. | ▪ CAA |
| ▪ g | ▪ B1.18. As árbores filoxenéticas no proceso de evolución. | ▪ B1.18. Interpretar árbores filoxenéticas, incluíndo a humana. | ▪ BXB1.18.1. Interpreta árbores filoxenéticas. | ▪ CAA |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ b | ▪ B1.19. Evolución humana: proceso de hominización. | ▪ B1.19. Describir a hominización. | ▪ BXB1.19.1. Recoñece e describe as fases da hominización. | ▪ CMCCT<br>▪ CCL |
| | Bloque 2. A dinámica da Terra | | | |
| ▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.1. Historia da Terra. Orixe da Terra. Tempo xeolóxico: ideas históricas sobre a idade da Terra. Principios e procedementos que permiten reconstruír a súa historia. Utilización do actualismo como método de interpretación. | ▪ B2.1. Recoñecer, compilar e contrastar feitos que amosen a Terra como un planeta cambiante. | ▪ BXB2.1.1. Identifica e describe feitos que amosen a Terra como un planeta cambiante, e relaciónaos cos fenómenos que suceden na actualidade. | ▪ CAA |
| ▪ g | ▪ B2.1. Historia da Terra. Orixe da Terra. Tempo xeolóxico: ideas histó- | ▪ B2.2. Rexistrar e reconstruír algúns dos cambios máis notables da histo- | ▪ BXB2.2.1. Reconstrúe algúns cambios notables na Terra, mediante a | ▪ CAA |

| | Bioloxía e Xeoloxía. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | ricas sobre a idade da Terra. Principios e procedementos que permiten reconstruír a súa historia. Utilización do actualismo como método de interpretación. | ria da Terra, e asocialos coa súa situación actual. | utilización de modelos temporais a escala e recoñecendo as unidades temporais na historia xeolóxica. | ▪ CSIEE |
| ▪ g<br>▪ h | ▪ B2.2. Eóns, eras xeolóxicas e períodos xeolóxicos: situación dos acontecementos xeolóxicos e biolóxicos importantes. | ▪ B2.3. Categorizar e integrar os procesos xeolóxicos máis importantes da historia da Terra. | ▪ BXB2.3.1. Discrimina os principais acontecementos xeolóxicos, climáticos e biolóxicos que tiveron lugar ao longo da historia da Terra, e recoñece algúns animais e plantas característicos de cada era. | ▪ CMCCT |
| ▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m | ▪ B2.6. Contaminación nuclear.<br>▪ B2.7. Análise sobre o uso da enerxía nuclear.<br>▪ B2.8. Xestión dos residuos. | ▪ B2.6. Identificar os efectos da radioactividade sobre o ambiente e a súa repercusión sobre o futuro da humanidade. | ▪ CAAB2.6.1. Recoñece e distingue os efectos da contaminación radioactiva sobre o ambiente e a vida en xeral. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| ▪ e<br>▪ f<br>▪ h | ▪ B2.8. Xestión dos residuos. | ▪ B2.7. Precisar e identificar as fases procedementais que interveñen no tratamento de residuos e investiga sobre a súa recollida selectiva. | ▪ CAAB2.7.1. Determina os procesos de tratamento de residuos e valora criticamente a súa recollida selectiva. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |

| | Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ m | | | | |
| ▪ a<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ m | ▪ B2.8. Xestión dos residuos. | ▪ B2.8. Contrastar argumentos a favor da recollida selectiva de residuos e a súa repercusión a nivel familiar e social. | ▪ CAAB2.8.1. Argumenta os proles e os contras da recollida, da reciclaxe e da reutilización de residuos. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| ▪ e<br>▪ f | ▪ B2.9. Normas básicas e experimentais sobre química ambiental. | ▪ B2.9. Utilizar ensaios de laboratorio relacionados coa química ambiental, e coñecer o que é unha medida de pH e o seu manexo para controlar o ambiente. | ▪ CAAB2.9.1. Formula ensaios de laboratorio para coñecer aspectos relacionados coa conservación ambiental. | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ h<br>▪ m<br>▪ ñ | ▪ B2.10. Xestión do planeta e desenvolvemento sustentable. | ▪ B2.10. Analizar e contrastar opinións sobre o concepto de desenvolvemento sustentable e as súas repercusións para o equilibrio ambiental. | ▪ CAAB2.10.1. Identifica e describe o concepto de desenvolvemento sustentable, e enumera posibles solucións ao problema da degradación ambiental. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ m<br>▪ ñ<br>▪ o | ▪ B2.11. Importancia das campañas de sensibilización sobre o ambiente. Aplicación no contorno máis próximo. | ▪ B2.11. Participar en campañas de sensibilización, a nivel do centro docente, sobre a necesidade de controlar a utilización dos recursos enerxéticos ou doutro tipo. | ▪ CAAB2.11.1. Aplica, xunto cos/coas compañeiros/as, medidas de control da utilización dos recursos, e implica niso o propio centro docente. | ▪ CSC<br>▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ g | ▪ B2.11. Importancia das campañas de sensibilización sobre o ambiente. Aplicación no contorno máis próximo. | ▪ B2.12. Deseñar estratexias para dar a coñecer aos/ás compañeiros/as e ás persoas próximas a necesidade de manter o ambiente. | ▪ CAAB2.12.1. Formula estratexias de sustentabilidade no contorno do centro docente. | ▪ CSC<br>▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ h<br>▪ m<br>▪ ñ<br>▪ o | | | | |
| | Bloque 3. Investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i) | | | |
| ▪ a<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B3.1. Concepto de investigación, desenvolvemento e innovación, e etapas do ciclo I+D+i. | ▪ B3.1. Analizar a incidencia da I+D+i na mellora da produtividade e no aumento da competitividade no marco globalizador actual. | ▪ CAAB3.1.1. Relaciona os conceptos de investigación, desenvolvemento e innovación. Contrasta as tres etapas do ciclo I+D+i. | ▪ CSIEE<br>▪ CSC |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ ñ | ▪ B3.2. Tipos de innovación. Importancia para a sociedade.<br>▪ B3.3. Papel das administracións e dos organismos estatais e autonómicos no fomento da I+D+i. | ▪ B3.2. Investigar e argumentar acerca dos tipos de innovación en produtos ou en procesos, e valorar criticamente todas as achegas a eles por parte de organismos estatais ou autonómicos, e de organizacións de diversa índole. | ▪ CAAB3.2.1. Recoñece tipos de innovación de produtos baseada na utilización de novos materiais, novas tecnoloxías, etc., que xorden para dar resposta a novas necesidades da sociedade. | ▪ CSIEE<br>▪ CSC |
| | | | ▪ CAAB3.2.2. Enumera os organismos e as administracións que fomentan a I+D+i a nivel estatal e autonómico. | ▪ CSIEE<br>▪ CSC |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ ñ | ▪ B3.2. Tipos de innovación. Importancia para a sociedade.<br>▪ B3.4. Principias liñas de I+D+i actuais para o sector industrial. | ▪ B3.3. Compilar, analizar e discriminar información sobre tipos de innovación en produtos e procesos, a partir de exemplos de empresas punteiras en innovación. | ▪ CAAB3.3.1. Precisa, analiza e argumenta como a innovación é ou pode ser un factor de recuperación económica dun país. | ▪ CSIEE<br>▪ CSC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ CAAB3.3.2. Enumera algunhas liñas de I+D+i actuais para as industrias químicas, farmacéuticas, alimentarias e enerxéticas. | ▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B3.5. Utilización de ferramentas das tecnoloxías da información e da co- | ▪ B3.4. Utilizar axeitadamente as tecnoloxías da información de da comuni- | ▪ CAAB3.4.1. Recoñece a importancia das tecnoloxías da información e da co- | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ f<br>▪ g | municación no ciclo de investigación e desenvolvemento. | cación na procura, na selección e no proceso da información encamiñadas á investigación ou ao estudo que relacione o coñecemento científico aplicado á actividade profesional. | municación no ciclo de investigación e desenvolvemento. | ▪ CSC<br>▪ CD |
| | Bloque 4. Proxecto de investigación | | | |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B4.1. Método científico. Elaboración de hipóteses, e a súa comprobación e argumentación a partir da experimentación ou a observación. | ▪ B4.1. Planear, aplicar e integrar as destrezas e as habilidades propias do traballo científico. | ▪ CAAB4.1.1. Integra e aplica as destrezas propias dos métodos da ciencia. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B4.1. Método científico. Elaboración de hipóteses, e a súa comprobación e argumentación a partir da experimentación ou a observación. | ▪ B4.2. Elaborar hipóteses e contrastalas a través da experimentación ou a observación e a argumentación. | ▪ CAAB4.2.1. Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón. | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ h<br>▪ o | ▪ B4.2. Artigo científico. Fontes de divulgación científica. | ▪ B4.3. Discriminar e decidir sobre as fontes de información e os métodos empregados para a súa obtención. | ▪ CAAB4.3.1. Utiliza fontes de información apoiándose nas tecnoloxías da información e da comunicación, para a elaboración e a presentación das súas investigacións. | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g | ▪ B4.3. Proxecto de investigación: organización. Participación e colaboración respectuosa no traballo individual e en equipo. Presentación de conclusións. | ▪ B4.4. Participar, valorar e respectar o traballo individual e en grupo. | ▪ CAAB4.4.1. Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo. | ▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



| | Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ o | ▪ B4.3. Proxecto de investigación: organización. Participación e colaboración respectuosa no traballo individual e en equipo. Presentación de conclusións. | ▪ B4.5. Presentar e defender en público o proxecto de investigación realizado. | ▪ CAAB4.5.1. Deseña pequenos traballos de investigación sobre un tema de interese científico-tecnolóxico ou relativo a animais e/ou plantas, os ecosistemas do seu contorno ou a alimentación e a nutrición humanas, para a súa presentación e defensa na aula. | ▪ CCL<br>▪ CSIEE<br>▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ CAAB4.5.2. Expresa con precisión e coherencia as conclusións das súas investigacións, tanto verbalmente como por escrito. | ▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

## Cultura Audiovisual

### Introdución

Esta materia pretende iniciar os/as estudantes na fabricación das súas propias imaxes e dos seus propios produtos audiovisuais, de natureza tanto estática (como a fotografía) como dinámica (como o vídeo). Para isto cómpre que o alumnado estea en situación de analizar, relacionar e comprender os elementos que forman parte da cultura audiovisual do noso tempo.

A cantidade de información que circula na actualidade, construída a partir de elementos técnicos audiovisuais (fotografía, cine, vídeo, televisión e mesmo radio) é dunha importancia e dunha magnitude dunhas dimensións que nunca se deron na historia da humanidade. A sociedade moderna ten como un dos seus sinais de identidade a presenza de imaxes dixitais en practicamente calquera actividade que desenvolva.

Desde as orixes da humanidade, no paleolítico, a evolución social dos pobos tivo a súa plasmación gráfica, en representacións icónicas ao longo do tempo, na que se reflicte o ámbito en que viven, utilizando para iso variadas ferramentas ao longo do tempo (nomeadamente o debuxo, a escultura e a pintura). A aparición da fotografía e o cine no século XIX trouxo un novo xeito de reflectir a realidade, baseado na impresión da imaxe nunha película. Unha das novidades do novo produto foi que a imaxe obtida gozou desde a súa orixe de percepción por parte da sociedade de imaxe verosímil e sen manipular, é dicir, de reflexo certo do real que alí se reflectía. Xunto a isto, a posibilidade de reprodución, practicamente ilimitada, destes elementos permitiu o acceso a esta información á maioría da sociedade, preferentemente occidental, abranguendo, probablemente por primeira vez na historia, todas as capas sociais. Desde entón, a sociedade viviu unha nova relación de comunicación entre os seus elementos, baseada dun modo crecente en medios audiovisuais. A historia do século XX non se pode concibir sen o uso da imaxe e o son como ferramentas de datación e avaliación dos feitos acontecidos; analizar calquera fito histórico e non recorrer a algún tipo de imaxe fotográfica ou cinematográfica asociada é unha tarefa difícil de concibir na mentalidade actual.

O século XXI presenta na súa cabeceira unha nova revolución social nas comunicacións: a era dixital e internet. Estes dous elementos están a supor un cambio tal nos comportamentos sociais que custa aventurar cara a onde camiñan as novas xeracións nacidas dentro deste sistema de información e intercambio de datos. Por primeira vez na historia practicamente todo o mundo, en todos os países, ten ferramentas de recepción e envío de información no instante, información que se constrúe coas ferramentas que esta materia trata de analizar para facilitar a apren-

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

dizaxe.

Unha circunstancia recente xurdida das novas plataformas dixitais é a posibilidade de publicar na rede produtos construídos con moi poucos medios técnicos e á marxe da industria dedicada á produción dixital. Estas producións individuais poden ser vistas e/ou escoitadas por millóns de persoas. Por vez primeira na historia, os/as creativos/as poden alcanzar o recoñecemento da súa obra sen pasar polo filtro da industria audiovisual. Este apoio inicial serve como indicativo de calidade para unha posterior integración de novos/as creadores/as dentro da industria audiovisual. Por outra banda, a facilidade de exposición do material ("subir á rede") non supón un aumento da calidade do creado; moi ao contrario, a realidade indícanos que a posibilidade ilimitada de xerar fotos, vídeos, blogs e páxinas web sen a axuda do criterio razoado da industria está a inundar o mercado audiovisual de produtos de calidade moi deficiente. Resulta pertinente, xa que logo, que os alumnos e as alumnas entendan a importancia do proceso creativo e a súa relación inescusable coa industria que se encarga de xestionalo.

Outra das novidades que presenta o mundo dixital actual, que o diferencia das súas orixes (sistemas analóxicos), é a posibilidade de xeración de imaxes artificiais ou alteradas dun modo dificilmente distinguible da imaxe obtida por pura impresión da realidade. Os modernos sistemas dixitais de edición permiten crear ou modificar a realidade da imaxe cunha calidade dificilmente distinguible da simple plasmación da realidade nun fotograma de celuloide.

Por tanto, faise necesario e pertinente facilitarlle ao alumnado ferramentas técnicas e educativas que lle axuden a xestionar a marea de datos, información, imaxes, sons e posibilidades creativas que diariamente recibe en case todos os ámbitos nos que se desenvolve a súa vida. A intensidade e a efectividade que conseguen as creacións plásticas realizadas en soporte dixital son, indubidablemente, dunha forza impresionante, posto que combinan sabia ou atinadamente imaxes, música e mensaxes sonoras.

Trátase, daquela, de que o alumnado comprenda e analice a cultura audiovisual da sociedade na que vive e os medios de produción utilizados para xerala; deste xeito, poderá ser quen de desenvolver un sentido crítico e persoal, para ordenar a información recibida e temperar a intensidade da potencia icónica que o mundo audiovisual xera.

A adquisición de competencias para a análise dos elementos expresivos e técnicos, e a dotación de conciencia crítica, debe servir para crear unha cidadanía máis responsable, crítica e participativa.

Esta materia ten un carácter propedéutico necesario e básico para o seu desenvolvemento en etapas posteriores, xa sexa en estudos universitarios de comunicación audiovisual e publicidade, belas artes, etc., ou xa nos de formación profesional de imaxe e son e nas ensinanzas artísticas.

Neste sentido, o ensino desta materia estrutúrase en dous camiños paralelos e complementarios. O primeiro deles

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



é a análise dos produtos que se presentan por medios dixitais: aprender a ver, a escoitar, a discernir o que se di, como se di e por que se lle presenta ao/á espectador/a dun xeito determinado. O segundo é a creación por parte do alumnado de produtos audiovisuais; aprender o proceso creativo dos produtos audiovisuais é, probablemente, unha das mellores ferramentas para o desenvolvemento persoal e humano, que lles podemos facilitar aos alumnos e ás alumnas para a comprensión dos contidos que reciben por medios dixitais.

Estas dúas vías son, por tanto, imprescindibles e complementarias na formación; cada unha axuda a outra para camiñar xuntas no obxectivo de formar o alumnado nunha materia tan apaixonante como é a creación audiovisual.

O alumnado necesitará saber ler os produtos audiovisuais para comprender a súa mensaxe e, de xeito complementario, empezar a xerar produtos dixitais, co fin de se comunicar e coñecer mellor a realidade da cultura audiovisual.

Cultura Audiovisual desenvólvese durante dous cursos académicos, co criterio organizador de afianzar no primeiro curso de bacharelato as habilidades e os coñecementos necesarios para o seu desenvolvemento, e a súa aplicación técnica no segundo curso. No primeiro curso o alumnado analizará a evolución dos medios e das linguaxes audiovisuais, e as funcións e as características da imaxe fixa e en movemento, co fin de crear narracións audiovisuais sinxelas. No segundo curso analizará a importancia da función expresiva da imaxe, o son e a música no proceso de creación de audiovisuais e, así mesmo, comprenderá a organización da produción de audiovisuais e as características dos novos medios e das mensaxes publicitarias, co fin de valorar e realizar produtos audiovisuais sinxelos.

1º de bacharelato

| | Cultura Audiovisual I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Imaxe e significado | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ n | ▪ B1.1. Imaxe representada: funcións e forma. | ▪ B1.1. Explicar as funcións da imaxe representada: simbólica, relixiosa, lúdica, decorativa, xerárquica, educativa, etc. | ▪ CA1B1.1.1. Analiza imaxes da historia da arte e explica as funcións ás que estaban destinadas. | ▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Cultura Audiovisual I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ n | ▪ B1.2. Evolución da construción de imaxes fixas ao longo da historia da arte | ▪ B1.2. Recoñecer e diferenciar as principais formas de representación icónica: simbolismo, realismo, expresionismo, naturalismo, idealismo e abstracción. | ▪ CA1B1.2.1. Compara imaxes da historia da arte (por exemplo: hieratismo exipcio, helenismo grego, simbolismo románico, dramatismo barroco, realismo decimonónico, etc.) e establece as súas diferenzas formais. | ▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ n | ▪ B1.3. Medios audiovisuais: características principais. | ▪ B1.3. Analizar as características principais da fotografía, o son, o cine, a televisión e os produtos dixitais en internet. | ▪ CA1B1.3.1. Analiza as similitudes nos tratamentos formais entre a arte tradicional e a fotografía. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ CA1B1.3.2. Compara o tratamento formal da pintura e a fotografía do século XIX: retrato, paisaxe, eventos históricos, etc. | ▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ n | ▪ B1.4. Evolución dos medios e das linguaxes audiovisuais. Linguaxe dos novos medios. Comparativa histórica dos fitos da fotografía, o cine, a televisión, a radio, o multimedia e os novos medios. O mundo audiovisual como representación do mundo real. Funcións da imaxe.<br>▪ B1.5. Transcendencia da valoración expresiva e estética das imaxes e da observación critica das mensaxes. | ▪ B1.4. Valorar a importancia da evolución dos medios e das linguaxes audiovisuais nos medios de comunicación nas sociedades actuais, e a interrelación creativa que brindan as tecnoloxías da información e da comunicación. | ▪ CA1B1.4.1. Explica as principais características dos sistemas audiovisuais, as súas relacións e as súas diferenzas. | ▪ CCL |
| | | | ▪ CA1B1.4.2. Establece as diferenzas entre imaxe e realidade, e as súas diversas formas de representación. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ CA1B1.4.3. Analiza os avances que se produciron ao longo da historia no campo das tecnoloxías da información e da comunicación, e na evolución estética das mensaxes audiovisuais. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ CA1B1.4.4. Valora os contidos multimedia e dos novos medios na representación da realidade. | ▪ CD |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Cultura Audiovisual I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 2. A imaxe fixa e a súa capacidade expresiva | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ n | ▪ B2.1. Características propias da imaxe fotográfica, en relación a outras imaxes fixas. | ▪ B2.1. Recoñecer as propiedades diferenciadoras da imaxe fotográfica. | ▪ CA1B2.1.1. Establece as diferenzas entre imaxe pousada, instantánea, e captura do movemento. | ▪ CD |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B2.2. Encadramento na imaxe fixa. | ▪ B2.2. Analizar as composicións fotográficas, valorando a disposición dos elementos dentro do espazo físico da imaxe. | ▪ CA1B2.2.1. Realiza fotografías de primeiro plano, plano detalle, panorámicas, picados e contrapicados, analiza os resultados obtidos e valora a súa correspondencia gráfica con traballos similares de artistas coñecidos/as. | ▪ CD |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B2.3. Fotografía en branco e negro: características principais. | ▪ B2.3. Analizar a capacidade expresiva da imaxe en branco e negro, e a súa utilización como alternativa á fotografía en cor. | ▪ CA1B2.3.1. Analiza a obra gráfica de fotógrafos/as que traballen en branco e negro, como Martín Chambi, Irvin Penn, Cecil Beaton, Ansel Adams, etc. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ CA1B2.3.2. Realiza dous tratamentos de elaboración dixital a unha mesma composición, en branco e negro e en cor, e analiza o resultado estético e semántico diferente. | ▪ CD |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ n | ▪ B2.4. Fotografía en cor: características principais. | ▪ B2.4. Analizar a composición da cor a través do sistema RGB. | ▪ CA1B2.4.1. Analiza o sistema RGB de construción da cor. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ CA1B2.4.2. Compara a obra dos/das principais fotógrafos/as e artistas no tratamento da cor, como Ernst Haas, Andy Warhol, Howard Schatz, Ouka Lele, etc. | ▪ CCEC |

| Cultura Audiovisual I. 1º de bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B2.4. Fotografía en cor: características principais. | ▪ B2.5. Analizar o uso da cor na imaxe fixa: saturación, matiz, investimento, etc. | ▪ CA1B2.5.1. Realiza composicións en cor e altera o cromatismo mediante tratamento dixital, e logo analiza os resultados obtidos. | ▪ CD |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ n | ▪ B2.5. A fotografía como instrumento de denuncia social e o seu uso como imaxe do poder político. | ▪ B2.6. Identificar os patróns icónicos da fotografía como instrumento de difusión da inxustiza social. | ▪ CA1B2.6.1. Analiza a obra e a transcendencia social dos traballos de Dorothea Lange, Sabastião Salgado, Kevin Carter, Manuel Pérez Barriopedro, Cristina García Rodero, Gervasio Sánchez, etc. | ▪ CSC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B2.5. A fotografía como instrumento de denuncia social e o seu uso como imaxe do poder político. | ▪ B2.7. Analizar as formas de expresar o poder político a través dos tempos, e a imaxe oficial a través de escultura ou a pintura, e valorar as similitudes entre a imaxe clásica e a fotográfica. | ▪ CA1B2.7.1. Realiza unha composición en que se analicen as formas de expresar o poder político a través dos tempos (faraóns, emperadores, reis, presidentes, etc.), e analiza as similitudes entre a imaxe clásica e a fotográfica. | ▪ CSC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ n | ▪ B2.6. Fotografía de moda. Condicionantes plásticos e económicos. Obra gráfica de Mario Testino, Jaume de Laiguana e Eugenio Recuenco. | ▪ B2.8. Expor e comentar as claves plásticas da obra de fotógrafos/as da moda. | ▪ CA1B2.8.1. Explica as claves plásticas e compositivas da obra fotográfica e/ou videográfica de Mario Testino, Jaume de Laiguana e Eugenio Recuenco, etc. | ▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ n | ▪ B2.7. Realidade paradoxal. Obra gráfica de Chema Madoz. | ▪ B2.9. Reflexionar acerca da relación entre a imaxe e a realidade xurdida na obra gráfica de Chema Madoz. | ▪ CA1B2.9.1. Comenta a creación plástica de Chema Madoz, analizando o xogo entre a realidade e a percepción paradoxal desta na súa obra. | ▪ CAA |
| ▪ b | ▪ B2.8. Elementos expresivos e usos | ▪ B2.10. Analizar as funcións da | ▪ CA1B2.10.1. Analiza os elementos | ▪ CCEC |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Cultura Audiovisual I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ n | da imaxe fixa. Códigos que configuran as linguaxes.<br>▪ B2.9. Función ilustradora da imaxe (imaxe e texto).<br>▪ B2.10. Composición de imaxes fixas. Ritmo visual.<br>▪ B2.11. Narración mediante imaxes fixas (carteis, historieta gráfica e presentacións). Guión da historieta. Elaboración de historias gráficas mediante imaxes de uso público. A fotografía na publicidade.<br>▪ B2.12. Técnicas dixitais no deseño, na manipulación e creación de imaxes.<br>▪ B2.13. Tratamento de imaxes dixitais. | imaxe fixa empregadas para satisfacer as necesidades expresivas da sociedade actual, e aplicalas na elaboración de imaxes dixitais. | espaciais, as características básicas, o significado e o sentido empregados na lectura de imaxes fixas. | |
| | | | ▪ CA1B2.10.2. Analiza as funcións do ritmo na composición de imaxes fixas. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ CA1B2.10.3. Valora os usos da imaxe fotográfica nos medios de comunicación e nos novos medios. | ▪ CSC |
| | | | ▪ CA1B2.10.4. Recoñece e valora que se respecte a autoría na elaboración e na distribución de fotografías por internet. | ▪ CSC |
| | | | ▪ CA1B2.10.5. Analiza os sistemas actuais dixitais de captación e tratamento fotográfico. | ▪ CD |
| | Bloque 3. A imaxe en movemento e a súa capacidade expresiva | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ n | ▪ B3.1. Fundamentos perceptivos da imaxe en movemento. Ilusión de movemento. | ▪ B3.1. Analizar a técnica de exposición de imaxes fixas para simular movemento, desde o principio do cine, pasando pola televisión, ata a imaxe dixital actual. | ▪ CA1B3.1.1. Diferencia as principais características técnicas dos sistemas cine PAL e NTSC na reprodución de imaxes. | ▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B3.2. Composición expresiva do cadro de imaxe no cine e en televisión. Función da iluminación. | ▪ B3.2. Analizar as funcións e as características comunicativas da imaxe en movemento empregadas para satisfacer as necesidades expresivas da sociedade actual, e | ▪ CA1B3.2.1. Analiza os elementos espaciais e temporais, as características básicas, o significado e o sentido na lectura de imaxes en movemento. | ▪ CCEC |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Cultura Audiovisual I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ n | | aplicalas na elaboración de producións dixitais sinxelas. | ▪ CA1B3.2.2. Identifica e analiza os elementos expresivos e estéticos utilizados nas producións audiovisuais (película cinematográfica, programa de televisión, etc.). | ▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ n | ▪ B3.3. Características técnicas da imaxe cinematográfica e videográfica, da imaxe televisiva e dos audiovisuais. 3D. | ▪ B3.3. Diferenciar a calidade da imaxe obtida por diferentes medios dixitais no relativo a resolución, brillo, luminosidade, etc. | ▪ CA1B3.3.1. Valora a función da iluminación como compoñente expresivo na construción do plano de imaxe. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ CA1B3.3.2. Identifica os sistemas técnicos de captación e edición dixital en producións audiovisuais. | ▪ CD |
| | | | ▪ CA1B3.3.3. Analiza as características dos sistemas de captación e proxección de imaxes en 3D | ▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ n | ▪ B3.4. Sistemas de captación de imaxes en movemento. Sistemas tradicionais analóxicos e modernos sistemas dixitais. | ▪ B3.4. Analizar as características técnicas necesarias para a creación de efectos: cámara rápida, lenta e *bullet time*. | ▪ CA1B3.4.1. Analiza pezas videográficas ou cinematográficas en que se apliquen efectos de movemento (intencionados ou técnicos). | ▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ n | ▪ B3.5. Características expresivas da velocidade de reprodución de imaxes: cine mudo; cámara lenta; *bullet time*. | ▪ B3.5. Valorar os resultados expresivos obtidos ao alterar a velocidade de reprodución das imaxes en movemento. | ▪ CA1B3.5.1. Realiza modificacións en pezas videográficas alterando a velocidade de reprodución e os parámetros relacionados co tamaño de imaxe, e analiza o resultado obtido. | ▪ CD |
| | Bloque 4. Narrativa audiovisual | | | |

| | Cultura Audiovisual I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ n | ▪ B4.1. Narración da imaxe en movemento. Plano e secuencia. | ▪ B4.1. Relacionar a construción do plano de imaxe e a súa capacidade narrativa. | ▪ CA1B4.1.1. Relaciona os elementos formais do plano e a súa consecuencia narrativa. | ▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ n | ▪ B4.2. Planos de imaxe. Movementos de cámara.<br>▪ B4.3. Diálogo no cine: plano e contraplano.<br>▪ B4.4. Plano secuencia. | ▪ B4.2. Diferenciar os principais tipos de plano de imaxe. | ▪ CA1B4.2.1. Analiza nunha obra cinematográfica a construción narrativa dos planos e a secuencia. | ▪ CAA |
| | | | ▪ CA1B4.2.2. Comenta a construción do plano-contraplano nun diálogo, a partir dunha obra cinematográfica. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ CA1B4.2.3. Explica a complexidade técnica da construción dun plano secuencia, utilizando, entre outras pezas posibles, "A soga" de Alfred Hitchcock; "Sede de mal" de Orson Welles e "Son Cuba" de Mikhail Kalatofov. | ▪ CD |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ n | ▪ B4.5. Relacións espazo-temporais na narración audiovisual. Flash-forward e flashback. | ▪ B4.3. Analizar a importancia narrativa do flashback na construción narrativa cinematográfica. | ▪ CA1B4.3.1. Comenta a transcendencia narrativa do flashback en obras cinematográficas de relevancia. | ▪ CSIEE |
| | | | ▪ CA1B4.3.2. Analiza o significado narrativo do flashback en series para televisión. | ▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ n | ▪ B4.6. Literatura e guión cinematográfico. Sinopse. Escaleta. Guión literario. Secuencia. Guión técnico. Storyboard. | ▪ B4.4. Identificar en obras cinematográficas de relevancia a súa estrutura narrativa. | ▪ CA1B4.4.1. Analiza a estrutura narrativa de obras significativas da historia do cine. | ▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Cultura Audiovisual I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ n | ▪ B4.7. Montaxe audiovisual. | ▪ B4.5. Recoñecer as diferenzas entre a realidade e a representación que ofrecen as imaxes en movemento, analizando os aspectos narrativos dos produtos audiovisuais e aplicando criterios expresivos. | ▪ CA1B4.5.1. Identifica e analiza os elementos técnicos, expresivos e estéticos utilizados nas producións audiovisuais, e aplicalos na valoración de diversos produtos (película cinematográfica, programa de televisión, etc.). | ▪ CAA |
| | | | ▪ CA1B4.5.2. Especifica a tipoloxía de xénero, a intencionalidade comunicativa e os códigos expresivos empregados na realización de películas e programas de televisión, a partir da súa visión e da súa análise. | ▪ CSC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ n | ▪ B4.8. Xéneros cinematográficos. Xéneros televisivos. Cine de ficción e documental. Cine de animación. | ▪ B4.6. Identificar e analizar os elementos técnicos, expresivos e estéticos utilizados nas producións audiovisuais. | ▪ CA1B4.6.1. Analiza producións multimedia interactivas e de novos medios, identificando as características dos produtos e as súas posibilidades. | ▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ n | ▪ B4.9. Narrativa dos produtos interactivos. | ▪ B4.7. Identificar as posibilidades das tecnoloxías da información e da comunicación, con especial atención aos medios de comunicación de libre acceso, como internet | ▪ CA1B.4.7.1. Identifica e explica as posibilidades das tecnoloxías da información e da comunicación, con especial atención aos medios de comunicación de libre acceso, como internet. | ▪ CCEC |

## 2º de bacharelato

| | Cultura Audiovisual II. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Cultura Audiovisual II. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Integración de son e imaxe na creación de audiovisuais e novos medios | | | |
| ▪ d<br>▪ g<br>▪ i | ▪ B1.1. Función expresiva do son: características técnicas. | ▪ B1.1. Analizar as características técnicas do son, como a lonxitude e a frecuencia de onda, e o timbre. | ▪ CA2B1.1.1. Explica as características físicas do son, e o proceso de creación e difusión. | ▪ CMCCT |
| ▪ d<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ m | ▪ B1.2. Gravación do son: tipos esenciais de microfonía. | ▪ B1.2. Diferenciar os sistemas de captación microfónica a partir das necesidades de obtención do son | ▪ CA2B1.2.1. Realiza gravacións de son con aparellos sinxelos e valora os resultados obtidos. | ▪ CD<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ m | ▪ B1.3. A gravación e difusión musical. Sistemas monofónicos, estereofónicos, dolby surround, 5.1, mp3 e outros posibles. | ▪ B1.3. Diferenciar as características técnicas principais de gravación e difusión de sons a través de diferentes sistemas (monofónicos, estereofónicos, dolby surround, 5.1, mp3, etc.). | ▪ CA2B1.3.1. Realiza edición dixital, convertendo pezas musicais dun sistema de son a outro (mono-estéreo, PCM wav, aiff-mp3) e avalía os resultados (tamaño, calidade, destino final, etc.). | ▪ CD |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B1.4. A relación perceptiva entre imaxe e son: diálogos, voz en off, efectos especiais e música. | ▪ B1.4. Explicar a relación entre a imaxe e o son. | ▪ CA2B1.4.1. Constrúe pezas audiovisuais combinando imaxe e son, que integren voz en off, pezas musicais e efectos na narración visual. | ▪ CD |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ n | ▪ B1.5. Adecuación da música e dos sons ás intencións expresivas e comunicativas. Integración do son nas producións audiovisuais. | ▪ B1.5. Analizar o resultado perceptivo obtido ao modificar os elementos sonoros nunha produción audiovisual. | ▪ CA2B1.5.1. Analiza o valor funcional, expresivo e comunicativo dos recursos sonoros (voz, efectos e música) empregados nunha produción radiofónica ou na banda sonora dunha produción audiovisual. | ▪ CSIEE |
| | | | ▪ CA2B1.5.2. Observa produtos audiovisuais e valora as funcións | ▪ CD |

| | Cultura Audiovisual II. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | comunicativas e estéticas da integración de imaxe e son. | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ n | ▪ B1.6. Elementos expresivos do son en relación coa imaxe. Funcións da banda sonora.<br>▪ B1.7. A banda sonora na historia do cine. Grandes creadores. | ▪ B1.6. Analizar a calidade da composición musical nas bandas sonoras para o cine e a súa importancia no conxunto total da película. | ▪ CA2B1.6.1. Relaciona a banda sonora de películas emblemáticas e a súa importancia na calidade do conxunto total da obra fílmica realizada. | ▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ n | ▪ B1.8. A banda sonora no cine español. Principais compositores: Augusto Algueró, Roque Baños, Bernardo Bonezzi, Carmelo Bernaola, Antón García Abril, Alberto Iglesias, José Nieto, Alfonso Santisteban, Adolfo Waitzman, etc. | ▪ B1.7. Explicar a evolución do cine español a través das bandas sonoras de películas emblemáticas e compositores salientables. | ▪ CA2B1.7.1. Analiza a composición musical de bandas sonoras en España, e valora a calidade da construción musical realizada. | ▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ n | ▪ B1.9. Os fitos históricos do proceso de transformación nas linguaxes e nos medios técnicos no paso do cine mudo ao cine sonoro. | ▪ B1.8. Valorar a importancia da función expresiva da imaxe, o son e a música no proceso de creación de audiovisuais e de novos medios, analizando as funcións comunicativas e estéticas dos produtos audiovisuais. | ▪ CA2B1.8.1. Recoñece as diferenzas entre a realidade e a representación que nos ofrecen os medios sonoros. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ CA2B1.8.2. Identifica as funcións e as necesidades dos sistemas técnicos empregados na integración de imaxe e son nun audiovisual ou en novos medios. | ▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ n | ▪ B1.10. O *Slapstick* na obra de Max Sennet, Max Linder e Charlie Chaplin. | ▪ B1.9. Analizar a técnica narrativa do cine mudo e as súas características técnicas. | ▪ CA2B1.9.1. Explica as características principais da narrativa visual do cine mudo, facendo referencia a escenas emblemáticas da historia deste cine. | ▪ CD |
| ▪ b<br>▪ d | ▪ B1.11. A comedia visual en Buster Keaton e Harold Lloyd. | ▪ B1.10. Comentar as diferenzas entre os gags visuais e sonoros no | ▪ CA2B1.10.1. Comenta as diferenzas narrativas entre a comedia de | ▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



Diario Oficial de Galicia

| | Cultura Audiovisual II. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ n | | cine. | chiste visual e sonoro | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ n | ▪ B1.12. Comedia dialogada. A obra cinematográfica de Woody Allen.<br>▪ B1.13. Comedia coral. A obra cinematográfica de Luis García Berlanga. | ▪ B1.11. Expor a complexidade técnica da comedia coral. | ▪ CA2B1.11.1. Analiza a composición visual nas comedias corais e explica a complexidade técnica da súa resolución narrativa. | ▪ CMCCT |
| | Bloque 2. Características da produción audiovisual e multimedia en diferentes medios | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ n | ▪ B2.1. A industria cinematográfica, videográfica e televisiva segundo a evolución histórica das actividades de produción audiovisual.<br>▪ B2.2. Organigramas e funcións profesionais na produción de produtos audiovisuais. | ▪ B2.1. Comentar o resultado artístico e técnico que utilizan os creadores na industria do cine e o teatro acerca do mundo do espectáculo. | ▪ CA2B2.1.1. Analiza a visión do mundo do cine en películas representativas. | ▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ n | ▪ B2.3. Proceso de produción audiovisual e multimedia.<br>▪ B2.4. Creación de imaxes en movemento e efectos dixitais. | ▪ B2.2. Analizar as características técnicas e expresivas de diferentes medios de comunicación, así como as súas posibilidades informativas e comunicativas, e identificar os tipos de destinatarios das mensaxes. | ▪ CA2B2.2.1. Relaciona a evolución histórica da produción audiovisual e da radiodifusión coas necesidades e as características dos produtos demandados pola sociedade. | ▪ CSC |
| | | | ▪ CA2B2.2.2. Recoñece as funcións dos equipos técnicos humanos que interveñen nas producións audiovisuais e nos multimedia. | ▪ CD |
| | | | ▪ CA2B2.2.3. Compara as características fundamentais das persoas destinatarias da programación de emisións de radio e televisión. | ▪ CAA |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

DOG Diario Oficial de Galicia
DOG Núm. 120 Luns, 29 de xuño de 2015 Páx. 25583

| | Cultura Audiovisual II. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ n | ▪ B2.5. Edición e posprodución de documentos multimedia. | ▪ B2.3. Analizar os procesos técnicos que se realizan na posprodución de pezas audiovisuais. | ▪ CA2B.2.3.1. Describe a posprodución, a finalidade e as técnicas aplicadas á creación audiovisual. | ▪ CD |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ n | ▪ B2.6. Efectos na historia do cine e a televisión: noite americana, dobre exposición, croma e edición dixital.<br>▪ B2.7. Condicionantes do deseño universal. | ▪ B2.4. Valorar a complexidade técnica e os resultados prácticos obtidos na fabricación de efectos para cine e televisión. | ▪ CA2.B2.4.1. Analiza a evolución dos efectos no cine. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ CA2B2.4.2. Valora a necesidade da audiodescrición e da subtitulación de produtos audiovisuais e multimedia. | ▪ CSC |
| | Bloque 3. Os medios de comunicación audiovisual | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ n | ▪ B3.1. Linguaxe da televisión. Características técnicas e expresivas. Xéneros e formatos de programas de televisión. A televisión do futuro. Televisión interactiva.<br>▪ B3.2. Fitos da televisión na linguaxe audiovisual. | ▪ B3.1. Valorar o uso e o acceso aos novos medios en relación coas necesidades comunicativas actuais e as necesidades dos servizos públicos de comunicación audiovisual tradicional. | ▪ CA2B3.1.1. Analiza producións radiofónicas e televisivas identificando as características dos xéneros e distinguindo os estereotipos máis comúns presentes nos produtos audiovisuais. | ▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ n | ▪ B3.3. A televisión en España. Tipoloxías de programas para televisión e a súa realización: informativos, entretemento, drama, comedia, terror, musicais, concursos, etc.<br>▪ B3.4. Grandes realizadores/as. | ▪ B3.2. Analizar a importancia creativa, técnica e histórica dos/das principais realizadores/as da televisión en España. | ▪ CA2B.3.2.1. Analiza pezas emblemáticas dos/das principais realizadores/as de televisión en España e comenta a calidade do produto realizado. | ▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g | ▪ B3.5. Radio: características técnicas e expresivas. Xéneros e formatos de programas de radio (informativo, revista, retransmisión | ▪ B3.3. Explicar as características principais da retransmisión radiofónica. | ▪ CA2B3.3.1. Comenta as principais características da retransmisión radiofónica e a evolución desde o seu inicio ata os sistemas dixitais | ▪ CAA |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Cultura Audiovisual II. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ h<br>▪ n | deportiva, etc.): características. | | actuais. | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ n | ▪ B3.6. Radio interactiva. | ▪ B3.4. Comentar as diferenzas de formulación narrativa dos xéneros radiofónicos, e establecer as súas características principais. | ▪ CA2B3.4.1. Identifica as características principais dos xéneros radiofónicos. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ CA2B3.4.2. Analiza a estrutura dos principais xéneros radiofónicos e establece as súas diferenzas principais: presentación, ritmo narrativo, locución, recursos musicais e sonoros, etc. | ▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B3.7. Estudo de audiencias e programación. Características da obtención dos datos de audiencia. Sistemas de elaboración estatística de resultados e transcendencia na produción audiovisual. | ▪ B3.5. Analizar e valorar a importancia económica dos índices de audiencia nos ingresos publicitarios das empresas de comunicación. | ▪ CA2B3.5.1. Valora a participación dos estudos de audiencias na programación dos programas de radio e televisión. | ▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ n | ▪ B3.8. A radio e a televisión como servizo público.<br>▪ B3.9. Medios de comunicación audiovisual de libre acceso. Internet e a socialización da información, a comunicación e a creación.<br>▪ B3.10. Uso responsable da rede.<br>▪ B3.11. Liberdade de expresión e dereitos individuais do/da espectador/a. | ▪ B3.6. Identificar e discernir as comunicacións que emiten os medios de difusión, diferenciando información de propaganda comercial. | ▪ CA2B3.6.1. Comenta a importancia dos programas informativos de radio e televisión, e a súa transcendencia social. | ▪ CCL |
| | | | ▪ CA2B3.6.2. Compara a mesma noticia relatada segundo diferentes medios de comunicación e establece conclusións. | ▪ CSIEE |
| | | | ▪ CA2B3.6.3. Valora a influencia dos medios de comunicación a través da rede | ▪ CSC |
| | Bloque 4. A publicidade | | | |

DOG Diario Oficial de Galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Cultura Audiovisual II. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ n | ▪ B4.1. Análise da imaxe publicitaria.<br>▪ B4.2. Publicidade: información, propaganda e sedución.<br>▪ B4.3. Funcións comunicativas e estéticas. | ▪ B4.1. Valorar a dimensión social e de creación de necesidades das mensaxes publicitarias, analizando as funcións comunicativas e estéticas da mensaxe publicitaria. | ▪ CA2B4.1.1. Recoñece as funcións da publicidade, diferenciando os elementos informativos dos relacionados coa emotividade, a sedución e a fascinación. | ▪ CCL |
| | | | ▪ CA2B4.1.2. Analiza imaxes publicitarias relacionando a súa composición e a súa estrutura coa consecución dos seus obxectivos. | ▪ CSIEE |
| | | | ▪ CA2B4.1.3. Xustifica a composición comunicativa e a estrutura de anuncios e mensaxes publicitarias en relación da consecución dos seus obxectivos. | ▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B4.4. Novas formas de publicidade: localización do produto, e publicidade encuberta e subliminar (definicións correctas de ambas as situacións). | ▪ B4.2. Analizar os sistemas de inserción de publicidade nos programas de radio e televisión. | ▪ CA2B4.2.1. Analiza recursos utilizados para inserir publicidade nos programas (anuncio, patrocinio, publicidade encuberta, etc.). | ▪ CSC |
| | | | ▪ CA2B4.2.2. Difire as vantaxes e os inconvenientes de cada recurso. | ▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ n | ▪ B4.2. Publicidade: información, propaganda e sedución. Estereotipos de xénero. Factores de identificación da publicidade sexista. | ▪ B4.3. Expor as consecuencias sociais do papel dos actores e das actrices cinematográficos/as como xeradores/as de tendencias e a súa relación cos patrocinadores comerciais. | ▪ CA2B4.3.1. Recoñece e explica razoadamente a presenza da publicidade e do patrocinio na imaxe social dos actores e as actrices, e a súa transcendencia social. | ▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B4.5. Publicidade no deporte: claves sociais e económicas.<br>▪ B4.6. Publicidade de dimensión social. Campañas humanitarias. | ▪ B4.4. Comentar a relación entre os triunfos deportivos e a súa asociación a produtos comerciais. | ▪ CA2B4.4.1. Analiza a relación entre o deporte e o patrocinio comercial ou a publicidade | ▪ CAA |

| | Cultura Audiovisual II. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 5. Análise de imaxes e mensaxes multimedia | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ n | ▪ B5.1. Lectura denotativa e connotativa de imaxes. Análise de imaxes fixas e en movemento.<br>▪ B5.2. Análise de produtos multimedia. | ▪ B5.1. Desenvolver actitudes selectivas, críticas e creativas fronte ás mensaxes que recibimos a través das canles de difusión, aplicando solucións expresivas para elaborar pequenas producións audiovisuais. | ▪ CA2B5.1.1. Analiza producións multimedia e de novos medios, e xustifica as solucións comunicativas empregadas | ▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B5.3. Valores formais, estéticos, expresivos e de significado das imaxes.<br>▪ B5.4. Incidencia das mensaxes segundo o emisor e o medio utilizado. | ▪ B5.2. Seleccionar e discernir recursos audiovisuais adaptados a unha necesidade concreta. | ▪ CA2B5.2.1. Compara os contidos comunicativos audiovisuais que se achan en internet e valora a adecuación dos emisores e as súas repercusións. | ▪ CSC |
| | | | ▪ CA2B5.2.2. Recoñece expresivamente e narrativamente un filme, e valora as súas solucións técnicas na creación da mensaxe. | ▪ CCL |
| | | | ▪ CA2B5.2.3. Analiza expresivamente e narrativamente un programa de televisión, e valora as súas solucións comunicativas e o público ao que vai dirixido. | ▪ CAA |
| | | | ▪ CA2B5.2.4. Elabora unha pequena produción audiovisual, aplicando solucións expresivas segundo o xénero e o formato seleccionado. | ▪ CD |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



## Debuxo Técnico

### Introdución

Entre as finalidades de Debuxo Técnico figura de xeito específico dotar o alumnado das competencias necesarias para se poder comunicar graficamente con obxectividade nun mundo cada vez máis complexo, que require do deseño e da fabricación de produtos que resolvan as necesidades presentes e futuras. Esta función comunicativa, grazas ao acordo dunha serie de convencións a escala nacional, comunitaria e internacional, permítenos transmitir, interpretar e comprender ideas ou proxectos de maneira fiable, obxectiva e inequívoca.

O debuxo técnico, xa que logo, emprégase como medio de comunicación en calquera proceso de investigación ou proxecto que se valla dos aspectos visuais das ideas e das formas para visualizar o que se estea a deseñar e, de ser o caso, definir dun xeito claro e exacto o que se desexa producir; é dicir, como linguaxe universal nos seus dous niveis de comunicación: comprender ou interpretar a información codificada, e expresarse ou elaborar información comprensible polas persoas destinatarias.

O alumnado, ao adquirir competencias específicas na interpretación de documentación gráfica elaborada de acordo coa norma nos sistemas de representación convencionais, pode coñecer mellor o mundo. Isto require, ademais do coñecemento das principais normas de debuxo, un desenvolvemento avanzado da súa visión espacial, entendida como a capacidade de abstracción para, por exemplo, visualizar ou imaxinar obxectos tridimensionais representados mediante imaxes planas.

Ademais de comprender a complexa información gráfica que nos rodea, cómpre que o estudante aborde a representación de espazos ou obxectos de calquera tipo e elabore documentos técnicos normalizados que plasmen as súas ideas e os seus proxectos, relacionados tanto co deseño gráfico como coa ideación de espazos arquitectónicos ou coa fabricación artesanal ou industrial de pezas e conxuntos.

Durante o primeiro curso traballase coas competencias relacionadas co debuxo técnico como linguaxe de comunicación e instrumento básico para a comprensión, análise e representación da realidade. Para isto, introdúcense gradualmente e de xeito interrelacionado tres grandes bloques: "Xeometría e debuxo técnico", "Sistemas de representación" e "Normalización". Trátase de que o/a estudante teña unha visión global dos fundamentos do debuxo técnico que lle permita no seguinte curso afondar algúns aspectos desta materia.

Ao longo do segundo curso introdúcese un bloque novo ("Documentación gráfica de proxectos"), en lugar de "Normalización", para a integración das destrezas adquiridas na etapa.

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



Xa que logo, os elementos do currículo básico da materia agrupáronse en tres bloques interrelacionados: "Xeometría e debuxo técnico", "Sistemas de representación" e "Normalización" ou "Documentación gráfica de proxectos".

No primeiro bloque, desenvolvéronse durante os dous cursos que compoñen esta etapa os elementos necesarios para resolver problemas de configuración de formas, ao tempo que se analiza a súa presenza na natureza e na arte ao longo da historia, e as súas aplicacións ao mundo científico e técnico.

De maneira análoga, o bloque dedicado aos sistemas de representación desenvolve os fundamentos, as características e as aplicacións das axonometrías, das perspectivas cónicas e dos sistemas diédrico e de planos cotados. Este bloque débese abordar de xeito integrado para permitir descubrir as relacións entre sistemas e as vantaxes e os inconvenientes de cada un. Ademais, é conveniente potenciar a utilización do debuxo a man alzada como ferramenta de comunicación de ideas e análise de problemas de representación.

O terceiro bloque (sobre a normalización) pretende dotar o/a estudante dos procedementos para simplificar, unificar e obxectivar as representacións gráficas. Este bloque está nomeadamente relacionado co proceso de elaboración de proxectos, obxecto do derradeiro bloque, polo que, aínda que a secuencia establecida sitúa este bloque de maneira específica no primeiro curso, a súa condición de linguaxe universal fai que a súa utilización sexa unha constante ao longo da etapa. O proxecto ten como obxectivo principal que o/a estudante mobilice e interrelacione os elementos adquiridos ao longo de toda a etapa e que os empregue para elaborar e presentar de xeito individual e colectivo os bosquexos, esbozos e planos necesarios para a definición dun proxecto sinxelo relacionado co deseño gráfico, industrial ou arquitectónico.

1º de bacharelato

| | Debuxo Técnico I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Xeometría e debuxo técnico | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i | ▪ B1.1. Trazados xeométricos.<br>▪ B1.2. Instrumentos e materiais do debuxo técnico.<br>▪ B1.3. Recoñecemento da xeometría na natureza.<br>▪ B1.4. Identificación de estruturas | ▪ B1.1. Resolver problemas de configuración de formas poligonais sinxelas no plano coa axuda de utensilios convencionais de debuxo sobre taboleiro, aplicando os fundamentos da xeometría métrica de acordo cun esquema paso a | ▪ DT1.B1.1.1. Deseña, modifica ou reproduce formas baseadas en redes modulares cadradas coa axuda do escuadro e o cartabón, utilizando recursos gráficos para destacar claramente o trazado principal elaborado das liñas auxi- | ▪ CSIEE |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Debuxo Técnico I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ l<br>▪ m | xeométricas na arte.<br>▪ B1.5. Valoración da xeometría como instrumento para o deseño gráfico, industrial e arquitectónico.<br>▪ B1.6. Trazados fundamentais no plano.<br>▪ B1.7. Operacións con segmentos.<br>▪ B1.8. Mediatriz.<br>▪ B1.9. Paralelismo e perpendicularidade.<br>▪ B1.10. Determinación de lugares xeométricos. Aplicacións.<br>▪ B1.11. Elaboración de formas baseadas en redes modulares.<br>▪ B1.12. Circunferencia e círculo.<br>▪ B1.13. Ángulos.<br>▪ B1.14.Trazado de polígonos regulares.<br>▪ B1.15. Resolución gráfica de cuadriláteros e polígonos.<br>▪ B1.16. Representación de formas planas.<br>▪ B1.17. Trazado de formas proporcionais.<br>▪ B1.18. Resolución gráfica de triángulos.<br>▪ B1.19. Determinación, propiedades e aplicacións dos seus puntos notables.<br>▪ B1.20. Proporcionalidade e semellanza.<br>▪ B1.21. Análise de trazado de formas poligonais por triangulación, | paso e/ou unha figura de análise elaborada previamente. | liares utilizadas. | |
| | | | ▪ DT1.B1.1. 2. Determina coa axuda de regra e compás os principais lugares xeométricos de aplicación aos trazados fundamentais no plano, e comproba graficamente o cumprimento das condicións establecidas. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ DT1.B1.1.3. Relaciona as liñas e os puntos notables de triángulos, cuadriláteros e polígonos coas súas propiedades, e identifica as súas aplicacións. | ▪ CAA |
| | | | ▪ DT1.B1.1.4. Comprende as relacións métricas dos ángulos da circunferencia e o círculo, describe as súas propiedades e identifica as súas posibles aplicacións. | ▪ CAA |
| | | | ▪ DT1.B1.1.5. Resolve triángulos coa axuda de regra e compás, aplicando as propiedades das súas liñas e os puntos notables, e os principios xeométricos elementais, e xustifica o procedemento utilizado. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ DT1.B1.1.6. Deseña, modifica ou reproduce cuadriláteros e polígonos analizando as relacións métricas esenciais e resolvendo o seu trazado por triangulación, radiación, itinerario ou relacións de semellanza. | ▪ CSIEE |

| | Debuxo Técnico I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | radiación e itinerario.<br>▪ B1.22. Construción e utilización de escalas gráficas.<br>▪ B1.23. Transformacións xeométricas elementais: xiro, translación, simetría homotecia e afinidade. Identificación de invariantes. Aplicacións. | | ▪ DT1.B1.1.7. Reproduce figuras proporcionais determinando a razón idónea para o espazo de debuxo dispoñible, construíndo a escala gráfica correspondente en función da apreciación establecida e utilizándoa coa precisión requirida. | ▪ CSIEE |
| | | | ▪ DT1.B1.1.8. Comprende as características das transformacións xeométricas elementais (xiro, translación, simetría, homotecia e afinidade), identificando as súas invariantes, e aplícaas para a resolución de problemas xeométricos e para a representación de formas planas. | ▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B1.24. Tanxencias e enlaces.<br>▪ B1.25. Resolución de problemas básicos de tanxencias e enlaces. Aplicacións.<br>▪ B1.26. Construción de curvas técnicas, óvalos, ovoides e espirais.<br>▪ B1.27. Aplicacións da xeometría ao deseño arquitectónico e industrial.<br>▪ B1.28. Xeometría e novas tecnoloxías.<br>▪ B1.29. Aplicacións de debuxo vectorial en 2D.<br>▪ B1.30. Exercicios de aplicación de trazado de tanxencias e enlaces. | ▪ B1.2. Debuxar curvas técnicas e figuras planas compostas por circunferencias e liñas rectas, aplicando os conceptos fundamentais de tanxencias, resaltar a forma final determinada e indicar graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos. | ▪ DT1.B1.2.1. Identifica as relacións entre puntos de tanxencia, centros e raios de circunferencias, analizando figuras compostas por enlaces entre liñas rectas e arcos de circunferencia. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ DT1.B1.2.2. Resolve problemas básicos de tanxencias coa axuda de regra e compás, aplicando con rigor e exactitude as súas propiedades intrínsecas, e utilizando recursos gráficos para destacar claramente o trazado principal elaborado das liñas auxiliares utilizadas. | ▪ CAA |
| | | | ▪ DT1.B1.2.3. Aplica os coñecementos de tanxencias á construción de | ▪ CSIEE |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Debuxo Técnico I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | óvalos, ovoides e espirais, e relaciona a súa forma coas principais aplicacións no deseño arquitectónico e industrial. | |
| | | | ▪ DT1.B1.2.4. Deseña a partir dun bosquexo previo ou reproduce á escala conveniente figuras planas que conteñan enlaces entre liñas rectas e arcos de circunferencia, indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos. | ▪ CSIEE |
| | Bloque 2. Sistemas de representación | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B2.1. Fundamentos dos sistemas de representación.<br>▪ B2.2. Sistemas de representación na arte.<br>▪ B2.3. Evolución histórica dos sistemas de representación.<br>▪ B2.4. Sistemas de representación e debuxo técnico. Ámbitos de aplicación.<br>▪ B2.5. Vantaxes e inconvenientes. Criterios de selección.<br>▪ B2.6. Clases de proxección.<br>▪ B2.7. Sistemas de representación e novas tecnoloxías.<br>▪ B2.8. Aplicacións de debuxo vectorial en 3D.<br>▪ B2.9. Sistema diédrico.<br>▪ B2. 10. Procedementos para a | ▪ B2.1. Relacionar os fundamentos e as características dos sistemas de representación coas súas posibles aplicacións ao debuxo técnico, seleccionando o sistema axeitado ao obxectivo previsto, e identificar as vantaxes e os inconvenientes en función da información que se desexe amosar e dos recursos dispoñibles. | ▪ DT1.B2.1.1. Identifica o sistema de representación empregado a partir da análise de debuxos técnicos, ilustracións ou fotografías de obxectos ou espazos, e determina as características diferenciais e os elementos principais do sistema. | ▪ CCL |
| | | | ▪ DT1.B2. 1. 2. Establece o ámbito de aplicación dos principais sistemas de representación, e ilustra as súas vantaxes e os seus inconvenientes mediante o debuxo a man alzada dun mesmo corpo xeométrico sinxelo. | ▪ CCL |
| | | | ▪ DT1.B2.1.3. Selecciona o sistema de representación idóneo para a definición dun obxecto ou espazo, analizando a complexidade da súa | ▪ CD |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Debuxo Técnico I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | obtención das proxeccións diédricas.<br>▪ B2.11. Disposición normalizada.<br>▪ B2.12. Reversibilidade do sistema. Número de proxeccións suficientes.<br>▪ B2.13. Representación e identificación de puntos, rectas e planos. Posicións no espazo. Paralelismo e perpendicularidade. Pertenza e intersección.<br>▪ B2.14. Proxeccións diédricas de sólidos e espazos sinxelos.<br>▪ B2.15. Seccións planas. Determinación da súa verdadeira magnitude.<br>▪ B2.16. Procedementos para a obtención e disposición das proxeccións diédricas.<br>▪ B2.17. Visualización e debuxo a man alzada de axonometrías a partir das vistas principais de pezas sinxelas.<br>▪ B2.18. Seccións planas. Determinación da súa verdadeira magnitude. | | forma, a finalidade da representación, a exactitude requirida e os recursos informáticos dispoñibles. | |
| | | | ▪ DT1B2.1.4. Comprende os fundamentos do sistema diédrico e describe os procedementos de obtención das proxeccións e a súa disposición normalizada. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ DT1.B2.1.5. Comprende o funcionamento do sistema diédrico, relacionando os seus elementos, convencionalismos e notacións coas proxeccións necesarias para representar inequivocamente a posición de puntos, rectas e planos, e resolve problemas de pertenza, intersección e verdadeira magnitude. | ▪ CAA |
| | | | ▪ DT1.B2.1.6. Deseña ou reproduce formas tridimensionais sinxelas, debuxando a man alzada as súas vistas principais no sistema de proxección ortogonal establecido pola norma de aplicación, dispondo as proxeccións suficientes para a súa definición e identificando os seus elementos de xeito inequívoco. | ▪ CSIEE |
| | | | ▪ DT1.B2.1.7. Visualiza no espazo perspectivo formas tridimensionais sinxelas definidas suficientemente polas súas vistas principais, debuxando a man alzada axonometrías | ▪ CMCCT |

| | Debuxo Técnico I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | convencionais (isometrías e cabaleiras). | |
| | | | ▪ DT1.B2.1.8. Determina seccións planas de obxectos tridimensionais sinxelos, visualizando intuitivamente a súa posición mediante perspectivas a man alzada, debuxando as súas proxeccións diédricas e obtendo a súa verdadeira magnitude. | ▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B2.19. Sistema de planos cotados: aplicacións. | ▪ B2.2. Representar formas tridimensionais sinxelas a partir de perspectivas, fotografías, pezas reais ou espazos do contorno próximo, utilizando o sistema diédrico ou, de ser o caso, o sistema de planos cotados, dispondo de acordo coa norma as proxeccións suficientes para a súa definición e identificando os seus elementos de xeito inequívoco. | ▪ DT1.B2.2.1. Comprende o funcionamento do sistema de planos cotados como unha variante do sistema diédrico que permite rendibilizar os coñecementos adquiridos, ilustra as súas principais aplicacións mediante a resolución de problemas sinxelos de pertenza e intersección e obtén perfís dun terreo a partir das súas curvas de nivel. | ▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B2.20. Sistema axonométrico.<br>▪ B2.21. Fundamentos do sistema. Disposición dos eixes e utilización dos coeficientes de redución.<br>▪ B2.22. Sistema axonométrico ortogonal, perspectivas isométricas, dimétricas e trimétricas.<br>▪ B2.23. Sistema axonométrico oblicuo: perspectivas cabaleiras e militares.<br>▪ B2.24. Aplicación do óvalo isométrico como representación simplifi- | ▪ B2.3. Debuxar perspectivas de formas tridimensionais a partir de pezas reais ou definidas polas súas proxeccións ortogonais, seleccionando a axonometría axeitada ao propósito da representación, dispondo a posición dos eixes en función da importancia relativa das caras que se desexen amosar e utilizando, de ser o caso, os coeficientes de redución determinados. | ▪ DT1.B2.3.1. Realiza perspectivas isométricas de corpos definidos polas súas vistas principais, coa axuda de utensilios de debuxo sobre taboleiro, representando as circunferencias situadas en caras paralelas aos planos coordenados como óvalos en lugar de elipses, simplificando o seu trazado. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ DT1.B2.3.2. Realiza perspectivas cabaleiras ou planimétricas (militares) de corpos ou espazos con | ▪ CCEC |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Debuxo Técnico I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | cada de formas circulares. | | circunferencias situadas en caras paralelas a un só dos planos coordenados, dispondo a súa orientación para simplificar o seu trazado. | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B2.25. Sistema cónico central.<br>▪ B2.26. Elementos do sistema. Plano do cadro e cono visual.<br>▪ B2.27. Determinación do punto de vista e orientación das caras principais.<br>▪ B2.28. Paralelismo. Puntos de fuga. Puntos métricos.<br>▪ B2.29. Representación simplificada da circunferencia.<br>▪ B2.30. Sistema cónico oblicuo.<br>▪ B2.31. Representación simplificada da circunferencia.<br>▪ B2.32. Representación de sólidos nos diferentes sistemas. | ▪ B2.4. Debuxar perspectivas cónicas de formas tridimensionais a partir de espazos do contorno ou definidas polas súas proxeccións ortogonais, e valorar o método seleccionado, considerando a orientación das caras principais respecto do plano do cadro e a repercusión da posición do punto de vista sobre o resultado final. | ▪ DT1.B2.4.1. Comprende os fundamentos da perspectiva cónica e clasifica a súa tipoloxía en función da orientación das caras principais respecto ao plano do cadro e a repercusión da posición do punto de vista sobre o resultado final, determinando o punto principal, a liña do horizonte, os puntos de fuga e os seus puntos de medida. | ▪ CCL |
| | | | ▪ DT1.B2.4.2. Debuxa coa axuda de utensilios de debuxo perspectivas cónicas centrais de corpos ou espazos con circunferencias situadas en caras paralelas a un só dos planos coordenados, dispondo a súa orientación para simplificar o seu trazado. | ▪ CSIEE |
| | | | ▪ DT1.B2.4.3. Representa formas sólidas ou espaciais con arcos de circunferencia en caras horizontais ou verticais, debuxando perspectivas cónicas oblicuas coa axuda de utensilios de debuxo, simplificando a construción das elipses perspectivas mediante o trazado de polígonos circunscritos, trazándoas a man alzada ou coa axuda de patróns de curvas. | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Debuxo Técnico I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 3. Normalización | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B3.1. Elementos da normalización consonte a normativa. | ▪ B3.1. Valorar a normalización como convencionalismo para a comunicación universal que permite simplificar os métodos de produción, asegurar a calidade dos produtos, posibilitar a súa distribución e garantir a súa utilización polo destinatario final. | ▪ DT1.B3.1.1. Describe os obxectivos e os ámbitos de utilización das normas UNE, EN e ISO, e relaciona as específicas do debuxo técnico coa súa aplicación para a elección e a dobra de formatos, para o emprego de escalas, para establecer o valor representativo das liñas, para dispor as vistas e para a cotación. | ▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B3.2. Proxecto: necesidade e ámbito de aplicación das normas.<br>▪ B3.3. Formatos. Dobra de planos.<br>▪ B3.4. Vistas. Liñas normalizadas.<br>▪ B3.5. Aplicacións da normalización.<br>▪ B3.6. Escalas. Cotación.<br>▪ B3.7. Debuxo industrial.<br>▪ B3.6. Escalas. Cotación.<br>▪ B3.8. Debuxo arquitectónico.<br>▪ B3.9. Cortes e seccións. | ▪ B3.2. Aplicar as normas nacionais, europeas e internacionais relacionadas cos principios xerais de representación, formatos, escalas, cotación e métodos de proxección ortográficos e axonométricos, considerando o debuxo técnico coma linguaxe universal, valorando a necesidade de coñecer a súa sintaxe e utilizándoo de forma obxectiva para a interpretación de planos técnicos e a elaboración de bosquexos, esquemas, esbozos e planos. | ▪ DT1.B3.2.1. Obtén as dimensións relevantes de corpos ou espazos representados utilizando escalas normalizadas. | ▪ CSIEE |
| | | | ▪ DT1.B3.2.2. Representa pezas e elementos industriais ou de construción, aplicando as normas referidas aos principais métodos de proxección ortográficos, seleccionando as vistas imprescindibles para a súa definición, dispóndoas axeitadamente e diferenciando o trazado de eixes, liñas vistas e ocultas. | ▪ CAA |
| | | | ▪ DT1.B3.2.3. Cota pezas industriais sinxelas identificando as cotas necesarias para a súa correcta definición dimensional e dispóndoas de acordo coa norma. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ DT1.B3.2.4. Cota espazos arquitectónicos sinxelos identificando | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Debuxo Técnico I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | as cotas necesarias para a súa correcta definición dimensional e dispóndoas de acordo coa norma. | |
| | | | ▪ DT1.B3.2.5. Representa obxectos con ocos mediante cortes e seccións, aplicando as normas básicas correspondentes. | ▪ CSIEE |

## 2º de bacharelato

| | Debuxo Técnico II. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Xeometría e debuxo técnico | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B1.1. Resolución de problemas xeométricos.<br>▪ B1.2. Proporcionalidade. Rectángulo áureo. Aplicacións.<br>▪ B1.3. Construción de figuras planas equivalentes.<br>▪ B1.4. Relación entre os ángulos e a circunferencia. Arco capaz.<br>▪ B1.5. Aplicacións.<br>▪ B1.6. Potencia dun punto respecto a unha circunferencia. Determinación e propiedades do eixe radical e do centro radical. Aplicación á resolución de tanxencias.<br>▪ B1.7. Inversión. Determinación de figuras inversas. Aplicación á re- | ▪ B1.1. Resolver problemas de tanxencias mediante a aplicación das propiedades do arco capaz, dos eixes e centros radicais e/ou da transformación de circunferencias e rectas por inversión, indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos. | ▪ DT2.B1.1.1. Identifica a estrutura xeométrica de obxectos industriais ou arquitectónicos a partir da análise de plantas, alzados, perspectivas ou fotografías, sinalando os seus elementos básicos e determinando as principais relacións de proporcionalidade. | ▪ CCL |
| | | | ▪ DT2.B1.1.2. Determina lugares xeométricos de aplicación ao debuxo aplicando os conceptos de potencia ou inversión. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ DT2.B1.1.3. Transforma por inversión figuras planas compostas por puntos, rectas e circunferencias describindo as súas posibles apli- | ▪ CAA |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Debuxo Técnico II. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | solución de tanxencias. | | cacións á resolución de problemas xeométricos. | |
| | | | ▪ DT2.B1.1.4. Selecciona estratexias para a resolución de problemas xeométricos complexos, analizando as posibles solucións e transformándoos por analoxía noutros problemas máis sinxelos. | ▪ CSIEE |
| | | | ▪ DT2.B1.1.5. Resolve problemas de tanxencias aplicando as propiedades dos eixes e centros radicais, e indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos. | ▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B1.9. Trazado de curvas cónicas e técnicas.<br>▪ B1.10. Curvas cónicas. Orixe, determinación e trazado da elipse, a parábola e a hipérbole.<br>▪ B1.11. Curvas técnicas. Orixe, determinación e trazado das curvas cíclicas e envolventes.<br>▪ B1.12. Resolución de problemas de pertenza, tanxencia e incidencia. Aplicacións.<br>▪ B1.13. Homoloxía. Determinación dos seus elementos. Trazado de figuras homólogas. Aplicacións. | ▪ B1.2. Debuxar curvas cíclicas e cónicas e identificar os seus principais elementos, utilizando as súas propiedades fundamentais para resolver problemas de pertenza, tanxencia ou incidencia. | ▪ DT2.B.1.2.1. Comprende a orixe das curvas cónicas e as relacións métricas entre elementos, describe as súas propiedades e identifica as súas aplicacións. | ▪ CCL |
| | | | ▪ DT2.B1.2.2. Resolve problemas de pertenza, intersección e tanxencias entre liñas rectas e curvas cónicas, aplicando as súas propiedades, e xustifica o procedemento utilizado. | ▪ CAA |
| | | | ▪ DT2.B1.2.3. Traza curvas cónicas logo de determinar os elementos que as definen, tales como eixes, focos, directrices, tanxentes ou asíntotas, resolvendo o seu trazado por puntos ou por homoloxía | ▪ CSIEE |

| | Debuxo Técnico II. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | respecto á circunferencia. | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B1.8. Transformacións xeométricas. Aplicacións.<br>▪ B1.13. Homoloxía. Determinación dos seus elementos. Trazado de figuras homólogas. Aplicacións.<br>▪ B1.8. Transformacións xeométricas. Aplicacións.<br>▪ B1.13. Homoloxía. Determinación dos seus elementos. Trazado de figuras homólogas. Aplicacións.<br>▪ B1.14. Afinidade. Determinación dos seus elementos. Trazado de figuras afíns. Construción da elipse afín a unha circunferencia.<br>▪ B1.15. Trazado de figuras planas complexas utilizando escalas e construcións auxiliares axeitadas. | ▪ B1.3. Relacionar as transformacións homolóxicas coas súas aplicacións á xeometría plana e aos sistemas de representación, valorando a rapidez e a exactitude nos trazados que proporciona a súa utilización. | ▪ DT2.B1.3.1. Comprende as características das transformacións homolóxicas, identifica os seus invariantes xeométricos e describe as súas aplicacións. | ▪ CCL |
| | | | ▪ DT2.B1.3.2. Aplica a homoloxía e a afinidade á resolución de problemas xeométricos e á representación de formas planas. | ▪ CSIEE |
| | | | ▪ DT2.B1.3.3. Deseña a partir dun bosquexo previo ou reproduce á escala conveniente figuras planas complexas, e indica graficamente a construción auxiliar utilizada. | ▪ CMCCT |
| | Bloque 2. Sistemas de representación | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B2.1. Punto, recta e plano no sistema diédrico.<br>▪ B2.2. Resolución de problemas de pertenza, incidencia, paralelismo e perpendicularidade.<br>▪ B2.3. Determinación da verdadeira magnitude de segmentos e formas planas.<br>▪ B2.4. Construción de figuras planas no sistema diédrico.<br>▪ B2.5. Abatemento de planos. Determinación dos seus elementos. Aplicacións. | ▪ B2.1. Valorar a importancia da elaboración de debuxos a man alzada para desenvolver a visión espacial, analizando a posición relativa entre rectas, planos e superficies, identificando as súas relacións métricas para determinar o sistema de representación axeitado e a estratexia idónea que solucione os problemas de representación de corpos ou espazos tridimensionais. | ▪ DT2.B2.1.1. Comprende os fundamentos ou principios xeométricos que condicionan o paralelismo e a perpendicularidade entre rectas e planos, utilizando o sistema diédrico ou, de ser o caso, o sistema de planos cotados como ferramenta base para resolver problemas de pertenza, posición, mínimas distancias e verdadeira magnitude. | ▪ CAA |
| | | | ▪ DT2.B2.1.2. Representa figuras planas contidas en planos parale- | ▪ CSIEE |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Debuxo Técnico II. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | ▪ B2.6. Xiro dun corpo xeométrico. Aplicacións.<br>▪ B2.7. Cambios de plano. Determinación das novas proxeccións. Aplicacións.<br>▪ B2.8. Afinidade entre proxeccións.<br>▪ B2.9. Problema inverso ao abatemento.<br>▪ B2.10. Corpos xeométricos no sistema diédrico.<br>▪ B2.11. Representación de poliedros regulares. Posicións singulares.<br>▪ B2.12. Determinación das súas seccións principais.<br>▪ B2.13. Representación de prismas e pirámides. | | los, perpendiculares ou oblicuos aos planos de proxección, trazando as súas proxeccións diédricas. | |
| | | | ▪ DT2.B2.1.3. Determina a verdadeira magnitude de segmentos, ángulos e figuras planas utilizando xiros, abatementos ou cambios de plano en sistema diédrico e, de ser o caso, no sistema de planos cotados. | ▪ CAA |
| | | | ▪ DT2.B2.1.4. Representa o hexaedro ou cubo en calquera posición respecto aos planos coordenados, o resto dos poliedros regulares, prismas e pirámides en posicións favorables, coa axuda das súas proxeccións diédricas, determinando partes vistas e ocultas. | ▪ CSIE |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B2.14. Representación de cilindros, conos e esferas. Seccións planas.<br>▪ B2.15. Determinación de seccións planas e elaboración de desenvolvementos.<br>▪ B2.16. Interseccións.<br>▪ B2.17. Xiros, abatementos ou cambios de plano para determinar a verdadeira magnitude de elementos de pezas tridimensionais. | ▪ B2.2. Representar poliedros regulares, pirámides, prismas, cilindros e conos mediante as súas proxeccións ortográficas, analizando as posicións singulares respecto aos planos de proxección, determinando as relacións métricas entre os seus elementos, as seccións planas principais e a verdadeira magnitude ou desenvolvemento das superficies que os conforman. | ▪ DT2.B2.2.1. Representa cilindros e conos de revolución aplicando xiros ou cambios de plano para dispor as súas proxeccións diédricas en posición favorable para resolver problemas de medida. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| | | | ▪ DT2.B2.2.2. Determina a sección plana de corpos ou espazos tridimensionais formados por superficies poliédricas, cilíndricas, cónicas e/ou esféricas, debuxando as súas proxeccións diédricas e obtendo a súa verdadeira magnitude. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ DT2.B2.2.3. Acha a intersección | ▪ CMCCT |

| Debuxo Técnico II. 2º de bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | entre liñas rectas e corpos xeométricos coa axuda das súas proxeccións diédricas ou a súa perspectiva, indicando o trazado auxiliar utilizado para a determinación dos puntos de entrada e saída. | |
| | | | ▪ DT2.B2.2.4. Desenvolve superficies poliédricas, cilíndricas e cónicas, coa axuda das súas proxeccións diédricas, utilizando xiros, abatementos ou cambios de plano para obter a verdadeira magnitude das arestas e caras que as conforman. | ▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B2.18. Sistemas axonométricos ortogonais.<br>▪ B2.19. Posición do triedro fundamental.<br>▪ B2.20. Relación entre o triángulo de trazas e os eixes do sistema.<br>▪ B2.21. Determinación de coeficientes de redución.<br>▪ B2.22. Tipoloxía das axonometrías ortogonais. Vantaxes e inconvenientes.<br>▪ B2.23. Representación de figuras planas.<br>▪ B2.24. Representación simplificada da circunferencia.<br>▪ B2.25. Representación de corpos xeométricos e espazos arquitectónicos. Seccións planas. Interseccións. | ▪ B2.3. Debuxar axonometrías de poliedros regulares, pirámides, prismas, cilindros e conos, dispondo a súa posición en función da importancia relativa das caras que se desexen amosar e/ou da conveniencia dos trazados necesarios, utilizando a axuda do abatemento de figuras planas situadas nos planos coordenados, calculando os coeficientes de redución e determinando as seccións planas principais. | ▪ DT2.B2.3.1. Comprende os fundamentos da axonometría ortogonal, clasificando a súa tipoloxía en función da orientación do triedro fundamental, determinando o triángulo de trazas e calculando os coeficientes de redución. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ DT2.B2.3.2. Debuxa axonometrías de corpos ou espazos definidos polas súas vistas principais, dispondo a súa posición en función da importancia relativa das caras que se desexen amosar e/ou da conveniencia dos trazados necesarios. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ DT2.B2.3.3. Determina a sección plana de corpos ou espazos tridimensionais formados por superficies poliédricas, debuxando iso- | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 120 Luns, 29 de xuño de 2015 Páx. 25601

| | Debuxo Técnico II. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | metrías ou perspectivas cabaleiras. | |
| | Bloque 3. Documentación gráfica de proxectos | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B3.1. Elaboración de bosquexos, esbozos e planos.<br>▪ B3.2. Proceso de deseño ou fabricación: perspectiva histórica e situación actual.<br>▪ B3.3. Proxecto: tipos e elementos.<br>▪ B3.4. Planificación de proxectos.<br>▪ B3.5. Identificación das fases dun proxecto. Programación de tarefas.<br>▪ B3.6. Elaboración das primeiras ideas.<br>▪ B3.7. Tipos de planos: de situación, de conxunto, de montaxe, de instalación, de detalle, de fabricación ou de construción.<br>▪ B3.8. Presentación de proxectos.<br>▪ B3.9. Elaboración da documentación gráfica dun proxecto gráfico, industrial ou arquitectónico sinxelo.<br>▪ B3.10. Debuxo de bosquexos a man alzada e esquemas.<br>▪ B3.11. Elaboración de debuxos cotados.<br>▪ B3.12. Elaboración de esbozos de pezas e conxuntos. | ▪ B3.1. Elaborar bosquexos, esbozos e planos necesarios para a definición dun proxecto sinxelo relacionado co deseño industrial ou arquitectónico, valorar a exactitude, a rapidez e a limpeza que proporciona a utilización de aplicacións informáticas, planificar de maneira conxunta o seu desenvolvemento, revisar o avance dos traballos e asumir as tarefas encomendadas con responsabilidade. | ▪ DT2.B3.1.1. Elabora e participa activamente en proxectos cooperativos de construción xeométrica, aplicando estratexias propias adecuadas á linguaxe do debuxo técnico. | ▪ CSC |
| | | | ▪ DT2.B3.1.2. Identifica formas e medidas de obxectos industriais ou arquitectónicos, a partir dos planos técnicos que os definen. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ DT2.B3.1.3. Debuxa bosquexos a man alzada e esbozos cotados para posibilitar a comunicación técnica con outras persoas. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ DT2.B3.1.4. Elabora esbozos de conxuntos e/ou pezas industriais ou obxectos arquitectónicos, dispondo as vistas, os cortes e/ou as seccións necesarias, tomando medidas directamente da realidade ou de perspectivas a escala, elaborando bosquexos a man alzada para a elaboración de debuxos cotados e planos de montaxe, instalación, detalle ou fabricación, de acordo coa normativa de aplicación. | ▪ CCEC |
| ▪ b | ▪ B3.13. Posibilidades das tecnolo- | ▪ B3.2. Presentar de xeito individual | ▪ DT2.B3.2.1. Comprende as posibi- | ▪ CD |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Debuxo Técnico II. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | xías da información e da comunicación aplicadas ao deseño, á edición, ao arquivamento e á presentación de proxectos.<br>▪ B3.14. Debuxo vectorial 2D. Debuxo e edición de entidades. Creación de bloques. Visibilidade de capas.<br>▪ B3.15. Debuxo vectorial 3D. Inserción e edición de sólidos. Galerías e bibliotecas de modelos. Incorporación de texturas.<br>▪ B3.16. Selección do encadramento, a iluminación e o punto de vista.<br>▪ B3.17. Resolución de exercicios de debuxo técnico utilizando recursos informáticos. | e colectivo os bosquexos, os esbozos e os planos necesarios para a definición dun proxecto sinxelo relacionado co deseño industrial ou arquitectónico, valorar a exactitude, a rapidez e a limpeza que proporciona a utilización de aplicacións informáticas, planificar de maneira conxunta o seu desenvolvemento, revisar o avance dos traballos e asumir as tarefas encomendadas con responsabilidade. | lidades das aplicacións informáticas relacionadas co debuxo técnico, e valora a exactitude, a rapidez e a limpeza que proporciona a súa utilización. | |
| | | | ▪ DT2.B3.2.2. Representa obxectos industriais ou arquitectónicos coa axuda de programas de debuxo vectorial 2D, creando entidades, importando bloques de bibliotecas, editando obxectos e dispondo a información relacionada en capas diferenciadas pola súa utilidade. | ▪ CD |
| | | | ▪ DT2.B3.2.3. Representa obxectos industriais ou arquitectónicos utilizando programas de creación de modelos en 3D, inserindo sólidos elementais, manipulándoos ata obter a forma buscada, importando modelos ou obxectos de galerías ou bibliotecas, incorporando texturas, seleccionando o encadramento, a iluminación e o punto de vista adecuado ao propósito buscado. | ▪ CD |
| | | | ▪ DT2.B3.2.4. Presenta os traballos de debuxo técnico utilizando recursos gráficos e informáticos, de xeito que estes sexan claros e limpos, e que respondan ao obxectivo para os que se realizaron. | ▪ CD |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

## Deseño

### Introdución

O deseño converteuse nun elemento de capital importancia en todos os tipos de producións humanas e constitúe hoxe un dos principais motores da economía cultural. O deseño aplícase en todos os ámbitos e atópase por todas as partes, penetrando no cotián de tal xeito que a súa omnipresencia o torna imperceptible. A función do deseño na sociedade contemporánea non debe entenderse unicamente como o proceso de ideación e proxección para a produción de obxectos, sexan estes bidimensionais ou tridimensionais. Un problema de deseño non é un problema circunscrito á superficie xeométrica de dúas ou tres dimensións. Todos os obxectos se conectan sempre cun contorno, directa ou indirectamente, e, xa que logo, o conxunto de conexións que un obxecto establece con moi distintas esferas é extensísimo. Por iso, o/a deseñador/a debe contribuír a que se estableza unha relación recoñecible e inmediata da persoa co seu contorno, onde este se fai accesible, amable, útil e adaptado. O deseño debe atender tanto aos aspectos materiais, tecnolóxicos e funcionais dos obxectos como aos simbólicos e de comunicacións. Un bo deseño contribúe a que poidamos utilizar eficazmente os obxectos dun xeito intuitivo e cómodo, ou a que comprendamos con rapidez as mensaxes do noso contexto.

O estudo dos fundamentos do deseño é de grande importancia para capacitar o alumnado para a comprensión do seu contorno e para a satisfacción con el, e para desenvolver a creatividade e o pensamento diverxente, ao potenciar a capacidade para producir respostas múltiples ante un mesmo estímulo. O estudo e a iniciación á práctica do deseño promoven, por tanto, posturas activas ante a sociedade e a natureza, e fomentan unha actitude analítica respecto á información que chega do contorno, contribuíndo a desenvolver a sensibilidade e o sentido crítico.

A materia de Deseño ten por finalidade proporcionar unha base sólida acerca dos principios e dos fundamentos que constitúen esta actividade. É unha materia de carácter teórico-práctico que, sen pretender formar especialistas na materia, debe proporcionarlle ao alumnado os coñecementos fundamentais do ámbito do deseño e as ferramentas necesarias para se iniciar no estudo, na análise e na realización de proxectos elementais de deseño.

Por outra banda, o desenvolvemento e a adquisición de competencias constitúen elementos fundamentais á hora de abordar e orientar o proceso de ensino e aprendizaxe. Os contidos da materia estrutúranse en cinco bloques que agrupan contidos e procedementos; malia iso o seu desenvolvemento non debe entenderse de xeito secuencial.

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



O primeiro bloque estuda o devir histórico nos principais ámbitos do deseño, e debe contribuír a que o alumnado comprenda que a actividade de deseñar sempre está condicionada polo ámbito natural, social e cultural en que se desenvolva.

O segundo bloque está dedicado á análise e ao estudo dos elementos de configuración específicos para o deseño de mensaxes, obxectos ou espazos en función das súas dimensións formais, estéticas, comunicativas e simbólicas.

O terceiro bloque incide na importancia da metodoloxía proxectual como unha valiosa e necesaria ferramenta que canalice a creatividade, a fantasía e a inventiva á eficaz resolución de problemas de deseño.

Tanto o cuarto bloque como o quinto pretenden ser unha aproximación ao coñecemento e á práctica do deseño nos ámbitos da comunicación gráfica, do deseño de obxectos e do deseño de espazos.

Para rematar, a materia Deseño facilita o desenvolvemento da competencia de conciencia e expresións culturais, da competencia dixital, tan necesaria para realizar calquera tipo de deseño, así como as competencias de aprender a aprender e de sentido da iniciativa e espírito emprendedor. Cando se toman decisións e se panifica o proceso de elaboración dun produto non se pode esquecer a finalidade comunicativa que poden ter moitas obras. Finalmente, de forma máis puntual, trabállase coa competencia matemática e coas competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

2º de bacharelato

| | Deseño. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Evolución histórica e ámbitos do deseño | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ n | ▪ B1.1. Concepto de deseño: definición, orixes e tendencias.<br>▪ B1.2. Historia do deseño. Da artesanía á industria: a Revolución Industrial. Principais períodos e escolas de deseño en diferentes ámbitos. Figuras máis salientables.<br>▪ B1.3. Funcións do deseño. Deseño | ▪ B1.1. Coñecer e describir as características fundamentais dos movementos históricos e das correntes e escolas máis salientables na historia do deseño, recoñecer as achegas do deseño en diferentes ámbitos e valorar a repercusión que tivo nas actitudes éticas, estéticas e sociais na cultura contemporánea. | ▪ DEB1.1.1. Coñece e describe as características fundamentais das principais correntes e escolas da historia do deseño. | ▪ CCL |
| | | | ▪ DEB1.1.2. Analiza imaxes relacionadas co deseño, identifica o ámbito ao que pertencen e relaciónaas coa súa corrente, a súa escola ou o | ▪ CCEC<br>▪ CSC |

| | Deseño. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | e comunicación social. Influencia do deseño na ética e na estética contemporáneas. | | seu período. | |
| | | | ▪ DEB1.1.3. Analiza imaxes de produtos de deseño e de obras de arte, e explica razoadamente as principais semellanzas e diferenzas entre estes dous ámbitos, utilizando con propiedade a terminoloxía específica da materia. | ▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B1.4. Deseño publicitario e hábitos de consumo.<br>▪ B1.5. Deseño sustentable: ecoloxía e ambiente.<br>▪ B1.6. Principais campos de aplicación do deseño: gráfico, de interiores, de moda e de produtos.<br>▪ B1.7. Deseño e arte. Diferenzas e similitudes entre o obxecto artístico e o obxecto de deseño.<br>▪ B1.8. Proceso do deseño: deseño e creatividade. Desde a preparación ata a elaboración do produto deseñado. | ▪ B1.2. Comprender que a actividade de deseñar sempre está condicionada polo contorno natural, social e cultural, e polos aspectos funcionais, simbólicos, estéticos e comunicativos aos que se lles queira dar resposta. | ▪ DEB1.2.1. Comprende, valora e explica de maneira argumentada a incidencia que ten o deseño na formación de actitudes éticas, estéticas e sociais e nos hábitos de consumo. | ▪ CCL |
| | Bloque 2. Elementos de configuración formal | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ n | ▪ B2.1.Teoría da percepción visual. Proceso da percepción visual. Leis da Gestalt. | ▪ B2.1. Identificar os elementos que forman a estrutura da linguaxe visual. | ▪ DEB2.1.1. Identifica os principais elementos da linguaxe visual presentes en obxectos de deseño ou do contexto cotián. | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Deseño. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B2.2. Elementos básicos da linguaxe visual: punto, liña, plano, cor, forma e textura. Aplicación ao deseño.<br>▪ B2.3. Linguaxe visual: creación de mensaxes visuais. | ▪ B2.2. Utilizar os elementos básicos da linguaxe visual na realización de composicións creativas que evidencien a comprensión e a aplicación dos fundamentos compositivos. | ▪ DEB2.2.1. Realiza composicións gráficas, seleccionando e utilizando equilibradamente os principais elementos da linguaxe visual. | ▪ CD |
| | | | ▪ DEB2.2.2. Analiza imaxes ou produtos de deseño, recoñecendo e diferenciando os seus aspectos funcionais estéticos e simbólicos. | ▪ CD |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B2.4. Sintaxe visual. Sistemas de ordenación: estrutura e composición. Recursos na organización da forma e o espazo, e a súa aplicación ao deseño: repetición, ordenación e composición modular, simetría, dinamismo, deconstrución, etc.<br>▪ B2.5. Cor: modelos, gamas, interacción e harmonía. Espazos de cor. | ▪ B2.3. Aplicar as teorías perceptivas e os recursos da linguaxe visual á realización de produtos concretos de deseño. | ▪ DEB2.3.1. Aplica as teorías perceptivas e os recursos da linguaxe visual á realización de propostas de deseño en diferentes ámbitos. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ DEB2.3.2. Utiliza a cor atendendo ás súas calidades funcionais, estéticas e simbólicas, e á súa adecuación a propostas específicas de deseño. | ▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B2.6. Deseño e función. Relación entre forma e función. Análise da dimensión pragmática, simbólica e estética do deseño. | ▪ B2.4. Diferenciar os aspectos formais, funcionais, estéticos e comunicativos de obxectos de referencia dos distintos ámbitos do deseño. | ▪ DEB2.4.1. Modifica os aspectos comunicativos dunha peza de deseño, ideando alternativas compositivas e reelaborándoa con diferentes técnicas, materiais, formatos e acabamentos. | ▪ CD |
| | | | ▪ DEB2.4.2. Descompón en unidades elementais unha obra de deseño gráfico complexa e reorganízaa elaborando novas composicións plasticamente expresivas, equilibradas e orixinais. | ▪ CCEC |
| | Bloque 3. Teoría e metodoloxía do deseño | | | |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Deseño. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ n | ▪ B3.1. Introdución á teoría do deseño: definición de teoría, metodoloxía, investigación e proxecto. | ▪ B3.1. Valorar a importancia da metodoloxía como ferramenta para a formulación, o desenvolvemento, a realización e a comunicación acertados do proxecto de deseño. | ▪ DEB3.1.1. Coñece e aplica a metodoloxía proxectual básica. | ▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B3.2. Fases do proceso do deseño: formulación e estruturación (suxeito, obxecto, método e finalidade), elaboración e selección de propostas, e presentación do proxecto. | ▪ B3.2. Resolver problemas de deseño de xeito creativo, lóxico e racional, adecuando os materiais e os procedementos á súa función estética, práctica e comunicativa. | ▪ DEB3.2.1. Desenvolve proxectos sinxelos que dean resposta a propostas específicas de deseño previamente establecidas. | ▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B3.3. Fundamentos de investigación no proceso do deseño: compilación de información e análise de datos. | ▪ B3.3. Compilar e analizar información relacionada cos aspectos do proxecto que se vaia desenvolver, para realizar propostas creativas e realizables ante un problema de deseño. | ▪ DEB3.3.1. Determina as características técnicas e as intencións expresivas e comunicativas de diferentes obxectos de deseño. | ▪ CSC |
| | | | ▪ DEB3.3.2. Recolle información, analiza os datos obtidos e realiza propostas creativas. | ▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B3.4. Planificación do proceso de execución: propósito, necesidades, estilo, orzamento, tempo de execución, etc. | ▪ B3.4. Achegar solucións diversas e creativas ante un problema de deseño, potenciando o desenvolvemento do pensamento diverxente. | ▪ DEB3.4.1. Planifica o proceso de realización desde a fase de ideación ata a elaboración final da obra. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ DEB3.4.2. Debuxa ou interpreta a información gráfica, tendo en conta as características e os parámetros técnicos e estéticos do produto para o seu posterior desenvolvemento. | ▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ d | ▪ B3.5. Materiais técnicos e procedementos para a realización de esquemas e bosquexos gráficos. | ▪ B3.5. Coñecer e aplicar técnicas básicas de realización de esquemas e bosquexos, presentar con | ▪ DEB3.5.1. Realiza esquemas e bosquexos para visualizar a peza e valorar a súa adecuación aos ob- | ▪ CAA |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Deseño. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ m<br>▪ n | | corrección os proxectos e argumentalos con base nos seus aspectos formais, funcionais, estéticos e comunicativos. | xectivos propostos. | |
| | | | ▪ DEB3.5.2. Materializa a proposta de deseño e presenta e defende o proxecto realizado, desenvolvendo a capacidade de argumentación e a autocrítica. | ▪ CSIEE |
| | | | ▪ DEB3.5.3. Planifica o traballo, coordínase, participa activamente, e respecta e valora as realizacións do resto dos integrantes do grupo nun traballo de equipo. | ▪ CSC |
| | Bloque 4. Deseño gráfico | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B4.1. Funcións comunicativas do deseño gráfico: identidade, información e persuasión.<br>▪ B4.2. Ámbitos de aplicación do deseño gráfico.<br>▪ B4.3. Deseño gráfico e sinalización. Sinalética. Principais factores condicionantes, pautas e elementos na elaboración de sinais.<br>▪ B4.4. Aplicacións. | ▪ B4.1. Explorar con iniciativa as posibilidades plásticas e expresivas da linguaxe gráfica e utilizalas de xeito creativo na ideación e na realización de obra orixinal de deseño gráfico, e analizar desde o punto de vista formal e comunicativo produtos de deseño gráfico, identificando os recursos gráficos, comunicativos e estéticos empregados. | ▪ DEB4.1.1. Realiza proxectos sinxelos nalgún dos campos propios do deseño gráfico como a sinalización, a edición, a identidade, a embalaxe ou a publicidade. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ DEB4.1.2. Examina obxectos de deseño e determina a súa idoneidade en función das súas características técnicas, comunicativas e estéticas. | ▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g | ▪ B4.5. Tipografía: carácter tipográfico. Elementos tipográficos. Lexibilidade. Clasificación dos tipos. Principais familias tipográficas. | ▪ B4.2. Identificar as principais familias tipográficas e recoñecer as pautas básicas de lexibilidade, estrutura, espazamento e composi- | ▪ DEB4.2.1. Identifica as principais familias tipográficas e recoñece as nocións elementais de lexibilidade, estrutura, espaciado e composición | ▪ CCEC |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Deseño. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ h<br>▪ m<br>▪ n | | ción. | ▪ DEB4.2.2. Utiliza de xeito adecuado a tipografía seguindo criterios acertados na súa elección e na súa composición. | ▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B4.7. Deseño publicitario. Fundamentos e funcións da publicidade. Elementos da linguaxe publicitaria. | ▪ B4.3. Realizar proxectos elementais de deseño gráfico identificando o problema, achegando solucións creativas e seleccionando a metodoloxía e os materiais adecuados para a súa materialización. | ▪ DEB4.3.1. Resolve problemas sinxelos de deseño gráfico utilizando os métodos, as ferramentas e as técnicas de representación adecuadas. | ▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ n | ▪ B4.8. A función comunicativa da imaxe e a súa relación cos ámbitos do deseño. | ▪ B4.4. Desenvolver unha actitude reflexiva e creativa en relación coas cuestións formais e conceptuais da cultura visual da sociedade da que forma parte. | ▪ DEB4.4.1. Relaciona o grao de iconicidade de imaxes gráficas coas súas funcións comunicativas. | ▪ CAA |
| | | | ▪ DEB4.4.2. Emite xuízos de valor argumentados respecto á produción gráfica propia e allea con base nos seus coñecementos sobre a materia, o seu gusto persoal e a súa sensibilidade. | ▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B4.9. Programas informáticos de Ilustración e deseño: programas de deseño vectorial e programas de maquetaxe. | ▪ B4.5. Iniciarse na utilización de programas informáticos de ilustración e deseño aplicándoos a diferentes propostas de deseño. | ▪ DEB4.5.1. Utiliza con solvencia os recursos informáticos idóneos e aplícaos á resolución de propostas específicas de deseño gráfico. | ▪ CD |
| | Bloque 5. Deseño de produto e do espazo | | | |

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Deseño. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ n | ▪ B5.1. Nocións básicas de deseño de obxectos. | ▪ B5.1. Analizar os aspectos formais, estruturais, semánticos e funcionais de obxectos de deseño, que poden ser naturais, artificiais, de uso cotián ou propios do deseño. | ▪ DEB5.1.1. Analiza obxectos de deseño e determina a súa idoneidade, realizando en cada caso un estudo da súa dimensión pragmática, simbólica e estética. | ▪ CAA |
| | | | ▪ DEB5.1.2. Determina as características formais e técnicas de obxectos de deseño atendendo ao tipo de produto e ás súas intencións funcionais e comunicativas. | ▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B5.2. Proceso creativo no deseño de obxectos e espazos: estudo previo, planificación, bosquexos, representación gráfica, modelo ou maqueta.<br>▪ B5.3. Técnicas e materiais de representación gráfica. | ▪ B5.2. Desenvolver un proxecto sinxelo de deseño industrial, seguindo unha metodoloxía idónea e seleccionando as técnicas de realización apropiadas. | ▪ DEB5.2.1. Desenvolve proxectos sinxelos de deseño de produtos en función de condicionantes e requisitos específicos previamente determinados. | ▪ CSIEE |
| | | | ▪ DEB5.2.2. Interpreta a información gráfica achegada en supostos prácticos de deseño de obxectos e do espazo. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ DEB5.2.3. Utiliza adecuadamente os materiais e as técnicas de representación gráfica. | ▪ CD |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B5.4. Deseño do espazo habitable. Organización do espazo: condicionantes físicos, técnicos, funcionais e psicosociais.<br>▪ B5.5. Distribución e circulación.<br>▪ B5.6. Principais materiais, instalacións e elementos construtivos empregados no deseño de interiores: características técnicas, estéticas e | ▪ B5.3. Realizar un proxecto elemental de espazo habitable, seguindo unha metodoloxía idónea e seleccionando as técnicas de realización apropiadas. | ▪ DEB5.3.1. Realiza esquemas e esbozos para visualizar e valorar a adecuación do traballo aos obxectivos propostos. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ DEB5.3.2. En propostas de traballo en equipo, participa activamente na planificación e na coordinación do traballo e respecta e valora as realizacións e as achegas do resto de | ▪ CSC |

| Deseño. 2º de bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | construtivas.<br>▪ B5.7. Iluminación. | | integrantes do grupo. | |
| | | | ▪ DEB5.3.3. Propón solucións viables de habitabilidade, distribución e circulación no espazo en supostos sinxelos de deseño de interiores. | ▪ CSC |
| | | | ▪ DEB5.3.4. Valora a metodoloxía proxectual, recoñece os factores que interveñen nela e aplícaa á resolución de supostos prácticos. | ▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ n | ▪ B5.8. Funcións, morfoloxía, e tipoloxía dos obxectos. Relación entre obxecto e usuario/a.<br>▪ B5.9. Conceptos básicos de ergonomía, antropometría e biónica e a súa aplicación ao deseño de produtos e interiores. | ▪ B5.4. Valorar a importancia do coñecemento e da aplicación dos fundamentos ergonómicos e antropométricos, nos procesos de deseño, entendendo que son ferramentas imprescindibles para mellorar o uso dun obxecto ou dun espazo e adecualos ás medidas, á morfoloxía e ao benestar humanos. | ▪ DEB5.4.1. Coñece as nocións básicas de ergonomía e antropometría, e aplícaas en supostos prácticos sinxelos de deseño de obxectos e do espazo. | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



DOG Diario Oficial de Galicia

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

## Economía da Empresa

### Introdución

Economía da Empresa trata de explicar a realidade empresarial, como unha rama da economía especializada nun determinado suxeito económico: a empresa. Trátase dunha ciencia que, por unha banda, procura a explicación do fenómeno económico da empresa e, por outra, a actuación sobre ela para alcanzar certos fins. A tendencia actual diríxese a tratar de converter esta disciplina nun corpo de coñecementos interdisciplinarios que traten calquera problema que se formule na empresa.

A empresa é un axente esencial da actividade económica. As empresas constitúen as células elementais de produción que integran o organismo económico a través das cales se conseguen os obxectivos macroeconómicos e, por iso, ocupan a atención dos/das economistas. É na economía contemporánea onde acha a súa plenitude, xa que a división do traballo, a especialización, o desenvolvemento do sistema monetario e a amplitude do mercado crearon o clima necesario para que se dea con precisión e características peculiares a unidade autónoma de produción, que constitúe o obxecto real da economía da empresa. Nesta materia traballaranse cuestións como a razón da existencia das empresas, as súas características, os tipos de organización e de funcionamento, e os factores que inflúen na toma de decisións.

A materia, que emprega un enfoque de presentación baseado na análise de distintas áreas e funcións da empresa, estrutúrase nos bloques seguintes: "A empresa", no que se describen os seus elementos, as súas funcións e os seus obxectivos; "Desenvolvemento da empresa", onde se fai unha análise das decisións de dimensión e localización, e das estratexias de crecemento; "Organización e dirección da empresa", no que se explica a planificación, a organización e a xestión dos recursos da empresa; "A función produtiva", para analizar os procesos produtivos e a estrutura de ingresos e custos derivada deles; "A función comercial da empresa", que repasa as principais decisións da empresa na comercialización dos seus produtos e/ou servizos; "A información na empresa", para comprender a importancia de contar con datos e información relevante e precisa na toma de decisións e no cumprimento das obrigas fiscais; e finalmente "A función financeira", onde se trata de analizar os aspectos salientables das decisión de investimento e financiamento na empresa.

A empresa ten un significado social (crea emprego), canaliza a renda e, conseguintemente, constitúe un elemento de redistribución da renda nacional. O desenvolvemento da actividade empresarial e a acción do/da empresario/a deben estar guiados pola responsabilidade social e o comportamento ético, máis alá da procura duns resultados.

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



A materia ha permitir o fomento dunha cultura e dun xeito de pensar empresarial, onde se exerciten e medren a creatividade e o espírito de innovación, e se incentive a elaboración de reflexións persoais e a toma de decisións fundamentadas, así como a concepción do erro como fonte de progreso e aprendizaxe. Tamén ha contribuír ao desenvolvemento da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, de comunicación lingüística e dixital, da capacidade de aprender a aprender, e do sentido da iniciativa e o espírito emprendedor.

2º de bacharelato

| | Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. A empresa | | | |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B1.1. A empresa e o/a empresario/a.<br>▪ B1.2. Elementos, funcións e obxectivos da empresa.<br>▪ B1.3. Clases de empresas.<br>▪ B1.4. Marco xurídico da actividade empresarial. | ▪ B1.1. Describir e interpretar os elementos da empresa, as clases de empresas e as súas funcións na economía, así como as formas xurídicas que adoptan, e relacionar con cada unha as responsabilidades legais dos/das propietarios/as e xestores/as, e as esixencias de capital. | ▪ EEB1.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónaas coas esixencias de capital e coas responsabilidades para cada tipo. | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIE |
| | | | ▪ EEB1.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresa máis apropiadas en cada caso en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB1.1.3. Analiza, para un determinado caso práctico, os criterios de clasificación de empresas: segundo a natureza da actividade que desenvolven, a súa dimensión, o nivel tecnolóxico que alcanzan, o tipo de mercado en que operan, a fórmula xurídica que adoptan, e o seu carácter público ou privado. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ EEB1.1.4. Describe os elementos da empresa en relación coas funcións que desenvolven e os obxectivos que procuran dentro do sistema. | ▪ CCL<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m<br>▪ p | ▪ B1.5. Contorno da empresa.<br>▪ B1.6. Responsabilidade social e ambiental da empresa.<br>▪ B1.7. Funcionamento e creación de valor. | ▪ B1.2. Identificar e analizar os trazos principais do contorno en que a empresa desenvolve a súa actividade e explicar, a partir deles, as estratexias e as decisións adoptadas, e as posibles implicacións sociais e ambientais da súa actividade. | ▪ EEB1.2.1. Identifica os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu contorno, así como a forma de relacionar co seu contorno máis próximo. | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EEB1.2.2. Analiza a relación entre empresa, sociedade e ambiente, e valora os efectos positivos e negativos das actuacións das empresas nas esferas social e ambiental. | ▪ CD<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EEB1.2.3. Analiza a actividade das empresas como elemento dinamizador de progreso, estimando a súa creación de valor para a sociedade e para a cidadanía. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 2. Desenvolvemento da empresa | | | |
| ▪ d<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B2.1. Localización e dimensión empresarial.<br>▪ B2.2. Estratexias de crecemento interno e externo.<br>▪ B2.3. Pequenas e medianas empresas: estratexias de mercado.<br>▪ B2.4. Importancia das pequenas e medianas empresas (PME) na economía.<br>▪ B2.5. Internacionalización, compe- | ▪ B2.1. Identificar e analizar as estratexias de crecemento e as decisións tomadas polas empresas, tendo en consideración as características do marco global en que actúan. | ▪ EEB2.1.1. Describe e analiza os factores que determinan a localización e a dimensión dunha empresa, e valora a transcendencia futura para a empresa desas decisións. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB2.1.2. Valora o crecemento da empresa como estratexia competitiva e relaciona as economías de escala coa dimensión óptima da | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | tencia global e tecnoloxía.<br>▪ B2.6. Empresa multinacional: aspectos positivos e negativos do seu funcionamento. | | empresa. | |
| | | | ▪ EEB2.1.3. Identifica e explica as estratexias de especialización e diversificación. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EEB2.1.4. Analiza as estratexias de crecemento interno e externo a partir de supostos concretos. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB2.1.5. Examina o papel das pequenas e das medianas empresas no noso país, e valora as súas estratexias e as súas formas de actuar, así como as súas vantaxes e os seus inconvenientes. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EEB2.1.6. Describe as características e as estratexias de desenvolvemento da empresa multinacional, e valora a importancia da responsabilidade social e ambiental. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB2.1.7. Estuda o impacto da incorporación da innovación e das novas tecnoloxías na estratexia da empresa, e relaciónao coa capacidade para competir de xeito global. | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | Bloque 3. Organización e dirección da empresa | | | |
| ▪ d<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B3.1. División técnica do traballo e necesidade de organización no mercado actual.<br>▪ B3.2. Funcións básicas da direc- | ▪ B3.1. Explicar a planificación, a organización e a xestión dos recursos dunha empresa, valorando as posibles modificacións para realizar en función do ámbito en que | ▪ EEB3.1.1. Reflexiona sobre a división técnica do traballo nun contexto global de interdependencia económica para valorar as súas consecuencias sociais. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ p | ción.<br>▪ B3.3. Planificación e toma de decisións estratéxicas.<br>▪ B3.4. Organización formal e informal da empresa: deseño e análise da súa estrutura.<br>▪ B3.5. A xestión dos recursos humanos e a súa incidencia na motivación.<br>▪ B3.6. Os conflitos de intereses e as súas vías de negociación. | desenvolve a súa actividade e dos obxectivos formulados. | ▪ EEB3.1.2. Describe a estrutura organizativa, o estilo de dirección, as canles de información e de comunicación, o grao de participación na toma de decisións e a organización informal da empresa. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EEB3.1.3. Identifica a función de cada área de actividade da empresa (aprovisionamento, produción e comercialización, investimento e financiamento, recursos humanos e administrativa), así como as súas interrelacións. | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EEB3.1.4. Investiga sobre a organización nas empresas do seu ámbito máis próximo e identifica vantaxes e inconvenientes, detecta problemas para solucionar, e describe propostas de mellora. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EEB3.1.5. Aplica os seus coñecementos a unha organización concreta, para detectar problemas e propor melloras. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EEB3.1.6. Valora a importancia dos recursos humanos nunha empresa e analiza diferentes maneiras de abordar a súa xestión e a súa relación coa motivación e a produtividade. | ▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 4. A función produtiva | | | |
| ▪ a | ▪ B4.1. Produción e proceso produti- | ▪ B4.1. Analizar procesos produtivos | ▪ EEB4.1.1. Realiza cálculos da | ▪ CD |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ i<br>▪ l<br>▪ m | vo.<br>▪ B4.2. Función de produción. Produtividade e eficiencia<br>▪ B4.3. Investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i) como elementos clave para o cambio tecnolóxico e a mellora da competitividade empresarial. | desde a perspectiva da eficiencia e a produtividade, e recoñecer a importancia da I+D+i. | produtividade de distintos factores e interpreta os resultados obtidos, coñecendo medios e alternativas de mellora da produtividade nunha empresa. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB4.1.2. Analiza e valora a relación entre a produtividade e os salarios dos/das traballadores/as. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ EEB4.1.3. Reflexiona sobre a importancia para a sociedade e para a empresa da investigación e da innovación tecnolóxica en relación coa competitividade e o crecemento. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| ▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B4.4. Custos: clasificación e cálculo dos custos na empresa.<br>▪ B4.5. Cálculo e interpretación do limiar de rendibilidade da empresa. | ▪ B4.2. Determinar a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio e o seu limiar de rendibilidade, a partir dun suposto formulado. | ▪ EEB4.2.1. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda xerados ao longo do exercicio económico, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB4.2.2. Identifica e calcula os tipos de custos, ingresos e beneficios dunha empresa, e represéntaos graficamente. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB4.2.3. Calcula o limiar de vendas (de rendibilidade) necesario para a supervivencia da empresa. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB4.2.4. Analiza os métodos custo beneficio e custo eficacia como instrumentos de medida e | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |

| | Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | avaliación que axudan á toma de decisións. | |
| ▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B4.6. Os inventarios da empresa e os seus custos. Modelos de xestión de inventarios. | ▪ B4.3. Describir os conceptos fundamentais do ciclo de inventario e manexar os modelos de xestión. | ▪ EEB4.3.1. Identifica os custos que xera o almacén e resolve casos prácticos sobre o ciclo de inventario. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB4.3.2. Valora as existencias en almacén mediante diferentes métodos. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB4.3.3. Valora a relación entre o control de inventarios e a produtividade e a eficiencia nunha empresa. | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 5. A función comercial da empresa | | | |
| ▪ d<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B5.1. Departamento comercial da empresa<br>▪ B5.2. Concepto e clases de mercado.<br>▪ B5.3. Técnicas de investigación de mercados.<br>▪ B5.4. Comportamento do/da consumidor/a e segmentación de mercados.<br>▪ B5.5. Variables do márketing-mix e elaboración de estratexias.<br>▪ B5.6. Estratexias de márketing e ética empresarial.<br>▪ B5.7. Tecnoloxías da información e das comunicacións e márketing. | ▪ B5.1. Analizar as características do mercado e explicar, de acordo con elas, as políticas de márketing aplicadas por unha empresa ante diferentes situacións e obxectivos. | ▪ EEB5.1.1. Caracteriza un mercado en función de diferentes variables como, por exemplo, o número de competidores e o produto vendido. | ▪ CSIEE |
| | | | ▪ EEB5.1.2. Identifica e adapta a cada caso concreto as estratexias e os enfoques de márketing. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB5.1.3. Interpreta e valora estratexias de márketing, incorporando nesa valoración consideracións de carácter ético, social e ambiental. | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EEB5.1.4. Comprende e explica as fases e as etapas da investigación de mercados. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ EEB5.1.5. Aplica criterios e estratexias de segmentación de mercados en casos prácticos. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB5.1.6. Analiza e valora as oportunidades de innovación e transformación do márketing que xorden co desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación. | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ EEB5.1.7. Describe a organización e o funcionamento do departamento comercial da empresa. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB5.1.8. Determina as necesidades da clientela en relación coas características dos produtos ou dos servizos ofrecidos pola empresa. | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | Bloque 6. A información na empresa | | | |
| ▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B6.1. Obrigas contables da empresa.<br>▪ B6.2. A composición do patrimonio e a súa valoración.<br>▪ B6.3. Resultados da empresa.<br>▪ B6.4. As contas anuais e a imaxe fiel.<br>▪ B6.5. Elaboración do balance e da conta de perdas e ganancias.<br>▪ B6.6. Análise e interpretación da información contable. | ▪ B6.1. Identificar os datos máis salientables do balance e da conta de perdas e ganancias, explicar o seu significado, diagnosticar a situación a partir da información obtida e propor medidas para a súa mellora. | ▪ EEB6.1.1. Recoñece os elementos patrimoniais e a función que teñen asignada. | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EEB6.1.2. Identifica, valora e clasifica os bens, os dereitos e as obrigas da empresa en masas patrimoniais. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB6.1.3. Interpreta a correspondencia entre os investimentos e o seu financiamento. | ▪ CAA |
| | | | ▪ EEB6.1.4. Detecta posibles desa- | ▪ CMCCT |

| | Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | xustes no equilibrio patrimonial, na solvencia e no apancamento da empresa, mediante a utilización de rateos. | |
| | | | ▪ EEB6.1.5. Propón medidas correctoras axeitadas en caso de se detectar desaxustes patrimoniais ou financeiros. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EEB6.1.6. Recoñece a importancia do dominio das operacións matemáticas e dos procedementos propios das ciencias sociais como ferramentas que facilitan a solución de problemas empresariais. | ▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ EEB6.1.7. Recoñece a conveniencia do equilibrio económico, patrimonial e financeiro da empresa. | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EEB6.1.8. Valora a importancia da información na toma de decisións. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EEB6.1.9. Calcula o resultado do exercicio económico da empresa, empregando os criterios de imputación aplicables. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB61.10. Identifica, interpreta e clasifica os elementos do resultado da empresa. | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d | ▪ B6.7. Fiscalidade empresarial: principais figuras impositivas e elementos clave do súa estrutura e do seu funcionamento. | ▪ B6.2. Recoñecer a importancia do cumprimento das obrigas fiscais e explicar os impostos que afectan as empresas. | ▪ EEB6.2.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa organización e a actividade que desenvolvan. | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | | | ▪ EEB6.2.2. Describe o funcionamento básico dos impostos que recaen sobre as empresas e destaca as principais diferenzas entre eles. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB6.2.3. Valora a achega que supón para a riqueza nacional a carga impositiva que soportan as empresas. | ▪ CSC |
| | Bloque 7. A función financeira | | | |
| ▪ d<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B7.1. Estrutura económica e financeira da empresa.<br>▪ B7.2. Concepto e clases de investimento.<br>▪ B7.3. Valoración e selección de proxectos de investimento.<br>▪ B7.4. Fontes de financiamento interno e externo da empresa. Novas formas de financiamento.<br>▪ B7.5. Ciclos da empresa.<br>▪ B7.6. Período medio de maduración. | ▪ B7.1. Valorar proxectos de investimento, xustificar razoadamente a selección da alternativa máis vantaxosa, diferenciar as posibles fontes de financiamento nun determinado suposto e razoar a elección máis axeitada. | ▪ EEB7.1.1. Coñece e enumera os métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (criterio do valor actual neto) para seleccionar e valorar investimentos. | ▪ CD<br>▪ CSIEE<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB7.1.2. Aplica métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (valor actual neto), nun suposto concreto de selección de alternativas de investimento para unha empresa. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB7.1.3. Explica as posibilidades de financiamento das empresas diferenciando o externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada un e as implicacións na marcha da empresa. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB7.1.4. Analiza, nun suposto concreto de financiamento externo, as opcións posibles, os seus custos e as variantes de amortización. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CMCCT |

| | Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ EEB7.1.5. Analiza e avalía, a partir dunha necesidade concreta, as posibilidades que teñen as empresas de recorrer ao mercado financeiro. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EEB7.1.6. Valora as fontes externas e internas de financiamento da empresa. | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EEB7.1.7. Analiza e expresa as opcións financeiras que mellor se adaptan a un caso concreto de necesidade financeira. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB7.1.8. Aplica os coñecementos tecnolóxicos á análise e á resolución de supostos. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EEB7.1.9. Identifica e describe os ciclos da actividade da empresa e as súas fases. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EEB7.1.10. Calcula, para un determinado suposto práctico, os períodos de maduración da empresa, e distingue as súas fases. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CD |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



## Economía

### Introdución

A formación en economía faise necesaria nun contexto globalizado, no que as relacións entre os axentes económicos e sociais son cada día máis complexas.

A consideración do comportamento económico das persoas na procura da satisfacción das súas necesidades, así como da produción e da organización dos bens e os servizos necesarios, e da distribución dos recursos escasos facilitan a compresión da realidade social.

Calquera persoa necesita coñecer as regras básicas que explican os acontecementos económicos e a linguaxe específica utilizada por economistas e medios de comunicación para analizar eses feitos. O estudo da economía axuda a percibir e a coñecer o mundo, e posibilita analizar e afondar nas relacións humanas, facilita a comprensión dos conceptos utilizados habitualmente na análise económica e empresarial, serve para potenciar destrezas de razoamento, abstracción e interrelación, e proporciona ferramentas para examinar de xeito crítico a sociedade. E contribúe tamén a desenvolver a curiosidade intelectual, a capacidade analítica, o rigor e a amplitude de perspectivas á hora de indagar no coñecemento de variables como o crecemento, a pobreza, a educación, a saúde, a riqueza, o ambiente, etc. Proporciona importantes coñecementos matemáticos e estatísticos, habilidades de comunicación oral e escrita para explicar e transmitir ideas e conclusións, con argumentos e evidencias empíricas, sentido da ética e respecto polo ser humano, así como unha intensa capacidade de traballo, tanto individual como en equipo.

O enfoque empregado pola economía na resolución dos problemas sociais distínguea das restantes ciencias sociais. A materia de 4º de ESO distribúese en seis bloques que permiten o estudo da economía como ciencia e do papel dos axentes económicos. No bloque 1 ("Ideas económicas básicas") recóllense aspectos relativos aos principios económicos, á terminoloxía propia e á metodoloxía da ciencia económica. No bloque 2 ("Economía e empresa") analízase o papel e o funcionamento do/da axente de empresas na economía. O seguinte bloque ("Economía persoal") está dedicado ao estudo da transcendencia das decisións económicas na vida das persoas. O cuarto bloque ("Economía e ingresos e gastos do Estado") repasa o papel estatal no funcionamento económico a través da análise dos seus ingresos e gastos. No quinto bloque ("Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego") repásanse os aspectos máis salientables da economía financeira e a súa repercusión na actividade económica e o

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2





XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

nivel de emprego. E para rematar, o bloque de "Economía internacional" fai un breve repaso do funcionamento do sector exterior da economía con especial fincapé nas repercusións da integración económica e a globalización.

A materia de Economía de 1º de bacharelato emprega un esquema mixto de presentación, herdado de deseños curriculares anteriores e baseado principalmente na análise da economía como ciencia, do papel dos axentes económicos e do funcionamento das principais institucións económicas e os seus elementos. Estrutúrase en sete bloques: no primeiro abórdase a o principal problema orixe da ciencia económica, a economía e a escaseza, continuando coa organización da actividade económica para estudar a estrutura dos sistemas económicos; nun segundo bloque ("A actividade produtiva") descríbese a produción como principal actividade económica; no terceiro ("O mercado e o sistema de prezos") repásase a principal institución na fixación de prezos e asignación de recursos; o seguinte bloque ("A macroeconomía") céntrase na medición da actividade económica e no estudo do mercado de traballo; no quinto ("Aspectos financeiros da economía") faise un repaso da vertente financeira da actividade económica; o sexto ("O contexto internacional da economía") aborda a análise do sector exterior e dos fenómenos de integración económica e globalización; e, finalmente, no bloque titulado "Desequilibrios económicos e o papel do Estado na económica", reflexiónase sobre o carácter cíclico da actividade económica e o papel do Estado para mitigar e corrixir os desequilibrios xurdidos do funcionamento económico.

A grande transcendencia social da economía queda reflectida na súa contribución ao fomento da mellora na calidade de vida, ao progreso e ao benestar social. Os coñecementos económicos teñen cada día mías valor, pola importancia de contar cunha cidadanía formada e pola relevancia dunha boa administración dos recursos públicos.

O estudo da economía proporciona, xunto coa formación técnica, competencias lingüísticas e de comunicación, matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, sociais e cívicas, así como sentido da iniciativa e espírito emprendedor.

4º de ESO

| | Economía. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Ideas económicas básicas | | | |
| ▪ a<br>▪ d | ▪ B1.1. Economía como ciencia: actividade económica e sociedade. | ▪ B1.1. Explicar a economía como ciencia social e valorar o impacto permanente das decisións econó- | ▪ ECB1.1.1. Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos | ▪ CCL<br>▪ CSC |

| | Economía. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ f | ▪ B1.2. Principios na toma de decisións económicas.<br>▪ B1.3. Escaseza, elección e asignación de recursos. Custo de oportunidade. | micas na vida das persoas. | problemas básicos de calquera economía, e comprende que todas as eleccións supoñen renunciar a outras alternativas e que todas as decisións teñen consecuencias. | |
| | | | ▪ ECB1.1.2. Distingue formas de analizar e resolver problemas económicos, e identifica as súas vantaxes, os seus inconvenientes e as súas limitacións. | ▪ CAA<br>▪ CD |
| ▪ f<br>▪ h<br>▪ o | ▪ B1.4. O método na economía: modelos económicos.<br>▪ B1.5. Fronteira de posibilidades de produción. | ▪ B1.2. Identificar a terminoloxía económica básica e o uso dos modelos económicos, e familiarizarse con eles. | ▪ ECB1.2.1. Comprende e utiliza correctamente termos da área da economía. | ▪ CCL |
| | | | ▪ ECB1.2.2. Diferencia entre economía positiva e economía normativa. | ▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ECB1.2.3. Representa e analiza graficamente o custo de oportunidade mediante a fronteira de posibilidades de produción. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| ▪ a<br>▪ f | ▪ B1.6. As relacións económicas básicas e a súa representación. | ▪ B1.3. Tomar conciencia dos principios da economía para aplicar nas relacións económicas básicas cos condicionantes de recursos e as necesidades. | ▪ ECB1.3.1. Representa as relacións que se establecen entre as economías domésticas e as empresas. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ECB1.3.2. Aplica razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas do seu contorno. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | Bloque 2. Economía e empresa | | | |
| ▪ a<br>▪ b | ▪ B2.1. A empresa e o/a empresario/a. | ▪ B2.1. Describir os tipos de empresas e as formas xurídicas das em- | ▪ ECB2.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciona- | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Economía. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ e<br>▪ m | ▪ B2.2. Elementos, funcións e obxectivos da empresa.<br>▪ B2.3. Clases de empresas.<br>▪ B2.4. Formas xurídicas da empresa. | presas, e relacionar con cada unha coas súas esixencias de capital e as responsabilidades legais dos/das propietarios/as e xestores/as, así como as interrelacións das empresas no seu contorno inmediato. | as coas esixencias de capital para a súa constitución e coas responsabilidades legais para cada tipo. | |
| | | | ▪ ECB2.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresas máis apropiadas en cada caso, en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas. | ▪ CAA<br>▪ CD |
| | | | ▪ ECB2.1.3. Distingue os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu ámbito, así como a forma de interactuar co seu contorno máis próximo e os efectos sociais e ambientais, positivos e negativos, que se observan. | ▪ CSIEE<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ f<br>▪ e | ▪ B2.5. Proceso produtivo e factores produtivos.<br>▪ B2.6. Sectores da actividade económica. | ▪ B2.2. Analizar as características principais do proceso produtivo. | ▪ ECB2.2.1. Analiza os tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ECB2.2.2. Identifica os sectores económicos, así como os seus retos e as súas oportunidades. | ▪ CD<br>▪ CSC |
| ▪ e<br>▪ f | ▪ B2.7. Fontes de financiamento das empresas. Novas formas de financiamento. | ▪ B2.3. Identificar as fontes de financiamento das empresas. | ▪ ECB2.3.1. Explica as posibilidades de financiamento das empresas e diferencia o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CMCCT |
| ▪ e | ▪ B2.8. Ingresos e custos da empre- | ▪ B2.4. Determinar, para un caso | ▪ ECB2.4.2. Distingue os ingresos e | ▪ CD |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Economía. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ f | sa: clasificación.<br>▪ B2.9. Resultados da empresa. | sinxelo, a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio. | os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados. | ▪ CMCCT |
| ▪ a<br>▪ e<br>▪ f | ▪ B2.10. Obrigas fiscais das empresas. | ▪ B2.5. Diferenciar os impostos que afectan as empresas e a importancia do cumprimento das obrigas fiscais. | ▪ ECB2.5.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa forma xurídica e as actividades, e sinala o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ ECB2.5.2. Valora a achega que para a riqueza nacional supón a carga impositiva que soportan as empresas. | ▪ CSC |
| | Bloque 3. Economía persoal | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ f | ▪ B3.1. Orzamento persoal. Control de ingresos e gastos.<br>▪ B3.2. Xestión do orzamento. Obxectivos e prioridades. | ▪ B3.1. Realizar un orzamento persoal distinguindo entre os tipos de ingresos e gastos, e controlar o seu grao de cumprimento e as posibles necesidades de adaptación. | ▪ ECB3.1.1. Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ ECB3.1.2. Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ ECB3.1.3 Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CMCCT |
| ▪ a<br>▪ d | ▪ B3.3. Planificación económico-financeira: necesidades económi- | ▪ B3.2. Decidir con racionalidade ante as alternativas económicas da | ▪ ECB3.2.1. Comprende as necesidades de planificación e do mane- | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |

| | Economía. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ m | cas nas etapas da vida. | vida persoal, e relacionalas co benestar propio e social. | xo de asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa, de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional. | |
| ▪ a<br>▪ f | ▪ B3.4. Aforro e endebedamento. Os plans de pensións.<br>▪ B3.5. Risco e diversificación. | ▪ B3.3. Expresar unha actitude positiva cara ao aforro, e empregar o aforro como medio para alcanzar diversos obxectivos. | ▪ ECB3.3.1. Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto. | ▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ECB3.3.2. Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e seleccionando a decisión máis axeitada para cada momento. | ▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B3.6. O diñeiro.<br>▪ B3.7. Contratos financeiros: contas e tarxetas de débito e crédito.<br>▪ B3.8. Relacións no mercado financeiro: información e negociación.<br>▪ B3.9. Implicacións dos contratos financeiros. Dereitos e responsabilidades dos/das consumidores/as no mercado financeiro. | ▪ B3.4. Recoñecer o funcionamento básico do diñeiro e diferenciar os tipos de contas bancarias e de tarxetas emitidas como medios de pagamento, e valorar a oportunidade do seu uso con garantías e responsabilidade. | ▪ ECB3.4.1. Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ ECB3.4.2. Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CD |
| | | | ▪ ECB3.4.3. Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas. | ▪ CAA<br>▪ CD |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Economía. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ ECB3.4.4. Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CMCCT |
| ▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B3.10. O seguro como medio para a cobertura de riscos. Tipoloxía de seguros. | ▪ B3.5. Coñecer o concepto de seguro e a súa finalidade. | ▪ ECB3.5.1. Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida. | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| | Bloque 4. Economía e ingresos e gastos do Estado | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ ñ | ▪ B4.1. Orzamentos públicos: ingresos e gastos do Estado. | ▪ B4.1. Recoñecer e analizar a procedencia das principais fontes de ingresos e gastos do Estado, e interpretar gráficos onde se amose esa distribución. | ▪ ECB4.1.1. Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as súas relacións. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ECB4.1.2. Analiza e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e os gastos do Estado. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ ECB4.1.3. Distingue nos ciclos económicos o comportamento dos ingresos e dos gastos públicos, así como os efectos que se poden producir ao longo do tempo. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ECB4.1.4. Describe o contido dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ a | ▪ B4.2. A débeda pública e o déficit | ▪ B4.2. Diferenciar e explicar os | ▪ ECB4.2.1. Comprende e expresa | ▪ CCL |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Economía. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ e<br>▪ f | público. | conceptos de débeda pública e déficit público. | as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles. | ▪ CMCCT |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ f | ▪ B4.3. Desigualdades económicas e distribución da renda. | ▪ B4.3. Determinar o impacto para a sociedade da desigualdade da renda e estudar as ferramentas de redistribución da renda. | ▪ ECB4.3.1. Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ECB4.3.2. Interpreta gráficos representativos da distribución da renda | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | Bloque 5. Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f | ▪ B5.1. Tipos de xuro.<br>▪ B5.2. Inflación.<br>▪ B5.3. Consecuencias dos cambios nos tipos de xuro e inflación.<br>▪ B5.4. Desemprego: clasificación e consecuencias. | ▪ B5.1. Diferenciar as magnitudes de tipos de xuro, inflación e desemprego, analizar as relacións entre elas e interpretar datos e gráficos vinculados con esas magnitudes. | ▪ ECB5.1.1. Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ECB5.1.2. Explica o funcionamento dos tipos de interese e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ECB5.1.3. Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f | ▪ B5.5. Causas do desemprego e políticas contra o desemprego. O desemprego en Galicia.<br>▪ B5.6. Perspectivas da ocupación. | ▪ B5.2. Valorar opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte ao desemprego. | ▪ ECB5.2.1. Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ECB5.2.2. Analiza os datos de | ▪ CD |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



| | Economía. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | desemprego en España e as políticas contra o desemprego. | ▪ CSC |
| | | | ▪ ECB5.2.3. Investiga e recoñece vieiros e tendencias de emprego. | ▪ CAA<br>▪ CD |
| | Bloque 6. Economía internacional | | | |
| ▪ a<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ m | ▪ B6.1. Globalización económica.<br>▪ B6.2. Comercio internacional.<br>▪ B6.3. Integración económica e monetaria europea.<br>▪ B6.4. Economía e ambiente: sustentabilidade. | ▪ B6.1. Valorar o impacto da globalización económica, do comercio internacional e dos procesos de integración económica na calidade de vida das persoas e no ambiente. | ▪ ECB6.1.1. Valora o grao de interconexión das economías de todos os países do mundo e aplica a perspectiva global para emitir xuízos críticos. | ▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ECB6.1.2. Explica as razóns que xustifican o intercambio económico entre países e que inflúen nel. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ECB6.1.3. Analiza e presenta acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ECB6.1.4. Recoñece e enumera vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ECB6.1.5. Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional, e analiza as posibilidades dun desenvolvemento sustentable. | ▪ CAA<br>▪ CSC |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

1º de bacharelato

| | Economía. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Economía e escaseza. A organización da actividade económica | | | |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B1.1. Escaseza, elección e asignación de recursos. Custo de oportunidade. | ▪ B1.1. Explicar o problema da escaseza: recursos escasos e necesidades ilimitadas. | ▪ ECB1.1.1. Recoñece a escaseza e a correspondente necesidade de elixir entre decisións alternativas, como problema máis determinante para afrontar en todo sistema económico. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| ▪ a<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B1.2. Mecanismos de asignación de recursos.<br>▪ B1.3. Análise e comparación dos sistemas económicos. | ▪ B1.2. Observar os problemas económicos dunha sociedade, así como analizar e expresar unha valoración crítica das formas de resolución desde o punto de vista dos sistemas económicos. | ▪ ECB1.2.1. Analiza as respostas ás preguntas clave sobre a organización dos principais sistemas económicos. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ ECB1.2.2. Relaciona, para a súa interpretación, os cambios máis recentes no escenario económico mundial coas circunstancias técnicas, económicas, sociais e políticas que os explican, a partir de casos concretos de análise. | ▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| | | | ▪ ECB1.2.3. Compara sistemas económicos, utilizando exemplos actuais do ámbito internacional. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSC |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B1.4. Economía como ciencia: actividade económica e sociedade.<br>▪ B1.5. Principios na toma de decisións económicas.<br>▪ B1.6. Modelos económicos. Economía positiva e normativa.<br>▪ B1.7. Información económica: interpretación de datos e gráficos. | ▪ B1.3. Comprender o método científico que se utiliza na área da economía, así como identificar as fases da investigación científica en economía e os modelos económicos. | ▪ ECB1.3.1. Distingue as proposicións económicas positivas das proposicións económicas normativas. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ ECB1.3.2. Interpreta os modelos de representación da realidade económica, e emprega os termos | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Economía. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | e a metodoloxía apropiados para analizar problemas económicos concretos. | |
| | Bloque 2. A actividade produtiva | | | |
| ▪ i<br>▪ l<br>▪ m<br>▪ p | ▪ B2.1. Proceso produtivo e factores de produción. | ▪ B2.1. Analizar as características principais do proceso produtivo. | ▪ ECB2.1.1. Expresa unha visión integral do funcionamento do sistema produtivo partindo do estudo da empresa e a súa participación en sectores económicos, así como a súa conexión e interdependencia. | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B2.2. División técnica do traballo, produtividade e interdependencia. | ▪ B2.2. Explicar as razóns do proceso de división técnica do traballo. | ▪ ECB2.2.1. Relaciona o proceso de división técnica do traballo coa interdependencia económica nun contexto global. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ ECB2.2.2. Clasifica e define os factores produtivos, e describe as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía. | ▪ CMCCT<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B2.3. Globalización: cambios no sistema produtivo ou na organización da produción. | ▪ B2.3. Identificar os efectos da actividade empresarial para a sociedade e a vida das persoas. | ▪ ECB2.3.1. Analiza para explicar as repercusións da actividade das empresas, tanto nun ámbito próximo coma nun ámbito internacional. | ▪ CSIEE<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ m | ▪ B2.4. Empresa: obxectivos e funcións. | ▪ B2.4. Expresar os obxectivos e as funcións principais das empresas, utilizando referencias reais do ámbito próximo e transmitindo a utilidade que se xera coa súa actividade. | ▪ ECB2.4.1. Distingue e interpreta os obxectivos e as funcións das empresas. | ▪ CSIEE<br>▪ CAA |
| | | | ▪ ECB2.4.2. Explica a función creadora de utilidade dos bens das | ▪ CD<br>▪ CCL |

| | Economía. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | empresas. | |
| ▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B2.5. Eficacia, eficiencia e efectividade.<br>▪ B2.6. Eficiencia na produción: eficiencia técnica e económica. | ▪ B2.5. Relacionar e distinguir a eficiencia técnica e a eficiencia económica. | ▪ ECB2.5.1. Determina e interpreta a eficiencia técnica e económica a partir dos casos formulados. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| ▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B2.7. Custos de produción. Cálculo e análise dos custos de produción e dos beneficios. | ▪ B2.6. Calcular e controlar os custos e os beneficios das empresas, e representar e interpretar gráficos relativos a eses conceptos. | ▪ ECB2.6.1. Calcula, clasifica e utiliza diversos tipos de custos, fixos e variables, totais, medios e marxinais, e representa e interpreta gráficos de custos. | ▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ ECB2.6.2. Calcula, analiza e interpreta os beneficios dunha empresa a partir de supostos de ingresos e custos dun período. | ▪ CMCCT<br>▪ CD |
| ▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B2.8. Función de produción. | ▪ B2.7. Analizar, representar e interpretar a función de produción dunha empresa a partir dun caso dado. | ▪ ECB2.7.1. Representa e interpreta gráficos de produción total, media e marxinal, a partir de supostos dados. | ▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | Bloque 3. O mercado e o sistema de prezos | | | |
| ▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B3.1. Curva de demanda. Movementos ao longo da curva de demanda e desprazamentos na curva de demanda. Elasticidade da demanda.<br>▪ B3.2. Curva de oferta. Movementos ao longo da curva de oferta e desprazamentos na curva da oferta. Elasticidade da oferta.<br>▪ B3.3. Equilibrio do mercado. | ▪ B3.1. Interpretar, a partir do funcionamento do mercado, as variacións en cantidades demandadas e ofertadas de bens e servizos en función de distintas variables. | ▪ ECB3.1.1. Representa graficamente os efectos das variacións das variables no funcionamento dos mercados. | ▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ ECB3.1.2. Define e expresa matematicamente as variables que determinan a oferta e a demanda. | ▪ CMCCT<br>▪ CCL |
| | | | ▪ ECB3.1.3. Analiza as elasticidades de demanda e de oferta, interpretando os cambios en prezos | ▪ CMCCT<br>▪ CD |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Economía. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | e cantidades, así como os seus efectos sobre os ingresos totais. | |
| ▪ a<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B3.4. Estruturas de mercado e modelos de competencia.<br>▪ B3.5. Competencia perfecta. Competencia imperfecta. Monopolio. Oligopolio. Competencia monopolística. | ▪ B3.2. Analizar o funcionamento de mercados reais e observar as súas diferenzas cos modelos, así como as súas consecuencias para os/as consumidores/as, as empresas ou os estados. | ▪ ECB3.2.1. Analiza e compara o funcionamento dos tipos de mercados, e explica as súas diferenzas. | ▪ CMCCT<br>▪ CCL |
| | | | ▪ ECB3.2.2. Aplica a análise dos tipos de mercados a casos reais identificados a partir da observación do ámbito máis inmediato. | ▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ECB3.2.3. Valora de forma crítica os efectos que se derivan sobre os axentes intervenientes nos diversos mercados. | ▪ CSC |
| | Bloque 4. A macroeconomía | | | |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B4.1. Macromagnitudes: produción. Renda. Gasto.<br>▪ B4.2. Equilibrio macroeconómico: demanda e oferta agregadas.<br>▪ B4.3. Inflación e tipos de xuro.<br>▪ B4.4. Os vínculos dos problemas macroeconómicos e a súa interrelación. | ▪ B4.1. Distinguir as principais magnitudes macroeconómicas, operar con elas e analizar as súas interrelacións, valorando os inconvenientes e as limitacións que presentan como indicadores da calidade de vida. | ▪ ECB4.1.1. Mide, interpreta e expresa as principais magnitudes macroeconómicas como indicadores da situación económica dun país. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CSC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ ECB4.1.2. Relaciona as principais macromagnitudes e utilízaas para establecer comparacións con carácter global. | ▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ECB4.1.3. Analiza de forma crítica os indicadores estudados e valora o seu impacto, os seus efectos e as súas limitacións para medir a calidade de vida. | ▪ CSC |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Economía. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B4.5. Indicadores do desenvolvemento da sociedade: as macromagnitudes e as súas limitacións. | ▪ B4.2. Interpretar datos e indicadores económicos básicos e a súa evolución. | ▪ ECB4.2.1. Utiliza e interpreta a información contida en táboas e gráficos de variables macroeconómicas e a súa evolución no tempo. | ▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ ECB4.2.2. Considera investigacións e publicacións económicas de referencia como fonte de datos específicos, e recoñece os métodos de estudo utilizados por economistas. | ▪ CAA<br>▪ CD |
| | | | ▪ ECB4.2.3. Opera con variables económicas mediante aplicacións informáticas, analízaas e interprétaas, e presenta as súas valoracións de carácter persoal. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| ▪ a<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B4.6. Mercado de traballo. Desemprego: tipos e causas. | ▪ B4.3. Valorar a estrutura do mercado de traballo e a súa relación coa educación e a formación, analizando de xeito especial o desemprego. | ▪ ECB4.3.1. Examina e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados co mercado de traballo. | ▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ ECB4.3.2. Valora a relación da educación e a formación coas probabilidades de obter un emprego e mellores salarios. | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ ECB4.3.3. Investiga e recoñece vieiros de ocupación e tendencias de emprego. | ▪ CAA<br>▪ CD |
| ▪ a<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B4.7. Políticas contra o desemprego. O desemprego en Galicia. | ▪ B4.4. Estudar as opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte á inflación e ao desemprego. | ▪ ECB4.4.1. Analiza os datos de inflación e desemprego en España e as alternativas para loitar contra o desemprego e a inflación. | ▪ CD<br>▪ CSIEE |

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Economía. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ i<br>▪ l<br>▪ p | | | | |
| | Bloque 5. Aspectos financeiros da Economía | | | |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B5.1. O diñeiro na economía: tipoloxía e funcionamento.<br>▪ B5.2. Proceso de creación do diñeiro. | ▪ B5.1. Recoñecer o proceso de creación do diñeiro, os cambios no seu valor e a forma en que estes se miden. | ▪ ECB5.1.1. Analiza e explica o funcionamento do diñeiro e do sistema financeiro nunha economía. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B5.3. Teorías explicativas da inflación. | ▪ B5.2. Describir as teorías explicativas sobre as causas da inflación e os seus efectos sobre os/as consumidores/as, as empresas e o conxunto da economía. | ▪ ECB5.2.1. Recoñece as causas da inflación e valora as súas repercusións económicas e sociais. | ▪ CSC<br>▪ CD |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B5.4. Sistema financeiro. Novas formas de financiamento. | ▪ B5.3. Explicar o funcionamento do sistema financeiro e coñecer as características dos seus principais produtos e mercados. | ▪ ECB5.3.1. Valora o papel do sistema financeiro como elemento canalizador do aforro ao investimento, e identifica os produtos e os mercados que o compoñen. | ▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CD |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B5.5. Política monetaria: instrumentos. | ▪ B5.4. Analizar os tipos de política monetaria. | ▪ ECB5.4.1. Razoa de forma crítica, en contextos reais, sobre as accións de política monetaria e o seu impacto económico e social. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| ▪ i<br>▪ l<br>▪ a<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B5.6. Banco Central Europeo.<br>▪ B5.7. Mecanismos da oferta e demanda monetaria: efectos sobre os tipos de xuro. | ▪ B5.5. Identificar o papel do Banco Central Europeo e a estrutura da súa política monetaria. | ▪ ECB5.5.1. Identifica os obxectivos e a finalidade do Banco Central Europeo, e razoa sobre o seu papel e o seu funcionamento. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ ECB5.5.2. Describe os efectos das | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Economía. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ l | | | variacións dos tipos de xuro na economía. | ▪ CCL |
| | Bloque 6. O contexto internacional da economía | | | |
| ▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B6.1. Comercio internacional: causas e teorías.<br>▪ B6.2. Balanza de pagamentos, con especial referencia á española. | ▪ B6.1. Analizar os fluxos comerciais entre dúas economías. | ▪ ECB6.1.1. Identifica e describe os fluxos comerciais internacionais. | ▪ CSC<br>▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| ▪ a<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B6.3. Cooperación e integración económica.<br>▪ B6.4. Unión Europea (UE). | ▪ B6.2. Examinar os procesos de integración económica e describir os pasos que se produciron no caso da Unión Europea. | ▪ ECB6.2.1. Explica o proceso de cooperación e integración económica producido na Unión Europea, e reflexiona para valorar as repercusións e as implicacións para España nun contexto global. | ▪ CSC<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ p | ▪ B6.5. Globalización económica e financeira: causas e consecuencias.<br>▪ B6.6. Organismos económicos internacionais: mecanismos de regulación. | ▪ B6.3. Analizar e valorar as causas e as consecuencias da globalización económica, así como o papel dos organismos económicos internacionais na súa regulación. | ▪ ECB6.3.1. Expresa as razóns que xustifican o intercambio económico entre países. | ▪ CSC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ ECB6.3.2. Describe as implicacións e os efectos da globalización económica nos países e reflexiona sobre a necesidade da súa regulación e da súa coordinación. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | Bloque 7. Desequilibrios económicos e o papel do Estado na economía | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B7.1. Ciclos económicos: crises na economía.<br>▪ B7.2. Políticas macroeconómicas de crecemento, estabilidade e desenvolvemento.<br>▪ B7.3. Ambiente: recurso sensible e escaso. | ▪ B7.1. Reflexionar sobre o impacto do crecemento e as crises cíclicas na economía e os seus efectos na calidade de vida das persoas, o ambiente e a distribución da riqueza a nivel local e mundial. | ▪ ECB7.1.1. Identifica e analiza os factores e as variables que inflúen no crecemento económico, no desenvolvemento e na redistribución da renda. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ ECB7.1.2. Diferencia os conceptos de crecemento e de desenvol- | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Economía. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | ▪ B7.4. Pobreza e subdesenvolvemento: causas e posibles vías de solución. | | vemento. | |
| | | | ▪ ECB7.1.3. Recoñece e explica as consecuencias do crecemento sobre a repartición da riqueza, sobre o ambiente e sobre a calidade de vida. | ▪ CSC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ ECB7.1.4. Analiza de forma práctica os modelos de desenvolvemento dos países emerxentes e as oportunidades que teñen os países en vías de desenvolvemento para crecer e progresar. | ▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CD |
| | | | ▪ ECB7.1.5. Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional analizando as posibilidades dun desenvolvemento sustentable. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ ECB7.1.6. Desenvolve actitudes positivas en relación co ambiente e valora a consideración da protección do ambiente na toma de decisións económicas. | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ ECB7.1.7. Identifica os bens ambientais como factor de produción escaso, que proporciona inputs e recolle refugallos e residuos, o que supón valorar os custos asociados. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ ECB7.1.8. Recoñece a evolución cíclica da actividade económica, | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |

Diario Oficial de Galicia

| | Economía. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | describe as fases, as representa graficamente e considera as súas consecuencias sociais. | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B7.5. Política fiscal e orzamentos públicos.<br>▪ B7.6. O Estado na economía: funcións.<br>▪ B7.7. Os fallos do mercado e a intervención do sector público.<br>▪ B7.8. Redistribución de renda e riqueza: igualdade de oportunidades. | ▪ B7.2. Explicar e ilustrar con exemplos significativos as finalidades e as funcións do Estado nos sistemas de economía de mercado, e identificar os principais instrumentos que utiliza, valorando as vantaxes e os inconvenientes do seu papel na actividade económica. | ▪ ECB7.2.1. Distingue e explica as funcións do Estado: fiscais, estabilizadoras, redistributivas, reguladoras e provedoras de bens e servizos públicos. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ ECB7.2.2. Identifica os principais fallos do mercado, as súas causas e os seus efectos para os axentes que interveñen na economía, e as opcións de actuación por parte do Estado. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ ECB7.2.3. Clasifica e describe os elementos integrantes dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



## Filosofía

### Introdución

A través da UNESCO, a ONU alenta os seus estados membros a traballar na promoción, no fortalecemento e na extensión da filosofía en todos os niveis do ensino, porque a sociedade democrática, formada por unha pluralidade diversa de persoas e comunidades, proxectos e intereses, demanda un pensamento racional que axude a comprender o mundo complexo que nos rodea e proporcione instrumentos para edificar unha sociedade libre, igual e xusta. A UNESCO considera que a materia de Filosofía, o saber máis antigo de Europa, é a ferramenta adecuada que debe servir a este fin. A filosofía forma unha cidadanía reflexiva, lúcida, participativa, amante das institucións democráticas e con habilidades prácticas na resolución dos problemas específicos das sociedades democráticas avanzadas.

A materia de Filosofía capacita o alumnado para o exercicio do pensamento crítico e independente, co que alcanzar unha mellor comprensión do mundo globalizado e de si mesmo/a. Grazas a esta materia, os alumnos e as alumas adquiren a aptitude de entretecer unha defensa racional e razoable da súa autonomía, da súa dignidade e dos seus dereitos nun contexto en vías de globalización. O pensamento filosófico achega os coñecementos teóricos e as destrezas prácticas para entender, analizar e propor solucións aos desafíos intelectuais e morais do século XXI. Asemade, a materia de Filosofía ofrece os fundamentos conceptuais dos principios e dos valores da paz e da seguridade mundiais: democracia, imperio da lei, dereitos humanos, tolerancia, xustiza, igualdade e liberdade (a UNESCO nomea a Filosofía como "Escola de liberdade" na súa estratexia internacional e no informe de 2007). Os métodos filosóficos achegan enfoques plurais e contrastados que permiten albiscar saídas aos problemas que afectan a convivencia humana. A aprendizaxe do tratamento racional e dialogado destes asuntos disipa o recurso á violencia e á guerra, e fomenta a paz e a seguridade global e local.

En segundo lugar, a materia de Filosofía impulsa no alumnado o valor da indagación e a reflexión argumentada para descubrir prexuízos, xerar claridade respecto aos obxectivos e ao sentido da vida, valorar a calidade dos argumentos, detectar sofismas e falacias, resistir a presión arbitraria dos/das superiores e dos/das pares, atopar puntos de encontro entre posicións diferentes, humanizar as persoas con quen estamos obrigados/as a convivir. É por iso que o tratamento na aula desta materia ten que facer reflexionar ao alumnado sobre as razóns da presenza maioritariamente masculina na produción filosófica desde as súas orixes, ao tempo que debe dar visibilidade ao pensamento filosófico na muller.

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



A materia de Filosofía axuda a desmontar os argumentos das condutas baseadas nos valores da dominación e a vontade de poder que provocan crises ecolóxicas, económicas e humanas. A meditación filosófica esperta no alumnado o interese polas demais persoas, estimula a empatía para imaxinar os problemas que lles afectan e crea a capacidade para se emocionar moralmente. Mercé ao autocoñecemento que promove a filosofía, o alumnado pode chegar a recoñecer que a fraxilidade, a debilidade e a mortalidade non son aspectos negativos e odiosos da existencia humana, senón ocasións para a axuda mutua, a cooperación e a reciprocidade.

En cuarto lugar, grazas aos modelos diversos de pensamento filosófico, a materia de Filosofía estimula a deliberación sosegada sobre as decisións que rexen a vida cotiá individual e colectiva, e impulsa a tomar iniciativas razoables. Nunha sociedade democrática avanzada, o alumnado debe formarse para aplicar o pensamento crítico á análise de principios económicos e políticos, sopesar teorías sobre a liberdade e a xustiza social, recoñecer a interacción dos fenómenos naturais e sociais, avaliar o impacto ético e social da tecnociencia e gozar con autonomía dos produtos artísticos. A materia de Filosofía proporciona a visión e a comprensión holística necesaria para realizar estas tarefas. O alumnado educado filosoficamente é, daquela, activo, curioso, argumentativo, creativo, comprometido e innovador.

Como se ve, a Filosofía como materia potencia o desenvolvemento das competencias sociais e cívicas, por estar estreitamente vinculadas coa finalidade última de todo o seu proxecto. Pero nesa consecución precisa acudir á competencia en comunicación lingüística, que lle permite ao alumnado tanto a exposición dun pensamento rigoroso e claro como o diálogo frutífero coas demais persoas. A competencia de aprender a aprender manifféstase na obriga intrínseca do facer filosófico de xerar marcos de sentido cada vez máis complexos, globais e enriquecedores que nos permitan tratar cunha realidade plástica, multifacética e omniabarcante, realidade que provoca en nós a moi humana sensación de admiración. E nesa sensación, a Filosofía non está soa, xa que a matemática e a ciencia se nutren da mesma fonte, e a competencia neses saberes cobra máis luz cando se examinan desde o saber que na orixe foi un con eles. Pero non chega a admiración. Con ela aparece a curiosidade que só se satisfai cando polo sentido de iniciativa e o espírito emprendedor nos animamos á acción, á creación e á innovación. O mesmo saber require atrevemento, ousadía, iniciativa, como nos lembra Kant. A competencia dixital capacita os alumnos e as alumnas para o uso das novas tecnoloxías que serven para traballar coa materia mesma da razón, o sentido, que se presenta baixo as dúas facetas da información e a comunicación. O percorrido da filosofía polos seus temas e pola súa historia brinda acceso, ao cabo, a un panorama de teorías, pensadores/as, correntes, ideas, argumentos, críticas e preguntas que conforman a trama onde se viñeron tecendo as expresións culturais que nos fan ser o que somos.

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



DOG Diario Oficial de Galicia

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

Tamén se abordan no currículo de Filosofía varios dos elementos transversais de etapa, os que atinxen basicamente ao espírito emprendedor e ao estudo dos proxectos empresariais, e á influencia que poden ter neles as achegas das ramas da filosofía.

Na materia de Filosofía, todas estas esixencias están aglutinadas en varios bloques temáticos: a especificidade do saber filosófico, o coñecemento humano, a pregunta pola realidade, a condición humana e a racionalidade práctica. A través destes bloques o alumnado coñecerá os interrogantes, os conceptos, as formulacións e as respostas da filosofía aos grandes problemas do saber, o coñecemento, a ciencia, a realidade, a natureza, o ser humano, a acción, a arte, o discurso e a innovación. Os contidos relacionados coa epistemoloxía, a filosofía da ciencia e da natureza, e a metafísica permiten afondar no coñecemento que o alumnado ten do seu contorno e da súa relación con el. O alumnado desenvolve a competencia para interpretar sucesos, avaliar o seu impacto, localizar as súas causas, anticipar e prever as consecuencias, analizar os factores capaces de transformar a realidade. Así mesmo, invitan o alumnado a exercer o pensamento metódico (na ciencia, na ontoloxía e na metafísica) con rigor e precisión. Os contidos de antropoloxía, ética e filosofía política dan luz sobre a realidade individual, social e cultural; estimulan a autocomprensión e o autocoñecemento, espertan a capacidade de argumentación moral e política, desenvolven a conciencia normativa e a empatía moral, fomentan o respecto polos dereitos humanos, invitan á participación activa na vida democrática. Os contidos de filosofía da linguaxe, lóxica, retórica e argumentación serven para educar a interpretación, a expresión, a formulación e a exposición do propio pensamento e do alleo en contextos comunicativos variados (deliberación, negociación, investigación, diálogo, controversia, discusión crítica e conversa informal), empregando con eficacia o razoamento lóxico e respectando as máximas que rexen a conduta racional comunicativa. Os contidos de estética proxectan o alumnado a comprender, apreciar e valorar con espírito crítico reflexivo, actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas. A finalidade é apropiarse criticamente dun conxunto de criterios estéticos para estimar o valor da produción cultural e artística e, chegado o caso, producir obras artísticas innovadoras con contido filosófico.

Tanto estes contidos curriculares coma o tratamento das competencias clave e dos elementos transversais invitan o profesorado da materia a emprender unha renovación metodolóxica na que os alumnos e as alumnas sexan quen de ocupar o papel activo fundamental que lles corresponde nos procesos de ensino e aprendizaxe: o de persoas autónomas e críticas, sociais e racionais, creativas e prudentes, donas de si e respectuosas coas demais persoas, sabias e felices. O tipo de persoa que a mellor filosofía nos presenta, desde sempre, como ideal humano.

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

1º de bacharelato

| | Filosofía. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Contidos transversais | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ m | ▪ B1.1. Textos filosóficos e pertencentes a outras ramas do saber relacionados coas temáticas filosóficas estudadas. | ▪ B1.1. Ler comprensivamente e analizar de forma crítica textos significativos e breves, pertencentes a pensadores/as destacados/as. | ▪ FIB1.1.1. Analiza de xeito crítico textos pertencentes a pensadores/as destacados/as, identifica a problemática e as solucións expostas (distinguindo as teses principais e a orde da argumentación) e relaciona os problemas propostos nos textos co estudado na unidade, e/ou co achegado por outros/as filósofos/as ou correntes, e/ou con saberes distintos da filosofía. | ▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e | ▪ B1.2. Composición escrita de argumentos de reflexión filosófica e de discursos orais, manexando as regras básicas da retórica e a argumentación. | ▪ B1.2. Argumentar e razoar os propios puntos de vista sobre as temáticas estudadas na unidade, de forma oral e escrita, con claridade e coherencia. | ▪ FIB1.2.1. Argumenta e razoa as súas opinións de forma oral e escrita, con claridade e coherencia, e demostrando un esforzo creativo e educativo na valoración persoal dos problemas filosóficos analizados. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g | ▪ B1.3. Uso dos procedementos de traballo intelectual (incluíndo os das tecnoloxías da información e da comunicación) adecuados á filosofía, en especial a asimilación e o uso rigoroso do léxico relacionado cos temas filosóficos estudados. | ▪ B1.3. Seleccionar e sistematizar información obtida de distintas fontes. | ▪ FIB1.3.1. Selecciona e sistematiza información obtida tanto de libros específicos como de internet, usando as posibilidades das novas tecnoloxías para consolidar e ampliar a información. | ▪ CD<br>▪ CSC |
| | | | ▪ FIB1.3.2. Elabora listas de vocabulario de conceptos e comprende o seu significado, aplícaos con rigor e organízaos en esquemas ou mapas conceptuais, táboas crono- | ▪ CAA |

| | Filosofía. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | lóxicas e outros procedementos útiles para a comprensión da filosofía. | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g | ▪ B1.3. Uso dos procedementos de traballo intelectual (incluíndo os das tecnoloxías da información e da comunicación) adecuados á filosofía, en especial a asimilación e o uso rigoroso do léxico relacionado cos temas filosóficos estudados. | ▪ B1.4. Analizar e argumentar sobre formulacións filosóficas, elaborando de xeito colaborativo esquemas, mapas conceptuais, táboas cronolóxicas e outros procedementos útiles, mediante o uso de medios e plataformas dixitais. | ▪ FIB1.4.1. Elabora con rigor esquemas, mapas conceptuais, táboas cronolóxicas, etc., amosando a comprensión dos eixes conceptuais estudados. | ▪ CAA |
| | Bloque 2. O saber filosófico | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B2.1. Filosofía: sentido, necesidade e historia.<br>▪ B2.2. Saber racional. Explicación prerracional: mito e maxia. Explicación racional: razón e sentidos.<br>▪ B2.3. Funcións e vixencia da filosofía. | ▪ B2.1. Coñecer e comprender a especificidade e a importancia do saber racional en xeral e do filosófico en particular, en tanto que saber de comprensión e interpretación da realidade, valorando que a filosofía é, á vez, un saber e unha actitude que estimula a crítica, a autonomía, a creatividade e a innovación. | ▪ FIB2.1.1. Recoñece as preguntas e os problemas que veñen caracterizando a filosofía desde a súa orixe, comparando coa formulación doutros saberes, como o científico ou o teolóxico. | ▪ CAA |
| | | | ▪ FIB2.1.2. Explica a orixe do saber filosófico diferenciándoo dos saberes prerracionais, como o mito ou a maxia. | ▪ CCEC<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e | ▪ B2.4. Disciplinas teórico-prácticas do saber filosófico.<br>▪ B2.5. Racionalidade teórica e práctica. | ▪ B2.2. Identificar as dimensións teórica e práctica da filosofía, os seus obxectivos, as características, as disciplinas, os métodos e as funcións, relacionándoa paralelamente con outros saberes de comprensión da realidade. | ▪ FIB2.2.1. Identifica, relaciona e distingue as vertentes práctica e teórica do labor filosófico, así como as disciplinas que conforman a filosofía. | ▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ b | ▪ B2.6. O saber filosófico a través da súa historia. Características da | ▪ B2.3. Contextualizar histórica e culturalmente as problemáticas | ▪ FIB2.3.1. Recoñece as principais problemáticas filosóficas caracte- | ▪ CCEC |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



| | Filosofía. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h | filosofía. | analizadas e expresar por escrito as achegas máis importantes do pensamento filosófico desde a súa orixe, identificando os principais problemas formulados e as solucións achegadas, e argumentando as propias opinións ao respecto. | rísticas de cada etapa cultural europea. | |
| | | | ▪ FIB2.3.2. Expresa por escrito as teses fundamentais dalgunhas das correntes filosóficas máis importantes do pensamento occidental. | ▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ g | ▪ B1.3. Uso dos procedementos de traballo intelectual (incluíndo os das tecnoloxías da información e da comunicación) adecuados á filosofía, en especial a asimilación e o uso rigoroso do léxico relacionado cos temas filosóficos estudados. | ▪ B2.4. Comprender e utilizar con precisión o vocabulario filosófico fundamental, realizando un glosario de termos de xeito colaborativo mediante as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías. | ▪ FIB2.4.1. Comprende e usa con rigor conceptos filosóficos como razón, sentidos, mito, logos, arché, necesidade, continxencia, causa, existencia, metafísica, lóxica, gnoseoloxía, obxectividade, dogmatismo, criticismo, etc. | ▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ l | ▪ B1.1. Textos filosóficos e textos pertencentes a outras ramas do saber relacionados coa temática filosófica estudada. | ▪ B2.5. Analizar de maneira crítica fragmentos de textos significativos e breves sobre a orixe, a caracterización e a vixencia da filosofía, identificando as problemáticas e solucións expostas, distinguindo as teses principais e a orde de argumentación, relacionando os problemas formulados nos textos co estudado na unidade e coa presentación doutros intentos de comprensión da realidade, como o científico e o teolóxico, ou outros tipos de filosofía, como a oriental. | ▪ FIB2.5.1. Le e analiza de xeito crítico fragmentos de textos breves e significativos sobre a orixe da explicación racional e acerca das funcións e as características do pensamento filosófico, pertencentes a pensadores/as, que identifiquen as problemáticas filosóficas formuladas. | ▪ CCL |
| | Bloque 3. O coñecemento | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B3.1. Teoría do coñecemento.<br>▪ B3.2. Graos e ferramentas do coñecer: razón, entendemento e | ▪ B3.1. Coñecer de modo claro e ordenado as problemáticas implicadas no proceso do coñecemen- | ▪ FIB3.1.1. Identifica e expresa de xeito claro e razoado os elementos e as problemáticas que implica | ▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

DOG Núm. 120 Luns, 29 de xuño de 2015 Páx. 25647
Diario Oficial de Galicia

| | Filosofía. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | sensibilidade.<br>▪ B3.3. Abstracción.<br>▪ B3.4. Problemas implicados no coñecer: posibilidades, límites e intereses; o irracional. | to humano, analizadas desde o campo filosófico, os seus graos, as ferramentas e as fontes, e expor por escrito os modelos explicativos do coñecemento máis significativos. | o proceso do coñecemento da realidade, como é o dos seus graos, as súas posibilidades e os seus límites. | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ g | ▪ B3.5. Problema filosófico do coñecemento.<br>▪ B3.6. A verdade como propiedade das cousas. A verdade como propiedade do entendemento: coherencia e adecuación.<br>▪ B3.7. Algúns modelos filosóficos de explicación do coñecemento e o acceso á verdade. | ▪ B3.2. Explicar e reflexionar sobre o problema do acceso á verdade, identificando as problemáticas e as posturas filosóficas que xurdiron en torno ao seu estudo. | ▪ FIB3.2.1. Coñece e explica teorías acerca do coñecemento e a verdade, como son o idealismo, o realismo, o racionalismo, o empirismo, o perspectivismo, o consenso ou o escepticismo, e contrasta semellanzas e diferenzas entre os conceptos clave que manexan. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ FIB3.2.2. Explica e contrasta criterios e teorías sobre a verdade, tanto no plano metafísico como no gnoseolóxico, usando con rigor termos como gnoseoloxía, razón, sentidos, abstracción, obxectividade, certeza, dúbida, evidencia, escepticismo, autoridade, probabilidade, prexuízo, coherencia, adecuación, consenso, incerteza, interese, irracional, etc., e construír un glosario de conceptos de xeito colaborativo, usando internet. | ▪ CD<br>▪ CSC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e | ▪ B1.1. Textos filosóficos e textos pertencentes a outras ramas do saber relacionadas coas temáticas filosóficas estudadas. | ▪ B3.3. Analizar de forma crítica fragmentos de textos significativos sobre a análise filosófica do coñecemento humano, os seus elementos, as súas posibilidades e os seus límites, valorando os esforzos por alcanzar unha aproxi- | ▪ FIB3.3.1. Analizar fragmentos de textos breves de Descartes, Hume, Kant, Nietzsche, Ortega y Gasset, Habermas, Popper, Kuhn ou Michel Serres, entre outros. | ▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



| | Filosofía. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | mación á verdade arredándose do dogmatismo, da arbitrariedade e dos prexuízos. | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B3.8. Filosofía, ciencia e tecnoloxía. Filosofía da ciencia.<br>▪ B3.9. Obxectivos e instrumentos da ciencia.<br>▪ B3.10. Método hipotético-dedutivo.<br>▪ B3.11. Investigación científica na modernidade e na época contemporánea: das matemáticas e a técnica como ferramentas de coñecemento e interpretación fundamentais á reformulación dos conceptos clásicos. | ▪ B3.4. Coñecer e explicar a función da ciencia, os seus modelos de explicación, as súas características, os seus métodos e a tipoloxía do saber científico, expondo as diferenzas e as coincidencias do ideal e a investigación científica co saber filosófico, como pode ser a problemática da obxectividade ou a adecuación teoría-realidade, argumentando as propias opinións de xeito razoado e coherente. | ▪ FIB3.4.1. Explica os obxectivos, as funcións e os principais elementos da ciencia, manexando termos como feito, hipótese, lei, teoría ou modelo. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FIB3.4.2. Constrúe unha hipótese científica, identifica os seus elementos e razoa a orde lóxica do proceso de coñecemento. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FIB3.4.3. Usa con rigor termos epistemolóxicos como indución, hipotético-dedutivo, método, verificación, predición, realismo, causalidade, obxectividade, relatividade, caos e indeterminismo, entre outros. | ▪ CMCCT |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B3.12. Técnica e tecnoloxía: saber e praxe. | ▪ B3.5. Relacionar e identificar as implicacións da tecnoloxía, en tanto que saber práctico transformador da natureza e da realidade humana, reflexionando, desde a filosofía da tecnoloxía, sobre as relacións coa ciencia e cos seres humanos. | ▪ FIB3.5.1. Extrae conclusións razoadas sobre a inquedanza humana por transformar e dominar a natureza, póndoa ao servizo do ser humano, así como das consecuencias desta actuación, e participa de debates acerca das implicacións da tecnoloxía na realidade social. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ l | ▪ B3.13. Reflexións filosóficas sobre o desenvolvemento científico e tecnolóxico: o problema da indución | ▪ B3.6. Analizar de xeito crítico fragmentos de textos filosóficos sobre a reflexión filosófica acerca da ciencia, a técnica e a filosofía, | ▪ FIB3.6.1. Analiza fragmentos de textos breves e significativos de pensadores como Aristóteles, Popper, Kuhn, B. Russell, A. F. | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Filosofía. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | ▪ B3.14. Visión aristotélica do quefacer científico. | identificando as problemáticas e as solucións propostas, distinguindo as teses principais e a orde da argumentación, relacionar os problemas formulados nos textos co estudado na unidade e razoar a postura propia. | Chalmers ou J. C. Borrón, entre outros. | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ g<br>▪ l | ▪ B3.15. Relación entre filosofía e ciencia. | ▪ B3.7. Entender e valorar a relación entre a filosofía e a ciencia. | ▪ FIB3.7.1. Identifica e reflexiona de forma argumentada acerca de problemas comúns aos campos filosófico e científico, como son o problema dos límites e as posibilidades do coñecemento, a cuestión da obxectividade e a verdade, a racionalidade tecnolóxica, etc. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FIB3.7.2. Investiga e selecciona información en internet, procedente de fontes solventes, sobre as problemáticas citadas, e realiza un proxecto de grupo sobre algunha temática que afonde na interrelación entre a filosofía e a ciencia. | ▪ CD<br>▪ CSC |
| | Bloque 4. A realidade | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B4.1. A metafísica como explicación teórica da realidade. | ▪ B4.1. Recoñecer e valorar a metafísica, disciplina que estuda a realidade en tanto que totalidade, distinguíndoa das ciencias, que versan sobre aspectos particulares desta. | ▪ FIB4.1.1. Coñece o que é a metafísica e usa a abstracción para comprender os seus contidos e a súa actividade, razoando sobre eles. | ▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ e | ▪ B4.2. Pregunta polo ser como punto de partida da Filosofía. Pla- | ▪ B4.2. Coñecer e explicar, desde un enfoque metafísico, os principais problemas que presenta a re- | ▪ FIB4.2.1. Describe as principais interpretacións metafísicas e os problemas que suscita o coñece- | ▪ CCEC |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Filosofía. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ h | tón fronte a Aristóteles.<br>▪ B4.3. Interrogación metafísica sobre a verdadeira realidade: problema da aparencia e a realidade.<br>▪ B4.4. Pregunta pola orixe e a estrutura do real.<br>▪ B4.5. Caracterización da realidade: cambio ou permanencia, substancialismo estático fronte ao devir. Esencialismo e existencialismo.<br>▪ B4.6. Necesidade de categorizar racionalmente o real. | alidade. | mento metafísico da realidade. | |
| | | | ▪ FIB4.2.2. Comprende e utiliza con rigor conceptos metafísicos como ser, sistema metafísico, realidade, aparencia, materia e espírito, unidade, dualidade, multiplicidade, devir, necesidade, continxencia, transcendencia, categoría e abstracción, materialismo, espiritualismo, existencialismo ou esencialismo, entre outros. | ▪ CCL |
| | | | ▪ FIB4.2.3. Realiza unha análise crítica ante teorías metafísicas diverxentes de interpretación da realidade. | ▪ CAA |
| | | | ▪ FIB4.2.4. Analiza e comprende fragmentos de textos breves e significativos sobre as problemáticas metafísicas que presenta a realidade, de pensadores como Platón, Aristóteles, Tomé de Aquino, Descartes, Marx, Nietzsche, etc., comparando e establecendo semellanzas e diferenzas entre os enfoques, e disertando coherentemente sobre as posturas históricas. | ▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B4.7. Cosmovisións científicas sobre o universo. A filosofía da natureza como admiración filosófica pola natureza.<br>▪ B4.8. Paradigma cualitativo orga- | ▪ B4.3. Coñecer e comparar as explicacións dadas desde as grandes cosmovisións sobre o universo. | ▪ FIB4.3.1. Explica e compara dúas das grandes cosmovisións do Universo: o paradigma organicista aristotélico e o modelo mecanicista newtoniano. | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Filosofía. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ g<br>▪ l | nicista: universo aristotélico.<br>▪ B4.9. Universo máquina: visión mecanicista na Modernidade. Supostos epistemolóxicos do modelo heliocéntrico: procura das leis universais dun universo infinito. Determinismo, regularidade, conservación, economía e continuidade.<br>▪ B4.10. Visión contemporánea do Universo.<br>▪ B4.11. Reencontro da filosofía e a física na teoría do caos. | | ▪ FIB4.3.2. Describe os caracteres esenciais das interpretacións relativista e cuántica contemporáneas da realidade, explicando as implicacións filosóficas asociadas a eses caracteres. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FIB4.3.3. Usa con rigor termos epistemolóxicos e científicos como cosmovisión, paradigma, Universo, natureza, finalismo, organicismo, determinismo, orde, causalidade, conservación, principio, mecanicismo, materia, relatividade, cuántica, espazo, tempo, azar, determinismo, indeterminismo, probabilidade, gaia e caos, entre outros. | ▪ CMCCT |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B1.3. Uso dos procedementos de traballo intelectual (incluíndo os das tecnoloxías da información e da comunicación) adecuados á filosofía, en especial a asimilación e o uso rigoroso do léxico relacionado coas temáticas filosóficas estudadas. | ▪ B4.4. Elaborar táboas e/ou mapas conceptuais comparando os caracteres adxudicados historicamente ao Universo, entendido como totalidade do real, contextualizando historicamente e culturalmente cada cosmovisión e ampliando información mediante internet e/ou fontes bibliográficas. | ▪ FIB4.4.1. Elabora esquemas, táboas e/ou mapas conceptuais que comparen os caracteres adxudicados historicamente ao Universo, entendido como totalidade do real, contextualizando historicamente e culturalmente cada cosmovisión e ampliando información mediante internet e/ou fontes bibliográficas. | ▪ CD |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ m | ▪ B1.1. Textos filosóficos e textos pertencentes a outras ramas do saber relacionados coas temáticas filosóficas estudadas. | ▪ B4.5. Ler e analizar de xeito crítico textos filosóficos, epistemolóxicos e científicos sobre a comprensión da realidade, tanto desde o plano metafísico como desde o físico, usando con precisión os termos técnicos estudados, relacionar os | ▪ FIB4.5.1. Analiza textos filosóficos e científicos, clásicos e contemporáneos, que aborden as mesmas problemáticas, e investigar a vixencia das ideas expostas. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FIB4.5.2. Reflexiona sobre as | ▪ CAA |

| | Filosofía. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | problemas presentados nos textos co estudado nas unidades e razoar a postura propia. | implicacións filosóficas que afectan a visión do ser humano en cada cosmovisión filosófico-científica estudada, e argumenta as súas propias ideas de xeito razoado e creativo. | |
| | Bloque 5. O ser humano desde a filosofía | | | |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e | ▪ B5.1. A reflexión filosófica sobre o ser humano e o sentido da existencia: antropoloxía filosófica. | ▪ B5.1. Recoñecer en que consiste a antropoloxía filosófica. | ▪ FIB5.1.1. Utilizar con rigor vocabulario específico da temática, como evolución, dialéctica, proceso, progreso, emerxencia, azar, selección natural, apto, reducionismo, creacionismo, evolución cultural, vitalismo, determinismo xenético, natureza e cultura. | ▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B5.2. Implicacións filosóficas da evolución. Filosofía e bioloxía. | ▪ B5.2. Coñecer e explicar as implicacións filosóficas da evolución, en relación cos contidos metafísicos e cos/coas pensadores/as xa estudados/as. | ▪ FIB5.2.1. Coñece e explica as consideracións filosóficas implicadas na teoría da evolución, como a consideración dinámica e dialéctica da vida ou o indeterminismo, entre outras. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FIB5.2.2. Analiza fragmentos breves e significativos de E. Morin, K. Popper, R. Dawkins, J. Mosterín, A. Gehlen, M. Harris ou M. Ponty, entre outros. | ▪ CCEC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B5.3. A dialéctica natureza-cultura no proceso de antropoxénese e de construción da identidade propia humana. | ▪ B5.3. Recoñecer e reflexionar, de maneira argumentada, sobre a interacción dialéctica entre o compoñente natural e o cultural que caracterizan o ser humano como tal, sendo o culturalmente adquiri- | ▪ FIB5.3.1. Identifica e expón en que consiste o compoñente natural innato do ser humano, e a súa relación cos elementos culturais que xorden nos procesos de antropoxénese e humanización, | ▪ CCEC<br>▪ CSC |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Filosofía. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ l | | do condición para a innovación e a creatividade que caracterizan a especie. | dando lugar á identidade propia do ser humano. | |
| | | | ▪ FIB5.3.2. Diserta sobre o ser humano en tanto que resultado da dialéctica evolutiva entre o xeneticamente innato e o culturalmente adquirido, condición para a innovación e a capacidade creativa que caracterizan a nosa especie. | ▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ FIB5.3.3. Localiza información en internet acerca das investigacións actuais sobre a evolución humana, e reflicte a información seleccionada e sistematizada de xeito colaborativo. | ▪ CD<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B1.2. Composición escrita de argumentos de reflexión filosófica e de discursos orais, manexando as regras básicas da retórica e a argumentación. | ▪ B5.4. Valorar os coñecementos adquiridos nesta unidade, rexeitando os prexuízos tanto etnocéntricos como por motivos físicos, e tamén as actitudes de intolerancia, inxustiza e exclusión. | ▪ FIB5.4.1. Argumenta con coherencia, baseándose nos datos obxectivos aprendidos, sobre as implicacións de adoptar prexuízos etnocéntricos para xulgar os seres humanos e as culturas. | ▪ CSC |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B5.4. Visión grega. Heroe homérico: concepto socrático. Dualismo platónico. Animal racional e político aristotélico. Materialismo e individualismo helenista.<br>▪ B5.5. Pensamento medieval: creación á imaxe divina; nova concepción do corpo e a alma, da morte e da liberdade.<br>▪ B5.6. Renacemento: antropocentrismo e humanismo.<br>▪ B5.7. Modernidade e século XIX: | ▪ B5.5. Coñecer e reflexionar sobre as concepcións filosóficas sobre o ser humano como tal que se viñeron dando ao longo da filosofía occidental, comparando semellanzas e diferenzas entre as sucesivas formulacións, analizando criticamente a influencia do contexto sociocultural na concepción filosófica, e valorando algunhas formulacións diverxentes que abriron camiño cara á consideración ac- | ▪ FIB5.5.1. Contrasta e relaciona as principais concepcións filosóficas que se viñeron dando historicamente sobre o ser humano. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ FIB5.5.2. Analiza de xeito crítico textos significativos e breves dos grandes pensadores. | ▪ CCL |
| | | | ▪ FIB5.5.3. Usa con rigor termos como dualismo e monismo antropolóxico, areté, mente, corpo, es- | ▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Filosofía. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | razón, emocións e liberdade.<br>▪ B5.8. O ser humano na filosofía contemporánea. | tual da persoa. | pírito, creacionismo, antropocentrismo, teocentrismo, alma, humanismo, persoa, dignidade, sentido, estado de natureza, estado de civilización, existencia, liberdade, emoción, paixón, determinismo, alienación, nihilismo, existencia, inconsciente, morte, historia ou transcendencia, entre outros. | |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B5.9. Visións filosóficas orientais: budismo, taoísmo e hinduísmo. | ▪ B5.6. Comparar a visión filosófica occidental do ser humano coa visión filosófica oriental, o budismo, o taoísmo e o hinduísmo, e argumentar as opinións propias sobre semellanzas e diferenzas. | ▪ FIB5.6.1. Contrasta e relaciona as principais concepcións filosóficas que se viñeron dando historicamente no contexto da filosofía occidental sobre o ser humano, coa visión filosófica oriental, o budismo, o taoísmo e o hinduísmo. | ▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B5.10. Algunhas claves sobre o sentido da existencia humana.<br>▪ B5.11. Cuestión do sentido, a esencia e a existencia, o eu, a liberdade, a morte, o destino, o azar, a historia e a necesidade de transcendencia. | ▪ B5.7. Disertar, de forma oral e escrita, sobre as temáticas intrinsecamente filosóficas no ámbito do sentido da existencia, como poden ser a cuestión do sentido, a esencia e a existencia, o eu, a liberdade, a morte, o destino, o azar, a historia ou a necesidade de transcendencia, entre outras. | ▪ FIB5.7.1. Diserta, de xeito oral e escrito, sobre as grandes cuestións metafísicas que lle dan sentido á existencia humana. | ▪ CCL |
| | | | ▪ FIB5.7.2. Argumenta e razoa, de xeito oral e escrito, acerca dos puntos de vista propios sobre o ser humano, desde a filosofía e sobre diferentes temáticas filosóficas relacionadas co sentido da existencia humana. | ▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B5.12. Reflexión filosófica sobre o corpo.<br>▪ B5.13. Teorías filosóficas sobre a relación entre mente e corpo. | ▪ B5.8. Coñecer algunhas teorías filosóficas occidentais sobre o corpo humano, e reflexionar de xeito colaborativo e argumentar acerca dos puntos de vista propios. | ▪ FIB5.8.1. Coñece as teorías filosóficas da relación entre mente e corpo (monismo, dualismo e emerxentismo), e argumenta sobre esas teorías comparando semellanzas e diferenzas, de forma | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Filosofía. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | colaborativa. | |
| | Bloque 6. A racionalidade práctica | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B2.5. Racionalidade teórica e práctica.<br>▪ B6.1. Orixe da ética occidental: Sócrates fronte aos sofistas. | ▪ B6.1. Identificar a especificidade da razón na súa dimensión práctica, en tanto que orientadora da acción humana. | ▪ FIB6.1.1. Recoñece a función da racionalidade práctica para dirixir a acción humana, aínda recoñecendo os seus vínculos ineludibles coa razón teórica e a intelixencia emocional. | ▪ CSC |
| | | | ▪ FIB6.1.2. Explica a orixe da ética occidental no pensamento grego, contrastando, de forma razoada, a concepción socrática coa dos sofistas. | ▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e | ▪ B6.2. A ética como reflexión sobre a acción moral: carácter, conciencia e madureza moral. | ▪ B6.2. Recoñecer o obxecto e función da ética. | ▪ FIB6.2.1. Explica e razoa acerca do obxecto e a función da ética. | ▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B6.3. Principais teorías sobre a moral humana.<br>▪ B6.4. Procura da felicidade.<br>▪ B6.5. A boa vontade: Kant.<br>▪ B6.6. A xustiza como virtude ético-política.<br>▪ B6.7. Relativismo e universalismo moral. | ▪ B6.3. Coñecer e explicar as principais teorías éticas sobre a xustiza e a felicidade, e sobre o desenvolvemento moral. | ▪ FIB6.3.1. Expresa de xeito crítico as argumentacións das principais teorías éticas sobre a felicidade e a virtude, razoando as súas propias ideas, e achega exemplos do seu cumprimento e do seu incumprimento. | ▪ CSIEE<br>▪ CSC |
| | | | ▪ FIB6.3.2. Expresa de maneira crítica as argumentacións das principais teorías éticas sobre a xustiza, razoando as súas propias ideas, e achega exemplos do seu cumprimento e do seu incumpri- | ▪ CSIEE |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Filosofía. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | mento. | |
| | | | ▪ FIB6.3.3. Analiza textos breves dalgúns dos filósofos representantes das principais teorizacións éticas e sobre o desenvolvemento psicolóxico moral do individuo. | ▪ CSC |
| | | | ▪ FIB6.3.4. Usa con rigor termos como ética, moral, acción moral, autonomía, responsabilidade, convención moral, madureza moral, virtude moral, subxectivismo, relativismo e universalismo moral, utilitarismo, deber moral, ética de máximos, ética de mínimos, consenso, xustiza, eudemonismo, hedonismo, emotivismo e utilitarismo. | ▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B6.8. Fundamentos filosóficos do Estado.<br>▪ B6.9. Principais interrogantes da filosofía política. | ▪ B6.4. Explicar a función, as características e os principais interrogantes da filosofía política, como a orixe e a lexitimidade do Estado, as relacións entre o individuo e o Estado ou a natureza das leis. | ▪ FIB6.4.1. Identifica a función, as características e os principais interrogantes da filosofía política. | ▪ CSC |
| | | | ▪ FIB6.4.2. Utiliza con rigor conceptos como democracia, Estado, xustiza, dereito, dereitos naturais, Estado democrático e de dereito, legalidade, lexitimidade, convención, contractualismo, alienación, ideoloxía, utopía, entre outros conceptos clave da filosofía política. | ▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ b | ▪ B6.10. A xustiza segundo Platón.<br>▪ B6.11. O convencionalismo nos | ▪ B6.5. Coñecer as teorías e os conceptos filosóficos principais que estiveron na base da constru- | ▪ FIB6.5.1. Explica de xeito coherente as formulacións filosófico-políticas de Platón, os sofistas, | ▪ CCEC<br>▪ CSC |

| Filosofía. 1º de bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | sofistas.<br>▪ B6.12. Realismo político: Maquiavelo.<br>▪ B6.13. Contractualismo: Hobbes, Locke, Rousseau e Montesquieu.<br>▪ B6.14. A paz perpetua de Kant.<br>▪ B6.15. Fundamentos filosóficos do capitalismo no século XIX. John Stuart Mill. Alienación e ideoloxía segundo Marx.<br>▪ B6.16. Disputa política entre Popper e a escola de Frankfurt. | ción da idea de Estado e das súas funcións, apreciando o papel da filosofía como reflexión crítica. | Maquiavelo, Locke, Montesquieu, Rousseau, Hobbes, Kant, John Stuart Mill, Popper ou Habermas, entre outros. | |
| | | | ▪ FIB6.5.2. Analiza e reflexiona sobre a relación entre individuo e Estado, sobre a base do pensamento dos sofistas, Marx e a escola de Frankfurt. | ▪ CSC |
| | | | ▪ FIB6.5.3. Analiza de xeito crítico textos significativos e breves dalgúns dos autores estudados, nos que se argumente sobre o concepto de Estado, os seus elementos e as súas características. | ▪ CSC |
| | | | ▪ FIB6.5.4. Valora e utiliza a capacidade argumentativa, de forma oral e escrita, contra a arbitrariedade, o autoritarismo e a violencia. | ▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B6.17. Función do pensamento utópico. | ▪ B6.6. Disertar de xeito oral e escrito sobre a utilidade do pensamento utópico, analizando e valorando a súa función, para propor posibilidades alternativas, proxectar ideas innovadoras e avaliar o xa experimentado. | ▪ FIB6.6.1. Reflexiona por escrito sobre as posibilidades do pensamento utópico, e argumenta as súas propias ideas. | ▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e | ▪ B6.18. Legalidade e lexitimidade. | ▪ B6.7. Distinguir os conceptos de legalidade e lexitimidade. | ▪ FIB6.7.1. Describe e compara os conceptos de legalidade e lexitimidade. | ▪ CCL<br>▪ CSC |

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Filosofía. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ h | | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ p | ▪ B6.19. Capacidade simbólica. E. Cassirer.<br>▪ B6.20. Creatividade. H. Poincaré. | ▪ B6.8. Recoñecer a capacidade simbólica como elemento distintivo da especie humana. | ▪ FIB6.8.1. Explica as teses fundamentais de E. Cassirer sobre a capacidade simbólica humana, e as de H. Poincaré sobre o proceso creativo. | ▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ n<br>▪ p | ▪ B6.21. Estética filosófica: función e características.<br>▪ B6.22. A arte como instrumento de comprensión e expresión simbólica da realidade.<br>▪ B6.23. A estética filosófica e a capacidade simbólica do ser humano. A realidade desde a arte, a literatura e a música. | ▪ B6.9. Coñecer o campo da estética, reflexionando sobre as contribucións filosóficas realizadas por tres das construcións simbólicas culturais fundamentais. | ▪ FIB6.9.1. Comprende e usa conceptos como estética, creatividade, creación, símbolo, signo, arte, experiencia estética, mímese, beleza, gusto, subxectividade, xuízo estético e vangarda. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ FIB6.9.2. Contrasta e relaciona algunhas construcións simbólicas fundamentais no contexto da cultura occidental, e analiza, de xeito colaborativo, textos literarios, audicións musicais e visualizacións de obras de arte para explicar os contidos da unidade. | ▪ CAA<br>▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ n<br>▪ p | ▪ B6.24. Relación da arte coa ética, co coñecemento e coa técnica. | ▪ B6.10. Relacionar a creación artística con outros campos como o da ética, o coñecemento e a técnica. | ▪ FIB6.10.1. Diserta sobre a relación e a posibilidade transformadora da realidade humana, a creación artística, a ciencia e a ética. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ d | ▪ B6.25. Sentimento, experiencia e xuízo estético. Beleza. Creación artística e sociedade. Abstracción | ▪ B6.11. Analizar textos en que se comprenda o valor da arte, a literatura e a música como vehículos | ▪ FIB6.11.1. Coñece e describe algúns dos elementos fundamentais da reflexión estética sobre a | ▪ CCEC |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Filosofía. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ e<br>▪ h<br>▪ n<br>▪ p | artística e pensamento metafísico. A arte como xustificación ou como crítica da realidade.<br>▪ B6.26. Filosofía e arte. Filosofía e literatura. Filosofía e música. | de transmisión do pensamento filosófico, utilizando con precisión o vocabulario específico propio da estética filosófica. | arte, analizando textos significativos de filósofos como Platón, Schelling, Hume, Kant, Nietzsche, Walter Benjamin, Gadamer, Marcuse ou Adorno, entre outros, e aplica esas ideas ao estudo de diversas obras de arte. | |
| | | | ▪ FIB6.11.2. Entende o valor filosófico da literatura, analizando textos breves de pensadores e literatos como Platón, Santo Agostiño, Calderón de la Barca, Pío Baroja, A. Machado, Voltaire, Goethe, Sartre, Unamuno, Borges ou Camus, entre outros. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ FIB6.11.3. Coñece a visión filosófica da música a través da análise de textos filosóficos sobre as visións dos pitagóricos, de Platón, Schopenhauer, Nietzsche ou Adorno, entre outros, así como mediante audicións significativas. | ▪ CCEC |
| ▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ n | ▪ B1.2. Composición escrita de argumentos de reflexión filosófica e de discursos orais, manexando as regras básicas da retórica e a argumentación. | ▪ B6.12. Reflexionar por escrito sobre algunha das temáticas significativas estudadas, argumentando as propias posicións, e ampliar en internet a información aprendida. | ▪ FIB6.12.1. Diserta de xeito claro e coherente sobre o valor das artes para transmitir ideas filosóficas, e procura e selecciona información en internet que amplíe o xa aprendido. | ▪ CD<br>▪ CSC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e | ▪ B6.27. Retórica, argumentación e lóxica: a comunicación desde a filosofía.<br>▪ B6.28. Importancia da comunicación e a súa relación coa linguaxe, | ▪ B6.13. Entender a importancia da comunicación para o desenvolvemento do ser humano e as sociedades. | ▪ FIB6.13.1. Coñece e manexa con rigor conceptos como símbolo, comunicación, linguaxe formal, lóxica, xuízo lóxico, razoamento, demostración, discurso, elocuen- | ▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Filosofía. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | a verdade e a realidade. | | cia, orador, retórica, exordio, inventio, dispositio, argumentación, elocutio, compositio, actio, falacia, debate, negociación, persuasión e concepto universal, entre outros. | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e | ▪ B6.29. Lóxica proposicional. | ▪ B6.14. Coñecer en que consiste a lóxica proposicional e apreciar o seu valor para amosar o razoamento correcto e a expresión do pensamento como condición fundamental para as relacións humanas. | ▪ FIB6.14.1. Utiliza os elementos e as regras do razoamento da lóxica de enunciados. | ▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e | ▪ B6.30. Retórica e composición do discurso. | ▪ B6.15. Coñecer as dimensións que forman parte da composición do discurso retórico, e aplicalas na composición de discursos. | ▪ FIB6.15.1. Comprende e explica a estrutura e o estilo da retórica e da argumentación. | ▪ CCL |
| | | | ▪ FIB6.15.2. Coñece a estrutura e a orde do discurso, e escribe breves discursos retóricos establecendo coherentemente a exposición e a argumentación. | ▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e | ▪ B6.31. Argumentación: regras e ferramentas do diálogo e a demostración de argumentos.<br>▪ B6.32. Filosofía da linguaxe: o problema filosófico dos conceptos universais e o erro argumentativo da xeneralización apresurada. | ▪ B6.16. Coñecer e utilizar as regras e as ferramentas básicas do discurso baseado na argumentación demostrativa. | ▪ FIB6.16.1. Constrúe un diálogo argumentativo no que demostra as súas propias teses mediante as regras e as ferramentas da argumentación. | ▪ CSIEE<br>▪ CSC |
| | | | ▪ FIB6.16.2. Distingue un argumento veraz dunha falacia. | ▪ CAA |
| | | | ▪ FIB6.16.3. Analiza e comenta textos breves e significativos sobre a arte da retórica e a argumentación de Platón, Aristóteles, | ▪ CCEC |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Filosofía. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | Cicerón, Quintiliano, Tácito e autores/as contemporáneos/as. | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ m<br>▪ p | ▪ B6.33. A filosofía e a empresa como proxecto racional. | ▪ B6.17. Coñecer as posibilidades da filosofía na creación dun proxecto, en xeral, e no ámbito empresarial en particular, e valorar o seu papel potenciador da análise, a reflexión e o diálogo. | ▪ FIB6.17.1. Utiliza conceptos con sentido filosófico e aplícaos ao contexto empresarial: principios, saber, orde lóxica, finalidade, demostración, razoamento, indución, dedución, argumentación, sentido, significado, creatividade, diálogo, obxectivo/subxectivo, emocións, globalidade e valor, entre outros. | ▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ m<br>▪ p | ▪ B6.34. O modo metafísico de preguntar para deseñar un proxecto vital e de empresa.<br>▪ B6.35. Os procesos de cuestionamento e a importancia da definición de obxectivos. | ▪ B6.18. Comprender a importancia do modo de "preguntar radical" da metafísica para proxectar unha idea ou un proxecto vital ou empresarial, facilitando os procesos de cuestionamento e definición das preguntas radicais e as respostas a estas. | ▪ FIB6.18.1. Formula correctamente os interrogantes filosóficos radicais que deben estar na base da creación dun proxecto, tanto vital como laboral, como "que son?", "que fago?", "por que?", "para que?", "cal é o meu obxectivo?", "cal é o seu sentido, a súa razón de ser?", etc., e saber argumentar a defensa das respostas. | ▪ CSIEE<br>▪ CSC |
| ▪ b<br>▪ m<br>▪ p | ▪ B6.36. Proceso de análise racional do conxunto dun sistema, dos elementos que o integran e da orde racional que subxace á estrutura lóxica dun proxecto, vital e empresarial. | ▪ B6.19. Comprender o valor da teoría do coñecemento, a razón crítica e a lóxica para introducir racionalidade na orixe e no desenvolvemento dun proxecto. | ▪ FIB6.19.1. Deseña un proxecto vital ou empresarial, sobre a base da filosofía, valorando a íntima relación entre os pensamentos e as accións, entre a razón e as emocións, a través do diálogo, da argumentación e a linguaxe filosófica. | ▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ m | ▪ B6.37. Importancia do diálogo e da defensa argumentativa de proxectos, fins e medios. | ▪ B6.20. Valorar as técnicas do diálogo filosófico, a argumentación e a retórica para organizar a comunicación entre as partes e a re- | ▪ FIB6.20.1. Coñece e utiliza as ferramentas da argumentación e o diálogo na resolución de dilemas e conflitos dentro dun grupo huma- | ▪ CSC |

| | Filosofía. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | solución de negociacións e de conflitos, para xerar diálogo baseado na capacidade de argumentar correctamente, para definir e comunicar correctamente o obxectivo dun proxecto. | no. | |
| ▪ a<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B6.38. Deseño dun proxecto vital e laboral. Papel da Estética no desenvolvemento do pensamento creativo e innovador. | ▪ B6.21. Valorar a capacidade da estética filosófica para favorecer o pensamento creativo e innovador que permite adaptarse e anticiparse aos cambios, xerando innovación e evitando o estancamento, valorando así a función e a importancia das persoas emprendedoras e innovadoras para a construción e o avance dunha cultura, e a transformación da realidade. | ▪ FIB6.21.1. Valora a posibilidade de crear tarefas innovadoras, valorando a función e a importancia das persoas emprendedoras e innovadoras para a construción e o avance dunha cultura, e a transformación da realidade. | ▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ f<br>▪ m<br>▪ p | ▪ B6.39. Importancia da ética para establecer o sistema de valores no traballo. | ▪ B6.22. Comprender e apreciar a función axiolóxica da ética para establecer un sistema de valores que permita mellorar o clima laboral, comprendendo que os valores éticos son clave para lograr o equilibrio entre innovación, sustentabilidade e competitividade. | ▪ FIB6.22.1. Realiza un decálogo de valores éticos que deben rexer no mundo laboral e de cara á sociedade e á natureza. | ▪ CSC |
| | | | ▪ FIB6.22.2. Valora e diserta sobre a importancia do traballo para desenvolvernos como seres humanos, para o avance dunha cultura e para transformar a realidade. | ▪ CSC |
| ▪ b<br>▪ m<br>▪ p | ▪ B6.40. Razón crítica en tanto que reguladora da acción humana. | ▪ B6.23. Coñecer e valorar a importancia da razón crítica para o avance dun proxecto persoal e colectivo. | ▪ FIB6.23.1. Comprende e valora a importancia da razón crítica para o avance dun proxecto persoal e colectivo. | ▪ CSC |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



DOG Diario Oficial de Galicia

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

## Física e Química

### Introdución

A aprendizaxe da física e da química resulta imprescindible, xunto coas demais ciencias experimentais e a tecnoloxía, para permitir aos alumnos e ás alumnas analizar con coñecemento de causa os problemas de orixe científica e tecnolóxica que se formulan na nosa sociedade, así como participar no debate que suscitan e dar a resposta que corresponda como cidadanía responsable. Ademais, compártese co resto das disciplinas a responsabilidade de promover no alumnado a adquisición das competencias necesarias para que poida integrarse na sociedade de xeito activo. Como materia científica, Física e Química ten o compromiso engadido de dotar o alumnado de ferramentas específicas que lle permitan afrontar o futuro con garantías, participando no desenvolvemento económico e social ao que está ligada a capacidade científica, tecnolóxica e innovadora da propia sociedade. Para que estas expectativas se concreten, o ensino desta materia debe incentivar unha aprendizaxe contextualizada que relacione os principios en vigor coa evolución histórica do coñecemento científico; que estableza a relación entre ciencia, tecnoloxía e sociedade; que potencie a argumentación verbal, a capacidade de establecer relacións cuantitativas e espaciais, así como a de resolver problemas con precisión e rigor.

A materia de Física e Química debe capacitar os alumnos e as alumnas para extraeren e comunicaren conclusións a partir de probas científicas, formularen preguntas que a ciencia poida responder e explicaren cientificamente fenómenos físicos e naturais. Á achega á competencia propiamente científica cumprirá engadir as correspondentes ao resto das competencias clave.

É preciso o afondamento nunha verdadeira cultura científica, baseada na concepción da ciencia como cultura e non só como un conxunto de coñecementos que, estruturados en teorías, poidan ter algunha aplicación máis ou menos útil. Neste sentido, resulta salientable a achega de Física e Química á competencia en conciencia e expresións culturais, por ser moitos os logros da ciencia que modificaron o noso modo de entender o mundo e moitos os científicos e as científicas que influíron na nosa forma de comprender a realidade; consecuentemente, personaxes como Newton, Lavoisier, Boyle, Marie Curie, Lise Meitner, no plano internacional, ou Antonio Casares Rodríguez, Ramón María Aller Ulloa e tantos outros, na nosa comunidade, deben ser recoñecidos e valorados como actores principais da construción da nosa cultura.

A física e a química non son alleas ao desenvolvemento das competencias sociais e cívicas, xa que promoven actitudes e valores relacionados coa asunción de criterios éticos fronte a problemas relacionados co impacto das cien-

DOG Diario Oficial de Galicia

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

cias e da tecnoloxía no noso contorno: conservación de recursos, cuestións ambientais, etc. A mesma competencia tamén está relacionada co traballo en equipo que caracteriza a actividade científica.

Non debemos esquecer que o emprego das tecnoloxías da información e da comunicación e, consecuentemente, a competencia dixital merece un tratamento específico no estudo desta materia. O alumnado de ESO e bacharelato para o que se desenvolveu o presente currículo básico é nativo dixital e, en consecuencia, está familiarizado coa presentación e a transferencia dixital de información. O uso de aplicacións virtuais interactivas permite realizar experiencias prácticas que por razóns de infraestrutura non serían viables noutras circunstancias. Por outra banda, a posibilidade de acceder a unha grande cantidade de información implica a necesidade de clasificala segundo criterios de relevancia, o que permite desenvolver o espírito crítico do alumnado.

A elaboración e a defensa de traballos de investigación sobre temas propostos ou de libre elección, que permite afondar e ampliar contidos relacionados co currículo e mellorar as destrezas tecnolóxicas e comunicativas nos alumnos e nas alumnas, ten como obxectivo desenvolver a aprendizaxe autónoma destes. Tanto o traballo en equipo como a creatividade na resolución de problemas ou o deseño de experiencias e pequenas investigacións, tarefas todas elas propias da actividade científica, propician, nos contextos adecuados, o desenvolvemento da competencia de sentido da iniciativa e espírito emprendedor, sen a que non se entendería o progreso da ciencia.

En relación á competencia de aprender a aprender, cómpre indicar que se algo caracteriza a actividade científica é a curiosidade, o interese por aprender propio da ciencia. En unión a procesos tales como a reflexión sobre si mesmo/a como estudante, sobre a tarefa para desenvolver ou sobre as estratexias para aprender, que propician todas as disciplinas, Física e Química achega unha estratexia, o método científico, nomeadamente relevante no proceso de adquisición de coñecementos.

Para finalizar a análise xeral da participación da materia que nos ocupa no desenvolvemento das competencias clave, haberá que referirse á competencia en comunicación lingüística. Das múltiples achegas a esta competencia clave (defensa de traballos de investigación, selección e interpretación da información, comunicación dos traballos realizados, etc.) podemos salientar dúas: a relacionada coa linguaxe propia das ciencias (interpretación de gráficas, táboas, etiquetaxes, símbolos, formulación, etc.) e, moi importante, a relacionada co proceso de argumentación, entendido como o proceso de avaliación dos enunciados de coñecemento, á luz das probas dispoñibles.

A materia de Física e Química impártese nos dous ciclos na etapa de ESO e no primeiro curso de bacharelato.

No primeiro ciclo de ESO débense afianzar e ampliar os coñecementos que sobre as ciencias da natureza foron adquiridos polo alumnado na etapa de educación primaria. O enfoque co que se procura introducir os conceptos debe ser fundamentalmente fenomenolóxico; deste xeito, a materia preséntase como a explicación lóxica de todo

DOG Diario Oficial de Galicia
DOG Núm. 120 Luns, 29 de xuño de 2015 Páx. 25665

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

aquilo ao que o alumnado está afeito e coñece. É importante sinalar que neste ciclo a materia de Física e Química pode ter carácter terminal, polo que o seu obxectivo prioritario será o de contribuír á cimentación dunha cultura científica básica.

No segundo ciclo de ESO e en primeiro de bacharelato esta materia ten, pola contra, un carácter esencialmente formal, e está enfocada a dotar o alumnado de capacidades específicas asociadas a esta disciplina. Cun esquema de bloques similar, en cuarto de ESO aséntanse as bases dos contidos que en primeiro de bacharelato recibirán un enfoque máis educativo.

Os contidos que se recollen no currículo están ao servizo do logro dos distintos criterios. Estes elementos, en unión coas competencias clave e cos obxectivos, estrutúranse en bloques. O primeiro bloque, común a todos os niveis, está dedicado a desenvolver as capacidades inherentes ao traballo científico, partindo da observación e a experimentación como base do coñecemento. Os elementos propios deste bloque deben desenvolverse de xeito transversal ao longo de todo o curso, utilizando a elaboración de hipóteses e a toma de datos como pasos imprescindibles para a resolución de calquera tipo de problema. Hanse desenvolver destrezas no manexo do aparato científico, pois o traballo experimental é unha das pedras angulares de Física e Química. Traballarase, así mesmo, a presentación dos resultados obtidos mediante gráficos e táboas, a extracción de conclusións e a súa confrontación con fontes bibliográficas. Os estándares deste bloque, de carácter transversal como xa se indicou, cobran sentido ao combinalos cos doutros bloques. É como resultado desta combinación e das características das actividades de aprendizaxe deseñadas polo profesorado que se poderá avaliar o grao de desenvolvemento dunhas competencias ou das outras.

Na ESO, a materia e os seus cambios trátanse nos bloques segundo e terceiro, respectivamente, abordando os aspectos de forma secuencial. No primeiro ciclo realízase unha progresión do macroscópico ao microscópico. O enfoque macroscópico permite introducir o concepto de materia a partir da experimentación directa, mediante exemplos e situacións cotiás, entanto que se procura un enfoque descritivo para o estudo microscópico. No segundo ciclo introdúcese secuencialmente o concepto moderno do átomo, a ligazón química e a nomenclatura dos compostos químicos, así como o concepto de mol e o cálculo estequiométrico; así mesmo, iníciase unha aproximación á química orgánica incluíndo unha descrición dos grupos funcionais presentes nas biomoléculas.

A distinción entre os enfoques fenomenolóxico e formal vólvese presentar claramente no estudo da física, que abarca tanto o movemento e as forzas como a enerxía, bloques cuarto e quinto respectivamente. No primeiro ciclo, o concepto de forza introdúcese, empiricamente, a través da observación, e o movemento dedúcese pola súa relación coa presenza ou ausencia de forzas. No segundo ciclo, o estudo da física, organizado atendendo aos mesmos bloques anteriores, introduce de xeito progresivo a estrutura formal desta materia.

XUNTA
DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



En primeiro de bacharelato, o estudo da química secuenciouse en catro bloques: aspectos cuantitativos de química, reaccións químicas, transformacións enerxéticas e espontaneidade das reaccións, e química do carbono. Este último adquire especial importancia pola súa relación con outras disciplinas, que tamén son obxecto de estudo no bacharelato. O estudo da física consolida o enfoque secuencial (cinemática, dinámica e enerxía) esbozado no segundo ciclo de ESO. O aparato matemático da física cobra, á súa vez, unha maior relevancia neste nivel, polo que convén comezar o estudo polos bloques de química, co fin de que o alumnado poida adquirir as ferramentas necesarias proporcionadas pola materia de Matemáticas.

2º de ESO

| | Física e Química. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. A actividade científica | | | |
| ▪ f<br>▪ h | ▪ B1.1. Método científico: etapas.<br>▪ B1.2. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación. | ▪ B1.1. Recoñecer e identificar as características do método científico. | ▪ FQB1.1.1. Formula, de forma guiada, hipóteses para explicar fenómenos cotiáns, utilizando teorías e modelos científicos sinxelos. | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ FQB1.1.2. Rexistra observacións e datos de maneira organizada e rigorosa, e comunícaos oralmente e por escrito utilizando esquemas, gráficos e táboas. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| ▪ f<br>▪ m | ▪ B1.3. Aplicacións da ciencia á vida cotiá e á sociedade. | ▪ B1.2. Valorar a investigación científica e o seu impacto na industria e no desenvolvemento da sociedade. | ▪ FQB1.2.1. Relaciona a investigación científica con algunha aplicación tecnolóxica sinxela na vida cotiá. | ▪ CCEC<br>▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ f | ▪ B1.4. Medida de magnitudes. Sistema Internacional de Unidades. | ▪ B1.3. Aplicar os procedementos científicos para determinar magnitudes. | ▪ FQB1.3.1. Establece relacións entre magnitudes e unidades utilizando, preferentemente, o Sistema Internacional de Unidades para expresar os resultados. | ▪ CMCCT |

| | Física e Química. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ FQB1.3.2. Realiza medicións prácticas de magnitudes físicas da vida cotiá empregando o material e os instrumentos apropiados, e expresa os resultados correctamente no Sistema Internacional de Unidades. | ▪ CSIEE<br>▪ CMCCT |
| ▪ f | ▪ B1.5. Traballo no laboratorio. | ▪ B1.4. Recoñecer os materiais e os instrumentos básicos presentes no laboratorio de física e de química, e coñecer e respectar as normas de seguridade e de eliminación de residuos para a protección ambiental. | ▪ FQB1.4.1. Recoñece e identifica os símbolos máis frecuentes utilizados na etiquetaxe de produtos químicos e instalacións, interpretando o seu significado. | ▪ CMCCT<br>▪ CCL |
| | | | ▪ FQB1.4.2. Identifica material e instrumentos básicos de laboratorio e coñece a súa forma de utilización para a realización de experiencias, respectando as normas de seguridade e identificando actitudes e medidas de actuación preventivas. | ▪ CMCCT |
| ▪ e<br>▪ f<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B1.6. Procura e tratamento de información.<br>▪ B1.2. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación. | ▪ B1.5. Extraer de forma guiada a información sobre temas científicos de carácter divulgativo que aparece en publicacións e medios de comunicación. | ▪ FQB1.5.1. Selecciona e comprende de forma guiada información relevante nun texto de divulgación científica, e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade. | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ FQB1.5.2. Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información existente en internet e outros medios dixitais. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSC |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f | ▪ B1.1. Método científico: etapas.<br>▪ B1.2. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación. | ▪ B1.6. Desenvolver pequenos traballos de investigación nos que se poña en práctica a aplicación do | ▪ FQB1.6.1. Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo, aplicando | ▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Física e Química. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B1.4. Medida de magnitudes. Sistema Internacional de Unidades.<br>▪ B1.5. Traballo no laboratorio.<br>▪ B1.6. Proxecto de investigación. | método científico e a utilización das TIC. | o método científico e utilizando as TIC para a procura e a selección de información e presentación de conclusións. | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ FQB1.6.2. Participa, valora, xestiona e respecta o traballo individual e en equipo. | ▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 2. A materia | | | |
| ▪ b<br>▪ f | ▪ B2.1. Propiedades da materia.<br>▪ B2.2. Aplicacións dos materiais. | ▪ B2.1. Recoñecer as propiedades xerais e as características específicas da materia, e relacionalas coa súa natureza e as súas aplicacións. | ▪ FQB2.1.1. Distingue entre propiedades xerais e propiedades características da materia, e utiliza estas últimas para a caracterización de substancias. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FQB2.1.2. Relaciona propiedades dos materiais do contorno co uso que se fai deles. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FQB2.1.3. Describe a determinación experimental do volume e da masa dun sólido, realiza as medidas correspondentes e calcula a súa densidade. | ▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ f | ▪ B2.3. Estados de agregación. Cambios de estado. Modelo cinético-molecular. | ▪ B2.2. Xustificar as propiedades dos estados de agregación da materia e os seus cambios de estado, a través do modelo cinético-molecular. | ▪ FQB2.2.1. Xustifica que unha substancia pode presentarse en distintos estados de agregación dependendo das condicións de presión e temperatura en que se ache. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FQB2.2.2. Explica as propiedades dos gases, os líquidos e os sólidos. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FQB2.2.3. Describe os cambios de | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Física e Química. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | estado da materia e aplícaos á interpretación de fenómenos cotiáns. | |
| | | | ▪ FQB2.2.4. Deduce a partir das gráficas de quecemento dunha substancia os seus puntos de fusión e ebulición, e identifícaa utilizando as táboas de datos necesarias. | ▪ CMCCT |
| ▪ f | ▪ B2.4. Leis dos gases. | ▪ B2.3. Establecer as relacións entre as variables das que depende o estado dun gas a partir de representacións gráficas ou táboas de resultados obtidas en experiencias de laboratorio ou simulacións dixitais. | ▪ FQB2.3.1. Xustifica o comportamento dos gases en situacións cotiás, en relación co modelo cinético-molecular. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FQB2.3.2. Interpreta gráficas, táboas de resultados e experiencias que relacionan a presión, o volume e a temperatura dun gas, utilizando o modelo cinético-molecular e as leis dos gases. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| ▪ f | ▪ B2.5. Substancias puras e mesturas.<br>▪ B2.6. Mesturas de especial interese: disolucións acuosas, aliaxes e coloides. | ▪ B2.4. Identificar sistemas materiais como substancias puras ou mesturas, e valorar a importancia e as aplicacións de mesturas de especial interese. | ▪ FQB2.4.1. Distingue e clasifica sistemas materiais de uso cotián en substancias puras e mesturas, e especifica neste último caso se se trata de mesturas homoxéneas, heteroxéneas ou coloides. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FQB2.4.2. Identifica o disolvente e o soluto ao analizar a composición de mesturas homoxéneas de especial interese. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FQB2.4.3. Realiza experiencias sinxelas de preparación de disolucións, describe o procedemento | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Física e Química. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | seguido e o material utilizado, determina a concentración e exprésaa en gramos/litro. | |
| ▪ f | ▪ B2.7. Métodos de separación de mesturas. | ▪ B2.5. Propor métodos de separación dos compoñentes dunha mestura e aplicalos no laboratorio. | ▪ FQB2.5.1. Deseña métodos de separación de mesturas segundo as propiedades características das substancias que as compoñen, describe o material de laboratorio adecuado e leva a cabo o proceso. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 3. Os cambios | | | |
| ▪ f<br>▪ h | ▪ B3.1. Cambios físicos e cambios químicos.<br>▪ B3.2. Reacción química. | ▪ B3.1. Distinguir entre cambios físicos e químicos mediante a realización de experiencias sinxelas que poñan de manifesto se se forman ou non novas substancias. | ▪ FQB3.1.1. Distingue entre cambios físicos e químicos en accións da vida cotiá en función de que haxa ou non formación de novas substancias. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FQB3.1.2. Describe o procedemento de realización de experimentos sinxelos nos que se poña de manifesto a formación de novas substancias e recoñece que se trata de cambios químicos. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ FQB3.1.3. Leva a cabo no laboratorio reaccións químicas sinxelas. | ▪ CMCCT |
| ▪ f | ▪ B3.2. Reacción química. | ▪ B3.2. Caracterizar as reaccións químicas como cambios dunhas substancias noutras. | ▪ FQB3.2.1. Identifica os reactivos e os produtos de reaccións químicas sinxelas interpretando a representación esquemática dunha reacción química. | ▪ CMCCT |
| ▪ f | ▪ B3.3. A química na sociedade e o | ▪ B3.3. Recoñecer a importancia da química na obtención de novas | ▪ FQB3.3.1. Clasifica algúns produtos de uso cotián en función da súa | ▪ CMCCT |

| | Física e Química. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ m | ambiente. | substancias e a súa importancia na mellora da calidade de vida das persoas. | procedencia natural ou sintética. | |
| | | | ▪ FQB3.3.2. Identifica e asocia produtos procedentes da industria química coa súa contribución á mellora da calidade de vida das persoas. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| ▪ f<br>▪ m | ▪ B3.3. A química na sociedade e o ambiente. | ▪ B3.4. Valorar a importancia da industria química na sociedade e a súa influencia no ambiente. | ▪ FQB3.4.1. Propón medidas e actitudes, a nivel individual e colectivo, para mitigar os problemas ambientais de importancia global. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 4. O movemento e as forzas | | | |
| ▪ f | ▪ B4.1. Forzas: efectos.<br>▪ B4.2. Medida das forzas. | ▪ B4.1. Recoñecer o papel das forzas como causa dos cambios no estado de movemento e das deformacións. | ▪ FQB4.1.1. En situacións da vida cotiá, identifica as forzas que interveñen e relaciónaas cos seus correspondentes efectos na deformación ou na alteración do estado de movemento dun corpo. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FQB4.1.2. Establece a relación entre o alongamento producido nun resorte e as forzas que produciron eses alongamentos, e describe o material para empregar e o procedemento para a súa comprobación experimental. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FQB4.1.3. Establece a relación entre unha forza e o seu correspondente efecto na deformación ou na alteración do estado de movemento dun corpo. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FQB4.1.4. Describe a utilidade do dinamómetro para medir a forza | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Física e Química. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | elástica e rexistra os resultados en táboas e representacións gráficas, expresando o resultado experimental en unidades do Sistema Internacional. | |
| ▪ b<br>▪ f | ▪ B4.3. Velocidade media. | ▪ B4.2. Establecer a velocidade dun corpo como a relación entre o espazo percorrido e o tempo investido en percorrelo. | ▪ FQB4.2.1. Determina, experimentalmente ou a través de aplicacións informáticas, a velocidade media dun corpo, interpretando o resultado. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ FQB4.2.2. Realiza cálculos para resolver problemas cotiáns utilizando o concepto de velocidade media. | ▪ CMCCT |
| ▪ f | ▪ B4.4. Velocidade media.<br>▪ B4.5. Velocidade instantánea e aceleración. | ▪ B4.3. Diferenciar entre velocidade media e instantánea a partir de gráficas espazo/tempo e velocidade/tempo, e deducir o valor da aceleración utilizando estas últimas. | ▪ FQB4.3.1. Deduce a velocidade media e instantánea a partir das representacións gráficas do espazo e da velocidade en función do tempo. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FQB4.3.2. Xustifica se un movemento é acelerado ou non a partir das representacións gráficas do espazo e da velocidade en función do tempo. | ▪ CMCCT |
| ▪ f | ▪ B4.6. Máquinas simples. | ▪ B4.4. Valorar a utilidade das máquinas simples na transformación dun movemento noutro diferente, e a redución da forza aplicada necesaria. | ▪ FQB4.4.1. Interpreta o funcionamento de máquinas mecánicas simples considerando a forza e a distancia ao eixe de xiro, e realiza cálculos sinxelos sobre o efecto multiplicador da forza producido por estas máquinas. | ▪ CMCCT |
| ▪ f | ▪ B4.7. O rozamento e os seus efectos. | ▪ B4.5. Comprender o papel que xoga o rozamento na vida cotiá. | ▪ FQB4.5.1. Analiza os efectos das forzas de rozamento e a súa in- | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Física e Química. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | fluencia no movemento dos seres vivos e os vehículos. | |
| ▪ f | ▪ B4.8. Forza gravitatoria. | ▪ B4.6. Considerar a forza gravitatoria como a responsable do peso dos corpos, dos movementos orbitais e dos niveis de agrupación no Universo, e analizar os factores dos que depende. | ▪ FQB4.6.1. Relaciona cualitativamente a forza de gravidade que existe entre dous corpos coas súas masas e a distancia que os separa. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FQB4.6.2. Distingue entre masa e peso calculando o valor da aceleración da gravidade a partir da relación entre esas dúas magnitudes. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FQB4.6.3. Recoñece que a forza de gravidade mantén os planetas xirando arredor do Sol, e á Lúa arredor do noso planeta, e xustifica o motivo polo que esta atracción non leva á colisión dos dous corpos. | ▪ CMCCT |
| ▪ f | ▪ B4.9. Estrutura do Universo.<br>▪ B4.10. Velocidade da luz. | ▪ B4.7. Identificar os niveis de agrupación entre corpos celestes, desde os cúmulos de galaxias aos sistemas planetarios, e analizar a orde de magnitude das distancias implicadas. | ▪ FQB4.7.1. Relaciona cuantitativamente a velocidade da luz co tempo que tarda en chegar á Terra desde obxectos celestes afastados e coa distancia á que se atopan eses obxectos, interpretando os valores obtidos. | ▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B4.1. Forzas: efectos.<br>▪ B4.8. Forza gravitatoria. | ▪ B4.8. Recoñecer os fenómenos da natureza asociados á forza gravitatoria. | ▪ FQB4.8.1. Realiza un informe, empregando as tecnoloxías da información e da comunicación, a partir de observacións ou da procura guiada de información sobre a forza gravitatoria e os fenómenos asociados a ela. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 5. Enerxía | | | |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Física e Química. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ f | ▪ B5.1. Enerxía: unidades. | ▪ B5.1. Recoñecer que a enerxía é a capacidade de producir transformacións ou cambios. | ▪ FQB5.1.1. Argumenta que a enerxía pode transferirse, almacenarse ou disiparse, pero non crearse nin destruírse, utilizando exemplos. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FQB5.1.2. Recoñece e define a enerxía como unha magnitude e exprésaa na unidade correspondente do Sistema Internacional. | ▪ CMCCT |
| ▪ f | ▪ B5.2. Tipos de enerxía.<br>▪ B5.3. Transformacións da enerxía.<br>▪ B5.4. Conservación da enerxía. | ▪ B5.2. Identificar os tipos de enerxía postos de manifesto en fenómenos cotiáns e en experiencias sinxelas realizadas no laboratorio. | ▪ FQB5.2.1. Relaciona o concepto de enerxía coa capacidade de producir cambios, e identifica os tipos de enerxía que se poñen de manifesto en situacións cotiás, explicando as transformacións dunhas formas noutras. | ▪ CMCCT |
| ▪ f<br>▪ h | ▪ B5.5. Enerxía térmica. Calor e temperatura.<br>▪ B5.6. Escalas de temperatura.<br>▪ B5.7. Uso racional da enerxía. | ▪ B5.3. Relacionar os conceptos de enerxía, calor e temperatura en termos da teoría cinético-molecular, e describir os mecanismos polos que se transfire a enerxía térmica en situacións cotiás. | ▪ FQB5.3.1. Explica o concepto de temperatura en termos do modelo cinético-molecular, e diferencia entre temperatura, enerxía e calor. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FQB5.3.2. Recoñece a existencia dunha escala absoluta de temperatura e relaciona as escalas celsius e kelvin. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FQB5.3.3. Identifica os mecanismos de transferencia de enerxía recoñecéndoos en situacións cotiás e fenómenos atmosféricos, e xustifica a selección de materiais para edificios e no deseño de sistemas de quecemento. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| ▪ f | ▪ B5.8. Efectos da enerxía térmica. | ▪ B5.4. Interpretar os efectos da | ▪ FQB5.4.1. Explica o fenómeno da | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Física e Química. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ h | | enerxía térmica sobre os corpos en situacións cotiás e en experiencias de laboratorio. | dilatación a partir dalgunha das súas aplicacións como os termómetros de líquido, xuntas de dilatación en estruturas, etc. | |
| | | | ▪ FQB5.4.2. Explica a escala celsius establecendo os puntos fixos dun termómetro baseado na dilatación dun líquido volátil. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FQB5.4.3. Interpreta cualitativamente fenómenos cotiáns e experiencias nos que se poña de manifesto o equilibrio térmico asociándoo coa igualación de temperaturas. | ▪ CMCCT |
| ▪ f<br>▪ h<br>▪ m | ▪ B5.9. Fontes de enerxía.<br>▪ B5.10. Aspectos industriais da enerxía. | ▪ B5.5. Valorar o papel da enerxía nas nosas vidas, identificar as fontes, comparar o seu impacto ambiental e recoñecer a importancia do aforro enerxético para un desenvolvemento sustentable. | ▪ FQB5.5.1. Recoñece, describe e compara as fontes renovables e non renovables de enerxía, analizando con sentido crítico o seu impacto ambiental. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |

## 3º de ESO

| | Física e Química. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. A actividade científica | | | |
| ▪ f<br>▪ h | ▪ B1.1. Método científico: etapas.<br>▪ B1.2. Utilización das tecnoloxías da | ▪ B1.1. Recoñecer e identificar as características do método científico. | ▪ FQB1.1.1. Formula hipóteses para explicar fenómenos cotiáns utilizando teorías e modelos científicos. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Física e Química. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | información e da comunicación. | | ▪ FQB1.1.2. Rexistra observacións, datos e resultados de maneira organizada e rigorosa, e comunícaos oralmente e por escrito, utilizando esquemas, gráficos, táboas e expresións matemáticas. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| ▪ f<br>▪ m | ▪ B1.3. Aplicacións da ciencia á vida cotiá e á sociedade. | ▪ B1.2. Valorar a investigación científica e o seu impacto na industria e no desenvolvemento da sociedade. | ▪ FQB1.2.1. Relaciona a investigación científica coas aplicacións tecnolóxicas na vida cotiá. | ▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CMCCT |
| ▪ f | ▪ B1.4. Medida de magnitudes. Sistema Internacional de Unidades. Notación científica.<br>▪ B1.5. Erros.<br>▪ B1.6. Traballo no laboratorio. | ▪ B1.3. Aplicar os procedementos científicos para determinar magnitudes e expresar os resultados co erro correspondente. | ▪ FQB1.3.1. Establece relacións entre magnitudes e unidades, utilizando preferentemente o Sistema Internacional de Unidades e a notación científica para expresar os resultados correctamente. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FQB1.3.2. Realiza medicións prácticas de magnitudes físicas da vida cotiá empregando o material e instrumentos apropiados, e expresa os resultados correctamente no Sistema Internacional de Unidades. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| ▪ f | ▪ B1.6. Traballo no laboratorio. | ▪ B1.4. Recoñecer os materiais e instrumentos básicos presentes no laboratorio de física e de química, e describir e respectar as normas de seguridade e de eliminación de residuos para a protección ambiental. | ▪ FQB1.4.1. Identifica material e instrumentos básicos de laboratorio e coñece a súa forma de utilización para a realización de experiencias, respectando as normas de seguridade e identificando actitudes e medidas de actuación preventivas. | ▪ CMCCT |
| ▪ e<br>▪ f<br>▪ h | ▪ B1.7. Procura e tratamento de información.<br>▪ B1.2. Utilización das tecnoloxías da | ▪ B1.5. Interpretar a información sobre temas científicos de carácter divulgativo que aparece en publica- | ▪ FQB1.5.1. Selecciona, comprende e interpreta información salientable nun texto de divulgación científica, e transmite as conclusións obtidas | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Física e Química. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ i | información e da comunicación. | cións e medios de comunicación. | utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade. | |
| | | | ▪ FQB1.5.2. Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información existente en internet e noutros medios dixitais. | ▪ CD<br>▪ CSC |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B1.1. Método científico: etapas.<br>▪ B1.2. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.<br>▪ B1.4. Medida de magnitudes. Sistema Internacional de Unidades. Notación científica.<br>▪ B1.5. Erros.<br>▪ B1.6. Traballo no laboratorio.<br>▪ B1.8. Proxecto de investigación. | ▪ B1.6. Desenvolver pequenos traballos de investigación en que se poña en práctica a aplicación do método científico e a utilización das TIC. | ▪ FQB1.6.1. Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo aplicando o método científico, e utilizando as TIC para a procura e a selección de información e presentación de conclusións. | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ FQB1.6.2. Participa, valora, xestiona e respecta o traballo individual e en equipo. | ▪ CSIEE<br>▪ CSC |
| | Bloque 2. A materia | | | |
| ▪ f | ▪ B2.1. Estrutura atómica. Modelos atómicos. | ▪ B2.1. Recoñecer que os modelos atómicos son instrumentos interpretativos de diferentes teorías e a necesidade da súa utilización para a interpretación e a comprensión da estrutura interna da materia. | ▪ FQB2.1.1. Representa o átomo, a partir do número atómico e o número másico, utilizando o modelo planetario. | ▪ CCEC<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ FQB2.1.2. Describe as características das partículas subatómicas básicas e a súa localización no átomo. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FQB2.1.3. Relaciona a notación $^{A}_{Z}X$ co número atómico e o número másico, determinando o número de cada tipo de partículas subatómicas básicas. | ▪ CMCCT |

DOG Diario Oficial de Galicia

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Física e Química. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ f<br>▪ m | ▪ B2.2. Isótopos.<br>▪ B2.3. Aplicacións dos isótopos. | ▪ B2.2. Analizar a utilidade científica e tecnolóxica dos isótopos radioactivos. | ▪ FQB2.2.1. Explica en que consiste un isótopo e comenta aplicacións dos isótopos radioactivos, a problemática dos residuos orixinados e as solucións para a súa xestión. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| ▪ f<br>▪ l | ▪ B2.4. Sistema periódico dos elementos. | ▪ B2.3. Interpretar a ordenación dos elementos na táboa periódica e recoñecer os máis relevantes a partir dos seus símbolos. | ▪ FQB2.3.1. Xustifica a actual ordenación dos elementos en grupos e períodos na táboa periódica. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FQB2.3.2. Relaciona as principais propiedades de metais, non metais e gases nobres coa súa posición na táboa periódica e coa súa tendencia a formar ións, tomando como referencia o gas nobre máis próximo. | ▪ CMCCT |
| ▪ f | ▪ B2.5. Unións entre átomos: moléculas e cristais.<br>▪ B2.6. Masas atómicas e moleculares. | ▪ B2.4. Describir como se unen os átomos para formar estruturas máis complexas e explicar as propiedades das agrupacións resultantes. | ▪ FQB2.4.1. Explica o proceso de formación dun ión a partir do átomo correspondente, utilizando a notación adecuada para a súa representación. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FQB2.4.2. Explica como algúns átomos tenden a agruparse para formar moléculas interpretando este feito en substancias de uso frecuente, e calcula as súas masas moleculares. | ▪ CMCCT |
| ▪ e<br>▪ f<br>▪ m<br>▪ o | ▪ B2.7. Elementos e compostos de especial interese con aplicacións industriais, tecnolóxicas e biomédicas. | ▪ B2.5. Diferenciar entre átomos e moléculas, e entre elementos e compostos en substancias de uso frecuente e coñecido. | ▪ FQB2.5.1. Recoñece os átomos e as moléculas que compoñen substancias de uso frecuente, e clasifícaas en elementos ou compostos, baseándose na súa fórmula química. | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



| | Física e Química. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ FQB2.5.2. Presenta, utilizando as TIC, as propiedades e aplicacións dalgún elemento ou composto químico de especial interese a partir dunha procura guiada de información bibliográfica e dixital. | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| ▪ f | ▪ B2.8. Formulación e nomenclatura de compostos binarios seguindo as normas IUPAC. | ▪ B2.6. Formular e nomear compostos binarios seguindo as normas IUPAC. | ▪ FQB2.6.1. Utiliza a linguaxe química para nomear e formular compostos binarios seguindo as normas IUPAC. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| | Bloque 3. Os cambios | | | |
| ▪ f | ▪ B3.1. Reacción química. | ▪ B3.1. Describir a nivel molecular o proceso polo que os reactivos se transforman en produtos, en termos da teoría de colisións. | ▪ FQB3.1.1. Representa e interpreta unha reacción química a partir da teoría atómico-molecular e a teoría de colisións. | ▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ f | ▪ B3.2. Cálculos estequiométricos sinxelos.<br>▪ B3.3. Lei de conservación da masa. | ▪ B3.2. Deducir a lei de conservación da masa e recoñecer reactivos e produtos a través de experiencias sinxelas no laboratorio ou de simulacións dixitais. | ▪ FQB3.2.1. Recoñece os reactivos e os produtos a partir da representación de reaccións químicas sinxelas, e comproba experimentalmente que se cumpre a lei de conservación da masa. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FQB3.2.2. Realiza os cálculos estequiométricos necesarios para a verificación da lei de conservación da masa en reaccións químicas sinxelas. | ▪ CMCCT |
| ▪ f | ▪ B3.4. Velocidade de reacción. | ▪ B3.3. Comprobar mediante experiencias sinxelas de laboratorio a influencia de determinados factores na velocidade das reaccións quími- | ▪ FQB3.3.1. Propón o desenvolvemento dun experimento sinxelo que permita comprobar o efecto da concentración dos reactivos na velocidade de formación dos produtos | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Física e Química. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | cas. | dunha reacción química, e xustifica este efecto en termos da teoría de colisións. | |
| | | | ▪ FQB3.3.2. Interpreta situacións cotiás en que a temperatura inflúa significativamente na velocidade da reacción. | ▪ CMCCT |
| ▪ e<br>▪ f<br>▪ h<br>▪ m | ▪ B3.5. A química na sociedade e o ambiente. | ▪ B3.4. Valorar a importancia da industria química na sociedade e a súa influencia no ambiente. | ▪ FQB3.4.1. Describe o impacto ambiental do dióxido de carbono, os óxidos de xofre, os óxidos de nitróxeno e os CFC e outros gases de efecto invernadoiro, en relación cos problemas ambientais de ámbito global. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ FQB3.4.2. Defende razoadamente a influencia que o desenvolvemento da industria química tivo no progreso da sociedade, a partir de fontes científicas de distinta procedencia. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | Bloque 4. O movemento e as forzas | | | |
| ▪ f | ▪ B4.1. Carga eléctrica.<br>▪ B4.2. Forza eléctrica. | ▪ B4.1. Coñecer os tipos de cargas eléctricas, o seu papel na constitución da materia e as características das forzas que se manifestan entre elas. | ▪ FQB4.1.1. Explica a relación entre as cargas eléctricas e a constitución da materia, e asocia a carga eléctrica dos corpos cun exceso ou defecto de electróns. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FQB4.1.2. Relaciona cualitativamente a forza eléctrica que existe entre dous corpos coa súa carga e a distancia que os separa, e establece analoxías e diferenzas entre as forzas gravitatoria e eléctrica. | ▪ CCEC<br>▪ CMCCT |

| | Física e Química. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ f | ▪ B4.1. Carga eléctrica. | ▪ B4.2. Interpretar fenómenos eléctricos mediante o modelo de carga eléctrica e valorar a importancia da electricidade na vida cotiá. | ▪ FQB4.2.1. Xustifica razoadamente situacións cotiás nas que se poñan de manifesto fenómenos relacionados coa electricidade estática. | ▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B4.3. Imáns. Forza magnética. | ▪ B4.3. Xustificar cualitativamente fenómenos magnéticos e valorar a contribución do magnetismo no desenvolvemento tecnolóxico. | ▪ FQB4.3.1. Recoñece fenómenos magnéticos identificando o imán como fonte natural do magnetismo, e describe a súa acción sobre distintos tipos de substancias magnéticas. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FQB4.3.2. Constrúe un compás elemental para localizar o norte empregando o campo magnético terrestre, e describe o procedemento seguido para facelo. | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| ▪ f | ▪ B4.4. Electroimán.<br>▪ B4.5. Experimentos de Oersted e Faraday. | ▪ B4.4. Comparar os tipos de imáns, analizar o seu comportamento e deducir mediante experiencias as características das forzas magnéticas postas de manifesto, así como a súa relación coa corrente eléctrica. | ▪ FQB4.4.1. Comproba e establece a relación entre o paso de corrente eléctrica e o magnetismo, construíndo un electroimán. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FQB4.4.2. Reproduce os experimentos de Oersted e de Faraday no laboratorio ou mediante simuladores virtuais, deducindo que a electricidade e o magnetismo son dúas manifestacións dun mesmo fenómeno. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B4.6. Forzas da natureza. | ▪ B4.5. Recoñecer as forzas que aparecen na natureza e os fenómenos asociados a elas. | ▪ FQB4.5.1. Realiza un informe, empregando as TIC, a partir de observacións ou busca guiada de información que relacione as forzas que aparecen na natureza e os fenómenos asociados a elas. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| Física e Química. 3º de ESO | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 5. Enerxía | | | |
| ▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m | ▪ B5.1. Fontes de enerxía. | ▪ B5.1. Identificar e comparar as fontes de enerxía empregadas na vida diaria nun contexto global que implique aspectos económicos e ambientais. | ▪ FQB5.1.1. Compara as principais fontes de enerxía de consumo humano a partir da distribución xeográfica dos seus recursos e os efectos ambientais. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ FQB5.1.2. Analiza o predominio das fontes de enerxía convencionais fronte ás alternativas, e argumenta os motivos polos que estas últimas aínda non están suficientemente explotadas. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| ▪ f<br>▪ m | ▪ B5.2. Uso racional da enerxía. | ▪ B5.2. Valorar a importancia de realizar un consumo responsable das fontes enerxéticas. | ▪ FQB5.2.1. Interpreta datos comparativos sobre a evolución do consumo de enerxía mundial, e propón medidas que poidan contribuír ao aforro individual e colectivo. | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| ▪ f<br>▪ h | ▪ B5.3. Electricidade e circuítos eléctricos. Lei de Ohm. | ▪ B5.3. Explicar o fenómeno físico da corrente eléctrica e interpretar o significado das magnitudes de intensidade de corrente, diferenza de potencial e resistencia, así como as relacións entre elas. | ▪ FQB5.3.1. Explica a corrente eléctrica como cargas en movemento a través dun condutor. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FQB5.3.2. Comprende o significado das magnitudes eléctricas de intensidade de corrente, diferenza de potencial e resistencia, e relacióna-as entre si empregando a lei de Ohm. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FQB5.3.3. Distingue entre condutores e illantes, e recoñece os principais materiais usados como tales. | ▪ CMCCT |
| ▪ b | ▪ B5.4. Transformacións da enerxía. | ▪ B5.4. Comprobar os efectos da | ▪ FQB5.4.1. Describe o fundamento | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229
Depósito legal C.494-1998
http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



| | Física e Química. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B5.3. Electricidade e circuítos eléctricos. Lei de Ohm. | electricidade e as relacións entre as magnitudes eléctricas mediante o deseño e a construción de circuítos eléctricos e electrónicos sinxelos, no laboratorio ou mediante aplicacións virtuais interactivas. | dunha máquina eléctrica na que a electricidade se transforma en movemento, luz, son, calor, etc., mediante exemplos da vida cotiá, e identifica os seus elementos principais. | |
| | | | ▪ FQB5.4.2. Constrúe circuítos eléctricos con diferentes tipos de conexións entre os seus elementos, deducindo de forma experimental as consecuencias da conexión de xeradores e receptores en serie ou en paralelo. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ FQB5.4.3. Aplica a lei de Ohm a circuítos sinxelos para calcular unha das magnitudes involucradas a partir das outras dúas, e expresa o resultado en unidades do Sistema Internacional. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FQB5.4.4. Utiliza aplicacións virtuais interactivas para simular circuítos e medir as magnitudes eléctricas. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| ▪ f | ▪ B5.3. Electricidade e circuítos eléctricos. Lei de Ohm.<br>▪ B5.5. Dispositivos electrónicos de uso frecuente. | ▪ B5.5. Valorar a importancia dos circuítos eléctricos e electrónicos nas instalacións eléctricas e instrumentos de uso cotián, describir a súa función básica e identificar os seus compoñentes. | ▪ FQB5.5.1. Asocia os elementos principais que forman a instalación eléctrica típica dunha vivenda cos compoñentes básicos dun circuíto eléctrico. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FQB5.5.2. Comprende o significado dos símbolos e das abreviaturas que aparecen nas etiquetas de dispositivos eléctricos. | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Física e Química. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ FQB5.5.3. Identifica e representa os compoñentes máis habituais nun circuíto eléctrico (condutores, xeradores, receptores e elementos de control) e describe a súa correspondente función. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FQB5.5.4. Recoñece os compoñentes electrónicos básicos e describe as súas aplicacións prácticas e a repercusión da miniaturización do microchip no tamaño e no prezo dos dispositivos. | ▪ CMCCT |
| ▪ f<br>▪ h | ▪ B5.6. Tipos de enerxía.<br>▪ B5.4. Transformacións da enerxía.<br>▪ B5.7. Aspectos industriais da enerxía. | ▪ B5.6. Describir a forma en que se xera a electricidade nos distintos tipos de centrais eléctricas, así como o seu transporte aos lugares de consumo. | ▪ FQB5.6.1. Describe o proceso polo que distintas fontes de enerxía se transforman en enerxía eléctrica nas centrais eléctricas, así como os métodos de transporte e almacenaxe desta. | ▪ CMCCT |

## 4º de ESO

| | Física e Química. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. A actividade científica | | | |
| ▪ a<br>▪ f<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B1.1. Investigación científica. | ▪ B1.1. Recoñecer que a investigación en ciencia é un labor colectivo e interdisciplinario en constante evolución e influído polo contexto económico e político. | ▪ FQB1.1.1. Describe feitos históricos relevantes nos que foi definitiva a colaboración de científicos/as de diferentes áreas de coñecemento. | ▪ CMCCT<br>▪ CCL<br>▪ CCEC<br>▪ CSC |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Física e Química. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ ñ | | | ▪ FQB1.1.2. Argumenta con espírito crítico o grao de rigor científico dun artigo ou dunha noticia, analizando o método de traballo e identificando as características do traballo científico. | ▪ CMCCT<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| ▪ f | ▪ B1.1. Investigación científica. | ▪ B1.2. Analizar o proceso que debe seguir unha hipótese desde que se formula ata que é aprobada pola comunidade científica. | ▪ FQB1.2.1. Distingue entre hipóteses, leis e teorías, e explica os procesos que corroboran unha hipótese e a dotan de valor científico. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ f | ▪ B1.2. Magnitudes escalares e vectoriais. | ▪ B1.3. Comprobar a necesidade de usar vectores para a definición de determinadas magnitudes. | ▪ FQB1.3.1. Identifica unha determinada magnitude como escalar ou vectorial e describe os elementos que definen esta última. | ▪ CMCCT |
| ▪ f | ▪ B1.3. Magnitudes fundamentais e derivadas. Ecuación de dimensións. | ▪ B1.4. Relacionar as magnitudes fundamentais coas derivadas a través de ecuacións de magnitudes. | ▪ FQB1.4.1. Comproba a homoxeneidade dunha fórmula aplicando a ecuación de dimensións aos dous membros. | ▪ CMCCT |
| ▪ f | ▪ B1.4. Erros na medida. | ▪ B1.5. Xustificar que non é posible realizar medidas sen cometer erros, e distinguir entre erro absoluto e relativo. | ▪ FQB1.5.1. Calcula e interpreta o erro absoluto e o erro relativo dunha medida coñecido o valor real. | ▪ CMCCT |
| ▪ f | ▪ B1.4. Erros na medida.<br>▪ B1.5. Expresión de resultados. | ▪ B1.6. Expresar o valor dunha medida usando o redondeo e o número de cifras significativas correctas. | ▪ FQB1.6.1. Calcula e expresa correctamente o valor da medida, partindo dun conxunto de valores resultantes da medida dunha mesma magnitude, utilizando as cifras significativas adecuadas. | ▪ CMCCT |

| | Física e Química. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ f | ▪ B1.5. Expresión de resultados.<br>▪ B1.6. Análise dos datos experimentais. | ▪ B1.7. Realizar e interpretar representacións gráficas de procesos físicos ou químicos, a partir de táboas de datos e das leis ou os principios involucrados. | ▪ FQB1.7.1. Representa graficamente os resultados obtidos da medida de dúas magnitudes relacionadas inferindo, de ser o caso, se se trata dunha relación lineal, cuadrática ou de proporcionalidade inversa, e deducindo a fórmula. | ▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ ñ<br>▪ o | ▪ B1.7. Tecnoloxías da información e da comunicación no traballo científico.<br>▪ B1.8. Proxecto de investigación. | ▪ B1.8. Elaborar e defender un proxecto de investigación, aplicando as TIC. | ▪ FQB1.8.1. Elabora e defende un proxecto de investigación sobre un tema de interese científico, empregando as TIC. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CSIEE<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B1.1. Investigación científica. | ▪ B1.9. Realizar en equipo tarefas propias da investigación científica. | ▪ FQB1.9.1. Realiza de xeito cooperativo ou colaborativo algunhas tarefas propias da investigación científica: procura de información, prácticas de laboratorio ou pequenos proxectos de investigación. | ▪ CMCCT<br>▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ FQB1.9.2. Realiza de xeito cooperativo ou colaborativo algunhas tarefas propias da investigación científica utilizando as TIC. | ▪ CMCCT<br>▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Física e Química. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 2. A materia | | | |
| ▪ f<br>▪ l | ▪ B2.1. Modelos atómicos. | ▪ B2.1. Recoñecer a necesidade de usar modelos para interpretar a estrutura da materia utilizando aplicacións virtuais interactivas. | ▪ FQB2.1.1. Compara os modelos atómicos propostos ao longo da historia para interpretar a natureza íntima da materia, interpretando as evidencias que fixeron necesaria a evolución destes. | ▪ CMCCT<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ FQB2.1.2. Utiliza as TIC ou aplicacións interactivas para visualizar a representación da estrutura da materia nos diferentes modelos atómicos. | ▪ CCMT<br>▪ CD |
| ▪ f | ▪ B2.2. Sistema periódico e configuración electrónica. | ▪ B2.2. Relacionar as propiedades dun elemento coa súa posición na táboa periódica e a súa configuración electrónica. | ▪ FQB2.2.1. Establece a configuración electrónica dos elementos representativos a partir do seu número atómico para deducir a súa posición na táboa periódica, os seus electróns de valencia e o seu comportamento químico. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FQB2.2.2. Distingue entre metais, non metais, semimetais e gases nobres, e xustifica esta clasificación en función da súa configuración electrónica. | ▪ CMCCT |
| ▪ f | ▪ B2.2. Sistema periódico e configuración electrónica. | ▪ B2.3. Agrupar por familias os elementos representativos e os elementos de transición segundo as recomendacións da IUPAC. | ▪ FQB2.3.1. Escribe o nome e o símbolo dos elementos químicos, e sitúaos na táboa periódica. | ▪ CMCCT |
| ▪ f | ▪ B2.2. Sistema periódico e configuración electrónica. | ▪ B2.4. Interpretar os tipos de enlace químico a partir da configuración electrónica dos elementos | ▪ FQB2.4.1. Utiliza a regra do octeto e diagramas de Lewis para predicir a estrutura e a fórmula dos | ▪ CMCCT |

| | Física e Química. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | ▪ B2.3. Enlace químico: iónico, covalente e metálico. | implicados e a súa posición na táboa periódica. | compostos iónicos e covalentes. | |
| | | | ▪ FQB2.4.2. Interpreta a información que ofrecen os subíndices da fórmula dun composto segundo se trate de moléculas ou redes cristalinas. | ▪ CMCCT |
| ▪ f | ▪ B2.3. Enlace químico: iónico, covalente e metálico.<br>▪ B2.4. Forzas intermoleculares. | ▪ B2.5. Xustificar as propiedades dunha substancia a partir da natureza do seu enlace químico. | ▪ FQB2.5.1. Explica as propiedades de substancias covalentes, iónicas e metálicas en función das interaccións entre os seus átomos ou as moléculas. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FQB2.5.2. Explica a natureza do enlace metálico utilizando a teoría dos electróns libres, e relaciónaa coas propiedades características dos metais. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FQB2.5.3. Deseña e realiza ensaios de laboratorio que permitan deducir o tipo de enlace presente nunha substancia descoñecida. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| ▪ f | ▪ B2.4. Formulación e nomenclatura de compostos inorgánicos segundo as normas da IUPAC. | ▪ B2.6. Nomear e formular compostos inorgánicos ternarios segundo as normas da IUPAC. | ▪ FQB2.6.1. Nomea e formula compostos inorgánicos ternarios, seguindo as normas da IUPAC. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| ▪ f | ▪ B2.5. Forzas intermoleculares. | ▪ B2.7. Recoñecer a influencia das forzas intermoleculares no estado de agregación e nas propiedades de substancias de interese. | ▪ FQB2.7.1. Xustifica a importancia das forzas intermoleculares en substancias de interese biolóxico. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FQB2.7.2. Relaciona a intensidade e o tipo das forzas intermoleculares co estado físico e os puntos de | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



| | Física e Química. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | fusión e ebulición das substancias covalentes moleculares, interpretando gráficos ou táboas que conteñan os datos necesarios. | |
| ▪ f | ▪ B2.6. Introdución á química orgánica. | ▪ B2.8. Establecer as razóns da singularidade do carbono e valorar a súa importancia na constitución dun elevado número de compostos naturais e sintéticos. | ▪ FQB2.8.1. Explica os motivos polos que o carbono é o elemento que forma maior número de compostos. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FQB2.8.2. Analiza as formas alotrópicas do carbono, relacionando a estrutura coas propiedades. | ▪ CMCCT |
| ▪ f | ▪ B2.6. Introdución á química orgánica. | ▪ B2.9. Identificar e representar hidrocarburos sinxelos mediante distintas fórmulas, relacionalas con modelos moleculares físicos ou xerados por computador, e coñecer algunhas aplicacións de especial interese. | ▪ FQB2.9.1. Identifica e representa hidrocarburos sinxelos mediante a súa fórmula molecular, semidesenvolvida e desenvolvida. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FQB2.9.2. Deduce, a partir de modelos moleculares, as fórmulas usadas na representación de hidrocarburos. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FQB2.9.3. Describe as aplicacións de hidrocarburos sinxelos de especial interese. | ▪ CMCCT |
| ▪ f | ▪ B2.6. Introdución á química orgánica. | ▪ B2.10. Recoñecer os grupos funcionais presentes en moléculas de especial interese. | ▪ FQB2.10.1. Recoñece o grupo funcional e a familia orgánica a partir da fórmula de alcohois, aldehidos, cetonas, ácidos carboxílicos, ésteres e aminas. | ▪ CMCCT |
| | Bloque 3. Os cambios | | | |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Física e Química. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ f | ▪ B3.1. Reaccións e ecuacións químicas.<br>▪ B3.2. Mecanismo, velocidade e enerxía das reaccións. | ▪ B3.1. Explicar o mecanismo dunha reacción química e deducir a lei de conservación da masa a partir do concepto da reorganización atómica que ten lugar. | ▪ FQB3.1.1. Interpreta reaccións químicas sinxelas utilizando a teoría de colisións, e deduce a lei de conservación da masa. | ▪ CMCCT |
| ▪ f | ▪ B3.2. Mecanismo, velocidade e enerxía das reaccións. | ▪ B3.2. Razoar como se altera a velocidade dunha reacción ao modificar algún dos factores que inflúen sobre ela, utilizando o modelo cinético-molecular e a teoría de colisións para xustificar esta predición. | ▪ FQB3.2.1. Predí o efecto que sobre a velocidade de reacción teñen a concentración dos reactivos, a temperatura, o grao de división dos reactivos sólidos e os catalizadores. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FQB3.2.2. Analiza o efecto dos factores que afectan a velocidade dunha reacción química, sexa a través de experiencias de laboratorio ou mediante aplicacións virtuais interactivas nas que a manipulación das variables permita extraer conclusións. | ▪ CMCCT<br>▪ CD |
| ▪ f | ▪ B3.2. Mecanismo, velocidade e enerxía das reaccións. | ▪ B3.3. Interpretar ecuacións termoquímicas e distinguir entre reaccións endotérmicas e exotérmicas. | ▪ FQB3.3.1. Determina o carácter endotérmico ou exotérmico dunha reacción química analizando o signo da calor de reacción asociada. | ▪ CMCCT |
| ▪ f | ▪ B3.3. Cantidade de substancia: mol. | ▪ B3.4. Recoñecer a cantidade de substancia como magnitude fundamental e o mol como a súa unidade no Sistema Internacional de Unidades. | ▪ FQB3.4.1. Realiza cálculos que relacionen a cantidade de substancia, a masa atómica ou molecular e a constante do número de Avogadro. | ▪ CMCCT |
| ▪ f | ▪ B3.4. Concentración molar.<br>▪ B3.5. Cálculos estequiométricos. | ▪ B3.5. Realizar cálculos estequiométricos con reactivos puros supondo un rendemento completo | ▪ FQB3.5.1. Interpreta os coeficientes dunha ecuación química en termos de partículas e moles e, no | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Física e Química. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | da reacción, partindo do axuste da ecuación química correspondente. | caso de reaccións entre gases, en termos de volumes. | |
| | | | ▪ FQB3.5.2. Resolve problemas, realizando cálculos estequiométricos, con reactivos puros e supondo un rendemento completo da reacción, tanto se os reactivos están en estado sólido como se están en disolución. | ▪ CMCCT |
| ▪ f | ▪ B3.6. Reaccións de especial interese. | ▪ B3.6. Identificar ácidos e bases, coñecer o seu comportamento químico e medir a súa fortaleza utilizando indicadores e o pHmetro dixital. | ▪ FQB3.6.1. Utiliza a teoría de Arrhenius para describir o comportamento químico de ácidos e bases. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FQB3.6.2. Establece o carácter ácido, básico ou neutro dunha disolución utilizando a escala de pH. | ▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ h<br>▪ g | ▪ B3.6. Reaccións de especial interese. | ▪ B3.7. Realizar experiencias de laboratorio nas que teñan lugar reaccións de síntese, combustión e neutralización, interpretando os fenómenos observados. | ▪ FQB3.7.1. Deseña e describe o procedemento de realización dunha volumetría de neutralización entre un ácido forte e unha base forte, e interpreta os resultados. | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ FQB3.7.2. Planifica unha experiencia e describe o procedemento para seguir no laboratorio que demostre que nas reaccións de combustión se produce dióxido de carbono mediante a detección deste gas. | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ FQB3.7.3. Realiza algunhas experiencias de laboratorio nas que teñan lugar reaccións de síntese, combustión ou neutralización. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |

| | Física e Química. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ f | ▪ B3.6. Reaccións de especial interese. | ▪ B3.8. Valorar a importancia das reaccións de síntese, combustión e neutralización en procesos biolóxicos, en aplicacións cotiás e na industria, así como a súa repercusión ambiental. | ▪ FQB3.8.1. Describe as reaccións de síntese industrial do amoníaco e do ácido sulfúrico, así como os usos destas substancias na industria química. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FQB3.8.2. Valora a importancia das reaccións de combustión na xeración de electricidade en centrais térmicas, na automoción e na respiración celular. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ FQB3.8.3. Describe casos concretos de reaccións de neutralización de importancia biolóxica e industrial. | ▪ CMCCT |
| | Bloque 4. O movemento e as forzas | | | |
| ▪ f | ▪ B4.1. Movemento. Movementos rectilíneo uniforme, rectilíneo uniformemente acelerado e circular uniforme. | ▪ B4.1. Xustificar o carácter relativo do movemento e a necesidade dun sistema de referencia e de vectores, para o describir adecuadamente, aplicando o anterior á representación de distintos tipos de desprazamento. | ▪ FQB4.1.1. Representa a traxectoria e os vectores de posición, desprazamento e velocidade en distintos tipos de movemento, utilizando un sistema de referencia. | ▪ CMCCT |
| ▪ f | ▪ B4.1. Movemento. Movementos rectilíneo uniforme, rectilíneo uniformemente acelerado e circular uniforme. | ▪ B4.2. Distinguir os conceptos de velocidade media e velocidade instantánea, e xustificar a súa necesidade segundo o tipo de movemento. | ▪ FQB4.2.1. Clasifica tipos de movementos en función da súa traxectoria e a súa velocidade. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FQB4.2.2. Xustifica a insuficiencia do valor medio da velocidade nun estudo cualitativo do movemento rectilíneo uniformemente acelerado (MRUA), e razoa o concepto de velocidade instantánea. | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Física e Química. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ f | ▪ B4.1. Movemento. Movementos rectilíneo uniforme, rectilíneo uniformemente acelerado e circular uniforme. | ▪ B4.3. Expresar correctamente as relacións matemáticas que existen entre as magnitudes que definen os movementos rectilíneos e circulares. | ▪ FQB4.3.1. Deduce as expresións matemáticas que relacionan as variables nos movementos rectilíneo uniforme (MRU), rectilíneo uniformemente acelerado (MRUA) e circular uniforme (MCU), así como as relacións entre as magnitudes lineais e angulares. | ▪ CMCCT |
| ▪ f | ▪ B4.1. Movemento. Movementos rectilíneo uniforme, rectilíneo uniformemente acelerado e circular uniforme. | ▪ B4.4. Resolver problemas de movementos rectilíneos e circulares, utilizando unha representación esquemática coas magnitudes vectoriais implicadas, e expresar o resultado nas unidades do Sistema Internacional. | ▪ FQB4.4.1. Resolve problemas de movemento rectilíneo uniforme (MRU), rectilíneo uniformemente acelerado (MRUA) e circular uniforme (MCU), incluíndo movemento de graves, tendo en conta valores positivos e negativos das magnitudes, e expresar o resultado en unidades do Sistema Internacional. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FQB4.4.2. Determina tempos e distancias de freada de vehículos e xustifica, a partir dos resultados, a importancia de manter a distancia de seguridade na estrada. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ FQB4.4.3. Argumenta a existencia do vector aceleración en calquera movemento curvilíneo e calcula o seu valor no caso do movemento circular uniforme. | ▪ CMCCT |
| ▪ f | ▪ B4.1. Movemento. Movementos rectilíneo uniforme, rectilíneo uniformemente acelerado e circular uniforme. | ▪ B4.5. Elaborar e interpretar gráficas que relacionen as variables do movemento partindo de experiencias de laboratorio ou de aplicacións virtuais interactivas e rela- | ▪ FQB4.5.1. Determina o valor da velocidade e a aceleración a partir de gráficas posición-tempo e velocidade-tempo en movementos rectilíneos. | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Física e Química. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | cionar os resultados obtidos coas ecuacións matemáticas que vinculan estas variables. | ▪ FQB4.5.2. Deseña, describe e realiza individualmente ou en equipo experiencias no laboratorio ou empregando aplicacións virtuais interactivas, para determinar a variación da posición e a velocidade dun corpo en función do tempo, e representa e interpreta os resultados obtidos. | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE<br>▪ CD<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ f | ▪ B4.2. Natureza vectorial das forzas.<br>▪ B4.3. Leis de Newton.<br>▪ B4.4. Forzas de especial interese: peso, normal, rozamento e centrípeta. | ▪ B4.6. Recoñecer o papel das forzas como causa dos cambios na velocidade dos corpos e representalas vectorialmente. | ▪ FQB4.6.1. Identifica as forzas implicadas en fenómenos cotiáns nos que hai cambios na velocidade dun corpo. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FQB4.6.2. Representa vectorialmente o peso, a forza normal, a forza de rozamento e a forza centrípeta en casos de movementos rectilíneos e circulares. | ▪ CMCCT |
| ▪ f | ▪ B4.3. Leis de Newton.<br>▪ B4.4. Forzas de especial interese: peso, normal, rozamento e centrípeta. | ▪ B4.7. Utilizar o principio fundamental da dinámica na resolución de problemas nos que interveñen varias forzas. | ▪ FQB4.7.1. Identifica e representa as forzas que actúan sobre un corpo en movemento nun plano tanto horizontal como inclinado, calculando a forza resultante e a aceleración. | ▪ CMCCT |
| ▪ f | ▪ B4.3. Leis de Newton.<br>▪ B4.4. Forzas de especial interese: peso, normal, rozamento e centrípeta. | ▪ B4.8. Aplicar as leis de Newton para a interpretación de fenómenos cotiáns. | ▪ FQB4.8.1. Interpreta fenómenos cotiáns en termos das leis de Newton. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FQB4.8.2. Deduce a primeira lei de Newton como consecuencia do enunciado da segunda lei. | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Física e Química. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ FQB4.8.3. Representa e interpreta as forzas de acción e reacción en situacións de interacción entre obxectos. | ▪ CMCCT |
| ▪ f | ▪ B4.4. Forzas de especial interese: peso, normal, rozamento e centrípeta.<br>▪ B4.5. Lei da gravitación universal. | ▪ B4.9. Valorar a relevancia histórica e científica que a lei da gravitación universal supuxo para a unificación das mecánicas terrestre e celeste, e interpretar a súa expresión matemática. | ▪ FQB4.9.1. Xustifica o motivo polo que as forzas de atracción gravitatoria só se poñen de manifesto para obxectos moi masivos, comparando os resultados obtidos de aplicar a lei da gravitación universal ao cálculo de forzas entre distintos pares de obxectos. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FQB4.9.2. Obtén a expresión da aceleración da gravidade a partir da lei da gravitación universal relacionando as expresións matemáticas do peso dun corpo e a forza de atracción gravitatoria. | ▪ CMCCT |
| ▪ f | ▪ B4.5. Lei da gravitación universal. | ▪ B4.10. Comprender que a caída libre dos corpos e o movemento orbital son dúas manifestacións da lei da gravitación universal. | ▪ FQB4.10.1. Razoa o motivo polo que as forzas gravitatorias producen nalgúns casos movementos de caída libre e noutros casos movementos orbitais. | ▪ CMCCT |
| ▪ f | ▪ B4.5. Lei da gravitación universal. | ▪ B4.11. Identificar as aplicacións prácticas dos satélites artificiais e a problemática xurdida polo lixo espacial que xeran. | ▪ FQB4.11.1. Describe as aplicacións dos satélites artificiais en telecomunicacións, predición meteorolóxica, posicionamento global, astronomía e cartografía, así como os riscos derivados do lixo espacial que xeran. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Física e Química. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ f | ▪ B4.6. Presión. | ▪ B4.12. Recoñecer que o efecto dunha forza non só depende da súa intensidade, senón tamén da superficie sobre a que actúa. | ▪ FQB4.12.1. Interpreta fenómenos e aplicacións prácticas nas que se pon de manifesto a relación entre a superficie de aplicación dunha forza e o efecto resultante. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FQB4.12.2. Calcula a presión exercida polo peso dun obxecto regular en distintas situacións nas que varía a superficie en que se apoia; compara os resultados e extrae conclusións. | ▪ CMCCT |
| ▪ f | ▪ B4.7. Principios da hidrostática.<br>▪ B4.8. Física da atmosfera. | ▪ B4.13. Interpretar fenómenos naturais e aplicacións tecnolóxicas en relación cos principios da hidrostática, e resolver problemas aplicando as expresións matemáticas destes. | ▪ FQB4.13.1. Xustifica razoadamente fenómenos en que se poña de manifesto a relación entre a presión e a profundidade no seo da hidrosfera e a atmosfera. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FQB4.13.2. Explica o abastecemento de auga potable, o deseño dunha presa e as aplicacións do sifón, utilizando o principio fundamental da hidrostática. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FQB4.13.3. Resolve problemas relacionados coa presión no interior dun fluído aplicando o principio fundamental da hidrostática. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FQB4.13.4. Analiza aplicacións prácticas baseadas no principio de Pascal, como a prensa hidráulica, o elevador, ou a dirección e os freos hidráulicos, aplicando a expresión matemática deste principio á resolución de problemas en con- | ▪ CMCCT |

| Física e Química. 4º de ESO | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | textos prácticos. | |
| | | | ▪ FQB4.13.5. Predí a maior ou menor flotabilidade de obxectos utilizando a expresión matemática do principio de Arquímedes, e verifícaa experimentalmente nalgún caso. | ▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B4.7. Principios da hidrostática.<br>▪ B4.8. Física da atmosfera. | ▪ B4.14. Deseñar e presentar experiencias ou dispositivos que ilustren o comportamento dos fluídos e que poñan de manifesto os coñecementos adquiridos, así como a iniciativa e a imaxinación. | ▪ FQB4.14.1. Comproba experimentalmente ou utilizando aplicacións virtuais interactivas a relación entre presión hidrostática e profundidade en fenómenos como o paradoxo hidrostático, o tonel de Arquímedes e o principio dos vasos comunicantes. | ▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ FQB4.14.2. Interpreta o papel da presión atmosférica en experiencias como o experimento de Torricelli, os hemisferios de Magdeburgo, recipientes invertidos onde non se derrama o contido, etc., inferindo o seu elevado valor. | ▪ CCEC<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ FQB4.14.3. Describe o funcionamento básico de barómetros e manómetros, e xustifica a súa utilidade en diversas aplicacións prácticas. | ▪ CMCCT |
| ▪ f | ▪ B4.8. Física da atmosfera. | ▪ B4.15. Aplicar os coñecementos sobre a presión atmosférica á descrición de fenómenos meteorolóxicos e á interpretación de ma- | ▪ FQB4.15.1. Relaciona os fenómenos atmosféricos do vento e a formación de frontes coa diferenza de presións atmosféricas entre | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Física e Química. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | pas do tempo, recoñecendo termos e símbolos específicos da meteoroloxía. | distintas zonas. | |
| | | | ▪ FQB4.15.2. Interpreta os mapas de isóbaras que se amosan no prognóstico do tempo, indicando o significado da simboloxía e os datos que aparecen nestes. | ▪ CMCCT |
| | Bloque 5. A enerxía | | | |
| ▪ f | ▪ B5.1. Enerxías cinética e potencial. Enerxía mecánica. Principio de conservación.<br>▪ B5.2. Formas de intercambio de enerxía: traballo e calor. | ▪ B5.1. Analizar as transformacións entre enerxía cinética e enerxía potencial, aplicando o principio de conservación da enerxía mecánica cando se despreza a forza de rozamento, e o principio xeral de conservación da enerxía cando existe disipación desta por mor do rozamento. | ▪ FQB5.1.1. Resolve problemas de transformacións entre enerxía cinética e potencial gravitatoria, aplicando o principio de conservación da enerxía mecánica. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FQB5.1.2. Determina a enerxía disipada en forma de calor en situacións onde diminúe a enerxía mecánica. | ▪ CMCCT |
| ▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B3.5. Enerxía potencial eléctrica. | ▪ B3.4. Interpretar as variacións de enerxía potencial dunha carga en movemento no seo de campos electrostáticos en función da orixe de coordenadas enerxéticas elixida. | ▪ FSB3.4.1. Calcula o traballo necesario para transportar unha carga entre dous puntos dun campo eléctrico creado por unha ou máis cargas puntuais a partir da diferenza de potencial. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FSB3.4.2. Predí o traballo que se realizará sobre unha carga que se move nunha superficie de enerxía equipotencial e discúteo no contexto de campos conservativos. | ▪ CMCCT |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B3.6. Fluxo eléctrico e lei de Gauss. | ▪ B3.5. Asociar as liñas de campo eléctrico co fluxo a través dunha superficie pechada e establecer o teorema de Gauss para determinar o campo eléctrico creado por unha esfera cargada. | ▪ FSB3.5.1. Calcula o fluxo do campo eléctrico a partir da carga que o crea e a superficie que atravesan as liñas do campo. | ▪ CMCCT |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B3.7. Aplicacións do teorema de Gauss. | ▪ B3.6. Valorar o teorema de Gauss como método de cálculo de campos electrostáticos. | ▪ FSB3.6.1. Determina o campo eléctrico creado por unha esfera cargada aplicando o teorema de Gauss. | ▪ CMCCT |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B3.8. Equilibrio electrostático.<br>▪ B3.9. Gaiola de Faraday. | ▪ B3.7. Aplicar o principio de equilibrio electrostático para explicar a ausencia de campo eléctrico no interior dos condutores e asócIao a casos concretos da vida cotiá. | ▪ FSB3.7.1. Explica o efecto da gaiola de Faraday utilizando o principio de equilibrio electrostático e recoñéceo en situacións cotiás, como o mal funcionamento dos móbiles en certos edificios ou o efecto dos ra- | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Física. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ios eléctricos nos avións. | |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B3.10. Campo magnético.<br>▪ B3.11. Efecto dos campos magnéticos sobre cargas en movemento. | ▪ B3.8. Predicir o movemento dunha partícula cargada no seo dun campo magnético. | ▪ FSB3.8.1. Describe o movemento que realiza unha carga cando penetra nunha rexión onde existe un campo magnético e analiza casos prácticos concretos, como os espectrómetros de masas e os aceleradores de partículas. | ▪ CMCCT |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B3.12. Campo creado por distintos elementos de corrente. | ▪ B3.9. Comprender e comprobar que as correntes eléctricas xeran campos magnéticos. | ▪ FSB3.9.1. Relaciona as cargas en movemento coa creación de campos magnéticos e describe as liñas do campo magnético que crea unha corrente eléctrica rectilínea. | ▪ CMCCT |
| ▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B3.10. Campo magnético.<br>▪ B3.11. Efecto dos campos magnéticos sobre cargas en movemento. | ▪ B3.10. Recoñecer a forza de Lorentz como a forza que se exerce sobre unha partícula cargada que se move nunha rexión do espazo onde actúan un campo eléctrico e un campo magnético. | ▪ FSB3.10.1. Calcula o raio da órbita que describe unha partícula cargada cando penetra cunha velocidade determinada nun campo magnético coñecido aplicando a forza de Lorentz. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FSB3.10.2. Utiliza aplicacións virtuais interactivas para comprender o funcionamento dun ciclotrón e calcula a frecuencia propia da carga cando se move no seu interior. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ FSB3.10.3. Establece a relación que debe existir entre o campo magnético e o campo eléctrico para que unha partícula cargada se mova con movemento rectilíneo uniforme aplicando a lei fundamental da dinámica e a lei de Lorentz. | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Física. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B3.13. O campo magnético como campo non conservativo. | ▪ B3.11. Interpretar o campo magnético como campo non conservativo e a imposibilidade de asociarlle unha enerxía potencial. | ▪ FSB3.11.1. Analiza o campo eléctrico e o campo magnético desde o punto de vista enerxético, tendo en conta os conceptos de forza central e campo conservativo. | ▪ CMCCT |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B3.14. Indución electromagnética. | ▪ B3.12. Describir o campo magnético orixinado por unha corrente rectilínea, por unha espira de corrente ou por un solenoide nun punto determinado. | ▪ FSB3.12.1. Establece, nun punto dado do espazo, o campo magnético resultante debido a dous ou máis condutores rectilíneos polos que circulan correntes eléctricas. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FSB3.12.2. Caracteriza o campo magnético creado por unha espira e por un conxunto de espiras. | ▪ CMCCT |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B3.15. Forza magnética entre condutores paralelos. | ▪ B3.13. Identificar e xustificar a forza de interacción entre dous condutores rectilíneos e paralelos. | ▪ FSB3.13.1. Analiza e calcula a forza que se establece entre dous condutores paralelos, segundo o sentido da corrente que os percorra, realizando o diagrama correspondente. | ▪ CMCCT |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B3.16. Lei de Ampère. | ▪ B3.14. Coñecer que o ampere é unha unidade fundamental do Sistema Internacional. | ▪ FSB3.14.1. Xustifica a definición de ampere a partir da forza que se establece entre dous condutores rectilíneos e paralelos. | ▪ CMCCT |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B3.16. Lei de Ampère. | ▪ B3.15. Valorar a lei de Ampère como método de cálculo de campos magnéticos. | ▪ FSB3.15.1. Determina o campo que crea unha corrente rectilínea de carga aplicando a lei de Ampère e exprésao en unidades do Sistema Internacional. | ▪ CMCCT |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B3.17. Fluxo magnético. | ▪ B3.16. Relacionar as variacións do fluxo magnético coa creación de correntes eléctricas e determinar o | ▪ FSB3.16.1. Establece o fluxo magnético que atravesa unha espira que se atopa no seo dun campo | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Física. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | sentido destas. | magnético e exprésao en unidades do Sistema Internacional. | |
| ▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B3.18. Leis de Faraday-Henry e Lenz.<br>▪ B3.19. Forza electromotriz. | ▪ B3.17. Explicar as experiencias de Faraday e de Henry que levaron a establecer as leis de Faraday e Lenz. | ▪ FSB3.17.1. Calcula a forza electromotriz inducida nun circuíto e estima a dirección da corrente eléctrica aplicando as leis de Faraday e Lenz. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FSB3.17.2. Emprega aplicacións virtuais interactivas para reproducir as experiencias de Faraday e Henry e deduce experimentalmente as leis de Faraday e Lenz. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B3.20. Xerador de corrente alterna: elementos.<br>▪ B3.21. Corrente alterna: magnitudes que a caracterizan. | ▪ B3.18. Identificar os elementos fundamentais de que consta un xerador de corrente alterna e a súa función. | ▪ FSB3.18.1. Demostra o carácter periódico da corrente alterna nun alternador a partir da representación gráfica da forza electromotriz inducida en función do tempo. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FSB3.18.2. Infire a produción de corrente alterna nun alternador, tendo en conta as leis da indución. | ▪ CMCCT |
| | Bloque 4. Ondas | | | |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B4.1. Ecuación das ondas harmónicas. | ▪ B4.1. Asociar o movemento ondulatorio co movemento harmónico simple. | ▪ FSB4.1.1. Determina a velocidade de propagación dunha onda e a de vibración das partículas que a forman, interpretando ambos os resultados. | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| ▪ h<br>▪ l<br>▪ l | ▪ B4.2. Clasificación das ondas. | ▪ B4.2. Identificar en experiencias cotiás ou coñecidas os principais tipos de ondas e as súas características. | ▪ FSB4.2.1. Explica as diferenzas entre ondas lonxitudinais e transversais a partir da orientación relativa da oscilación e da propagación. | ▪ CMCCT |

| | Física. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ FSB4.2.2. Recoñece exemplos de ondas mecánicas na vida cotiá. | ▪ CMCCT |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B4.3. Magnitudes que caracterizan as ondas. | ▪ B4.3. Expresar a ecuación dunha onda nunha corda indicando o significado físico dos seus parámetros característicos. | ▪ FSB4.3.1. Obtén as magnitudes características dunha onda a partir da súa expresión matemática. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FSB4.3.2. Escribe e interpreta a expresión matemática dunha onda harmónica transversal dadas as súas magnitudes características. | ▪ CMCCT |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B4.4. Ondas transversais nunha corda. | ▪ B4.4. Interpretar a dobre periodicidade dunha onda a partir da súa frecuencia e o seu número de onda. | ▪ FSB4.4.1. Dada a expresión matemática dunha onda, xustifica a dobre periodicidade con respecto á posición e ao tempo. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B4.5. Enerxía e intensidade. | ▪ B4.5. Valorar as ondas como un medio de transporte de enerxía pero non de masa. | ▪ FSB4.5.1. Relaciona a enerxía mecánica dunha onda coa súa amplitude. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FSB4.5.2. Calcula a intensidade dunha onda a certa distancia do foco emisor, empregando a ecuación que relaciona ambas as magnitudes. | ▪ CMCCT |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B4.6. Principio de Huygens. | ▪ B4.6. Utilizar o principio de Huygens para comprender e interpretar a propagación das ondas e os fenómenos ondulatorios. | ▪ FSB4.6.1. Explica a propagación das ondas utilizando o principio Huygens. | ▪ CMCCT |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B4.7. Fenómenos ondulatorios: interferencia e difracción, reflexión e refracción. | ▪ B4.7. Recoñecer a difracción e as interferencias como fenómenos propios do movemento ondulatorio. | ▪ FSB4.7.1. Interpreta os fenómenos de interferencia e a difracción a partir do principio de Huygens. | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Física. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B4.6. Principio de Huygens.<br>▪ B4.8. Leis de Snell.<br>▪ B4.9. Índice de refracción. | ▪ B4.8. Empregar as leis de Snell para explicar os fenómenos de reflexión e refracción. | ▪ FSB4.8.1. Experimenta e xustifica o comportamento da luz ao cambiar de medio, aplicando a lei de Snell, coñecidos os índices de refracción. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| ▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B4.6. Principio de Huygens.<br>▪ B4.9. Índice de refracción. | ▪ B4.9. Relacionar os índices de refracción de dous materiais co caso concreto de reflexión total. | ▪ FSB4.9.1. Obtén o coeficiente de refracción dun medio a partir do ángulo formado pola onda reflectida e refractada. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FSB4.9.2. Considera o fenómeno de reflexión total como o principio físico subxacente á propagación da luz nas fibras ópticas e a súa relevancia nas telecomunicacións. | ▪ CMCCT |
| ▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B4.10. Ondas lonxitudinais. O son.<br>▪ B4.11. Efecto Doppler. | ▪ B4.10. Explicar e recoñecer o efecto Doppler en sons. | ▪ FSB4.10.1. Recoñece situacións cotiás nas que se produce o efecto Doppler, e xustifícaas de forma cualitativa. | ▪ CMCCT |
| ▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B4.12. Enerxía e intensidade das ondas sonoras. | ▪ B4.11. Coñecer a escala de medición da intensidade sonora e a súa unidade. | ▪ FSB4.11.1. Identifica a relación logarítmica entre o nivel de intensidade sonora en decibeles e a intensidade do son, aplicándoa a casos sinxelos. | ▪ CMCCT |
| ▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B4.12. Enerxía e intensidade das ondas sonoras.<br>▪ B4.13. Contaminación acústica. | ▪ B4.12. Identificar os efectos da resonancia na vida cotiá: ruído, vibracións, etc. | ▪ FSB4.12.1. Relaciona a velocidade de propagación do son coas características do medio en que se propaga. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FSB4.12.2. Analiza a intensidade das fontes de son da vida cotiá e clasifícaas como contaminantes e non contaminantes. | ▪ CMCCT |

| | Física. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B4.14. Aplicacións tecnolóxicas do son. | ▪ B4.13. Recoñecer determinadas aplicacións tecnolóxicas do son como a ecografía, o radar, o sonar, etc. | ▪ FSB4.13.1. Coñece e explica algunhas aplicacións tecnolóxicas das ondas sonoras, como a ecografía, o radar, o sonar, etc. | ▪ CMCCT |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B4.15. Ondas electromagnéticas. | ▪ B4.14. Establecer as propiedades da radiación electromagnética como consecuencia da unificación da electricidade, o magnetismo e a óptica nunha única teoría. | ▪ FSB4.14.1. Representa esquematicamente a propagación dunha onda electromagnética incluíndo os vectores do campo eléctrico e magnético. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FSB4.14.2. Interpreta unha representación gráfica da propagación dunha onda electromagnética en termos dos campos eléctrico e magnético e da súa polarización. | ▪ CMCCT |
| ▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B4.16. Natureza e propiedades das ondas electromagnéticas. | ▪ B4.15. Comprender as características e as propiedades das ondas electromagnéticas, como a súa lonxitude de onda, polarización ou enerxía, en fenómenos da vida cotiá. | ▪ FSB4.15.1. Determina experimentalmente a polarización das ondas electromagnéticas a partir de experiencias sinxelas, utilizando obxectos empregados na vida cotiá. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FSB4.15.2. Clasifica casos concretos de ondas electromagnéticas presentes na vida cotiá en función da súa lonxitude de onda e a súa enerxía. | ▪ CMCCT |
| ▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B4.16. Natureza e propiedades das ondas electromagnéticas.<br>▪ B4.17. Dispersión. A cor. | ▪ B4.16. Identificar a cor dos corpos como a interacción da luz con eles. | ▪ FSB4.16.1. Xustifica a cor dun obxecto en función da luz absorbida e reflectida. | ▪ CMCCT |
| ▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B4.16. Natureza e propiedades das ondas electromagnéticas. | ▪ B4.17. Recoñecer os fenómenos ondulatorios estudados en fenómenos relacionados coa luz. | ▪ FSB4.17.1. Analiza os efectos de refracción, difracción e interferencia en casos prácticos sinxelos. | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Física. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B4.16. Natureza e propiedades das ondas electromagnéticas.<br>▪ B4.18. Espectro electromagnético. | ▪ B4.18. Determinar as principais características da radiación a partir da súa situación no espectro electromagnético. | ▪ FSB4.18.1. Establece a natureza e as características dunha onda electromagnética dada a súa situación no espectro. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FSB4.18.2. Relaciona a enerxía dunha onda electromagnética coa súa frecuencia, a lonxitude de onda e a velocidade da luz no baleiro. | ▪ CMCCT |
| ▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B4.19. Aplicacións das ondas electromagnéticas no espectro non visible. | ▪ B4.19. Coñecer as aplicacións das ondas electromagnéticas do espectro non visible. | ▪ FSB4.19.1. Recoñece aplicacións tecnolóxicas de diferentes tipos de radiacións, nomeadamente infravermella, ultravioleta e microondas. | ▪ CD<br>▪ CCEC<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ FSB4.19.2. Analiza o efecto dos tipos de radiación sobre a biosfera en xeral, e sobre a vida humana en particular. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ FSB4.19.3. Deseña un circuíto eléctrico sinxelo capaz de xerar ondas electromagnéticas, formado por un xerador, unha bobina e un condensador, e describe o seu funcionamento. | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B4.20. Transmisión da comunicación. | ▪ B4.20. Recoñecer que a información se transmite mediante ondas, a través de diferentes soportes. | ▪ FSB4.20.1. Explica esquematicamente o funcionamento de dispositivos de almacenamento e transmisión da información. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | Bloque 5. Óptica xeométrica | | | |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B5.1. Leis da óptica xeométrica. | ▪ B5.1. Formular e interpretar as leis da óptica xeométrica. | ▪ FSB5.1.1. Explica procesos cotiáns a través das leis da óptica xeométrica. | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Física. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B5.2. Sistemas ópticos: lentes e espellos. | ▪ B5.2. Valorar os diagramas de raios luminosos e as ecuacións asociadas como medio que permite predicir as características das imaxes formadas en sistemas ópticos. | ▪ FSB5.2.1. Demostra experimentalmente e graficamente a propagación rectilínea da luz mediante un xogo de prismas que conduzan un feixe de luz desde o emisor ata unha pantalla. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FSB5.2.2. Obtén o tamaño, a posición e a natureza da imaxe dun obxecto producida por un espello plano e unha lente delgada, realizando o trazado de raios e aplicando as ecuacións correspondentes. | ▪ CMCCT |
| ▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B5.3. Ollo humano. Defectos visuais. | ▪ B5.3. Coñecer o funcionamento óptico do ollo humano e os seus defectos, e comprender o efecto das lentes na corrección deses efectos. | ▪ FSB5.3.1. Xustifica os principais defectos ópticos do ollo humano (miopía, hipermetropía, presbicia e astigmatismo), empregando para iso un diagrama de raios. | ▪ CMCCT |
| ▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B5.4. Aplicacións tecnolóxicas: instrumentos ópticos e a fibra óptica. | ▪ B5.4. Aplicar as leis das lentes delgadas e espellos planos ao estudo dos instrumentos ópticos. | ▪ FSB5.4.1. Establece o tipo e disposición dos elementos empregados nos principais instrumentos ópticos, tales como lupa, microscopio, telescopio e cámara fotográfica, realizando o correspondente trazado de raios. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FSB5.4.2. Analiza as aplicacións da lupa, o microscopio, o telescopio e a cámara fotográfica, considerando as variacións que experimenta a imaxe respecto ao obxecto. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | Bloque 6. Física do século XX | | | |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Física. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B6.1. Introdución á teoría especial da relatividade. | ▪ B6.1. Valorar a motivación que levou a Michelson e Morley a realizar o seu experimento e discutir as implicacións que del se derivaron. | ▪ FSB6.1.1. Explica o papel do éter no desenvolvemento da teoría especial da relatividade. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FSB6.1.2. Reproduce esquematicamente o experimento de Michelson-Morley, así como os cálculos asociados sobre a velocidade da luz, e analiza as consecuencias que se derivaron. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B6.2. Orixes da física cuántica. Problemas precursores. | ▪ B6.2. Aplicar as transformacións de Lorentz ao cálculo da dilatación temporal e á contracción espacial que sofre un sistema cando se despraza a velocidades próximas ás da luz respecto a outro dado. | ▪ FSB6.2.1. Calcula a dilatación do tempo que experimenta un observador cando se despraza a velocidades próximas ás da luz con respecto a un sistema de referencia dado, aplicando as transformacións de Lorentz. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FSB6.2.2. Determina a contracción que experimenta un obxecto cando se atopa nun sistema que se despraza a velocidades próximas ás da luz con respecto a un sistema de referencia dado, aplicando as transformacións de Lorentz. | ▪ CMCCT |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B6.3. Física cuántica. | ▪ B6.3. Coñecer e explicar os postulados e os aparentes paradoxos da física relativista. | ▪ FSB6.3.1. Discute os postulados e os aparentes paradoxos asociados á teoría especial da relatividade e a súa evidencia experimental. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B6.4. Enerxía relativista. Enerxía total e enerxía en repouso. | ▪ B6.4. Establecer a equivalencia entre masa e enerxía, e as súas consecuencias na enerxía nuclear. | ▪ FSB6.4.1. Expresa a relación entre a masa en repouso dun corpo e a súa velocidade coa enerxía deste a partir da masa relativista. | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Física. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B6.5. Insuficiencia da física clásica. | ▪ B6.5. Analizar as fronteiras da física a finais do século XIX e principios do século XX, e pór de manifesto a incapacidade da física clásica para explicar determinados procesos. | ▪ FSB6.5.1.Explica as limitacións da física clásica ao enfrontarse a determinados feitos físicos, como a radiación do corpo negro, o efecto fotoeléctrico ou os espectros atómicos. | ▪ CMCCT |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B6.6. Hipótese de Planck. | ▪ B6.6. Coñecer a hipótese de Planck e relacionar a enerxía dun fotón coa súa frecuencia e a súa lonxitude de onda. | ▪ FSB6.6.1. Relaciona a lonxitude de onda e a frecuencia da radiación absorbida ou emitida por un átomo coa enerxía dos niveis atómicos involucrados. | ▪ CMCCT |
| ▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B6.7. Efecto fotoeléctrico. | ▪ B6.7. Valorar a hipótese de Planck no marco do efecto fotoeléctrico. | ▪ FSB6.7.1. Compara a predición clásica do efecto fotoeléctrico coa explicación cuántica postulada por Einstein, e realiza cálculos relacionados co traballo de extracción e a enerxía cinética dos fotoelectróns. | ▪ CMCCT |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B6.8. Espectros atómicos. Modelo cuántico do átomo de Bohr. | ▪ B6.8. Aplicar a cuantización da enerxía ao estudo dos espectros atómicos e inferir a necesidade do modelo atómico de Bohr. | ▪ FSB6.8.1. Interpreta espectros sinxelos, relacionándoos coa composición da materia. | ▪ CMCCT |
| ▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B6.9. Interpretación probabilística da física cuántica. | ▪ B6.9. Presentar a dualidade onda-corpúsculo como un dos grandes paradoxos da física cuántica. | ▪ FSB6.9.1. Determina as lonxitudes de onda asociadas a partículas en movemento a diferentes escalas, extraendo conclusións acerca dos efectos cuánticos a escalas macroscópicas. | ▪ CMCCT |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B6.9. Interpretación probabilística da física cuántica.<br>▪ B6.10. Principio de indeterminación de Heisenberg. | ▪ B6.10. Recoñecer o carácter probabilístico da mecánica cuántica en contraposición co carácter determinista da mecánica clásica. | ▪ FSB6.10.1. Formula de xeito sinxelo o principio de indeterminación de Heisenberg e aplícao a casos concretos, como os orbitais atómicos. | ▪ CMCCT |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



| | Física. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B6.11. Aplicacións da física cuántica. O láser. | ▪ B6.11. Describir as características fundamentais da radiación láser, os principais tipos de láseres, o seu funcionamento básico e as súas principais aplicacións. | ▪ FSB6.11.1. Describe as principais características da radiación láser en comparación coa radiación térmica. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FSB6.11.2. Asocia o láser coa natureza cuántica da materia e da luz, xustifica o seu funcionamento de xeito sinxelo e recoñece o seu papel na sociedade actual. | ▪ CMCCT |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B6.12. Radioactividade: tipos. | ▪ B6.12. Distinguir os tipos de radiacións e o seu efecto sobre os seres vivos. | ▪ FSB6.12.1. Describe os principais tipos de radioactividade incidindo nos seus efectos sobre o ser humano, así como as súas aplicacións médicas. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B6.13. Física nuclear. | ▪ B6.13. Establecer a relación da composición nuclear e a masa nuclear cos procesos nucleares de desintegración. | ▪ FSB6.13.1. Obtén a actividade dunha mostra radioactiva aplicando a lei de desintegración e valora a utilidade dos datos obtidos para a datación de restos arqueolóxicos. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ FSB6.13.2. Realiza cálculos sinxelos relacionados coas magnitudes que interveñen nas desintegracións radioactivas. | ▪ CMCCT |
| ▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B6.14. Núcleo atómico. Leis da desintegración radioactiva. | ▪ B6.14. Valorar as aplicacións da enerxía nuclear na produción de enerxía eléctrica, radioterapia, datación en arqueoloxía e a fabricación de armas nucleares. | ▪ FSB6.14.1. Explica a secuencia de procesos dunha reacción en cadea, e extrae conclusións acerca da enerxía liberada. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ FSB6.14.2. Describe as aplicacións máis frecuentes da enerxía nuclear: produción de enerxía eléctrica, datación en arqueoloxía, radiacións | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

DOG Diario Oficial de Galicia

| | Física. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ionizantes en medicina e fabricación de armas. | |
| ▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B6.15. Fusión e fisión nucleares. | ▪ B6.15. Xustificar as vantaxes, as desvantaxes e as limitacións da fisión e a fusión nuclear. | ▪ FSB6.15.1. Analiza as vantaxes e os inconvenientes da fisión e a fusión nuclear, e xustifica a conveniencia do seu uso. | ▪ CMCCT |
| ▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B6.16. As catro interaccións fundamentais da natureza: gravitatoria, electromagnética, nuclear forte e nuclear débil. | ▪ B6.16. Distinguir as catro interaccións fundamentais da natureza e os principais procesos en que interveñen. | ▪ B6.16.1. Compara as principais teorías de unificación establecendo as súas limitacións e o estado en que se atopan. | ▪ CMCCT |
| ▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B6.16. As catro interaccións fundamentais da natureza: gravitatoria, electromagnética, nuclear forte e nuclear débil. | ▪ B6.17. Recoñecer a necesidade de atopar un formalismo único que permita describir todos os procesos da natureza. | ▪ B6.17.1. Establece unha comparación cuantitativa entre as catro interaccións fundamentais da natureza en función das enerxías involucradas. | ▪ CMCCT |
| ▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B6.17. Interaccións fundamentais da natureza e partículas fundamentais. | ▪ B6.18. Coñecer as teorías máis relevantes sobre a unificación das interaccións fundamentais da natureza. | ▪ FSB6.18.1. Compara as principais características das catro interaccións fundamentais da natureza a partir dos procesos nos que estas se manifestan. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FSB6.18.2. Xustifica a necesidade da existencia de novas partículas elementais no marco da unificación das interaccións. | ▪ CMCCT |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B6.18. Partículas fundamentais constitutivas do átomo: electróns e quarks. | ▪ B6.19. Utilizar o vocabulario básico da física de partículas e coñecer as partículas elementais que constitúen a materia. | ▪ FSB6.19.1. Describe a estrutura atómica e nuclear a partir da súa composición en quarks e electróns, empregando o vocabulario específico da física de quarks. | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Física. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ FSB6.19.2. Caracteriza algunhas partículas fundamentais de especial interese, como os neutrinos e o bosón de Higgs, a partir dos procesos en que se presentan. | ▪ CMCCT |
| ▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B6.19. Historia e composición do Universo. | ▪ B6.20. Describir a composición do universo ao longo da súa historia en termos das partículas que o constitúen e establecer unha cronoloxía deste a partir do Big Bang. | ▪ FSB6.20.1. Relaciona as propiedades da materia e da antimateria coa teoría do Big Bang. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FSB6.20.2. Explica a teoría do Big Bang e discute as evidencias experimentais en que se apoia, como son a radiación de fondo e o efecto Doppler relativista. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ FSB6.20.3. Presenta unha cronoloxía do universo en función da temperatura e das partículas que o formaban en cada período, discutindo a asimetría entre materia e antimateria. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| ▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B6.20. Fronteiras da física. | ▪ B6.21. Analizar os interrogantes aos que se enfrontan os/as físicos/as hoxe en día. | ▪ FSB6.21.1. Realiza e defende un estudo sobre as fronteiras da física do século XXI. | ▪ CCEC<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

## Fundamentos da Arte

### Introdución

A materia de Fundamentos da Arte pretende proporcionar ao/á estudante unha visión de conxunto dalgúns dos fitos máis sobresalientes das disciplinas relacionadas coas artes plásticas, audiovisuais e musicais, e coa danza, así como as artes decorativas, a vestimenta, etc. Recolle as principais manifestacións artísticas e culturais desenvolvidas desde a Antigüidade ata os nosos días, así como as ideas que as promoveron, a súa linguaxe artística e os/as artistas máis sobresalientes de cada época. Con ela trátase de transcender o estudo da historia da arte como simple sucesión de fases ou historicismos, para chegar á comprensión profunda da atmosfera cultural, estética e social imperante en cada época, que determina a produción artística resultante e a intencionalidade dos/das creadores/as fronte ás súas obras.

A través do estudo das manifestacións artísticas do ser humano preténdese que o alumnado afonde nun modo de coñecemento do mundo non discursivo e, xa que logo, non baseado en ámbitos de investigación que procedan unicamente de métodos sistemáticos, racionais e proposicionais.

O devandito suposto pode resultar contraditorio coa forte sistematización da materia coa que estamos a tratar. Porén, cremos que resulta útil para simplificar a complexa tarefa de abordar o que é a arte e cales son os seus elementos fundamentais, sobre todo en alumnos e alumnas que empezan a súa formación neste campo dentro do sistema educativo. Tratarase de que o/a estudante consiga comprender as creacións artísticas e culturais que o/a rodean estudando a súa orixe, a idea de partida, e relacionándoas co tempo en que se crearon, así como a súa plasmación como obra creativa a través das formas e as técnicas da disciplina de que se trate.

Daquela, na docencia desta materia combinaranse polo menos tres parámetros fundamentais: as explicacións sobre a arte a partir da súa orixe como idea conceptual, o tratamento formal co que o/a artista traballou a idea, e os condicionantes históricos, sociais e empresariais que a rodean. O desenvolvemento cronolóxico da creación artística deberá ser parte fundamental da organización dos contidos ao longo dos dous anos de impartición, tendo presente que a base esencial desta materia é de contido plástico, máis que de contido histórico. Será tarefa do/da docente combinar ambos os dous, de xeito que o/a alumno/a obteña unha visión global e interrelacionada das obras de arte.

O obxectivo final da materia de Fundamentos da Arte é o de fomentar a capacidade de análise, xuízo e crítica persoal do alumnado, así como contribuír á súa formación como futuro/a artista e creador/a plástico/a.

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

1º de bacharelato

| | Fundamentos da Arte I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. As orixes das imaxes artísticas | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ n | ▪ B1.1. Arte rupestre: as imaxes e a súa representación simbólica. | ▪ B1.1. Analizar a temática da escultura e pintura rupestres. | ▪ FA1B1.1.1. Identifica as imaxes rupestres e relaciónaas coas imaxes tribais ou étnicas do mundo. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ n | ▪ B1.1. Arte rupestre: as imaxes e a súa representación simbólica. | ▪ B1.2. Debater acerca das posibles explicacións simbólicas das imaxes rupestres. | ▪ FA1B1.2.1. Relaciona as imaxes cun posible significado iconolóxico. | ▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ n<br>▪ p | ▪ B1.2. Arte rupestre: características da pintura. | ▪ B1.3. Recoñecer as características principais da pintura rupestre. | ▪ FA1B1.3.1. Compara as imaxes prehistóricas coas imaxes de grupos étnicos da actualidade, establecendo posibles paralelismos. | ▪ CD<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ FA1B1.3.2. Relaciona a iconografía rupestre con composicións de artistas actuais. | ▪ CAA<br>▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ n<br>▪ p | ▪ B1.3. Arte rupestre: técnicas de pintura e escultura. | ▪ B1.4. Explicar as características técnicas da pintura rupestre a partir de exemplos relevantes da Península Ibérica. | ▪ FA1B1.4.1. Analiza, a partir de fontes historiográficas, a técnica da arte rupestre e a súa posible aplicación na actualidade. | ▪ CMCCT<br>▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e | ▪ B1.2. Construcións megalíticas. Stonehenge: mito e realidade. | ▪ B1.5. Analizar Stonehenge e os labores de recreación efectuados no século XX no monumento. | ▪ FA1B1.5.1. Analiza Stonehenge e debate acerca da súa autenticidade simbólica e histórica. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |

| | Fundamentos da Arte I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ n | | | | |
| | Bloque 2. As grandes culturas da Antigüidade: Exipto; Mesopotamia e Persia; China | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ n | ▪ B2.1. Feitos artísticos relevantes: restos arqueolóxicos.<br>▪ B2.2. Exipto.<br>▪ B2.3. China.<br>▪ B2.4. Mesopotamia e Persia. | ▪ B2.1. Identificar a arte exipcia en relación con outras culturas diferentes. | ▪ FA1B2.1.1. Recoñece as imaxes dos restos arqueolóxicos relevantes e sitúaas na cultura correspondente. | ▪ CD<br>▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ n | ▪ B2.2. Exipto.<br>▪ B2.5. Cultura sedentaria e agrícola, arquitectura e obra civil. | ▪ B2.2. Analizar a posible relación entre o modo de vida e a arte exipcia. | ▪ FA1B2.2.1. Relaciona o tipo de vida sedentario co auxe da arquitectura e das obras públicas. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ FA1B2.2.2. Infire a relación entre a escultura oficial e o seu patrocinador e asóciaa co tipo de imaxe para representar. | ▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ FA1B2.2.3. Establece unha relación causa-forma entre a estrutura política e a plasmación plástica que dela se fai. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ n | ▪ B2.6. Rixidez narrativa e rixidez política.<br>▪ B2.7. O idealismo como forma de representación na arte exipcia. Faraón-deus.<br>▪ B2.8. Culto aos mortos, inmortalidade e resurrección en Exipto. Mito de Isis. | ▪ B2.3. Explicar a iconoloxía exipcia relacionando a imaxe co poder político. | ▪ FA1B2.3.1. Analiza a relación entre o culto a Isis e o seu posible enlace coa relixión xudeo-cristiá. | ▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e | ▪ B2.9. Esquematización narrativa: pintura. | ▪ B2.4. Identificar a técnica narrativa das pinturas exipcias. | ▪ FA1B2.4.1. Explica a organización narrativa das pinturas exipcias. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Fundamentos da Arte I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ n | | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ n | ▪ B2.10. Escultura exipcia.<br>▪ B2.11. Moblaxe e obxectos suntuarios. | ▪ B2.5. Comparar as pezas escultóricas segundo o seu material e súa finalidade: pedra, madeira, obxectos suntuarios, sarcófagos, etc. | ▪ FA1B2.5.1. Analiza as pezas escultóricas exipcias. | ▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ i<br>▪ n | ▪ B2.12. Pintura á encáustica. | ▪ B2.6. Experimentar a técnica da encáustica. | ▪ FA1B2.6.1. Aplica a técnica da encáustica a un traballo concreto. | ▪ CMCCT<br>▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ n | ▪ B2.2. Exipto.<br>▪ B2.3. China.<br>▪ B2.4. Mesopotamia e Persia. | ▪ B2.7. Recoñecer a tipoloxía das culturas encravadas no Oriente Medio, a exipcia e a chinesa. | ▪ FA1B2.7.1. Compara a cronoloxía e a iconografía das culturas persa, exipcia e chinesa. | ▪ CAA<br>▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ n | ▪ B2.13. Escultura en terracota chinesa. | ▪ B2.8. Recoñecer a escultura en terracota dos guerreiros de Xian, do mausoleo do primeiro emperador Qin. | ▪ FA1B2.8.1. Identifica a concepción formal das esculturas do mausoleo fronte a outras obras arqueolóxicas. | ▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ n | ▪ B2.3. China.<br>▪ B2.13. A escultura en terracota chinesa. | ▪ B2.9. Relacionar as claves políticas e artísticas dos guerreiros de Xian. | ▪ FA1B2.9.1. Relaciona a creación do mausoleo do primeiro emperador Qin coa historia da China e a súa transcendencia política e social. | ▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ i<br>▪ n | ▪ B2.14. Escultura en terracota. | ▪ B2.10. Relacionar a técnica da escultura en terracota con usos actuais similares. | ▪ FA1B2.10.1. Recoñece e explica a técnica da terracota. | ▪ CMCCT<br>▪ CCEC |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Fundamentos da Arte I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ n | ▪ B2.15. Idealismo e naturalismo: escultura. | ▪ B2.11. Analizar nas culturas antigas a diferenza entre imaxes idealistas e naturalistas, e a súa posible relación coa finalidade da peza. | ▪ FA1B2.11.1. Describe as diferenzas entre a escultura idealista e a escultura naturalista. | ▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | Bloque 3. A orixe de Europa. Grecia | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ n | ▪ B3.1. Grecia entre Exipto e Persia. | ▪ B3.1. Analizar comparativamente a arte arcaica grega e a arte exipcia fronteiriza. | ▪ FA1B3.1.1. Relaciona o nacemento da cultura grega coa influencia das culturas de Exipto e Persia. | ▪ CAA<br>▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ n | ▪ B3.2. Política e arte: o Partenón. | ▪ B3.2. Identificar a arquitectura grega. Orixes formais e sociais. | ▪ FA1B3.2.1. Identifica os elementos esenciais da arquitectura grega. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ n | ▪ B3.3. Arquitectura grega. Elementos constitutivos. | ▪ B3.3. Explicar convenientemente as partes esenciais da arquitectura grega. | ▪ FA1B3.3.1. Comenta as diferenzas entre as tres épocas esenciais da arquitectura grega. | ▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ n | ▪ B3.4. Evolución da forma desde o hieratismo exipcio: arte arcaica, clásica e helenística.<br>▪ B3.5. Arte helenística: naturalismo e expresividade, emoción e tensión dramática. | ▪ B3.4. Diferenciar as etapas na arte grega a partir das peculiaridades de cada etapa reflectidas nunha creación determinada. | ▪ FA1B3.4.1. Describe as diferenzas entre as tres ordes clásicas: dórica, xónica e corintia. | ▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ n | ▪ B3.6. Escultura grega. Apoloxía do corpo humano. Forza e sensualidade<br>▪ B3.7. Relixión e arte. Fidias.<br>▪ B3.8. Influencia da arte grega na | ▪ B3.5. Diferenciar as características da escultura grega. Relacionar a arte grega con outras culturas ou aplicacións posteriores | ▪ FA1B3.5.1. Analiza a simboloxía das deidades gregas. | ▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ FA1B3.5.2. Describe a relación entre a escultura grega, romana, | ▪ CCL<br>▪ CCEC |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Fundamentos da Arte I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | historia. | | renacentista e neoclásica. | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ i<br>▪ n | ▪ B3.9. Cerámica grega: iconoloxía, recursos ornamentais. Técnicas: negro sobre vermello. Andócides. Vermello sobre negro. | ▪ B3.6. Describir a técnica da cerámica grega. | ▪ FA1B3.6.1. Compara a evolución cronolóxica da cerámica grega. | ▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ n | ▪ B3.10. Obxectos da cultura grega: figuras, ferramentas e xoias. | ▪ B3.7. Identificar a tipoloxía da xoiaría grega en relación con outras culturas. | ▪ FA1B3.7.1. Compara restos arqueolóxicos de xoias e obxectos nas culturas coetáneas á cultura grega. | ▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ n<br>▪ p | ▪ B3.11. Teatro grego: arquitectura, temas e recursos iconográficos. | ▪ B3.8. Valorar o teatro grego e a súa influencia no teatro posterior. | ▪ FA1B3.8.1. Describe as características do teatro grego e a súa influencia no teatro actual. | ▪ CD<br>▪ CCEC |
| | Bloque 4. O imperio occidental: Roma | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ n | ▪ B4.1. Roma. A gran cultura mediterránea.<br>▪ B4.2. Arte etrusca. Elementos identificativos. | ▪ B4.1. Valorar a importancia da cultura romana no mediterráneo e a súa transcendencia histórica posterior. | ▪ FA1B4.1.1. Relaciona o nacemento da cultura romana e a influencia grega. | ▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ FA1B4.1.2. Sitúa no mapa do Mediterráneo as culturas grega, romana e fenicia. | ▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B4.3. A estrutura política romana e a súa relación coa arte.<br>▪ B4.4. Clasicismo e idealización nas esculturas e nos bustos de emperadores | ▪ B4.2. Explicar a importancia do latín como lingua común europea e a súa transcendencia na arte. | ▪ FA1B4.2.1. Relaciona a expansión política e artística romana co emprego do latín e o dereito romano. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |

| | Fundamentos da Arte I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ n | | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ n<br>▪ p | ▪ B4.5. Arquitectura romana. | ▪ B4.3. Identificar as obras arquitectónicas da cultura romana a partir da identificación visual dos seus elementos principais. | ▪ FA1B4.3.1. Identifica os elementos arquitectónicos esenciais da cultura romana. | ▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ n | ▪ B4.6. A basílica.<br>▪ B4.7. Obra civil e obras públicas romanas. | ▪ B4.4. Relacionar a basílica romana coas igrexas cristiás posteriores, analizando os planos das plantas de diferentes edificios. | ▪ FA1B4.4.1. Compara as basílicas do imperio romano e as igrexas construídas posteriormente. | ▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ n | ▪ B4.5. Arquitectura romana. | ▪ B4.5. Valorar a importancia técnica dos edificios romanos. | ▪ FA1B4.5.1. Relaciona o Panteón de Agripa coa catedral do Vaticano. | ▪ CMCCT<br>▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ i<br>▪ n | ▪ B4.8. Pintura romana. Técnica do fresco. | ▪ B4.6. Analizar a técnica da pintura ao fresco e a do mosaico. | ▪ FA1B4.6.1. Describe as técnicas do mosaico e da pintura ao fresco. | ▪ CMCCT<br>▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ n<br>▪ p | ▪ B4.9. Literatura e o teatro romano. | ▪ B4.7. Relacionar o teatro romano e o teatro grego | ▪ FA1B4.7.1. Relaciona o teatro actual cos teatros grego e romano. | ▪ CD<br>▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ d | ▪ B4.10. Artes aplicadas: moblaxe, obxectos e vestimenta. | ▪ B4.8. Comparar as artes aplicadas da cultura romana coas efectuadas noutros momentos e noutras cultu- | ▪ FA1B4.8.1. Establece a relación entre a historia de Pompeia e Herculano, e a súa influencia na arte | ▪ CSIEE<br>▪ CCEC |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Fundamentos da Arte I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ e<br>▪ h<br>▪ n | | ras. | europea posterior. | |
| | | | ▪ FA1B4.8.2. Comenta a vestimenta romana e a súa aplicación na historia da arte posterior. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| | Bloque 5. A arte prerrománica | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ n | ▪ B5.1. Fin do imperio romano de occidente. Arianismo.<br>▪ B5.2. Arquitectura: perda da técnica arquitectónica romana.<br>▪ B5.3. Arte prerrománica asturiana.<br>▪ B5.4. Escultura: relevos nos capiteis. | ▪ B5.1. Identificar as claves expresivas da arte visigoda. | ▪ FA1B5.1.1. Identifica os principais monumentos do prerrománico español. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ FA1B5.1.2. Compara a escultura romana e visigoda. | ▪ CAA<br>▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ n | ▪ B5.1. Fin do imperio romano de occidente. Arianismo.<br>▪ B5.2. Arquitectura: perda da técnica arquitectónica romana. | ▪ B5.2. Relacionar a situación social e a arte aplicada. | ▪ FA1B5.2.1. Recoñece as claves políticas que levan á decadencia do imperio romano. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ FA1B5.2.2. Relaciona a fin do imperio romano e a disgregación artística europea. | ▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ FA1B5.2.3. Compara a pintura visigoda e romana anterior. | ▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ n | ▪ B5.3. Arte prerrománica asturiana. | ▪ B5.3. Analizar os templos visigodos e as súas características principais. | ▪ FA1B5.3.1. Identifica as principais características dos templos visigodos a partir de fontes historiográficas de exemplos representativos. | ▪ CD<br>▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ n | ▪ B5.4. Arte árabe na Península Ibérica. Islamismo. Arco de ferradura. Arte mozárabe. | ▪ B5.4. Diferenciar a arte cristiá e a árabe na Península Ibérica. | ▪ FA1B5.4.1. Relaciona o arco de ferradura e o seu emprego na arte árabe da Península Ibérica. | ▪ CCEC |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Fundamentos da Arte I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ i<br>▪ n | ▪ B5.5. Técnicas construtivas e motivos iconográficos. | ▪ B5.5. Analizar a técnica do artesoado das cubertas de madeira nas igrexas españolas. | ▪ FA1B5.5.1. Recoñece as principais características dos artesoados de madeira en exemplos representativos. | ▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ n | ▪ B5.6. Códices miniados. Ilustración en pergameo. Técnicas. Iconografía medieval. Pergameos e códices. | ▪ B5.6. Describir a técnica da pintura e escritura sobre pergameo. Motivos iconográficos. | ▪ FA1B5.6.1. Analiza o Libro da Apocalipse e a súa aplicación á arte de todos os tempos. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ FA1B5.6.2. Recoñece a técnica da pintura e escritura sobre pergameo. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ FA1B5.6.3. Identifica e explica as características da iconografía medieval a partir de códices e pergameos representativos. | ▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ i<br>▪ n | ▪ B5.7. Xoiaría visigoda. | ▪ B5.7. Explicar a técnica construtiva da xoiaría visigoda. Técnica cloisonné e a súa aplicación posterior. | ▪ FA1B5.7.1. Explica a técnica da xoiaría visigoda a partir de fontes historiográficas que reflictan pezas representativas. | ▪ CMCCT<br>▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ n<br>▪ p | ▪ B5.8. Arte dos pobos do norte de Europa. Normandos. | ▪ B5.8. Identificar as claves expresivas da arte do norte de Europa, tanto en España como no resto do continente. | ▪ FA1B5.8.1. Identifica a arte dos pobos do norte de Europa e os elementos similares localizados en España. | ▪ CCEC |
| | Bloque 6. O Románico, arte europea | | | |
| ▪ b<br>▪ d | ▪ B6.1. Creación e difusión do románico. Orde Beneditina. | ▪ B6.1. Explicar a relación da orde Beneditina e a expansión da arte románica. | ▪ FA1.B6.1.1. Relaciona a obra dos frades beneditinos e a internacionalización da arte románica. | ▪ CSIEE<br>▪ CCEC |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Fundamentos da Arte I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ e<br>▪ h<br>▪ n<br>▪ p | | | ▪ FA1.B6.1.2. Relaciona o Camiño de Santiago e a súa importancia relixiosa coa aplicación da arte románica. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ n<br>▪ p | ▪ B6.2. Arquitectura: características e edificios representativos. | ▪ B6.2. Identificar os elementos románicos na arquitectura, nomeadamente nos edificios relixiosos. | ▪ FA1.B6.2.1. Comenta a evolución da arte naturalista romana á arte simbólica románica. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ FA1.B6.2.2. Recoñece as principais características da arquitectura románica, identificando visualmente os elementos que a diferencian. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ FA1.B6.2.3. Describe os elementos románicos das igrexas españolas máis representativas, indicando posibles engadidos posteriores. | ▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ n | ▪ B11.15. Televisión: aparición da cor.<br>▪ B11.16. Retransmisións en directo: olimpíadas, fútbol, concertos e guerras. | ▪ B11.10. Explicar a evolución técnica e escenográfica do paso da televisión en branco e negro á televisión en cor. | ▪ FA2.B11.10.1. Explica a evolución da técnica televisiva desde o branco e negro á cor. | ▪ CMCCT<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ FA2.B11.10.2. Relaciona a televisión e os grandes eventos seguidos en directo a través dela: olimpíadas, fútbol, concertos e guerras. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ n | ▪ B11.17. Fotografía en España: Cristina García-Rodero e Alberto García Alix. | ▪ B11.11. Analizar a realidade social española a través da mirada fotográfica de Cristina García Rodero e Alberto García-Alix. | ▪ FA2.B11.11.1. Comenta a visión de España e a súa xente reflectida na obra fotográfica de Cristina García Rodero e Alberto García-Alix. | ▪ CCEC |

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Fundamentos da Arte II. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ n | ▪ B11.18. Cine de animación: Estudios Pixar; estrea de "Toy Story". | ▪ B11.12. Comentar a evolución do cine de animación. | ▪ FA2.B11.12.1. Comenta o éxito das películas de animación das produtoras Pixar e Dream Works, e a súa relación coas novas técnicas de animación dixitais. | ▪ CCEC |
| | Bloque 12. Os anos 2000 a 2013 | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ n | ▪ B12.1. O ecoloxismo e a arte. | ▪ B12.1. Analizar a importancia do ecoloxismo e da creación artística relacionada con esta filosofía. | ▪ FA2.B12.1.1. Analiza as manifestacións artísticas relacionadas co ecoloxismo utilizando, entre outras, as fotografías de Ansel Adams, a película "Dersu Uzala", ou os documentais de Félix Rodríguez de la Fuente ou do National Geographic. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ n | ▪ B12.2. Islamismo radical: destrución das imaxes relixiosas. | ▪ B12.2. Debater acerca do islamismo radical e da iconoclastia a través da historia da arte. | ▪ FA2.B12.2.1. Comenta o concepto iconoclasta do islamismo radical, en referencia, por exemplo, á destrución das imaxes de Buda, entre outras posibles. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ n | ▪ B12.3. Arquitectura máis relevante da década: Norman Foster (concepto "High Tech"), Álvaro Siza, Peter Zumthor, Jean Nouvel, Reem Koolhaas, Rafael Moneo, Shigeru Ban, Souto de Moura, etc.<br>▪ B12.4. A construción como espectáculo e a súa polémica: Frank Gehry e Santiago Calatrava. | ▪ B12.3. Identificar os edificios máis relevantes da década, en España e no resto do mundo. | ▪ FA2.B12.3.1. Analiza os edificios estrela e a súa repercusión mundial. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ FA2.B12.3.2. Compara as creacións emblemáticas de Frank Gehry, Santiago Calatrava e Norman Foster, entre outros posibles. | ▪ CCEC |
| ▪ b | ▪ B12.5. Obra de Zara Hadid. | ▪ B12.4. Comparar a obra arquitec- | ▪ FA2.B12.4.1. Comenta a obra | ▪ CCEC |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Fundamentos da Arte II. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ n | | tónica de Zara Hadid coa do resto de arquitectos/as contemporáneos/as. | arquitectónica de Zara Hadid. | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ n<br>▪ p | ▪ B12.6. Tecnoloxía dixital: cine, televisión, fotografía e música.<br>▪ B12.7. Internacionalismo universal: internet.<br>▪ B12.8. Novas canles de promoción artística: blogs, redes sociais e plataformas como YouTube, Vimeo, Instagram, Pinterest, etc. | ▪ B12.5. Explicar a importancia de internet na creación artística. | ▪ FA2.B12.5.1. Describe a importancia de internet na arte actual. | ▪ CD<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ FA2.B12.5.2. Analiza a tecnoloxía dixital e a súa relación coa creación artística. | ▪ CD<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ FA2.B12.5.3. Explica o potencial difusor da creación artística que supón YouTube e outras plataformas similares. | ▪ CD<br>▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ n | ▪ B12.9. Música e baile. Novas tendencias: hip-hop e dance. | ▪ B12.6. Identificar novas formas de danza, tales como o hip-hop e o dance. | ▪ FA2.B12.6.1. Comenta as novas coreografías relacionadas co hip-hop e o dance. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ n<br>▪ p | ▪ B12.10. Cine en español: éxito internacional de Guillermo del Toro con "O labirinto do fauno".<br>▪ B12.11. Internacionalización do cine español: Juan Antonio Bayona e Rodrigo Cortés. | ▪ B12.7. Analizar a obra cinematográfica española recente, en referencia, por exemplo, aos traballos de Juan Antonio Bayona, Jaume Balagueró e outros posibles. | ▪ FA2.B12.7.1. Comenta a obra cinematográfica española recente, en referencia, por exemplo, aos traballos de Juan Antonio Bayona, Daniel Monzón, Jaume Balagueró, etc. | ▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B12.12. Xénero documental no cine. | ▪ B12.8. Coñecer as características propias do xénero documental no cine. | ▪ FA2.B12.8.1. Describe as características máis importantes do xénero documental no cine. | ▪ CCEC |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



| | Fundamentos da Arte II. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ n | | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ n<br>▪ p | ▪ B12.13. Técnicas da produción audiovisual. Integración multimedia.<br>▪ B12.14. Televisión: series de TV, equiparables en popularidade e audiencia ao cine. | ▪ B12.9. Explicar a estrutura narrativa das series de ficción para televisión en oposición ao sistema narrativo do cine. | ▪ FA2.B12.9.1. Analiza as claves da produción de series para televisión. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ FA2.B12.9.2. Expón os factores do éxito de audiencia nas series para televisión, e dá exemplos. | ▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ FA2.B12.9.3. Compara a técnica narrativa das series televisivas coa ficción cinematográfica. | ▪ CCEC |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



## Grego

### Introdución

O papel heurístico das linguas constitúe un reto para o sistema educativo, pois son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. E as linguas achégannos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais.

A lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo, como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. Neste marco, a formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, ademais de sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician.

O Consello de Europa, a través de sucesivos proxectos, está comprometido nunha política lingüística dirixida a protexer e desenvolver a herdanza lingüística e a diversidade cultural de Europa como fonte de enriquecemento mutuo, así como a facilitar a mobilidade persoal dos seus cidadáns e das súas cidadás, e o intercambio de ideas. O Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER), publicado en 2001, é un documento de particular transcendencia, non só como ferramenta práctica para propiciar a reflexión sobre o ensino das linguas e a transparencia de cursos, programas e titulacións entre os estados e dentro deles, senón tamén polo recoñecemento da competencia plurilingüe e intercultural, que transcende o concepto de multilingüismo, no seu día piar dos enfoques das políticas lingüísticas máis abertas ao recoñecemento da diversidade. Hoxe, o MCER constitúe unha referencia para proxectos e documentos clave do Consello de Europa, como a "Guía para a elaboración e posta en marcha de currículos para unha educación plurilingüe e intercultural" (2010), na que se desenvolve a noción de plurilingüismo como eixe dun enfoque centrado na rede de relacións entre distintas linguas e culturas. Nesta mesma liña, enmárcanse o informe do Foro Intergobernamental Europeo "O dereito dos estudantes á calidade e á equidade en educación. O papel das competencias lingüísticas e interculturais", mantido en Xenebra en novembro 2010, e a Conferencia intergobernamental "Calidade e inclusión en educación: o papel único das linguas", mantida en Estrasburgo en setembro de 2013. En ambos os foros europeos, recoñécese a importancia da competencia lingüísti-

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



ca e da circulación de competencias entre as linguas para lograr un maior dominio da linguaxe, clave para a inclusión social e o éxito escolar.

A educación plurilingüe e intercultural considera, con carácter xeral, a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de maneira específica, os enfoques plurais transversais e integradores no seu ensino e na súa aprendizaxe. A súa finalidade é retirar barreiras artificiais entre as linguas, encerradas tradicionalmente nos sistemas escolares en compartimentos estancos, e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Xa que logo, o/a aprendiz plurilingüe realizará transferencias de coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutra lingua diferente. Esta capacidade de transferencia non só permite descubrir as regularidades dunha lingua total ou parcialmente descoñecida e relacionalas, desde o punto de vista teórico, coas regularidades observadas noutras linguas que coñece, ou identificar termos emparentados en todas as linguas, senón que, ademais, promove a tolerancia perante palabras descoñecidas, nomeadamente importante nos contextos de comprensión que necesitan a fluidez, como son a lectura extensiva e a comprensión de textos orais sen posibilidade de verificación do entendido. A competencia plurilingüe facilitará, daquela, a inferencia de significados e o desenvolvemento de competencias heurísticas eficaces para identificar os elementos esenciais e secundarios nun texto descoñecido.

Pola súa banda, mediante o diálogo intercultural póñense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son o recoñecemento do outro como lexítimo, o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas, a aceptación da diversidade persoal, social e cultural, e o respecto dos dereitos fundamentais.

No contexto escolar, a aprendizaxe das linguas está dirixida ao logro de obxectivos similares, aínda que con diferentes niveis de dominio. Por iso, un estudo integrado de todas as linguas posibilita, por unha banda, que os contidos, os procesos e as estratexias que se traballan nunha lingua sexan igualmente utilizados nas actividades lingüísticas de comprensión e produción nas demais e, por outra, que se poida focalizar, no proceso de ensino e aprendizaxe, nos elementos diferenciadores e en todos aqueles aspectos que teñen incidencia directa na capacidade de comunicarse adecuadamente. Así, o coñecemento morfolóxico ou léxico dunha lingua pode axudar á comprensión noutra lingua; as estratexias de comprensión de lectura desenvolvidas nunha lingua poden ser transferidas para a lectura noutros idiomas; o coñecemento da estrutura dos textos descritivos permitirá producilos en calquera lingua; e o coñecemento das normas que ordenan as relacións entre xeracións, sexos, clases e grupos sociais nunha lingua, informa e sensibiliza sobre a necesidade de coñecer e respectar as normas que rexen a dimensión social do uso da lingua noutra comunidade lingüística.

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

Por outra banda, o tratamento integrado das linguas debe considerar o punto de partida diferente de cada unha delas. Xa que logo, non se pode esquecer a situación de minorización da lingua galega, que cómpre atender e dinamizar adecuadamente. Con esa finalidade, é preciso favorecer o uso e a aprendizaxe desta lingua de xeito que se impulse a súa normalización e se venzan as dificultades da súa menor presenza e repercusión social, motivadas en moitos casos por prexuízos que é necesario desmontar e superar. O alumnado galego debe rematar a súa escolarización co nivel de usuario competente nas dúas linguas oficiais, galego e castelán, o que implica a utilización adecuada e eficaz das dúas linguas nun amplo repertorio de situacións comunicativas, propias de diferentes ámbitos, cun grao crecente de formalidade e complexidade.

Finalmente, a situación de sociedade multilingüe e plural na que vivimos solicita un enfoque metodolóxico de carácter plurilingüe que potencie o desenvolvemento comunicativo do alumnado nas linguas que adquira ao longo da súa vida, con independencia da diferenza de fins e niveis de dominio con que as utilice. E que os faga conscientes da riqueza que supón ser unha persoa plurilingüe para o desenvolvemento cognitivo e social, e o éxito escolar. Isto implica un tratamento integrado das linguas que o alumnado está a aprender nas aulas. No caso das áreas de Lingua Castelá e Literatura e de Lingua Galega e Literatura, os currículos presentan contidos similares en gran medida, e unha distribución igualmente similar en cada un dos cursos que conforman a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato. Evidentemente, cada lingua ten as súas características propias, que requiren un tratamento e un traballo específicos, pero hai determinados aspectos do currículo que, pola afinidade ou similitude que presentan en ambas as áreas, precisan ben seren abordados de maneira parella, ben seren presentados só nunha lingua pero traballados e practicados en cada unha delas, e utilizar a mesma terminoloxía nas dúas linguas para non dificultar innecesariamente o proceso de aprendizaxe do alumnado. Por tanto, o profesorado implicado no proceso de ensino e aprendizaxe de Lingua Castelá e Literatura e de Lingua Galega e Literatura, en cada curso de ambas as etapas, deberá organizar o seu labor nun currículo integrado, que transcenda as linguas nas que un aprendiz sexa capaz de comunicarse. Isto supón recoñecer a existencia dunha competencia global para a comunicación lingüística e implica non só evitar a repetición de contidos nos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua, como son as estratexias de lectura ou o proceso de escritura, a tipoloxía textual ou a definición de termos lingüísticos; senón tamén, e especialmente, priorizar a realización de actividades comunicativas de produción e comprensión de textos orais e escritos, pois destas depende o desenvolvemento da competencia xeral en comunicación lingüística.

Ademais, nos centros docentes teñen presenza linguas estranxeiras que tamén se abordan na aula desde un enfoque comunicativo e intercultural, pois o coñecemento dos valores e as crenzas compartidas por grupos sociais doutros países resulta esencial para a comunicación nesta sociedade globalizada. Así, para o tratamento integrado de linguas é preciso que, igual que acontece non caso das dúas linguas cooficiais, haxa unha coordinación entre o

DOG Diario Oficial de Galicia
DOG Núm. 120 Luns, 29 de xuño de 2015 Páx. 25798

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

profesorado destas e o de linguas estranxeiras, para evitar a repetición de contidos na liña das que se mencionaron para as linguas ambientais, e para unificar a terminoloxía. Non se pode esquecer que o achegamento do alumnado á lingua estranxeira se produce, na maior parte dos casos, partindo das linguas próximas, a materna e ambientais.

Igualmente presentes nas aulas están as linguas clásicas, o latín e o grego, cuxo estudo a nivel fonético, morfosintáctico e léxico proporciona unha sólida base para o perfeccionamento no manexo doutras linguas. Desempeñan, pois, un papel relevante como soporte lingüístico da maioría das linguas e para a comprensión do léxico culto que forma gran parte da terminoloxía científica e técnica actual nas linguas que o alumnado coñece ou estuda; sen esquecer o enriquecemento cultural que lle proporciona o coñecemento dos aspectos que se inclúen na civilización clásica, berce da Europa actual, como son, entre outros, a mitoloxía, a relixión ou as súas creacións literarias e artísticas, que tanta influencia tiveron en épocas posteriores e seguen a ter hoxe en día. Xa que logo, é esencial a incorporación das linguas clásicas ao currículo integrado das linguas, para reforzar a reflexión lingüística do noso alumnado e fortalecer o seu acceso á cultura literaria.

Resulta obvio que, para a posta en práctica destes currículos integrados e o logro dos obxectivos plurilingües e interculturais que se perseguen, o profesorado é un elemento determinante, xa que deberá potenciar unha metodoloxía adecuada para levar a cabo enfoques comunicativos e proxectos plurais e transversais, promover a reflexión metacomunicativa e metalingüística e o contraste entre linguas, ou asegurar accións coordinadas entre os departamentos lingüísticos para decidir, entre outros, desde que lingua abordar o estudo dos xéneros discursivos ou as estratexias e os procesos cognitivos que están na base das actividades lingüísticas. Todo isto coa finalidade de construír en cada centro docente a coherencia pedagóxica no ensino das linguas.

As materias cuxos currículos se desenvolven ao abeiro desta introdución, as linguas, teñen como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Así, achegan as ferramentas e os coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoria e eficazmente en calquera situación de comunicación da vida privada, social e profesional. Eses coñecementos, que articulan os procesos de comprensión e expresión oral por unha banda, e de comprensión e expresión escrita por outra, constitúen instrumentos esenciais para a aprendizaxe no ámbito educativo e, posteriormente, ao longo da vida.

A reflexión literaria, presente nun bloque de contidos nas linguas ambientais, o galego e o castelán, e nas linguas clásicas, a través da lectura, mediante a comprensión e interpretación de textos significativos favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/das estudantes, dálles acceso á memoria, á creatividade, á imaxinación, á descuberta das outras persoas, ao coñecemento doutras

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



épocas e culturas, e enfróntaos/as a situacións, sentimentos e emocións nunca experimentados, que enriquecen a súa visión do mundo e favorecen o coñecemento deles/as mesmos/as.

En definitiva, estas materias lingüísticas perseguen o obxectivo último de contribuír á formación de cidadáns e cidadás cunha competencia comunicativa que lles permita interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida. Isto esixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e das outras linguas que estudan e coñecen, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo, de formar as súas opinións, propias, claras e fundamentadas, e de gozar, a través da lectura crítica de obras literarias.

A materia de Grego na etapa de bacharelato ten como primeira finalidade introducir o alumnado no coñecemento básico da lingua grega antiga nos seus aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos, co obxecto de lle permitir acceder directamente a algúns dos textos orixinais máis importantes da tradición literaria helénica, a través dos cales chegou ata nós unha boa parte do denominado legado clásico. O estudo da lingua e a literatura grega serve, ademais, como instrumento idóneo para se iniciar nun coñecemento directo do pensamento e a cultura grega antiga, que constitúen a base da civilización occidental.

Por outra banda, a través do estudo das peculiaridades morfosintácticas do grego antigo é posible chegar a comprender máis profundamente conceptos lingüísticos que resultan esenciais para avanzar no coñecemento e o uso correcto, tanto da lingua propia como doutras lingua estudadas polo alumnado.

Partindo desta perspectiva, o estudo da materia organizouse en bloques que, con lixeiros matices, aparecen nos dous cursos. Estes bloques refírense tanto a cuestións lingüísticas como a temas culturais, tendo en conta que ambos os aspectos constitúen dúas facetas inseparables e complementarias para o estudo da civilización grega, sen as que non é posible apreciar na súa verdadeira dimensión a importancia do seu legado.

O primeiro destes bloques parte da relación entre o grego antigo e outras linguas da familia indoeuropea, para analizar o papel que estas últimas tiveron na orixe e na formación de moitas das linguas que se falan na actualidade. Para a explicación deste feito, que tradicionalmente foi presentado como un dos principais argumentos para xustificar a importancia do estudo das linguas clásicas, cómpre partir do marco xeográfico en que se desenvolve a civilización grega, marco que resulta determinante na configuración do carácter dialectal da súa lingua. Ademais, estudarase a influencia dos acontecementos históricos na evolución e no desenvolvemento das linguas literarias e na posterior converxencia dos dialectos ata chegar a constituírse a koiné e o actual idioma grego. O alumnado que estuda grego clásico aprende grego moderno con notable facilidade, nomeadamente se se estudou mediante un método natural de aprendizaxe; é dicir, a metodoloxía das linguas modernas aplicada ao estudo das linguas clásicas, que cada vez máis profesorado utiliza nas súas aulas.

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



Ao estudo dos aspectos netamente lingüísticos dedícanse tres bloques: o primeiro, previsto só para o primeiro curso, céntrase nalgúns elementos básicos da lingua e, moi especialmente, no procedemento de escritura, comezando por percorrer os sistemas coñecidos para analizar despois a orixe e a evolución do alfabeto grego e a súa pronuncia e transcrición ao abecedario latino; os outros dous niveis de descrición e explicación do sistema son a morfoloxía e a sintaxe, dúas realidades inseparables que conforman e integran xuntas o aspecto gramatical. Preténdese iniciar o alumnado no concepto de flexión, facendo especial fincapé na distinción entre o procedemento temático e o atemático, estudando a estrutura interna das palabras e os elementos formais destas que serven para definir a súa relación con outras dentro da oración. A sintaxe, á súa vez, ocúpase de estudar as estruturas oracionais gregas e os elementos que definen as súas construcións máis características, introducindo progresivamente niveis de maior complexidade. O fin último vai ser analizar e comprender os propios textos, aos que se dedica outro dos bloques de contidos previstos nos dous cursos, sempre de dificultade progresiva e adaptados aos contidos que o alumnado manexe en cada momento.

Pero como os textos non están carentes de contido, ou iso é o desexable, preténdese deste xeito facer fincapé na necesidade de estudar desde o primeiro momento a lingua no seu contexto real, como mecanismo de expresión intelectual e estética no que se exemplifican os contidos lingüísticos estudados. A lingua e a cultura constitúen dúas realidades inseparables e complementarias para afondar no coñecemento da civilización grega que, á fin e ao cabo, constitúe a cerna da nosa.

Nos dous cursos dedicouse un bloque ao estudo desta civilización, co obxecto de identificar non só os fitos máis importantes da súa historia senón tamén os aspectos propios da súa organización política e social e da súa identidade cultural, visibles nos papeis familiares, nos traballos, nos avances científicos e técnicos, nas festas e os espectáculos e, sobre todo, nas manifestacións relixiosas. Dentro destas merece especial atención o estudo da mitoloxía, pois a súa influencia resulta decisiva para a configuración do imaxinario occidental. Preténdese tamén iniciar o alumnado no coñecemento dalgunhas das manifestacións artísticas máis significativas do mundo antigo, entre as que destacan, por unha banda, as relativas ás artes plásticas e máis concretamente a escultura e a arquitectura, e, pola outra, ás literarias. Procurouse neste bloque establecer sempre unha valoración desde o punto de vista do mundo contemporáneo, unha comparación coa situación actual que enriqueza a nosa identidade.

No derradeiro curso, o estudo da cultura grega oriéntase principalmente ao coñecemento das manifestacións literarias, aproveitando os coñecementos da lingua xa adquiridos para introducir o alumnado no estudo da orixe e a evolución dos xéneros, mediante a lectura de fragmentos das obras orixinais, utilizándoas como instrumento para comprender as claves esenciais da sociedade en que viron a luz.

DOG Diario Oficial de Galicia

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

Para rematar, dedícase un bloque ao estudo do léxico, entendendo que este resulta imprescindible para avanzar no coñecemento de calquera lingua. Dentro deste ámbito préstase especial atención á etimoloxía, non só porque esta serve para pór de manifesto o mantemento das raíces grecolatinas nas linguas modernas senón, ademais, porque contribúe a que o alumnado adquira unha mellor comprensión da súa propia lingua, axudándolle a precisar o significado de termos coñecidos ou a descubrir outros que non utilizara anteriormente, e incorporándoos así, pouco a pouco, ao seu vocabulario.

A comunicación lingüística é a competencia clave que máis presenza terá na materia de Grego, xa que o estudo da lingua, da súa orixe e evolución, do seu funcionamento interno, do seu léxico e dos seus textos ha redundar sen dúbida nun maior coñecemento e dominio das linguas propias. Non obstante, deberase ter en conta tamén o tratamento das outras competencias.

O labor de análise morfosintáctica e tradución non só constitúe por si mesmo un importante exercicio intelectual, senón que ao mesmo tempo estimula a memoria, a lóxica de pensamento e os hábitos de disciplina no estudo, mellorando o razoamento e impulsando a competencia clave de aprender a aprender.

A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía poden traballarse nos temas de cultura e civilización, e nas epígrafes referidas á localización xeográfica e temporal.

A competencia dixital deberá estar presente en todo momento; a procura de información na rede, a súa selección crítica e a súa utilización, entendidas como un proceso guiado polo profesorado, deberán servirnos para programar traballos colaborativos e producir novos materiais, e pólos ao dispor da comunidade educativa.

As competencias sociais e cívicas poden traballarse nomeadamente nos bloques referidos á civilización. A vida no mundo grego, na súa dimensión político-social ou relixiosa préstase sempre á valoración e á comparación co mundo actual, salientando semellanzas e diferenzas, e fomentando un xuízo crítico da realidade. Deste xeito, cobran nova forza conceptos como democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e diversidade.

A competencia en conciencia e expresión cultural, ademais de no estudo da literatura grega, está moi presente nos contidos referidos ás artes plásticas, ás festas e os espectáculos, e ás manifestacións relixiosas, entre as que tamén se contan os xogos deportivos. Coñecer e valorar todas estas manifestacións culturais artísticas, diferenciando xéneros e estilos, recoñecendo canons estéticos e estilos artísticos, lévanos a consideralas como parte do patrimonio dos pobos e a apreciar dun xeito especial aquelas que están dentro do noso contorno, ben sexa nas páxinas dun libro ou ben nun museo ou nun depósito arqueolóxico.

A competencia que traballa o sentido da iniciativa e o espírito emprendedor estará presente sobre todo no bloques de contidos non lingüísticos, para aproveitar a metodoloxía do traballo en grupo de xeito responsable e proactivo.

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



O estudo das linguas clásicas, e do grego en particular, constitúe un instrumento fundamental para favorecer o discurso e, por tanto, a estruturación do pensamento do alumnado, o desenvolvemento da lóxica lingüística e a disciplina mental que se manteñen no tempo aínda que se esquezan os contidos concretos.

Por último, cómpre lembrar que nesta nosa sociedade que vive por e para o utilitarismo e o inmediato será imprescindible facer unha reflexión sobre o valor do que é realmente importante para que o noso alumnado adopte unha visión crítica da sociedade que o rodea. Os coñecementos adquiridos nas aulas que nun principio poden parecer carentes de utilidade práctica resultan verdadeiramente importantes cando capacitan a persoa para adoptar criterios que lle permitan discernir entre o xusto e o inxusto, o relevante e o accesorio, entre o καλόν e o κακόν.

1º de bacharelato

| | Grego I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Lingua grega | | | |
| ▪ d<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B1.1. Marco xeográfico da lingua grega. | ▪ B1.1. Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lingua grega. | ▪ GR1B1.1.1. Localiza nun mapa o marco xeográfico en que ten lugar o nacemento da lingua grega e a súa expansión. | ▪ CD<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B1.2. Familias lingüísticas. O indoeuropeo. | ▪ B1.2. Explicar a orixe da lingua grega a partir do indoeuropeo e coñecer os principais grupos lingüísticos que compoñen a familia das linguas indoeuropeas. | ▪ GR1B1.2.1. Explica a orixe da lingua grega e a relación coas outras linguas da familia indoeuropea. | ▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ GR1B1.2.2. Enumera e localiza nun mapa as principais ramas da familia das linguas indoeuropeas. | ▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B1.2. Familias lingüísticas. O indoeuropeo. | ▪ B1.3. Entender o concepto de familia lingüística e de indoeuropeo. | ▪ GR1B1.3.1. Explica o concepto de familia lingüística. | ▪ CCL |
| | | | ▪ GR1B1.3.2. Define o concepto de indoeuropeo e explica o proceso de creación do termo. | ▪ CCL |

| | Grego I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ a<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B1.2. Familias lingüísticas. O indoeuropeo. | ▪ B1.4. Identificar o indoeuropeo como a lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa hoxe en día. | ▪ GR1B1.4.1. Establece a filiación das linguas de Europa delimitando nun mapa a zona de orixe e zonas de expansión. | ▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ h<br>▪ n | ▪ B1.3. Historia da lingua grega: desde o micénico ata o grego moderno. | ▪ B1.5.Coñecer as etapas da historia da lingua grega. | ▪ GR1B1.5.1. Coñece as etapas da evolución da lingua grega, desde o micénico ata o grego moderno. | ▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ h<br>▪ n | ▪ B1.3. Historia da lingua grega: desde o micénico ata o grego moderno. | ▪ B1.6. Identificar exemplos de escritura micénica e alfabética. | ▪ GR1B1.6.1. Identifica a escritura Lineal B como un silabario, e a evolución dos caracteres do alfabeto. | ▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ h<br>▪ n | ▪ B1.3. Historia da lingua grega: desde o micénico ata o grego moderno. | ▪ B1.7. Recoñecer a evolución da lingua grega ata chegar ao momento actual. | ▪ GR1B1.7.1. Coñece a pronuncia da lingua grega moderna e utiliza algunhas palabras e expresións básicas. | ▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ h | ▪ B1.4. Variedades dialectais. | ▪ B1.8. Recoñecer a división dialectal da lingua grega e identificar a súa expansión xeográfica. | ▪ GR1B1.8.1. Sitúa nun mapa as diversas variedades dialectais da lingua grega. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | Bloque 2. Sistema de lingua grega: elementos básicos | | | |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.1. Orixes da escritura. Sistemas de escritura. | ▪ B2.1. Coñecer diferentes sistemas de escritura e distinguilos do alfabeto. | ▪ GR1B2.1.1. Recoñece diferentes tipos de escritura segundo a súa orixe e tipoloxía e describindo os trazos que distinguen a uns doutros. | ▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.2. Orixes e evolución do alfabeto grego. | ▪ B2.2. Coñecer a orixe do alfabeto grego, a súa influencia e a súa relación con outros sistemas de escritura usados na actualidade. | ▪ GR1B2.2.1. Explica a orixe do alfabeto grego e describe a evolución dos seus signos a partir da adaptación dos signos do alfabeto fenicio. | ▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Grego I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ GR1B2.2.2. Explica a orixe e a evolución dos sistemas de escritura de diferentes linguas, partindo do alfabeto grego, e sinala as adaptacións que se producen en cada unha delas. | ▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ e | ▪ B2.3. Caracteres do alfabeto grego. | ▪ B2.3. Coñecer os caracteres do alfabeto grego na súa forma minúscula e maiúscula, escribilos e lelos coa pronuncia correcta. | ▪ GR1B2.3.1. Identifica e nomea correctamente os caracteres que forman o alfabeto grego, na súa forma minúscula e maiúscula, e escríbeos e leos correctamente. | ▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ f | ▪ B2.4. Clasificación dos fonemas: pronuncia. | ▪ B2.4. Recoñecer o cadro clasificatorio dos fonemas da lingua grega xunto coa súa pronuncia. | ▪ GR1B2.4.1. Sitúa todos os fonemas da lingua grega no cadro clasificatorio dos fonemas e sabe describilos desde o punto e o modo de articulación. | ▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ f | ▪ B2.5. Transcrición de termos dos caracteres gregos. | ▪ B2.5. Coñecer e aplicar as normas de transcrición para transcribir termos gregos ao abecedario galego e castelán. | ▪ GR1B2.5.1. Coñece as normas de transcrición e aplícaas con corrección na transcrición de termos gregos ao galego e ao castelán. | ▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ f | ▪ B2.6. Signos diacríticos e de puntuación. | ▪ B2.6. Coñecer os acentos, espíritos e demais signos diacríticos e de puntuación, o seu valor e a súa colocación. | ▪ GR1B2.6.1. Coñece o valor e colocación dos acentos, espíritos e demais signos diacríticos e de puntuación. | ▪ CCL |
| | Bloque 3. Morfoloxía | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ i | ▪ B3.1. O grego, lingua flexiva. Tipos de palabras: variables e invariables. | ▪ B3.1. Coñecer o concepto de flexión lingüística. | ▪ GR1B3.1.1. Distingue unha lingua flexiva doutra non flexiva. | ▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Grego I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ i | ▪ B3.1. O grego, lingua flexiva. Tipos de palabras: variables e invariables. | ▪ B3.2. Distinguir e clasificar as categorías de palabras a partir do seu enunciado. | ▪ GR1B3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica as características que permiten identificalas e define criterios para clasificalas. | ▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ f | ▪ B3.2. Formantes das palabras. | ▪ B3.3. Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras. | ▪ GR1B3.3.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos, e buscando exemplos doutros termos nos que estean presentes. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ f | ▪ B3.3. Concepto de declinación: declinacións gregas. Enunciado e paradigmas. | ▪ B3.4. Comprender o concepto de declinación/flexión. | ▪ GR1B3.4.1. Enuncia correctamente diversos tipos de palabras en grego, distinguíndoos a partir do seu enunciado e clasificándoos segundo a súa categoría e declinación. | ▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ f | ▪ B3.4. Flexión nominal e pronominal. | ▪ B3.5. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa declinación, declinalas correctamente, e analizar e traducir formas nominais e pronominais. | ▪ GR1B3.5.1. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente. | ▪ CCL |
| | | | ▪ GR1B3.5.2. Analiza desde o punto de vista morfolóxico substantivos, adxectivos, determinantes e sintagmas de concordancia, e tradúceos correctamente ao galego e/ou ao castelán. | ▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ f | ▪ B3.5. Sistema verbal grego. Verbos temáticos e atemáticos. | ▪ B3.6. Conxugar correctamente as formas verbais estudadas, analizalas morfoloxicamente e traducilas. | ▪ GR1B3.6.1. Declina e/ou conxuga correctamente palabras propostas segundo a súa categoría, e explica e ilustra con exemplos as características que diferencian os concep- | ▪ CCL |

| | Grego I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | tos de conxugación e declinación. | |
| | | | ▪ GR1B3.6.2. Clasifica verbos segundo o seu tema, e describe os trazos polos que se recoñecen os modelos de flexión verbal. | ▪ CCL |
| | | | ▪ GR1B3.6.3. Explica o uso dos temas verbais gregos e identifica correctamente as formas derivadas de cada un deles. | ▪ CCL |
| | | | ▪ GR1B3.6.4. Conxuga os tempos verbais en voz activa e medio pasiva, aplicando correctamente os paradigmas correspondentes. | ▪ CCL |
| | | | ▪ GR1B3.6.5. Analiza morfoloxicamente e traduce ao galego e/ou ao castelán diferentes formas verbais gregas, e compara o seu uso en ambas as linguas. | ▪ CCL |
| | | | ▪ GR1B3.6.6. Cambia de voz as formas verbais identificando e manexando con seguridade os formantes que expresan este accidente verbal. | ▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ f | ▪ B3.6. Formas verbais persoais e non persoais. | ▪ B3.7. Diferenciar entre formas persoais e non persoais do verbo e recoñecer as categorías gramaticais presentes en cada unha delas. | ▪ GR1B3.7.1. Distingue formas persoais e non persoais dos verbos, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para as clasificar. | ▪ CCL |
| | Bloque 4. Sintaxe | | | |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Grego I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B4.1. Casos gregos. | ▪ B4.1. Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración. | ▪ GR1B4.1.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos sinxelos identificando correctamente as categorías gramaticais ás que pertencen as diferentes palabras e explicando as funcións que realizan no contexto. | ▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B4.1. Casos gregos. | ▪ B4.2. Coñecer e identificar os nomes dos casos gregos e as súas funcións na oración, e saber traducir adecuadamente os casos á lingua materna. | ▪ GR1B4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal grega, explica as súas funcións dentro da oración e ilustra con exemplos a forma adecuada de traducilos. | ▪ CCL |
| ▪ e<br>▪ f | ▪ B4.2. Concordancia. | ▪ B4.3. Coñecer o concepto de concordancia tanto nominal (caso, xénero e número) como verbal (número e persoa). | ▪ GR1B4.3.1. Coñece e aplica a concordancia entre nomes e determinantes nominais, así como entre verbos e suxeitos. | ▪ CCL |
| ▪ e<br>▪ f | ▪ B4.3. Elementos da oración. | ▪ B4.4. Recoñecer os elementos da oración: suxeito, predicado, atributo, complementos, etc. | ▪ GR1B4.4.1. Analiza correctamente casos e funcións para poder recoñecer cada elemento da oración. | ▪ CCL |
| ▪ e<br>▪ f | ▪ B4.4. Oración simple: oracións atributivas e predicativas. | ▪ B4.5. Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple. | ▪ GR1B4.5.1. Compara e clasifica diferentes tipos de oracións simples, e identifica e explica en cada caso as súas características. | ▪ CCL |
| ▪ e<br>▪ f | ▪ B4.5. Oracións compostas. | ▪ B4.6. Distinguir as oracións simples das compostas. | ▪ GR1B4.6.1. Compara e clasifica diferentes tipos de oracións compostas, diferénciaas con precisión das oracións simples e explica en cada caso as súas características. | ▪ CCL |
| ▪ e<br>▪ f | ▪ B4.6. Construcións de infinitivo. | ▪ B4.7. Coñecer as funcións das formas de infinitivo nas oracións. | ▪ GR1B4.7.1. Identifica as funcións das formas de infinitivo dentro da | ▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Grego I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | oración, comparando exemplos do seu uso. | |
| ▪ e<br>▪ f | ▪ B4.6. Construcións de infinitivo. | ▪ B4.8. Identificar as construcións de infinitivo concertado e non concertado. | ▪ GR1B4.8.1. Recoñece, analiza e traduce correctamente as construcións de infinitivo concertado e non concertado, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñece. | ▪ CCL |
| ▪ e<br>▪ f | ▪ B4.7. Construcións de participio. | ▪ B4.9. Coñecer as funcións das formas de participio nas oracións. | ▪ GR1B4.9.1. Identifica as funcións das formas de participio dentro da oración, comparando exemplos do seu uso. | ▪ CCL |
| ▪ e<br>▪ f | ▪ B4.7. Construcións de participio. | ▪ B4.10. Identificar as construcións de participio concertado e non concertado. | ▪ GR1B4.10.1. Recoñece, analiza e traduce correctamente as construcións de participio concertado e non concertado, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñece. | ▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ i | ▪ B4.8. Análise e tradución de frases e textos. | ▪ B4.11. Coñecer, comprender e utilizar os elementos morfolóxicos da lingua grega, e iniciarse na interpretación e na tradución de textos de dificultade progresiva. | ▪ GR1B4.11.1. Identifica e relaciona elementos morfolóxicos da lingua grega para realizar a análise e a tradución de textos sinxelos. | ▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ i | ▪ B4.8. Análise e tradución de frases e textos. | ▪ B4.12. Identificar e relacionar elementos sintácticos da lingua grega que permitan a análise e a tradución de textos sinxelos. | ▪ GR1B4.12.1. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua grega, relacionándoos para traducilos cos seus equivalentes en galego e/ou en castelán. | ▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



| Grego I. 1º de bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| Bloque 5. Grecia: historia, cultura, arte e civilización | | | | |
| ▪ g<br>▪ h | ▪ B5.1. Períodos da historia de Grecia. | ▪ B5.1. Coñecer os feitos históricos dos períodos da historia de Grecia, encadralos no seu período correspondente e realizar eixes cronolóxicos. | ▪ GR1B5.1.1. Describe o marco histórico no que xorde e se desenvolve a civilización grega, sinalando distintos períodos dentro del e identificando en cada un as conexións máis importantes con outras civilizacións. | ▪ CD<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ GR1B5.1.2. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos relevantes, consultando ou non fontes de información. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ GR1B5.1.3. Distingue as etapas da historia de Grecia, explicando os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ GR1B5.1.4. Sabe enmarcar determinados feitos históricos na civilización e no período histórico correspondente, póndoos en contexto e relacionándoos con outras circunstancias contemporáneas. | ▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ h<br>▪ m | ▪ B5.2. Organización política e social de Grecia. | ▪ B5.2. Coñecer e comparar as principais formas de organización política e social da antiga Grecia. | ▪ GR1B5.2.1. Describe os principais sistemas políticos da antiga Grecia e compáraos entre eles, establecendo semellanzas e diferenzas, e cos actuais. | ▪ CSC |
| | | | ▪ GR1B5.2.2. Describe a organización da sociedade grega, explica as | ▪ CSC |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Grego I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relaciona estes aspectos cos valores cívicos da época e compáraos cos actuais. | |
| ▪ c<br>▪ h | ▪ B5.3. A familia. | ▪ B5.3. Coñecer a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros. | ▪ GR1B5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, analizando a través deles estereotipos culturais da época e comparándoos cos actuais. | ▪ CSC |
| ▪ c<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B5.4. Traballo e lecer: oficios, ciencia e técnica. Festas e espectáculos. | ▪ B5.4. Identificar as principais formas de traballo e de lecer da antigüidade. | ▪ GR1B5.4.1. Identifica e describe formas de traballo e relaciónaas cos coñecementos científicos e técnicos da época, explicando a súa influencia no progreso da cultura occidental. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ GR1B5.4.2. Describe as principais formas de lecer da sociedade grega e analiza a súa finalidade, os grupos aos que van dirixidas e a súa función no desenvolvemento da identidade social. | ▪ CSC |
| ▪ c<br>▪ h<br>▪ ñ | ▪ B5.5. Mitoloxía e relixión. | ▪ B5.5. Coñecer os principais deuses da mitoloxía. | ▪ GR1B5.5.1. Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, e sinalar os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| ▪ c<br>▪ h | ▪ B5.5. Mitoloxía e relixión. | ▪ B5.6. Coñecer os deuses, os mitos e os heroes gregos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os | ▪ GR1B5.6.1. Identifica dentro do imaxinario mítico deuses, semideuses e heroes, e explica os princi- | ▪ CCEC |

| | Grego I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ ñ | | mitos e os heroes antigos e os actuais. | pais aspectos que os diferencian. | |
| | | | ▪ GR1B5.6.2. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno e sinalando as semellanzas e as principais diferenzas entre ambos os tratamentos, asociándoas a outras características culturais propias de cada época. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ GR1B5.6.3. Recoñece referencias mitolóxicas directas ou indirectas en diferentes manifestacións artísticas, e describe, a través do uso que se fai destas, os aspectos básicos que en cada caso se asocian á tradición grecolatina. | ▪ CCEC |
| ▪ c<br>▪ h<br>▪ ñ | ▪ B5.5. Mitoloxía e relixión. | ▪ B5.7. Coñecer e comparar as características da relixiosidade e relixión grega coas actuais. | ▪ GR1B5.7.1. Enumera e explica as principais características da relixión grega, póndoas en relación con outros aspectos básicos da cultura helénica e establecendo comparacións con manifestacións relixiosas propias doutras culturas. | ▪ CCEC |
| ▪ c<br>▪ h<br>▪ ñ | ▪ B5.5. Mitoloxía e relixión. | ▪ B5.8. Relacionar e establecer semellanzas e diferenzas entre as manifestacións deportivas da Grecia clásica e as actuais. | ▪ GR1B5.8.1. Describe e analiza os aspectos relixiosos e culturais que sustentan os certames deportivos da antiga Grecia e a presenza ou ausencia destes nos seus correlatos actuais. | ▪ CCEC |
| | Bloque 6. Textos | | | |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2





| Grego I. 1º de bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | "O cabaleiro da man no peito". | |
| ▪ n | ▪ B3.6. Unidade e diversidade do Barroco. Linguaxe artística ao servizo do poder civil e eclesiástico. Urbanismo barroco. Igrexas e pazos. Principais tendencias. | ▪ B3.6. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte do Barroco, en relación co seu contexto histórico e cultural. | ▪ HAB3.6.1. Explica as características esenciais do Barroco. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HAB3.6.2. Especifica as diferenzas entre a concepción barroca da arte e a renacentista. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB3.6.3. Compara a arquitectura barroca coa renacentista. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB3.6.4. Explica as características xerais do urbanismo barroco. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HAB3.6.5. Compara a escultura barroca coa renacentista a través da representación de "*David*" por Michelangelo e por Bernini. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB3.6.6. Describe as características xerais da pintura barroca e especifica as diferenzas entre a Europa católica e a protestante. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HAB3.6.7. Distingue e caracteriza as grandes tendencias da pintura barroca en Italia e os seus principais representantes. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB3.6.8. Especifica as peculiaridades da pintura barroca flamenga e holandesa. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

DOG Diario Oficial de Galicia
DOG Núm. 120 Luns, 29 de xuño de 2015 Páx. 25837

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Historia da Arte. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ n | ▪ B3.7. Función social da arte no Barroco. | ▪ B3.7. Explicar a función social da arte especificando o papel desempeñado por patróns, academias, clientes e artistas, e as relacións entre eles. | ▪ HAB3.7.1. Describe o papel desempeñado no século XVIII polas academias en toda Europa e, en particular, polo Salón de París. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B3.8. Comentario de obras de arte: arte do Barroco. | ▪ B3.8. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte do Barroco, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | ▪ HAB3.8.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do Barroco europeo do século XVII: fachada de San Pedro do Vaticano, de Carlo Maderno; columnata da praza de San Pedro do Vaticano, de Bernini; San Carlos das Catro Fontes en Roma, de Borromini; Pazo de Versalles, de Le Vau, J.H. Mansart e Le Nôtre. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB3.8.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas de Bernini: "David", "Apolo" e "Dafne", "A éxtase de Santa Teresa", "Cátedra de San Pedro". | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB3.8.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas do Barroco europeo do século XVII: "Vocación de San Mateo" e "Morte da Virxe", de Caravaggio; "Triunfo de Baco e Ariadna", na bóveda do pazo Farnese de Roma, de Annibale Carracci; "Adoración do nome de Xesús", bóveda de Il Gesù en Roma, de Gaulli (Il Baciccia); "Adoración dos Magos", "As tres Grazas" e "O xardín do Amor", de Rubens; "A lección de anatomía | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Historia da Arte. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | do doutor Tulpy", "A rolda nocturna", de Rembrandt. | |
| ▪ n | ▪ B3.9. Barroco hispánico. Urbanismo e arquitectura. Imaxinaría barroca. Achega da pintura española: grandes figuras do Século de Ouro. | ▪ B3.9. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte española do Barroco, en relación co seu contexto histórico e cultural. | ▪ HAB3.9.1. Explica as características do urbanismo barroco en España e a evolución da arquitectura española durante o século XVII. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB3.9.2. Explica as características da imaxinaría barroca española do século XVII e compara a escola castelá coa andaluza. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB3.9.3. Explica as características xerais da pintura española do século XVII. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HAB3.9.4. Describe as características e evolución da pintura de Velázquez a través dalgunhas das súas obras máis significativas. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B3.10. Comentario de obras de arte: arte española do Barroco. | ▪ B3.10. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte española do Barroco, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | ▪ HAB3.10.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do Barroco español do século XVII: Praza Maior de Madrid, de Xoán Gómez de Mora; Retablo de Santo Estevo de Salamanca, de Churriguera. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB3.10.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas do Barroco español do século XVII: "Piedad", de Gregorio Fernández; "Inmaculada do facistol", de Alonso Cano; "Magdalena penitente", de Pedro de Mena. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Historia da Arte. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ HAB3.10.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas españolas do Barroco español do século XVII: "Martirio de San Filipe", "O soño de Xacob" e "O zambro", de Ribera; "Bodegón" do Museo do Prado, de Zurbarán; "O augador de Sevilla, "Os borrachos", "A fragua de Vulcano", "A rendición de Breda", "O Príncipe Baltasar Carlos a cabalo", "A Venus do espello", "As meninas" e "As fiandeiras", de Velázquez; "A Sagrada Familia do paxariño", "A Inmaculada de El Escorial", "Os nenos da concha" e "Nenos xogando aos dados", de Murillo. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ n | ▪ B3.11. Século XVIII. Mantemento do Barroco. Refinamento rococó. Neoclasicismo e Romanticismo. | ▪ B3.11. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte do século XVIII, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais. | ▪ HAB3.11.1. Explica o século XVIII como época de coexistencia de vellos e novos estilos artísticos nun contexto histórico de cambios profundos. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HAB3.11.2. Compara o Barroco tardío e o Rococó, e especifica a diferente concepción da vida e a arte que encerran. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HAB3.11.3. Explica as razóns do xurdimento do Neoclasicismo e as súas características xerais en arquitectura, escultura e pintura. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HAB3.11.4. Comenta a escultura neoclásica a través da obra de | ▪ CCEC<br>▪ CCL |

| | Historia da Arte. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | Canova. | ▪ CAA |
| | | | ▪ HAB3.11.5. Especifica as posibles coincidencias entre o Neoclasicismo e o Romanticismo na pintura de David. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB3.11.6. Distingue entre a corrente tradicional e a clasicista da arquitectura barroca española do século XVIII. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB3.11.7. Explica a figura de Salzillo como derradeiro representante da imaxinaría relixiosa española en madeira policromada. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ m<br>▪ n<br>▪ p | ▪ B3.12. Comentario de obras de arte: arte do século XVIII. | ▪ B3.12. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte do século XVIII, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | ▪ HAB3.12.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do século XVIII: fachada do Hospicio de San Fernando de Madrid, de Pedro de Ribera; fachada do Obradoiro da catedral de Santiago de Compostela, de Casas e Novoa; Pazo Real de Madrid, de Juvara e Sacchetti; Panteón de París, de Soufflot; Museo do Prado en Madrid, de Juan de Villanueva. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB3.12.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras escultóricas do século XVIII: "A oración no horto", de Salzillo; "Eros e Psique" e "Paulina Bonaparte", de Canova. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Historia da Arte. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ HAB3.12.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras de David: "O xuramento dos Horacios" e "A morte de Marat". | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B3.13. Traballo de investigación en historia da arte. | ▪ B3.13. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías. | ▪ HAB3.13.1. Realiza un traballo de investigación sobre o proceso de construción da nova basílica de San Pedro do Vaticano ao longo dos séculos XVI e XVII. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| ▪ h<br>▪ n<br>▪ p | ▪ B3.14. Conservación do patrimonio: arte moderna. | ▪ B3.14. Respectar as creacións da arte da Idade Moderna, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio que hai que conservar. | ▪ HAB3.14.1. Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables da arte dos séculos XVI ao XVIII que se conservan en Galicia. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 4. O século XIX: a arte dun mundo en transformación | | | |
| ▪ n | ▪ B4.1. A figura de Goya. | ▪ B4.1. Analizar a obra de Goya e identificar nela os trazos propios das correntes da súa época e os que anticipan diversas vangardas posteriores. | ▪ HAB4.1.1. Analiza a evolución da obra de Goya como pintor e gravador, desde a súa chegada á Corte ata o seu exilio final en Bordeos. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB4.1.2. Compara a visión de Goya nas series de gravados "Os caprichos" e "Os disparates ou proverbios". | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B4.2. Comentario de obras de arte: Goya. | ▪ B4.2. Clasificar, analizar e comentar obras significativas de Goya, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | ▪ HAB4.2.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras de Goya: *"O parasol", "A familia de Carlos IV", "O 2 de maio de 1808 en Madrid"* (*"A loita cos mamelucos"*), *"Os fusilamentos do 3 de* | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Historia da Arte. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | *maio de 1808"*; desastre nº 15 ("*E non hai remedio"*) da serie "*Os desastres da guerra"*; *"Saturno devorando un fillo"* e "*A leiteira de Bordeos"*. | |
| ▪ n | ▪ B4.3. A Revolución Industrial e o impacto dos novos materiais na arquitectura. Do Historicismo ao Modernismo. A Escola de Chicago. Nacemento do urbanismo moderno. | ▪ B4.3. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arquitectura do século XIX, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais. | ▪ HAB4.3.1. Describe as características e a evolución da arquitectura do ferro no século XIX, en relación cos avances e as necesidades da revolución industrial. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ HAB4.3.2. Explica as diferenzas entre enxeñeiros e arquitectos na primeira metade do século XIX. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB4.3.3. Explica as características do neoclasicismo arquitectónico durante o Imperio de Napoleón. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HAB4.3.4. Explica as características do historicismo en arquitectura e a súa evolución cara ao eclecticismo. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB4.3.5. Explica as características e principais tendencias da arquitectura modernista. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HAB4.3.6. Especifica as achegas da Escola de Chicago á arquitectura. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HAB4.3.7. Describe as características e os obxectivos das remode- | ▪ CCEC<br>▪ CCL |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Historia da Arte. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | lacións urbanas de París, Barcelona e Madrid na segunda metade do século XIX. | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B4.4. Comentario de obras de arte: arquitectura do século XIX. | ▪ B4.4. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arquitectura do século XIX, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | ▪ HAB4.4.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas: templo da Madalena en París, de Vignon; Parlamento de Londres, de Barry e Pugin; Auditorio de Chicago, de Sullivan e Adler; torre Eiffel de París; templo da Sagrada Familia en Barcelona, de Gaudí. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ n | ▪ B4.5. Evolución da pintura: Romanticismo, Realismo, Impresionismo e Simbolismo. Os postimpresionistas, xerme das vangardas pictóricas do século XX. | ▪ B4.5. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da pintura do século XIX, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais. | ▪ HAB4.5.1. Describe as características do Romanticismo na pintura e distingue entre o romanticismo da liña de Ingres e o romanticismo da cor de Gericault e Delacroix. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB4.5.2. Compara as visións románticas da paisaxe en Constable e Turner. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB4.5.3. Explica o Realismo e a súa aparición no contexto dos cambios sociais e culturais de mediados do século XIX. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HAB4.5.4. Compara o Realismo co Romanticismo. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB4.5.5. Describe as características xerais do Impresionismo e o Neoimpresionismo. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |

Diario Oficial de Galicia

| Historia da Arte. 2º de bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ HAB4.5.6. Define o concepto de postimpresionismo e especifica as achegas de Cézanne e Van Gogh como precursores das grandes correntes artísticas do século XX. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB4.5.7. Explica o Simbolismo de finais do século XIX como reacción fronte ao Realismo e ao Impresionismo. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ n | ▪ B4.6. Función social da arte no século XIX. | ▪ B4.6. Explicar a evolución cara á independencia dos artistas respecto aos clientes, especificando o papel desempeñado polas academias, os salóns, as galerías privadas e os marchantes. | ▪ HAB4.6.1. Explica os cambios que se producen no século XIX nas relacións entre artistas e clientes, referidos á pintura. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B4.7. Comentario de obras de arte: o século XIX. | ▪ B4.7. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da pintura do século XIX, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | ▪ HAB4.7.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas do século XIX: "O baño turco", de Ingres; "A balsa da Medusa", de Gericault; "A liberdade guiando o pobo", de Delacroix; "O carro de feo", de Constable; "Chuvia, vapor e velocidade", de Turner; "O enterro de Ornans", de Courbet; "O ánxelus", de Millet; "Almorzo sobre a herba", de Manet; "Impresión, sol nacente" e a serie sobre a Catedral de Ruán, de Monet; "Le Moulin de la Galette", de Renoir; "Unha tarde de domingo na Grande Jatte", de Seurat; "Xogadores de cartas" e "Mazás e laranxas", de Cézanne; "A noite estrelada" e "O segador", de Van Gogh; "Vi- | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

DOG Diario Oficial de Galicia
DOG Núm. 120 Luns, 29 de xuño de 2015 Páx. 25845

| | Historia da Arte. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | sión despois do sermón" e "O mercado" ("Ta matete"), de Gauguin. | |
| ▪ n | ▪ B4.8. Escultura: mantemento do clasicismo. Rodin. | ▪ B4.8. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da escultura do século XIX, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais. | ▪ HAB4.8.1. Relaciona a produción e o academicismo dominante na escultura do século XIX coas transformacións levadas a cabo nas cidades (monumentos conmemorativos en prazas, parques e avenidas, e esculturas funerarias nos novos cemiterios). | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HAB4.8.2. Explica as características da renovación escultórica emprendida por Rodin. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B4.9. Comentario de obras de arte: século XIX. | ▪ B4.9. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da escultura do século XIX, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | ▪ HAB4.9.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras de Rodin: "O pensador" e "Os burgueses de Calais". | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B4.10. Traballo de investigación en historia da arte. | ▪ B4.10. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías. | ▪ HAB4.10.1. Realiza un traballo de investigación sobre as exposicións universais do século XIX e a súa importancia desde o punto de vista arquitectónico. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ HAB4.10.2. Realiza un traballo de investigación sobre a influencia da fotografía e o gravado xaponés no desenvolvemento do Impresionismo, con referencias a obras | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Historia da Arte. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | concretas. | |
| ▪ h<br>▪ n<br>▪ p | ▪ B4.11. Conservación do patrimonio: arte do século XIX. | ▪ B4.11. Respectar as creacións da arte do século XIX, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio que hai que conservar. | ▪ HAB4.11.1. Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables da arte do século XIX que se conservan en Galicia. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 5. A ruptura da tradición: a arte na primeira metade do século XX | | | |
| ▪ n | ▪ B5.1. O fenómeno das vangardas nas artes plásticas: Fauvismo, Cubismo, Futurismo, Expresionismo, pintura abstracta, Dadaísmo e Surrealismo. | ▪ B5.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais das vangardas artísticas das artes plásticas na primeira metade do século XX, relacionando cada unha delas cos seus respectivos contextos históricos e culturais. | ▪ HAB5.1.1. Define o concepto de vangarda artística en relación co acelerado ritmo de cambios na sociedade da época e a liberdade creativa dos/das artistas iniciada na centuria anterior. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HAB5.1.2. Describe a orixe e as características do Fauvismo. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HAB5.1.3. Describe o proceso de xestación e as características do Cubismo, distinguindo entre o Cubismo analítico e o sintético. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HAB5.1.4. Describe o ideario e os principios do futurismo. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HAB5.1.5. Identifica os antecedentes do expresionismo no século XIX, explica as súas características xerais e especifica as diferenzas entre os grupos alemáns "A ponte" e "O xinete azul". | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB5.1.6. Describe o proceso de | ▪ CCEC |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Historia da Arte. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | xestación e as características da pintura abstracta, distingue a vertente cromática e a xeométrica, e especifica algunhas das súas correntes máis significativas, como o Suprematismo ruso ou o Neoplasticismo. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB5.1.7. Describe as características do Dadaísmo como actitude provocadora nun contexto de crise. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HAB5.1.8. Explica a orixe, as características e os obxectivos do Surrealismo. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HAB5.1.9. Explica a importancia dos pintores españois Picasso, Miró e Dalí no desenvolvemento das vangardas artísticas. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HAB5.1.10. Explica a renovación temática, técnica e formal da escultura na primeira metade do século XX, distinguindo as obras relacionadas coas vangardas pictóricas e as que utilizan recursos ou linguaxes independentes. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ n<br>▪ e | ▪ B5.2. Comentario de obras de arte: a plástica na primeira metade do século XX. | ▪ B5.2. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da plástica da primeira metade do século XX, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxi- | ▪ HAB5.2.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras: "A alegría de vivir", de Matisse; "As señoritas de Aviñón", "Retrato de Ambroise Vollard", "Natureza morta con cadeira de reixa de cana" e "Guernica", de Picasso; "A cidade | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |

| | Historia da Arte. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | co e histórico). | que emerxe", de Boccioni; "O berro", de Munch; "A rúa", de Kirchner; "Lírica" e "Sobre branco II", de Kandinsky; "Cadrado negro", de Malevich; "Composición II", de Mondrian; "L.H.O.O.Q.", de Duchamp; "O elefante das Celebes", de Ernst; "A chave dos campos", de Magritte; "O entroido de Arlequín" e "Mulleres e paxaros á luz da lúa", de Miró; "O xogo lúgubre" e "A persistencia da memoria", de Dalí. | |
| | | | ▪ HAB5.2.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras escultóricas: "O profeta", de Gargallo; "Formas únicas de continuidade no espazo", de Boccioni; "Fonte", de Duchamp; "Muller peiteándose ante un espello", de Xulio González; "Mademoiselle Pogany I", de Brancusi; "Lagosta, nasa e cola de peixe", de Calder; "Figura reclinada", de Henry Moore. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ n | ▪ B5.3. Renovación da linguaxe arquitectónica: o funcionalismo do Movemento Moderno e a arquitectura orgánica. | ▪ B5.3. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arquitectura da primeira metade do século XX, relacionando cada unha delas cos seus respectivos contextos históricos e culturais. | ▪ HAB5.3.1. Explica o proceso de configuración e os trazos esenciais do Movemento Moderno en arquitectura. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB5.3.2. Especifica as achegas da arquitectura orgánica ao Movemento Moderno. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ e<br>▪ n | ▪ B5.4. Comentario de obras de arte: arquitectura da primeira me- | ▪ B5.4. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arqui- | ▪ HAB5.4.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arqui- | ▪ CCEC<br>▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Historia da Arte. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | tade do século XX. | tectura da primeira metade do século XX, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | tectónicas: edificio da Bauhaus en Dessau (Alemaña), de Gropius; pavillón de Alemaña en Barcelona, de Mies van der Rohe; Vila Saboia en Poissy (Francia), de Le Corbusier; casa Kaufman (Casa da Cascada), de Frank Lloyd Wright. | ▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B5.5. Traballo de investigación en Historia da Arte. | ▪ B5.5. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais coma as novas tecnoloxías. | ▪ HAB5.5.1. Realiza un traballo de investigación sobre o Grupo de Artistas e Técnicos Españois Para o Progreso da Arquitectura Contemporánea (GATEPAC). | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| ▪ d<br>▪ h<br>▪ m<br>▪ n<br>▪ p | ▪ B5.6. Conservación do patrimonio: arte do século XX. | ▪ B5.6. Respectar as manifestacións da arte da primeira metade do século XX, valorando a súa importancia como expresión da profunda renovación da linguaxe artística na que se sustenta a liberdade creativa actual. | ▪ HAB5.6.1. Selecciona unha obra arquitectónica, unha escultura ou unha pintura da primeira metade do século XX, das existentes en Galicia, e xustifica a súa elección. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 6. A universalización da arte desde a segunda metade do século XX | | | |
| ▪ n | ▪ B6.1. Predominio do Movemento Moderno ou Estilo Internacional en arquitectura. A arquitectura á marxe do estilo internacional: High Tech, arquitectura Posmoderna e Deconstrución. | ▪ B6.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arquitectura desde a segunda metade do século XX, enmarcándoa nas novas relacións entre clientes, artistas e público que caracterizan ao mundo actual. | ▪ HAB6.1.1. Explica o papel desempeñado no proceso de universalización da arte polos medios de comunicación de masas e as exposicións e feiras internacionais de arte. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HAB6.1.2. Explica as razóns do mantemento e a difusión internacional do Movemento Moderno en arquitectura. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |

| | Historia da Arte. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ HAB6.1.3. Distingue e describe as características doutras tendencias arquitectónicas á marxe do Movemento Moderno ou Estilo Internacional, en particular a High Tech, a posmoderna e a deconstrución. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B6.2. Comentario de obras de arte: arquitectura desde a segunda metade do século XX. | ▪ B6.2. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arquitectura desde a segunda metade do século XX, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | ▪ HAB6.2.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras: "Unité d'habitation" en Marsella, de Le Corbusier; edificio Seagram en Nova York, de M. van der Rohe e Philip Johnson; o museo Guggenheim de Nova York, de F. Lloyd Wright; a Casa da Ópera de Sydney, de J. Utzon; o centro Pompidou de París, de R. Piano e R. Rogers; o AT & T Building de Nova York, de Philip Johnson; o museo Guggenheim de Bilbao, de F. O. Gehry. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ n | ▪ B6.3. Artes plásticas: das segundas vangardas á posmodernidade. | ▪ B6.3. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais das artes plásticas desde a segunda metade do século XX, no marco das novas relacións entre clientes, artistas e público que caracterizan o mundo actual. | ▪ HAB6.3.1. Explica e compara o Informalismo europeo e o Expresionismo abstracto norteamericano. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB6.3.2. Explica a abstracción postpictórica. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HAB6.3.3. Explica o Minimalismo. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HAB6.3.4. Explica a arte cinética e a Op-Art. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Historia da Arte. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ HAB6.3.5. Explica a arte conceptual. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HAB6.3.6. Explica a Arte Povera. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HAB6.3.7. Distingue e explica algunhas das principais correntes figurativas: Pop-Art, Nova Figuración, Hiperrealismo. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB6.3.8. Explica en que consisten as seguintes manifestacións de arte non duradeira: Happening, Body Art e Land Art. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HAB6.3.9. Describe os formulacións xerais da posmodernidade, referida ás artes plásticas. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B6.4. Comentario de obras de arte: a arte desde a segunda metade do século XX. | ▪ B6.4. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte desde a segunda metade do século XX, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | ▪ HAB6.4.1. Identifica o autor e a corrente artística (non necesariamente o título), e analiza e comenta as seguintes obras: "Pintura" (Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía de Madrid), de Tapies; "Grito nº 7", de Antonio Saura; "One: number 31, 1950", de J. Pollock; "Ctesiphon III", de F. Stella; "Equivalente VIII", de Carl André; "Vega 200", de Vasarely; "Unha e tres cadeiras", de J. Kosuth; "Iglú con árbore", de Mario Merz; "Marilyn Monroe" (serigrafía de 1967), de A. Warhol; "O Papa que berra" (estudo a partir do retrato do Papa Inocencio X), de | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Historia da Arte. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | Francis Bacon; "A Gran Vía madrileña en 1974", de Antonio López. | |
| ▪ n | ▪ B6.5. Novos sistemas visuais: fotografía, cine e televisión, cartelismo e cómic. Combinación de linguaxes expresivas. | ▪ B6.5. Explicar o desenvolvemento e a extensión dos novos sistemas visuais, como a fotografía, o cine, a televisión,o cartelismo ou o cómic, especificando o modo en que combinan diversas linguaxes expresivas. | ▪ HAB6.5.1. Explica brevemente o desenvolvemento dos novos sistemas visuais e as características da súa linguaxe expresiva: fotografía, cartel, cine, cómic, producións televisivas, videoarte e arte por computador. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| ▪ i<br>▪ n | ▪ B6.6. Impacto das novas tecnoloxías na difusión e na creación artística. | ▪ B6.6. Describir as posibilidades que abriron as novas tecnoloxías, e explicar os seus efectos tanto para a creación artística como para a difusión da arte. | ▪ HAB6.6.1. Especifica as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías para a creación artística e para a difusión da arte. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| ▪ n | ▪ B6.7. Arte e cultura visual de masas. | ▪ B6.7. Identificar a presenza da arte na vida cotiá, e distinguir os ámbitos en que se manifesta. | ▪ HAB6.7.1. Define o concepto de cultura visual de masas, e describe os seus trazos esenciais. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HAB6.7.2. Identifica a arte nos diferentes ámbitos da vida cotiá. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ h<br>▪ n<br>▪ p | ▪ B6.8. O patrimonio artístico como riqueza cultural. A preocupación pola súa conservación. A UNESCO. | ▪ B6.8. Respectar as manifestacións da arte de todos os tempos, valorándoas como patrimonio cultural herdado que se debe conservar e transmitir ás xeracións futuras, e explicar que é o Patrimonio Mundial da UNESCO, así como a súa orixe e a súa finalidade. | ▪ HAB6.8.1. Explica a orixe do Patrimonio Mundial da UNESCO e os seus obxectivos. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HAB6.8.2. Realiza un traballo de investigación relacionado cos bens artísticos de España e de Galicia inscritos no catálogo do Patrimonio Mundial da UNESCO. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 7. O vocabulario artístico | | | |

| | Historia da Arte. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ e<br>▪ n | ▪ B7.1. Vocabulario artístico. | ▪ B7.1. Utilizar a terminoloxía específica da arte nas exposicións orais e escritas, denominando con precisión os elementos e as técnicas principais. | ▪ HAB7.1.1. Utiliza con corrección a terminoloxía específica das artes en exposicións orais e escritas. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



## Historia da Filosofía

### Introdución

Historia da Filosofía, ademais de ser unha materia que dá sentido e continuidade desde unha perspectiva histórica ás ideas que se presentaron nas materias de Filosofía de cuarto de ESO e Filosofía de primeiro de bacharelato, contribúe ao desenvolvemento integral dos alumnos e das alumnas de bacharelato, xa que permite tomar conciencia do seu ser como ser pensante e autónomo, e reflexionar sobre as súas propias crenzas, ideas e conviccións e as do mundo que hai arredor, de xeito crítico e razoado, e rexeitalas e/ou modificalas, ou asumilas como parte de si.

Historia da Filosofía non se presenta como un percorrido cronolóxico polas ideas do pensamento occidental sen máis; tampouco debería ser un simple compendio de autores e autoras, senón un intento de achegamento ao esforzo do ser humano por comprender a realidade e o propio ser humano en todas as súas dimensións. Trátase dunha investigación que nos fará máis libres, permitiranos comprender o pasado e o presente, e proxectar solucións sobre os problemas que se nos formulen no futuro. É no pensar de "outros/as" (e con "outros/as") como se foi configurando ao longo da historia das ideas, como lograremos estimular o noso propio pensamento, ese "sapere aude" kantiano, que nos leve a xerar as nosas propias ideas tendo en conta de onde proceden e respectando as persoas que non pensan coma nós. Ese pensar a través do diálogo de distintos/as autores/as e épocas que foron creando aproximacións ou tendencias cara á verdade respecto aos problemas e ás grandes preguntas que se formulou o ser humano ao longo da súa existencia constitúe a Historia da Filosofía. E nese percorrido, o alumnado deberá reflexionar sobre as razóns da presenza maioritariamente masculina na produción filosófica desde as súas orixes, ao tempo que debe coñecer o pensamento filosófico na muller.

Esta materia contribúe ao desenvolvemento das competencias clave do bacharelato pola súa propia natureza e polo xeito que está articulada, e permite o desenvolvemento persoal e social como cidadán ou cidadá, así como o desenvolvemento profesional no futuro, xa que, como materia terminal do bacharelato, adquire tamén a dimensión de propedéutica para un amplo abano de estudos e profesións posteriores. Historia da Filosofía permítelles aos alumnos e ás alumnas de bacharelato contribuír á consecución das seguintes competencias:

a) A competencia en comunicación lingüística, a través de disertacións, argumentacións, análises de textos relevantes, definicións de termos, diálogos, exposicións orais e escritas, ensaios filosóficos, etc.

DOG Diario Oficial de Galicia
DOG Núm. 120 Luns, 29 de xuño de 2015 Páx. 25855

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

b) As competencias sociais e cívicas preséntanse asociadas a numerosos estándares de aprendizaxe da materia que poñen o alumnado en relación co proceso de formación e transformación da sociedade humana desde as súas orixes, e permiten coñecer os seus problemas e as respostas que se deron ao longo da historia.

c) A competencia de aprender a aprender contribúe a que o alumnado sexa quen de aprender por si mesmo, ao consolidar esta faceta noutros ámbitos, así como de cara ao futuro. Xa que logo, pídese reflexionar, aprender en equipo, comprender e explicar, etc.

d) A competencia dixital desenvólvese realizando traballos colectivos a través da TIC, utilizando ferramentas informáticas para realizar presentacións, procuras en internet, etc.

e) Foméntase tamén a consecución, entre outras, da competencia de conciencia e expresións culturais, xa que se recorre constantemente ao diálogo entre épocas e autores/as anteriores, facendo unha revisión das súas achegas ao ámbito das expresións culturais a nivel histórico.

A consecución destas competencias clave por parte do alumnado non se levará a cabo sen un cambio a nivel metodolóxico no proceso de ensino e aprendizaxe que vai supor un reto para os/as profesionais da educación nesta etapa. Este cambio hase concretar na práctica de traballo na aula e na metodoloxía, que lle ha permitir o desempeño ao alumnado dun alto grao de dominio das competencias, apoiándose na aprendizaxe cooperativa e a resolución conxunta de casos ou problemas, que permitan xeneralizar estratexias e aplicalas en situacións similares e reais, aprendendo dos demais. Pódense utilizar procedementos de avaliación variados, como por exemplo rúbricas, escalas, probas orais e escritas, portafolios e traballos de clase, posibilitando a participación do alumnado no seu proceso de avaliación.

Outro aspecto salientable da materia de Historia da Filosofía é o tratamento dos elementos transversais que corresponden ao bacharelato, destacando nomeadamente a comprensión e a expresión orais e escritas en todos os bloques da materia, ou o uso das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento transversal no propio currículo da materia, entre outros.

A materia está organizada en cinco bloques: o primeiro é transversal e, por tanto, reaparecerá ao longo de todo o currículo, trátase da análise de textos, a argumentación, as ferramentas de investigación propias da filosofía e as aplicacións das tecnoloxías da información e da comunicación na materia; os outros catro bloques corresponden coas catro épocas máis relevantes da historia no relativo ao pensamento: Grecia Antiga, a Idade Media, a Modernidade e a Ilustración e a filosofía da Idade Contemporánea, que chega a ocuparse de autores/as e problemas actuais. Estes catro bloques están estruturados a través de autores/as salientables, dos/das que se sinala a súa ter-

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

minoloxía, os textos máis representativos e as súas teorías características, e se contextualizan con outros/as autores/as ou épocas, resaltando á súa vez as súas contribucións á sociedade e á súa época

2º de bacharelato

| | Historia da Filosofía. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Contidos transversais | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B1.1. Comentario de texto.<br>▪ B1.2. Diálogo filosófico e argumentación. | ▪ B1.1. Realizar a análise de fragmentos dos textos máis salientables da historia da filosofía, e ser capaz de transferir os coñecementos a outros/as autores/as ou problemas. | ▪ HFB1.1.1. Comprende o sentido global dos textos máis salientables dos/das autores/as estudados/as, recoñecendo a orde lóxica da argumentación e as formulacións que se defenden, e é quen de transferir os coñecementos a outros/as autores/as ou problemas. | ▪ CCL |
| | | | ▪ HFB1.1.2. Analiza as ideas do texto, identificando a conclusión e os conceptos e as ideas relevantes, e recoñece a súa estrutura e a orde lóxica das súas ideas. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HFB1.1.3. Argumenta a explicación das ideas presentes no texto, en relación coa filosofía do/da autor/a e os contidos estudados. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e | ▪ B1.2. Diálogo filosófico e argumentación. | ▪ B1.2. Argumentar con claridade e capacidade crítica, oralmente e por escrito, as súas propias opinións sobre os problemas fundamentais da filosofía, dialogando de xeito razoado con outras posicións diferentes. | ▪ HFB1.2.1. Argumenta as súas propias opinións con claridade e coherencia, tanto oralmente como por escrito. | ▪ CCL<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ HFB1.2.2. Utiliza o diálogo racional na defensa das súas opinións, e valora a diversidade de ideas e, á vez, apoiándose nos aspectos | ▪ CSC |

| | Historia da Filosofía. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | comúns. | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ m | ▪ B1.3. Ferramentas de aprendizaxe e investigación da filosofía. | ▪ B1.3. Aplicar adecuadamente as ferramentas e os procedementos do traballo intelectual á aprendizaxe da filosofía, realizando traballos de organización e investigación dos contidos. | ▪ HFB1.3.1. Sintetiza correctamente a filosofía de cada autor/a, mediante resumos dos seus contidos fundamentais, e clasifícaos nos núcleos temáticos que atravesan a historia da filosofía: realidade, coñecemento, ser humano, ética e política. | ▪ CAA |
| | | | ▪ HFB1.3.2. Elabora listaxes de vocabulario de conceptos, comprende o seu significado, organízaos en esquemas ou mapas conceptuais, táboas cronolóxicas e outros procedementos útiles para a comprensión da filosofía do autor, e aplícaos con rigor. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HFB1.3.3. Selecciona información de distintas fontes, bibliográficas e de internet, e recoñece as fontes fiables. | ▪ CD |
| | | | ▪ HFB1.3.4. Realiza redaccións ou disertacións, traballos de investigación e proxectos que impliquen un esforzo creativo e unha valoración persoal dos problemas filosóficos formulados na historia da filosofía. | ▪ CSIEE |
| ▪ d<br>▪ g<br>▪ m | ▪ B1.4. Aplicación das competencias de tecnoloxías da información e da comunicación á historia da | ▪ B1.4. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación na realización e na exposición dos traballos de investigación filosófi- | ▪ HFB1.4.1. Utiliza as ferramentas informáticas e da web 2.0. (wikis, blogs, redes sociais, procesador de textos, presentación de diaposi- | ▪ CD |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Historia da Filosofía. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | filosofía. | ca. | tivas ou recursos multimedia, etc.) para o desenvolvemento dos traballos. | |
| | | | ▪ HFB1.4.2. Realiza procuras avanzadas en internet sobre os contidos da investigación, e decide os conceptos adecuados. | ▪ CD |
| | | | ▪ HFB1.4.3. Colabora en traballos colectivos de investigación sobre os contidos estudados utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación. | ▪ CD |
| | Bloque 2. A filosofía na Grecia antiga | | | |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B2.1. Orixe da filosofía grega. Os presocráticos: resposta á orixe do cosmos.<br>▪ B2.2. Dialéctica socrática.<br>▪ B2.3. Convencionalismo democrático e relativismo dos sofistas<br>▪ B2.4. Platón: ontoloxía e coñecemento; concepción dualista do ser humano; dimensión antropolóxica e política da virtude; o autor e o seu contexto. | ▪ B2.1. Coñecer a orixe da filosofía en Grecia e comprender o primeiro gran sistema filosófico, o de Platón, analizando a relación entre realidade e coñecemento, a concepción dualista do ser humano e a dimensión antropolóxica e política da virtude, en relación coa filosofía presocrática e o xiro antropolóxico de Sócrates e os Sofistas, valorando a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Grecia antiga, e apreciando criticamente o seu discurso. | ▪ HFB2.1.1. Utiliza conceptos de Platón como idea, mundo sensible, mundo intelixible, ben, razón, doxa, episteme, universal, absoluto, dualismo, reminiscencia, transmigración, mímese, methexe, virtude e xustiza, entre outros, e aplícaos con rigor. | ▪ CCL |
| | | | ▪ HFB2.1.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral como na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Platón, analizando a relación entre realidade e coñecemento, a concepción dualista do ser humano e a dimensión antropolóxica e política da virtude. | ▪ CCL |
| | | | ▪ HFB2.1.3. Distingue as respostas | ▪ CAA |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Historia da Filosofía. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | da corrente presocrática en relación á orixe do Cosmos, os conceptos fundamentais da dialéctica de Sócrates e o convencionalismo democrático e o relativismo moral dos sofistas, identificando os problemas da filosofía antiga, e relacionando esas respostas coas solucións achegadas por Platón. | |
| | | | ▪ HFB2.1.4. Respecta o esforzo da filosofía de Platón por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Grecia antiga, valorando positivamente o diálogo como método filosófico, o nacemento das utopías sociais, o sentido do gobernante-filósofo ou a súa defensa da inclusión das mulleres na educación. | ▪ CSC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B2.5. A física de Demócrito.<br>▪ B2.6. Problemas da filosofía antiga e solución de Aristóteles.<br>▪ B2.7. Aristóteles: metafísica, física, coñecemento, ética eudemonista e política. Comparación coa filosofía platónica. O autor e o seu contexto. | ▪ B2.2. Entender o sistema teleolóxico de Aristóteles, en relación co pensamento de Platón e a física de Demócrito, e valorando a súa influencia no desenvolvemento das ideas e cos cambios socioculturais da Grecia antiga. | ▪ HFB2.2.1. Utiliza con rigor conceptos do marco do pensamento de Aristóteles, como substancia, ciencia, metafísica, materia, forma, potencia, acto, causa, efecto, teleoloxía, lugar natural, indución, dedución, abstracción, alma, monismo, felicidade e virtude, entre outros. | ▪ CCL |
| | | | ▪ HFB2.2.2. Comprende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais de Aristóteles, examinando a súa concepción da metafísica e da física, o coñecemen- | ▪ CCL |

| | Historia da Filosofía. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | to, a ética eudemonística e a política, en comparación coas teorías de Platón. | |
| | | | ▪ HFB2.2.3. Describe as respostas da física de Demócrito, identificando os problemas da filosofía antiga, e relaciona esas respostas coas solucións achagadas por Aristóteles. | ▪ CAA |
| | | | ▪ HFB2.2.4. Estima e razoa o esforzo da filosofía de Aristóteles por contribuír ao desenvolvemento do pensamento occidental, valorando positivamente a formulación científica das cuestións. | ▪ CMCCT |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B2.8. Doutrinas éticas helenísticas: Epicureísmo, Estoicismo e Escepticismo.<br>▪ B2.9. Científicos helenísticos.<br>▪ B2.10. A Biblioteca de Alexandría. | ▪ B2.3. Coñecer as escolas éticas xurdidas no helenismo, como o Epicureísmo, o Estoicismo e o Escepticismo, valorar o seu papel no contexto socio-histórico e cultural da época, e recoñecer a repercusión dos grandes científicos helenísticos, apreciando a gran importancia para occidente da Biblioteca de Alexandría. | ▪ HFB2.3.1. Describe as respostas das doutrinas éticas helenísticas, e identifica algúns dos grandes logros da ciencia alexandrina. | ▪ CMCCT |
| | Bloque 3. A filosofía medieval | | | |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B3.1. Cristianismo e filosofía. Agostiño de Hipona: teoría da iluminación, filosofía da historia, o problema da certeza e a defensa da liberdade. | ▪ B3.1. Explicar a orixe do pensamento cristián e o seu encontro coa filosofía a través das ideas fundamentais de Agostiño de Hipona, apreciando a súa defensa da liberdade, da verdade e do co- | ▪ HFB3.1.1. Explica o encontro da filosofía e a relixión cristiá nas súas orixes, a través das teses centrais do pensamento de Agostiño de Hipona. | ▪ CCEC |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Historia da Filosofía. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | ñecemento interior ou a historia. | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B3.2. Escolástica medieval. Tomé de Aquino: relacións de razón e fe. Vías para a demostración da existencia de Deus. Lei moral. Relación coa filosofía antiga e coa agostiniana, a xudía e o nominalismo. O autor e o seu contexto. | ▪ B3.2. Coñecer a síntese de Tomé de Aquino, en relación co agostinismo, a filosofía árabe e xudía, e o nominalismo, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e nos cambios socioculturais da Idade Media. | ▪ HFB3.2.1. Define conceptos de Tomé de Aquino, como razón, fe, verdade, deus, esencia, existencia, creación, inmortalidade, lei natural, lei positiva e precepto, entre outros, e aplícaos con rigor. | ▪ CCL |
| | | | ▪ HFB3.2.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Tomé de Aquino, distinguindo a relación entre fe e razón, as vías de demostración da existencia de Deus, e a lei moral, en comparación coas teorías da filosofía Antiga. | ▪ CCL |
| | | | ▪ HFB3.2.3. Discrimina as respostas do agostinismo, a filosofía árabe e xudía, e o nominalismo, identificando os problemas da filosofía medieval, en relación coas solucións achegadas por Tomé de Aquino. | ▪ CAA |
| | | | ▪ HFB3.2.4. Valora o esforzo da filosofía de Tomé de Aquino por contribuír ao desenvolvemento das ideas e os ao cambios sociais da Idade Media, xulgando positivamente a universalidade da lei moral. | ▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e | ▪ B3.4. Crise da Escolástica no século XIV: nominalismo de Gui- | ▪ B3.3. Coñecer algunha das teorías centrais do pensamento de Gui- | ▪ HFB3.3.1. Coñece as teses centrais do nominalismo de Guillerme | ▪ CCEC |

DOG Diario Oficial de Galicia
DOG Núm. 120 Luns, 29 de xuño de 2015 Páx. 25862

| | Historia da Filosofía. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ h | llerme de Ockham. Relacións entre razón e fe. Novo pulo para a ciencia. | llerme de Ockham, cuxa reflexión crítica supuxo a separación entre razón e fe, a independencia da filosofía e o novo pulo para a ciencia. | de Ockham e a súa importancia para a entrada na modernidade. | |
| | Bloque 4. A filosofía na Modernidade e na Ilustración | | | |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B4.1. A filosofía no Renacemento. Humanismo: novo concepto sobre a natureza humana.<br>▪ B4.2. F. Bacon. Os prexuízos na investigación do coñecemento.<br>▪ B4.3. Implicacións da revolución científica.<br>▪ B4.4. Realismo político de Maquiavelo. | ▪ B4.1. Comprender a importancia do xiro do pensamento occidental que se deu no Renacemento e que anticipa a modernidade, valorando o novo humanismo que enxalza a "dignitas hominis", a investigación dos prexuízos do coñecemento de F. Bacon e as implicacións da Revolución Científica, e coñecer as teses fundamentais do realismo político de N. Maquiavelo. | ▪ HFB4.1.1. Comprende a importancia intelectual do xiro do pensamento científico que se deu no Renacemento, e describe as respostas da filosofía humanista sobre a natureza humana. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ HFB4.1.2. Explica as ideas ético-políticas fundamentais de N. Maquiavelo e compáraas cos sistemas ético-políticos anteriores. | ▪ CSC |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B4.5. Descartes: O método, o "*cogito*" (coñecemento e realidade) e o dualismo antropolóxico.<br>▪ B4.6. Comparación do autor coa filosofía antiga e medieval, e relación coa Moderna. O autor e o seu contexto. | ▪ B4.2. Entender o racionalismo de Descartes, distinguíndoo e relacionándoo coa filosofía humanista e o monismo panteísta de Spinoza, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e nos cambios socioculturais da Idade Moderna. | ▪ HFB4.2.1. Identifica conceptos de Descartes como razón, certeza, método, dúbida, hipótese, "cogito", idea, substancia e subxectivismo, entre outros, e aplícaos con rigor. | ▪ CCL |
| | | | ▪ HFB4.2.2. Comprende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Descartes, analizando o método e a relación entre coñecemento e realidade a partir do "cogito" e o dualismo no ser humano, en comparación coas teorías da filosofía antiga e da medieval. | ▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



| | Historia da Filosofía. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ HFB4.2.3. Identifica os problemas da filosofía moderna e relaciónaos coas solucións aportadas por Descartes. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ HFB4.2.4. Estima e razoa o esforzo da filosofía de Descartes por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios socioculturais da Idade Moderna, e valora a universalidade da razón cartesiana. | ▪ CSC |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B4.7. Hume: o coñecemento, crítica á causalidade e á substancia. Emotivismo moral. Comparación coa filosofía anterior. O autor e o seu contexto<br>▪ B4.8. Locke: liberalismo político. | ▪ B4.3. Coñecer o empirismo de Hume en relación co liberalismo político de Locke, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Moderna. | ▪ HFB4.3.1. Utiliza conceptos de Hume como escepticismo, crítica, experiencia, percepción, inmanencia, asociación, impresións, ideas, hábito, contradición, causa, crenza, sentimento, mérito, utilidade, felicidade, contrato social, liberdade e deber, entre outros, e úsaos con rigor. | ▪ CCL |
| | | | ▪ HFB4.3.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais de Hume, distinguindo os principios e os elementos do coñecemento respecto á verdade, a crítica á causalidade e á substancia, e o emotivismo moral, en comparación coas teorías da filosofía antiga e da medieval, e co racionalismo moderno. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ HFB4.3.3. Coñece e explica as ideas centrais do liberalismo políti- | ▪ CSC |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Historia da Filosofía. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | co de Locke, identificando os problemas da filosofía moderna, e relaciónaas coas solucións aportadas por Hume. | |
| | | | ▪ HFB4.3.4. Valora o esforzo da filosofía de Hume por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios socioculturais da Idade Moderna, xulgando positivamente a procura da felicidade colectiva. | ▪ CSC |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B4.9. A Ilustración francesa. Rousseau: a crítica social, a crítica á civilización, o estado de natureza, a defensa do contrato social e a vontade xeral. | ▪ B4.4. Coñecer os principais ideais dos ilustrados franceses, afondando no pensamento de J.J. Rousseau, e valorar a importancia do seu pensamento para o xurdimento da democracia mediante unha orde social acorde coa natureza humana. | ▪ HFB4.4.1. Comprende os ideais que impulsaron os ilustrados franceses, e explica o sentido e transcendencia do pensamento de Rousseau, a súa crítica social, a crítica á civilización, o estado de natureza, a defensa do contrato social e a vontade xeral. | ▪ CSC |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B4.10. Idealismo transcendental. Kant: as facultades e límites do coñecemento.<br>▪ B4.11. Lei Moral e paz perpetua.<br>▪ B4.12. Relación do proxecto ilustrado de Rousseau coa filosofía Moderna e Kant.<br>▪ B4.13. Comparación coas teorías da filosofía antiga, medieval e moderna. | ▪ B4.5. Comprender o idealismo crítico de Kant, en relación co racionalismo de Descartes, o empirismo de Hume e a filosofía ilustrada de Rousseau, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Moderna. | ▪ HFB4.5.1. Aplica conceptos de Kant como sensibilidade, entendemento, razón, crítica, transcendental, ciencia, innato, xuízo, a priori, a posteriori, facultade, intuición, categoría, ilusión transcendental, idea, lei, fenómeno, nóumeno, vontade, deber, imperativo categórico, autonomía, postulado, liberdade, dignidade, persoa, paz e pacto, entre outros, e utilízaos con rigor. | ▪ CAA |
| | | | ▪ HFB4.5.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fun- | ▪ CCL |

| | Historia da Filosofía. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | damentais da filosofía de Kant, analizando as facultades e os límites do coñecemento, a lei moral e a paz perpetua, comparándoas coas teorías da filosofía antiga, medieval e moderna. | |
| | | | ▪ HFB4.5.3. Describe a teoría política de Rousseau, identificando os problemas da filosofía moderna e relacionándoa coas solucións achegadas por Kant. | ▪ CCL |
| | | | ▪ HFB4.5.4. Respecta e razoa o esforzo da filosofía de Kant por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios socioculturais da Idade Moderna, e valora a dignidade e a procura da paz entre as nacións | ▪ CSC |
| | Bloque 5. A filosofía contemporánea | | | |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B5.1. Marx: o materialismo histórico, a crítica ao idealismo, á alienación e á ideoloxía, e a súa visión humanista do individuo.<br>▪ B5.2. Relación de Marx cos problemas da filosofía contemporánea. O autor e o seu contexto. | ▪ B5.1. Entender o materialismo histórico de Marx, en relación co idealismo de Hegel e con Feuerbach, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e nos cambios socioculturais da Idade Contemporánea. | ▪ HFB5.1.1. Identifica conceptos de Marx como dialéctica, materialismo histórico, praxe, alienación, infraestrutura, superestrutura, forzas produtivas, medios de produción, loita de clases, traballo, plusvalor e humanismo, entre outros, e utilízaos con rigor. | ▪ CSC |
| | | | ▪ HFB5.1.2. Coñece e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Marx, examinando o materialismo histó- | ▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Historia da Filosofía. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | rico e a crítica ao idealismo, á alienación e á ideoloxía, e expón a súa visión humanista do individuo. | |
| | | | ▪ HFB5.1.3. Identifica os problemas da filosofía contemporánea en relación coas solucións achegadas por Marx. | ▪ CSC |
| | | | ▪ HFB5.1.4. Valora o esforzo da filosofía de Marx por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea, xulgando positivamente a defensa da igualdade social. | ▪ CSC |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B5.3. Nietzsche: crítica á metafísica, á moral e á ciencia; a verdade como metáfora.<br>▪ B5.4. O superhome, como resultado da inversión de valores e a vontade de poder, e comparación coas teorías da filosofía antiga, medieval, moderna e contemporánea. O autor e o seu contexto.<br>▪ B5.5. A vontade en Schopenhauer. | ▪ B5.2. Comprender o vitalismo de Nietzsche en relación co vitalismo de Schopenhauer, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Contemporánea. | ▪ HFB5.2.1. Define conceptos de Nietzsche como crítica, traxedia, intuición, metáfora, convención, perspectiva, xenealoxía, transvaloración, nihilismo, superhome, vontade de poder, e eterno retorno, entre outros, e aplícaos con rigor. | ▪ CCL |
| | | | ▪ HFB5.2.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Nietzsche, considerando a crítica á metafísica, á moral e á ciencia, a verdade como metáfora, e a afirmación do superhome, como resultado da inversión de valores e a vontade de poder, en comparación coas teorías da filosofía antiga, medieval, moderna e contemporá- | ▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Historia da Filosofía. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | nea. | |
| | | | ▪ HFB5.2.3. Distingue as respostas de Schopenhauer na súa afirmación da vontade e identifica os problemas da filosofía contemporánea, en relación coas solucións achegadas por Nietzsche. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ HFB5.2.4. Estima o esforzo da filosofía de Nietzsche por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea, e valora a defensa da verdade e da liberdade. | ▪ CSC |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B5.6. Filosofía española. Ortega y Gasset: a súa relación con posturas filosóficas como o realismo, o racionalismo, o vitalismo ou o existencialismo, e outras posturas filosóficas. O autor e o seu contexto. | ▪ B5.3. Entender o raciovitalismo de Ortega y Gasset en relación con figuras da filosofía española, como Unamuno, e do pensamento europeo, e valorar as influencias que recibe e a repercusión do seu pensamento no desenvolvemento das ideas e a rexeneración social, cultural e política de España. | ▪ HFB5.3.1. Utiliza conceptos de Ortega y Gasset e aplícaos con rigor, como obxectivismo, ciencia, europeización, filosofía, mundo, circunstancia, perspectiva, razón vital, raciovitalismo, vida, categoría, liberdade, idea, crenza, historia, razón histórica, xeración, home-masa e home selecto, entre outros. | ▪ CCL |
| | | | ▪ HFB5.3.2. Comprende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía e da análise social de Ortega y Gasset, en relación con posturas filosóficas como o realismo, o racionalismo, o vitalismo ou o existencialismo, entre outras. | ▪ CCL |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Historia da Filosofía. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ HFB5.3.3. Respecta o esforzo da filosofía de Ortega y Gasset por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais e culturais da Idade Contemporánea española, e valorao seu compromiso coa defensa da cultura e da democracia. | ▪ CSC |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B5.7. Filosofía crítica da escola de Frankfurt. A crítica a razón ilustrada e á idea de progreso.<br>▪ B5.8. Racionalidade dialóxica de Habermas: os intereses do coñecemento e a acción comunicativa.<br>▪ B5.9. Contribución de Habermas ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea.<br>▪ B5.10. Pensamento posmoderno: principais teses dos filósofos posmodernos, como Vattimo, Lyotard e Baudrillard, e reflexión sobre a súa vixencia actual. | ▪ B5.4. Coñecer as teses fundamentais da crítica da Escola de Frankfurt, analizando a racionalidade dialóxica de Habermas, relacionándoo coa filosofía crítica da Escola de Frankfurt, e valorando a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Contemporánea. Coñecer as teses máis definitorias do pensamento posmoderno, identificando as teses fundamentais de Vattimo, Lyotard e Baudrillard, e valorar criticamente a súa repercusión no pensamento filosófico a partir de finais do século XX. | ▪ HFB5.4.1. Identifica conceptos de Habermas, como coñecemento, interese, consenso, verdade, enunciado, comunicación, desigualdade, ou mundo da vida, e conceptos da filosofía posmoderna, como deconstrución, diferenza, cultura, texto, arte, e comunicación, entre outros, aplicándoos con rigor. | ▪ CSC |
| | | | ▪ HFB5.4.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías da filosofía de Habermas, distinguindo os intereses do coñecemento e a acción comunicativa, e as teorías fundamentais da posmodernidade, analizando a deconstrución da modernidade desde a multiplicidade da sociedade da comunicación. | ▪ CCL |
| | | | ▪ HFB5.4.3. Identifica as respostas da filosofía crítica da escola de Frankfurt e reflexiona sobre elas, identificando os problemas da filosofía contemporánea. | ▪ CAA |

| | Historia da Filosofía. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ HFB5.4.4. Estima o esforzo da filosofía de Habermas e do pensamento posmoderno por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea, e valora o seu esforzo na defensa do diálogo racional e o respecto á diferenza. | ▪ CSC |
| | | | ▪ HFB5.4.5. Coñece as teses características do pensamento posmoderno, como a crítica á razón ilustrada, á idea de progreso, ao pensamento totalizador e á trivialización da existencia, o crepúsculo do deber, ou a perda do suxeito fronte á cultura de masas, entre outras. | ▪ CSC |
| | | | ▪ HFB5.4.6. Explica e argumenta sobre as principais teses dos filósofos posmodernos, como Vattimo, Lyotard e Baudrillard, e reflexiona sobre a súa vixencia. | ▪ CAA<br>▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



DOG Diario Oficial de Galicia

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

## Historia de España

### Introdución

O estudo da historia de España é esencial para o coñecemento e comprensión non só do noso pasado senón tamén do mundo actual. Non menos importante é o carácter formativo da materia de Historia de España, xa que desenvolve capacidades e técnicas intelectuais propias do pensamento abstracto e formal, tales como a observación, a análise, a interpretación, a capacidade de comprensión e o sentido crítico. Por outra banda, a historia contribúe decisivamente á formación de cidadáns e cidadás responsables, conscientes dos seus dereitos e das súas obrigas, así como da herdanza recibida e do seu compromiso coas xeracións futuras.

Historia de España de segundo curso de bacharelato pretende ofrecer unha visión de conxunto dos procesos históricos fundamentais dos territorios que configuran o actual Estado español, prestando, cando cumpra, unha especial atención a Galicia, pero sen esquecer por iso a súa pluralidade interna e a súa pertenza a outros ámbitos máis amplos, coma o europeo e o iberoamericano. Neste sentido, a materia recolle, na análise dos procesos históricos, tanto os aspectos compartidos como os diferenciais.

Concibida como materia común para todas as modalidades de bacharelato, ofrécelles aos alumnos e ás alumnas que chegan á vida adulta a posibilidade de coñeceren a historia de España de xeito continuo e sistemático. Na distribución cronolóxica dos contidos outórgaselle unha maior importancia ao coñecemento da historia contemporánea, sen renunciar por iso aos referidos ás etapas anteriores, pois en grande medida a pluralidade da España actual só é comprensible se nos remontamos a procesos e feitos que teñen a súa orixe nun pasado remoto. Deste xeito, dedícase un primeiro bloque aos comezos da nosa historia, desde os primeiros humanos á monarquía visigoda; o segundo refírese á Idade Media, desde a conquista musulmá da Península; os dous seguintes estudan a Idade Moderna, ata as vésperas da Revolución Francesa; e os oito restantes a Idade Contemporánea.

A través do estudo da Historia de España, o alumnado deberá adquirir determinados valores e hábitos de comportamento, como a actitude crítica cara ás fontes, o recoñecemento da diversidade de España ou a valoración do patrimonio cultural e histórico recibido. Así mesmo, tal estudo deberá contribuír a fomentar unha especial sensibilidade cara á sociedade do presente e a súa problemática, que anime a adoptar unha actitude responsable e solidaria coa defensa da liberdade, a igualdade de entre homes e mulleres, os dereitos humanos, a non-discriminación e os valores democráticos.

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



A materia é rica en achegas ao coñecemento competencial. As competencias clave sociais e cívicas, e de conciencia e expresións culturais reciben un tratamento moi específico relacionado cos contidos que son propios da historia de España. Ademais, as competencias lingüística, dixital e de aprender a aprender están presentes de maneira constante na súa vertente máis instrumental, e deben impregnar todo o que sexa posible o desenvolvemento curricular da materia. O traballo competencial matemático e en ciencias e tecnoloxía trátase de xeito puntual. A competencia clave de sentido de iniciativa e espírito emprendedor debe estar moi presente nas vertentes máis actitudinais e competenciais da materia.

O tratamento metodolóxico da materia débese axustar ao nivel competencial inicial do alumnado, respectando os ritmos e os estilos de aprendizaxe, e tendo en conta a atención á diversidade. A materia de Historia de España permite desenvolver metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de xeito especial as tecnoloxías da información e da comunicación.

2º de bacharelato

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 0: Como se escribe a Historia. Criterios comúns | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B0.1. Método histórico. Fontes e perspectivas. | ▪ B0.1. Localizar fontes primarias (históricas) e secundarias (historiográficas) en bibliotecas, internet, etc., e extraer información salientable sobre o tratado, valorando criticamente a súa fiabilidade. | ▪ HEB0.1.1. Procura información de interese (en libros e internet) sobre a importancia cultural e artística dun personaxe historicamente salientable, un feito ou un proceso histórico, e elabora unha breve exposición. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B0.2. Análise e comentario de fontes. | ▪ B0.2. Elaborar mapas e liñas de tempo, localizando as fontes adecuadas, utilizando os datos proporcionados ou servíndose dos coñecementos xa adquiridos. | ▪ HEB0.2.1. Representa unha liña do tempo situando nunha ringleira os principais acontecementos relativos a determinados feitos ou procesos históricos. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B0.3. Utilidade das fontes. | ▪ B0.3. Comentar e interpretar fontes primarias (históricas) e secundarias (historiográficas), relacionando a súa información cos coñecementos previos. | ▪ HEB0.3.1. Responde a cuestións propostas a partir de fontes históricas e historiográficas. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B0.4. Mapas e liñas do tempo. | ▪ B0.4. Recoñecer a utilidade das fontes para o/a historiador/a, á parte da súa fiabilidade. | ▪ HEB0.4.1. Distingue o carácter das fontes históricas non só como información, senón tamén como proba para responder ás preguntas que se formulan os/as historiadores/as. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | Bloque 1. A Península Ibérica desde os primeiros humanos ata a desaparición da monarquía Visigoda (711) | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ n<br>▪ p | ▪ B1.1. Da prehistoria á monarquía visigoda: prehistoria (evolución do Paleolítico ao Neolítico; pintura cantábrica e levantina; importancia da metalurxia); configuración das áreas celta e ibérica (Tartesos, indoeuropeos e colonizadores orientais; cultura castrexa); Hispania romana (conquista e romanización da Península; legado cultural romano; exemplo galego); monarquía visigoda (ruralización da economía; poder da Igrexa e a nobreza). | ▪ B1.1. Explicar as características dos principais feitos e procesos históricos da Península Ibérica desde a prehistoria ata a desaparición da monarquía visigoda, e identificar as súas causas e consecuencias. | ▪ HEB1.1.1. Explica as diferenzas entre a economía e a organización social do Paleolítico e do Neolítico, e as causas do cambio. | ▪ CCL<br>▪ CCS |
| | | | ▪ HEB1.1.2. Identifica as diferenzas entre unha imaxe de pintura cantábrica e outra de pintura levantina. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ HEB1.1.3. Describe os avances no coñecemento das técnicas metalúrxicas e explica as súas repercusións. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB1.1.4. Resume as características principais do reino de Tartesos e cita as fontes históricas para o seu coñecemento. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB1.1.5. Explica o diferente nivel de desenvolvemento das | ▪ CCL<br>▪ CSC |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



| Historia de España. 2º de bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | áreas celta e ibérica en vésperas da conquista romana en relación coa influencia recibida dos indoeuropeos, o reino de Tartesos e os colonizadores fenicios e gregos. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ HEB1.1.6. Debuxa un mapa esquemático da Península Ibérica e delimita nel as áreas ibérica e celta. | ▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB1.1.7. Define o concepto de romanización e describe os medios empregados para levala a cabo. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ HEB1.1.8. Compara o ritmo e grao de romanización dos territorios peninsulares. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ HEB1.1.9. Resume as características da monarquía visigoda e explica por que alcanzou tanto poder a igrexa e a nobreza. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB1.1.10. Procura información de interese (en libros e internet) sobre o mantemento cultural e artístico do legado romano na España actual, e elabora unha breve exposición. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ HEB1.1.11. Representa unha liña do tempo desde 250 a.C. ata 711 d.C., e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC |

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



| Historia de España. 2º de bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ HEB1.1.12. Partindo de fontes historiográficas, responde a cuestións ou situacións. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | Bloque 2. A Idade Media: tres culturas e un mapa político en constante cambio (711-1474) | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ n | ▪ B2.1. Al-Andalus: conquista musulmá da Península; evolución política de Al-Andalus; revitalización económica e urbana; estrutura social; relixión, cultura e arte. | ▪ B2.1. Explicar a evolución dos territorios musulmáns na Península, describindo as súas etapas políticas e os cambios económicos, sociais e culturais que introduciron. | ▪ HEB2.1.1. Explica as causas da invasión musulmá e da súa rápida ocupación da Península. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB2.1.2. Representa unha liña do tempo desde 711 ata 1474 e sitúa nunha ringleira os principais acontecementos relativos a Al-Andalus e noutra os relativos aos reinos cristiáns. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB2.1.3. Describe a evolución política de Al-Andalus. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB2.1.4. Resume os cambios económicos, sociais e culturais introducidos polos musulmáns en Al-Andalus. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B2.2. Os reinos cristiáns do século XIII ao XV: evolución política; nacemento das Cortes. Os reinos cristiáns na baixa Idade Media (séculos XIV e XV): diferente evolución e organización política das coroas de Castela, Aragón e Navarra. Proceso de reconquista e repoboación. | ▪ B2.2. Explicar a evolución e configuración política dos reinos cristiáns, en relación co proceso de reconquista e o concepto patrimonial da monarquía. | ▪ HEB2.2.1. Describe as grandes etapas e as causas xerais que conducen ao mapa político da Península Ibérica ao remate da Idade Media. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB2.2.2. Explica a orixe das Cortes nos reinos cristiáns e as súas principais funcións. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB2.2.3. Compara a organización política da coroa de Castela, | ▪ CCL<br>▪ CAA |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | a de Aragón e o reino de Navarra ao remate da Idade Media. | ▪ CSC |
| | | | ▪ HEB2.2.4. Comenta o ámbito territorial e as características de cada sistema de repoboación, así como as súas causas e as súas consecuencias. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B2.3. Os reinos cristiáns na Idade Media: réxime señorial e sociedade estamental. Tensións sociais. | ▪ B2.3. Diferenciar as tres grandes fases da evolución económica dos reinos cristiáns durante toda a Idade Media (estancamento, expansión e crise), e sinalar os seus factores e as súas características. | ▪ HEB2.3.1. Describe as grandes fases da evolución económica dos territorios cristiáns durante a Idade Media. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B2.4. Os reinos cristiáns na Idade Media: do estancamento á expansión económica. Crises agraria e demográfica. | ▪ B2.4. Analizar a estrutura social dos reinos cristiáns e describir o réxime señorial e as características da sociedade estamental. | ▪ HEB2.4.1. Explica a orixe e as características do réxime señorial e a sociedade estamental no ámbito cristián. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m<br>▪ n<br>▪ p | ▪ B2.5. O Camiño de Santiago. Unha cultura plural: cristiáns, musulmáns e xudeus. Manifestacións artísticas. | ▪ B2.5. Describir as relacións culturais de cristiáns, musulmáns e xudeus, e especificar as súas colaboracións e as influencias mutuas. | ▪ HEB2.5.1. Describe o labor dos centros de tradución. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ HEB2.5.2. Procura información de interese (en libros e internet) sobre a importancia cultural e artística do Camiño de Santiago, e elabora unha breve exposición. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| | Bloque 3. A formación da monarquía hispánica e a súa expansión mundial (1474-1700) | | | |

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B3.1. Os Reis Católicos: unión dinástica de Castela e Aragón; reorganización do Estado; política relixiosa; conquista de Granada; descuberta de América; incorporación de Navarra; relacións con Portugal. | ▪ B3.1. Analizar o reinado dos Reis Católicos como unha etapa de transición entre a Idade Media e a Idade Moderna, e identificar as reminiscencias medievais e os feitos salientables que abren o camiño á modernidade. | ▪ HEB3.1.1. Define o concepto de unión dinástica aplicado a Castela e Aragón en tempos dos Reis Católicos e describe as características do novo Estado. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB3.1.2. Explica as causas e as consecuencias dos feitos máis relevantes de 1492. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB3.1.3. Analiza as relacións dos Reis Católicos con Portugal e os obxectivos que perseguían. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B3.2. Auxe do Imperio no século XVI: dominios de Carlos I e de Filipe II; modelo político dos Austrias; conflitos internos; conflitos relixiosos no seo do Imperio; conflitos exteriores; exploración e colonización de América e do Pacífico; política económica respecto a América; a revolución dos prezos e o custo do Imperio. | ▪ B3.2. Explicar a evolución e a expansión da monarquía hispánica durante o século XVI, diferenciando os reinados de Carlos I e Filipe II. | ▪ HEB3.2.1. Compara os imperios territoriais de Carlos I e de Filipe II, e explica os problemas que provocaron. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB3.2.2. Explica a expansión colonial en América e no Pacífico durante o século XVI. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB3.2.3. Analiza a política respecto a América no século XVI e as súas consecuencias para España, Europa e a poboación americana. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B3.3. Crise e decadencia do Imperio no século XVII: os validos; expulsión dos mouriscos; proxectos de reforma de Olivares; guerra dos Trinta Anos e perda da hexemonía en Europa en favor de | ▪ B3.3. Explicar as causas e as consecuencias da decadencia da monarquía hispánica no século XVII, relacionando os problemas internos, a política exterior e a crise económica e demográfica. | ▪ HEB3.3.1. Describe a práctica do valemento e os seus efectos na crise da monarquía. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB3.3.2. Explica os principais proxectos de reforma do Conde | ▪ CCL<br>▪ CSC |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Francia; rebelións de Cataluña e Portugal en 1640; Carlos II e o problema sucesorio; crise demográfica e económica. | | Duque de Olivares. | |
| | | | ▪ HEB3.3.3. Analiza as causas da guerra dos Trinta Anos e as súas consecuencias para a monarquía hispánica e para Europa. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HEB3.3.4. Compara e comenta as rebelións de Cataluña e Portugal de 1640. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HEB3.3.5. Explica os principais factores da crise demográfica e económica do século XVII, e as súas consecuencias. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB3.3.6. Representa unha liña do tempo desde 1474 ata 1700, e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ n<br>▪ p | ▪ B3.4. Século de Ouro español: do Humanismo á Contrarreforma; Renacemento e Barroco na literatura e na arte. | ▪ B3.4. Recoñecer as grandes achegas culturais e artísticas do Século de Ouro español, extraendo información de interese en fontes primarias e secundarias (en bibliotecas, internet, etc.). | ▪ HEB3.4.1. Procura información de interese (en libros e internet) e elabora unha breve exposición sobre os seguintes pintores do Século de Ouro español: El Greco, Ribera, Zurbarán, Velázquez e Murillo. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | Bloque 4. España na órbita francesa: o reformismo dos primeiros Borbóns (1700-1788) | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B4.1. Cambio dinástico e Guerra de Sucesión: unha contenda civil e europea; a Paz de Utrecht e o novo equilibrio europeo; os pactos | ▪ B4.1. Analizar a Guerra de Sucesión española como contenda civil e europea, e explicar as súas consecuencias para a política ex- | ▪ HEB4.1.1. Explica as causas da Guerra de Sucesión Española e a composición dos bandos en conflito. | ▪ CCL<br>▪ CSC |

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ i | de familia con Francia. | terior española e a nova orde internacional. | ▪ HEB4.1.2. Representa unha liña do tempo desde 1700 ata 1788, e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB4.1.3. Detalla as características da nova orde europea xurdida da Paz de Utrecht e o papel de España nela. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B4.2. Reformas institucionais: novo modelo de Estado; Administración en América; Facenda Real; relacións Igrexa-Estado. | ▪ B4.2. Describir as características do novo modelo de Estado, especificando o alcance das reformas promovidas polos primeiros monarcas da dinastía borbónica. | ▪ HEB4.2.1. Define os decretos de nova planta e explica a súa importancia na configuración do novo Estado borbónico. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB4.2.2. Elabora un esquema comparativo do modelo político dos Austrias e dos Borbóns. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HEB4.2.3. Explica as medidas que adoptaron ou proxectaron os primeiros Borbóns para sanear a Facenda Real. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB4.2.4. Describe as relacións Igrexa-Estado e as causas da expulsión dos xesuítas. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ p | ▪ B4.3. Economía e política económica: recuperación demográfica; problemas da agricultura, a industria e o comercio; liberalización do comercio con América. | ▪ B4.3. Comentar a situación inicial dos sectores económicos, detallando os cambios introducidos e os obxectivos da nova política económica. | ▪ HEB4.3.1. Compara a evolución demográfica do século XVIII coa da centuria anterior. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HEB4.3.2. Desenvolve os principais problemas da agricultura e as medidas impulsadas por Carlos III neste sector. | ▪ CCL<br>▪ CSC |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ HEB4.3.3. Explica a política industrial da monarquía e as medidas adoptadas respecto ao comercio con América. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ p | ▪ B4.4. Engalaxe económica de Cataluña. Estancamento económico de Galicia. | ▪ B4.4. Explicar a engalaxe económica de Cataluña, en comparación coa evolución económica do resto de España. | ▪ HEB4.4.1. Especifica as causas da engalaxe económica de Cataluña no século XVIII. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B4.5. A Ilustración en España e Galicia: proxectistas, anovadores e ilustrados; despotismo ilustrado; novo concepto de educación; Sociedades Económicas de Amigos do País; prensa periódica. | ▪ B4.5. Expor os conceptos fundamentais do pensamento ilustrado, identificando as súas vías de difusión. | ▪ HEB4.5.1. Comenta as ideas fundamentais da Ilustración e define o concepto de despotismo ilustrado. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ HEB4.5.2. Razoa a importancia das Sociedades Económicas de Amigos do País e da prensa periódica na difusión dos valores da Ilustración. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | Bloque 5. A crise do Antigo Réxime (1788-1833): Liberalismo fronte a Absolutismo | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B5.1. Impacto da Revolución Francesa: relacións entre España e Francia; Guerra da Independencia. | ▪ B5.1. Analizar as relacións entre España e Francia desde a Revolución Francesa ata a Guerra da Independencia, e especificar en cada fase os principais acontecementos e as súas repercusións para España. | ▪ HEB5.1.1. Resume os cambios que experimentan as relacións entre España e Francia desde a Revolución Francesa ata o comezo da Guerra de Independencia. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB5.1.2. Describe a Guerra da Independencia: as súas causas, a composición dos bandos en conflito e o desenvolvemento dos acon- | ▪ CCL<br>▪ CSC |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | tecementos. | |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B5.2. Primeiro intento de revolución liberal, Cortes de Cádiz e Constitución de 1812. | ▪ B5.2. Comentar o labor lexislador das Cortes de Cádiz, en relación co ideario do liberalismo. | ▪ HEB5.2.1. Compara as Cortes de Cádiz coas estamentais do Antigo Réxime. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HEB5.2.2. Comenta as características esenciais da Constitución de 1812. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B5.3. Reinado de Fernando VII: restauración do absolutismo; trienio liberal; reacción absolutista. | ▪ B5.3. Describir as fases do reinado de Fernando VII, e explicar os principais feitos de cada unha. | ▪ HEB5.3.1. Detalla as fases do conflito entre liberais e absolutistas durante o reinado de Fernando VII. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB5.3.2. Define o carlismo e resume a súa orixe e os apoios con que contaba inicialmente. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB5.3.3. Representa unha liña do tempo desde 1788 ata 1833 e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB5.3.4. Representa nun esquema as diferenzas, en canto a sistema político e estrutura social, entre o Antigo Réxime e o réxime liberal burgués. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B5.4. Emancipación da América española: protagonismo crioulo; fases do proceso; repercusións para España. | ▪ B5.4. Explicar o proceso de independencia das colonias americanas, diferenciando as súas causas e as súas fases, así como as repercusións económicas para España. | ▪ HEB5.4.1. Explica as causas e o desenvolvemento do proceso de independencia das colonias americanas. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB5.4.2. Especifica as repercusións económicas para España da | ▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | independencia das colonias americanas. | ▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B5.5. A obra de Goya como testemuño da época. | ▪ B5.5. Relacionar as pinturas e os gravados de Goya cos acontecementos deste período, e identificar nelas o reflexo da situación e os feitos contemporáneos. | ▪ HEB5.5.1. Procura información de interese (en libros e internet) sobre Goya e elabora unha breve exposición sobre a súa visión da guerra. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | Bloque 6. A conflitiva construción do Estado liberal (1833-1874) | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B6.1. O carlismo como derradeiro bastión absolutista: ideario e apoios sociais; as dúas primeiras guerras carlistas. | ▪ B6.1. Describir o fenómeno do carlismo como resistencia absolutista fronte á revolución liberal, analizando os seus compoñentes ideolóxicos, as súas bases sociais, a súa evolución no tempo e as súas consecuencias. | ▪ HEB6.1.1. Identifica o ámbito xeográfico do carlismo e explica o seu ideario e os seus apoios sociais. | ▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB6.1.2. Especifica as causas e consecuencias das dúas primeiras guerras carlistas. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB6.1.3. Representa unha liña do tempo desde 1833 ata 1874 e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B6.2. Triunfo e consolidación do liberalismo no reinado de Isabel II: primeiros partidos políticos; protagonismo político dos militares; lexislación económica de signo liberal; nova sociedade de clases. | ▪ B6.2. Analizar a transición definitiva do Antigo Réxime ao réxime liberal burgués durante o reinado de Isabel II, explicar o protagonismo dos militares e especificando os cambios políticos, económicos e sociais. | ▪ HEB6.2.1. Describe as características dos partidos políticos que xurdiron durante o reinado de Isabel II. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB6.2.2. Resume as etapas da evolución política do reinado de Isabel II desde a súa minoría de | ▪ CCL<br>▪ CSC |

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | idade, e explica o papel dos militares. | |
| | | | ▪ HEB6.2.3. Explica as medidas de liberalización do mercado da terra levadas a cabo durante o reinado de Isabel II. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB6.2.4. Compara as desamortizacións de Mendizábal e Madoz, e especifica os obxectivos dunha e outra. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB6.2.5. Especifica as características da nova sociedade de clases e compáraa coa sociedade estamental do Antigo Réxime. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B6.3. Proceso constitucional. | ▪ B6.3. Explicar o proceso constitucional durante o reinado de Isabel II, en relación coas correntes ideolóxicas dentro do liberalismo e a súa loita polo poder. | ▪ HEB6.3.1. Compara o Estatuto Real de 1834 e as Constitucións de 1837 e 1845. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B6.4. Sexenio Democrático: revolución de 1868 e caída da monarquía isabelina; procura de alternativas políticas e monarquía de Amadeo I; primeira República; guerra de Cuba, terceira guerra carlista e insurrección cantonal. | ▪ B6.4. Explicar o Sexenio Democrático como período de procura de alternativas democráticas á monarquía isabelina, especificando os grandes conflitos internos e externos que desestabilizaron o país. | ▪ HEB6.4.1. Explica as etapas políticas do Sexenio Democrático. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB6.4.2. Describe as características esenciais da Constitución democrática de 1869. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB6.4.3. Identifica os grandes conflitos do sexenio e explica as súas consecuencias políticas. | ▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ c<br>▪ d | ▪ B6.5. Inicios do movemento obreiro español: condicións de vida da | ▪ B6.5. Describir as condicións de vida das clases traballadoras e os | ▪ HEB6.5.1. Relaciona a evolución do movemento obreiro español | ▪ CCL<br>▪ CAA |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | poboación obreira e labrega; a Asociación Internacional de Traballadores e o xurdimento das correntes anarquista e socialista. | inicios do movemento obreiro en España, en relación co desenvolvemento do movemento obreiro internacional. | durante o Sexenio Democrático coa do movemento obreiro internacional. | ▪ CSC |
| | Bloque 7. A Restauración Borbónica: implantación e afianzamento dun novo sistema político (1874-1902) | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B7.1. Teoría e realidade do sistema canovista: inspiración no modelo inglés; a Constitución de 1876 e o bipartidismo; quenda de partidos, caciquismo e fraude electoral. | ▪ B7.1. Explicar o sistema político da Restauración, distinguindo a súa teoría e o seu funcionamento real. | ▪ HEB7.1.1. Explica os elementos fundamentais do sistema político ideado por Cánovas. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB7.1.2. Especifica as características esenciais da Constitución de 1876. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB7.1.3. Describe o funcionamento real do sistema político da Restauración. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB7.1.4. Representa unha liña do tempo desde 1874 ata 1902 e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B7.2. Oposición ao sistema: catalanismo, nacionalismo vasco, rexionalismo galego e movemento obreiro. | ▪ B7.2. Analizar os movementos políticos e sociais excluídos do sistema, especificando a súa evolución durante o período estudado. | ▪ HEB7.2.1. Resume a orixe e a evolución do catalanismo, o nacionalismo vasco e o rexionalismo galego. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ HEB7.2.2. Analiza as correntes ideolóxicas do movemento obreiro e labrego español, así como a súa evolución durante o derradeiro cuarto do século XIX. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B6.4. Características sociais e culturais de dous modelos políticos diferentes: comunismo e capitalismo. | ▪ B6.4. Comparar e analizar o modelo capitalista co comunista desde os puntos de vista político, social, económico e cultural, e exemplificar coa selección de feitos que durante este período afectan as dúas grandes superpotencias: a URSS e os Estados Unidos. | ▪ HMCB6.4.1. Explica algunhas características da economía capitalista a partir de gráficas. | ▪ CSC<br>▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ HMCB6.4.2. Explica algunhas características da economía comunista a partir de gráficos. | ▪ CSC<br>▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ HMCB6.4.3. Establece razoadamente e comparativamente as diferenzas entre o mundo capitalista e o comunista. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HMCB6.4.4. Identifica formas políticas do mundo occidental e do mundo comunista. | ▪ CSC<br>▪ CCL |
| | Bloque 7. A descolonización e o terceiro mundo | | | |
| ▪ a<br>▪ b | ▪ B7.1. Orixes, causas e factores da descolonización. | ▪ B7.1. Explicar os motivos e os feitos que conducen á descolonización, e establecer as causas e | ▪ HMCB7.1.1. Localiza nun mapa as zonas afectadas pola descolo- | ▪ CSC<br>▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | | os factores que explican o proceso. | nización e os seus conflitos. | ▪ CD |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B7.2. Etapas e modelos de descolonización. | ▪ B7.2. Describir as etapas e as consecuencias do proceso descolonizador, e identificar as que afectan a unhas colonias e a outras, establecendo feitos e personaxes significativos de cada proceso. | ▪ HMCB7.2.1. Establece de xeito razoado as causas, os feitos e os factores que desencadean e explican o proceso descolonización. | ▪ CSC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HMCB7.2.2. Identifica e compara as características da descolonización de Asia e de África. | ▪ CSC<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B7.3. Desenvolvemento do proceso descolonizador: papel da ONU. | ▪ B7.3. Definir o papel da ONU na descolonización, analizando información que demostre as súas actuacións. | ▪ HMCB7.3.1. Explica as actuacións da ONU no proceso descolonizador a partir de fontes históricas. | ▪ CSC<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ m | ▪ B7.4. O terceiro mundo e o Movemento de Países Non Aliñados: problemas dos países do terceiro mundo. | ▪ B7.4. Analizar o subdesenvolvemento do terceiro mundo e establecer as causas que o explican. | ▪ HMCB7.4.1. Analiza as características dos países do terceiro mundo a partir de gráficas. | ▪ CSC<br>▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ HMCB7.4.2. Localiza nun mapa os países do terceiro mundo. | ▪ CSC<br>▪ CD |
| | | | ▪ HMCB7.4.3. Analiza textos e imaxes do Movemento de Países Non Aliñados e dos países subdesenvolvidos. | ▪ CSC<br>▪ CCL |
| ▪ a | ▪ B7.5. Relacións entre os países | ▪ B7.5. Apreciar o nacemento da | ▪ HMCB7.5.1. Explica a evolución | ▪ CSC |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | desenvolvidos e non desenvolvidos; nacemento da axuda internacional. | axuda internacional e o xurdimento das relacións entre os países desenvolvidos e subdesenvolvidos, reproducindo as formas de axuda ao desenvolvemento e describindo as formas de neocolonialismo dentro da política de bloques. | das relacións entre os países desenvolvidos e os países en vías de desenvolvemento, comparando a axuda internacional coa intervención neocolonialista. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | Bloque 8. A crise do bloque comunista | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B8.1. A URSS e as democracias populares. | ▪ B8.1. Describir a situación da URSS a finais do século XX, establecendo os seus trazos máis significativos desde unha perspectiva política, social e económica. | ▪ HMCB8.1.1. Localiza nun mapa as repúblicas exsoviéticas e os países formados tras a caída do muro de Berlín. | ▪ CSC<br>▪ CD |
| | | | ▪ HMCB8.1.2. Elabora un eixe cronolóxico que ordena os acontecementos que explican a desintegración da URSS, a formación da CEI e o xurdimento das repúblicas exsoviéticas. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ HMCB8.1.3. Compara os países dos Balcáns desde os anos 80 ata a actualidade, utilizando mapas de situación. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B8.2. Irrupción de M. Gorbachov: Perestroika e Glasnost. | ▪ B8.2. Resumir as políticas de M. Gorbachov nomeando as disposicións concernentes á Perestroika e á Glasnost, e resaltar as súas influencias. | ▪ HMCB8.2.1. Describe os trazos políticos e socioeconómicos da URSS desde a época de Breznev ata a de Gorbachov. | ▪ CSC<br>▪ CCL |
| ▪ a | ▪ B8.3. Desintegración da URSS: CEI-Federación Rusa e as novas | ▪ B8.3. Analizar a situación creada co xurdimento da CEI e as repúbli- | ▪ HMCB8.3.1. Elabora un cadro sinóptico sobre a situación política | ▪ CSC |

| | Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i | repúblicas exsoviéticas. | cas exsoviéticas, recollendo informacións que resuman as novas circunstancias políticas e económicas. | e económica das repúblicas exsoviéticas e a CEI- Federación Rusa. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B8.4. Caída do muro de Berlín e evolución dos países de Europa central e oriental. | ▪ B8.4. Explicar a caída do muro de Berlín e nomear as súas repercusións nos países de Europa central e oriental. | ▪ HMCB8.4.1. Analiza imaxes que reflicten a caída do muro de Berlín. | ▪ CSC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HMCB8.4.2. Explica as novas relacións das repúblicas exsoviéticas con Europa occidental. | ▪ CSC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HMCB8.4.3. Realiza unha procura guiada en internet para explicar de maneira razoada a disolución do bloque comunista. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B8.5. Problema dos Balcáns. Guerra de Iugoslavia. | ▪ B8.5. Identificar o problema dos Balcáns, enumerar as causas do xurdimento de tal situación e resumir os feitos que configuran o desenvolvemento de conflitos nesta zona. | ▪ HMCB8.5.1. Describe comparativamente a evolución política dos países de Europa central e oriental tras a caída do muro de Berlín. | ▪ CSC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HMCB8.5.2. Describe e analiza as causas, o desenvolvemento e as consecuencias da guerra dos Balcáns, nomeadamente en Iugoslavia | ▪ CSC<br>▪ CCL |
| | Bloque 9. O mundo capitalista na segunda metade do século XX | | | |
| ▪ a<br>▪ b | ▪ B9.1. Pensamento e cultura da sociedade capitalista na segunda | ▪ B9.1. Distinguir os postulados que defende a cultura capitalista da segunda metade do século XX es- | ▪ HMCB9.1.1. Enumera as liñas de pensamento económico do mundo capitalista na segunda metade do | ▪ CSC<br>▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ m | metade do século XX. | tablecendo as liñas de pensamento e os logros obtidos. | século XX. | |
| | | | ▪ HMCB9.1.2. Explica o modelo capitalista dun país elaborando información a partir dunha procura guiada en internet | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ m | ▪ B9.2. Estado do benestar. | ▪ B9.2. Describir o Estado do benestar, aludindo ás características significativas que inflúen na vida cotiá. | ▪ HMCB9.2.1. Identifica razoadamente as características e símbolos do Estado do benestar. | ▪ CSC<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B9.3. Proceso de construción da Unión Europea: das Comunidades Europeas á Unión. | ▪ B9.3. Explicar o proceso de construción da Unión Europea enumerando os fitos máis destacados que configuran a súa evolución. | ▪ HMCB9.3.1. Elabora eixes cronolóxicos sobre o proceso de construción da Unión Europea. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B9.4. Obxectivos e institucións da Unión Europea. | ▪ B9.4. Coñecer os obxectivos da Unión Europea en relación coas institucións que compoñen a súa estrutura. | ▪ HMCB9.4.1. Relaciona razoadamente as institucións da Unión Europea cos obxectivos que esta persegue. | ▪ CSC<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c | ▪ B9.5. Evolución dos Estados Unidos: dos anos 60 aos 90. | ▪ B9.5. Describir a evolución política, social e económica dos Estados Unidos desde os anos 60 aos 90 do século XX, sintetizando os | ▪ HMCB9.5.1. Realiza un eixe cronolóxico dos feitos máis significativos de tipo político, social e económico dos Estados Unidos des- | ▪ CSC<br>▪ CMCCT<br>▪ |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h | | aspectos que explican a transformación da sociedade norteamericana e que constitúen elementos orixinarios do Estado do benestar. | de os anos 60 aos 90. | |
| | | | ▪ HMCB9.5.2. Selecciona e presenta mediante mapas ou redes conceptuais información referida aos Estados Unidos entre 1960 e 2000. | ▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B9.6. Xapón e os novos países asiáticos industrializados. | ▪ B9.6. Identificar as singularidades do capitalismo de Xapón e os novos países industriais asiáticos, establecendo trazos de carácter político, económico, social e cultural. | ▪ HMCB9.6.1. Establece razoadamente as características e os símbolos que explican aspectos singulares do capitalismo de Xapón e a área do Pacífico. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| | Bloque 10. O mundo actual desde unha perspectiva histórica | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m | ▪ B10.1. Globalización e medios de comunicación: impacto científico e tecnolóxico. Caída do muro de Berlín. Atentados de Nova York. A inmigración como fenómeno globalizado. | ▪ B10.1. Analizar as características da globalización e describir a influencia dos medios de comunicación neste fenómeno, así como o impacto dos medios científicos e tecnolóxicos na sociedade actual. | ▪ HMCB10.1.1. Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información existente en internet e noutros medios dixitais. | ▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HMCB10.1.2. Elabora un breve informe sobre as relacións entre inmigración e globalización a partir de fontes históricas. | ▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ HMCB10.1.3. Extrae conclusións de imaxes e material videográfico relacionados co mundo actual. | ▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ b | ▪ B10.2. A ameaza terrorista nun mundo globalizado. | ▪ B10.2. Describir os efectos da ameaza terrorista (yihadismo, etc.) sobre a vida cotiá, e explicar as | ▪ HMCB10.2.1. Realiza unha procura guiada en internet sobre a ameaza terrorista, organizacións | ▪ CSC<br>▪ CD |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ m | | súas características. | que a sustentan, actos máis relevantes (11-S de Nova York, 11-M de Madrid 7-X de Londres, etc.), os seus símbolos e as repercusións na sociedade (cidadanía ameazada, asociacións de vítimas, mediación en conflitos, etc.), e analiza e comunica a información máis relevante. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B10.3. Europa: reto e unión. | ▪ B10.3. Resumir os retos da Unión Europea no mundo actual, identificando os seus problemas para amosarse como zona xeopolítica unida fronte a outras áreas. | ▪ HMCB10.3.1. Identifica os retos actuais da Unión Europea a partir de novas xornalísticas seleccionadas. | ▪ CSC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HMCB10.3.2. Explica comparativamente os desaxustes da Unión Europea na relación con outros países ou áreas xeopolíticas. | ▪ CSC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B10.4. Trazos salientables da sociedade norteamericana a comezos do século XXI, tras os atentados do 11 de setembro de 2001. | ▪ B10.4. Enumerar os trazos salientables da sociedade norteamericana a comezos do século XXI identificando a transcendencia dos atentados do 11-S e explicando as transformacións e o impacto ocasionado a este país. | ▪ HMCB10.4.1. Elabora mapas conceptuais sobre os trazos da sociedade norteamericana, agrupados en política, sociedade, economía e cultura. | ▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B10.5. Hispanoamérica: situación actual. | ▪ B10.5. Analizar a evolución política, económica, social e cultural de Hispanoamérica. | ▪ HMCB10.5.1. Describe os principais movementos políticos, económicos, sociais e culturais da Hispanoamérica actual. | ▪ CSC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |

| | Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ n | | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ m | ▪ B10.6. O mundo islámico na actualidade. | ▪ B10.6. Describir a evolución do mundo islámico na actualidade, resumindo os seus trazos económicos, políticos, relixiosos e sociais. | ▪ HMCB10.6.1. Enumera e explica os trazos económicos, políticos, relixiosos e sociais do mundo islámico, e localiza nun mapa os países que o forman na actualidade. | ▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B10.7. África islámica, subsahariana e Sudáfrica. | ▪ B10.7. Distinguir a evolución dos países de África relacionando as súas zonas xeoestratéxicas. | ▪ HMCB10.7.1. Compara aspectos económicos, políticos, relixiosos e sociais entre os principais países do continente africano. | ▪ CSC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B10.8. A India e China do século XX ao XXI: evolución política, económica, social e de mentalidades. | ▪ B10.8. Resumir a evolución de China e a India desde finais do século XX ao século XXI, seleccionando trazos políticos, económicos, sociais e de mentalidades | ▪ HMCB10.8.1. Compara aspectos económicos, políticos, relixiosos e sociais de China e a India. | ▪ CSC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HMCB10.8.2. Compara aspectos económicos, políticos, relixiosos e sociais entre países emerxentes de Asia e África. | ▪ CSC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | Bloque 11. A historia contemporánea: o tempo histórico. Métodos e ferramentas propias da disciplina. | | | |
| ▪ h<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B11.1. Tempo histórico. | ▪ B11.1. Recoñecer que os acontecementos e procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía). | ▪ HMCB11.1.1. Recoñece que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía). | ▪ CSC<br>▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ e | ▪ B11.2. Fontes históricas. | ▪ B11.2. Localizar e seleccionar | ▪ HMCB11.2.1. Localiza e seleccio- | ▪ CSC |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ m<br>▪ i | | información escrita e gráfica salientable utilizando fontes primarias e secundarias (biblioteca, internet, etc.), e analizar a súa credibilidade. | na información escrita e gráfica salientable utilizando fontes primarias e secundarias, e analiza a súa credibilidade. | ▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ n | ▪ B11.3. Vocabulario histórico e artístico da Idade Contemporánea. | ▪ B11.3. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado. | ▪ HMCB11.3.1. Utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico necesario. | ▪ CSC<br>▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia
DOG Diario Oficial de Galicia
DOG Núm. 120 Luns, 29 de xuño de 2015 Páx. 25916

## Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial

### Introdución

O espírito emprendedor é un concepto que abrangue valores persoais tales como a creatividade, a disposición positiva para a innovación e o cambio, a confianza en si mesmo/a, a motivación de logro, o liderado, a aceptación do fracaso como fonte de experiencia, e as actitudes de cooperación e de traballo en equipo. Todas as persoas terán que emprender na súa vida persoal e laboral, terán que innovar e procurar novas respostas, no mundo globalizado e cambiante ao que se enfrontan, aínda que non todas logran levar a cabo un proxecto empresarial propio.

Formar cidadáns e cidadás capaces de asumir riscos, ser innovadores/as, con posibilidade de negociación e pensamento estratéxico, e con capacidade para o emprendemento constitúe o reto desta materia. Inclúe aspectos teóricos e prácticos orientados a preparar o alumnado para unha cidadanía responsable e para a vida profesional; axuda ao coñecemento das actividades e das necesidades das persoas emprendedoras, persegue que poidan responsabilizarse da súa propia carreira e do seu camiño persoal de formación, e da toma das decisións clave na súa vida, ademais da posibilidade de crear un negocio propio ou actuar como innovadores/as no traballo dentro dunha organización.

A estrutura desta materia consta de tres grandes bloques: o primeiro, titulado "Autonomía persoal, liderado e innovación", está centrado na descrición das calidades e as destrezas persoais asociadas á iniciativa emprendedora, no repaso das decisións sobre o itinerario vital e a actuación como futuro/a traballador/a; no segundo bloque, "Proxecto de empresa", repásanse as principais áreas e funcións da empresa co obxecto de pór en marcha o proxecto empresarial xurdido da idea de negocio xerado previamente; e para finalizar, un bloque que baixo o título de "Finanzas" analiza as alternativas con que conta a empresa para elixir a súa forma xurídica, as fontes de financiamento do seu proxecto empresarial,a necesidade de planificar as necesidades financeiras e as obrigas fiscais e prever a evolución do negocio, garantindo a súa viabilidade.

Esta materia contribúe ao desenvolvemento, ademais, da competencia de sentido de iniciativa emprendedora e espírito emprendedor, que incide na consecución do benestar económico e social da comunidade, así como das competencias de comunicación lingüística e matemática, e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, dixital, sociais e cívicas, e a competencia de aprender a aprender.

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

4º de ESO

| | Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Autonomía persoal, liderado e innovación | | | |
| ▪ e<br>▪ g | ▪ B1.1. Autonomía e autocoñecemento. A iniciativa emprendedora e o/a empresario/a na sociedade.<br>▪ B1.2. Intereses, aptitudes e motivacións persoais para a carreira profesional. | ▪ B1.1. Describir as calidades persoais e as destrezas asociadas á iniciativa emprendedora, analizando os requisitos de distintos postos de traballo e actividades empresariais. | ▪ IAEEB1.1.1. Identifica as calidades persoais, as actitudes, as aspiracións e a formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, e describe a actividade dos/das empresarios/as e o seu papel na xeración de traballo e benestar social. | ▪ CSIEE<br>▪ CAA |
| | | | ▪ IAEEB1.1.2. Investiga con medios telemáticos as áreas de actividade profesional do seu contorno, os tipos de empresa que as desenvolven e os postos de traballo en cada unha, razoando os requisitos para o desempeño profesional en cada un deles. | ▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ g | ▪ B1.3. Itinerarios formativos e carreiras profesionais. Proceso de procura de emprego en empresas do sector. Autoemprego. Proceso de toma de decisións sobre o itinerario persoal. | ▪ B1.2. Tomar decisións sobre o itinerario vital propio comprendendo as posibilidades de emprego, o autoemprego e a carreira profesional, en relación coas habilidades persoais e as alternativas de formación e aprendizaxe ao longo da vida. | ▪ IAEEB1.2.1. Deseña un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do ámbito coas calidades e as aspiracións persoais, e valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ g<br>▪ m | ▪ B1.4. Dereito do traballo.<br>▪ B1.5. Dereitos e deberes derivados da relación laboral.<br>▪ B1.6. Contrato de traballo e negociación colectiva. | ▪ B1.3. Actuar como futuro/a traballador/a responsable coñecendo os seus dereitos e deberes como tal, valorando a acción do Estado e da Seguridade Social na protección da persoa empregada, e compren- | ▪ IAEEB1.3.1. Identifica as normas e as institucións que interveñen nas relacións entre os/as traballadores/as e as empresas, en relación co funcionamento do mercado de traballo. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | ▪ B1.7. Seguridade Social. Sistema de protección. Emprego e desemprego.<br>▪ B1.8. Protección do/da traballador/a e beneficios sociais.<br>▪ B1.9. Riscos laborais. Normas. Planificación da protección na empresa. | dendo a necesidade de protección dos riscos laborais. | ▪ IAEEB1.3.2. Distingue os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e compróbaos en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ IAEEB1.3.3. Describe as bases do sistema da Seguridade Social e as obrigas dos/das traballadores/as e dos/das empresarios/as dentro deste, así como as prestacións mediante procuras nas web institucionais, valorando a súa acción protectora ante as continxencias cubertas. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ IAEEB1.3.4. Identifica as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica máis salientables no ámbito, e indica os métodos de prevención legalmente establecidos, así como as técnicas de primeiros auxilios aplicables en caso de accidente ou dano. | ▪ CSIEE<br>▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| | Bloque 2. Proxecto de empresa | | | |
| ▪ d<br>▪ g | ▪ B2.1. Idea de proxecto de empresa. Avaliación da idea. O contorno e o papel social da empresa.<br>▪ B2.2. Elementos e estrutura da empresa.<br>▪ B2.3. Plan de empresa.<br>▪ B2.4. Planificación na empresa. | ▪ B2.1. Crear un proxecto de empresa na aula e describir as características internas e a súa relación co contorno, así como a súa función social, identificando os elementos que constitúen a súa rede loxística como provedores/as, clientela, sistemas de produción e comercialización, redes de alma- | ▪ IAEEB2.1.1. Determina a oportunidade dun proxecto de empresa, identificando as características e tomando parte na actividade que a empresa desenvolve. | ▪ CSIEE<br>▪ CAA |
| | | | ▪ IAEEB2.1.2. Identifica as características internas e externas da empresa en proxecto, así como os | ▪ CSIEE<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |

| | Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | cenaxe, etc. | elementos que constitúen o contorno específico desta (mercado, provedores/as, clientela, sistemas de produción e/ou comercialización, almacenaxe, etc.). | |
| | | | ▪ IAEEB2.1.3. Describe a relación da empresa proxectada co seu sector, a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento, e identifica os procedementos de traballo no desenvolvemento do proceso produtivo ou comercial. | ▪ CSIEE<br>▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ IAEEB2.1.4. Elabora documentos para a planificación das funcións da empresa en proxecto, tanto a longo como a curto prazo. | ▪ CCL<br>▪ CSIEE<br>▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.5. Información na empresa. Información contable. Información de recursos humanos. Documentos comerciais de cobramento e pagamento. Arquivo. | ▪ B2.2. Identificar e organizar a información das áreas da empresa en proxecto aplicando os métodos correspondentes á tramitación documental empresarial. | ▪ IAEEB2.2.1. Manexa como usuario/a de nivel básico aplicacións informáticas de control e seguimento de clientela, provedores/as e outros, aplicando as técnicas básicas de contabilidade, xestión financeira e comercial e administración de persoal, para a organización da información da empresa proxectada. | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| | | | ▪ IAEEB2.2.2. Transmite información entre as áreas e a clientela da empresa en proxecto, recoñecendo e aplicando técnicas de comunicación e negociación, e aplicando o tratamento protocolario axeitado mediante medios telemáticos e | ▪ CCL<br>▪ CSIEE<br>▪ CD<br>▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | presenciais. | |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B2.6. Actividades na empresa. Función de produción. Función comercial e de márketing.<br>▪ B2.7. Axudas e apoio á creación de empresas. | ▪ B2.3. Realizar actividades de produción e comercialización propias da empresa proxectada, aplicando técnicas de comunicación e traballo en equipo. | ▪ IAEEB2.3.1. Crea materiais publicitarios e para a difusión dos produtos e/ou servizos obxecto do proxecto, e elabora un plan de comunicación en internet e en redes sociais, aplicando os principios do márketing. | ▪ CCL<br>▪ CSIEE<br>▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ IAEEB2.3.2. Desenvolve tarefas de produción e/ou comercialización na empresa en proxecto segundo os plans de control prefixados: simulando a toma de decisións para cumprir os prazos e os obxectivos establecidos e propondo melloras, mediante o traballo en equipo. | ▪ CSIEE<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| | | | ▪ IAEEB2.3.3. Compila datos sobre os apoios á creación de empresas tanto do contorno próximo como do territorial, estatal ou europeo, e selecciona as posibilidades que se axusten ao proxecto de empresa formulado. | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 3. Finanzas | | | |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B3.1. Tipos de empresa segundo a súa forma xurídica.<br>▪ B3.2. Elección da forma xurídica.<br>▪ B3.3. Trámites de posta en marcha dunha empresa. | ▪ B3.1. Describir as formas xurídicas das empresas en relación coas responsabilidades legais dos/das seus/súas propietarios/a e xestores/as, así como coas esixencias de capital. | ▪ IAEEB3.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e indica as esixencias de capital e responsabilidades propias de cada tipo. | ▪ CSIEE<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ IAEEB3.1.2. Identifica e enumera as administracións públicas impli- | ▪ CD<br>▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | cadas na posta en marcha de empresas, e compila por vía telemática os principais documentos necesarios para a posta en funcionamento. | ▪ CSIEE |
| | | | ▪ IAEEB3.1.3. Valora as tarefas de apoio, rexistro, control e fiscalización que realizan as autoridades no proceso de creación de empresas, e describe os trámites que se deben realizar. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ IAEEB3.1.4. Selecciona a forma xurídica máis axeitada en cada caso segundo a actividade que se vaia desenvolver, o número de emprendedores/as, o alcance da responsabilidade que se vaia asumir, a complexidade organizativa, a dispoñibilidade financeira e a fiscalidade. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B3.4. Fontes de financiamento das empresas: externas (bancos, axudas e subvencións, e crowdfunding) e internas (accionistas, investidores/as e aplicación de beneficios).<br>▪ B3.5. Produtos financeiros e bancarios para pequenas e medianas empresas (PME): comparación. | ▪ B3.2. Identificar as fontes de financiamento das empresas propias de cada forma xurídica, incluíndo as externas e internas, e valorar as máis axeitadas para cada tipo e momento no ciclo de vida da empresa. | ▪ IAEEB3.2.1. Determina os investimentos necesarios para a posta en marcha dunha empresa, e distingue as principais partidas relacionadas nun balance de situación. | ▪ CSIEE<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ IAEEB3.2.2. Caracteriza de xeito básico as posibilidades de financiamento das empresas, diferenciando o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B3.6. Planificación financeira das empresas. Estudo de viabilidade económico-financeira. Proxección da actividade. Instrumentos de análise. Razóns básicas.<br>▪ B3.7. Impostos que afectan as empresas. Calendario fiscal. | ▪ B3.3. Recoñecer a necesidade de planificar o negocio das empresas ligándoa á previsión da evolución do sector e da economía nacional, así como da planificación financeira e fiscal. | ▪ IAEEB3.3.1. Presenta un estudo de viabilidade económico-financeiro a medio prazo do proxecto de empresa, aplicando condicións reais de produtos financeiros analizados e previsións de vendas, segundo un estudo do ámbito mediante unha aplicación informática tipo folla de cálculo, manexando razóns financeiras básicas. | ▪ CD<br>▪ CSIEE<br>▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ IAEEB3.3.2. Analiza os produtos financeiros máis axeitados de entre as entidades financeiras do ámbito para cada tipo de empresa, valorando o custo e o risco de cada un, e selecciona os máis acaído para o proxecto de empresa. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ IAEEB3.3.3. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa actividade e a súa forma xurídica, sinala o funcionamento básico do IAE, IVE, IRPF e IS, e indica as principais diferenzas entre eles. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ IAEEB3.3.4. Valora a achega que supón a carga impositiva das empresas á riqueza nacional e ao sostemento das cargas do Estado. | ▪ CSC<br>▪ CAA |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia
DOG Diario Oficial de Galicia
DOG Núm. 120 Luns, 29 de xuño de 2015 Páx. 25923

## Latín

### Introdución

O papel heurístico das linguas constitúe un reto para o sistema educativo, pois son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. E as linguas achégannos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais.

A lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo, como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. Neste marco, a formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, ademais de sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician.

O Consello de Europa, a través de sucesivos proxectos, está comprometido nunha política lingüística dirixida a protexer e desenvolver a herdanza lingüística e a diversidade cultural de Europa como fonte de enriquecemento mutuo, así como a facilitar a mobilidade persoal dos seus cidadáns e das súas cidadás, e o intercambio de ideas. O Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER), publicado en 2001, é un documento de particular transcendencia, non só como ferramenta práctica para propiciar a reflexión sobre o ensino das linguas e a transparencia de cursos, programas e titulacións entre os estados e dentro deles, senón tamén polo recoñecemento da competencia plurilingüe e intercultural, que transcende o concepto de multilingüismo, no seu día piar dos enfoques das políticas lingüísticas máis abertas ao recoñecemento da diversidade. Hoxe, o MCER constitúe unha referencia para proxectos e documentos clave do Consello de Europa, como a "Guía para a elaboración e posta en marcha de currículos para unha educación plurilingüe e intercultural" (2010), na que se desenvolve a noción de plurilingüismo como eixe dun enfoque centrado na rede de relacións entre distintas linguas e culturas. Nesta mesma liña, enmárcanse o informe do Foro Intergobernamental Europeo "O dereito dos estudantes á calidade e á equidade en educación. O papel das competencias lingüísticas e interculturais", mantido en Xenebra en novembro 2010, e a Conferencia intergobernamental "Calidade e inclusión en educación: o papel único das linguas", mantida en Estrasburgo en setembro de 2013. En ambos os foros europeos, recoñécese a importancia da competencia lingüísti-

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



ca e da circulación de competencias entre as linguas para lograr un maior dominio da linguaxe, clave para a inclusión social e o éxito escolar.

A educación plurilingüe e intercultural considera, con carácter xeral, a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de maneira específica, os enfoques plurais transversais e integradores no seu ensino e na súa aprendizaxe. A súa finalidade é retirar barreiras artificiais entre as linguas, encerradas tradicionalmente nos sistemas escolares en compartimentos estancos, e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Xa que logo, o/a aprendiz plurilingüe realizará transferencias de coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutra lingua diferente. Esta capacidade de transferencia non só permite descubrir as regularidades dunha lingua total ou parcialmente descoñecida e relacionalas, desde o punto de vista teórico, coas regularidades observadas noutras linguas que coñece, ou identificar termos emparentados en todas as linguas, senón que, ademais, promove a tolerancia perante palabras descoñecidas, nomeadamente importante nos contextos de comprensión que necesitan a fluidez, como son a lectura extensiva e a comprensión de textos orais sen posibilidade de verificación do entendido. A competencia plurilingüe facilitará, daquela, a inferencia de significados e o desenvolvemento de competencias heurísticas eficaces para identificar os elementos esenciais e secundarios nun texto descoñecido.

Pola súa banda, mediante o diálogo intercultural póñense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son o recoñecemento do outro como lexítimo, o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas, a aceptación da diversidade persoal, social e cultural, e o respecto dos dereitos fundamentais.

No contexto escolar, a aprendizaxe das linguas está dirixida ao logro de obxectivos similares, aínda que con diferentes niveis de dominio. Por iso, un estudo integrado de todas as linguas posibilita, por unha banda, que os contidos, os procesos e as estratexias que se traballan nunha lingua sexan igualmente utilizados nas actividades lingüísticas de comprensión e produción nas demais e, por outra, que se poida focalizar, no proceso de ensino e aprendizaxe, nos elementos diferenciadores e en todos aqueles aspectos que teñen incidencia directa na capacidade de comunicarse adecuadamente. Así, o coñecemento morfolóxico ou léxico dunha lingua pode axudar á comprensión noutra lingua; as estratexias de comprensión de lectura desenvolvidas nunha lingua poden ser transferidas para a lectura noutros idiomas; o coñecemento da estrutura dos textos descritivos permitirá producilos en calquera lingua; e o coñecemento das normas que ordenan as relacións entre xeracións, sexos, clases e grupos sociais nunha lingua, informa e sensibiliza sobre a necesidade de coñecer e respectar as normas que rexen a dimensión social do uso da lingua noutra comunidade lingüística.

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



Por outra banda, o tratamento integrado das linguas debe considerar o punto de partida diferente de cada unha delas. Xa que logo, non se pode esquecer a situación de minorización da lingua galega, que cómpre atender e dinamizar adecuadamente. Con esa finalidade, é preciso favorecer o uso e a aprendizaxe desta lingua de xeito que se impulse a súa normalización e se venzan as dificultades da súa menor presenza e repercusión social, motivadas en moitos casos por prexuízos que é necesario desmontar e superar. O alumnado galego debe rematar a súa escolarización co nivel de usuario competente nas dúas linguas oficiais, galego e castelán, o que implica a utilización adecuada e eficaz das dúas linguas nun amplo repertorio de situacións comunicativas, propias de diferentes ámbitos, cun grao crecente de formalidade e complexidade.

Finalmente, a situación de sociedade multilingüe e plural na que vivimos solicita un enfoque metodolóxico de carácter plurilingüe que potencie o desenvolvemento comunicativo do alumnado nas linguas que adquira ao longo da súa vida, con independencia da diferenza de fins e niveis de dominio con que as utilice, e que os faga conscientes da riqueza que supón ser unha persoa plurilingüe para o desenvolvemento cognitivo e social, e o éxito escolar. Isto implica un tratamento integrado das linguas que o alumnado está a aprender nas aulas. No caso das áreas de Lingua Castelá e Literatura e de Lingua Galega e Literatura, os currículos presentan contidos similares en gran medida, e unha distribución igualmente similar en cada un dos cursos que conforman a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato. Evidentemente, cada lingua ten as súas características propias, que requiren un tratamento e un traballo específicos, pero hai determinados aspectos do currículo que, pola afinidade ou similitude que presentan en ambas as áreas, precisan ben seren abordados de maneira parella, ben seren presentados só nunha lingua pero traballados e practicados en cada unha delas, e utilizar a mesma terminoloxía nas dúas linguas para non dificultar innecesariamente o proceso de aprendizaxe do alumnado. Por tanto, o profesorado implicado no proceso de ensino e aprendizaxe de Lingua Castelá e Literatura e de Lingua Galega e Literatura, en cada curso de ambas as etapas, deberá organizar o seu labor nun currículo integrado, que transcenda as linguas nas que un/unha aprendiz sexa capaz de comunicarse. Isto supón recoñecer a existencia dunha competencia global para a comunicación lingüística e implica non só evitar a repetición de contidos nos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua, como son as estratexias de lectura ou o proceso de escritura, a tipoloxía textual ou a definición de termos lingüísticos; senón tamén, e especialmente, priorizar a realización de actividades comunicativas de produción e comprensión de textos orais e escritos, pois destas depende o desenvolvemento da competencia xeral en comunicación lingüística.

Ademais, nos centros docentes teñen presenza linguas estranxeiras que tamén se abordan na aula desde un enfoque comunicativo e intercultural, pois o coñecemento dos valores e as crenzas compartidas por grupos sociais doutros países resulta esencial para a comunicación nesta sociedade globalizada. Así, para o tratamento integrado

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

de linguas é preciso que, igual que acontece non caso das dúas linguas cooficiais, haxa unha coordinación entre o profesorado destas e o de linguas estranxeiras, para evitar a repetición de contidos na liña das que se mencionaron para as linguas ambientais, e para unificar a terminoloxía. Non se pode esquecer que o achegamento do alumnado á lingua estranxeira se produce, na maior parte dos casos, partindo das linguas próximas, a materna e ambientais.

Igualmente presentes nas aulas están as linguas clásicas, o latín e o grego, cuxo estudo a nivel fonético, morfosintáctico e léxico proporciona unha sólida base para o perfeccionamento no manexo doutras linguas. Desempeñan, pois, un papel relevante como soporte lingüístico da maioría das linguas e para a comprensión do léxico culto que forma gran parte da terminoloxía científica e técnica actual nas linguas que o alumnado coñece ou estuda; sen esquecer o enriquecemento cultural que lle proporciona o coñecemento dos aspectos que se inclúen na civilización clásica, berce da Europa actual, como son, entre outros, a mitoloxía, a relixión ou as súas creacións literarias e artísticas, que tanta influencia tiveron en épocas posteriores e seguen a ter hoxe en día. Xa que logo, é esencial a incorporación das linguas clásicas ao currículo integrado das linguas, para reforzar a reflexión lingüística do noso alumnado e fortalecer o seu acceso á cultura literaria.

Resulta obvio que, para a posta en práctica destes currículos integrados e o logro dos obxectivos plurilingües e interculturais que se perseguen, o profesorado é un elemento determinante, xa que deberá potenciar unha metodoloxía adecuada para levar a cabo enfoques comunicativos e proxectos plurais e transversais, promover a reflexión metacomunicativa e metalingüística e o contraste entre linguas, ou asegurar accións coordinadas entre os departamentos lingüísticos para decidir, entre outros, desde que lingua abordar o estudo dos xéneros discursivos ou as estratexias e os procesos cognitivos que están na base das actividades lingüísticas. Todo isto coa finalidade de construír en cada centro docente a coherencia pedagóxica no ensino das linguas.

As materias cuxos currículos se desenvolven ao abeiro desta introdución, as linguas, teñen como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Así, achegan as ferramentas e os coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoria e eficazmente en calquera situación de comunicación da vida privada, social e profesional. Eses coñecementos, que articulan os procesos de comprensión e expresión oral por unha banda, e de comprensión e expresión escrita por outra, constitúen instrumentos esenciais para a aprendizaxe no ámbito educativo e, posteriormente, ao longo da vida.

A reflexión literaria, presente nun bloque de contidos nas linguas ambientais, o galego e o castelán, e nas linguas clásicas, a través da lectura, mediante a comprensión e interpretación de textos significativos favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/das estudantes, dá-

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



lles acceso á memoria, á creatividade, á imaxinación, á descuberta das outras persoas, ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfróntaos/as a situacións, sentimentos e emocións nunca experimentados, que enriquecen a súa visión do mundo e favorecen o coñecemento deles/as mesmos/as.

En definitiva, estas materias lingüísticas perseguen o obxectivo último de contribuír á formación de cidadáns e cidadás cunha competencia comunicativa que lles permita interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida. Isto esixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e das outras linguas que estudan e coñecen, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo, de formar as súas opinións, propias, claras e fundamentadas, e de gozar, a través da lectura crítica de obras literarias.

A materia de Latín na etapa da ESO ten como principal finalidade introducir o alumnado no coñecemento dos aspectos esenciais da lingua e da cultura latinas, facendo fincapé ao mesmo tempo no papel que estas desempeñan en tanto que orixe e fundamento das linguas romances e da cultura occidental, o que coñecemos como herdanza clásica.

Esta mesma perspectiva está tamén presente no currículo básico para bacharelato, malia perseguirse nesta etapa un estudo máis en profundidade da lingua, xa que, ben pola súa estrutura interna de funcionamento, ben polo seu caudal léxico, está moi presente nas linguas utilizadas e estudadas polos alumnos e as alumnas.

O estudo do latín como lingua flexiva proporciona mediante a comparación unha sólida base científica para o estudo e o perfeccionamento progresivo no manexo doutras linguas.

O idioma latino, logo de adquiridos uns mínimos coñecementos sobre os seus mecanismos morfosintácticos e o seu léxico, permite entender as linguas romances como resultado dunha evolución e atopar paralelismos entre elas que axuden no seu estudo.

O estudo da orixe e a evolución do latín ás linguas romances proporciónalle ao alumnado os instrumentos necesarios para comprender e analizar os procesos de cambios fonéticos, morfosintácticos e semánticos que deron lugar aos procedementos que rexen hoxe as súas linguas, e axuda a incrementar de xeito notable o seu léxico. A reflexión sobre o léxico coñecido, a adquisición de novas palabras e a comprensión das estruturas da lingua latina interveñen de xeito notable no uso máis eficaz da lingua propia como instrumento de aprendizaxe, comunicación e interpretación da realidade.

É recomendable comezar o estudo do latín de cuarto de ESO cun método natural, no que as regras morfosintácticas se deduzan da práctica da lectura e da tradución, deixando para os cursos de primeiro e segundo de bacharelato un estudo máis pormenorizado.

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



O estudo da herdanza clásica, obxecto desta materia, non só está presente na lingua latina, pois abordará tamén os diferentes aspectos que se inclúen no que coñecemos como civilización latina, berce da Europa actual. Ademais da descrición do seu marco xeográfico e do estudo dos principais fitos históricos, haberá lugar tamén para unha análise das súas estruturas sociopolíticas, da súa vida cotiá, e manifestacións culturais como os espectáculos públicos ou as súas creacións literarias e artísticas, a enxeñaría e o urbanismo, a mitoloxía e a relixión.

Partindo desta perspectiva, o estudo da materia organízase en bloques que, con lixeiros matices, se repiten en todos os cursos.

Os devanditos bloques refírense tanto a cuestións lingüísticas como a temas culturais, tendo en conta que ambos os dous aspectos constitúen dúas facetas inseparables e complementarias para o estudo da civilización romana, sen as que non é posible apreciar a importancia do legado latino na súa verdadeira dimensión.

O primeiro destes bloques estuda o latín como orixe das linguas romances e ten un trato lixeiramente diferente para os cursos de cuarto de ESO e primeiro de bacharelato, e o curso de segundo de bacharelato. Os contidos dos dous primeiros cursos comezan coa análise das linguas do mundo, para seguir co estudo do indoeuropeo e as súas familias lingüísticas, a orixe, a evolución e as etapas do latín e as linguas romances. A continuación, e xa para os tres cursos, preténdese analizar o papel que desempeñou a lingua latina na formación do galego, do castelán e das demais linguas romances que se falan na actualidade en Europa e noutros países do mundo, mediante o estudo do mantemento de elementos lingüísticos latinos nesas linguas e a análise dos procesos de evolución fonética, morfosintáctica e semántica.

O seguinte bloque, deseñado só para latín de cuarto de ESO e primeiro de bacharelato, aborda os elementos básicos da lingua latina, comezando por percorrer os sistemas de escritura coñecidos, para analizar despois a orixe e a evolución do abecedario latino e a súa pronuncia.

Os dous bloques seguintes, comúns aos tres cursos, tratan aspectos netamente lingüísticos, centrándose desta vez na morfoloxía e na sintaxe, os outros dous niveis de descrición e explicación do sistema, ademais da fonética e a semántica, dúas realidades inseparables que conforman e integran o aspecto gramatical. Preténdese iniciar o alumnado no concepto de flexión, estudando a estrutura interna das palabras e os elementos formais destas que serven para definir a relación que manteñen con outras dentro da oración. A sintaxe tamén se ocupa de estudar as estruturas oracionais latinas e os elementos que definen as súas construcións máis características, introducindo progresivamente niveis de maior complexidade, co propósito fundamental da comprensión e a interpretación dos textos.

DOG Diario Oficial de Galicia

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



Nos cursos de cuarto de ESO e primeiro de bacharelato dedicouse un bloque ao estudo da civilización latina, co fin de identificar non só os feitos máis importantes da súa historia, senón tamén os aspectos propios da súa organización política, social e militar, e da súa identidade cultural, sen esquecer o estudo da vida cotiá, a relixión e a mitoloxía, cuxa influencia resulta decisiva para a configuración do imaxinario occidental. Preténdese tamén iniciar o alumnado no coñecemento dalgunhas das manifestacións artísticas máis significativas da antigüidade romana, entre as que destacan por unha banda as relativas ás artes plásticas e, máis concretamente, a escultura e a arquitectura, e pola outra, as literarias.

O estudo máis en profundidade destas últimas resérvase para o curso de segundo de bacharelato, que conta cun bloque específico para a literatura latina, no que un mellor coñecemento da lingua lle permitirá ao alumnado entrar en contacto directo con algúns fragmentos das obras orixinais, afondando deste xeito na comprensión dos textos literarios clásicos latinos para comprender as claves da sociedade en que viron a luz e valorar a influencia que os autores latinos tiveron ao longo dos séculos.

Se, como dixemos, a lingua e a cultura constitúen dúas realidades inseparables e complementarias para afondar no coñecemento da civilización latina, non existe mellor instrumento para o estudo de ambas que os propios textos, aos que está dedicado outro dos bloques de contidos previstos en todos os cursos. Preténdese deste xeito facer fincapé na necesidade de estudar desde o primeiro momento a lingua no seu contexto real, como mecanismo de expresión intelectual e estética no que se exemplifican os contidos lingüísticos estudados. Para lograr este obxectivo, ademais do labor de tradución, deberase tratar o latín como unha lingua viva coa que traballar tamén a comunicación oral e escrita.

Por último, nos tres cursos dedícase un bloque ao estudo do léxico, entendendo que este resulta imprescindible para avanzar no coñecemento de calquera lingua. Dentro deste ámbito préstase especial atención á etimoloxía, non só porque esta serve para pór de manifesto o mantemento das raíces latinas nas linguas modernas, senón ademais porque axuda o alumnado a adquirir unha mellor comprensión da súa propia lingua, axudándolle a precisar o significado de termos coñecidos ou a descubrir o de outros que non utilizara anteriormente, e incorporándoos ao seu vocabulario habitual. Así, dedícase un especial interese á composición e á derivación culta, onde se analizan prefixos, lexemas e sufixos de orixe grega e latina.

Abondando nesta última idea, abórdase o estudo das locucións e as expresións latinas de uso actual, non só para coñecer o seu significado, senón tamén para saber empregalas nun contexto adecuado.

A comunicación lingüística é a competencia clave que máis presenza terá na materia de Latín, xa que o estudo da lingua latina, da súa orixe e evolución, do seu funcionamento interno, do seu léxico e dos seus textos redundará

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



DOG Diario Oficial de Galicia

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

sen dúbida nun maior coñecemento e dominio das linguas propias. Non obstante, deberase ter en conta tamén o tratamento das outras competencias.

O labor de tradución non só constitúe por si mesmo un importante exercicio intelectual, senón que ao mesmo tempo estimula a memoria, a lóxica de pensamento e os hábitos de disciplina no estudo, mellorando o razoamento e impulsando a competencia clave de aprender a aprender.

A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía poden ser traballadas nos temas de cultura e civilización latinas, nomeadamente na educación en Roma, no urbanismo e na enxeñaría romana, e as vías de comunicación, en tanto que manifestacións da actividade humana.

A competencia dixital deberá estar presente en todo momento. A procura de información na rede, a súa selección crítica e a súa utilización, entendidas como un proceso guiado polo/pola profesor/a, deberá servirnos para programar traballos colaborativos e producir novos materiais para pór á disposición da comunidade educativa.

As competencias sociais e cívicas poden ser traballadas particularmente nos bloques referidos á civilización. A vida no mundo romano, na súa dimensión político-social ou relixiosa préstase sempre á valoración e á comparación co mundo actual, salientando semellanzas e diferenzas, e fomentando un xuízo crítico da realidade. Deste xeito, cobran nova forza conceptos como democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e diversidade.

A competencia en conciencia e expresión cultural está moi presente, ademais de no estudo da literatura latina, nos contidos referidos ás artes plásticas en Roma, o urbanismo e a romanización de Hispania e da Gallaecia. Coñecer e valorar todas estas manifestacións culturais artísticas, diferenciando xéneros e estilos, recoñecendo canons estéticos ou tópicos literarios, lévanos a consideralas como parte do patrimonio dos pobos e a apreciar dun xeito especial aquelas que están dentro do noso contexto, ben sexa nas páxinas dun libro, ben nun museo ou nun depósito arqueolóxico.

A competencia que traballa o sentido da iniciativa e o espírito emprendedor estará presente sobre todo nos bloques de contidos non lingüísticos, para aproveitar a metodoloxía do traballo en grupo de xeito responsable e proactivo.

4º de ESO

| | Latín. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |

| | Latín. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances | | | |
| ▪ f<br>▪ ñ<br>▪ o | ▪ B1.1. Marco xeográfico da lingua. | ▪ B1.1. Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lingua latina. | ▪ LAB1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa en distintos períodos a civilización romana, delimitando o seu ámbito de influencia e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica. | ▪ CMCCT<br>▪ CCEC<br>▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSC |
| ▪ e<br>▪ ñ<br>▪ o | ▪ B1.2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas. | ▪ B1.2. Identificar o indoeuropeo como a lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa actualmente. | ▪ LAB.1.2.1. Define o indoeuropeo e recoñece as linguas indoeuropeas e as súas familias, delimitando nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión. | ▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| ▪ l<br>▪ ñ<br>▪ o | ▪ B1.2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas. | ▪ B1.3. Agrupar as linguas indoeuropeas en familias lingüísticas e localizalas nun mapa. | ▪ LAB.1.3.1. Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CD |
| ▪ l<br>▪ ñ<br>▪ o | ▪ B1.3. Linguas de España: linguas romances e non romances. | ▪ B1.4. Coñecer as orixes das linguas faladas en España, clasificalas e localizalas nun mapa. | ▪ LAB1.4.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CD |
| ▪ f<br>▪ ñ<br>▪ o | ▪ B1.4. Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. | ▪ B1.5. Distinguir e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. | ▪ LAB.1.5.1. Identifica e diferencia palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos, en relación co termo de orixe. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ b | ▪ B1.5. Nocións básicas de evolución | ▪ B1.6. Coñecer e aplicar as regras | ▪ LAB.1.6.1. Realiza evolucións de | ▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Latín. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ ñ<br>▪ o | fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán. | fundamentais da evolución fonética do latín ao galego e ao castelán, partindo dos étimos latinos. | termos latinos ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución. | ▪ CAA |
| | Bloque 2. Sistema da lingua latina: elementos básicos | | | |
| ▪ e | ▪ B2.1. Orixes da escritura. Sistemas de escritura. | ▪ B2.1. Coñecer diferentes sistemas de escritura e distinguilos do alfabeto. | ▪ LAB2.1.1. Recoñece diferentes tipos de escritura e clasifícaos consonte a súa natureza e a súa función. | ▪ CD<br>▪ CCEC |
| ▪ e | ▪ B2.2. Orixes do alfabeto latino. | ▪ B2.2. Coñecer a orixe do alfabeto nas linguas modernas e identificar os tipos de alfabeto empregados hoxe en día en Europa. | ▪ LAB2.2.1. Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do abecedario latino, sinala as principais adaptacións que se producen en cada unha delas, recoñece os tipos de alfabetos usados actualmente en Europa e relaciona cada un coas linguas que os empregan. | ▪ CAA<br>▪ CD |
| ▪ h | ▪ B2.3. Pronuncia do latín. | ▪ B2.3. Coñecer e aplicar con corrección as normas básicas de pronuncia en latín. | ▪ LAB2.3.1. Le en voz alta textos latinos de certa extensión coa pronuncia correcta. | ▪ CCL |
| | Bloque 3. Morfoloxía | | | |
| ▪ b | ▪ B3.1. Formantes das palabras. | ▪ B3.1. Identificar e distinguir os formantes das palabras. | ▪ LAB3.1.1. Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma. | ▪ CMCCT<br>▪ CCL |
| ▪ e | ▪ B3.2. Tipos de palabras: variables e invariables. | ▪ B3.2. Distinguir e clasificar tipos de palabras. | ▪ LAB3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas. | ▪ CAA<br>▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Latín. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ e<br>▪ b | ▪ B3.3. Concepto de declinación e conxugación. | ▪ B3.3. Comprender o concepto de declinación e conxugación. | ▪ LAB3.3.1. Define o concepto de declinación e conxugación. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B3.4. Flexión nominal e pronominal: substantivos, adxectivos e pronomes. | ▪ B3.4. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa categoría e declinación, enuncialas e declinalas correctamente. | ▪ LAB3.4.1. Enuncia correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distíngueos a partir do seu enunciado e clasifícaos segundo a súa categoría e a súa declinación. | ▪ CD<br>▪ CCL |
| | | | ▪ LAB3.4.2. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B3.5. Flexión verbal. | ▪ B3.5. Coñecer as conxugacións, encadrar os verbos dentro da súa conxugación, enuncialos e conxugalos correctamente. | ▪ LAB3.5.1. Identifica as conxugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conxugación a partir do seu enunciado. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ LAB3.5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e recoñece a partir destas os modelos de conxugación. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ e<br>▪ b<br>▪ h<br>▪ ñ<br>▪ o | ▪ B3.5. Flexión verbal. | ▪ B3.6. Recoñecer as formas dos tempos verbais formados a partir do tema de presente e perfecto, tanto en voz activa como en voz pasiva, así como as formas non persoais do verbo: infinitivo de presente activo e participio de perfecto. | ▪ LAB3.6.1. Identifica correctamente as principais formas derivadas de cada tema verbal latino: en voz activa o modo indicativo, tanto do tema de presente como do tema de perfecto; en pasiva, o presente, o pretérito imperfecto, o futuro imperfecto e o pretérito perfecto de indicativo. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ LAB3.6.2. Cambia de voz as formas | ▪ CD |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Latín. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | dos tempos verbais do presente, pretérito imperfecto, futuro imperfecto e pretérito perfecto de indicativo. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LAB3.6.3. Identifica formas non persoais do verbo, como o infinitivo de presente activo e o participio de perfecto. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ LAB3.6.4. Traduce correctamente ao galego e ao castelán diferentes formas verbais latinas. | ▪ CCL |
| | Bloque 4. Sintaxe | | | |
| ▪ f | ▪ B4.1. Elementos da oración. | ▪ B4.1. Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración. | ▪ LAB4.1.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos adaptados, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións na oración. | ▪ CMCCT |
| ▪ h | ▪ B4.2. Casos latinos. | ▪ B4.2. Coñecer os nomes dos casos latinos e identificar as súas principais funcións na oración, e saber traducir os casos á lingua materna adecuadamente. | ▪ LAB4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, e explica as principais funcións que realizan dentro da oración. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ LAB4.2.2. Traduce correctamente á súa lingua os casos latinos presentes nos textos e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso. | ▪ CCL |
| ▪ e | ▪ B4.3. Concordancia. | ▪ B4.3. Recoñecer as regras de concordancia na lingua latina e a súa correspondencia no galego e no | ▪ LAB4.3.1. Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas | ▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Latín. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | castelán. | frases, onde practica o seu uso. | |
| ▪ b | ▪ B4.4. Oración simple: oracións atributivas e predicativas. | ▪ B4.4. Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple. | ▪ LAB4.4.1. Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica as súas características. | ▪ CMCCT<br>▪ CCA<br>▪ CCL |
| ▪ e | ▪ B4.5. Oración composta: oracións coordinadas. | ▪ B4.5. Distinguir as oracións simples das compostas. | ▪ LAB4.5.1. Compara e clasifica tipos de oracións compostas, e diferénciaaas das oracións simples. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CCL |
| ▪ h | ▪ B4.6. Construcións de infinitivo e de participio máis transparentes. | ▪ B4.6. Identificar, distinguir e traducir correctamente as construcións de infinitivo e participio máis transparentes. | ▪ LAB4.6.1. Recoñece, dentro de frases e textos sinxelos, as construcións de infinitivo e participio máis transparentes, e analízaas e tradúceas correctamente. | ▪ CCL |
| | Bloque 5. Roma: historia, cultura e civilización | | | |
| ▪ a<br>▪ f<br>▪ e<br>▪ ñ | ▪ B5.1. Períodos da historia de Roma. | ▪ B5.1. Coñecer os feitos históricos das etapas da historia de Roma, encadralos no seu período correspondente e realizar eixes cronolóxicos. | ▪ LAB5.1.1. Distingue as etapas da historia de Roma e explica os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CD |
| | | | ▪ LAB5.1.2. Sabe enmarcar determinados feitos históricos no período histórico correspondente. | ▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CSC |
| | | | ▪ LAB5.1.3. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información. | ▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ LAB5.1.4. Describe algúns dos principais fitos históricos da civiliza- | ▪ CSC<br>▪ CCEC |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Latín. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ción latina, e explica a grandes liñas as circunstancias en que teñen lugar e as súas principais consecuencias. | ▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ ñ | ▪ B5.2. Organización política e social de Roma. | ▪ B5.2. Coñecer os trazos fundamentais da organización política e social de Roma. | ▪ LAB5.2.1. Describe os trazos esenciais que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano. | ▪ CSIEE<br>▪ CSC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ LAB5.2.2. Describe a organización da sociedade romana e explica as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas, en comparación cos actuais. | ▪ CSIEE<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CCL |
| ▪ c<br>▪ ñ | ▪ B5.3. A familia romana. | ▪ B5.3. Coñecer a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros. | ▪ LAB5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, e analiza a través deles os estereotipos culturais da época en comparación cos actuais. | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CCL |
| ▪ l<br>▪ n | ▪ B5.4. Mitoloxía e relixión. | ▪ B5.4. Coñecer os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina. | ▪ LAB5.4.1. Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinala os trazos que os caracterizan e establece relacións entre os deuses máis importantes. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ n<br>▪ ñ | ▪ B5.4. Mitoloxía e relixión. | ▪ B5.5. Coñecer os deuses, mitos e heroes latinos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais. | ▪ LAB5.5.1. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, e sinala as semellanzas e as principais diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos. | ▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD |

| | Latín. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ m | ▪ B5.5. Vida cotiá: vivenda, alimentación e indumentaria. | ▪ B5.6. Recoñecer os tipos de vivenda empregados en Roma, as características principais da alimentación romana, os elementos da indumentaria e as normas de hixiene persoal, peiteados e cosméticos. | ▪ LAB5.6.1. Distingue e describe o modo de vida en Roma no ámbito privado, analizando os tipos de vivenda, alimentación, vestimenta e coidado persoal e contrástaos cos da actualidade. | ▪ CD<br>▪ CCEC<br>▪ CSC<br>▪ CCL<br>▪ CSIEE<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ ñ | ▪ B5.6. Espectáculos públicos: teatro, circo e anfiteatro. | ▪ B5.7. Coñecer os espectáculos públicos realizados no teatro, no circo e no anfiteatro, e a súa relación co mundo actual. | ▪ LAB5.7.1. Describe as características dos tipos de espectáculos públicos celebrados no teatro, no circo e no anfiteatro, valora o seu mantemento no mundo actual e sitúa nun mapa os teatros, os circos e os anfiteatros conservados máis importantes. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CCEC |
| | Bloque 6. Textos | | | |
| ▪ h | ▪ B6.1. Análise morfolóxica e sintáctica. | ▪ B6.1. Aplicar coñecementos básicos de morfoloxía e sintaxe para iniciarse na interpretación, na tradución e na retroversión de frases de dificultade progresiva e textos adaptados. | ▪ LAB6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ o | ▪ B6.2. Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias. | ▪ B6.2. Comparar as estruturas latinas coas das linguas propias. | ▪ LAB6.2.1. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ h | ▪ B6.3. Iniciación ás técnicas de tradución. | ▪ B6.3. Utilizar correctamente os manuais de gramática e o dicionario, recoñecendo e analizando toda a información que proporcionan. | ▪ LAB6.3.1. Utiliza correctamente os manuais e o dicionario, analizando a información que proporcionan, para traducir pequenos textos. | ▪ CCL<br>▪ CAA |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Latín. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ l<br>▪ f | ▪ B6.4. Lectura comprensiva de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos. | ▪ B6.4. Realizar a través dunha lectura comprensiva a análise e o comentario do contido e a estrutura de textos latinos traducidos. | ▪ LAB6.4.1. Realiza comentarios sobre determinados aspectos culturais presentes nos textos seleccionados, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ LAB6.4.2. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ b | ▪ B6.5. Produción de pequenos textos propios en lingua latina. | ▪ B6.5. Redactar en lingua latina pequenos textos de produción propia. | ▪ LAB6.5.1. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto. | ▪ CCL |
| ▪ g | ▪ B6.5. Produción de pequenos textos propios en lingua latina. | ▪ B6.6. Realizar pequenos coloquios en latín con frases sinxelas e de dificultade progresiva. | ▪ LAB6.6.1. Mantén un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun tema previamente acordado. | ▪ CCL |
| | Bloque 7. Léxico | | | |
| ▪ h<br>▪ ñ<br>▪ o | ▪ B7.1. Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia. | ▪ B7.1. Coñecer, identificar e traducir o léxico latino transparente e as palabras de maior frecuencia. | ▪ LAB7.1.1. Deduce o significado de termos latinos non estudados, partindo do contexto ou de palabras da lingua propia. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ LAB7.1.2. Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia. | ▪ CD<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ ñ<br>▪ o | ▪ B7.2. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos. | ▪ B7.2. Distinguir e coñecer o significado dos principais prefixos e sufixos que interveñen na composición e na derivación culta. | ▪ LAB7.2.1. Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua. | ▪ CMCCT<br>▪ CCL |
| ▪ l | ▪ B7.2. Composición e derivación | ▪ B7.3. Recoñecer os elementos | ▪ LAB7.3.1. Identifica a etimoloxía de | ▪ CCL |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia
DOG Diario Oficial de Galicia

| | Latín. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ ñ<br>▪ o | culta: lexemas, prefixos e sufixos. | léxicos latinos que permanecen nas linguas do alumnado. | palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado. | |
| ▪ e<br>▪ b | ▪ B7.3. Locucións latinas de uso actual. | ▪ B7.4. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas nun contexto axeitado. | ▪ LAB7.4.1. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto axeitado, cando se expresa na súa propia lingua. | ▪ CD<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CCL |

## 1º de bacharelato

| | Latín I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances | | | |
| ▪ l<br>▪ p | ▪ B1.1. Marco xeográfico da lingua. | ▪ B1.1. Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lingua latina. | ▪ LA1B1.1.1. Localiza nun mapa o marco xeográfico da lingua latina e a súa expansión, delimitando os seus ámbitos de influencia e colocando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica. | ▪ CMCCT<br>▪ CCEC<br>▪ CSC |
| ▪ g | ▪ B1.2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas. | ▪ B1.2. Identificar o indoeuropeo como a lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa hoxe en día. | ▪ LA1B1.2.1. Define o indoeuropeo e recoñece as linguas indoeuropeas e as súas familias, e delimita nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión. | ▪ CD<br>▪ CAA |
| ▪ n | ▪ B1.2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas. | ▪ B1.3. Agrupar as linguas indoeuropeas en familias lingüísticas e loca- | ▪ LA1B1.3.1. Identifica as linguas que se falan actualmente en Eu- | ▪ CSC<br>▪ CCEC |

| Latín I. 1º de bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | lizalas nun mapa. | ropa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan. | |
| ▪ n<br>▪ p | ▪ B1.3. Linguas de España: linguas romances e non romances. | ▪ B1.4. Coñecer as orixes das linguas faladas en España, clasificalas e localizalas nun mapa, e delimitar o marco xeográfico das linguas romances faladas no mundo, recoñecendo as súas características. | ▪ LA1B1.4.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe romances e non romances, localiza nun mapa as zonas onde se utilizan, delimita o marco xeográfico das linguas romances faladas no mundo e recoñece as súas características. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ d<br>▪ g<br>▪ p<br>▪ h | ▪ B1.4. Orixe, evolución e etapas do latín. Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. | ▪ B1.5. Distinguir as principais etapas na evolución do latín e recoñecer e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. | ▪ LA1B1.5.1. Distingue e delimita as etapas do latín, recoñece e distingue a partir do étimo latino cultismos, semicultismos e termos patrimoniais, e explica as evolucións que se producen nun caso e no outro. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ LA1B1.5.2. Coñece exemplos de termos latinos que deron orixe tanto a unha palabra patrimonial como a un cultismo, e sinala as diferenzas de uso e significado entre ambos. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LA1B1.5.3. Demostra a presenza do latín no século XXI en campos como a ciencia, a cultura, a publicidade, os medios de comunicación, internet e as redes sociais. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCEC |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Latín I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ d<br>▪ p<br>▪ n | ▪ B1.5. Nocións básicas de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán. | ▪ B1.6. Coñecer e aplicar as regras fundamentais da evolución fonética, e recoñecer os procesos de evolución semántica do latín ao galego e ao castelán partindo dos étimos latinos. | ▪ LA1B1.6.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán, aplicando as regras fonéticas de evolución, e recoñece palabras da súa lingua que sufriron procesos de evolución semántica. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | Bloque 2. Sistema de lingua latina: elementos básicos | | | |
| ▪ g | ▪ B2.1. Orixes da escritura. Sistemas de escritura. | ▪ B2.1. Recoñecer sistemas de escritura e distinguilos do alfabeto. | ▪ LAT1B2.1.1. Recoñece tipos de escritura e clasifícaos consonte a súa natureza e a súa función, e describe os trazos que distinguen uns dos outros. | ▪ CD<br>▪ CCEC |
| ▪ g | ▪ B2.2. Orixe e evolución do alfabeto latino. | ▪ B2.2. Distinguir as fases da evolución do alfabeto latino, desde a súa orixe ata o alfabeto da época clásica. | ▪ LAT1B2.2.1. Explica a orixe do alfabeto latino, e a evolución e a adaptación dos signos do alfabeto grego. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| ▪ g | ▪ B2.2. Orixe e evolución do alfabeto latino. | ▪ B2.3. Coñecer a orixe do alfabeto nas linguas modernas. | ▪ LAT1B2.3.1. Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do alfabeto latino, así como a súa evolución, sinala as adaptacións que se producen en cada unha e recoñece os tipos de alfabeto usados actualmente en Europa, en relación coas linguas que os empregan. | ▪ CSC<br>▪ CCL<br>▪ CCEC |
| ▪ e | ▪ B2.3. Pronuncia do latín: tipos. | ▪ B2.4. Coñecer e aplicar con corrección as normas básicas da pronuncia en latín e distinguir os seus tipos. | ▪ LAT1B2.4.1. Le con pronuncia e acentuación correctas textos latinos, identificando e reproducindo exemplos de diferentes tipos de pronuncia. | ▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Latín I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 3. Morfoloxía | | | |
| ▪ d | ▪ B3.1. Formantes das palabras. | ▪ B3.1. Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras. | ▪ LA1B3.1.1. Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma. | ▪ CMCCT<br>▪ CCL |
| ▪ g | ▪ B3.2. Tipos de palabras: variables e invariables. | ▪ B3.2. Distinguir os tipos de palabras a partir do seu enunciado. | ▪ LA1B3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B3.3. Concepto de declinación e conxugación. | ▪ B3.3. Comprender o concepto de declinación e conxugación. | ▪ LA1B3.3.1. Declina e/ou conxuga correctamente palabras propostas segundo a súa categoría, explicando e ilustrando con exemplos as características que diferencian os conceptos de declinación e conxugación | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ g<br>▪ d | ▪ B3.4. Flexión nominal e pronominal: substantivos, adxectivos e pronomes. | ▪ B3.4. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa categoría e declinación, enuncialas e declinalas correctamente. | ▪ LA1B3.4.1. Enuncia e declina correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distinguíndoos a partir do seu enunciado e clasificándoos segundo a súa categoría e a súa declinación. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LA1B3.4.2. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente. | ▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

Diario Oficial de Galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Latín I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ d<br>▪ g | ▪ B3.5. Flexión verbal. | ▪ B3.5. Coñecer as conxugacións, encadrar os verbos dentro da súa conxugación, enuncialos e conxugalos correctamente. | ▪ LA1B3.5.1. Clasifica verbos segundo a súa conxugación partindo do seu enunciado e describe os trazos polos que se recoñecen os modelos de flexión verbal. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ LA1B3.5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e recoñece a partir destas os modelos de conxugación. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LA1B3.5.3. Conxuga os tempos verbais máis frecuentes en voz activa e pasiva, aplicando correctamente os paradigmas correspondentes. | ▪ CCL |
| ▪ l<br>▪ d | ▪ B3.5. Flexión verbal. | ▪ B3.6. Analizar o funcionamento dos temas verbais latinos de presente e de perfecto, e recoñecer as formas dos tempos verbais formados a partir deles, tanto en voz activa como en voz pasiva. | ▪ LA1B3.6.1. Explica o uso dos temas verbais latinos, identificando correctamente as formas derivadas de cada un. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ LA1B3.6.2. Cambia de voz as formas verbais identificando e manexando con seguridade os formantes que expresan este accidente verbal. | ▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ g | ▪ B3.5. Flexión verbal. | ▪ B3.7. Diferenciar formas persoais e non persoais do verbo, e recoñecer as categorías gramaticais presentes en cada unha. | ▪ LA1B3.7.1. Distingue formas persoais e non persoais dos verbos, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas. | ▪ CAA<br>▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Latín I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ e<br>▪ d<br>▪ p | ▪ B3.5. Flexión verbal. | ▪ B3.8. Traducir ao galego e ao castelán as formas verbais latinas, e comparar os sistemas verbais. | ▪ LA1B3.8.1. Traduce correctamente ao galego e ao castelán formas verbais latinas, e compara os tempos e os modos verbais presentes no latín cos do galego e os do castelán. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | Bloque 4. Sintaxe | | | |
| ▪ i | ▪ B4.1. Elementos da oración. | ▪ B4.1. Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración. | ▪ LA1B4.1.1. Analiza morfoloxicamente e sintacticamente frases e textos de dificultade graduada, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións que realizan na oración. | ▪ CMCCT<br>▪ CCL |
| ▪ e | ▪ B4.2. Casos latinos. | ▪ B4.2. Coñecer os nomes dos casos latinos, identificar as principais funcións que realizan na oración e saber traducir os casos á lingua materna adecuadamente. | ▪ LA1B4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, explica as súas funcións dentro da oración e ilustra con exemplos a forma axeitada de traducilos. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ g | ▪ B4.3. Concordancia. | ▪ B4.3. Recoñecer as regras de concordancia na lingua latina e a súa correspondencia no galego e no castelán. | ▪ LA1B4.3.1. Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso. | ▪ CCL |
| ▪ d | ▪ B4.4. Oración simple: oracións atributivas e predicativas. | ▪ B4.4. Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple. | ▪ LA1B4.4.1. Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica e explica en cada caso as súas características. | ▪ CMCCT<br>▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Latín I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ g | ▪ B4.5. Oración composta: coordinación e subordinación. | ▪ B4.5. Distinguir as oracións simples das compostas e, dentro destas últimas, as coordinadas das subordinadas. | ▪ LA1B4.5.1. Distingue as oracións simples das compostas e, dentro destas últimas, as coordinadas das subordinadas, os seus tipos e os nexos que as caracterizan, e sinala exemplos que expliquen en cada caso as súas características. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ e | ▪ B4.6. Construcións de infinitivo e de participio. | ▪ B4.6. Coñecer as funcións das formas non persoais nas oracións: infinitivo e participio. | ▪ LA1B4.6.1. Identifica as funcións que realizan as formas non persoais (infinitivo e participio) dentro da oración e compara exemplos do seu uso. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ e | ▪ B4.6. Construcións de infinitivo e de participio. | ▪ B4.7. Identificar, distinguir e traducir correctamente as construcións de infinitivo e participio máis frecuentes. | ▪ LA1B4.7.1. Recoñece, analiza e traduce correctamente as construcións de infinitivo e participio máis frecuentes, en relación con construcións análogas noutras linguas que coñece. | ▪ CCL |
| | Bloque 5. Roma: historia, cultura, arte e civilización | | | |
| ▪ a<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ g<br>▪ p | ▪ B5.1. Períodos da historia de Roma. | ▪ B5.1. Coñecer os feitos históricos das etapas da historia de Roma, encadralos no seu período correspondente e realizar eixes cronolóxicos. | ▪ LA1B5.1.1. Describe o marco histórico en que xorde e se desenvolve a civilización romana, sinala períodos dentro del e identifica en cada un as conexións máis importantes que presentan con outras civilizacións | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ LA1B5.1.2. Distingue as etapas da historia de Roma, explicando os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC |

| | Latín I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ LA1B5.1.3. Sabe enmarcar determinados feitos históricos na civilización e no período histórico correspondente, ponos en contexto e relaciónaos con outras circunstancias contemporáneas. | ▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ LA1B5.1.4. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ LA1B5.1.5. Describe os principais fitos históricos e os aspectos máis significativos da civilización latina, e analiza a súa influencia no devir histórico posterior. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CCL |
| ▪ h<br>▪ a<br>▪ p | ▪ B5.2. Romanización de Hispania e da Gallaecia. | ▪ B5.2. Coñecer os feitos históricos principais da romanización de Hispania e da Gallaecia, e realizar eixes cronolóxicos. | ▪ LA1B5.2.1. Explica a romanización de Hispania e da Gallaecia, describe as súas causas e delimita as súas fases. | ▪ CMCCT<br>▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEE |
| | | | ▪ LA1B5.2.2. Enumera, explica e ilustra con exemplos os aspectos fundamentais que caracterizan o proceso da romanización de Hispania e da Gallaecia, e sinala a súa influencia na historia posterior. | ▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ n<br>▪ p | ▪ B5.2. Romanización de Hispania e da Gallaecia. | ▪ B5.3. Recoñecer as pegadas da romanización nos principais depósitos arqueolóxicos e museos. | ▪ LA1B5.3.1. Identifica e sinala nun mapa os restos arqueolóxicos máis salientables da romanización de Hispania e da Gallaecia, e descobre e relaciona as pezas | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCEC |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



| | Latín I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | arqueolóxicas romanas dos museos cos coñecementos adquiridos. | ▪ CD |
| ▪ a<br>▪ c | ▪ B5.3. Organización política e social de Roma. | ▪ B5.4. Coñecer a organización política e social de Roma e recoñecer o seu mantemento actual. | ▪ LA1B5.4.1. Describe os elementos que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano. | ▪ CSIEE<br>▪ CSC |
| | | | ▪ LA1B5.4.2. Describe a organización e a evolución da sociedade romana, explicando as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relacionando estes aspectos cos valores cívicos existentes na época e comparándoos cos actuais. | ▪ CSIEE<br>▪ CD<br>▪ CSC<br>▪ CCL |
| ▪ n | ▪ B5.4. Mitoloxía e relixión. Ritos funerarios. | ▪ B5.5. Coñecer os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina. | ▪ LA1B5.5.1. Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o ámbito de influencia, explica a súa xenealoxía e establece relacións entre os deuses. | ▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ LA1B5.5.2. Identifica deuses, semideuses e heroes dentro do imaxinario mítico, e explica os principais aspectos que diferencian uns dos outros. | ▪ CCEC<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ n | ▪ B5.4. Mitoloxía e relixión. Ritos funera- | ▪ B5.6. Coñecer os deuses, os mitos, os heroes e as lendas latinas prin- | ▪ LA1B5.6.1. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do | ▪ CCEC |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Latín I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ h<br>▪ p | rios. | cipais, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais. | mítico e da figura do heroe na nosa cultura, analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno, sinalando as semellanzas e as principais diferenzas entre ambos tratamentos, e asociándoas a outros trazos culturais propios de cada época. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ LA1B5.6.2. Sinala semellanzas e diferenzas entre os mitos e as lendas da antigüidade clásica e os pertencentes a outras culturas, comparando o seu tratamento na literatura ou na tradición relixiosa, e valorando a súa influenza na arte e na literatura posterior a través de exemplos. | ▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CCL |
| ▪ n | ▪ B5.4. Mitoloxía e relixión. Ritos funerarios. | ▪ B5.7. Coñecer e comparar coas actuais as características da relixiosidade e da relixión latinas, os cultos privados e os ritos funerarios. | ▪ LA1B5.7.1. Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados, explicando os trazos que lles son propios, e describe as principais características dos ritos funerarios romanos, distinguindo as semellanzas e as diferenzas que presentan cos de hoxe en día. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT<br>▪ CCL<br>▪ CCEC |
| ▪ n | ▪ B5.5. Arte romana. | ▪ B5.8. Coñecer as características fundamentais da arte romana e describir algunhas das súas manifestacións máis importantes. | ▪ LA1B5.8.1. Describe as principais manifestacións escultóricas e pictóricas da arte romana, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e a súa cronoloxía aproximada. | ▪ CCEC<br>▪ CD |
| ▪ i | ▪ B5.6. Obras públicas e urbanismo. | ▪ B5.9. Identificar os trazos máis | ▪ LA1B5.9.1. Describe as caracte- | ▪ CD |

| | Latín I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ d<br>▪ p | | destacados das edificacións públicas e do urbanismo romano, e sinalar a súa presenza dentro do patrimonio histórico de España e Europa. | rísticas, os principais elementos e a función das grandes obras públicas romanas, explicando e ilustrando con exemplos a súa importancia para o desenvolvemento do Imperio e a súa influencia en modelos urbanísticos posteriores. | ▪ CSC<br>▪ CMCCTC |
| | | | ▪ LA1B5.9.2. Localiza nun mapa os principais exemplos de edificacións públicas romanas que forman parte do patrimonio español e europeo, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e a cronoloxía aproximada. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| ▪ a | ▪ B5.7. O exército. | ▪ B5.10. Describir a estrutura e o funcionamento do exército romano, e distinguir as etapas na súa evolución. | ▪ LA1B5.10.1. Enumera os elementos que compoñen a estrutura do exército romano e explica o seu funcionamento, atendendo á súa evolución ao longo dos períodos históricos | ▪ CSC<br>▪ CMCCT |
| | Bloque 6. Textos | | | |
| ▪ e | ▪ B6.1. Análise fonética, morfolóxica, sintáctica e semántica. | ▪ B6.1. Coñecer e aplicar os coñecementos fonolóxicos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua latina para a interpretación, a tradución e a retroversión de textos de dificultade progresiva. | ▪ LA1B6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise fonética, morfolóxica, sintáctica e semántica de textos de dificultade graduada, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ p | ▪ B6.2. Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias. | ▪ B6.2. Comparar as estruturas latinas coas das linguas propias. | ▪ LA1B6.2.1. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de xeito global, relacionando estruturas latinas con ou- | ▪ CAA<br>▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Latín I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | tras equivalentes nas linguas que coñece. | |
| ▪ d<br>▪ i | ▪ B6.3. Iniciación ás técnicas de tradución. | ▪ B6.3. Utilizar correctamente manuais e dicionarios, recoñecendo e analizando toda a información que proporcionan. | ▪ LA1B6.3.1. Utiliza correctamente o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical incluída nos seus manuais e nas súas entradas, e localiza o significado de palabras que entrañen dificultade, identificando entre varias acepcións o sentido máis axeitado para a tradución do texto. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ e | ▪ B6.4. Lectura comprensiva e comentario de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos.<br>▪ B6.5. Lectura comparada e comentario de textos en lingua latina e lingua propia. | ▪ B6.4. Realizar a través dunha lectura comprensiva a análise e o comentario do contido e da estrutura de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos. | ▪ LA1B6.4.1. Realiza comentarios sobre os principais trazos dos textos seleccionados e sobre os aspectos culturais presentes neles, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias. | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ LA1B6.4.2. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes. | ▪ CMCCT<br>▪ CCL |
| ▪ i | ▪ B6.6. Produción de pequenos textos en lingua latina. | ▪ B6.5. Redactar en lingua latina pequenos textos de produción propia. | ▪ LA1B6.5.1. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto. | ▪ CCL |
| ▪ i | ▪ B6.6. Produción de pequenos textos en lingua latina. | ▪ B6.6. Realizar pequenos coloquios en latín con frases sinxelas e de dificultade progresiva. | ▪ LA1B6.6.1. Mantén un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun tema previamente acordado. | ▪ CCL |
| | Bloque 7. Léxico | | | |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Latín I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ e | ▪ B7.1. Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia. | ▪ B7.1. Coñecer, identificar e traducir o léxico latino transparente e as palabras de maior frecuencia. | ▪ LA1B7.1.1. Deduce o significado de termos latinos non estudados partindo do contexto ou de palabras da lingua propia ou doutras que coñece. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ LA1B7.1.2. Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia. | ▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ h<br>▪ n | ▪ B2.1. Lectura, comprensión, interpretación e valoración de textos escritos de ámbito persoal, educativo ou escolar, e de ámbito social. | ▪ B2.1. Ler, comprender, interpretar e valorar textos en diferentes formatos e soportes. | ▪ LCLB2.1.1. Retén información e recoñece a idea principal e as ideas secundarias, comprendendo as relacións entre elas. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB2.1.2. Entende instrucións escritas de certa complexidade que lle permiten desenvolverse en situacións da vida cotiá e nos procesos de aprendizaxe. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB2.1.3. Interpreta, explica e deduce a información dada en diagramas, gráficas, fotografías, mapas conceptuais, esquemas, etc. | ▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B2.2. Utilización progresivamente autónoma da biblioteca escolar e das tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de obtención de información. Educación para o uso, o tratamento e a produción de información. | ▪ B2.2. Procurar e manexar información, na biblioteca e noutras fontes, en papel ou dixital, para integrala nun proceso de aprendizaxe continua. | ▪ LCLB2.2.1. Utiliza, de xeito autónomo, diversas fontes de información integrando os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais ou escritos. | ▪ CD |
| | | | ▪ LCLB2.2.2. Coñece e manexa habitualmente dicionarios impre- | ▪ CD |

| | Lingua Castelá e Literatura. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de Aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | sos ou en versión dixital. | |
| | | | ▪ LCLB2.2.3. Coñece o funcionamento de bibliotecas (escolares, locais, etc.) e de bibliotecas dixitais, e é capaz de solicitar autonomamente libros, vídeos, etc. | ▪ CD |
| ▪ g<br>▪ h | ▪ B2.3. Coñecemento e uso das técnicas e estratexias para a produción de textos escritos: planificación, obtención de datos, organización da información, redacción e revisión do texto. A escritura como proceso. | ▪ B2.3. Aplicar progresivamente as estratexias necesarias para producir textos adecuados, coherentes e cohesionados. | ▪ LCLB2.3.1. Aplica técnicas diversas para planificar os seus escritos (esquemas, árbores, mapas conceptuais etc.) e redacta borradores de escritura. | ▪ CSIE |
| ▪ h<br>▪ l | ▪ B2.4. Produción de textos escritos e audiovisuais relacionados co ámbito persoal, co educativo ou escolar e co social.<br>▪ B2.5. Produción de textos escritos e audiovisuais narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos e escritura de textos dialogados. | ▪ B2.4. Escribir textos en diferentes soportes e formatos, en relación co ámbito de uso. | ▪ LCLB2.4.1. Escribe textos propios do ámbito persoal e familiar, escolar ou educativo e social, imitando textos modelo. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB2.4.2. Escribe textos narrativos, descritivos e instrutivos, expositivos, argumentativos e dialogados, imitando textos modelo. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB2.4.3. Realiza esquemas e mapas, e explica por escrito o significado dos elementos visuais que poden aparecer nos textos. | ▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | Bloque 3. Coñecemento da lingua | | | |
| ▪ b<br>▪ h | ▪ B3.1. Recoñecemento, uso e explicación das categorías gramaticais: substantivo, adxectivo, determinante, pronome, verbo, ad- | ▪ B3.1. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as súas normas de uso para resolver problemas de comprensión de textos orais e es- | ▪ LCLB3.1.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, e utiliza este coñecemento para corrixir erros de con- | ▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Lingua Castelá e Literatura. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de Aprendizaxe | Competencias clave |
| | verbio, preposición, conxunción e interxección.<br>▪ B3.2. Coñecemento, uso e valoración das normas ortográficas e gramaticais, recoñecendo o seu valor social e a necesidade de cinguirse a elas para conseguir unha comunicación eficaz. | critos e para a composición e a revisión progresivamente autónoma dos textos propios e alleos. | cordancia en textos propios e alleos. | |
| | | | ▪ LCLB3.1.2. Recoñece e corrixe erros ortográficos e gramaticais en textos propios e alleos, aplicando os coñecementos adquiridos para mellorar a produción de textos nas súas producións orais, escritas e audiovisuais. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB3.1.3. Coñece e utiliza adecuadamente as formas verbais nas súas producións orais e escritas. | ▪ CCL |
| ▪ e<br>▪ h | ▪ B3.3. Manexo de dicionarios e outras fontes de consulta en papel e formato dixital sobre o uso da lingua. | ▪ B3.2. Usar de forma efectiva os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en formato dixital, para resolver dúbidas en relación ao manexo da lingua e para enriquecer o propio vocabulario. | ▪ LCLB3.2.1. Utiliza fontes variadas de consulta en formatos diversos para resolver as súas dúbidas sobre o uso da lingua e para ampliar o seu vocabulario. | ▪ CD |
| ▪ h | ▪ B3.4. Recoñecemento, uso e explicación dos conectores textuais e dos principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais como léxicos. | ▪ B3.3. Identificar os conectores textuais e os principais mecanismos de referencia interna presentes nos textos, recoñecendo a súa función na organización do contido do discurso. | ▪ LCLB3.3.1. Recoñece, usa e explica os conectores textuais (de adición, contraste e explicación) e os principais mecanismos de referencia interna, gramaticais (substitucións pronominais) e léxicos (elipse e substitucións mediante sinónimos e hiperónimos), valorando a súa función na organización do contido do texto. | ▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ h | ▪ B3.5. Recoñecemento, uso e explicación dos recursos de moda- | ▪ B3.4. Identificar a intención comunicativa da persoa que fala ou es- | ▪ LCLB3.4.1. Recoñece a expresión da obxectividade ou subxectivida- | ▪ CSC<br>▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Lingua Castelá e Literatura. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de Aprendizaxe | Competencias clave |
| | lización en función da persoa que fala ou escribe. Expresión da obxectividade e da subxectividade a través das modalidades oracionais e as referencias internas ao emisor e ao receptor nos textos. | cribe. | de identificando as modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor. | |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B3.6. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais. | ▪ B3.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais. | ▪ LCLB3.5.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ ñ<br>▪ o | ▪ B3.7. Recoñecemento da diversidade lingüística propia do ámbito persoal, social e mediático. | ▪ B3.6. Recoñecer e valorar a diversidade lingüística, con especial atención á realidade do centro docnete e do ámbito social do alumnado. | ▪ LCLB3.6.1. Coñece e valora a diversidade lingüística do seu grupo, do centro docente e do seu ámbito social próximo. | ▪ CSC |
| ▪ g<br>▪ h | ▪ B3.8. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada. | ▪ B3.7. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e a transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos. | ▪ LCLB3.7.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras. | ▪ CAA |
| | Bloque 4. Educación literaria | | | |
| ▪ h | ▪ B4.1. Lectura libre de obras da literatura española e universal, e | ▪ B4.1. Ler fragmentos ou obras da literatura española e universal de | ▪ LCLB4.1.1. Le e comprende cun grao crecente de interese e auto- | ▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Lingua Castelá e Literatura. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de Aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ l<br>▪ n | da literatura xuvenil, como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo, para lograr o desenvolvemento dos seus propios gustos e intereses literarios, e a súa autonomía de lectura. | todos os tempos, e da literatura xuvenil, próximas aos propios gustos e ás propias afeccións, amosando interese pola lectura. | nomía obras literarias próximas aos seus gustos, ás súas afeccións e aos seus intereses. | ▪ CCEC |
| ▪ h<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B4.1. Lectura libre de obras da literatura española e universal, e da literatura xuvenil, como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo, para lograr o desenvolvemento dos seus propios gustos e intereses literarios, e a súa autonomía de lectura. | ▪ B4.2. Fomentar o gusto e o hábito pola lectura en todas as súas vertentes: como fonte de acceso ao coñecemento e como instrumento de lecer e diversión que permite explorar mundos diferentes aos nosos, reais ou imaxinarios. | ▪ LCLB4.2.1. Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos compañeiros e coas compañeiras. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ LCLB4.2.2. Dramatiza fragmentos literarios breves desenvolvendo progresivamente a expresión corporal como manifestación de sentimentos e emocións, respectando as producións das demais persoas. | ▪ CCEC<br>▪ CSC |
| ▪ h<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B4.2. Redacción de textos de intención literaria a partir da lectura de textos utilizando as convencións formais do xénero e con intención lúdica e creativa. | ▪ B4.3. Redactar textos persoais de intención literaria seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa. | ▪ LCLB4.3.1. Redacta textos persoais de intención literaria a partir de modelos dados seguindo as convencións do xénero con intención lúdica e creativa. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ LCLB4.3.2. Desenvolve o gusto pola escritura como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os seus propios sentimentos. | ▪ CCEC<br>▪ CSIE |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

2º de ESO

| | Lingua Castelá e Literatura. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de Aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar | | | |
| ▪ h<br>▪ m | ▪ B1.1. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais en relación co ámbito de uso: ámbito persoal, educativo ou escolar, e social. | ▪ B1.1. Escoitar de forma activa, comprender, interpretar e valorar textos orais propios dos ámbitos persoal, educativo ou escolar, e social. | ▪ LCLB1.1.1. Comprende o sentido global de textos orais propios do ámbito persoal, escolar/ educativo e social, identificando a estrutura, a información relevante e a intención comunicativa do/da falante. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB1.1.2. Retén información relevante e extrae informacións concretas. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB1.1.3. Segue e interpreta instrucións orais respectando a xerarquía dada. | ▪ CCL |
| ▪ h<br>▪ m | ▪ B1.2. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais en relación coa súa finalidade: textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e textos argumentativos. Diálogo. | ▪ B1.2. Escoitar de xeito activo, comprender, interpretar e valorar textos orais de diferente tipo. | ▪ LCLB1.2.1. Comprende o sentido global de textos orais de intención narrativa, descritiva, instrutiva, expositiva e argumentativa, identificando a información relevante, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa do/da falante, así como a súa estrutura e as estratexias de cohesión textual oral. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB1.2.2. Retén información relevante e extrae informacións concretas. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB1.2.3. Utiliza progresivamente os instrumentos adecuados para localizar o significado de pala- | ▪ CAA |

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Lingua Castelá e Literatura. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de Aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | bras ou enunciados descoñecidos (demanda axuda, procura en dicionarios, lembra o contexto en que aparece, etc.). | |
| | | | ▪ LCLB1.2.4. Resume textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos de forma clara, recollendo as ideas principais e integrando a información en oracións que se relacionen loxicamente e semanticamente. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ h<br>▪ m | ▪ B1.3. Escoita activa e cumprimento das normas básicas que favorecen a comunicación. | ▪ B1.3. Escoitar de xeito activo e comprender o sentido global de textos orais. | ▪ LCLB1.3.1. Observa e analiza as intervencións particulares de cada participante nun debate tendo en conta o ton empregado, a linguaxe que se utiliza, o contido e o grao de respecto cara ás opinións das demais persoas. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ h | ▪ B1.4. Coñecemento e uso progresivamente autónomo das estratexias necesarias para a produción e a avaliación de textos orais. Aspectos verbais e non verbais. | ▪ B1.4. Comprender o sentido global de textos orais. | ▪ LCLB1.4.1. Recoñece o proceso de produción de discursos orais valorando a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia do discurso e a cohesión dos contidos. | ▪ CSIE |
| | | | ▪ LCLB1.4.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos, da linguaxe non verbal e da xestión de tempos, e o emprego de axudas audiovisuais en calquera tipo de discurso. | ▪ CD |
| | | | ▪ LCLB1.4.3. Recoñece os erros da produción oral propia e allea a partir da práctica habitual da avalia- | ▪ CAA |

| | Lingua Castelá e Literatura. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de Aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ción e autoavaliación, e propón solucións para melloralas. | |
| ▪ g<br>▪ h | ▪ B1.5. Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso, prácticas orais formais e informais, e avaliación progresiva. | ▪ B1.5. Aprender a falar en público, en situacións formais e informais, de xeito individual ou en grupo. | ▪ LCLB1.5.1. Realiza presentacións orais. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB1.5.2. Realiza intervencións non planificadas dentro da aula, analizando e comparando as similitudes e as diferenzas entre discursos formais e espontáneos. | ▪ CSC |
| | | | ▪ LCLB1.5.3. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal da lingua nas súas prácticas orais. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB1.5.4. Pronuncia con corrección e claridade, modulando e adaptando a súa mensaxe á finalidade da práctica oral. | ▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ g | ▪ B1.6. Participación en debates, coloquios e conversas espontáneas respectando as normas básicas de interacción, intervención e cortesía que regulan estas prácticas orais.<br>▪ B1.7. Creación de textos orais e audiovisuais que reproduzan situacións reais ou imaxinarias de comunicación. | ▪ B1.6. Participar e valorar a intervención en debates, coloquios e conversas espontáneas. | ▪ LCLB1.6.1. Cínguese ao tema, non divaga e atende as instrucións do/da moderador/a en debates e coloquios. | ▪ CSC |
| | | | ▪ LCLB1.6.2. Respecta as normas de cortesía que deben dirixir as conversas orais axustándose á quenda de palabra, respectando o espazo, xesticulando adecuadamente, escoitando activamente as demais persoas e usando fórmulas de saúdo e despedida. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir | | | |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Lingua Castelá e Literatura. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de Aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ b<br>▪ h | ▪ B2.1. Coñecemento e uso das técnicas e estratexias necesarias para a comprensión de textos escritos. | ▪ B2.1. Aplicar estratexias de lectura comprensiva e crítica de textos. | ▪ LCLB2.1.1. Pon en práctica diferentes estratexias de lectura en función do obxectivo e o tipo de texto. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB2.1.2. Comprende o significado das palabras propias de nivel formal da lingua e incorpóraas ao seu repertorio léxico. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB2.1.3. Relaciona a información explícita e implícita dun texto, e pona en relación co contexto. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ LCLB2.1.4. Deduce a idea principal dun texto e recoñece as ideas secundarias, comprendendo as relacións que se establecen entre elas. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB2.1.5. Fai inferencias e hipóteses sobre o sentido dunha frase ou dun texto que conteña diferentes matices semánticos e que favorezan a construción do significado global e a avaliación crítica. | ▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B2.2. Lectura, comprensión e interpretación de textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos. | ▪ B2.2. Ler, comprender, interpretar e valorar textos en diferentes formatos e soportes. | ▪ LCLB2.2.1. Localiza, relaciona e secuencia informacións explícitas e implícitas nun texto, e deduce informacións ou valoracións implícitas. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB2.2.2. Interpreta, explica e deduce a información dada en diagramas, gráficas, fotografías, mapas conceptuais, esquemas, | ▪ CMCCT |

| | Lingua Castelá e Literatura. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de Aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | etc. | |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B2.3. Utilización progresivamente autónoma da biblioteca escolar e das tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de obtención de información. Educación para o uso, o tratamento e a produción de información. | ▪ B2.3. Procurar e manexar información, na biblioteca e noutras fontes, en papel ou dixital, para integrala nun proceso de aprendizaxe continua. | ▪ LCLB2.3.1. Utiliza de xeito autónomo diversas fontes de información integrando os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais ou escritos. | ▪ CD |
| | | | ▪ LCLB2.3.2. Coñece o funcionamento de bibliotecas (escolares, locais, etc.) e de bibliotecas dixitais, e é capaz de solicitar autonomamente libros, vídeos, etc. | ▪ CD |
| ▪ g<br>▪ h | ▪ B2.4. Coñecemento e uso das técnicas e as estratexias para a produción de textos escritos: planificación, obtención de datos, organización da información, redacción e revisión do texto. A escritura como proceso. | ▪ B2.4. Aplicar progresivamente as estratexias necesarias para producir textos adecuados, coherentes e cohesionados. | ▪ LCLB2.4.1. Aplica técnicas diversas para planificar os seus escritos (esquemas, árbores, mapas conceptuais etc.) e redacta borradores de escritura. | ▪ CSIE |
| | | | ▪ LCLB2.4.2. Escribe textos usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesionadas e respectando as normas gramaticais e ortográficas. | ▪ CCL |
| ▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B2.5. Produción de textos escritos e audiovisuais relacionados co ámbito persoal, educativo ou escolar, e social.<br>▪ B2.6. Produción de textos escritos e audiovisuais narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos, e escritura de tex- | ▪ B2.5. Escribir textos en diferentes soportes e formatos, en relación co ámbito de uso. | ▪ LCLB2.5.1. Escribe textos propios do ámbito persoal e familiar, escolar ou educativo e social, imitando textos modelo. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB2.5.2. Escribe textos narrativos, descritivos e instrutivos, expositivos, argumentativos e dialogados, imitando textos modelo. | ▪ CCEC |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Lingua Castelá e Literatura. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de Aprendizaxe | Competencias clave |
| | tos dialogados. | | ▪ LCLB2.5.3. Realiza esquemas e mapas, e explica por escrito o significado dos elementos visuais que poden aparecer nos textos. | ▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | Bloque 3. Coñecemento da lingua | | | |
| ▪ b<br>▪ h | ▪ B3.1. Recoñecemento, uso e explicación das categorías gramaticais: substantivo, adxectivo, determinante, pronome, verbo, adverbio, preposición, conxunción e interxección.<br>▪ B3.2. Coñecemento, uso e valoración das normas ortográficas e gramaticais, recoñecendo o seu valor social e a necesidade de cinguirse a elas para conseguir unha comunicación eficaz. | ▪ B3.1. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as súas normas de uso para resolver problemas de comprensión de textos orais e escritos, e para a composición e a revisión progresivamente autónoma dos textos propios e alleos. | ▪ LCLB3.1.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, e utiliza este coñecemento para corrixir erros de concordancia en textos propios e alleos. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB3.1.2. Recoñece e corrixe erros ortográficos e gramaticais en textos propios e alleos, aplicando os coñecementos adquiridos para mellorar a produción de textos nas súas producións orais, escritas e audiovisuais. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB3.1.3. Coñece e utiliza adecuadamente as formas verbais nas súas producións orais e escritas. | ▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ h | ▪ B3.3. Comprensión e interpretación dos compoñentes do significado das palabras: denotación e connotación. | ▪ B3.2. Comprender o significado das palabras en toda a súa extensión para recoñecer e diferenciar os usos obxectivos dos subxectivos. | ▪ LCLB3.2.1. Diferencia os compoñentes denotativos e connotativos no significado das palabras dentro dunha frase ou un texto oral ou escrito. | ▪ CCL |
| ▪ h | ▪ B3.4. Coñecemento reflexivo das relacións semánticas que se establecen entre as palabras. | ▪ B3.3. Comprender e valorar as relacións de igualdade e de contrariedade que se establecen entre as palabras e o seu uso no discur- | ▪ LCLB3.3.1. Recoñece e usa sinónimos e antónimos dunha palabra, e explica o seu uso concreto nunha frase ou nun texto oral ou es- | ▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Lingua Castelá e Literatura. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de Aprendizaxe | Competencias clave |
| | | so oral e escrito. | crito. | |
| ▪ h<br>▪ n | ▪ B3.5. Observación, reflexión e explicación dos cambios que afectan o significado das palabras: causas e mecanismos. Metáfora, metonimia, palabras tabú e eufemismos. | ▪ B3.4. Recoñecer os cambios de significado que afectan a palabra no texto: metáfora, metonimia, palabras tabú e eufemismos. | ▪ LCLB3.4.1. Recoñece e explica o uso metafórico e metonímico das palabras nunha frase ou nun texto oral ou escrito. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ LCLB3.4.2. Recoñece e explica os fenómenos contextuais que afectan o significado global das palabras: tabú e eufemismo. | ▪ CCEC |
| ▪ h | ▪ B3.6. Recoñecemento, uso e explicación dos conectores textuais e dos principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais como léxicos. | ▪ B3.5. Identificar os conectores textuais e os principais mecanismos de referencia interna presentes nos textos, recoñecendo a súa función na organización do contido do discurso. | ▪ LCLB3.5.1. Recoñece, usa e explica os conectores textuais (de adición, contraste e explicación) e os principais mecanismos de referencia interna, gramaticais (substitucións pronominais) e léxicos (elipse e substitucións mediante sinónimos e hiperónimos), e valora a súa función na organización do contido do texto. | ▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ h | ▪ B3.7. Recoñecemento, uso e explicación dos recursos de modalización en función da persoa que fala ou escribe. Expresión da obxectividade e a subxectividade a través das modalidades oracionais e as referencias internas ao emisor e ao receptor nos textos. | ▪ B3.6. Identificar a intención comunicativa da persoa que fala ou escribe. | ▪ LCLB3.6.1. Explica a diferenza significativa que implica o uso dos tempos e modos verbais. | ▪ CCL |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B3.8. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tan- | ▪ B3.7. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curri- | ▪ LCLB3.7.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan va- | ▪ CCL |

| | Lingua Castelá e Literatura. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de Aprendizaxe | Competencias clave |
| | to curriculares como outras presentes no centro docente, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais. | culares como outras presentes no centro docente, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais. | rias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | |
| ▪ a<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ ñ<br>▪ o | ▪ B3.9. Recoñecemento da diversidade lingüística propia do ámbito persoal, social e mediático. | ▪ B3.8. Recoñecer e valorar a diversidade lingüística, con especial atención á realidade galega. | ▪ LCLB3.8.1. Coñece e valora a diversidade lingüística de Galicia. | ▪ CSC |
| ▪ g<br>▪ h | ▪ B3.10. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada. | ▪ B3.9. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e a transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos. | ▪ LCLB3.9.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e a produción dos textos traballados en calquera das outras. | ▪ CAA |
| | Bloque 4. Educación literaria | | | |
| ▪ h<br>▪ l<br>▪ n<br>▪ c | ▪ B4.1. Lectura libre de obras da literatura española e universal, e da literatura xuvenil, como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo, para lograr o desenvolvemento dos seus propios gustos e intereses literarios, e a súa autonomía de lectura. | ▪ B4.1. Ler fragmentos ou obras da literatura española e universal de todos os tempos e da literatura xuvenil, próximas aos propios gustos e ás afeccións, amosando interese pola lectura. | ▪ LCLB4.1.1. Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos, ás súas afeccións e aos seus intereses. | ▪ CCL |
| ▪ h<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B4.1. Lectura libre de obras da literatura española e universal, e da literatura xuvenil como fonte de pracer, de enriquecemento perso- | ▪ B4.2. Promover a reflexión sobre a conexión entre a literatura e o resto das artes (música, pintura, cine, etc.), como expresión do senti- | ▪ LCLB4.2.1. Desenvolve progresivamente a capacidade de reflexión observando, analizando e explicando a relación entre diversas | ▪ CCEC |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Lingua Castelá e Literatura. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de Aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ c | al e de coñecemento do mundo, para lograr o desenvolvemento dos seus propios gustos e intereses literarios, e a súa autonomía de lectura. | mento humano, analizando e interrelacionando obras literarias, musicais, arquitectónicas, etc. personaxes e temas de todas as épocas. | manifestacións artísticas de todas as épocas (música, pintura, cine, etc.). | |
| | | | ▪ LCLB4.2.2. Recoñece e comenta o mantemento ou a evolución de personaxes-tipo, temas e formas ao longo de diversos períodos histórico-literarios ata a actualidade. | ▪ CAA |
| ▪ h<br>▪ l<br>▪ n<br>▪ c | ▪ B4.1. Lectura libre de obras da literatura española e universal, e da literatura xuvenil, como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo, para lograr o desenvolvemento dos seus propios gustos e intereses literarios, e a súa autonomía de lectura. | ▪ B4.3. Fomentar o gusto e o hábito pola lectura en todas as súas vertentes: como fonte de acceso ao coñecemento e como instrumento de lecer e diversión que permite explorar mundos diferentes aos nosos, reais ou imaxinarios. | ▪ LCLB4.3.1. Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos/coas compañeiros/as. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ LCLB4.3.2. Le en voz alta modulando, adecuando a voz, apoiándose en elementos da comunicación non verbal e potenciando a expresividade verbal. | ▪ CCL |
| ▪ h<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B4.2. Redacción de textos de intención literaria a partir da lectura de textos, utilizando as convencións formais do xénero e con intención lúdica e creativa. | ▪ B4.4. Redactar textos persoais de intención literaria seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa. | ▪ LCLB4.4.1. Redacta textos persoais de intención literaria a partir de modelos dados seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ LCLB4.4.2. Desenvolve o gusto pola escritura como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os seus propios sentimentos. | ▪ CAA |

## 3º de ESO

| | Lingua Castelá e Literatura. 3º de ESO | |
|---|---|---|

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de Aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|
| | Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar | | | |
| ▪ h<br>▪ m | ▪ B1.1. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais en relación co ámbito de uso: persoal, educativo ou escolar, e social. | ▪ B1.1. Escoitar de xeito activo, comprender, interpretar e valorar textos orais propios dos ámbitos persoal, educativo ou escolar, e social. | ▪ LCLB1.1.1. Anticipa ideas e infire datos do emisor e do contido do texto, analizando fontes de procedencia non verbal. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB1.1.2. Comprende o sentido global de textos publicitarios, informativos e de opinión procedentes dos medios de comunicación, distinguindo a información da persuasión na publicidade e a información da opinión en noticias, reportaxes, etc., identificando as estratexias de enfatización e de expansión. | ▪ CSC |
| | | | ▪ LCLB1.1.3. Resume textos, de forma oral, recollendo as ideas principais e integrándoas con claridade en oracións que se relacionen loxicamente e semanticamente. | ▪ CCL |
| ▪ h<br>▪ m | ▪ B1.2. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais en relación coa súa finalidade: textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos. | ▪ B1.2. Escoitar de xeito activo, comprender, interpretar e valorar textos orais de diferente tipo. | ▪ LCLB1.2.1. Anticipa ideas e infire datos do emisor e do contido do texto, analizando fontes de procedencia non verbal. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB1.2.2. Interpreta e valora aspectos concretos do contido e da estrutura de textos narrativos, descritivos, expositivos, argumentativos e instrutivos, emitindo xuízos razoados e relacionándoos con conceptos persoais, para xustificar un punto de vista particular. | ▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Lingua Castelá e Literatura. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de Aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ h<br>▪ m | ▪ B1.3. Observación, reflexión, comprensión e valoración do sentido global dos debates, os coloquios e as conversas espontáneas, da intención comunicativa de cada interlocutor/a, e aplicación das normas básicas que os regulan. | ▪ B1.3. Escoitar de xeito activo e comprender o sentido global de textos orais. | ▪ LCLB1.3.1. Escoita, observa e explica o sentido global de debates, coloquios e conversas espontáneas identificando a información salientable, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa e a postura de cada participante, así como as diferenzas formais e de contido que regulan os intercambios comunicativos formais e os intercambios comunicativos espontáneos. | ▪ CSC |
| ▪ h | ▪ B1.4. Coñecemento e uso progresivamente autónomo das estratexias necesarias para a produción e a avaliación de textos orais. Aspectos verbais e non verbais. | ▪ B1.4. Recoñecer, interpretar e avaliar progresivamente a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia e a cohesión do contido das producións orais propias e alleas, así como os aspectos prosódicos e os elementos non verbais (acenos, movementos, ollada, etc.). | ▪ LCLB1.4.1. Coñece o proceso de produción de discursos orais valorando a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia do discurso e a cohesión dos contidos. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB1.4.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos, da linguaxe non verbal, da xestión de tempos e do emprego de axudas audiovisuais en calquera tipo de discurso. | ▪ CD |
| ▪ g<br>▪ h | ▪ B1.5. Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso, prácticas orais formais e informais, e avaliación progresiva. | ▪ B1.5. Aprender a falar en público, en situacións formais e informais, de xeito individual ou en grupo. | ▪ LCLB1.5.1. Realiza presentacións orais. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB1.5.2. Organiza o contido e elabora guións previos á intervención oral formal, seleccionando a idea central e o momento en que vai ser presentada ao seu auditorio, así como as ideas secundarias e os exemplos que van apoiar o seu desenvolvemento. | ▪ CCL |

| | Lingua Castelá e Literatura. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de Aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ LCLB1.5.3. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal da lingua nas súas prácticas orais. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB1.5.4. Pronuncia con corrección e claridade, modulando e adaptando a súa mensaxe á finalidade da práctica oral. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB1.5.5. Avalía, por medio de guías, as producións propias e alleas, mellorando progresivamente as súas prácticas discursivas. | ▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ g | ▪ B1.6. Participación en debates, coloquios e conversas espontáneas respectando as normas básicas de interacción, intervención e cortesía que regulan estas prácticas orais. | ▪ B1.6. Participar e valorar a intervención en debates, coloquios e conversas espontáneas. | ▪ LCLB1.6.1. Participa activamente en debates e coloquios escolares respectando as regras de interacción, intervención e cortesía que os regulan, manifestando as súas opinións e respectando as opinións das demais persoas. | ▪ CSC |
| | | | ▪ LCLB1.6.2. Avalía as intervencións propias e alleas. | ▪ CCL |
| | Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir | | | |
| ▪ b<br>▪ h | ▪ B2.1. Coñecemento e uso das técnicas e as estratexias necesarias para a comprensión de textos escritos. | ▪ B2.1. Aplicar estratexias de lectura comprensiva e crítica de textos. | ▪ LCLB2.1.1. Pon en práctica diferentes estratexias de lectura en función do obxectivo e o tipo de texto. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB2.1.2. Fai inferencias e hipóteses sobre o sentido dunha frase ou dun texto que conteña matices semánticos e que favorezan a | ▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Lingua Castelá e Literatura. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de Aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | construción do significado global e a avaliación crítica. | |
| | | | ▪ LCLB2.1.3. Avalía o seu proceso de comprensión de lectura usando fichas sinxelas de autoavaliación. | ▪ CAA |
| ▪ h<br>▪ l | ▪ B2.2. Lectura, comprensión e interpretación de textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos. | ▪ B2.2. Ler, comprender, interpretar e valorar textos en diferentes formatos e soportes. | ▪ LCLB2.2.1. Recoñece e expresa o tema e a intención comunicativa de textos escritos propios do ámbito persoal e familiar, educativo ou escolar, e social (medios de comunicación), identificando a tipoloxía textual seleccionada, a organización do contido, as marcas lingüísticas e o formato utilizado. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB2.2.2. Recoñece e expresa o tema e a intención comunicativa de textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos, argumentativos e dialogados identificando a tipoloxía textual seleccionada, as marcas lingüísticas e a organización do contido. | ▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ h | ▪ B2.3. Actitude progresivamente crítica e reflexiva ante a lectura organizando razoadamente as ideas e expóndoas, respectando as ideas das demais persoas. | ▪ B2.3. Manifestar unha actitude crítica ante a lectura de calquera tipo de textos a través dunha lectura reflexiva que permita identificar posturas de acordo ou desacordo, respectando en todo momento as opinións das demais persoas. | ▪ LCLB2.3.1. Identifica e expresa as posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB2.3.2. Elabora a súa propia interpretación sobre o significado dun texto. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB2.3.3. Respecta as opinións das demais persoas. | ▪ CSC |

| | Lingua Castelá e Literatura. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de Aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B2.4. Utilización progresivamente autónoma da biblioteca escolar e das tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de obtención de información. Educación para o uso, o tratamento e a produción de información. | ▪ B2.4. Procurar e manexar información, na biblioteca e noutras fontes, en papel ou dixital, para integrala nun proceso de aprendizaxe continua. | ▪ LCLB2.4.1. Utiliza de forma autónoma diversas fontes de información, e integra os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais ou escritos. | ▪ CD |
| ▪ e<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.5. Coñecemento e uso das técnicas e estratexias para a produción de textos escritos: planificación, obtención de datos, organización da información, redacción e revisión do texto. A escritura como proceso. | ▪ B2.5. Aplicar progresivamente as estratexias necesarias para producir textos adecuados, coherentes e cohesionados. | ▪ LCLB2.5.1. Revisa o texto en varias fases para aclarar problemas co contido (ideas e estrutura) ou a forma (puntuación, ortografía, gramática e presentación), e avalía a súa propia produción escrita ou a dos seus compañeiros e das súas compañeiras. | ▪ CAA |
| | | | ▪ LCLB2.5.2. Reescribe textos propios e alleos aplicando as propostas de mellora que se deducen da avaliación da produción escrita e axustándose ás normas ortográficas e gramaticais que permiten unha comunicación fluída. | ▪ CCL |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B2.6. Produción de textos escritos e audiovisuais relacionados co ámbito persoal, educativo ou escolar, e social.<br>▪ B2.7. Produción de textos escritos e audiovisuais narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos e escritura de textos dialogados. | ▪ B2.6. Escribir textos en diferentes soportes e formatos, en relación co ámbito de uso. | ▪ LCLB2.6.1. Escribe textos argumentativos con diferente organización secuencial, incorporando diversos tipos de argumento, imitando textos modelo. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB2.6.2. Utiliza variados organizadores textuais nas exposicións e nas argumentacións. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB2.6.3. Resume textos xeneralizando termos que teñen trazos | ▪ CAA |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Lingua Castelá e Literatura. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de Aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | en común, globalizando a información e integrándoa en oracións que se relacionen loxicamente e semanticamente, evitando parafrasear o texto resumido. | |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B2.8. Interese crecente pola composición escrita como fonte de información e aprendizaxe e como xeito de comunicar sentimentos, experiencias, coñecementos e emocións. | ▪ B2.7. Valorar a importancia da escritura como ferramenta de adquisición das aprendizaxes e como estímulo do desenvolvemento persoal. | ▪ LCLB2.7.1. Produce textos diversos recoñecendo na escritura o instrumento que é capaz de organizar o seu pensamento. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ LCLB2.7.2. Utiliza nos seus escritos palabras propias do nivel formal da lingua que incorpora ao seu repertorio léxico, e recoñece a importancia de enriquecer o seu vocabulario para expresarse oralmente e por escrito con exactitude e precisión. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB2.7.3. Valora e incorpora progresivamente unha actitude creativa ante a escritura. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ LCLB2.7.4. Coñece e utiliza ferramentas das tecnoloxías da información e da comunicación, participando, intercambiando opinións, comentando e valorando escritos alleos, ou escribindo e dando a coñecer os seus propios. | ▪ CD<br>▪ CSC |
| | Bloque 3. Coñecemento da lingua | | | |
| ▪ b<br>▪ h | ▪ B3.1. Recoñecemento, uso e explicación das categorías gramaticais: substantivo, adxectivo, de- | ▪ B3.1. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as súas normas de uso para resolver problemas de | ▪ LCLB3.1.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos e utiliza este coñece- | ▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Lingua Castelá e Literatura. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de Aprendizaxe | Competencias clave |
| | terminante, pronome, verbo, adverbio, preposición, conxunción e interxección. | comprensión de textos orais e escritos, e para a composición e a revisión progresivamente autónoma dos textos propios e alleos, utilizando a terminoloxía gramatical necesaria para a explicación dos usos da lingua. | mento para corrixir erros de concordancia en textos propios e alleos. | |
| | ▪ B3.2. Coñecemento, uso e valoración das normas ortográficas e gramaticais, recoñecendo o seu valor social e a necesidade de cinguirse a elas para conseguir unha comunicación eficaz. | | ▪ LCLB3.1.2. Recoñece e corrixe erros ortográficos e gramaticais en textos propios e alleos, aplicando os coñecementos adquiridos para mellorar a produción de textos nas súas producións orais, escritas e audiovisuais. | ▪ CCL |
| ▪ h | ▪ B3.3. Recoñecemento, uso e explicación dos elementos constitutivos da palabra. Procedementos para formar palabras. | ▪ B3.2. Recoñecer e analizar a estrutura das palabras pertencentes ás diversas categorías gramaticais, distinguindo as flexivas das non flexivas. | ▪ LCLB3.2.1. Recoñece e explica os elementos constitutivos da palabra (raíz e afixos), e aplica este coñecemento á mellora da comprensión de textos escritos e ao enriquecemento do seu vocabulario activo. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB3.2.2. Explica os procedementos de formación de palabras, distinguindo as compostas, as derivadas, as siglas e os acrónimos. | ▪ CCL |
| ▪ h | ▪ B3.4. Recoñecemento, identificación e explicación do uso dos grupos de palabras (nominal, adxectival, preposicional, verbal e adverbial) e das relacións que se establecen entre os elementos que os conforman no marco da oración simple. | ▪ B3.3. Observar, recoñecer e explicar os usos dos grupos nominais, adxectivais, verbais, preposicionais e adverbiais dentro do marco da oración simple. | ▪ LCLB3.3.1. Identifica os grupos de palabras en frases e textos, diferenciando a palabra nuclear do resto de palabras que o forman, e explica o seu funcionamento no marco da oración simple. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB3.3.2. Recoñece e explica nos textos o funcionamento sintáctico do verbo a partir do seu significado, distinguindo os grupos de palabras que poden funcionar co- | ▪ CCL |

| | Lingua Castelá e Literatura. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de Aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | mo complementos verbais argumentais e adxuntos. | |
| ▪ h | ▪ B3.5. Recoñecemento, uso e explicación dos elementos constitutivos da oración simple: suxeito e predicado. Oracións impersoais, activas e pasivas. | ▪ B3.4. Recoñecer, usar e explicar os elementos constitutivos da oración simple. | ▪ LCLB3.4.1. Recoñece e explica nos textos os elementos constitutivos da oración simple, diferenciando suxeito e predicado e interpretando a presenza ou a ausencia do suxeito como unha marca da actitude, obxectiva ou subxectiva, do emisor. | ▪ CCL<br>▪ |
| | | | ▪ LCLB3.4.2. Transforma oracións activas en pasivas e viceversa, e explica os papeis semánticos do suxeito (axente, paciente e causa). | ▪ CAA |
| | | | ▪ LCLB3.4.3. Amplía oracións nun texto usando diferentes grupos de palabras, utilizando os nexos adecuados e creando oracións novas con sentido completo. | ▪ CCL |
| ▪ a | ▪ B3.6. Recoñecemento, uso e explicación dos conectores textuais e dos principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais como léxicos. | ▪ B3.5. Identificar os conectores textuais e os principais mecanismos de referencia interna presentes nos textos, recoñecendo a súa función na organización do contido do discurso. | ▪ LCLB3.5.1. Recoñece, usa e explica os conectores textuais (de adición, contraste e explicación) e os principais mecanismos de referencia interna, gramaticais (substitucións pronominais) e léxicos (elipse e substitucións mediante sinónimos e hiperónimos), valorando a súa función na organización do contido do texto. | ▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ h | ▪ B3.7. Recoñecemento, uso e explicación dos recursos de modalización en función da persoa que | ▪ B3.6. Identificar a intención comunicativa da persoa que fala ou escribe. | ▪ LCLB3.6.1. Identifica e usa en textos orais ou escritos as formas lingüísticas que fan referencia ao | ▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Lingua Castelá e Literatura. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de Aprendizaxe | Competencias clave |
| | fala ou escribe. Expresión da obxectividade e a subxectividade a través das modalidades oracionais e as referencias internas ao emisor e ao receptor nos textos. | | emisor e ao receptor ou á audiencia (persoa gramatical, uso de pronomes, suxeito axente ou paciente, oracións impersoais, etc.). | |
| ▪ a<br>▪ h | ▪ B3.8. Explicación progresiva da coherencia do discurso, tendo en conta as relacións gramaticais e léxicas que se establecen no interior do texto e a súa relación co contexto. | ▪ B3.7. Interpretar adecuadamente os discursos orais e escritos tendo en conta os elementos lingüísticos, as relacións gramaticais e léxicas, a estrutura e a disposición dos contidos en función da intención comunicativa. | ▪ LCLB3.7.1. Recoñece a coherencia dun discurso atendendo á intención comunicativa do emisor, identificando a estrutura e a disposición de contidos. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB3.7.2. Identifica estruturas textuais (narración, descrición, explicación e diálogo), explica os mecanismos lingüísticos que as diferencian e aplica os coñecementos adquiridos na produción e na mellora de textos propios e alleos. | ▪ CCEC |
As matemáticas contribúen especialmente ao desenvolvemento da competencia matemática, recoñecida como clave pola Unión Europea co nome de "Competencia matemática" e "Competencias básicas en ciencia e tecnoloxía". Esta consiste en formular, transformar e resolver problemas a partir de situacións da vida cotiá, doutras ciencias e das propias matemáticas. Para lograr isto cómpre analizar a situación, identificar o que é verdadeiramente relevante, establecer relacións, facer a modelización e ser quen de representala e comunicala utilizando diferentes linguaxes e rexistros; formular outros problemas, outras preguntas e, mesmo, atopar outras respostas que aparezan tras a análise, o traballo, a argumentación e a resolución da situación de partida. É necesario utilizar conceptos, propiedades, procedementos e as linguaxes axeitadas para expresar as ideas matemáticas, e resolver os problemas asociados coa situación en cuestión. Estas actividades esixen a argumentación e a análise dos procedementos empregados e as solucións propostas. É dicir, a competencia matemática consiste en adquirir un hábito de pensamento matemático que permita establecer hipóteses e contrastalas, elaborar estratexias de resolución de problemas e axudar na toma de decisións axeitadas, tanto na vida persoal como na súa futura vida profesional.

O currículo de Matemáticas está organizado en cinco bloques; todos eles teñen a mesma importancia na formación integral da cidadanía do século XXI, e así debe transmitirse ao alumnado, garantindo que ao remate de cada ciclo ninguén se vexa minguado por razóns de distribución de contidos ou doutra índole.

A este respecto, cómpre sinalar que o currículo non debe verse como un conxunto de bloques independentes. É necesario que se desenvolva de xeito global, pensando nas conexións internas da materia, tanto dentro do curso como nas distintas etapas. Esta globalidade é salientable no que afecta ao bloque un, "Procesos, métodos e actitudes en matemáticas", que evoluciona desde a resolución de problemas en primeiro de ESO ata as demostracións formais do segundo curso do bacharelato. Trátase dun bloque transversal a toda a materia. A súa incorporación dentro dos outros bloques será a principal responsable da adquisición das competencias clave e garante da

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



inclusión de temas interdisciplinares e transversais. Nel establécense dous dos eixes fundamentais no proceso de ensino e aprendizaxe das Matemáticas: a resolución de problemas e os proxectos de investigación. A habilidade de formular, interpretar e resolver problemas, e de modelizar a realidade poñen en xogo distintas formas de pensamento: o pensamento converxente, indispensable para estruturar coñecementos de forma lóxica; o pensamento diverxente, que permite incorporar novas solucións ou asociacións non convencionais ao problema investigado; os pensamentos abstracto, algorítmico e computacional, vinculados á capacidade de abordar un problema automatizando o proceso e procurando solucións transferibles ou xeneralizables. Neste proceso están involucradas todas as competencias: a comunicación lingüística, ao ler de forma comprensiva os enunciados e comunicar os resultados obtidos; a competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor, ao establecer un plan de traballo en revisión e modificación continua, na medida en que se vai resolvendo o problema; a competencia dixital, ao tratar adecuadamente a información e, de ser o caso, servir de apoio á resolución do problema, comprobación da solución e a presentación de resultados; a competencia social e cívica, ao implicar unha actitude aberta ante diferentes enfoques e solucións; a competencia aprender a aprender, tomando conciencia do proceso desenvolvido, das respostas logradas e das que aínda quedan por resolver; e a competencia de conciencia e expresións culturais, na medida en que o proxecto incorpore elementos culturais ou artísticos con base matemática.

Seguindo as recomendacións da Orde ECD/65/2015, para potenciar a motivación da aprendizaxe destas competencias é desexable unha metodoloxía activa e contextualizada, baseada nunha aprendizaxe cooperativa, onde cada persoa poida desenvolver distintos papeis, achegando ou incorporando ideas, asumindo responsabilidades e aceptando erros; unha metodoloxía baseada en actividades ou proxectos matemáticos que poñan en contexto os contidos aprendidos, o que permitirá fortalecer a autonomía persoal e o traballo en equipo, entre outras habilidades.

No desenvolvemento do currículo preténdese que os coñecementos, as competencias e os valores estean integrados. Os novos coñecementos que se deben adquirir teñen que apoiarse nos xa conseguidos: os contextos deben ser elixidos para que o alumnado se aproxime ao coñecemento de forma intuitiva mediante situacións próximas a este, e vaia adquirindo cada vez maior complexidade, ampliando progresivamente a aplicación a problemas relacionados con fenómenos naturais e sociais e a outros contextos menos próximos á súa realidade inmediata.

Durante os primeiros cursos é necesario que o alumnado alcance soltura suficiente no cálculo, sempre apoiado na adquisición do sentido numérico, que abrangue cálculo mental, estimación e dominio reflexivo das propiedades e operacións. Posteriormente, ao longo das etapas educativas, o alumnado debe progresar na adquisición das habilidades de pensamento matemático; debe pasar de conseguir dominar os cálculos e as súas ferramentas a centrarse, xa no bacharelato, en desenvolver os procedementos e a capacidade de analizar e investigar, interpretar e

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

comunicar de xeito matemático diversos fenómenos e problemas en distintos contextos, así como de proporcionar solucións prácticas a estes. Os procedementos, os razoamentos, a argumentación e a expresión matemática das situacións e dos problemas han contribuír de maneira especial a lograr a adquisición das competencias clave.

1º de ESO

| | Matemáticas. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas | | | |
| ▪ f<br>▪ h | ▪ B1.1. Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas. | ▪ B1.1. Expresar verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema. | ▪ MAB1.1.1. Expresa verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| ▪ e<br>▪ f<br>▪ h | ▪ B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc.<br>▪ B1.3. Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc. | ▪ B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas. | ▪ MAB1.2.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema). | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MAB1.2.2. Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MAB1.2.3. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas para resolver, valorando a súa utilidade e eficacia. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MAB1.2.4. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso de resolución. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ b | ▪ B1.2. Estratexias e procedementos | ▪ B1.3. Describir e analizar situa- | ▪ MAB1.3.1. Identifica patróns, regu- | ▪ CMCCT |

| | Matemáticas. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc.<br>▪ B1.4. Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes. | cións de cambio, para encontrar patróns, regularidades e leis matemáticas, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, valorando a súa utilidade para facer predicións. | laridades e leis matemáticas en situacións de cambio, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ MAB1.3.2. Utiliza as leis matemáticas achadas para realizar simulacións e predicións sobre os resultados esperables, valorando a súa eficacia e idoneidade. | ▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f | ▪ B1.3. Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc. | ▪ B1.4. Afondar en problemas resoltos formulando pequenas variacións nos datos, outras preguntas, outros contextos, etc. | ▪ MAB1.4.1. Afonda nos problemas logo de resolvelos, revisando o proceso de resolución e os pasos e as ideas as importantes, analizando a coherencia da solución ou procurando outras formas de resolución. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MAB1.4.2. Formúlase novos problemas a partir dun resolto, variando os datos, propondo novas preguntas, resolvendo outros problemas parecidos, formulando casos particulares ou máis xerais de interese, e establecendo conexións entre o problema e a realidade. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ f | ▪ B1.4. Formulación de proxectos e investigacións matemáticas esco- | ▪ B1.5. Elaborar e presentar informes sobre o proceso, resultados e | ▪ MAB1.5.1. Expón e argumenta o proceso seguido, ademais das | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Matemáticas. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ h | lares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes. | conclusións obtidas nos procesos de investigación. | conclusións obtidas, utilizando distintas linguaxes (alxébrica, gráfica, xeométrica e estatístico-probabilística). | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo. | ▪ B1.6. Desenvolver procesos de matematización en contextos da realidade cotiá (numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos) a partir da identificación de situacións problemáticas da realidade. | ▪ MAB1.6.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ MAB1.6.2. Establece conexións entre un problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel e os coñecementos matemáticos necesarios. | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ MAB1.6.3. Usa, elabora ou constrúe modelos matemáticos sinxelos que permitan a resolución dun problema ou duns problemas dentro do campo das matemáticas. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MAB1.6.4. Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MAB1.6.5. Realiza simulacións e predicións, en contexto real, para valorar a adecuación e as limitacións dos modelos, e propón melloras que aumenten a súa eficacia. | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Matemáticas. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo. | ▪ B1.7. Valorar a modelización matemática como un recurso para resolver problemas da realidade cotiá, avaliando a eficacia e as limitacións dos modelos utilizados ou construídos. | ▪ MAB1.7.1. Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre el e os seus resultados, valorando outras opinións. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ l<br>▪ m<br>▪ n<br>▪ ñ<br>▪ o | ▪ B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo. | ▪ B1.8. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao quefacer matemático. | ▪ MAB1.8.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esforzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada). | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE<br>▪ CSC |
| | | | ▪ MAB1.8.2. Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, o esmero e o interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MAB1.8.3. Distingue entre problemas e exercicios, e adopta a actitude axeitada para cada caso. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MAB1.8.4. Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas e procurar respostas axeitadas, tanto no estudo dos conceptos como na resolución de problemas. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ MAB1.8.5. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo. | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE<br>▪ CSC |
| ▪ b | ▪ B1.6. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitu- | ▪ B1.9. Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situa- | ▪ MAB1.9.1. Toma decisións nos procesos de resolución de pro- | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Matemáticas. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ g | des axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico. | cións descoñecidas. | blemas, de investigación e de matematización ou de modelización, valorando as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade. | ▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ g | ▪ B1.6. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico. | ▪ B1.10. Reflexionar sobre as decisións tomadas, e aprender diso para situacións similares futuras. | ▪ MAB1.10.1. Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolvidos, valorando a potencia e a sinxeleza das ideas clave, e apréndeo para situacións futuras similares. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B1.7. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para:<br>– Recollida ordenada e organización de datos.<br>– Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos.<br>– Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais e a realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico.<br>– Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas.<br>– Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e os resultados e as conclusións obtidos.<br>– Consulta, comunicación e com- | ▪ B1.11. Empregar as ferramentas tecnolóxicas axeitadas, de forma autónoma, realizando cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, facendo representacións gráficas, recreando situacións matemáticas mediante simulacións ou analizando con sentido crítico situacións diversas que axuden á comprensión de conceptos matemáticos ou á resolución de problemas. | ▪ MAB1.11.1. Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízaas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente. | ▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ MAB1.11.2. Utiliza medios tecnolóxicos para facer representacións gráficas de funcións con expresións alxébricas complexas e extraer información cualitativa e cuantitativa sobre elas. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MAB1.11.3. Deseña representacións gráficas para explicar o proceso seguido na solución de problemas, mediante a utilización de medios tecnolóxicos. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MAB1.11.4. Recrea ámbitos e obxectos xeométricos con ferramentas tecnolóxicas interactivas | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Matemáticas. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | partición, en ámbitos apropiados, da información e das ideas matemáticas. | | para amosar, analizar e comprender propiedades xeométricas. | |
| | | | ▪ MAB1.11.5. Utiliza medios tecnolóxicos para tratar datos e gráficas estatísticas, extraer información e elaborar conclusións. | ▪ CMCCT |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B1.7. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para:<br>– Recollida ordenada e organización de datos.<br>– Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos.<br>– Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais e a realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico.<br>– Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas.<br>– Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e os resultados e as conclusións obtidos.<br>– Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e das ideas matemáticas. | ▪ B1.12. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de maneira habitual no proceso de aprendizaxe, procurando, analizando e seleccionando información salientable en internet ou noutras fontes, elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións destes, e compartíndoos en ámbitos apropiados para facilitar a interacción. | ▪ MAB1.12.1. Elabora documentos dixitais propios coa ferramenta tecnolóxica axeitada (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.) como resultado do proceso de procura, análise e selección de información relevante, e compárteos para a súa discusión ou difusión. | ▪ CD<br>▪ CCL |
| | | | ▪ MAB1.12.2. Utiliza os recursos creados para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula. | ▪ CCL |
| | | | ▪ MAB1.12.3. Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo e establecendo pautas de mellora. | ▪ CD<br>▪ CAA |
| | | | ▪ MAB1.12.4. Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ideas e tarefas. | ▪ CD<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 2. Números e álxebra | | | |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Matemáticas. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.1. Números negativos: significado e utilización en contextos reais.<br>▪ B2.2. Números enteiros: representación, ordenación na recta numérica e operacións. Operacións con calculadora.<br>▪ B2.3. Fraccións en ámbitos cotiáns. Fraccións equivalentes. Comparación de fraccións. Representación, ordenación e operacións.<br>▪ B2.4. Números decimais: representación, ordenación e operacións.<br>▪ B2.5. Relación entre fraccións e decimais. Conversión e operacións.<br>▪ B2.6. Potencias de números enteiros e fraccionarios con expoñente natural: operacións.<br>▪ B2.7. Cadrados perfectos. Raíces cadradas. Estimación e obtención de raíces aproximadas.<br>▪ B2.8. Xerarquía das operacións.<br>▪ B2.9. Elaboración e utilización de estratexias para o cálculo mental, para o cálculo aproximado e para o cálculo con calculadora ou outros medios tecnolóxicos. | ▪ B2.1. Utilizar números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, e porcentaxes sinxelas, as súas operacións e as súas propiedades, para recoller, transformar e intercambiar información e resolver problemas relacionados coa vida diaria. | ▪ MAB2.1.1. Identifica os tipos de números (naturais, enteiros, fraccionarios e decimais) e utilízaos para representar, ordenar e interpretar axeitadamente a información cuantitativa. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MAB2.1.2. Calcula o valor de expresións numéricas de distintos tipos de números mediante as operacións elementais e as potencias de expoñente natural, aplicando correctamente a xerarquía das operacións. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MAB2.1.3. Emprega axeitadamente os tipos de números e as súas operacións, para resolver problemas cotiáns contextualizados, representando e interpretando mediante medios tecnolóxicos, cando sexa necesario, os resultados obtidos. | ▪ CMCCT |
| ▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B2.10. Divisibilidade dos números naturais: criterios de divisibilidade.<br>▪ B2.11. Números primos e compos- | ▪ B2.2. Coñecer e utilizar propiedades e novos significados dos números en contextos de paridade, divisibilidade e operacións ele- | ▪ MAB2.2.1. Recoñece novos significados e propiedades dos números en contextos de resolución de problemas sobre paridade, divisi- | ▪ CMCCT |

| | Matemáticas. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ h | tos. Descomposición dun número en factores. Descomposición en factores primos.<br>▪ B2.12. Múltiplos e divisores comúns a varios números. Máximo común divisor e mínimo común múltiplo de dous ou máis números naturais.<br>▪ B2.13. Potencias de números enteiros e fraccionarios con expoñente natural: operacións.<br>▪ B2.14. Potencias de base 10. Utilización da notación científica para representar números grandes.<br>▪ B2.8. Xerarquía das operacións.<br>▪ B2.9. Elaboración e utilización de estratexias para o cálculo mental, para o cálculo aproximado e para o cálculo con calculadora ou outros medios tecnolóxicos. | mentais, mellorando así a comprensión do concepto e dos tipos de números. | bilidade e operacións elementais. | |
| | | | ▪ MAB2.2.2. Aplica os criterios de divisibilidade por 2, 3, 5, 9 e 11 para descompoñer en factores primos números naturais, e emprégaos en exercicios, actividades e problemas contextualizados. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MAB2.2.3. Identifica e calcula o máximo común divisor e o mínimo común múltiplo de dous ou máis números naturais mediante o algoritmo axeitado, e aplícao problemas contextualizados. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MAB2.2.4. Realiza cálculos nos que interveñen potencias de expoñente natural e aplica as regras básicas das operacións con potencias. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MAB2.2.5. Calcula e interpreta adecuadamente o oposto e o valor absoluto dun número enteiro, comprendendo o seu significado e contextualizándoo en problemas da vida real. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MAB2.2.6. Realiza operacións de redondeo e truncamento de números decimais, coñecendo o grao de aproximación, e aplícao a casos concretos. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MAB2.2.7. Realiza operacións de conversión entre números deci- | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Matemáticas. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | mais e fraccionarios, acha fraccións equivalentes e simplifica fraccións, para aplicalo na resolución de problemas. | |
| | | | ▪ MAB2.2.8. Utiliza a notación científica, e valora o seu uso para simplificar cálculos e representar números moi grandes. | ▪ CMCCT |
| ▪ e<br>▪ f | ▪ B2.8. Xerarquía das operacións.<br>▪ B2.9. Elaboración e utilización de estratexias para o cálculo mental, para o cálculo aproximado e para o cálculo con calculadora ou outros medios tecnolóxicos. | ▪ B2.3. Desenvolver, en casos sinxelos, a competencia no uso de operacións combinadas como síntese da secuencia de operacións aritméticas, aplicando correctamente a xerarquía das operacións ou estratexias de cálculo mental. | ▪ MAB2.3.1. Realiza operacións combinadas entre números enteiros, decimais e fraccionarios, con eficacia, mediante o cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, calculadora ou medios tecnolóxicos, utilizando a notación máis axeitada e respectando a xerarquía das operacións. | ▪ CMCCT |
| ▪ e<br>▪ f | ▪ B2.9. Elaboración e utilización de estratexias para o cálculo mental, para o cálculo aproximado e para o cálculo con calculadora ou outros medios tecnolóxicos. | ▪ B2.4. Elixir a forma de cálculo apropiada (mental, escrita ou con calculadora), usando diferentes estratexias que permitan simplificar as operacións con números enteiros, fraccións, decimais e porcentaxes, e estimando a coherencia e a precisión dos resultados obtidos. | ▪ MAB2.4.1. Desenvolve estratexias de cálculo mental para realizar cálculos exactos ou aproximados, valorando a precisión esixida na operación ou no problema. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MAB2.4.2. Realiza cálculos con números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, decidindo a forma máis axeitada (mental, escrita ou con calculadora), coherente e precisa. | ▪ CMCCT |
| ▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B2.15. Cálculos con porcentaxes (mental, manual e con calculadora). Aumentos e diminucións por- | ▪ B2.5. Utilizar diferentes estratexias (emprego de táboas, obtención e uso da constante de proporciona- | ▪ MAB2.5.1. Identifica e discrimina relacións de proporcionalidade numérica (como o factor de con- | ▪ CMCCT |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



| | Matemáticas. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ h | centuais.<br>▪ B2.16. Razón, proporción e taxa. Taxa unitaria. Factores de conversión. Magnitudes directamente proporcionais. Constante de proporcionalidade.<br>▪ B2.17. Resolución de problemas nos que interveña a proporcionalidade directa ou variacións porcentuais. Repartición directamente proporcional. | lidade, redución á unidade, etc.) para obter elementos descoñecidos nun problema a partir doutros coñecidos en situacións da vida real nas que existan variacións porcentuais e magnitudes directamente proporcionais. | versión ou cálculo de porcentaxes) e emprégaas para resolver problemas en situacións cotiás. | |
| ▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.18. Iniciación á linguaxe alxébrica.<br>▪ B2.19. Tradución de expresións da linguaxe cotiá, que representen situacións reais, á alxébrica, e viceversa.<br>▪ B2.20. Significados e propiedades dos números en contextos diferentes ao do cálculo: números triangulares, cadrados, pentagonais, etc.<br>▪ B2.21. A linguaxe alxébrica para xeneralizar propiedades e simbolizar relacións. Obtención de fórmulas e termos xerais baseada na observación de pautas e regularidades. Valor numérico dunha expresión alxébrica. | ▪ B2.6. Analizar procesos numéricos cambiantes, identificando os patróns e as leis xerais que os rexen, utilizando a linguaxe alxébrica para expresalos, comunicalos e realizar predicións sobre o seu comportamento ao modificar as variables, e operar con expresións alxébricas. | ▪ MAB2.6.1. Describe situacións ou enunciados que dependen de cantidades variables ou descoñecidas e secuencias lóxicas ou regularidades, mediante expresións alxébricas, e opera con elas. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MAB2.6.2. Identifica propiedades e leis xerais a partir do estudo de procesos numéricos recorrentes ou cambiantes, exprésaas mediante a linguaxe alxébrica e utilízaas para facer predicións. | ▪ CMCCT |
| ▪ f<br>▪ h | ▪ B2.22. Ecuacións de primeiro grao cunha incógnita (métodos alxébrico e gráfico). Resolución. Interpretación das solucións. Ecuacións sen solución. Resolución de pro- | ▪ B2.7. Utilizar a linguaxe alxébrica para simbolizar e resolver problemas mediante a formulación de ecuacións de primeiro grao, aplicando para a súa resolución mé- | ▪ MAB2.7.1. Comproba, dada unha ecuación, se un número é solución desta. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MAB2.7.2. Formula alxebricamen- | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Matemáticas. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | blemas. | todos alxébricos ou gráficos, e contrastar os resultados obtidos. | te unha situación da vida real mediante ecuacións de primeiro grao, resólvea e interpreta o resultado obtido. | |
| | Bloque 3. Xeometría | | | |
| ▪ f<br>▪ h | ▪ B3.1. Elementos básicos da xeometría do plano. Relacións e propiedades de figuras no plano: paralelismo e perpendicularidade.<br>▪ B3.2. Ángulos e as súas relacións.<br>▪ B3.3. Construcións xeométricas sinxelas: mediatriz e bisectriz. Propiedades.<br>▪ B3.4. Figuras planas elementais: triángulo, cadrado e figuras poligonais.<br>▪ B3.5. Clasificación de triángulos e cuadriláteros. Propiedades e relacións. | ▪ B3.1. Recoñecer e describir figuras planas, os seus elementos e as súas propiedades características para clasificalas, identificar situacións, describir o contexto físico e abordar problemas da vida cotiá. | ▪ MAB3.1.1. Recoñece e describe as propiedades características dos polígonos regulares (ángulos interiores, ángulos centrais, diagonais, apotema, simetrías, etc.). | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MAB3.1.2. Define os elementos característicos dos triángulos, trazando estes e coñecendo a propiedade común a cada un deles, e clasifícaos atendendo tanto aos seus lados como aos seus ángulos. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MAB3.1.3. Clasifica os cuadriláteros e os paralelogramos atendendo ao paralelismo entre os seus lados opostos e coñecendo as súas propiedades referentes a ángulos, lados e diagonais. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MAB3.1.4. Identifica as propiedades xeométricas que caracterizan os puntos da circunferencia e o círculo. | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Matemáticas. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ e<br>▪ f | ▪ B3.6. Medida e cálculo de ángulos de figuras planas.<br>▪ B3.7. Cálculo de áreas e perímetros de figuras planas. Cálculo de áreas por descomposición en figuras simples.<br>▪ B3.8. Circunferencia, círculo, arcos e sectores circulares. | ▪ B3.2. Utilizar estratexias, ferramentas tecnolóxicas e técnicas simples da xeometría analítica plana para a resolución de problemas de perímetros, áreas e ángulos de figuras planas, utilizando a linguaxe matemática axeitada, e expresar o procedemento seguido na resolución. | ▪ MAB3.2.1. Resolve problemas relacionados con distancias, perímetros, superficies e ángulos de figuras planas, en contextos da vida real, utilizando as ferramentas tecnolóxicas e as técnicas xeométricas máis apropiadas. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MAB3.2.2. Calcula a lonxitude da circunferencia, a área do círculo, a lonxitude dun arco e a área dun sector circular, e aplícaas para resolver problemas xeométricos. | ▪ CMCCT |
| ▪ e<br>▪ f | ▪ B3.9. Poliedros e corpos de revolución: elementos característicos e clasificación. Áreas e volumes. | ▪ B3.3. Analizar corpos xeométricos (cubos, ortoedros, prismas, pirámides, cilindros, conos e esferas) e identificar os seus elementos característicos (vértices, arestas, caras, desenvolvementos planos, seccións ao cortar con planos, corpos obtidos mediante seccións, simetrías, etc.). | ▪ MAB3.3.1. Analiza e identifica as características de corpos xeométricos, utilizando a linguaxe xeométrica axeitada. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MAB3.3.2. Constrúe seccións sinxelas dos corpos xeométricos, a partir de cortes con planos, mentalmente e utilizando os medios tecnolóxicos axeitados. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MAB3.3.3. Identifica os corpos xeométricos a partir dos seus desenvolvementos planos e reciprocamente. | ▪ CMCCT |
| ▪ e<br>▪ f<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B3.10. Propiedades, regularidades e relacións dos poliedros. Cálculo de lonxitudes, superficies e volumes do mundo físico.<br>▪ B3.11. Uso de ferramentas informáticas para estudar formas, configuracións e relacións xeométri- | ▪ B3.4. Resolver problemas que leven consigo o cálculo de lonxitudes, superficies e volumes do mundo físico, utilizando propiedades, regularidades e relacións dos poliedros. | ▪ MAB3.4.1. Resolve problemas da realidade mediante o cálculo de áreas e volumes de corpos xeométricos, utilizando as linguaxes xeométrica e alxébrica adecuadas. | ▪ CMCCT |

| | Matemáticas. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | cas. | | | |
| | Bloque 4. Funcións | | | |
| ▪ f | ▪ B4.1. Coordenadas cartesianas: representación e identificación de puntos nun sistema de eixes coordenados. | ▪ B4.1. Coñecer, manexar e interpretar o sistema de coordenadas cartesianas. | ▪ MAB4.1.1. Localiza puntos no plano a partir das súas coordenadas e nomea puntos do plano escribindo as súas coordenadas. | ▪ CMCCT |
| ▪ f | ▪ B4.2. Concepto de función: variable dependente e independente. Formas de presentación (linguaxe habitual, táboa, gráfica e fórmula). | ▪ B4.2. Manexar as formas de presentar unha función (linguaxe habitual, táboa numérica, gráfica e ecuación, pasando dunhas formas a outras e elixindo a mellor delas en función do contexto). | ▪ MAB4.2.1. Pasa dunhas formas de representación dunha función a outras e elixe a máis adecuada en función do contexto. | ▪ CMCCT |
| ▪ f | ▪ B4.2. Concepto de función: variable dependente e independente. Formas de presentación (linguaxe habitual, táboa, gráfica e fórmula). | ▪ B4.3. Comprender o concepto de función. | ▪ MAB4.3.1. Recoñece se unha gráfica representa ou non unha función. | ▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B4.3. Funcións lineais. Cálculo, interpretación e identificación da pendente da recta. Representacións da recta a partir da ecuación e obtención da ecuación a partir dunha recta.<br>▪ B4.4. Utilización de calculadoras gráficas e software específico para a construción e a interpretación de gráficas. | ▪ B4.4. Recoñecer, representar e analizar as funcións lineais, e utilizalas para resolver problemas. | ▪ MAB4.4.1. Recoñece e representa unha función lineal a partir da ecuación ou dunha táboa de valores, e obtén a pendente da recta correspondente. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MAB4.4.2. Obtén a ecuación dunha recta a partir da gráfica ou táboa de valores. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MAB4.4.3. Escribe a ecuación correspondente á relación lineal existente entre dúas magnitudes e represéntaa. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MAB4.4.4. Estuda situacións reais | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| Matemáticas. 1º de ESO | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | sinxelas e, apoiándose en recursos tecnolóxicos, identifica o modelo matemático funcional (lineal ou afín) máis axeitado para explicalas, e realiza predicións e simulacións sobre o seu comportamento. | |
| | Bloque 5. Estatística e probabilidade | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m | ▪ B5.1. Poboación e individuo. Mostra. Variables estatísticas.<br>▪ B5.2. Variables cualitativas e cuantitativas.<br>▪ B5.3. Frecuencias absolutas, relativas e acumuladas.<br>▪ B5.4. Organización en táboas de datos recollidos nunha experiencia.<br>▪ B5.5. Diagramas de barras e de sectores. Polígonos de frecuencias.<br>▪ B5.6. Medidas de tendencia central. | ▪ B5.1. Formular preguntas axeitadas para coñecer as características de interese dunha poboación e recoller, organizar e presentar datos relevantes para respondelas, utilizando os métodos estatísticos apropiados e as ferramentas adecuadas, organizando os datos en táboas e construíndo gráficas, calculando os parámetros relevantes e obtendo conclusións razoables a partir dos resultados obtidos. | ▪ MAB5.1.1. Comprende o significado de poboación, mostra e individuo desde o punto de vista da estatística, entende que as mostras se empregan para obter información da poboación cando son representativas, e aplícaos a casos concretos. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MAB5.1.2. Recoñece e propón exemplos de distintos tipos de variables estatísticas, tanto cualitativas como cuantitativas. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MAB5.1.3. Organiza datos obtidos dunha poboación de variables cualitativas ou cuantitativas en táboas, calcula e interpreta as súas frecuencias absolutas, relativas e acumuladas, e represéntaos graficamente. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MAB5.1.4. Calcula a media aritmética, a mediana (intervalo mediano) e a moda (intervalo modal), e emprégaos para interpretar un conxunto de datos elixindo o máis | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Matemáticas. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | axeitado, e para resolver problemas. | |
| | | | ▪ MAB5.1.5. Interpreta gráficos estatísticos sinxelos recollidos en medios de comunicación e outros ámbitos da vida cotiá. | ▪ CMCCT |
| ▪ e<br>▪ f<br>▪ h | ▪ B5.4. Organización en táboas de datos recollidos nunha experiencia.<br>▪ B5.5. Diagramas de barras e de sectores. Polígonos de frecuencias.<br>▪ B5.6. Medidas de tendencia central.<br>▪ B5.7. Utilización de calculadoras e ferramentas tecnolóxicas para o tratamento de datos, creación e interpretación de gráficos e elaboración de informes. | ▪ B5.2. Utilizar ferramentas tecnolóxicas para organizar datos, xerar gráficas estatísticas, calcular parámetros relevantes e comunicar os resultados obtidos que respondan ás preguntas formuladas previamente sobre a situación estudada. | ▪ MAB5.2.1. Emprega a calculadora e ferramentas tecnolóxicas para organizar datos, xerar gráficos estatísticos e calcular as medidas de tendencia central. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MAB5.2.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para comunicar información resumida e relevante sobre unha variable estatística analizada. | ▪ CMCCT |
| ▪ e<br>▪ f<br>▪ h | ▪ B5.8. Fenómenos deterministas e aleatorios.<br>▪ B5.9. Formulación de conxecturas sobre o comportamento de fenómenos aleatorios sinxelos e deseño de experiencias para a súa comprobación.<br>▪ B5.10. Frecuencia relativa dun suceso e a súa aproximación á probabilidade mediante a simulación ou experimentación. | ▪ B5.3. Diferenciar os fenómenos deterministas dos aleatorios, valorando a posibilidade que ofrecen as matemáticas para analizar e facer predicións razoables acerca do comportamento dos aleatorios a partir das regularidades obtidas ao repetir un número significativo de veces a experiencia aleatoria, ou o cálculo da súa probabilidade. | ▪ MAB5.3.1. Identifica os experimentos aleatorios e distíngueos dos deterministas. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MAB5.3.2. Calcula a frecuencia relativa dun suceso mediante a experimentación. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MAB5.3.3. Realiza predicións sobre un fenómeno aleatorio a partir do cálculo exacto da súa probabilidade ou a aproximación desta mediante a experimentación. | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Matemáticas. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ h | ▪ B5.11. Sucesos elementais equiprobables e non equiprobables.<br>▪ B5.12. Espazo mostral en experimentos sinxelos. Táboas e diagramas de árbore sinxelos.<br>▪ B5.13. Cálculo de probabilidades mediante a regra de Laplace en experimentos sinxelos. | ▪ B5.4. Inducir a noción de probabilidade a partir do concepto de frecuencia relativa e como medida de incerteza asociada aos fenómenos aleatorios, sexa ou non posible a experimentación. | ▪ MAB5.4.1. Describe experimentos aleatorios sinxelos e enumera todos os resultados posibles, apoiándose en táboas, recontos ou diagramas en árbore sinxelos. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MAB5.4.2. Distingue entre sucesos elementais equiprobables e non equiprobables. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MAB5.4.3. Calcula a probabilidade de sucesos asociados a experimentos sinxelos mediante a regra de Laplace, e exprésaa en forma de fracción e como porcentaxe. | ▪ CMCCT |

## 2º de ESO

| | Matemáticas. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas | | | |
| ▪ f<br>▪ h | ▪ B1.1. Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas. | ▪ B1.1. Expresar verbalmente, de forma razoada, o proceso seguido na resolución dun problema. | ▪ MAB1.1.1. Expresa verbalmente, de forma razoada, o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| ▪ E<br>▪ f<br>▪ h | ▪ B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo | ▪ B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas. | ▪ MAB1.2.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema). | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MAB1.2.2. Valora a información | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Matemáticas. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc.<br>▪ B1.3. Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc. | | dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema. | |
| | | | ▪ MAB1.2.3. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas para resolver, valorando a súa utilidade e eficacia. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MAB1.2.4. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso de resolución de problemas. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc.<br>▪ B1.4. Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes. | ▪ B1.3. Describir e analizar situacións de cambio, para encontrar patróns, regularidades e leis matemáticas, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, valorando a súa utilidade para facer predicións. | ▪ MAB1.3.1. Identifica patróns, regularidades e leis matemáticas en situacións de cambio, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos. | ▪ CMCCT<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ MAB1.3.2. Utiliza as leis matemáticas achadas para realizar simulacións e predicións sobre os resultados esperables, valorando a súa eficacia e idoneidade. | ▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f | ▪ B1.3. Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e inter- | ▪ B1.4. Afondar en problemas resoltos formulando pequenas variacións nos datos, outras preguntas, outros | ▪ MAB1.4.1. Afonda nos problemas logo de resolvelos, revisando o proceso de resolución e os pasos e as ideas importantes, analizando a | ▪ CMCCT |

| | Matemáticas. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | pretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc. | contextos, etc. | coherencia da solución ou procurando outras formas de resolución. | |
| | | | ▪ MAB1.4.2. Formúlase novos problemas, a partir de un resolto, variando os datos, propondo novas preguntas, resolvendo outros problemas parecidos, formulando casos particulares ou máis xerais de interese, e establecendo conexións entre o problema e a realidade. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ h | ▪ B1.4. Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes. | ▪ B1.5. Elaborar e presentar informes sobre o proceso, resultados e conclusións obtidas nos procesos de investigación. | ▪ MAB1.5.1. Expón e argumenta o proceso seguido ademais das conclusións obtidas, utilizando distintas linguaxes (alxébrica, gráfica, xeométrica e estatístico-probabilística). | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo. | ▪ B1.6. Desenvolver procesos de matematización en contextos da realidade cotiá (numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos) a partir da identificación de situacións problemáticas da realidade. | ▪ MAB1.6.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ MAB1.6.2. Establece conexións entre un problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel e os coñecementos matemáticos necesarios. | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ MAB1.6.3. Usa, elabora ou constrúe modelos matemáticos sinxelos que permitan a resolución dun pro- | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Matemáticas. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | blema ou duns problemas dentro do campo das matemáticas. | |
| | | | ▪ MAB1.6.4. Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MAB1.6.5. Realiza simulacións e predicións, en contexto real, para valorar a adecuación e as limitacións dos modelos, e propón melloras que aumenten a súa eficacia. | ▪ CMCCT |
| ▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo. | ▪ B1.7. Valorar a modelización matemática como un recurso para resolver problemas da realidade cotiá, avaliando a eficacia e as limitacións dos modelos utilizados ou construídos. | ▪ MAB1.7.1. Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre el e os seus resultados, valorando outras opinións. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ l<br>▪ m<br>▪ n<br>▪ ñ<br>▪ o | ▪ B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo. | ▪ B1.8. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao quefacer matemático. | ▪ MAB1.8.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esforzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada). | ▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ MAB1.8.2. Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, o esmero e o interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MAB1.8.3. Distingue entre problemas e exercicios, e adopta a actitude axeitada para cada caso. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MAB1.8.4. Desenvolve actitudes | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



| | Matemáticas. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
A materia de Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais está dividida en dous cursos: o seu ensino débese comezar tendo en conta o grao de adquisición da competencia matemática que o alumnado logrou a longo da ESO. Para lograr esta continuidade, igual que acontece no currículo básico das materias de matemáticas de ESO, os coñecementos, as competencias e os valores están integrados, e formuláronse os estándares de aprendizaxe avaliables tendo en conta a relación necesaria entre os devanditos elementos, tamén en bacharelato.

A materia estrutúrase en torno a catro bloques de contido: "Procesos, métodos e actitudes en matemáticas", "Números e álxebra", "Análise", e "Estatística e probabilidade".

O bloque de "Procesos, métodos e actitudes en matemáticas" é común aos dous cursos e transversal: débese desenvolver simultaneamente ao resto de bloques de contido e é o eixe fundamental da materia; articúlase sobre procesos básicos e imprescindibles no quefacer matemático: a resolución de problemas, proxectos de investigación matemática, a matematización e modelización, as actitudes adecuadas para desenvolver o traballo científico e a utilización de medios tecnolóxicos. Incorporouse a este bloque a maioría das competencias clave e os temas transversais, o que permite a súa adquisición e o seu desenvolvemento, respectivamente, ao longo de toda a materia. Nel establécense dous dos eixes fundamentais no proceso de ensino e aprendizaxe das matemáticas: a resolución de problemas e os proxectos de investigación. A habilidade de formular, interpretar e resolver problemas, e de modelizar a realidade poñen en xogo distintas formas de pensamento: o pensamento converxente, indispensable para estruturar coñecementos de forma lóxica; o pensamento diverxente, que permite incorporar novas solucións ou asociacións non convencionais ao problema investigado; os pensamentos abstracto, algorítmico, e computacional, vinculados á capacidade de abordar un problema automatizando o proceso e procurando solucións transferibles ou xeneralizables.

Neste proceso están involucradas todas as competencias: a de comunicación lingüística, ao ler de xeito comprensivo os enunciados e comunicar os resultados obtidos; a de sentido de iniciativa e espírito emprendedor, ao establecer un plan de traballo en revisión e modificación continua na medida en que se vai resolvendo o problema; a competencia dixital, ao tratar adecuadamente a información e, de ser o caso, servir de apoio á resolución do problema, comprobación da solución e a presentación de resultados; a competencia social e cívica, ao implicar unha actitude aberta ante diferentes enfoques e solucións; e a conciencia e expresións culturais, na medida en que o proxecto incorpore elementos culturais ou artísticos con base matemática.

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



Os elementos que constitúen o currículo básico en primeiro curso fundamentan os principais conceptos dos bloques de contido, ademais de ofrecer unha base sólida para a interpretación de fenómenos sociais nos que interveñen dúas variables. En segundo curso, afóndase nas achegas da materia ao currículo do bacharelato, en particular mediante a inferencia estatística, a optimización e a álxebra lineal.

1º de bacharelato

| | Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas | | | |
| ▪ e<br>▪ i | ▪ B1.1. Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas. | ▪ B1.1. Expresar verbalmente, de forma razoada, o proceso seguido na resolución dun problema. | ▪ MACS1B1.1.1. Expresa verbalmente, de forma razoada, o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B1.3. Análise dos resultados obtidos: revisión das operacións utilizadas, coherencia das solucións coa situación, revisión sistemática do proceso, procura doutras formas de resolución e identificación de problemas parecidos.<br>▪ B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: relación con outros problemas coñecidos, modificación de variables e suposición do problema resolto. | ▪ B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas. | ▪ MACS1B1.2.1. Analiza e comprende o enunciado que cumpra resolver (datos, relacións entre os datos, condicións, coñecementos matemáticos necesarios, etc.). | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACS1B1.2.2. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas que cumpra resolver, contrastando a súa validez e valorando a súa utilidade e eficacia. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACS1B1.2.3. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso seguido. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ g | ▪ B1.4. Elaboración e presentación | ▪ B1.3. Elaborar un informe científi- | ▪ MACS1B1.3.1. Usa a linguaxe, a | ▪ CMCCT |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ i | oral e/ou escrita de informes científicos sobre o proceso seguido na resolución dun problema, utilizando as ferramentas tecnolóxicas axeitadas.<br>▪ B1.5. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para:<br>– Recollida ordenada e a organización de datos.<br>– Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos.<br>– Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais e a realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico.<br>– Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas.<br>– Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo, e as conclusións e os resultados obtidos.<br>– Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e das ideas matemáticas. | co escrito que sirva para comunicar as ideas matemáticas xurdidas na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados. | notación e os símbolos matemáticos adecuados ao contexto e á situación. | |
| | | | ▪ MACS1B1.3.2. Utiliza argumentos, xustificacións, explicacións e razoamentos explícitos e coherentes. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACS1B1.3.3. Emprega as ferramentas tecnolóxicas adecuadas ao tipo de problema, á situación que cumpra resolver ou á propiedade ou o teorema que se vaia demostrar. | ▪ CMCCT<br>▪ CD |
| ▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B1.6. Planificación e realización de proxectos e investigacións matemáticas a partir de contextos da realidade ou contextos do mundo das matemáticas, de xeito indivi- | ▪ B1.4. Planificar adecuadamente o proceso de investigación, tendo en conta o contexto en que se desenvolve e o problema de investiga- | ▪ MACS1B1.4.1. Coñece e describe a estrutura do proceso de elaboración dunha investigación matemática: problema de investigación, estado da cuestión, obxectivos, hi- | ▪ CMCCT |

| | Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | dual e en equipo. | ción formulado. | pótese, metodoloxía, resultados, conclusións, etc. | |
| | | | ▪ MACS1B1.4.2. Planifica adecuadamente o proceso de investigación, tendo en conta o contexto en que se desenvolve e o problema de investigación formulado. | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| ▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B1.6. Planificación e realización de proxectos e investigacións matemáticas a partir de contextos da realidade ou contextos do mundo das matemáticas, de xeito individual e en equipo. | ▪ B1.5. Practicar estratexias para a xeración de investigacións matemáticas, a partir da resolución dun problema e o afondamento posterior; da xeneralización de propiedades e leis matemáticas; e do afondamento nalgún momento da historia das matemáticas, concretando todo iso en contextos numéricos, alxébricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos. | ▪ MACS1B1.5.1. Afonda na resolución dalgúns problemas formulando novas preguntas, xeneralizando a situación ou os resultados, etc. | ▪ CMCCT<br>▪ |
| | | | ▪ MACS1B1.5.2. Procura conexións entre contextos da realidade e do mundo das matemáticas (a historia da humanidade e a historia das matemáticas; arte e matemáticas; ciencias sociais e matemáticas, etc.). | ▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ e<br>▪ g<br>▪ i | ▪ B1.6. Planificación e realización de proxectos e investigacións matemáticas a partir de contextos da realidade ou contextos do mundo das matemáticas, de xeito individual e en equipo.<br>▪ B1.7. Práctica de procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade.<br>▪ B1.8. Elaboración e presentación dun informe científico sobre o procedemento, os resultados e as conclusións do proceso de investigación desenvolvido. | ▪ B1.6. Elaborar un informe científico escrito que recolla o proceso de investigación realizado, coa precisión e o rigor adecuados. | ▪ MACS1B1.6.1. Consulta as fontes de información adecuadas ao problema de investigación. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACS1B1.6.2. Usa a linguaxe, a notación e os símbolos matemáticos adecuados ao contexto do problema de investigación. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACS1B1.6.3. Utiliza argumentos, xustificacións, explicacións e razoamentos explícitos e coherentes. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACS1B1.6.4. Emprega as ferra- | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | mentas tecnolóxicas adecuadas ao tipo de problema de investigación, tanto na procura de solucións coma para mellorar a eficacia na comunicación das ideas matemáticas. | ▪ CD |
| | | | ▪ MACS1B1.6.5. Transmite certeza e seguridade na comunicación das ideas, así como dominio do tema de investigación. | ▪ CCL |
| | | | ▪ MACS1B1.6.6. Reflexiona sobre o proceso de investigación e elabora conclusións sobre o nivel de resolución do problema de investigación e de consecución de obxectivos, formula posibles continuacións da investigación, analiza os puntos fortes e débiles do proceso, e fai explícitas as súas impresións persoais sobre a experiencia. | ▪ CMCCT |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B1.7. Práctica de procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade. | ▪ B1.7. Desenvolver procesos de matematización en contextos da realidade cotiá (numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos) a partir da identificación de problemas en situacións problemáticas da realidade. | ▪ MACS1B1.7.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ MACS1B1.7.2. Establece conexións entre o problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel, así como os coñecementos matemáticos necesarios. | ▪ CMCCT |

| | Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ MACS1B1.7.3. Usa, elabora ou constrúe modelos matemáticos axeitados que permitan a resolución do problema ou dos problemas dentro do campo das matemáticas. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACS1B1.7.4. Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACS1B1.7.5. Realiza simulacións e predicións, en contexto real, para valorar a adecuación e as limitacións dos modelos, e propón melloras que aumenten a súa eficacia. | ▪ CMCCT |
| ▪ i | ▪ B1.7. Práctica de procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade. | ▪ B1.8. Valorar a modelización matemática como un recurso para resolver problemas da realidade cotiá, avaliando a eficacia e as limitacións dos modelos utilizados ou construídos. | ▪ MACS1B1.8.1. Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre os logros conseguidos, resultados mellorables, impresións persoais do proceso, etc., valorando outras opinións. | ▪ CMCCT |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B1.6. Planificación e realización de proxectos e investigacións matemáticas a partir de contextos da realidade ou do mundo das matemáticas, de xeito individual e en equipo.<br>▪ B1.7. Práctica de procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade. | ▪ B1.9. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao quefacer matemático. | ▪ MACS1B1.9.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esforzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada, convivencia coa incerteza, tolerancia da frustración, autoanálise continuo, etc.). | ▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ MACS1B1.9.2. Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, esmero e interese ade- | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

|  | Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I. 1º de bacharelato |  |  |  |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ n<br>▪ ñ<br>▪ o<br>▪ p |  |  | cuados ao nivel educativo e á dificultade da situación. |  |
|  |  |  | ▪ MACS1B1.9.3. Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular ou formularse preguntas e procurar respostas axeitadas, revisar de forma crítica os resultados achados, etc. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
|  |  |  | ▪ MACS1B1.9.4. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B1.9. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico. | ▪ B1.10. Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situacións descoñecidas. | ▪ MACS1B1.10.1. Toma decisións nos procesos (de resolución de problemas, de investigación, de matematización ou de modelización), valorando as consecuencias destas e a conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade. | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B1.9. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico. | ▪ B1.11. Reflexionar sobre as decisións tomadas, valorando a súa eficacia, e aprender diso para situacións similares futuras. | ▪ MACS1B1.11.1. Reflexiona sobre os procesos desenvolvidos, tomando conciencia das súas estruturas, valorando a potencia, a sinxeleza e a beleza das ideas e dos métodos utilizados, e aprende diso para situacións futuras. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ g<br>▪ i | ▪ B1.5. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para:<br>– Recollida ordenada e a organización de datos. | ▪ B1.12. Empregar as ferramentas tecnolóxicas adecuadas, de xeito autónomo, realizando cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, facendo representacións gráficas, recreando situacións mate- | ▪ MACS1B1.12.1. Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízaas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, cando a dificultade destes impida ou non aconselle face- | ▪ CD<br>▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | – Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos.<br>– Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais, e a realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico.<br>– Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas.<br>– Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e as conclusións e os resultados obtidos.<br>– Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e as ideas matemáticas. | máticas mediante simulacións ou analizando con sentido crítico situacións diversas que axuden á comprensión de conceptos matemáticos ou á resolución de problemas. | los manualmente. | |
| | | | ▪ MACS1B1.12.2. Utiliza medios tecnolóxicos para facer representacións gráficas de funcións con expresións alxébricas complexas e extraer información cualitativa e cuantitativa sobre elas. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACS1B1.12.3. Deseña representacións gráficas para explicar o proceso seguido na solución de problemas, mediante a utilización de medios tecnolóxicos. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACS1B1.12.4. Recrea ámbitos e obxectos xeométricos con ferramentas tecnolóxicas interactivas para amosar, analizar e comprender propiedades xeométricas. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACSB1.12.5. Utiliza medios tecnolóxicos para o tratamento de datos e gráficas estatísticas, extraer información e elaborar conclusións. | ▪ CMCCT |
| ▪ e<br>▪ g<br>▪ i | ▪ B1.5. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para:<br>– Recollida ordenada e a organización de datos.<br>– Elaboración e creación de representacións gráficas de datos | ▪ B1.13. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de xeito habitual no proceso de aprendizaxe, procurando, analizando e seleccionando información salientable en internet ou noutras fontes, elaborando documentos propios, facendo exposi- | ▪ MACS1B1.13.1. Elabora documentos dixitais propios (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.) como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable, coa ferramenta tecnolóxica axeitada, e compárteos para a súa discusión | ▪ CD |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | numéricos, funcionais ou estatísticos.<br>– Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais, e a realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico.<br>– Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas.<br>– Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e as conclusións e os resultados obtidos.<br>– Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e as ideas matemáticas. | cións e argumentacións destes, e compartíndoos en ámbitos apropiados, para facilitar a interacción. | ou difusión. | |
| | | | ▪ MACS1B1.13.2. Utiliza os recursos creados para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula. | ▪ CCL |
| | | | ▪ MACS1B1.13.3. Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo, e establecendo pautas de mellora. | ▪ CD<br>▪ CAA |
| | Bloque 2. Números e álxebra | | | |
| ▪ i | ▪ B2.1. Números racionais e irracionais. Número real. Representación na recta real. Intervalos.<br>▪ B2.2. Aproximación decimal dun número real. Estimación, redondeo e erros.<br>▪ B2.3. Operacións con números reais. Potencias e radicais. Notación científica. | ▪ B2.1. Utilizar os números reais e as súas operacións para presentar e intercambiar información, controlando e axustando a marxe de erro esixible en cada situación, en contextos da vida real. | ▪ MACS1B2.1.1. Recoñece os tipos números reais (racionais e irracionais) e utilízaos para representar e interpretar axeitadamente información cuantitativa. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACS1B2.1.2. Representa correctamente información cuantitativa mediante intervalos de números reais. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACS1B2.1.3. Compara, ordena, clasifica e representa graficamente calquera número real. | ▪ CMCCT |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



| | Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ MACS1B2.1.4. Realiza operacións numéricas con eficacia, empregando cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, calculadora ou programas informáticos, utilizando a notación máis axeitada e controlando o erro cando aproxima. | ▪ CMCCT |
| ▪ i | ▪ B2.4. Operacións con capitais financeiros. Aumentos e diminucións porcentuais. Taxas e xuros bancarios. Capitalización e amortización simple e composta.<br>▪ B2.5. Utilización de recursos tecnolóxicos para a realización de cálculos financeiros e mercantís. | ▪ B2.2. Resolver problemas de capitalización e amortización simple e composta utilizando parámetros de aritmética mercantil, empregando métodos de cálculo ou os recursos tecnolóxicos máis axeitados. | ▪ MACS1B2.2.1. Interpreta e contextualiza correctamente parámetros de aritmética mercantil para resolver problemas do ámbito da matemática financeira (capitalización e amortización simple e composta) mediante os métodos de cálculo ou recursos tecnolóxicos apropiados. | ▪ CMCCT |
| ▪ i | ▪ B2.6. Polinomios. Operacións. Descomposición en factores.<br>▪ B2.7. Ecuacións lineais, cuadráticas e reducibles a elas, exponenciais e logarítmicas. Aplicacións.<br>▪ B2.8. Sistemas de ecuacións de primeiro e segundo grao con dúas incógnitas. Clasificación. Aplicacións. Interpretación xeométrica.<br>▪ B2.9. Sistemas de ecuacións lineais con tres incógnitas: método de Gauss.<br>▪ B2.10. Formulación e resolución de problemas das ciencias sociais mediante sistemas de ecuacións lineais. | ▪ B2.3. Transcribir a linguaxe alxébrica ou gráfica situacións relativas ás ciencias sociais, e utilizar técnicas matemáticas e ferramentas tecnolóxicas apropiadas para resolver problemas reais, dando unha interpretación das solucións obtidas en contextos particulares. | ▪ MACS1B2.3.1. Utiliza con eficacia a linguaxe alxébrica para representar situacións formuladas en contextos reais. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACS1B2.3.2. Resolve problemas relativos ás ciencias sociais mediante a utilización de ecuacións ou sistemas de ecuacións. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACS1B2.3.3. Realiza unha interpretación contextualizada dos resultados obtidos e exponos con claridade. | ▪ CMCCT |
| | Bloque 3. Análise | | | |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



| | Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ i | ▪ B3.1. Resolución de problemas e interpretación de fenómenos sociais e económicos mediante funcións.<br>▪ B3.2. Funcións reais de variable real. Expresión dunha función en forma alxébrica, por medio de táboas ou de gráficas. Características dunha función.<br>▪ B3.3. Identificación da expresión analítica e gráfica das funcións reais de variable real (polinómicas, exponencial e logarítmica, valor absoluto, parte enteira, e racionais e irracionais sinxelas) a partir das súas características. Funcións definidas a anacos. | ▪ B3.1. Interpretar e representar gráficas de funcións reais tendo en conta as súas características e a súa relación con fenómenos sociais. | ▪ MACS1B3.1.1. Analiza funcións expresadas en forma alxébrica, por medio de táboas ou graficamente, e relaciónaas con fenómenos cotiáns, económicos, sociais e científicos, extraendo e replicando modelos. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACS1B3.1.2. Selecciona adecuadamente e razoadamente eixes, unidades e escalas, recoñecendo e identificando os erros de interpretación derivados dunha mala elección, para realizar representacións gráficas de funcións. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACS1B3.1.3. Estuda e interpreta graficamente as características dunha función, comprobando os resultados coa axuda de medios tecnolóxicos en actividades abstractas e problemas contextualizados. | ▪ CMCCT |
| ▪ i | ▪ B3.4. Interpolación e extrapolación lineal e cuadrática. Aplicación a problemas reais. | ▪ B3.2. Interpolar e extrapolar valores de funcións a partir de táboas, e coñecer a utilidade en casos reais. | ▪ MACS1B3.2.1. Obtén valores descoñecidos mediante interpolación ou extrapolación a partir de táboas ou datos, e interprétaos nun contexto. | ▪ CMCCT |
| ▪ i | ▪ B3.3. Identificación da expresión analítica e gráfica das funcións reais de variable real (polinómicas, exponencial e logarítmica, valor absoluto, parte enteira, e racionais e irracionais sinxelas) a partir das | ▪ B3.3. Calcular límites finitos e infinitos dunha función nun punto ou no infinito, para estimar as tendencias. | ▪ MACS1B3.3.1. Calcula límites finitos e infinitos dunha función nun punto ou no infinito para estimar as tendencias dunha función. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACS1B3.3.2. Calcula, representa | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | súas características. As funcións definidas a anacos.<br>▪ B3.5. Idea intuitiva de límite dunha función nun punto. Cálculo de límites sinxelos. O límite como ferramenta para o estudo da continuidade dunha función. Aplicación ao estudo das asíntotas. | | e interpreta as asíntotas dunha función en problemas das ciencias sociais. | |
| ▪ i | ▪ B3.5. Idea intuitiva de límite dunha función nun punto. Cálculo de límites sinxelos. O límite como ferramenta para o estudo da continuidade dunha función. Aplicación ao estudo das asíntotas. | ▪ B3.4. Coñecer o concepto de continuidade e estudar a continuidade nun punto en funcións polinómicas, racionais, logarítmicas e exponenciais. | ▪ MACS1B3.4.1. Examina, analiza e determina a continuidade da función nun punto para extraer conclusións en situacións reais. | ▪ CMCCT |
| ▪ i | ▪ B3.6. Taxa de variación media e taxa de variación instantánea. Aplicación ao estudo de fenómenos económicos e sociais. Derivada dunha función nun punto. Interpretación xeométrica. Recta tanxente a unha función nun punto.<br>▪ B3.7. Función derivada. Regras de derivación de funcións elementais sinxelas que sexan suma, produto, cociente e composición de funcións polinómicas, exponenciais e logarítmicas. | ▪ B3.5. Coñecer e interpretar xeometricamente a taxa de variación media nun intervalo e nun punto como aproximación ao concepto de derivada, e utilizar as regra de derivación para obter a función derivada de funcións sinxelas e das súas operacións. | ▪ MACS1B3.5.1. Calcula a taxa de variación media nun intervalo e a taxa de variación instantánea, interprétaas xeometricamente e emprégaas para resolver problemas e situacións extraídas da vida real. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACS1B3.5.2. Aplica as regras de derivación para calcular a función derivada dunha función e obter a recta tanxente a unha función nun punto dado. | ▪ CMCCT |
| | Bloque 4. Estatística e Probabilidade | | | |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B4.1. Estatística descritiva bidimensional: táboas de continxencia.<br>▪ B4.2. Distribución conxunta e distribucións marxinais. | ▪ B4.1. Describir e comparar conxuntos de datos de distribucións bidimensionais, con variables discretas ou continuas, procedentes de contextos relacionados coa | ▪ MACS1B4.1.1. Elabora e interpreta táboas bidimensionais de frecuencias a partir dos datos dun estudo estatístico, con variables numéricas (discretas e continuas) e | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | ▪ B4.3. Distribucións condicionadas.<br>▪ B4.4. Medias e desviacións típicas marxinais e condicionadas.<br>▪ B4.5. Independencia de variables estatísticas. | economía e outros fenómenos sociais, e obter os parámetros estatísticos máis usuais mediante os medios máis axeitados (lapis e papel, calculadora, folla de cálculo) e valorando a dependencia entre as variables. | categóricas. | |
| | | | ▪ MACS1B4.1.2. Calcula e interpreta os parámetros estatísticos máis usuais en variables bidimensionais para aplicalos en situacións da vida real. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACS1B4.1.3. Acha as distribucións marxinais e diferentes distribucións condicionadas a partir dunha táboa de continxencia, así como os seus parámetros, para aplicalos en situacións da vida real. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACS1B4.1.4. Decide se dúas variables estatísticas son ou non estatisticamente dependentes a partir das súas distribucións condicionadas e marxinais, para poder formular conxecturas. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACS1B4.1.5. Avalía as representacións gráficas apropiadas para unha distribución de datos sen agrupar e agrupados, e usa axeitadamente medios tecnolóxicos para organizar e analizar datos desde o punto de vista estatístico, calcular parámetros e xerar gráficos estatísticos. | ▪ CMCCT |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B4.6. Dependencia de dúas variables estatísticas. Representación | ▪ B4.2. Interpretar a posible relación entre dúas variables e cuantificar a relación lineal entre elas mediante | ▪ MACS1B4.2.1. Distingue a dependencia funcional da dependencia estatística e estima se dúas varia- | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | gráfica: nube de puntos.<br>▪ B4.7. Dependencia lineal de dúas variables estatísticas. Covarianza e correlación: cálculo e interpretación do coeficiente de correlación lineal.<br>▪ B4.8. Regresión lineal. Predicións estatísticas e fiabilidade destas. Coeficiente de determinación | o coeficiente de correlación, valorando a pertinencia de axustar unha recta de regresión e de realizar predicións a partir dela, avaliando a fiabilidade destas nun contexto de resolución de problemas relacionados con fenómenos económicos e sociais. | bles son ou non estatisticamente dependentes mediante a representación da nube de puntos en contextos cotiáns. | |
| | | | ▪ MACS1B4.2.2. Cuantifica o grao e o sentido da dependencia lineal entre dúas variables mediante o cálculo e a interpretación do coeficiente de correlación lineal para poder obter conclusións. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACS1B4.2.3. Calcula e representa as rectas de regresión de dúas variables e obtén predicións a partir delas. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACS1B4.2.4. Avalía a fiabilidade das predicións obtidas a partir da recta de regresión mediante o coeficiente de determinación lineal en contextos relacionados con fenómenos económicos e sociais. | ▪ CMCCT |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B4.9. Sucesos. Asignación de probabilidades a sucesos mediante a regra de Laplace e a partir da súa frecuencia relativa. Axiomática de Kolmogorov.<br>▪ B4.10. Aplicación da combinatoria ao cálculo de probabilidades.<br>▪ B4.11. Experimentos simples e compostos. Probabilidade condicionada. Dependencia e independencia de sucesos. | ▪ B4.3. Asignar probabilidades a sucesos aleatorios en experimentos simples e compostos, utilizando a regra de Laplace en combinación con diferentes técnicas de reconto e a axiomática da probabilidade, empregando os resultados numéricos obtidos na toma de decisións en contextos relacionados coas ciencias sociais. | ▪ MACS1B4.3.1. Calcula a probabilidade de sucesos en experimentos simples e compostos, condicionada ou non, mediante a regra de Laplace, as fórmulas derivadas da axiomática de Kolmogorov e diferentes técnicas de reconto. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACS1B4.3.2. Constrúe a función de probabilidade dunha variable discreta asociada a un fenómeno | ▪ CMCCT |

| | Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | ▪ B4.12. Variables aleatorias discretas. Distribución de probabilidade. Media, varianza e desviación típica.<br>▪ B4.13. Distribución binomial. Caracterización e identificación do modelo. Cálculo de probabilidades.<br>▪ B4.14. Variables aleatorias continuas. Función de densidade e de distribución. Interpretación da media, varianza e desviación típica.<br>▪ B4.15. Distribución normal. Tipificación da distribución normal. Asignación de probabilidades nunha distribución normal. | | sinxelo e calcula os seus parámetros e algunhas probabilidades asociadas. | |
| | | | ▪ MACS1B4.3.3. Constrúe a función de densidade dunha variable continua asociada a un fenómeno sinxelo, e calcula os seus parámetros e algunhas probabilidades asociadas. | ▪ CMCCT |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B4.12. Variables aleatorias discretas. Distribución de probabilidade. Media, varianza e desviación típica.<br>▪ B4.13. Distribución binomial. Caracterización e identificación do modelo. Cálculo de probabilidades.<br>▪ B4.14. Variables aleatorias continuas. Función de densidade e de distribución. Interpretación da media, varianza e desviación típica.<br>▪ B4.15. Distribución normal. Tipificación da distribución normal. Asignación de probabilidades nunha distribución normal.<br>▪ B4.16. Cálculo de probabilidades mediante aproximación da distribución binomial pola normal. | ▪ B4.4. Identificar os fenómenos que poden modelizarse mediante as distribucións de probabilidade binomial e normal, calculando os seus parámetros e determinando a probabilidade de sucesos asociados. | ▪ MACS1B4.4.1. Identifica fenómenos que poden modelizarse mediante a distribución binomial, obtén os seus parámetros e calcula a súa media e a desviación típica. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACS1B4.4.2. Calcula probabilidades asociadas a unha distribución binomial a partir da súa función de probabilidade ou da táboa da distribución, ou mediante calculadora, folla de cálculo ou outra ferramenta tecnolóxica, e aplícaas en diversas situacións. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACS1B4.4.3. Distingue fenómenos que poden modelizarse mediante unha distribución normal, e valora a súa importancia nas ciencias sociais. | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ MACS1B4.4.4. Calcula probabilidades de sucesos asociados a fenómenos que poden modelizarse mediante a distribución normal a partir da táboa da distribución ou mediante calculadora, folla de cálculo ou outra ferramenta tecnolóxica, e aplícaas en diversas situacións. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACS1B4.4.5. Calcula probabilidades de sucesos asociados a fenómenos que poden modelizarse mediante a distribución binomial a partir da súa aproximación pola normal, valorando se se dan as condicións necesarias para que sexa válida. | ▪ CMCCT |
| ▪ e<br>▪ i | ▪ B4.17. Identificación das fases e as tarefas dun estudo estatístico. Análise e descrición de traballos relacionados coa estatística, interpretando a información, e detectando erros e manipulacións. | ▪ B4.5. Utilizar o vocabulario axeitado para a descrición de situacións relacionadas co azar e a estatística, analizando un conxunto de datos ou interpretando de xeito crítico informacións estatísticas presentes nos medios de comunicación, a publicidade e outros ámbitos, e detectar posibles erros e manipulacións tanto na presentación dos datos coma das conclusións. | ▪ MACS1B4.5.1. Utiliza un vocabulario adecuado para describir situacións relacionadas co azar e a estatística. | ▪ CCL |
| | | | ▪ MACS1B4.5.2. Razoa e argumenta a interpretación de informacións estatísticas ou relacionadas co azar presentes na vida cotiá. | ▪ CMCCT |

## 2º de bacharelato

| | Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II. 2º de bacharelato | |
|---|---|---|

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|
| | Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas | | | |
| ▪ e<br>▪ i | ▪ B1.1. Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas. | ▪ B1.1. Expresar verbalmente, de xeito razoado, o proceso seguido na resolución dun problema. | ▪ MACS2B1.1.1. Expresa verbalmente, de xeito razoado, o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica:<br>– Relación con otros problemas coñecidos.<br>– Modificación de variables.<br>– Suposición do problema resolto.<br>▪ B1.3. Análise dos resultados obtidos: revisión das operacións utilizadas, coherencia das solucións coa situación, revisión sistemática do proceso, procura doutros xeitos de resolución e identificación de problemas parecidos. | ▪ B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas. | ▪ MACS2B1.2.1. Analiza e comprende o enunciado que cumpra resolver (datos, relacións entre os datos, condicións, coñecementos matemáticos necesarios, etc.). | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACS2B1.2.2. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas que cumpra resolver, contrastando a súa validez e valorando a súa utilidade e a súa eficacia. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACS2B1.2.3. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso seguido. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ g<br>▪ i | ▪ B1.4. Elaboración e presentación oral e/ou escrita de informes científicos sobre o proceso seguido na resolución dun problema, utilizando as ferramentas tecnolóxicas axeitadas.<br>▪ B1.5. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para:<br>– Recollida ordenada e a organi- | ▪ B1.3. Elaborar un informe científico escrito que sirva para comunicar as ideas matemáticas xurdidas na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados. | ▪ MACS2B1.3.1. Usa a linguaxe, a notación e os símbolos matemáticos adecuados ao contexto e á situación. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACS2B1.3.2. Utiliza argumentos, xustificacións, explicacións e razoamentos explícitos e coherentes. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACS2B1.3.3. Emprega as ferra- | ▪ CMCCT |

| | Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | zación de datos.<br>– Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos.<br>– Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais, e realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico.<br>– Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas.<br>– Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e as conclusións e os resultados obtidos.<br>– Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e as ideas matemáticas. | | mentas tecnolóxicas adecuadas ao tipo de problema, situación para resolver ou propiedade ou teorema que cumpra demostrar. | ▪ CD |
| ▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B1.6. Planificación e realización de proxectos e investigacións matemáticas a partir de contextos da realidade ou do mundo das matemáticas, de xeito individual e en equipo. | ▪ B1.4. Planificar adecuadamente o proceso de investigación, tendo en conta o contexto en que se desenvolve e o problema de investigación formulado. | ▪ MACS2B1.4.1. Coñece e describe a estrutura do proceso de elaboración dunha investigación matemática (problema de investigación, estado da cuestión, obxectivos, hipótese, metodoloxía, resultados, conclusións, etc.). | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACS2B1.4.2. Planifica adecuadamente o proceso de investigación, tendo en conta o contexto en que se desenvolve e o problema de investigación formulado. | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B1.6. Planificación e realización de proxectos e investigacións matemáticas a partir de contextos da realidade ou do mundo das matemáticas, de xeito individual e en equipo. | ▪ B1.5. Practicar estratexias para a xeración de investigacións matemáticas, a partir dea resolución dun problema e o afondamento posterior, da xeneralización de propiedades e leis matemáticas, e do afondamento nalgún momento da historia das matemáticas, concretando todo iso en contextos numéricos, alxébricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos. | ▪ MACS2B1.5.1. Afonda na resolución dalgúns problemas formulando novas preguntas, xeneralizando a situación ou os resultados, etc. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACS2B1.5.2. Procura conexións entre contextos da realidade e do mundo das matemáticas (historia da humanidade e historia das matemáticas; arte e matemáticas; ciencias sociais e matemáticas, etc.) | ▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ e<br>▪ g<br>▪ i | ▪ B1.6. Planificación e realización de proxectos e investigacións matemáticas a partir de contextos da realidade ou do mundo das matemáticas, de xeito individual e en equipo.<br>▪ B1.8. Elaboración e presentación dun informe científico sobre o procedemento, os resultados e as conclusións do proceso de investigación desenvolvido.<br>▪ B1.7. Práctica de procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade. | ▪ B1.6. Elaborar un informe científico escrito que recolla o proceso de investigación realizado, coa precisión e o rigor adecuados. | ▪ MACS2B1.6.1. Consulta as fontes de información adecuadas ao problema de investigación. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACS2B1.6.2. Usa a linguaxe, a notación e os símbolos matemáticos axeitados ao contexto do problema de investigación. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACS2B1.6.3. Utiliza argumentos, xustificacións, explicacións e razoamentos explícitos e coherentes. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACS2B1.6.4. Emprega as ferramentas tecnolóxicas adecuadas ao tipo de problema de investigación, tanto na procura de solucións coma para mellorar a eficacia na comunicación das ideas matemáticas. | ▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ MACS2B1.6.5. Transmite certeza e seguridade na comunicación das | ▪ CCL |

| | Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ideas, así como dominio do tema de investigación. | |
| | | | ▪ MACS2B1.6.6. Reflexiona sobre o proceso de investigación e elabora conclusións sobre o nivel de resolución do problema de investigación e de consecución de obxectivos, formula posibles continuacións da investigación, analiza os puntos fortes e débiles do proceso, e fai explícitas as súas impresións persoais sobre a experiencia. | ▪ CMCCT |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B1.7. Práctica de procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade. | ▪ B1.7. Desenvolver procesos de matematización en contextos da realidade cotiá (numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos) a partir da identificación de problemas en situacións problemáticas da realidade. | ▪ MACS2B1.7.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ MACS2B1.7.2. Establece conexións entre o problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel, e os coñecementos matemáticos necesarios. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACS2B1.7.3. Usa, elabora ou constrúe modelos matemáticos axeitados que permitan a resolución do problema ou dos problemas dentro do campo das matemáticas. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACS2B1.7.4. Interpreta a solución matemática do problema no | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | contexto da realidade. | |
| | | | ▪ MACS2B1.7.5. Realiza simulacións e predicións, en contexto real, para valorar a adecuación e as limitacións dos modelos, e propón melloras que aumenten a súa eficacia. | ▪ CMCCT |
| ▪ i | ▪ B1.7. Práctica de procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade. | ▪ B1.8. Valorar a modelización matemática como un recurso para resolver problemas da realidade cotiá, avaliando a eficacia e as limitacións dos modelos utilizados ou construídos. | ▪ 2B1.8.1. Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre os logros conseguidos, resultados mellorables, impresións persoais do proceso, etc.v, e valorando outras opinións. | ▪ CMCCT |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m<br>▪ n<br>▪ ñ<br>▪ o<br>▪ p | ▪ B1.6. Planificación e realización de proxectos e investigacións matemáticas a partir de contextos da realidade ou do mundo das matemáticas, de xeito individual e en equipo.<br>▪ B1.7. Práctica de procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade.<br>▪ B1.9. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico. | ▪ B1.9. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao quefacer matemático. | ▪ MACS2B1.9.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esforzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada, convivencia coa incerteza, tolerancia da frustración, autoanálise continuo, etc.). | ▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ MACS2B1.9.2. Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, esmero e interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACS2B1.9.3. Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas e procurar respostas axeitadas, revisar de forma crítica os resultados encon- | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | trados; etc. | |
| | | | ▪ MACS1B1.9.4. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B1.9. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico. | ▪ B1.10. Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situacións descoñecidas. | ▪ MACS2B1.10.1. Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación, de matematización ou de modelización, e valora as consecuencias destas e a conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade. | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B1.9. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico. | ▪ B1.11. Reflexionar sobre as decisións tomadas, valorando a súa eficacia, e aprender diso para situacións similares futuras. | ▪ MACS2B1.11.1. Reflexiona sobre os procesos desenvolvidos, tomando conciencia das súas estruturas, valorando a potencia, a sinxeleza e a beleza das ideas e dos métodosutilizados, e aprender diso para situacións futuras. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ g<br>▪ i | ▪ B1.5. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para:<br>– Recollida ordenada e a organización de datos.<br>– Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos.<br>– Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais, e realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico. | ▪ B1.12. Empregar as ferramentas tecnolóxicas adecuadas, de xeito autónomo, realizando cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, facendo representacións gráficas, recreando situacións matemáticas mediante simulacións ou analizando con sentido crítico situacións diversas que axuden á comprensión de conceptos matemáticos ou á resolución de problemas. | ▪ MACS2B1.12.1. Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízaas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACS2B1.12.2. Utiliza medios tecnolóxicos para facer representacións gráficas de funcións con expresións alxébricas complexas e extraer información cualitativa e cuantitativa sobre elas. | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | – Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas.<br>– Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e as conclusións e os resultados obtidos.<br>– Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e as ideas matemáticas. | | ▪ MACS2B1.12.3. Deseña representacións gráficas para explicar o proceso seguido na solución de problemas, mediante a utilización de medios tecnolóxicos | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACS2B1.12.4. Recrea ámbitos e obxectos xeométricos con ferramentas tecnolóxicas interactivas para amosar, analizar e comprender propiedades xeométricas. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACSB1.12.5. Utiliza medios tecnolóxicos para o tratamento de datos e gráficas estatísticas, extraer información e elaborar conclusións. | ▪ CMCCT |
| ▪ e<br>▪ g<br>▪ i | ▪ B1.5. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para:<br>– Recollida ordenada e a organización de datos.<br>– Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos.<br>– Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais, e realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico.<br>– Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas.<br>– Elaboración de informes e do- | ▪ B1.13. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de maneira habitual no proceso de aprendizaxe, buscando, analizando e seleccionando información salientable en internet ou noutras fontes, elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións destes e compartíndoos en ámbitos apropiados para facilitar a interacción. | ▪ MACS2B1.13.1. Elabora documentos dixitais propios (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable, coa ferramenta tecnolóxica axeitada, e compárteos para a súa discusión ou difusión. | ▪ CD |
| | | | ▪ MACS2B1.13.2. Utiliza os recursos creados para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula. | ▪ CCL |
| | | | ▪ MACS2B1.13.3. Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a in- | ▪ CD<br>▪ CAA |

| | Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | cumentos sobre os procesos levados a cabo e as conclusións e os resultados obtidos.<br>– Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e as ideas matemáticas. | | formación das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo, e establecendo pautas de mellora. | |
| | Bloque 2. Números e álxebra | | | |
| ▪ i | ▪ B2.1. Estudo das matrices como ferramenta para manexar e operar con datos estruturados en táboas. Clasificación de matrices.<br>▪ B2.2. Operacións con matrices.<br>▪ B2.3. Rango dunha matriz.<br>▪ B2.4. Matriz inversa.<br>▪ B2.5. Método de Gauss.<br>▪ B2.6. Determinantes ata orde 3.<br>▪ B2.7. Aplicación das operacións das matrices e das súas propiedades na resolución de problemas en contextos reais. | ▪ B2.1. Organizar información procedente de situacións do ámbito social utilizando a linguaxe matricial, e aplicar as operacións con matrices como instrumento para o tratamento da devandita información. | ▪ MACS2B2.1.1. Dispón en forma de matriz información procedente do ámbito social para poder resolver problemas con maior eficacia. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACS2B2.1.2. Utiliza a linguaxe matricial para representar datos facilitados mediante táboas e para representar sistemas de ecuacións lineais. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACS2B2.1.3. Realiza operacións con matrices e aplica as propiedades destas operacións adecuadamente, de xeito manual e co apoio de medios tecnolóxicos. | ▪ CMCCT |
| ▪ h<br>▪ i | ▪ B2.8. Representación matricial dun sistema de ecuacións lineais: discusión e resolución de sistemas de ecuacións lineais (ata tres ecuacións con tres incógnitas). Método de Gauss.<br>▪ B2.9. Resolución de problemas das ciencias sociais e da econo- | ▪ B2.2. Transcribir problemas expresados en linguaxe usual á linguaxe alxébrica e resolvelos utilizando técnicas alxébricas determinadas (matrices, sistemas de ecuacións, inecuacións e programación lineal bidimensional), interpretando criticamente o significado das solucións obtidas. | ▪ MACS2B2.2.1. Formula alxebricamente as restricións indicadas nunha situación da vida real e o sistema de ecuacións lineais formulado (como máximo de tres ecuacións e tres incógnitas), resólveo nos casos que sexa posible e aplícao para resolver problemas en contextos reais. | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | mía.<br>▪ B2.10. Inecuacións lineais cunha ou dúas incógnitas. Sistemas de inecuacións. Resolución gráfica e alxébrica.<br>▪ B2.11. Programación lineal bidimensional. Rexión factible. Determinación e interpretación das solucións óptimas.<br>▪ B2.12. Aplicación da programación lineal á resolución de problemas sociais, económicos e demográficos. | | ▪ MACS2B2.2.2. Aplica as técnicas gráficas de programación lineal bidimensional para resolver problemas de optimización de funcións lineais que están suxeitas a restricións, e interpreta os resultados obtidos no contexto do problema. | ▪ CMCCT |
| | Bloque 3. Análise | | | |
| ▪ i | ▪ B3.1. Continuidade: tipos. Estudo da continuidade en funcións elementais e definidas a anacos. | ▪ B3.1. Analizar e interpretar fenómenos habituais das ciencias sociais de xeito obxectivo traducindo a información á linguaxe das funcións, e describilo mediante o estudo cualitativo e cuantitativo das súas propiedades máis características. | ▪ MACS2B3.1.1. Modeliza con axuda de funcións problemas formulados nas ciencias sociais e descríbeos mediante o estudo da continuidade, tendencias, ramas infinitas, corte cos eixes, etc. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACS2B3.1.2. Calcula as asíntotas de funcións sinxelas racionais, exponenciais e logarítmicas. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACS2B3.1.3. Estuda a continuidade nun punto dunha función elemental ou definida a anacos utilizando o concepto de límite. | ▪ CMCCT |
| ▪ i | ▪ B3.2. Aplicacións das derivadas ao estudo de funcións polinómicas, racionais e irracionais sinxelas, exponenciais e logarítmicas. | ▪ B3.2. Utilizar o cálculo de derivadas para obter conclusións acerca do comportamento dunha función, para resolver problemas de optimización extraídos de situacións | ▪ MACS2B3.2.1. Representa funcións e obtén a expresión alxébrica a partir de datos relativos ás súas propiedades locais ou globais, e extrae conclusións en problemas | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | ▪ B3.3. Problemas de optimización relacionados coas ciencias sociais e a economía.<br>▪ B3.4. Estudo e representación gráfica de funcións polinómicas, racionais, irracionais, expónenciais e logarítmicas sinxelas a partir das súas propiedades locais e globais. | reais de carácter económico ou social e extraer conclusións do fenómeno analizado. | derivados de situacións reais. | |
| | | | ▪ MACS2B3.2.2. Formula problemas de optimización sobre fenómenos relacionados coas ciencias sociais, resólveos e interpreta o resultado obtido dentro do contexto. | ▪ CMCCT |
| ▪ i | ▪ B3.5. Concepto de primitiva. Integral indefinida. Cálculo de primitivas: propiedades básicas. Integrais inmediatas.<br>▪ B3.6. Cálculo de áreas: integral definida. Regra de Barrow. | ▪ B3.3. Aplicar o cálculo de integrais na medida de áreas de rexións planas limitadas por rectas e curvas sinxelas que sexan doadamente representables, utilizando técnicas de integración inmediata. | ▪ MACS2B3.3.1. Aplica a regra de Barrow ao cálculo de integrais definidas de funcións elementais inmediatas. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACS2B3.3.2. Aplica o concepto de integral definida para calcular a área de recintos planos delimitados por unha ou dúas curvas. | ▪ CMCCT |
| | Bloque 4. Estatística e Probabilidade | | | |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B4.1. Afondamento na teoría da probabilidade. Axiomática de Kolmogorov. Asignación de probabilidades a sucesos mediante a regra de Laplace e a partir da súa frecuencia relativa.<br>▪ B4.2. Experimentos simples e compostos. Probabilidade condicionada. Dependencia e independencia de sucesos.<br>▪ B4.3. Teoremas da probabilidade total e de Bayes. Probabilidades iniciais e finais, e verosimilitude dun suceso. | ▪ B4.1. Asignar probabilidades a sucesos aleatorios en experimentos simples e compostos, utilizando a regra de Laplace en combinación con diferentes técnicas de reconto persoais, diagramas de árbore ou táboas de continxencia, a axiomática da probabilidade e o teorema da probabilidade total, e aplica o teorema de Bayes para modificar a probabilidade asignada a un suceso (probabilidade inicial) a partir da información obtida mediante a experimentación (probabilidade final), empregando os resultados numéricos obtidos na | ▪ MACS2B4.1.1. Calcula a probabilidade de sucesos en experimentos simples e compostos mediante a regra de Laplace, as fórmulas derivadas da axiomática de Kolmogorov e diferentes técnicas de reconto. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACS2B4.1.2. Calcula probabilidades de sucesos a partir dos sucesos que constitúen unha partición do espazo mostral. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACS2B4.1.3. Calcula a probabilidade final dun suceso aplicando a | ▪ CMCCT |

| | Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | toma de decisións en contextos relacionados coas ciencias sociais. | fórmula de Bayes. | |
| | | | ▪ MACS2B4.1.4. Resolve unha situación relacionada coa toma de decisións en condicións de incerteza en función da probabilidade das distintas opcións. | ▪ CMCCT |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B4.4. Poboación e mostra. Métodos de selección dunha mostra. Tamaño e representatividade dunha mostra.<br>▪ B4.5. Estatística paramétrica. Parámetros dunha poboación e estatísticos obtidos a partir dunha mostra. Estimación puntual.<br>▪ B4.6. Media e desviación típica da media mostral e da proporción mostral. Distribución da media mostral nunha poboación normal. Distribución da media mostral e da proporción mostral no caso de mostras grandes.<br>▪ B4.7. Estimación por intervalos de confianza. Relación entre confianza, erro e tamaño mostral.<br>▪ B4.8. Intervalo de confianza para a media poboacional dunha distribución normal con desviación típica coñecida.<br>▪ B4.9. Intervalo de confianza para a media poboacional dunha distribución de modelo descoñecido e para a proporción no caso de mos- | ▪ B4.2. Describir procedementos estatísticos que permiten estimar parámetros descoñecidos dunha poboación cunha fiabilidade ou un erro prefixados, calculando o tamaño mostral necesario e construíndo o intervalo de confianza para a media dunha poboación normal con desviación típica coñecida e para a media e proporción poboacional, cando o tamaño mostral é suficientemente grande. | ▪ MACS2B4.2.1. Valora a representatividade dunha mostra a partir do seu proceso de selección. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACS2B4.2.2. Calcula estimadores puntuais para a media, varianza, desviación típica e proporción poboacionais, e aplícao a problemas reais. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACS2B4.2.3. Calcula probabilidades asociadas á distribución da media mostral e da proporción mostral, aproximándoas pola distribución normal de parámetros axeitados a cada situación, e aplícao a problemas de situacións reais. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACS2B4.2.4. Constrúe, en contextos reais, un intervalo de confianza para a media poboacional dunha distribución normal con desviación típica coñecida. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACS2B4.2.5. Constrúe, en contextos reais, un intervalo de con- | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



| | Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | tras grandes. | | fianza para a media poboacional e para a proporción no caso de mostras grandes. | |
| | | | ▪ MACS2B4.2.6. Relaciona o erro e a confianza dun intervalo de confianza co tamaño mostral, e calcula cada un destes tres elementos, coñecidos os outros dous, e aplícao en situacións reais. | ▪ CMCCT |
| ▪ e<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B4.10. Identificación das fases e das tarefas dun estudo estatístico. Elaboración e presentación da información estatística. Análise e descrición de traballos relacionados coa estatística e o azar, interpretando a información e detectando erros e manipulacións. | ▪ B4.3. Presentar de forma ordenada información estatística utilizando vocabulario e representacións adecuadas, e analizar de xeito crítico e argumentado informes estatísticos presentes nos medios de comunicación, na publicidade e noutros ámbitos, prestando especial atención á súa ficha técnica e detectando posibles erros e manipulacións na súa presentación e conclusións. | ▪ MACS2B4.3.1. Utiliza as ferramentas necesarias para estimar parámetros descoñecidos dunha poboación e presentar as inferencias obtidas mediante un vocabulario e representacións axeitadas. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACS2B4.3.2. Identifica e analiza os elementos dunha ficha técnica nun estudo estatístico sinxelo. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACS2B4.3.3. Analiza de xeito crítico e argumentado información estatística presente nos medios de comunicación e noutros ámbitos da vida cotiá. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



## Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas

### Introdución

A materia de Matemáticas contribúe especialmente ao desenvolvemento da competencia clave matemática e en ciencia e tecnoloxía, recoñecida pola Unión Europea. Esta competencia consiste en formular, transformar e resolver problemas a partir de situacións da vida cotiá, doutras ciencias e das propias matemáticas. En concreto, abrangue os aspectos e as facetas seguintes: pensar, modelar e razoar de xeito matemático; formular e resolver problemas; representar entidades matemáticas; utilizar os símbolos matemáticos; comunicarse coas matemáticas e sobre elas; e utilizar axudas e ferramentas tecnolóxicas. Por outra banda, o pensamento matemático axuda á adquisición do resto de competencias e contribúe á formación intelectual do alumnado, o que permitirá que se desenvolva mellor tanto no ámbito persoal como no social.

A resolución de problemas e os proxectos de investigación constitúen os eixes fundamentais no proceso de ensino e aprendizaxe das Matemáticas. Unha das capacidades esenciais que se desenvolven coa actividade matemática é a habilidade de formular, propor, interpretar e resolver problemas, xa que lles permite ás persoas o emprego dos procesos cognitivos para abordaren e resolveren situacións interdisciplinares en contextos reais, o que resulta de máximo interese para o desenvolvemento da creatividade e o pensamento lóxico. Neste proceso de resolución e investigación están involucradas moitas outras competencias, ademais da matemática, como é o caso da comunicación lingüística, ao ler de forma comprensiva os enunciados e comunicar os resultados obtidos; o sentido de iniciativa e espírito emprendedor, ao establecer un plan de traballo en revisión e modificación continua, na medida en que se vai resolvendo o problema; a competencia dixital, ao tratar adecuadamente a información e, de ser o caso, servir de apoio á resolución do problema e á comprobación da solución; a competencia de aprender a aprender, ao proporcionar estratexias de planificación e análise que axudan na resolución de problemas, así como actitudes de curiosidade e hábitos de formularse preguntas; a competencia social e cívica, ao implicar unha actitude aberta ante diferentes solucións; e a competencia en conciencia e expresións culturais, debido á necesidade de coñecer, comprender, apreciar e valorar diferentes manifestacións culturais relacionadas co coñecemento matemático e científico.

O alumnado que curse esta materia afondará no desenvolvemento das habilidades de pensamento matemático; concretamente na capacidade de analizar e investigar, interpretar e comunicar matematicamente diversos fenómenos e problemas en distintos contextos, así como de proporcionar solucións prácticas a estes. Tamén debe valorar

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



as posibilidades de aplicación práctica do coñecemento matemático tanto para o enriquecemento persoal como para a valoración do seu papel no progreso da humanidade.

No desenvolvemento do currículo débese ter en conta o carácter propedéutico da materia correspondente ao cuarto curso de ESO, segundo figura no artigo 12 do Real decreto 1105/2014, que establece o currículo de ESO, que a fai necesaria para ensinanzas postobrigatorias.

É importante que no desenvolvemento do currículo desta materia os coñecementos, as competencias e os valores estean integrados, polo que os estándares de aprendizaxe se formularon tendo en conta a imprescindible relación entre os devanditos elementos. Todo iso xustifica que se organizase en torno aos seguintes bloques para os cursos de terceiro e cuarto de ESO, fortalecendo tanto os aspectos teóricos como as aplicacións prácticas en contextos reais: "Procesos, métodos e actitudes en matemáticas", "Números e álxebra", "Xeometría", "Funcións" e "Estatística e probabilidade".

O bloque de "Procesos, métodos e actitudes en matemáticas" é común para toda a ESO e debe desenvolverse de xeito transversal e simultaneamente ao resto de bloques, constituíndo o fío condutor da materia; articúlase sobre procesos básicos e imprescindibles no quefacer matemático: resolución de problemas, proxectos de investigación matemática para realizar de maneira individual ou en grupo, matematización e modelización, actitudes adecuadas para desenvolver o traballo científico, e utilización de medios tecnolóxicos. Incorporáronse a este bloque a maioría das competencias clave e dos temas transversais, o que permite a súa adquisición e o seu desenvolvemento ao longo de toda a materia.

3º de ESO

| | Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas | | | |
| ▪ f<br>▪ h | ▪ B1.1. Planificación do proceso de resolución de problemas. | ▪ B1.1. Expresar verbalmente, de xeito razoado, o proceso seguido na resolución dun problema. | ▪ MACB1.1.1. Expresa verbalmente, de xeito razoado, o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| ▪ e | ▪ B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da lin- | ▪ B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución | ▪ MACB1.2.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (da- | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ f<br>▪ h | guaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolver subproblemas, reconto exhaustivo, empezar por casos particulares sinxelos, buscar regularidades e leis, etc.<br>▪ B1.3. Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc. | de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas. | tos, relacións entre os datos, e contexto do problema). | |
| | | | ▪ MACB1.2.2. Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB1.2.3. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas que cumpra resolver, valorando a súa utilidade e eficacia. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB1.2.4. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso de resolución de problemas. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc.<br>▪ B1.4. Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes. | ▪ B1.3. Describir e analizar situacións de cambio, para atopar patróns, regularidades e leis matemáticas, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, valorando a súa utilidade para facer predicións. | ▪ MACB1.3.1. Identifica patróns, regularidades e leis matemáticas en situacións de cambio, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB1.3.2. Utiliza as leis matemáticas atopadas para realizar simulacións e predicións sobre os resultados esperables, e valora a súa eficacia e a súa idoneidade. | ▪ CMCCT |

| | Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f | ▪ B1.3. Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc. | ▪ B1.4. Afondar en problemas resoltos formulando pequenas variacións nos datos, outras preguntas, outros contextos, etc. | ▪ MACB1.4.1. Afonda nos problemas logo de resolvelos, revisando o proceso de resolución, e os pasos e as ideas importantes, analizando a coherencia da solución ou procurando outras formas de resolución. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB1.4.2. Formúlase novos problemas, a partir de un resolto, variando os datos, propondo novas preguntas, resolvendo outros problemas parecidos, formulando casos particulares ou máis xerais de interese, e establecendo conexións entre o problema e a realidade. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ f<br>▪ h | ▪ B1.4. Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes. | ▪ B1.5. Elaborar e presentar informes sobre o proceso, resultados e conclusións obtidas nos procesos de investigación. | ▪ MACB1.5.1. Expón e defende o proceso seguido ademais das conclusións obtidas, utilizando as linguaxes alxébrica, gráfica, xeométrica e estatístico-probabilística. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e matemáticos, de xeito individual e en equipo. | ▪ B1.6. Desenvolver procesos de matematización en contextos da realidade cotiá (numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos) a partir da identificación de problemas en situacións problemáticas da realidade. | ▪ MACB1.6.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ MACB1.6.2. Establece conexións entre un problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | nel, e os coñecementos matemáticos necesarios. | |
| | | | ▪ MACB1.6.3. Usa, elabora ou constrúe modelos matemáticos sinxelos que permitan a resolución dun problema ou duns problemas dentro do campo das matemáticas. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB1.6.4. Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB1.6.5. Realiza simulacións e predicións, en contexto real, para valorar a adecuación e as limitacións dos modelos, e propón melloras que aumenten a súa eficacia. | ▪ CMCCT |
| ▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e matemáticos, de xeito individual e en equipo. | ▪ B1.7. Valorar a modelización matemática como un recurso para resolver problemas da realidade cotiá, avaliando a eficacia e as limitacións dos modelos utilizados ou construídos. | ▪ MACB1.7.1. Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre el e os seus resultados, valorando outras opinións. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e matemáticos, de xeito individual e en equipo. | ▪ B1.8. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao quefacer matemático. | ▪ MACB1.8.1. Desenvolve actitudes adecuadas para o traballo en matemáticas (esforzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada). | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE<br>▪ CSC |
| | | | ▪ MACB1.8.2. Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, o esmero e o interese | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ l<br>▪ m<br>▪ n<br>▪ ñ<br>▪ o | | | adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación. | |
| | | | ▪ MACB1.8.3. Distingue entre problemas e exercicios, e adopta a actitude axeitada para cada caso. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB1.8.4. Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas, e procurar respostas adecuadas, tanto no estudo dos conceptos como na resolución de problemas. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ MACB1.8.5. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ g | ▪ B1.6. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes adecuadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico. | ▪ B1.9. Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situacións descoñecidas. | ▪ MACB1.9.1. Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación e de matematización ou de modelización, valorando as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade. | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ g | ▪ B1.6. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes adecuadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico. | ▪ B1.10. Reflexionar sobre as decisións tomadas e aprender diso para situacións similares futuras. | ▪ MACB1.10.1. Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolvidos, valorando a potencia e a sinxeleza das ideas clave, e aprende para situacións futuras similares. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B1.7. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe | ▪ B1.11. Empregar as ferramentas tecnolóxicas adecuadas, de xeito autónomo, realizando cálculos | ▪ MACB1.11.1. Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízaas para a realización de cál- | ▪ CMCCT<br>▪ CD |

Diario Oficial de Galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ f<br>▪ g | para:<br>– Recollida ordenada e a organización de datos.<br>– Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos.<br>– Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais, e realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico.<br>– Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas.<br>– Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e as conclusións e os resultados obtidos.<br>– Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e as ideas matemáticas. | numéricos, alxébricos ou estatísticos, facendo representacións gráficas, recreando situacións matemáticas mediante simulacións ou analizando con sentido crítico situacións diversas que axuden á comprensión de conceptos matemáticos ou á resolución de problemas. | culos numéricos, alxébricos ou estatísticos cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente. | |
| | | | ▪ MACB1.11.2. Utiliza medios tecnolóxicos para facer representacións gráficas de funcións con expresións alxébricas complexas e extraer información cualitativa e cuantitativa sobre elas. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB1.11.3. Deseña representacións gráficas para explicar o proceso seguido na solución de problemas, mediante a utilización de medios tecnolóxicos. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB1.11.4. Recrea ámbitos e obxectos xeométricos con ferramentas tecnolóxicas interactivas para amosar, analizar e comprender propiedades xeométricas. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB1.11.5. Utiliza medios tecnolóxicos para o tratamento de datos e gráficas estatísticas, extraer informacións e elaborar conclusións. | ▪ CMCCT |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ e | ▪ B1.7. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para:<br>– Recollida ordenada e a organización de datos. | ▪ B1.12. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de maneira habitual no proceso de aprendizaxe, procurando, analizando e seleccionando información salientable en internet ou | ▪ MACB1.12.1. Elabora documentos dixitais propios (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información relevante, coa ferra- | ▪ CCL<br>▪ CD |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | – Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos.<br>– Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais, e realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico.<br>– Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas.<br>– Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e as conclusións e os resultados obtidos.<br>– Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e as ideas matemáticas. | noutras fontes, elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións destes, e compartíndoos en ámbitos apropiados para facilitar a interacción. | menta tecnolóxica axeitada, e compárteos para a súa discusión ou difusión. | |
| | | | ▪ MACB1.12.2. Utiliza os recursos creados para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula. | ▪ CCL |
| | | | ▪ MACB1.12.3. Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles de seu proceso educativo e establecendo pautas de mellora. | ▪ CD<br>▪ CAA |
| | | | ▪ MACB1.12.4. Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ficheiros e tarefas. | ▪ CD<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 2. Números e álxebra | | | |
| ▪ b<br>▪ f | ▪ B2.1. Números racionais. Transformación de fraccións en decimais e viceversa. Números decimais exactos e periódicos. Fracción xeratriz.<br>▪ B2.2. Operacións con fraccións e decimais. Cálculo aproximado e redondeo. Cifras significativas. Erro absoluto e relativo.<br>▪ B2.3. Potencias de números racionais con expoñente enteiro. | ▪ B2.1. Utilizar as propiedades dos números racionais, as raíces e outros números radicais para operar con eles, utilizando a forma de cálculo e notación adecuada, para resolver problemas da vida cotiá, e presentar os resultados coa precisión requirida. | ▪ MACB2.1.1. Recoñece distintos tipos de números (naturais, enteiros e racionais), indica o criterio utilizado para a súa distinción e utilízaos para representar e interpretar adecuadamente información cuantitativa. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB2.1.2. Distingue, ao achar o decimal equivalente a unha fracción, entre decimais finitos e decimais infinitos periódicos, e indica | ▪ CMCCT |

| Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas. 3º de ESO | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Significado e uso.<br>▪ B2.4. Potencias de base 10. Aplicación para a expresión de números moi pequenos. Operacións con números expresados en notación científica.<br>▪ B2.5. Raíces cadradas. Raíces non exactas. Expresión decimal. Expresións radicais: transformación e operacións.<br>▪ B2.6. Xerarquía de operacións. | | neste caso o grupo de decimais que se repiten ou forman período. | |
| | | | ▪ MACB2.1.3. Acha a fracción xeratriz correspondente a un decimal exacto ou periódico. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB2.1.4. Expresa números moi grandes e moi pequenos en notación científica, opera con eles, con e sen calculadora, e utilízaos en problemas contextualizados. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB2.1.5. Distingue e emprega técnicas adecuadas para realizar aproximacións por defecto e por exceso dun número en problemas contextualizados, e xustifica os seus procedementos. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB2.1.6. Aplica axeitadamente técnicas de truncamento e redondeo en problemas contextualizados, recoñecendo os erros de aproximación en cada caso para determinar o procedemento máis adecuado. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB2.1.7. Expresa o resultado dun problema utilizando a unidade de medida adecuada, en forma de número decimal, redondeándoo se é necesario coa marxe de erro ou a precisión que se requiran, de acordo coa natureza dos datos. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB2.1.8. Calcula o valor de | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | expresións numéricas de números enteiros, decimais e fraccionarios mediante as operacións elementais e as potencias de expoñente enteiro, aplicando correctamente a xerarquía das operacións. | |
| | | | ▪ MACB2.1.9. Emprega números racionais para resolver problemas da vida cotiá e analiza a coherencia da solución. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB2.1.10. Factoriza expresións numéricas sinxelas que conteñan raíces, e opera con elas simplificando os resultados. | ▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ f | ▪ B2.7. Investigación de regularidades, relacións e propiedades que aparecen en conxuntos de números. Expresión usando linguaxe alxébrica.<br>▪ B2.8. Sucesións numéricas. Sucesións recorrentes Progresións aritméticas e xeométricas. | ▪ B2.2. Obter e manipular expresións simbólicas que describan sucesións numéricas, observando regularidades en casos sinxelos que inclúan patróns recursivos. | ▪ MACB2.2.1. Calcula termos dunha sucesión numérica recorrente usando a lei de formación a partir de termos anteriores. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB2.2.2. Obtén unha lei de formación ou fórmula para o termo xeral dunha sucesión sinxela de números enteiros ou fraccionarios. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB2.2.3. Identifica progresións aritméticas e xeométricas, expresa o seu termo xeral, calcula a suma dos "n" primeiros termos e emprégaas para resolver problemas. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB2.2.4. Valora e identifica a presenza recorrente das sucesións na natureza e resolve pro- | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | blemas asociados a estas. | |
| ▪ b<br>▪ f | ▪ B2.9. Transformación de expresións alxébricas. Igualdades notables. Operacións elementais con polinomios. Factorización de polinomios. | ▪ B2.3. Utilizar a linguaxe alxébrica para expresar unha propiedade ou relación dada mediante un enunciado, extraendo a información salientable e transformándoa. | ▪ MACB2.3.1. Realiza operacións con polinomios e utilízaos en exemplos da vida cotiá. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB2.3.2. Coñece e utiliza as identidades notables correspondentes ao cadrado dun binomio e unha suma por diferenza, e aplícaas nun contexto axeitado. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB2.3.3. Factoriza polinomios de grao 4 con raíces enteiras mediante o uso combinado da regra de Ruffini, identidades notables e extracción do factor común. | ▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ f | ▪ B2.9. Transformación de expresións alxébricas. Igualdades notables. Operacións elementais con polinomios. Factorización de polinomios.<br>▪ B2.10. Ecuacións de segundo grao cunha incógnita. Resolución por distintos métodos.<br>▪ B2.11. Resolución de ecuacións sinxelas de grao superior a dous.<br>▪ B2.12. Resolución de sistemas de dúas ecuacións lineais con dúas incógnitas<br>▪ B2.13. Resolución de problemas mediante a utilización de ecuacións e sistemas de ecuacións. | ▪ B2.4. Resolver problemas da vida cotiá nos que se precise a formulación e a resolución de ecuacións de primeiro e segundo grao, ecuacións sinxelas de grao maior que dous e sistemas de dúas ecuacións lineais con dúas incógnitas, aplicando técnicas de manipulación alxébricas, gráficas ou recursos tecnolóxicos, valorando e contrastando os resultados obtidos. | ▪ MACB2.4.1. Formula alxebricamente unha situación da vida cotiá mediante ecuacións e sistemas de ecuacións, resólveas e interpreta criticamente o resultado obtido. | ▪ CMCCT |
| | Bloque 3. Xeometría | | | |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ e<br>▪ f<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B3.1. Xeometría do espazo: poliedros e corpos de revolución.<br>▪ B3.2. Uso de ferramentas pedagóxicas adecuadas, entre elas as tecnolóxicas, para estudar formas, configuracións e relacións xeométricas. | ▪ B3.1. Recoñecer e describir os elementos e as propiedades características das figuras planas, os corpos xeométricos elementais e as súas configuracións xeométricas. | ▪ MACB3.1.1. Coñece as propiedades dos puntos da mediatriz dun segmento e da bisectriz dun ángulo, e utilízaas para resolver problemas xeométricos sinxelos. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB3.1.2. Manexa as relacións entre ángulos definidos por rectas que se cortan ou por paralelas cortadas por unha secante, e resolve problemas xeométricos sinxelos. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB3.1.3. Identifica e describe os elementos e as propiedades das figuras planas, os poliedros e os corpos de revolución principais. | ▪ CMCCT |
| ▪ f<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B3.3. Xeometría do plano.<br>▪ B3.4. Teorema de Tales. División dun segmento en partes proporcionais. Aplicación á resolución de problemas.<br>▪ B3.5. Xeometría do espazo: áreas e volumes. | ▪ B3.2. Utilizar o teorema de Tales e as fórmulas usuais para realizar medidas indirectas de elementos inaccesibles e para obter as medidas de lonxitudes, áreas e volumes dos corpos elementais, de exemplos tomados da vida real, representacións artísticas como pintura ou arquitectura, ou da resolución de problemas xeométricos. | ▪ MACB3.2.1. Calcula o perímetro e a área de polígonos e de figuras circulares en problemas contextualizados, aplicando fórmulas e técnicas adecuadas. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB3.2.2. Divide un segmento en partes proporcionais a outros dados, e establece relacións de proporcionalidade entre os elementos homólogos de dous polígonos semellantes. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB3.2.3. Recoñece triángulos semellantes e, en situacións de semellanza, utiliza o teorema de Tales para o cálculo indirecto de lonxitudes en contextos diversos. | ▪ CMCCT |

| | Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ MACB3.2.4. Calcula áreas e volumes de poliedros, cilindros, conos e esferas, e aplícaos para resolver problemas contextualizados. | ▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B3.4. Teorema de Tales. División dun segmento en partes proporcionais. Aplicación á resolución de problemas. | ▪ B3.3. Calcular (ampliación ou redución) as dimensións reais de figuras dadas en mapas ou planos, coñecendo a escala. | ▪ MACB3.3.1. Calcula dimensións reais de medidas de lonxitudes e de superficies en situacións de semellanza: planos, mapas, fotos aéreas, etc. | ▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B3.6. Translacións, xiros e simetrías no plano.<br>▪ B3.2. Uso de ferramentas pedagóxicas adecuadas, entre elas as tecnolóxicas, para estudar formas, configuracións e relacións xeométricas. | ▪ B3.4. Recoñecer as transformacións que levan dunha figura a outra mediante movemento no plano, aplicar eses movementos e analizar deseños cotiáns, obras de arte e configuracións presentes na natureza | ▪ MACB3.4.1. Identifica os elementos máis característicos dos movementos no plano presentes na natureza, en deseños cotiáns ou en obras de arte. | ▪ CMCCT<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ MACB3.4.2. Xera creacións propias mediante a composición de movementos, empregando ferramentas tecnolóxicas cando sexa necesario. | ▪ CMCCT<br>▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f | ▪ B3.7. Xeometría do espazo. Elementos de simetría nos poliedros e corpos de revolución.<br>▪ B3.2. Uso de ferramentas pedagóxicas adecuadas, entre elas as tecnolóxicas, para estudar formas, configuracións e relacións xeométricas. | ▪ B3.5. Identificar centros, eixes e planos de simetría de figuras planas, poliedros e corpos de revolución. | ▪ MACB3.5.1. Identifica os principais poliedros e corpos de revolución, utilizando a linguaxe con propiedade para referirse aos elementos principais. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB3.5.2. Identifica centros, eixes e planos de simetría en figuras planas, en poliedros, na natureza, na arte e nas construcións humanas. | ▪ CMCCT<br>▪ CCEC |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ b<br>▪ f | ▪ B3.2. Uso de ferramentas pedagóxicas adecuadas, entre elas as tecnolóxicas, para estudar formas, configuracións e relacións xeométricas.<br>▪ B3.8. A esfera. Interseccións de planos e esferas.<br>▪ B3.9. O globo terráqueo. Coordenadas xeográficas e fusos horarios. Latitude e lonxitude dun punto. | ▪ B3.6. Interpretar o sentido das coordenadas xeográficas e a súa aplicación na localización de puntos. | ▪ MACB3.6.1. Sitúa sobre o globo terráqueo o Ecuador, os polos, os meridianos e os paralelos, e é capaz de situar un punto sobre o globo terráqueo coñecendo a súa latitude e a súa lonxitude | ▪ CMCCT |
| | Bloque 4. Funcións | | | |
| ▪ f<br>▪ g | ▪ B4.1. Análise e descrición cualitativa de gráficas que representan fenómenos do ámbito cotián e doutras materias.<br>▪ B4.2. Análise dunha situación a partir do estudo das características locais e globais da gráfica correspondente.<br>▪ B4.3. Análise e comparación de situacións de dependencia funcional dadas mediante táboas e enunciados.<br>B4.4. Utilización de calculadoras gráficas e programas de computador para a construción e a interpretación de gráficas. | ▪ B4.1. Coñecer os elementos que interveñen no estudo das funcións e a súa representación gráfica. | ▪ MACB4.1.1. Interpreta o comportamento dunha función dada graficamente e asocia enunciados de problemas contextualizados a gráficas. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MAB B4.1.2. Identifica as características máis salientables dunha gráfica interpretándoas dentro do seu contexto. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB41.3. Constrúe unha gráfica a partir dun enunciado contextualizado, describindo o fenómeno exposto. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB4.1.4. Asocia razoadamente expresións analíticas a funcións dadas graficamente. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB4.1.5. Formula conxecturas sobre o comportamento do fenómeno que representa unha gráfica | ▪ CMCCT |

DOG Diario Oficial de Galicia
DOG Núm. 120 Luns, 29 de xuño de 2015 Páx. 26144

| | Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | e a súa expresión alxébrica | |
| ▪ b<br>▪ f | ▪ B4.5. Utilización de modelos lineais para estudar situacións provenientes de diferentes ámbitos de coñecemento e da vida cotiá, mediante a confección da táboa, a representación gráfica e a obtención da expresión alxébrica.<br>▪ B4.6. Expresións da ecuación da recta. | ▪ B4.2. Identificar relacións da vida cotiá e doutras materias que poden modelizarse mediante unha función lineal, valorando a utilidade da descrición deste modelo e dos seus parámetros, para describir o fenómeno analizado. | ▪ MACB4.2.1. Determina as formas de expresión da ecuación da recta a partir dunha dada (ecuación punto pendente, xeral, explícita e por dous puntos), identifica puntos de corte e pendente, e represéntaa graficamente. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB4.2.2. Obtén a expresión analítica da función lineal asociada a un enunciado e represéntaa. | ▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ f | ▪ B4.7. Funcións cuadráticas. Representación gráfica. Utilización para representar situacións da vida cotiá. | ▪ B4.3. Recoñecer situacións de relación funcional que necesitan ser descritas mediante funcións cuadráticas, calculando os seus parámetros e as súas características. | ▪ MACB4.3.1. Calcula os elementos característicos dunha función polinómica de grao 2 e represéntaa graficamente. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB4.3.2. Identifica e describe situacións da vida cotiá que poidan ser modelizadas mediante funcións cuadráticas, estúdaas e represéntaas utilizando medios tecnolóxicos cando sexa necesario. | ▪ CMCCT |
| | Bloque 5. Estatística e probabilidade | | | |
| ▪ b<br>▪ f | ▪ B5.1. Fases e tarefas dun estudo estatístico. Poboación e mostra. Variables estatísticas: cualitativas, discretas e continuas.<br>▪ B5.2. Métodos de selección dunha mostra estatística. Representatividade dunha mostra. | ▪ B5.1. Elaborar informacións estatísticas para describir un conxunto de datos mediante táboas e gráficas adecuadas á situación analizada, xustificando se as conclusións son representativas para a poboación estudada. | ▪ MACB5.1.1. Distingue poboación e a mostra, e xustifica as diferenzas en problemas contextualizados. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB5.1.2. Valora a representatividade dunha mostra a través do procedemento de selección, en | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas. 3º de ESO | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | ▪ B5.3. Frecuencias absolutas, relativas e acumuladas. Agrupación de datos en intervalos.<br>▪ B5.4. Gráficas estatísticas. | | casos sinxelos. | |
| | | | ▪ MACB5.1.3. Distingue entre variable cualitativa, cuantitativa discreta e cuantitativa continua, e pon exemplos. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB5.1.4. Elabora táboas de frecuencias, relaciona os tipos de frecuencias e obtén información da táboa elaborada. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB5.1.5. Constrúe, coa axuda de ferramentas tecnolóxicas, en caso necesario, gráficos estatísticos adecuados a distintas situacións relacionadas con variables asociadas a problemas sociais, económicos e da vida cotiá. | ▪ CSC |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f | ▪ B5.5. Parámetros de posición: cálculo, interpretación e propiedades.<br>▪ B5.6. Parámetros de dispersión: cálculo, interpretación e propiedades.<br>▪ B5.7. Diagrama de caixa e bigotes.<br>▪ B5.8. Interpretación conxunta da media e a desviación típica. | ▪ B5.2. Calcular e interpretar os parámetros de posición e de dispersión dunha variable estatística para resumir os datos e comparar distribucións estatísticas. | ▪ MACB5.2.1. Calcula e interpreta as medidas de posición (media, moda, mediana e cuartís) dunha variable estatística para proporcionar un resumo dos datos. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB5.2.2. Calcula e interpreta os parámetros de dispersión (rango, percorrido intercuartílico e desviación típica) dunha variable estatística, utilizando a calculadora e a folla de cálculo, para comparar a representatividade da media e describir os datos. | ▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B5.9. Identificación das fases e tarefas dun estudo estatístico. | ▪ B5.3. Analizar e interpretar a información estatística que aparece | ▪ MACB5.3.1. Utiliza un vocabulario axeitado para describir, analizar e | ▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ f | Análise e descrición de traballos relacionados coa estatística, con interpretación da información e detección de erros e manipulacións.<br>▪ B5.10. Utilización de calculadora e outros medios tecnolóxicos axeitados para a análise, a elaboración e a presentación de informes e documentos sobre informacións estatísticas nos medios de comunicación. | nos medios de comunicación, valorando a súa representatividade e a súa fiabilidade. | interpretar información estatística dos medios de comunicación e outros ámbitos da vida cotiá. | |
| | | | ▪ MACB5.3.2. Emprega a calculadora e medios tecnolóxicos para organizar os datos, xerar gráficos estatísticos e calcular parámetros de tendencia central e dispersión. | ▪ CD |
| | | | ▪ MACB5.3.3. Emprega medios tecnolóxicos para comunicar información resumida e relevante sobre unha variable estatística analizada | ▪ CD |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B5.11. Experiencias aleatorias. Sucesos e espazo mostral.<br>▪ B5.12. Cálculo de probabilidades mediante a regra de Laplace. Diagramas de árbore sinxelos. Permutacións; factorial dun número.<br>▪ B5.13. Utilización da probabilidade para tomar decisións fundamentadas en diferentes contextos. | ▪ B5.4. Estimar a posibilidade de que aconteza un suceso asociado a un experimento aleatorio sinxelo, calculando a súa probabilidade a partir da súa frecuencia relativa, a regra de Laplace ou os diagramas de árbore, e identificando os elementos asociados ao experimento. | ▪ MACB5.4.1. Identifica os experimentos aleatorios e distíngueos dos deterministas. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB5.4.2. Utiliza o vocabulario axeitado para describir e cuantificar situacións relacionadas co azar. | ▪ CMCCT<br>▪ CCL |
| | | | ▪ MACB5.4.3. Asigna probabilidades a sucesos en experimentos aleatorios sinxelos cuxos resultados son equiprobables, mediante a regra de Laplace, enumerando os sucesos elementais, táboas ou árbores, ou outras estratexias persoais. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB5.4.4. Toma a decisión correcta tendo en conta as probabilidades das distintas opcións en | ▪ CSIEE |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | situacións de incerteza. | |

## 4º de ESO

| | Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas | | | |
| ▪ f<br>▪ h | ▪ B1.1. Planificación do proceso de resolución de problemas. | ▪ B1.1. Expresar verbalmente, de xeito razoado, o proceso seguido na resolución dun problema. | ▪ MACB1.1.1. Expresa verbalmente, de xeito razoado, o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| ▪ e<br>▪ f<br>▪ h | ▪ B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc.<br>▪ B1.3. Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc. | ▪ B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas. | ▪ MACB1.2.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema). | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB1.2.2. Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB1.2.3. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas que cumpra resolver, valorando a súa utilidade e a súa eficacia. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB1.2.4. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proce- | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |

| | Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | so de resolución de problemas. | |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc.<br>▪ B1.4. Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes. | ▪ B1.3. Describir e analizar situacións de cambio, para atopar patróns, regularidades e leis matemáticas, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, valorando a súa utilidade para facer predicións. | ▪ MACB1.3.1. Identifica patróns, regularidades e leis matemáticas en situacións de cambio, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB1.3.2. Utiliza as leis matemáticas atopadas para realizar simulacións e predicións sobre os resultados esperables, e valora a súa eficacia e a súa idoneidade. | ▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f | ▪ B1.3. Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc. | ▪ B1.4. Afondar en problemas resoltos formulando pequenas variacións nos datos, outras preguntas, outros contextos, etc. | ▪ MACB1.4.1. Afonda nos problemas logo de resolvelos, revisando o proceso de resolución e os pasos e as ideas importantes, analizando a coherencia da solución ou procurando outras formas de resolución. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB1.4.2. Formúlase novos problemas, a partir de un resolto, variando os datos, propondo novas preguntas, resolvendo outros problemas parecidos, formulando casos particulares ou máis xerais de interese, e establecendo conexións entre o problema e a realidade. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ f<br>▪ h | ▪ B1.4. Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes. | ▪ B1.5. Elaborar e presentar informes sobre o proceso, resultados e conclusións obtidas nos procesos de investigación. | ▪ MACB1.5.1. Expón e defende o proceso seguido ademais das conclusións obtidas, utilizando as linguaxes alxébrica, gráfica, xeométrica e estatístico-probabilística. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e matemáticos, de xeito individual e en equipo. | ▪ B1.6. Desenvolver procesos de matematización en contextos da realidade cotiá (numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos) a partir da identificación de problemas en situacións problemáticas da realidade. | ▪ MACB1.6.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ MACB1.6.2. Establece conexións entre un problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel e os coñecementos matemáticos necesarios. | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ MACB1.6.3. Usa, elabora ou constrúe modelos matemáticos sinxelos que permitan a resolución dun problema ou duns problemas dentro do campo das matemáticas. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB1.6.4. Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB1.6.5. Realiza simulacións e predicións, en contexto real, para valorar a adecuación e as limitacións dos modelos, e propón me- | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | lloras que aumenten a súa eficacia. | |
| ▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e matemáticos, de xeito individual e en equipo. | ▪ B1.7. Valorar a modelización matemática como un recurso para resolver problemas da realidade cotiá, avaliando a eficacia e as limitacións dos modelos utilizados ou construídos. | ▪ MACB1.7.1. Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre el e os seus resultados, valorando outras opinións. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ l<br>▪ m<br>▪ n<br>▪ ñ<br>▪ o | ▪ B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e matemáticos, de xeito individual e en equipo. | ▪ B1.8. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao quefacer matemático. | ▪ MACB1.8.1. Desenvolve actitudes adecuadas para o traballo en matemáticas (esforzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada). | ▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ MACB1.8.2. Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, o esmero e o interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB1.8.3. Distingue entre problemas e exercicios, e adopta a actitude axeitada para cada caso. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB1.8.4. Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas, e procurar respostas adecuadas, tanto no estudo dos conceptos como na resolución de problemas. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ MACB1.8.5. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ b<br>▪ g | ▪ B1.6. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes adecuadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico. | ▪ B1.9. Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situacións descoñecidas. | ▪ MACB1.9.1. Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación e de matematización ou de modelización, e valora as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade. | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ g | ▪ B1.6. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes adecuadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico. | ▪ B1.10. Reflexionar sobre as decisións tomadas e aprender diso para situacións similares futuras. | ▪ MACB1.10.1. Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolvidos, valorando a potencia e a sinxeleza das ideas clave, e aprende para situacións futuras similares. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B1.7. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para:<br>– Recollida ordenada e a organización de datos.<br>– Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos.<br>– Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais, e realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico.<br>– Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas.<br>– Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e as conclusións | ▪ B1.11. Empregar as ferramentas tecnolóxicas adecuadas, de xeito autónomo, realizando cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, facendo representacións gráficas, recreando situacións matemáticas mediante simulacións ou analizando con sentido crítico situacións diversas que axuden á comprensión de conceptos matemáticos ou á resolución de problemas. | ▪ MACB1.11.1. Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízaas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente. | ▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ MACB1.11.2. Utiliza medios tecnolóxicos para facer representacións gráficas de funcións con expresións alxébricas complexas e extraer información cualitativa e cuantitativa sobre elas. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB1.11.3. Deseña representacións gráficas para explicar o proceso seguido na solución de problemas, mediante a utilización de medios tecnolóxicos. | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | e os resultados obtidos.<br>– Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e as ideas matemáticas. | | ▪ MACB1.11.4. Recrea ámbitos e obxectos xeométricos con ferramentas tecnolóxicas interactivas para amosar, analizar e comprender propiedades xeométricas. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB1.11.5. Utiliza medios tecnolóxicos para o tratamento de datos e gráficas estatísticas, extraer informacións e elaborar conclusións. | ▪ CMCCT |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ e | ▪ B1.7. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para:<br>– Recollida ordenada e a organización de datos.<br>– Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos.<br>– Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais, e realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico.<br>– Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas.<br>– Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e as conclusións e os resultados obtidos.<br>– Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e as ideas | ▪ B1.12. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de maneira habitual no proceso de aprendizaxe, procurando, analizando e seleccionando información salientable en internet ou noutras fontes, elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións destes, e compartíndoos en ámbitos apropiados para facilitar a interacción. | ▪ MACB1.12.1. Elabora documentos dixitais propios (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información relevante, coa ferramenta tecnolóxica axeitada, e compárteos para a súa discusión ou difusión. | ▪ CCL<br>▪ CD |
| | | | ▪ MACB1.12.2. Utiliza os recursos creados para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula. | ▪ CCL |
| | | | ▪ MACB1.12.3. Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles de seu proceso educativo e establecendo pautas de mellora. | ▪ CD<br>▪ CAA |
| | | | ▪ MACB1.12.4. Emprega ferramen- | ▪ CD |

| | Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | matemáticas. | | tas tecnolóxicas para compartir ficheiros e tarefas. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 2. Números e álxebra | | | |
| ▪ f<br>▪ l | ▪ B2.1. Recoñecemento de números que non poden expresarse en forma de fracción. Números irracionais.<br>▪ B2.2. Representación de números na recta real. Intervalos. | ▪ B2.1. Coñecer os tipos de números e interpretar o significado dalgunhas das súas propiedades máis características (divisibilidade, paridade, infinitude, proximidade, etc.). | ▪ MACB2.1.1. Recoñece os tipos de números reais (naturais, enteiros, racionais e irracionais), indicando o criterio seguido, e utilízaos para representar e interpretar axeitadamente información cuantitativa. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB2.1.2. Aplica propiedades características dos números ao utilizalos en contextos de resolución de problemas. | ▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ f | ▪ B2.2. Representación de números na recta real. Intervalos.<br>▪ B2.3. Interpretación e utilización dos números reais, as operacións e as propiedades características en diferentes contextos, elixindo a notación e a precisión máis axeitadas en cada caso.<br>▪ B2.4. Potencias de expoñente enteiro ou fraccionario e radicais sinxelos. Relación entre potencias e radicais.<br>▪ B2.5. Operacións e propiedades das potencias e dos radicais.<br>▪ B2.6. Xerarquía de operacións.<br>▪ B2.7. Cálculo con porcentaxes. Xuro simple e composto.<br>▪ B2.8. Logaritmos: definición e | ▪ B2.2. Utilizar os tipos de números e operacións, xunto coas súas propiedades, para recoller, transformar e intercambiar información, e resolver problemas relacionados coa vida diaria e con outras materias do ámbito educativo. | ▪ MACB2.2.1. Opera con eficacia empregando cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, calculadora ou programas informáticos, e utilizando a notación máis axeitada. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB2.2.2. Realiza estimacións correctamente e xulga se os resultados obtidos son razoables. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB2.2.3. Establece as relacións entre radicais e potencias, opera aplicando as propiedades necesarias e resolve problemas contextualizados. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB2.2.4. Aplica porcentaxes á resolución de problemas cotiáns e financeiros, e valora o emprego | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | propiedades.<br>▪ B2.9. Manipulación de expresións alxébricas. Utilización de igualdades notables. | | de medios tecnolóxicos cando a complexidade dos datos o requira. | |
| | | | ▪ MACB2.2.5. Calcula logaritmos sinxelos a partir da súa definición ou mediante a aplicación das súas propiedades, e resolve problemas sinxelos. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB2.2.6. Compara, ordena, clasifica e representa distintos tipos de números sobre a recta numérica utilizando diversas escalas. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB2.2.7. Resolve problemas que requiran propiedades e conceptos específicos dos números. | ▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ f | ▪ B2.10. Polinomios. Raíces e factorización.<br>▪ B2.11. Ecuacións de grao superior a dous.<br>▪ B2.12. Fraccións alxébricas. Simplificación e operacións. | ▪ B2.3. Construír e interpretar expresións alxébricas, utilizando con destreza a linguaxe alxébrica, as súas operacións e as súas propiedades. | ▪ MACB2.3.1. Exprésase con eficacia facendo uso da linguaxe alxébrica. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB2.3.2. Obtén as raíces dun polinomio e factorízao utilizando a regra de Ruffini, ou outro método máis axeitado. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB2.3.3. Realiza operacións con polinomios, igualdades notables e fraccións alxébricas sinxelas. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB2.3.4. Fai uso da descomposición factorial para a resolución de ecuacións de grao superior a dous. | ▪ CMCCT |

DOG Diario Oficial de Galicia
DOG Núm. 120 Luns, 29 de xuño de 2015 Páx. 26155

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ f<br>▪ g | ▪ B2.13. Resolución de problemas cotiáns e doutras áreas de coñecemento mediante ecuacións e sistemas.<br>▪ B2.14. Inecuacións de primeiro e segundo grao. Interpretación gráfica. Resolución de problemas. | ▪ B2.4. Representar e analizar situacións e relacións matemáticas utilizando inecuacións, ecuacións e sistemas para resolver problemas matemáticos e de contextos reais. | ▪ MACB2.4.1. Formula alxebricamente as restricións indicadas nunha situación da vida real, estúdao e resolve, mediante inecuacións, ecuacións ou sistemas, e interpreta os resultados obtidos. | ▪ CMCCT |
| | Bloque 3. Xeometría | | | |
| ▪ f<br>▪ l | ▪ B3.1. Medidas de ángulos no sistema sesaxesimal e en radiáns.<br>▪ B3.2. Razóns trigonométricas. Relacións entre elas. Relacións métricas nos triángulos. | ▪ B3.1. Utilizar as unidades angulares dos sistemas métrico sesaxesimal e internacional, así como as relacións e as razóns da trigonometría elemental, para resolver problemas trigonométricos en contextos reais. | ▪ MACB3.1.1. Utiliza conceptos e relacións da trigonometría básica para resolver problemas empregando medios tecnolóxicos, de ser preciso, para realizar os cálculos. | ▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f | ▪ B3.3. Aplicación dos coñecementos xeométricos á resolución de problemas métricos no mundo físico: medida de lonxitudes, áreas e volumes.<br>▪ B3.2. Razóns trigonométricas. Relacións entre elas. Relacións métricas nos triángulos. | ▪ B3.2. Calcular magnitudes efectuando medidas directas e indirectas a partir de situacións reais, empregando os instrumentos, as técnicas ou as fórmulas máis adecuadas, e aplicando as unidades de medida. | ▪ MACB3.2.1. Utiliza as ferramentas tecnolóxicas, as estratexias e as fórmulas apropiadas para calcular ángulos, lonxitudes, áreas e volumes de corpos e figuras xeométricas. | ▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ MACB3.2.2. Resolve triángulos utilizando as razóns trigonométricas e as súas relacións. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB3.2.3. Utiliza as fórmulas para calcular áreas e volumes de triángulos, cuadriláteros, círculos, paralelepípedos, pirámides, cilindros, conos e esferas, e aplícaas para resolver problemas xeométricos, asignando as unidades apropiadas. | ▪ CMCCT |

DOG Diario Oficial de Galicia
DOG Núm. 120 Luns, 29 de xuño de 2015 Páx. 26156

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ e<br>▪ f | ▪ B3.4. Iniciación á xeometría analítica no plano: coordenadas. Vectores. Ecuacións da recta. Paralelismo; perpendicularidade.<br>▪ B3.5. Semellanza. Figuras semellantes. Razón entre lonxitudes, áreas e volumes de corpos semellantes.<br>▪ B3.6. Aplicacións informáticas de xeometría dinámica que facilite a comprensión de conceptos e propiedades xeométricas. | ▪ B3.3. Coñecer e utilizar os conceptos e os procedementos básicos da xeometría analítica plana para representar, describir e analizar formas e configuracións xeométricas sinxelas. | ▪ MACB3.3.1. Establece correspondencias analíticas entre as coordenadas de puntos e vectores. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB3.3.2. Calcula a distancia entre dous puntos e o módulo dun vector. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB3.3.3. Coñece o significado de pendente dunha recta e diferentes formas de calculala. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB3.3.4. Calcula a ecuación dunha recta de varias formas, en función dos datos coñecidos | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB3.3.5. Recoñece distintas expresións da ecuación dunha recta e utilízaas no estudo analítico das condicións de incidencia, paralelismo e perpendicularidade. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB3.3.6. Utiliza recursos tecnolóxicos interactivos para crear figuras xeométricas e observar as súas propiedades e as súas características. | ▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | Bloque 4. Funcións | | | |
| ▪ a<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B4.1. Interpretación dun fenómeno descrito mediante un enunciado, unha táboa, unha gráfica ou unha expresión analítica. Análise de resultados.<br>▪ B4.2. Funcións elementais (lineal, | ▪ B4.1. Identificar relacións cuantitativas nunha situación, determinar o tipo de función que pode representalas, e aproximar e interpretar a taxa de variación media a partir dunha gráfica ou de datos numé- | ▪ MACB4.1.1. Identifica e explica relacións entre magnitudes que poden ser descritas mediante unha relación funcional, e asocia as gráficas coas súas correspondentes expresións alxébricas. | ▪ CMCCT |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



| | Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | cuadrática, proporcionalidade inversa, exponencial e logarítmica, e definidas en anacos): características e parámetros.<br>▪ B4.3. Taxa de variación media como medida da variación dunha función nun intervalo.<br>▪ B4.4. Utilización de calculadoras gráficas e software específico para a construción e a interpretación de gráficas. | ricos, ou mediante o estudo dos coeficientes da expresión alxébrica. | ▪ MACB4.1.2. Explica e representa graficamente o modelo de relación entre dúas magnitudes para os casos de relación lineal, cuadrática, proporcionalidade inversa, exponencial e logarítmica, empregando medios tecnolóxicos, de ser preciso. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB4.1.3. Identifica, estima ou calcula parámetros característicos de funcións elementais. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB4.1.4. Expresa razoadamente conclusións sobre un fenómeno a partir do comportamento dunha gráfica ou dos valores dunha táboa. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB4.1.5. Analiza o crecemento ou decrecemento dunha función mediante a taxa de variación media calculada a partir da expresión alxébrica, unha táboa de valores ou da propia gráfica. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB4.1.6. Interpreta situacións reais que responden a funcións sinxelas: lineais, cuadráticas, de proporcionalidade inversa, definidas a anacos e exponenciais e logarítmicas. | ▪ CMCCT |
| ▪ a<br>▪ f | ▪ B4.3. Recoñecemento doutros modelos funcionais: aplicacións a contextos e situacións reais. | ▪ B4.2. Analizar información proporcionada a partir de táboas e gráficas que representen relacións | ▪ MACB4.2.1. Interpreta criticamente datos de táboas e gráficos sobre diversas situacións reais. | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ g | ▪ B4.4. Utilización de calculadoras gráficas e software específico para a construción e interpretación de gráficas. | funcionais asociadas a situacións reais obtendo información sobre o seu comportamento, a evolución e os posibles resultados finais. | ▪ MACB4.2.2. Representa datos mediante táboas e gráficos utilizando eixes e unidades axeitadas. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB4.2.3. Describe as características máis importantes que se extraen dunha gráfica sinalando os valores puntuais ou intervalos da variable que as determinan utilizando tanto lapis e papel como medios tecnolóxicos. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB4.2.4. Relaciona distintas táboas de valores, e as súas gráficas correspondentes. | ▪ CMCCT |
| | Bloque 5. Estatística e probabilidade | | | |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B5.1. Introdución á combinatoria: combinacións, variacións e permutacións.<br>▪ B5.2. Cálculo de probabilidades mediante a regra de Laplace e outras técnicas de reconto. | ▪ B5.1. Resolver situacións e problemas da vida cotiá aplicando os conceptos do cálculo de probabilidades e técnicas de reconto axeitadas. | ▪ MACB5.1.1. Aplica en problemas contextualizados os conceptos de variación, permutación e combinación. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB5.1.2. Identifica e describe situacións e fenómenos de carácter aleatorio, utilizando a terminoloxía axeitada para describir sucesos. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB5.1.3. Aplica técnicas de cálculo de probabilidades na resolución de situacións e problemas da vida cotiá. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB5.1.4. Formula e comproba conxecturas sobre os resultados de experimentos aleatorios e si- | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | mulacións. | |
| | | | ▪ MACB5.1.6. Interpreta un estudo estatístico a partir de situacións concretas próximas. | ▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f | ▪ B5.2. Cálculo de probabilidades mediante a regra de Laplace e outras técnicas de reconto.<br>▪ B5.3. Probabilidade simple e composta. Sucesos dependentes e independentes.<br>▪ B5.4. Experiencias aleatorias compostas. Utilización de táboas de continxencia e diagramas de árbore para a asignación de probabilidades.<br>▪ B5.5. Probabilidade condicionada. | ▪ B5.2. Calcular probabilidades simples ou compostas aplicando a regra de Laplace, os diagramas de árbore, as táboas de continxencia ou outras técnicas combinatorias. | ▪ MACB5.2.1. Aplica a regra de Laplace e utiliza estratexias de reconto sinxelas e técnicas combinatorias. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB5.2.2. Calcula a probabilidade de sucesos compostos sinxelos utilizando, especialmente, os diagramas de árbore ou as táboas de continxencia. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB5.2.3. Resolve problemas sinxelos asociados á probabilidade condicionada. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB5.2.4. Analiza matematicamente algún xogo de azar sinxelo, comprendendo as súas regras e calculando as probabilidades adecuadas. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB5.3.1. Utiliza un vocabulario adecuado para describir, cuantificar e analizar situacións relacionadas co azar. | ▪ CCL |
| ▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B5.6. Utilización do vocabulario adecuado para describir e cuantificar situacións relacionadas co azar e a estatística. | ▪ B5.3. Utilizar o vocabulario axeitado para a descrición de situacións relacionadas co azar e a estatística, analizando e interpretando informacións que aparecen nos | ▪ MACB5.4.1. Interpreta criticamente datos de táboas e gráficos estatísticos. | ▪ CSIEE |

| | Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | medios de comunicación e fontes públicas oficiais (IGE, INE, etc.). | | |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f | ▪ B5.7. Identificación das fases e as tarefas dun estudo estatístico.<br>▪ B5.8. Gráficas estatísticas: tipos de gráficas. Análise crítica de táboas e gráficas estatísticas nos medios de comunicación e en fontes públicas oficiais (IGE, INE, etc.). Detección de falacias.<br>▪ B5.9. Medidas de centralización e dispersión: interpretación, análise e utilización.<br>▪ B5.10. Comparación de distribucións mediante o uso conxunto de medidas de posición e dispersión.<br>▪ B5.11. Construción e interpretación de diagramas de dispersión. Introdución á correlación.<br>▪ B5.12. Aplicacións informáticas que faciliten o tratamento de datos estatísticos. | ▪ B5.4. Elaborar e interpretar táboas e gráficos estatísticos, así como os parámetros estatísticos máis usuais, en distribucións unidimensionais e bidimensionais, utilizando os medios máis axeitados (lapis e papel, calculadora ou computador), e valorando cualitativamente a representatividade das mostras utilizadas. | ▪ MACB5.4.2. Utiliza medios tecnolóxicos para o tratamento de datos e gráficas estatísticas, para extraer informacións e elaborar conclusións. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB5.4.3. Calcula e interpreta os parámetros estatísticos dunha distribución de datos utilizando os medios máis axeitados (lapis e papel, calculadora ou computador). | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB5.4.4. Selecciona unha mostra aleatoria e valora a representatividade de mostras pequenas. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MACB5.4.5. Representa diagramas de dispersión e interpreta a relación entre as variables. | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

## Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas

### Introdución

A materia de Matemáticas contribúe especialmente ao desenvolvemento da competencia clave matemática e en ciencia e tecnoloxía, recoñecida pola Unión Europea. Esta competencia consiste en formular, transformar e resolver problemas a partir de situacións da vida cotiá, doutras ciencias e das propias matemáticas. En concreto, abrangue os aspectos e as facetas seguintes: pensar, modelar e razoar de xeito matemático; formular e resolver problemas; representar entidades matemáticas; utilizar os símbolos matemáticos; comunicarse coas matemáticas e sobre elas; e utilizar axudas e ferramentas tecnolóxicas. Por outra banda, o pensamento matemático axuda á adquisición do resto de competencias e contribúe á formación intelectual do alumnado, o que permitirá que se desenvolva mellor tanto no ámbito persoal como no social.

A resolución de problemas e os proxectos de investigación constitúen os eixes fundamentais no proceso de ensino e aprendizaxe das Matemáticas. Unha das capacidades esenciais que se desenvolven coa actividade matemática é a habilidade de formular, propor, interpretar e resolver problemas, xa que lles permite ás persoas o emprego dos procesos cognitivos para abordaren e resolveren situacións interdisciplinares en contextos reais, o que resulta de máximo interese para o desenvolvemento da creatividade e o pensamento lóxico. Neste proceso de resolución e investigación están involucradas moitas outras competencias, ademais da matemática, como é o caso da comunicación lingüística, ao ler de forma comprensiva os enunciados e comunicar os resultados obtidos; o sentido de iniciativa e espírito emprendedor, ao establecer un plan de traballo en revisión e modificación continua, na medida en que se vai resolvendo o problema; a competencia dixital, ao tratar adecuadamente a información e, de ser o caso, servir de apoio á resolución do problema e á comprobación da solución; a competencia de aprender a aprender, ao proporcionar estratexias de planificación e análise que axudan na resolución de problemas, así como actitudes de curiosidade e hábitos de formularse preguntas; a competencia social e cívica, ao implicar unha actitude aberta ante diferentes solucións; e a competencia en conciencia e expresións culturais, debido á necesidade de coñecer, comprender, apreciar e valorar diferentes manifestacións culturais relacionadas co coñecemento matemático e científico.

O alumnado que curse esta materia afondará no desenvolvemento das habilidades de pensamento matemático; concretamente na capacidade de analizar e investigar, interpretar e comunicar matematicamente diversos fenómenos e problemas en distintos contextos, así como de proporcionar solucións prácticas a estes. Tamén debe valorar

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



as posibilidades de aplicación práctica do coñecemento matemático tanto para o enriquecemento persoal como para a valoración do seu papel no progreso da humanidade.

Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas parte do currículo de Matemáticas de primeiro e de segundo de ESO, e dálle á materia un enfoque eminentemente práctico dirixido a proporcionar recursos e competencias que permitan ao alumnado continuar estudos de formación profesional.

É importante que no desenvolvemento do currículo desta materia os coñecementos, as competencias e os valores estean integrados, polo que os estándares de aprendizaxe se formularon tendo en conta a imprescindible relación entre os referidos elementos. Todo iso xustifica que se organice en torno aos seguintes bloques para os cursos de terceiro e cuarto de ESO, fortalecendo tanto os aspectos teóricos como as aplicacións prácticas en contextos reais: "Procesos, métodos e actitudes en matemáticas", "Números e álxebra", "Xeometría", "Funcións" e "Estatística e probabilidade".

O bloque de "Procesos, métodos e actitudes en matemáticas" é común para toda a ESO e debe desenvolverse de xeito transversal e simultaneamente ao resto de bloques, constituíndo o fío condutor da materia. Articúlase sobre procesos básicos e imprescindibles no quefacer matemático: resolución de problemas, proxectos de investigación matemática para realizar de xeito individual ou en grupo, matematización e modelización, actitudes adecuadas para desenvolver o traballo científico e utilización de medios tecnolóxicos. Incorporouse a este bloque a maioría das competencias clave e dos temas transversais, o que permite a súa adquisición e o seu desenvolvemento ao longo de toda a materia.

3º de ESO

| | Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas | | | |
| ▪ f<br>▪ h | ▪ B1.1. Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas. | ▪ B1.1. Expresar verbalmente e de xeito razoado o proceso seguido na resolución dun problema. | ▪ MAPB1.1.1. Expresa verbalmente, de xeito razoado, o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| ▪ f | ▪ B1.2. Estratexias e procedementos | ▪ B1.2. Utilizar procesos de razoa- | ▪ MAPB1.2.1. Analiza e comprende o | ▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ h | postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc.<br>▪ B1.3. Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc. | mento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas. | enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema). | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MAPB1.2.2. Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MAPB1.2.3. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas que cumpra resolver, valorando a súa utilidade e a súa eficacia. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MAPB1.2.4. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso de resolución de problemas. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc.<br>▪ B1.4. Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e | ▪ B1.3. Describir e analizar situacións de cambio, para atopar patróns, regularidades e leis matemáticas, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, valorando a súa utilidade para facer predicións. | ▪ MAPB1.3.1. Identifica patróns, regularidades e leis matemáticas en situacións de cambio, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MAPB1.3.2. Utiliza as leis matemáticas atopadas para realizar simulacións e predicións sobre os resultados esperables, e valora a súa eficacia e a súa idoneidade. | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes. | | | |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f | ▪ B1.3. Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc. | ▪ B1.4. Afondar en problemas resoltos formulando pequenas variacións nos datos, outras preguntas, outros contextos, etc. | ▪ MAPB1.4.1. Afonda nos problemas logo de resolvelos, revisando o proceso de resolución e os pasos e as ideas importantes, analizando a coherencia da solución ou procurando outras formas de resolución. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MAPB1.4.2. Formúlase novos problemas, a partir de un resolto, variando os datos, propondo novas preguntas, resolvendo outros problemas parecidos, formulando casos particulares ou máis xerais de interese, e establecendo conexións entre o problema e a realidade. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ f<br>▪ h | ▪ B1.4. Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes. | ▪ B1.5. Elaborar e presentar informes sobre o proceso, os resultados e as conclusións obtidas nos procesos de investigación. | ▪ MAPB1.5.1. Expón e argumenta o proceso seguido ademais das conclusións obtidas, utilizando distintas linguaxes: alxébrica, gráfica, xeométrica e estatístico-probabilística. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e | ▪ B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e matemáticos, de xeito individual e en equipo. | ▪ B1.6. Desenvolver procesos de matematización en contextos da realidade cotiá (numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos) a partir da identificación de situacións problemáticas | ▪ MAPB1.6.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ MAPB1.6.2. Establece conexións | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ f<br>▪ g | | da realidade. | entre un problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel e os coñecementos matemáticos necesarios. | ▪ CSIEE |
| | | | ▪ MAPB1.6.3. Usa, elabora ou constrúe modelos matemáticos sinxelos que permitan a resolución dun problema ou duns problemas dentro do campo das matemáticas. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MAPB1.6.4. Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MAPB1.6.5. Realiza simulacións e predicións, en contexto real, para valorar a adecuación e as limitacións dos modelos, e propón melloras que aumenten a súa eficacia. | ▪ CMCCT |
| ▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e matemáticos, de xeito individual e en equipo. | ▪ B1.7. Valorar a modelización matemática como un recurso para resolver problemas da realidade cotiá, avaliando a eficacia e as limitacións dos modelos utilizados ou construídos. | ▪ MAPB1.7.1. Reflexiona sobre o proceso, obtén conclusións sobre el e os seus resultados, valorando outras opinións. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c | ▪ B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e matemáti- | ▪ B1.8. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao quefacer matemático. | ▪ MAPB1.8.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esforzo, perseveranza, | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE<br>▪ CSC |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ l<br>▪ m<br>▪ n<br>▪ ñ<br>▪ o | cos, de xeito individual e en equipo. | | flexibilidade e aceptación da crítica razoada). | |
| | | | ▪ MAPB1.8.2. Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, esmero e interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MAPB1.8.3. Distingue entre problemas e exercicios, e adopta a actitude axeitada para cada caso. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MAPB1.8.4. Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas, e procurar respostas axeitadas, tanto no estudo dos conceptos como na resolución de problemas. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m | ▪ B5.1. Análise crítica de táboas e gráficas estatísticas nos medios de comunicación e fontes públicas oficiais (IGE, INE, etc.).<br>▪ B5.2. Interpretación, análise e utilidade das medidas de centralización e dispersión.<br>▪ B5.3. Comparación de distribucións mediante o uso conxunto de medidas de posición e dispersión.<br>▪ B5.4. Construción e interpretación de diagramas de dispersión. Introdución á correlación.<br>▪ B5.5. Azar e probabilidade. Frecuencia dun suceso aleatorio.<br>▪ B5.6. Cálculo de probabilidades mediante a Regra de Laplace.<br>▪ B5.7. Probabilidade simple e composta. Sucesos dependentes e independentes. Diagrama en árbore. | ▪ B5.1. Utilizar o vocabulario axeitado para a descrición de situacións relacionadas co azar e a estatística, analizando e interpretando informacións que aparecen nos medios de comunicación e fontes públicas oficiais (IGE, INE, etc.). | ▪ MAPB5.1.1. Utiliza un vocabulario adecuado para describir situacións relacionadas co azar e a estatística. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ MAPB5.1.2. Formula e comproba conxecturas sobre os resultados de experimentos aleatorios e simulacións. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MAPB5.1.3. Emprega o vocabulario axeitado para interpretar e comentar táboas de datos, gráficos estatísticos e parámetros estatísticos. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MAPB5.1.4. Interpreta un estudo estatístico a partir de situacións concretas próximas. | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2





| Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas. 4º de ESO | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | ▪ B5.8. Aplicacións informáticas que faciliten o tratamento de datos estatísticos. | | | |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ g | ▪ B5.1. Análise crítica de táboas e gráficas estatísticas nos medios de comunicación e fontes públicas oficiais (IGE, INE, etc.).<br>▪ B5.2. Interpretación, análise e utilidade das medidas de centralización e dispersión.<br>▪ B5.3. Comparación de distribucións mediante o uso conxunto de medidas de posición e dispersión.<br>▪ B5.4. Construción e interpretación de diagramas de dispersión. Introdución á correlación.<br>▪ B5.8. Aplicacións informáticas que faciliten o tratamento de datos estatísticos. | ▪ B5.2. Elaborar e interpretar táboas e gráficos estatísticos, así como os parámetros estatísticos máis usuais, en distribucións unidimensionais, utilizando os medios máis axeitados (lapis e papel, calculadora, folla de cálculo), valorando cualitativamente a representatividade das mostras utilizadas. | ▪ MAPB5.2.1. Discrimina se os datos recollidos nun estudo estatístico corresponden a unha variable discreta ou continua. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MAPB5.2.2. Elabora táboas de frecuencias a partir dos datos dun estudo estatístico, con variables discretas e continuas. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MAPB5.2.3. Calcula os parámetros estatísticos (media aritmética, percorrido, desviación típica, cuartís, etc.), en variables discretas e continuas, coa axuda da calculadora ou dunha folla de cálculo. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MAPB5.2.4. Representa graficamente datos estatísticos recollidos en táboas de frecuencias, mediante diagramas de barras e histogramas. | ▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ f | ▪ B5.5. Azar e probabilidade. Frecuencia dun suceso aleatorio.<br>▪ B5.6. Cálculo de probabilidades mediante a regra de Laplace.<br>▪ B5.7.Probabilidade simple e com- | ▪ B5.3. Calcular probabilidades simples e compostas para resolver problemas da vida cotiá, utilizando a regra de Laplace en combinación con técnicas de reconto como os diagramas de árbore e as táboas | ▪ MAPB5.3.1. Calcula a probabilidade de sucesos coa regra de Laplace e utiliza, especialmente, diagramas de árbore ou táboas de continxencia para o reconto de casos. | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



| | Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | posta. Sucesos dependentes e independentes. Diagrama en árbore. | de continxencia. | ▪ MAPB5.3.2. Calcula a probabilidade de sucesos compostos sinxelos nos que interveñan dúas experiencias aleatorias simultáneas ou consecutivas. | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



## Primeira Lingua Estranxeira

### Introdución

O papel heurístico das linguas constitúe un reto para o sistema educativo, pois son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. E as linguas achégannos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais.

A lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo; como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. Neste marco, a formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, e tamén sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician.

O Consello de Europa, a través de sucesivos proxectos, está comprometido nunha política lingüística dirixida a protexer e desenvolver a herdanza lingüística e a diversidade cultural de Europa como fonte de enriquecemento mutuo, así como a facilitar a mobilidade persoal dos seus cidadáns e das súas cidadás, e o intercambio de ideas. O Marco Común Europeo de Referencia para as linguas (MCER), publicado en 2001, é un documento de particular transcendencia non só como ferramenta práctica para propiciar a reflexión sobre o ensino das linguas e a transparencia de cursos, programas e titulacións entre os Estados e dentro deles, senón tamén polo recoñecemento da competencia plurilingüe e intercultural, que transcende o concepto de multilingüismo, no seu día piar dos enfoques das políticas lingüísticas máis abertas ao recoñecemento da diversidade. Hoxe, o MCER constitúe unha referencia para proxectos e documentos clave do Consello de Europa, como a "Guía para a elaboración e posta en marcha de currículos para unha educación plurilingüe e intercultural" (2010), na que se desenvolve a noción de plurilingüismo como eixe dun enfoque centrado na rede de relacións entre distintas linguas e culturas. Nesta mesma liña, enmárcanse o informe do Foro Intergobernamental Europeo titulado "O dereito dos estudantes á calidade e á equidade en educación. O papel das competencias lingüísticas e interculturais", mantido en Xenebra en novembro 2010, e a Conferencia Intergobernamental "Calidade e inclusión en educación: o papel único das linguas", mantida en Estrasburgo en setembro de 2013. En ambos os foros europeos, recoñécese a importancia da competencia lin-

DOG Núm. 120 Luns, 29 de xuño de 2015 Páx. 26193
DOG Diario Oficial de Galicia

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

güística e da circulación de competencias entre as linguas para lograr un maior dominio da linguaxe, clave para a inclusión social e o éxito escolar.

A educación plurilingüe e intercultural considera, con carácter xeral, a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de xeito específico, os enfoques plurais transversais e integradores no seu ensino e na súa aprendizaxe. A súa finalidade é retirar barreiras artificiais entre as linguas, encerradas tradicionalmente nos sistemas escolares en compartimentos estancos, e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Así, o/a aprendiz plurilingüe realizará transferencias dos coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutra lingua diferente. Esta capacidade de transferencia non só permite descubrir as regularidades dunha lingua total ou parcialmente descoñecida e relacionalas, desde o punto de vista teórico, coas regularidades observadas noutras linguas que coñece, ou identificar termos emparentados en todas as linguas, senón que, ademais, promove a tolerancia perante palabras descoñecidas, nomeadamente importante nos contextos de comprensión que necesitan a fluidez, como son a lectura extensiva e a comprensión de textos orais sen posibilidade de verificación do entendido. A competencia plurilingüe facilitará, así, a inferencia de significados e o desenvolvemento de competencias heurísticas eficaces para identificar os elementos esenciais e secundarios nun texto descoñecido.

Pola súa banda, mediante o diálogo intercultural póñense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son o recoñecemento do outro como lexítimo, o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas, a aceptación da diversidade persoal, social e cultural, e o respecto polos dereitos fundamentais.

No contexto escolar, a aprendizaxe das linguas está dirixida ao logro de obxectivos similares, aínda que con diferentes niveis de dominio. Por iso, un estudo integrado de todas as linguas posibilita, por unha banda, que os contidos, as estratexias e os procesos traballados nunha lingua sexan igualmente utilizados nas actividades lingüísticas de comprensión e produción nas demais e, por outra, que se poida focalizar, no proceso de ensino e aprendizaxe, nos elementos diferenciadores e en todos aqueles aspectos que teñen incidencia directa na capacidade de comunicarse adecuadamente. Xa que logo, o coñecemento morfolóxico ou léxico dunha lingua pode axudar á comprensión noutra lingua; as estratexias de comprensión de lectura desenvolvidas nunha lingua poden ser transferidas para a lectura noutros idiomas; o coñecemento da estrutura dos textos descritivos permitirá producilos en calquera lingua; e o coñecemento das normas que ordenan as relacións entre xeracións, sexos, clases e grupos sociais nunha lingua informa e sensibiliza sobre a necesidade de coñecer e respectar as normas que rexen a dimensión social do uso da lingua noutra comunidade lingüística.

Diario Oficial de Galicia

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

Por outra parte, o tratamento integrado das linguas debe considerar o punto de partida diferente de cada unha delas. Daquela, non se pode esquecer a situación de minorización da lingua galega, que cómpre atender e dinamizar adecuadamente. Con esa finalidade, é preciso favorecer o uso e a aprendizaxe desta lingua de xeito que se impulse a súa normalización e se venzan as dificultades da súa menor presenza e repercusión social, motivadas en moitos casos por prexuízos cómpre desmontar e superar. O alumnado galego debe rematar a súa escolarización co nivel de usuario/a competente nas dúas linguas oficiais, galego e castelán, o que implica a utilización adecuada e eficaz de ambas as linguas nun amplo repertorio de situacións comunicativas, propias de diferentes ámbitos, cun grao crecente de formalidade e complexidade.

Finalmente, a situación de sociedade multilingüe e plural en que vivimos solicita un enfoque metodolóxico de carácter plurilingüe que potencie o desenvolvemento comunicativo do alumnado nas linguas que adquira ao longo da súa vida, con independencia da diferenza de fins e niveis de dominio con que as utilice, e que o faga consciente da riqueza que supón ser unha persoa plurilingüe para o desenvolvemento cognitivo e social, e para o éxito escolar. Isto implica un tratamento integrado das linguas que o alumnado está a aprender nas aulas. No caso das áreas de Lingua castelá e literatura e de Lingua galega e literatura, os currículos presentan contidos similares en gran medida, e unha distribución igualmente similar en cada un dos cursos que conforman a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato. Evidentemente, cada lingua ten as súas características propias, que requiren un tratamento e un traballo específico, pero hai determinados aspectos do currículo que, pola afinidade ou similitude que presentan en ambas as áreas, precisan ou ben ser abordados de maneira parella, ou ben ser presentados só nunha lingua pero traballados e practicados en cada unha delas, e utilizar a mesma terminoloxía nas dúas linguas para non dificultar innecesariamente o proceso de aprendizaxe do alumnado. Daquela, o profesorado implicado no proceso de ensino e aprendizaxe de Lingua castelá e literatura e de Lingua galega e literatura, en cada curso de ambas as etapas, deberá organizar o seu labor nun currículo integrado, que transcenda as respectivas linguas nas que un/unha aprendiz sexa capaz de comunicarse. Isto supón recoñecer a existencia dunha competencia global para a comunicación lingüística e implica non só evitar a repetición de contidos naqueles aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua, como son as estratexias de lectura ou o proceso de escritura, a tipoloxía textual ou a definición de termos lingüísticos, senón tamén, e especialmente, priorizar a realización de actividades comunicativas de produción e comprensión de textos orais e escritos, pois destas depende o desenvolvemento da competencia xeral en comunicación lingüística.

Ademais, nos centros docentes teñen presenza linguas estranxeiras, que tamén son abordadas na aula desde un enfoque comunicativo e intercultural, xa que o coñecemento dos valores e as crenzas compartidas por grupos sociais doutros países resulta esencial para a comunicación nesta sociedade globalizada. Así, para o tratamento in-

DOG Diario Oficial de Galicia
DOG Núm. 120 Luns, 29 de xuño de 2015 Páx. 26195

tegrado de linguas é preciso que, igual que acontece non caso das dúas linguas cooficiais, haxa unha coordinación entre o profesorado destas e o de linguas estranxeiras, para evitar a repetición de contidos na liña das que se mencionaron para as linguas ambientais, e para unificar a terminoloxía. Non se pode esquecer que o achegamento do alumnado á lingua estranxeira se produce, na maior parte dos casos, partindo das linguas próximas, a materna e ambientais.

Igualmente presentes nas aulas están as linguas clásicas, o latín e o grego, cuxo estudo a nivel fonético, morfosintáctico e léxico proporciona unha sólida base para o perfeccionamento no manexo doutras linguas. Estas desempeñan, logo, un papel salientable como soporte lingüístico da maioría das linguas e para a comprensión do léxico culto que forma gran parte da terminoloxía científica e técnica actual nas linguas que o alumnado coñece ou estuda. Todo isto sen esquecer o enriquecemento cultural que lle proporciona o coñecemento dos diferentes aspectos que se inclúen na civilización clásica, berce da Europa actual, como son, entre outros, a mitoloxía, a relixión ou as súas creacións literarias e artísticas, que tanta influencia tiveron en épocas posteriores e seguen a ter hoxe en día. Por tanto, é esencial a incorporación das linguas clásicas ao currículo integrado das linguas, para reforzar a reflexión lingüística do noso alumnado e fortalecer o seu acceso á cultura literaria.

Resulta obvio que para a posta en práctica destes currículos integrados e o logro dos obxectivos plurilingües e interculturais que se perseguen, o profesorado é un elemento determinante, xa que deberá potenciar unha metodoloxía adecuada para levar a cabo enfoques comunicativos e proxectos plurais e transversais, promover a reflexión metacomunicativa e metalingüística e o contraste entre linguas, ou asegurar accións coordinadas entre os departamentos lingüísticos para decidir, entre outros, desde que lingua abordar o estudo dos xéneros discursivos ou as estratexias e os procesos cognitivos que están na base das actividades lingüísticas. A finalidade é construír en cada centro docente a coherencia pedagóxica no ensino das linguas.

As materias cuxos currículos se desenvolven ao abeiro desta introdución, as de linguas, teñen como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Daquela, achegan as ferramentas e os coñecementos necesarios para se desenvolver satisfactoria e eficazmente en calquera situación de comunicación da vida privada, social e profesional. Eses coñecementos, que articulan os procesos de comprensión e expresión oral por unha banda, e de comprensión e expresión escrita por outra, constitúen instrumentos esenciais para a aprendizaxe no ámbito educativo e, posteriormente, ao longo da vida.

A reflexión literaria, presente nun bloque de contidos nas linguas ambientais, o galego e o castelán, e nas linguas clásicas, a través da lectura, mediante a comprensión e a interpretación de textos significativos, favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/das estudantes,

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

dálles acceso á memoria, á creatividade, á imaxinación, á descuberta das outras persoas e ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfróntaos/as a situacións, sentimentos e emocións nunca experimentados, que enriquecen a súa visión do mundo e favorecen o coñecemento de si mesmos/as.

En definitiva, estas materias lingüísticas perseguen o obxectivo último de contribuír á formación de cidadás e cidadáns cunha competencia comunicativa que lles permita interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida. Isto esixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e das outras linguas que estudan e coñecen, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo, de formar as súas opinións propias, claras e fundamentadas, e de sentir satisfacción, a través da lectura crítica de obras literarias.

A materia de Primeira Lingua Estranxeira está organizada en cinco bloques que se corresponden coas actividades de lingua que, tal como as define o MCER supoñen o exercicio da competencia lingüística comunicativa dentro dun ámbito específico para procesar (en forma de comprensión ou de expresión) un ou máis textos co fin de realizar unha tarefa: comprensión de textos orais, produción de textos orais (expresión e interacción), comprensión de textos escritos e produción de textos escritos (expresión e interacción). Para a súa realización, estas actividades requiren a competencia comunicativa, polo que se inclúe un quinto bloque no que se recollen os elementos que abrangue a competencia comunicativa (lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos), así como as experiencias lingüísticas noutras linguas. Todos estes elementos do quinto bloque relaciónanse entre si e interactúan na realización das actividades lingüísticas comunicativas de comprensión, produción e interacción. Isto supón que, para cada tarefa comunicativa descrita nos estándares, cumprirá incorporarse o conxunto dos contidos recollidos no quinto bloque para a realización do bloque de actividade lingüística que corresponda. Da mesma maneira, para avaliar o grao de adquisición de cada estándar de aprendizaxe dunha determinada actividade de lingua, deberán aplicarse todos os criterios de avaliación recollidos e descritos para a actividade correspondente, así como aqueles do quinto bloque que correspondan.

1º de ESO

| | Primeira Lingua Estranxeira. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Comprensión de textos orais | | | |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Primeira Lingua Estranxeira. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ i | ▪ B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais:<br>– Uso do contexto verbal e non verbal e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.<br>– Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema.<br>– Identificación de palabras chave.<br>– Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica).<br>– Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos.<br>– Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece.<br>▪ B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.<br>▪ B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito. | ▪ B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.<br>▪ B1.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.<br>▪ B1.3. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro están- | ▪ PLEB1.1. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas cos que se estea moi familiarizado/a, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ PLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de instrucións, preguntas, explicacións, diálogos e outras mensaxes orais sinxelas articuladas con claridade e pausadamente, relacionadas coas actividades de aula e con áreas de prioridade inmediata. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ PLEB1.3. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións moi básicas sobre temas educativos, que estea a aprender ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular como os contaminantes, a clasificación dos seres vivos, etc.), sempre que poida escoitalas máis dunha vez. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ PLEB1.4. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa informal entre duas persoas que ten lugar na súa presenza, ou procedente dunha gravación pedagóxica cando o tema lle resulta coñecido e o discurso estea articulado con claridade, a velocidade baixa. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Primeira Lingua Estranxeira. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | dar formal, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais escolares e da familia ou do propio campo de interese, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.<br>▪ B1.4. Comprender os puntos esenciais e os detalles máis salientables en conversas sinxelas, reais ou simuladas, que se refiran a necesidades prácticas ou materiais, gustos ou sensacións físicas moi básicas, expresadas pausadamente e con boa articulación, e que se poidan escoitar de novo ou solicitar que se repita ou se reformule o dito.<br>▪ B1.5. Recoñecer as fórmulas máis habituais de contacto social e as normas de cortesía máis sinxelas e comúns para a súa idade, e as utilizadas máis habituais para iniciar e terminar o discurso.<br>▪ B1.6. Comprender o sentido xeral e a información esencial predicible de textos audiovisuais sinxelos, articulados pausadamente e con claridade, e con apoio de imaxes moi redundantes. | ▪ PLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descricións, narracións, peticións de información, a expresión da vontade, a certeza e os desexos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposto a repetir ou a reformular o dito. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ PLEB1.6. Identifica a información esencial do tema e da situación de comunicación de gravacións auténticas ou pedagóxicas sinxelas, sobre asuntos cotiáns ou do seu interese, articuladas pausadamente e con claridade, e cando as imaxes axuden á comprensión e se poida escoitar máis dunha vez. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | Bloque 2. Produción de textos orais: expresión e interacción | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d | ▪ B2.1. Estratexias de produción:<br>– Planificación.<br>– Identificación do contexto, do | ▪ B2.1. Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que os interlocutores teñan que | ▪ PLEB2.1. Na maioría das actividades de aula amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións co- | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ i | destinatario e da finalidade da produción ou da interacción.<br>– Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa<br>– Percepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.<br>– Execución.<br>– Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.<br>– Expresión da mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto traballados na clase previamente.<br>– Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.<br>– Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e para- | solicitar repeticións de cando en vez.<br>▪ B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se dependa en grande medida da actuación do interlocutor.<br>▪ B2.3. Utilizar as estratexias máis adecuadas para producir textos monolóxicos que aborden descricións, narracións e explicacións breves e sinxelas sobre acontecementos, experiencias, condicións de vida e coñecementos diversos, con certa fluidez e pronuncia intelixible, utilizando conectores textuais, e con dominio do vocabulario elemental para lograr a finalidade da comunicación.<br>▪ B2.4. Producir textos breves e comprensibles, en conversas cara a cara, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela, nos que se dá, se solicita e intercambia información básica sobre temas de importancia na vida cotiá e asuntos coñecidos ou de interese persoal ou educativo propios da súa idade e do seu nivel escolar, e se xustifican brevemente e de xeito básico os motivos de determinadas accións e plans sinxelos, aínda que ás veces haxa interrupcións ou vacilacións, resulten evi- | municativas, esforzándose por utilizala aínda que, ás veces, teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ PLEB2.2. Fai presentacións moi breves e ensaiadas comprensibles e con apoio visual de distintos soportes multimedia que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos e sinxelos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas breves e moi sinxelas dos oíntes sobre o contido das súas presentacións. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ PLEB2.3. Desenvólvese sen dificultade evidente en xestións e transaccións cotiás básicas, e ofrece e obtén información básica en situacións habituais e concretas propias de viaxes, aloxamento, transporte, compras e lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento). | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ PLEB2.4. Establece contacto social en función da situación de comunicación, real ou simulada, e reformula ou rectifica se non se lle comprende, e pide aclaración se non entende algo. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ PLEB2.5. Participa en conversas informais cara a cara, cunha pro- | ▪ CCL<br>▪ CAA |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Primeira Lingua Estranxeira. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | lingüísticos:<br>– Lingüísticos:<br>– Modificación de palabras de significado parecido.<br>– Definición ou parafrase dun termo ou unha expresión.<br>– Paralingüísticos:<br>– Petición de axuda ou clarificación.<br>– Sinalización de obxectos, uso deícticos ou realización de accións que aclaren o significado.<br>– Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal).<br>– Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo.<br>– Uso dos elementos prosódicos sinxelos (pausas, ritmo e entoación) como substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle ao destinatario ou oínte as partes do discurso que deben ser cointerpretadas.<br>▪ B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas, para comprender e facerse comprender. | dentes as pausas e a reformulación para organizar o discurso e seleccionar expresións e estruturas, e o interlocutor teña que solicitar ás veces que se lle repita o dito, e mesmo solicite axuda ao interlocutor para expresar adecuadamente o seu texto.<br>▪ B2.5. Empregar para comunicarse mecanismos sinxelos o suficientemente axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores conversacionais básicos máis frecuentes).<br>▪ B2.6. Manexar con certa fluidez frases curtas, grupos de palabras e fórmulas básicas para desenvolverse de xeito suficiente en breves intercambios en situacións habituais e cotiás, aínda que se interrompa o discurso para procurar expresións e articular palabras menos frecuentes.<br>▪ B2.7. Utilizar estratexias de cooperación na interacción e no traballo con outras persoas, colaborando coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación. | nuncia comprensible, empregando as convencións propias do proceso comunicativo, nas que establece contacto social, intercambia información básica e expresa opinións, fai invitacións e ofrecementos sinxelos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas e básicas, ou se manifesta sobre os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ PLEB2.6. Colabora coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Primeira Lingua Estranxeira. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | ▪ B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación: chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, compravenda, e outras igualmente cotiás e básicas. | | | |
| | Bloque 3: Comprensión de textos escritos | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ i | ▪ B3.1. Estratexias de comprensión:<br>– Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.<br>– Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).<br>– Identificación do tipo textual básico (narrativo, descritivo ou explicativo), adaptando a comprensión a el.<br>– Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).<br>– Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.<br>– Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos | ▪ B3.1. Utilizar as estratexias máis adecuadas (identificación do tema dun texto coa axuda de elementos textuais e non textuais, uso dos coñecementos previos sobre o tema, inferencia de significados polo contexto, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que xa coñecen, etc.), para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.<br>▪ B3.2. Comprender instrucións básicas e avisos, obrigas e prohibicións (por exemplo, indicacións para chegar a un lugar, frecuencia da dose dun medicamento, manexo elemental de aparellos coñecidos, etc.).<br>▪ B3.3. Identificar e interpretar palabras e enunciados clave sinxelos e contextualizados, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar, | ▪ PLEB3.1. Comprende, con axuda da imaxe, instrucións sinxelas e básicas de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas de uso común e coñecidos, e segue instrucións básicas e predicibles para a realización de actividades e normas de seguridade (por exemplo, nun centro docente, un lugar público ou unha zona de lecer). | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ PLEB3.2. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta de carácter pedagóxico claramente estruturados e nun rexistro estándar e con imaxes ilustrativas redundantes sobre temas relativos a materias educativas ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida reler as seccións difíciles. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | significativos, lingüísticos e paratextuais.<br>– Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.<br>▪ B3.2. Uso de técnicas como subliñar ou tomar notas para lograr unha mellor comprensión do contido e da estrutura do texto. | coa axuda de elementos textuais e non textuais, sobre temas variados e outros relacionados con outras materias do currículo.<br>▪ B3.4. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves, sinxelos e ben estruturados, escritos nun rexistro informal ou estándar, que traten de asuntos cotiáns, de temas coñecidos e previsibles de interese ou relevantes para os propios estudos, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico básico de uso común e habitual.<br>▪ B3.5. Identificar información persoal básica (descrición física, data e lugar de nacemento, idade e sexo, estado civil, orixe e nacionalidade, profesión, gustos, etc.) e no ámbito público, presentada ou solicitada en cartas, formularios, fichas, cuestionarios, anuncios, etc.<br>▪ B3.6. Ler con certa autonomía textos adaptados de certa lonxitude adecuados á idade, aos intereses e ao nivel escolar. | ▪ PLEB3.3. Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de publicacións propias da súa idade ou de internet, formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese, nos ámbitos persoal e educativo. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ PLEB3.4. Atopa a información que necesita para a realización dunha tarefa en narracións breves moi sinxelas en lingua estándar, e en guías de lecer, dicionarios, catálogos, etc. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ PLEB3.5. Entende información básica (lugar, prezo, horarios, datos ou preguntas relativas á información persoal, etc.) de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ PLEB3.6. Comprende con fluidez textos adaptados (por exemplo, en lecturas para a xente nova) de historias de ficción. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | Bloque 4. Produción de textos escritos: expresión e interacción | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ i | ▪ B4.1. Estratexias de produción:<br>– Planificación.<br>– Mobilización e coordinación das propias competencias xe- | ▪ B4.1. Aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple (por exemplo, copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais | ▪ PLEB4.1. Escribe notas e mensaxes (por exemplo, posts e chats en redes sociais), en situacións reais ou simuladas, nas que dá e solicita breve información sobre citas, pre- | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Primeira Lingua Estranxeira. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | rais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (repasar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).<br>– Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).<br>– Uso de elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos.<br>– Execución.<br>– Elaboración dun borrador seguindo textos modelo.<br>– Estruturación do contido do texto.<br>– Organización do texto en parágrafos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.<br>– Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.<br>– Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles.<br>– Recurso aos coñecementos | propios de cada tipo de texto, identificando as ideas pertinentes e necesarias, pondo una idea principal en cada parágrafo, etc.).<br>▪ B4.2. Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou de interese persoal, nun rexistro estándar ou informal, utilizando adecuadamente os recursos máis básicos de cohesión e de coherencia, e as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis comúns, cun control razoable de expresións e estruturas básicas e sinxelas, e un léxico de uso frecuente para a súa idade e o seu nivel escolar. Tomar notas e escribir mensaxes moi breves e sinxelas a partir dunha información moi sinxela e predicible.<br>▪ B4.3. Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal.<br>▪ B4.4. Escribir mensaxes sinxelas con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.<br>▪ B4.5. Intercambiar correspondencia persoal breve e moi sinxela, sobre temas da vida cotiá, empregando palabras e expresións moi básicas de uso habitual, de encabezamento e despedida, e frases e | ferencias e sentimentos, relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese. | |
| | | | ▪ PLEB4.2. Elabora textos moi breves nos que expón, por exemplo, unha enumeración de actividades ou tarefas moi habituais, listas de compras, traxecto habitual etc.; e textos que expresen sentimentos básicos de gusto, desgusto, aceptación, negación, etc. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ PLEB4.3. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa aos seus datos, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital). | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ PLEB4.4. Escribe notas, anuncios e mensaxes breves en soporte impreso e dixital, en situacións de comunicación reais ou simuladas, relacionados con actividades e situacións da vida cotiá, do seu interese persoal ou sobre temas de actualidade de especial relevancia e comprensibles para a súa idade, respectando as convencións e as normas de cortesía, e a etiqueta se utiliza as redes sociais. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ PLEB4.5. Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén contacto social real ou si- | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "xa nos veremos", etc.).<br>– Revisión:<br>– Identificación de problemas, erros e repeticións.<br>– Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.<br>– Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.).<br>– Reescritura definitiva. | oracións simples illadas e enlazadas con conectores elementais.<br>▪ B4.6. Presentar os textos escritos de xeito coidado (con atención ás marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, etc.), en soporte impreso e dixital. | mulado (por exemplo, con amigos/as noutros países), se intercambia información básica sobre si mesmo, e a súa vila (por exemplo, descrición en termos moi sinxelos de sucesos importantes e experiencias persoais; instrucións sinxelas, aceptación e ofrecemento de suxestións, como cancelar, confirmar ou modificar unha invitación ou uns plans), e se expresan opinións de xeito sinxelo. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ PLEB4.6. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ i<br>▪ o | ▪ B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.<br>– Sons e fonemas vocálicos.<br>– Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.<br>– Procesos fonolóxicos básicos.<br>– Acento dos elementos léxicos illados, e no sintagma e na oración.<br>▪ B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas.<br>– Uso das normas básicas de ortografía da palabra. | ▪ B5.1. Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que se cometan erros de pronunciación polos que os interlocutores teñan que solicitar repeticións.<br>▪ B5.2. Coñecer e utilizar para a comprensión e produción de textos orais e escritos os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, etc.), ás condicións de vida, ás relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no traballo, no centro | ▪ PLB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, e produce comprensiblemente trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ PLB5.2. Utiliza a lingua estranxeira na maioría das súas intervencións nas actividades de aula, e na participación en simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal, con diversos fins comunicati- | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Primeira Lingua Estranxeira. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | – Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.<br>▪ B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:<br>– Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira.<br>– Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións; condicións de vida (vivenda e contexto); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares); música, comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos, lugares, etc.; e costumes, valores e actitudes máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade, a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas dos países onde se fale a lingua estranxeira.<br>– Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns e no uso das formas básicas de relación social entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso. | docente, etc.), ao comportamento (xestos, expresións faciais, uso da voz e contacto visual) e ás convencións sociais (costumes e tradicións).<br>▪ B5.3. Interactuar segundo as convencións sociais máis básicas da cultura estranxeira, e utilizar os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos básicos para unha comprensión adecuada do texto oral e escrito.<br>▪ B5.4. Na propia lingua, identificar diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais máis visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira e da propia cultura, e coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, e amosar curiosidade e respecto ante as diferenzas.<br>▪ B5.5. Valorar as linguas como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras doutros países, como recurso de acceso á información e como instrumento de enriquecemento persoal ao coñecer culturas e maneiras de vivir diferentes.<br>▪ B5.6. Utilizar as experiencias lingüísticas e os coñecementos adquiridos en todas as linguas que coñece para establecer similitudes e diferenzas coa nova lingua e desenvolver unha competencia comunicativa plurilingüe, e apreciar a | vos, establecendo contacto social en función da situación de comunicación, reformulando e rectificando se non se comprende, e pedindo aclaración se non entende algo. | |
| | | | ▪ PLB5.3. Utiliza as convencións orais básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a quenda de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención, etc.). | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ PLB5.4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ PLB5.5. Nas actividades de aula, reflexiona sobre a utilización para a comprensión e a elaboración de textos do coñecemento adquirido noutras linguas sobre elementos morfosintácticos e discursivos básicos e habituais no uso da lingua. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ PLB5.6. Comunica con eficacia, comprendendo e utilizando adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Primeira Lingua Estranxeira. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
O primeiro bloque, "A actividade científica", constitúe o eixe metodolóxico da área, e é necesario traballalo de xeito simultáneo con cada un dos tres bloques restantes. O ensino e a aprendizaxe de Química implica a realización de pequenos proxectos de investigación, así como a procura, a análise e a elaboración de información, e é de interese o emprego das tecnoloxías da información e da comunicación, tanto como ferramenta para a obtención de datos, o tratamento da información, a análise dos resultados e a presentación de conclusións, como para o emprego de aplicacións informáticas de simulación de prácticas que sería difícil desenvolver no laboratorio real. Tanto os criterios de avaliación como os estándares de aprendizaxe deste bloque cobran sentido ao relacionalos cos doutros bloques. Deste xeito, o QUB1.2.1. terá que referirse ás diversas experiencias químicas desenvolvidas ao longo do curso.

O segundo bloque, "Orixe e evolución dos compoñentes do Universo", aborda a estrutura atómica dos elementos e a súa repercusión nas propiedades periódicas destes. A visión actual do concepto do átomo e as subpartículas que

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



o conforman contrasta coas nocións da teoría atómico-molecular coñecidas previamente polo alumnado. Entre as características propias de cada elemento destaca a reactividade dos seus átomos e os tipos de enlaces e forzas que aparecen entre eles e, como consecuencia, as propiedades fisicoquímicas dos compostos que poden formar.

No terceiro bloque, "Reaccións químicas", trátanse tanto o aspecto dinámico (cinética) como o estático (equilibrio químico) das reaccións químicas, os factores que modifican a velocidade de reacción, o desprazamento do seu equilibrio, as reaccións ácido-base e de oxidación-redución, e as súas implicacións sociais e industriais.

Finalmente, o derradeiro bloque, "Síntese orgánica e novos materiais", con contidos de química orgánica, está destinado ao estudo dalgunhas funcións orgánicas e aos polímeros, e aborda as súas características, como se producen e a grande importancia que teñen na actualidade por causa das numerosas aplicacións que presentan: química médica, química dos alimentos e química ambiental.

As estratexias metodolóxicas que se propoñen para desenvolver o currículo desta materia son as seguintes:

– Fomentar a competencia de aprender a aprender, e a de sentido de iniciativa e espírito emprendedor, a través da planificación, a realización, a presentación e a avaliación de deseños experimentais por parte do alumnado, incluíndo a incorporación das tecnoloxías da información e da comunicación para o desenvolvemento da competencia dixital, co obxectivo de favorecer unha visión máis actual da actividade tecnolóxica e científica contemporánea.
– Partir, sempre que sexa posible, de enfrontar o alumnado a situacións problemáticas que deba resolver pondo en xogo os saberes dos que dispón.
– Potenciar a dimensión colectiva da actividade científica, organizando equipos de traballo e propiciando o traballo cooperativo na investigación.
– Considerar as implicacións entre ciencia, tecnoloxía, sociedade e medio natural dos problemas (posibles aplicacións, repercusións negativas, toma de decisións, ciencia e pseudociencia, etc.), e as posibles relacións con outros campos do coñecemento.

2º de bacharelato

| | Química. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. A actividade científica | | | |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B1.1. Utilización de estratexias básicas da actividade científica. | ▪ B1.1. Realizar interpretacións, predicións e representación de fenó- | ▪ QUB1.1.1. Aplica habilidades necesarias para a investigación científi- | ▪ CAA<br>▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Química. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ l<br>▪ l<br>▪ m | | menos químicos a partir dos datos dunha investigación científica, e obter conclusións. | ca traballando tanto individualmente como en grupo, formulando preguntas, identificando problemas, recollendo datos mediante a observación ou a experimentación, analizando e comunicando os resultados, e desenvolvendo explicacións mediante a realización dun informe final. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ i | ▪ B1.2. Importancia da investigación científica na industria e na empresa.<br>▪ B1.3. Prevención de riscos no laboratorio | ▪ B1.2. Aplicar a prevención de riscos no laboratorio de química e coñecer a importancia dos fenómenos químicos e as súas aplicacións aos individuos e á sociedade. | ▪ QUB1.2.1.Utiliza o material e os instrumentos de laboratorio empregando as normas de seguridade adecuadas para a realización de experiencias químicas. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ l<br>▪ l | ▪ B1.4. Investigación científica: documentación, elaboración de informes, comunicación e difusión de resultados. | ▪ B1.3. Empregar axeitadamente as tecnoloxías da información e da comunicación para a procura de información, o manexo de aplicacións de simulación de probas de laboratorio, a obtención de datos e a elaboración de informes. | ▪ QUB1.3.1. Elabora información e relaciona os coñecementos químicos aprendidos con fenómenos da natureza, e as posibles aplicacións e consecuencias na sociedade actual. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ QUB1.3.2. Localiza e utiliza aplicacións e programas de simulación de prácticas de laboratorio. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ QUB1.3.3. Realiza e defende un traballo de investigación utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ l<br>▪ l | ▪ B1.4. Investigación científica: documentación, elaboración de informes, comunicación e difusión de resultados. | ▪ B1.4. Deseñar, elaborar, comunicar e defender informes de carácter científico, realizando unha investigación baseada na práctica expe- | ▪ QUB1.4.1. Analiza a información obtida principalmente a través de internet, identificando as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de infor- | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Química. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | rimental. | mación científica. | |
| | | | ▪ QUB1.4.2. Selecciona, comprende e interpreta información relevante nunha fonte de información de divulgación científic,a e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade. | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| | Bloque 2. Orixe e evolución dos compoñentes do Universo | | | |
| ▪ b<br>▪ l<br>▪ l | ▪ B2.1. Estrutura da materia. Hipótese de Planck.<br>▪ B2.2. Modelo atómico de Bohr. | ▪ B2.1. Analizar cronoloxicamente os modelos atómicos ata chegar ao modelo actual, discutindo as súas limitacións e a necesidade dun novo. | ▪ QUB2.1.1. Explica as limitacións dos distintos modelos atómicos en relación cos feitos experimentais que levan asociados. | ▪ CCEC<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ QUB2.1.2. Calcula o valor enerxético correspondente a unha transición electrónica entre dous niveis dados, en relación coa interpretación dos espectros atómicos. | ▪ CMCCT |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B2.2. Modelo atómico de Bohr.<br>▪ B2.3. Orbitais atómicos. Números cuánticos e a súa interpretación. | ▪ B2.2. Recoñecer a importancia da teoría mecanocuántica para o coñecemento do átomo. | ▪ QUB2.2.1. Diferencia o significado dos números cuánticos segundo Bohr e a teoría mecanocuántica que define o modelo atómico actual, en relación co concepto de órbita e orbital. | ▪ CMCCT |
| ▪ e<br>▪ i | ▪ B2.4. Mecánica cuántica: hipótese de De Broglie, principio de indeterminación de Heisenberg. | ▪ B2.3. Explicar os conceptos básicos da mecánica cuántica: dualidade onda-corpúsculo e incerteza. | ▪ QUB2.3.1. Determina lonxitudes de onda asociadas a partículas en movemento para xustificar o comportamento ondulatorio dos electróns. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ QUB2.3.2. Xustifica o carácter probabilístico do estudo de partícu- | ▪ CMCCT |

DOG Diario Oficial de Galicia
DOG Núm. 120 Luns, 29 de xuño de 2015 Páx. 26304

| | Química. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | las atómicas a partir do principio de indeterminación de Heisenberg. | |
| ▪ e<br>▪ i | ▪ B2.5. Partículas subatómicas: orixe do Universo. | ▪ B2.4. Describir as características fundamentais das partículas subatómicas, diferenciando os tipos. | ▪ QUB2.4.1. Coñece as partículas subatómicas e os tipos de quarks presentes na natureza íntima da materia e na orixe primixenia do Universo, explicando as características e a clasificación destes. | ▪ CMCCT |
| ▪ i | ▪ B2.6. Clasificación dos elementos segundo a súa estrutura electrónica: sistema periódico. | ▪ B2.5. Establecer a configuración electrónica dun átomo en relación coa súa posición na táboa periódica. | ▪ QUB2.5.1. Determina a configuración electrónica dun átomo, coñecida a súa posición na táboa periódica e os números cuánticos posibles do electrón diferenciador. | ▪ CMCCT |
| ▪ i | ▪ B2.6. Clasificación dos elementos segundo a súa estrutura electrónica: sistema periódico. | ▪ B2.6. Identificar os números cuánticos para un electrón segundo no orbital en que se atope. | ▪ QUB2.6.1. Xustifica a reactividade dun elemento a partir da estrutura electrónica ou a súa posición na táboa periódica. | ▪ CMCCT |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B2.7. Propiedades dos elementos segundo a súa posición no sistema periódico: enerxía de ionización, afinidade electrónica, electronegatividade e raio atómico. | ▪ B2.7. Coñecer a estrutura básica do sistema periódico actual, definir as propiedades periódicas estudadas e describir a súa variación ao longo dun grupo ou período. | ▪ QUB2.7.1. Argumenta a variación do raio atómico, potencial de ionización, afinidade electrónica e electronegatividade en grupos e períodos, comparando as devanditas propiedades para elementos diferentes. | ▪ CMCCT |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B2.8. Enlace químico. | ▪ B2.8. Utilizar o modelo de enlace correspondente para explicar a formación de moléculas, de cristais e de estruturas macroscópicas, e deducir as súas propiedades. | ▪ QUB2.8.1. Xustifica a estabilidade das moléculas ou dos cristais formados empregando a regra do octeto ou baseándose nas interaccións dos electróns da capa de valencia para a formación dos enlaces. | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Química. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ i | ▪ B2.9. Enlace iónico.<br>▪ B2.10. Propiedades das substancias con enlace iónico. | ▪ B2.9. Construír ciclos enerxéticos do tipo Born-Haber para calcular a enerxía de rede, analizando de forma cualitativa a variación de enerxía de rede en diferentes compostos | ▪ QUB2.9.1. Aplica o ciclo de Born-Haber para o cálculo da enerxía reticular de cristais iónicos. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ QUB2.9.2. Compara a fortaleza do enlace en distintos compostos iónicos aplicando a fórmula de Born-Landé para considerar os factores dos que depende a enerxía reticular. | ▪ CMCCT |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B2.11. Enlace covalente.<br>▪ B2.12. Xeometría e polaridade das moléculas.<br>▪ B2.13. Teoría do enlace de valencia (TEV) e hibridación.<br>▪ B2.14. Teoría de repulsión de pares electrónicos da capa de valencia (TRPECV). | ▪ B2.10. Describir as características básicas do enlace covalente empregando diagramas de Lewis e utilizar a TEV para a súa descrición máis complexa. | ▪ QUB2.10.1. Determina a polaridade dunha molécula utilizando o modelo ou a teoría máis axeitados para explicar a súa xeometría. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ QUB2.10.2. Representa a xeometría molecular de distintas substancias covalentes aplicando a TEV e a TRPECV. | ▪ CMCCT |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B2.15. Propiedades das substancias con enlace covalente.<br>▪ B2.16. Enlaces presentes en substancias de interese biolóxico | ▪ B2.11. Empregar a teoría da hibridación para explicar o enlace covalente e a xeometría de distintas moléculas. | ▪ QUB2.11.1. Dálles sentido aos parámetros moleculares en compostos covalentes utilizando a teoría de hibridación para compostos inorgánicos e orgánicos. | ▪ CMCCT |
| ▪ d<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B2.17. Enlace metálico.<br>▪ B2.18. Propiedades dos metais. Aplicacións de supercondutores e semicondutores. | ▪ B2.12. Coñecer as propiedades dos metais empregando as diferentes teorías estudadas para a formación do enlace metálico. | ▪ QUB2.12.1. Explica a condutividade eléctrica e térmica mediante o modelo do gas electrónico, aplicándoo tamén a substancias semicondutoras e supercondutoras. | ▪ CMCCT |
| ▪ i | ▪ B2.18. Propiedades dos metais. Aplicacións de supercondutores e semicondutores.<br>▪ B2.19. Modelo do gas electrónico e | ▪ B2.13. Explicar a posible condutividade eléctrica dun metal empregando a teoría de bandas. | ▪ QUB2.13.1. Describe o comportamento dun elemento como illante, condutor ou semicondutor eléctrico, utilizando a teoría de bandas. | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Química. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | teoría de bandas. | | ▪ QUB2.13.2. Coñece e explica algunhas aplicacións dos semicondutores e supercondutores, e analiza a súa repercusión no avance tecnolóxico da sociedade. | ▪ CMCCT |
| ▪ i | ▪ B2.20. Natureza das forzas intermoleculares. | ▪ B2.14. Recoñecer os tipos de forzas intermoleculares e explicar como afectan as propiedades de determinados compostos en casos concretos. | ▪ QUB2.14.1. Xustifica a influencia das forzas intermoleculares para explicar como varían as propiedades específicas de diversas substancias en función das devanditas interaccións. | ▪ CMCCT |
| ▪ i | ▪ B2.9. Enlace iónico.<br>▪ B2.11. Enlace covalente.<br>▪ B2.20. Natureza das forzas intermoleculares. | ▪ B2.15. Diferenciar as forzas intramoleculares das intermoleculares en compostos iónicos ou covalentes. | ▪ QUB2.15.1. Compara a enerxía dos enlaces intramoleculares en relación coa enerxía correspondente ás forzas intermoleculares, xustificando o comportamento fisicoquímico das moléculas. | ▪ CMCCT |
| | Bloque 3. Reaccións químicas | | | |
| ▪ i | ▪ B3.1. Concepto de velocidade de reacción.<br>▪ B3.2. Teoría de colisións e do estado de transición. | ▪ B3.1. Definir velocidade dunha reacción e aplicar a teoría das colisións e do estado de transición utilizando o concepto de enerxía de activación. | ▪ QUB3.1.1. Obtén ecuacións cinéticas reflectindo as unidades das magnitudes que interveñen. | ▪ CMCCT |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B3.3. Factores que inflúen na velocidade das reaccións químicas.<br>▪ B3.4. Utilización de catalizadores en procesos industriais. | ▪ B3.2. Xustificar como a natureza e a concentración dos reactivos, a temperatura e a presenza de catalizadores modifican a velocidade de reacción. | ▪ QUB3.2.1. Predí a influencia dos factores que modifican a velocidade dunha reacción. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ QUB3.2.2. Explica o funcionamento dos catalizadores en relación con procesos industriais e a catálise encimática, analizando a súa repercusión no medio e na saúde. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |

| | Química. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ i | ▪ B3.5. Mecanismos de reacción. | ▪ B3.3. Coñecer que a velocidade dunha reacción química depende da etapa limitante segundo o seu mecanismo de reacción establecido. | ▪ QUB3.3.1. Deduce o proceso de control da velocidade dunha reacción química identificando a etapa limitante correspondente ao seu mecanismo de reacción. | ▪ CMCCT |
| ▪ i | ▪ B3.6. Equilibrio químico. Lei de acción de masas.<br>▪ B3.7. Constante de equilibrio: formas de expresala. | ▪ B3.4. Aplicar o concepto de equilibrio químico para predicir a evolución dun sistema. | ▪ QUB3.4.1. Interpreta o valor do cociente de reacción comparándoo coa constante de equilibrio, prevendo a evolución dunha reacción para alcanzar o equilibrio. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ QUB3.4.2. Comproba e interpreta experiencias de laboratorio onde se poñen de manifesto os factores que inflúen no desprazamento do equilibrio químico, en equilibrios homoxéneos e heteroxéneos. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| ▪ i | ▪ B3.7. Constante de equilibrio: formas de expresala. | ▪ B3.5. Expresar matematicamente a constante de equilibrio dun proceso no que interveñen gases, en función da concentración e das presións parciais. | ▪ QUB3.5.1. Acha o valor das constantes de equilibrio, Kc e Kp, para un equilibrio en diferentes situacións de presión, volume ou concentración. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ QUB3.5.2. Calcula as concentracións ou presións parciais das substancias presentes nun equilibrio químico empregando a lei de acción de masas, e deduce como evoluciona o equilibrio ao variar a cantidade de produto ou reactivo. | ▪ CMCCT |
| ▪ i | ▪ B3.8. Equilibrios con gases. | ▪ B3.6. Relacionar Kc e Kp en equilibrios con gases, interpretando o seu significado, e resolver problemas de equilibrios homoxéneos en | ▪ QUB3.6.1. Utiliza o grao de disociación aplicándoo ao cálculo de concentracións e constantes de equilibrio Kc e Kp. | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

DOG Diario Oficial de Galicia

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Química. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | reaccións gasosas. | | |
| ▪ i | ▪ B3.9. Equilibrios heteroxéneos: reaccións de precipitación. | ▪ B3.7. Resolver problemas de equilibrios heteroxéneos, con especial atención aos de disolución-precipitación. | ▪ QUB3.7.1. Relaciona a solubilidade e o produto de solubilidade aplicando a lei de Guldberg e Waage en equilibrios heteroxéneos sólido-líquido, e aplícao experimentalmente como método de separación e identificación de mesturas de sales disolvidos. | ▪ CMCCT |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B3.10. Factores que afectan o estado de equilibrio: principio de Le Chatelier. | ▪ B3.8. Aplicar o principio de Le Chatelier a distintos tipos de reaccións tendo en conta o efecto da temperatura, a presión, o volume e a concentración das substancias presentes, predicindo a evolución do sistema. | ▪ QUB3.8.1. Aplica o principio de Le Chatelier para predicir a evolución dun sistema en equilibrio ao modificar a temperatura, a presión, o volume ou a concentración que o definen, utilizando como exemplo a obtención industrial do amoníaco. | ▪ CMCCT |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B3.3. Factores que inflúen na velocidade das reaccións químicas.<br>▪ B3.4. Utilización de catalizadores en procesos industriais.<br>▪ B3.10. Factores que afectan o estado de equilibrio: principio de Le Chatelier.<br>▪ B3.11. Aplicacións e importancia do equilibrio químico en procesos industriais e en situacións da vida cotiá. | ▪ B3.9. Valorar a importancia do principio de Le Chatelier en diversos procesos industriais. | ▪ QUB3.9.1. Analiza os factores cinéticos e termodinámicos que inflúen nas velocidades de reacción e na evolución dos equilibrios para optimizar a obtención de compostos de interese industrial, como por exemplo o amoníaco. | ▪ CMCCT |
| ▪ i | ▪ B3.9. Equilibrios heteroxéneos: reaccións de precipitación.<br>▪ B3.10. Factores que afectan o estado de equilibrio: principio de Le Chatelier. | ▪ B3.10. Explicar como varía a solubilidade dun sal polo efecto dun ión común. | ▪ QUB3.10.1. Calcula a solubilidade dun sal interpretando como se modifica ao engadir un ión común, e verifícao experimentalmente nalgúns casos concretos. | ▪ CMCCT |

| | Química. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ i | ▪ B3.12. Concepto de ácido-base.<br>▪ B313. Teoría de Brönsted-Lowry. | ▪ B3.11. Aplicar a teoría de Brönsted para recoñecer as substancias que poden actuar como ácidos ou bases. | ▪ QUB3.11.1. Xustifica o comportamento ácido ou básico dun composto aplicando a teoría de Brönsted-Lowry dos pares de ácido-base conxugados. | ▪ CMCCT |
| ▪ i | ▪ B3.14. Forza relativa dos ácidos e bases; grao de ionización.<br>▪ B3.15. Equilibrio iónico da auga.<br>▪ B3.16. Concepto de pH. Importancia do pH a nivel biolóxico.<br>▪ B3.17. Estudo cualitativo das disolucións reguladoras de pH. | ▪ B3.12. Determinar o valor do pH de distintos tipos de ácidos e bases. | ▪ QUB3.12.1. Identifica o carácter ácido, básico ou neutro, e a fortaleza ácido-base de distintas disolucións segundo o tipo de composto disolvido nelas, e determina teoricamente e experimentalmente o valor do pH destas. | ▪ CMCCT |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B3.18. Equilibrio ácido-base<br>▪ B3.19. Volumetrías de neutralización ácido-base. | ▪ B3.13. Explicar as reaccións ácido-base e a importancia dalgunha delas, así como as súas aplicacións prácticas. | ▪ QUB3.13.1. Describe o procedemento para realizar unha volumetría ácido-base dunha disolución de concentración descoñecida, realizando os cálculos necesarios. | ▪ CMCCT |
| ▪ i | ▪ B3.20. Estudo cualitativo da hidrólise de sales. | ▪ B3.14. Xustificar o pH resultante na hidrólise dun sal. | ▪ QUB3.14.1. Predí o comportamento ácido-base dun sal disolvido en auga aplicando o concepto de hidrólise, e escribr os procesos intermedios e os equilibrios que teñen lugar. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| ▪ i | ▪ B3.19. Volumetrías de neutralización ácido-base. | ▪ B3.15. Utilizar os cálculos estequiométricos necesarios para levar a cabo unha reacción de neutralización ou volumetría ácido-base. | ▪ QUB3.15.1. Determina a concentración dun ácido ou unha base valorándoa con outra de concentración coñecida, establecendo o punto de equivalencia da neutralización mediante o emprego de indicadores ácido-base (faino no laboratorio no caso de ácidos e bases fortes). | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Química. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B3.21. Ácidos e bases relevantes a nivel industrial e de consumo. Problemas ambientais. | ▪ B3.16. Coñecer as aplicacións dos ácidos e das bases na vida cotiá (produtos de limpeza, cosmética, etc.). | ▪ QUB3.16.1. Recoñece a acción dalgúns produtos de uso cotián como consecuencia do seu comportamento químico ácido-base. | ▪ CMCCT |
| ▪ i | ▪ B3.22. Equilibrio redox.<br>▪ B3.23. Concepto de oxidación-redución. Oxidantes e redutores. Número de oxidación. | ▪ B3.17. Determinar o número de oxidación dun elemento químico identificando se se oxida ou reduce nunha reacción química. | ▪ QUB3.17.1. Define oxidación e redución en relación coa variación do número de oxidación dun átomo en substancias oxidantes e redutoras. | ▪ CMCCT |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B3.24. Axuste redox polo método do ión-electrón. Estequiometría das reaccións redox. | ▪ B3.18. Axustar reaccións de oxidación-redución utilizando o método do ión-electrón e facer os cálculos estequiométricos correspondentes. | ▪ QUB3.18.1. Identifica reaccións de oxidación-redución empregando o método do ión-electrón para axustalas. | ▪ CMCCT |
| ▪ i | ▪ B3.25. Potencial de redución estándar. | ▪ B3.19. Comprender o significado de potencial estándar de redución dun par redox, utilizándoo para predicir a espontaneidade dun proceso entre dous pares redox. | ▪ QUB3.19.1. Relaciona a espontaneidade dun proceso redox coa variación de enerxía de Gibbs, considerando o valor da forza electromotriz obtida. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ QUB3.19.2. Deseña unha pila coñecendo os potenciais estándar de redución, utilizándoos para calcular o potencial xerado formulando as semirreacións redox correspondentes, e constrúe unha pila Daniell. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ QUB3.19.3. Analiza un proceso de oxidación-redución coa xeración de corrente eléctrica representando unha célula galvánica. | ▪ CMCCT |
| ▪ i | ▪ B3.26. Volumetrías redox. | ▪ B3.20. Realizar cálculos estequiométricos necesarios para aplicar ás volumetrías redox. | ▪ QUB3.20.1. Describe o procedemento para realizar unha volumetría redox, realizando os cálculos | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Química. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | estequiométricos correspondentes. | |
| ▪ i | ▪ B3.27. Leis de Faraday da electrólise. | ▪ B3.21. Determinar a cantidade de substancia depositada nos eléctrodos dunha cuba electrolítica empregando as leis de Faraday. | ▪ QUB3.21.1. Aplica as leis de Faraday a un proceso electrolítico determinando a cantidade de materia depositada nun eléctrodo ou o tempo que tarda en facelo, e comprobao experimentalmente nalgún proceso dado. | ▪ CMCCT |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B3.28. Aplicacións e repercusións das reaccións de oxidación redución: baterías eléctricas, pilas de combustible e prevención da corrosión de metais. | ▪ B3.22. Coñecer algunhas das aplicacións da electrólises como a prevención da corrosión, a fabricación de pilas de distintos tipos (galvánicas, alcalinas e de combustible) e a obtención de elementos puros. | ▪ QUB3.22.1. Representa os procesos que teñen lugar nunha pila de combustible, escribindo as semirreaccións redox e indicando as vantaxes e os inconvenientes do uso destas pilas fronte ás convencionais. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ QUB3.22.2. Xustifica as vantaxes da anodización e a galvanoplastia na protección de obxectos metálicos. | ▪ CMCCT |
| | Bloque 4. Síntese orgánica e novos materiais | | | |
| ▪ i | ▪ B4.1. Estudo de funcións orgánicas. | ▪ B4.1. Recoñecer os compostos orgánicos, segundo a función que os caracteriza. | ▪ QUB4.1.1. Relaciona a forma de hibridación do átomo de carbono co tipo de enlace en diferentes compostos representando graficamente moléculas orgánicas sinxelas. | ▪ CMCCT |
| ▪ i | ▪ B4.2. Nomenclatura e formulación orgánica segundo as normas da IUPAC.<br>▪ B4.3. Funcións orgánicas de interese: osixenadas e nitroxenadas, derivados haloxenados, tiois e peráci- | ▪ B4.2. Formular compostos orgánicos sinxelos con varias funcións. | ▪ QUB4.2.1. Diferencia, nomea e formula hidrocarburos e compostos orgánicos que posúen varios grupos funcionais. | ▪ CMCCT |

| | Química. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | dos. Compostos orgánicos polifuncionais. | | | |
| ▪ i | ▪ B4.4. Tipos de isomería. | ▪ B4.3. Representar isómeros a partir dunha fórmula molecular dada. | ▪ QUB4.3.1. Distingue os tipos de isomería representando, formulando e nomeando os posibles isómeros, dada unha fórmula molecular. | ▪ CMCCT |
| ▪ i | ▪ B4.5. Tipos de reaccións orgánicas. | ▪ B4.4. Identificar os principais tipos de reaccións orgánicas: substitución, adición, eliminación, condensación e redox. | ▪ QUB4.4.1. Identifica e explica os principais tipos de reaccións orgánicas (substitución, adición, eliminación, condensación e redox), predicindo os produtos, se é necesario. | ▪ CMCCT |
| ▪ i | ▪ B4.5. Tipos de reaccións orgánicas. | ▪ B4.5. Escribir e axustar reaccións de obtención ou transformación de compostos orgánicos en función do grupo funcional presente. | ▪ QUB4.5.1. Desenvolve a secuencia de reaccións necesarias para obter un composto orgánico determinado a partir de outro con distinto grupo funcional, aplicando a regra de Markovnikov ou de Saytzeff para a formación de distintos isómeros. | ▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B4.6. Importancia da química do carbono no desenvolvemento da sociedade do benestar.<br>▪ B4.7. Principais compostos orgánicos de interese biolóxico e industrial: materiais polímeros e medicamentos. | ▪ B4.6. Valorar a importancia da química orgánica vinculada a outras áreas de coñecemento e ao interese social. | ▪ QUB4.6.1. Relaciona os grupos funcionais e as estruturas principais con compostos sinxelos de interese biolóxico. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| ▪ i | ▪ B4.8. Macromoléculas. | ▪ B4.7. Determinar as características máis importantes das macromoléculas. | ▪ QUB4.7.1. Recoñece macromoléculas de orixe natural e sintética. | ▪ CMCCT |
| ▪ i | ▪ B4.9. Polímeros. | ▪ B4.8. Representar a fórmula dun polímero a partir dos seus monó- | ▪ QUB4.8.1. A partir dun monómero, deseña o polímero correspondente | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Química. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | meros, e viceversa. | e explica o proceso que tivo lugar. | |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B4.10. Reaccións de polimerización.<br>▪ B4.11. Polímeros de orixe natural e sintética: propiedades. | ▪ B4.9. Describir os mecanismos máis sinxelos de polimerización e as propiedades dalgúns dos principais polímeros de interese industrial. | ▪ QUB4.9.1. Utiliza as reaccións de polimerización para a obtención de compostos de interese industrial como polietileno, PVC, poliestireno, caucho, poliamidas e poliésteres, poliuretanos e baquelita. | ▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B4.7. Principais compostos orgánicos de interese biolóxico e industrial: materiais polímeros e medicamentos. | ▪ B4.10. Coñecer as propiedades e a obtención dalgúns compostos de interese en biomedicina e, en xeral, nas ramas da industria. | ▪ QUB4.10.1. Identifica substancias e derivados orgánicos que se utilizan como principios activos de medicamentos, cosméticos e biomateriais, e valora a repercusión na calidade de vida. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| ▪ b<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B4.12. Fabricación de materiais plásticos e as súas transformacións: impacto ambiental. | ▪ B4.11. Distinguir as principais aplicacións dos materiais polímeros, segundo a súa utilización en distintos ámbitos. | ▪ QUB4.11.1. Describe as principais aplicacións dos materiais polímeros de alto interese tecnolóxico e biolóxico (adhesivos e revestimentos, resinas, tecidos, pinturas, próteses, lentes, etc.), en relación coas vantaxes e as desvantaxes do seu uso segundo as propiedades que o caracterizan. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| ▪ b<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B4.6. Importancia da química do carbono no desenvolvemento da sociedade do benestar. | ▪ B4.12. Valorar a utilización das substancias orgánicas no desenvolvemento da sociedade actual e os problemas ambientais que se poden derivar. | ▪ QUB4.12.1. Recoñece as utilidades que os compostos orgánicos teñen en sectores como a alimentación, a agricultura, a biomedicina, a enxeñaría de materiais e a enerxía, fronte ás posibles desvantaxes que leva consigo o seu desenvolvemento. | ▪ CCEC<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



## Tecnoloxía

### Introdución

A tecnoloxía desenvolve un papel fundamental na sociedade actual, porque proporciona un conxunto de coñecementos e de técnicas que permiten satisfacer as necesidades individuais e colectivas. Neste sentido, a tecnoloxía proporciónalle ao currículo a capacidade de analizar e redeseñar a relación entre dispositivos tecnolóxicos e necesidades sociais, ámbito no que a innovación e a condición de inmediato que lle son propias dotan esta materia dunha grande relevancia educativa. Na resolución de problemas tecnolóxicos conxúganse, ademais da innovación, elementos como o traballo en equipo ou o carácter emprendedor, que son imprescindibles para formar unha cidadanía autónoma e competente. Ademais, o coñecemento da tecnoloxía proporciona unha imprescindible perspectiva científico-tecnolóxica sobre a necesidade de construír unha sociedade sustentable formada por unha cidadanía crítica con respecto ao que acontece arredor.

A materia de Tecnoloxía trata de lograr os seus fins abordando un amplo conxunto de temas no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria. O bloque de "Tecnoloxías da información e da comunicación" desenvolve os aspectos relativos á comunicación con fíos e sen eles, e ao tratamento, a almacenaxe e a transmisión da información. O bloque de "Instalacións en vivendas" presenta os tipos de instalacións, os seus compoñentes, o seu funcionamento e os hábitos de consumo para o aforro enerxético. O bloque de "Electrónica" é imprescindible nun contexto tecnolóxico que avanza a grande velocidade debido ao uso de dispositivos electrónicos cada vez maior. O titulado "Control e robótica" presenta análises e montaxes sinxelas de sistemas automáticos onde, a partir da información das condicións do contorno, un dispositivo sexa capaz de producir (ou simular) as actuacións programadas. O bloque de "Pneumática e hidráulica" desenvolve os compoñentes e os tipos de circuítos pneumáticos e hidráulicos, intimamente relacionados cos bloques de control e electrónica. E finalmente, no bloque de "Tecnoloxía e sociedade" trátase de reflexionar sobre os avances tecnolóxicos ao longo da historia, e sobre as súas consecuencias.

No conxunto dos bloques desta materia, en resumo, intégranse coñecementos de carácter matemático e científico, polo que un enfoque interdisciplinar favorecerá a conexión con outras materias e mesmo con diversos temas de actualidade.

Desde o punto de vista metodolóxico, o ensino desta materia require que se realicen proxectos nos que se traballe en equipo para resolver problemas tecnolóxicos que permitan explorar e formalizar o deseño, a produción, a ava-

DOG Diario Oficial de Galicia
DOG Núm. 120 Luns, 29 de xuño de 2015 Páx. 26315

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

liación ou a mellora de produtos relevantes desde o punto de vista tecnolóxico e social. Trátase de aprender a identificar e a seleccionar solucións aos problemas técnicos, a realizar cálculos e estimacións, e a planificar a realización de actividades de deseño, de montaxe e de verificación das características dos prototipos, contextos de aprendizaxe nos que son importantes a iniciativa, a colaboración e o respecto polas normas de seguridade, e nos que as tecnoloxías da información e da comunicación son ferramentas imprescindibles para a procura de información, para a elaboración de documentos ou de planos, para a realización de simulacións e de cálculos técnicos e económicos, e para a presentación ou a publicación de resultados.

No ensino da tecnoloxía resulta, xa que logo, adecuado reflexionar e traballar en grupo procurando solucións a problemas nos que se poidan aplicar os coñecementos adquiridos, e buscar información adicional, se se require, para fomentar o espírito emprendedor.

A contribución da materia de Tecnoloxía ao desenvolvemento das competencias clave dependerá en grande medida do tipo de actividades seleccionadas, é dicir, da metodoloxía empregada. Neste sentido, a comunicación lingüística desenvolverase na medida en que o alumnado adquira e utilice adecuadamente vocabulario tecnolóxico, elabore informes técnicos, explique conceptos ou elabore e expoña información. A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, competencias específicas desta materia, poden alcanzarse calculando magnitudes e parámetros, e aplicando técnicas de medición e de análise gráfica no contexto do proceso de resolución técnica de problemas, ou construíndo obxectos e verificando o seu funcionamento, competencias que tamén se favorecen utilizando ferramentas e máquinas, analizando procesos e sistemas tecnolóxicos ou mediante a análise e a valoración das repercusións ambientais da actividade tecnolóxica. A competencia dixital desenvolverase co emprego constante das tecnoloxías da información e da comunicación para procurar e almacenar información, para obter e presentar datos e para simular circuítos, sistemas e procesos tecnolóxicos, ou para controlar e programar sistemas automáticos.

Para que o alumnado poida aprender a aprender, as actividades deben permitir que tome decisións cun certo grao de autonomía, que organice o proceso da propia aprendizaxe e que aplique o aprendido a situacións cotiás das que poida avaliar os resultados. Da mesma forma, as competencias sociais e cívicas alcanzarase procurando que o alumnado traballe en equipo, interactúe con outras persoas e outros grupos de forma democrática e respecte a diversidade e as normas, e tamén mediante a análise da interacción entre o desenvolvemento tecnolóxico e os cambios socioeconómicos e culturais que produce.

O sentido de iniciativa e espírito emprendedor conséguese nesta materia a través do deseño, a planificación e a xestión de proxectos tecnolóxicos, ao transformar as ideas propias en dispositivos, circuítos ou sistemas. E a con-

DOG Núm. 120 Luns, 29 de xuño de 2015 Páx. 26316
Diario Oficial de Galicia

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

ciencia e as expresións culturais reflíctense na análise da influencia dos fitos tecnolóxicos nas distintas culturas e no seu desenvolvemento e progreso.

En función da vixencia e da utilidade dos aspectos que trata a tecnoloxía, esta materia ofrece, sen dúbida, un inmenso potencial para axudar a comprender o contexto social e tecnolóxico, e para desenvolver un conxunto de competencias relacionadas tanto co contexto profesional como coa participación cidadá e co desenvolvemento persoal.

4º de ESO

| | Tecnoloxía. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Tecnoloxías da información e da comunicación | | | |
| ▪ e<br>▪ h<br>▪ o | ▪ B1.1. Elementos e dispositivos de comunicación con fíos e sen eles.<br>▪ B1.2. Tipoloxía de redes. | ▪ B1.1. Analizar os elementos e os sistemas que configuran a comunicación con fíos e sen eles. | ▪ TEB1.1.1. Describe os elementos e os sistemas fundamentais que se utilizan na comunicación con fíos e sen eles. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ TEB1.1.2. Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ h<br>▪ o | ▪ B1.3. Publicación e intercambio de información en medios dixitais. | ▪ B1.2. Acceder a servizos de intercambio e publicación de información dixital con criterios de seguridade e uso responsable. | ▪ TEB1.2.1. Localiza, intercambia e publica información a través de internet empregando servizos de localización, comunicación intergrupal e xestores de transmisión de son, imaxe e datos. | ▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ TEB1.2.2. Coñece as medidas de seguridade aplicables a cada situación de risco. | ▪ CD<br>▪ CSC |
| ▪ b | ▪ B1.4. Conceptos básicos e introdución ás linguaxes de programación. | ▪ B1.3. Elaborar programas informáticos sinxelos. | ▪ TEB1.3.1. Desenvolve un programa informático sinxelo para resol- | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Tecnoloxía. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ e<br>▪ f | | | ver problemas, utilizando unha linguaxe de programación. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CD |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f | ▪ B1.5. Uso de computadores e outros sistemas de intercambio de información. | ▪ B1.4. Utilizar equipamentos informáticos. | ▪ TEB1.4.1. Utiliza o computador como ferramenta de adquisición e interpretación de datos, e como realimentación doutros procesos cos datos obtidos. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| | Bloque 2. Instalacións en vivendas | | | |
| ▪ f<br>▪ g | ▪ B2.1. Instalacións características: eléctrica, de auga sanitaria e de saneamento.<br>▪ B2.2. Outras instalacións: calefacción, gas, aire acondicionado e domótica. | ▪ B2.1. Describir os elementos que compoñen as instalacións dunha vivenda e as normas que regulan o seu deseño e a súa utilización. | ▪ TEB2.1.1. Diferencia as instalacións típicas nunha vivenda. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| | | | ▪ TEB2.1.2. Describe os elementos que compoñen as instalacións dunha vivenda. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B2.3. Normativa, simboloxía, análise e montaxe de instalacións básicas.<br>▪ B2.4. Aforro enerxético nunha vivenda. Arquitectura bioclimática. | ▪ B2.2. Realizar deseños sinxelos empregando a simboloxía axeitada. | ▪ TEB2.2.1. Interpreta e manexa simboloxía de instalacións eléctricas, calefacción, subministración de auga e saneamento, aire acondicionado e gas. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| | | | ▪ TEB2.2.2. Deseña con axuda de software unha instalacións para unha vivenda tipo con criterios de eficiencia enerxética. | ▪ CMCC<br>▪ CD<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ g<br>▪ f<br>▪ m | ▪ B2.3. Normativa, simboloxía, análise e montaxe de instalacións básicas.<br>▪ B2.4. Aforro enerxético nunha vivenda. Arquitectura bioclimática. | ▪ B2.3. Experimentar coa montaxe de circuítos básicos e valorar as condicións que contribúen ao aforro enerxético. | ▪ TEB2.3.1. Realiza montaxes sinxelos e experimenta e analiza o seu funcionamento. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Tecnoloxía. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ a<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m | ▪ B2.4. Aforro enerxético nunha vivenda. Arquitectura bioclimática. | ▪ B2.4. Avaliar a contribución da arquitectura da vivenda, das súas instalacións e dos hábitos de consumo ao aforro enerxético. | ▪ TEB2.4.1. Propón medidas de redución do consumo enerxético dunha vivenda. | ▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 3. Electrónica | | | |
| ▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ o | ▪ B3.1. Electrónica analóxica.<br>▪ B3.2. Compoñentes básicos.<br>▪ B3.3. Simboloxía e análise de circuítos elementais. | ▪ B3.1. Analizar e describir o funcionamento e a aplicación dun circuíto electrónico e os seus compoñentes elementais. | ▪ TEB3.1.1. Describe o funcionamento dun circuíto electrónico formado por compoñentes elementais. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ TEB3.1.2. Explica as características e as funcións de compoñentes básicos: resistor, condensador, díodo e transistor. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| ▪ e<br>▪ f | ▪ B3.3. Simboloxía e análise de circuítos elementais.<br>▪ B3.4. Uso de simuladores para analizar o comportamento dos circuítos electrónicos. | ▪ B3.2. Empregar simuladores que faciliten o deseño e permitan a práctica coa simboloxía normalizada. | ▪ TEB3.2.1. Emprega simuladores para o deseño e a análise de circuítos analóxicos básicos, utilizando simboloxía axeitada. | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B3.5. Montaxe de circuítos sinxelos. | ▪ B3.3. Experimentar coa montaxe de circuítos elementais e aplicalos no proceso tecnolóxico. | ▪ TEB3.3.1. Realiza a montaxe de circuítos electrónicos básicos deseñados previamente. | ▪ CMCCT |
| ▪ f<br>▪ g | ▪ B3.6. Electrónica dixital.<br>▪ B3.7. Aplicación da álxebra de Boole a problemas tecnolóxicos básicos. | ▪ B3.4. Realizar operacións lóxicas empregando a álxebra de Boole na resolución de problemas tecnolóxicos sinxelos. | ▪ TEB3.4.1. Realiza operacións lóxicas empregando a álxebra de Boole. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ TEB3.4.2. Relaciona formulacións lóxicas con procesos técnicos. | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE<br>▪ CAA |
| ▪ f | ▪ B3.8. Portas lóxicas. | ▪ B3.5. Resolver mediante portas lóxi- | ▪ TEB3.5.1. Resolve mediante portas | ▪ CMCCT |

| | Tecnoloxía. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ g | | cas problemas tecnolóxicos sinxelos. | lóxicas problemas tecnolóxicos sinxelos. | ▪ CSIEE<br>▪ CAA |
| | Bloque 4. Control e robótica | | | |
| ▪ f<br>▪ g | ▪ B4.1. Sistemas automáticos; compoñentes característicos de dispositivos de control. | ▪ B4.1. Analizar sistemas automáticos e describir os seus compoñentes | ▪ TEB4.1.1. Describe os compoñentes dos sistemas automáticos. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ TEB4.1.2. Analiza o funcionamento de automatismos en dispositivos técnicos habituais, diferenciando entre lazo aberto e pechado. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ f<br>▪ g | ▪ B4.2. Deseño e construción de robots.<br>▪ B4.3. Graos de liberdade.<br>▪ B4.4. Características técnicas. | ▪ B4.2. Montar automatismos sinxelos. | ▪ TEB4.2.1. Representa e monta automatismos sinxelos. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ e<br>▪ g | ▪ B4.5. O computador como elemento de programación e control.<br>▪ B4.6. Linguaxes básicas de programación.<br>▪ B4.7. Aplicación de tarxetas controladoras na experimentación con prototipos deseñados. | ▪ B4.3. Desenvolver un programa para controlar un sistema automático ou un robot e o seu funcionamento de forma autónoma. | ▪ TEB4.3.1. Desenvolve un programa para controlar un sistema automático ou un robot que funcione de forma autónoma en función da realimentación que recibe do contorno. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 5. Neumática e hidráulica | | | |
| ▪ f<br>▪ h<br>▪ o | ▪ B5.1. Análise de sistemas hidráulicos e pneumáticos.<br>▪ B5.2. Compoñentes. | ▪ B5.1. Coñecer as principais aplicacións das tecnoloxías hidráulica e pneumática. | ▪ TEB5.1.1. Describe as principais aplicacións das tecnoloxías hidráulica e pneumática. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| ▪ f<br>▪ h | ▪ B5.3. Principios físicos de funcionamento. | ▪ B5.2. Identificar e describir as características e o funcionamento deste tipo de sistemas. | ▪ TEB5.2.1. Identifica e describe as características e o funcionamento deste tipo de sistemas. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia
DOG Diario Oficial de Galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Tecnoloxía. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ o | | | | |
| ▪ f | ▪ B5.4. Simboloxía. | ▪ B5.3. Coñecer e manexar con soltura a simboloxía necesaria para representar circuítos. | ▪ TEB5.3.1. Emprega a simboloxía e a nomenclatura para representar circuítos que resolvan un problema tecnolóxico. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ e<br>▪ g | ▪ B5.5. Uso de simuladores no deseño de circuítos básicos.<br>▪ B5.6. Aplicación en sistemas industriais. | ▪ B5.4. Experimentar con dispositivos pneumáticos ou simuladores informáticos. | ▪ TEB5.4.1. Realiza montaxes de circuítos sinxelos pneumáticos ou hidráulicos con compoñentes reais ou mediante simulación. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 6. Tecnoloxía e sociedade | | | |
| ▪ g<br>▪ m | ▪ B6.1. O desenvolvemento tecnolóxico ao longo da historia. | ▪ B6.1. Coñecer a evolución tecnolóxica ao longo da historia. | ▪ TEB6.1.1. Identifica os cambios tecnolóxicos máis importantes que se produciron ao longo da historia da humanidade. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CSC |
| ▪ l<br>▪ n | ▪ B6.2. Análise da evolución de obxectos técnicos e tecnolóxicos. Importancia da normalización nos produtos industriais. | ▪ B6.2. Analizar obxectos técnicos e tecnolóxicos mediante a análise de obxectos. | ▪ TEB6.2.1. Analiza obxectos técnicos e a súa relación co contorno, interpretando a súa función histórica e a evolución tecnolóxica. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ f<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B6.3. Aproveitamento de materias primas e recursos naturais.<br>▪ B6.4. Adquisición de hábitos que potencien o desenvolvemento sustentable. | ▪ B6.3. Valorar a repercusión da tecnoloxía no día a día. | ▪ TEB6.3.1. Elabora xuízos de valor fronte ao desenvolvemento tecnolóxico a partir da análise de obxectos, relacionado inventos e descubertas co contexto en que se desenvolven. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ TEB6.3.2. Interpreta as modificacións tecnolóxicas, económicas e | ▪ CCL |

| | Tecnoloxía. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | sociais en cada período histórico, axudándose de documentación escrita e dixital. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia
DOG Diario Oficial de Galicia
DOG Núm. 120 Luns, 29 de xuño de 2015 Páx. 26322

## Xeografía e Historia

### Introdución

O coñecemento da sociedade, a súa organización e o seu funcionamento ao longo do tempo, é esencial para poder entender o mundo actual. Coñecer o espazo onde se desenvolven as sociedades, os recursos naturais e o uso que se lles deu achéganos datos sobre o pasado e permítenos anticipar algúns dos problemas do futuro.

As disciplinas de Xeografía e Historia son dous importantes eixes vertebradores para o coñecemento da sociedade, xa que abranguen a realidade humana e social desde unha perspectiva global e integradora, e ofrecen unha maior capacidade para a estruturación dos feitos sociais. Malia isto, a sociedade actual, cada vez máis complexa, require a intervención doutras disciplinas como a economía, a socioloxía, a ecoloxía ou a historia da arte, que achegan análises diferentes e complementarias, para a mellor comprensión da realidade social.

En ESO, a materia de Xeografía e Historia pretende afondar nos coñecementos adquiridos polo alumnado na educación primaria; favorecer a comprensión dos acontecementos, os procesos e os fenómenos sociais no contexto en que se producen, tendo sempre en consideración as escalas de estudo (o mundo, Europa, España e Galicia); analizar os procesos que dan lugar aos cambios históricos e seguir adquirindo as competencias necesarias para comprender a realidade do mundo en que viven, as experiencias colectivas pasadas e presentes, a súa orientación no futuro, así como o espazo en que se desenvolve a vida en sociedade.

A achega da materia de Xeografía e Historia ao desenvolvemento das competencias chave é moi salientable. Deste xeito, poderiamos dicir que a través da materia se desenvolven competencias que na práctica funcionan como propias (as competencias sociais e cívicas, en relación con contidos propios tanto de Historia como de Xeografía, e a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, en Xeografía); a competencia de conciencia e expresións culturais ten unha presenza destacada pola relación que o estudo das manifestacións artísticas e a evolución do pensamento e da cultura teñen na historia, e de maneira específica na historia da arte. A importancia que a materia ten para o desenvolvemento da competencia de sentido da iniciativa e espírito emprendedor evidénciase na dimensión conceptual desa competencia posta en relación con coñecementos de xeografía e historia económicas, pero tamén na dimensión máis procedemental dela.

O desenvolvemento das competencias de comunicación lingüística e dixital, e de aprender a aprender, impregnan todo o currículo de Xeografía e Historia, pois presentan unha dimensión instrumental que nos obriga a telas presentes ao longo dos catro cursos de ESO.

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

A Xeografía organízase, no primeiro ciclo, nos bloques titulados "O medio físico" e "O espazo humano", e en cuarto curso céntrase na globalización.

A Historia estuda as sociedades ao longo do tempo, seguindo un criterio cronolóxico ao longo dos dous ciclos de ESO.

Na secuencia dos tres primeiros cursos de ESO tivéronse en especial consideración dous factores: por unha banda procurouse unha repartición o máis equilibrada posible entre a Xeografía e a Historia nos tres cursos e, por outra, intentouse secuenciar do xeral ao particular, traballando nos primeiros cursos con contidos máis globalizados e incrementando o nivel de complexidade á medida que se avanza na etapa. Dese xeito, procúrase ir da identificación e da localización dos primeiros cursos en xeografía cara a realización de tarefas máis elaboradas no remate da etapa. A Historia recibe un tratamento semellante, pois os contidos cos que o alumnado traballará nos primeiros cursos presentan un enfoque máis xeral, que abrangue o devir humano ata o século XVIII e deixa o derradeiro curso da etapa para o estudo da historia contemporánea. En todo caso, a evolución histórica dos dereitos da muller ata a actualidade debe formar parte do desenvolvemento curricular a aplicar na aula.

Deberase ter en conta o traballo de todos os elementos transversais do currículo cando cumpra. Neste sentido, merecen unha mención especial a educación cívica, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, e o traballo con tecnoloxías da información e da comunicación. A materia de Xeografía e Historia é un vehículo adecuado para animar ao emprendemento. Ademais, o desenvolvemento sustentable e o medio, os riscos de explotación e o abuso e maltrato son ineludibles.

O tratamento metodolóxico da materia débese axustar ao nivel competencial inicial do alumnado, partindo cando cumpra de aprendizaxes máis simples, respectando ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade. Xeografía e Historia permite desenvolver metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo e a aprendizaxe por proxectos estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de xeito especial as tecnoloxías da información e da comunicación e cun enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas. É moi importante ter presente o papel do/da docente como orientador/a, promotor/a e facilitador/a do desenvolvemento competencial do alumnado, e non esquecer a adecuada coordinación entre docentes.

1º de ESO

| | Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 1º curso | |
|---|---|---|

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|
| | Bloque 1. O medio físico | | | |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B1.1. A Terra: a Terra no Sistema Solar. | ▪ B1.1. Coñecer o Sistema Solar e establecer as relacións entre os movementos da terra e a existencia das estacións e do día e da noite, e comprender a súa importancia na distribución dos climas e da Biota. | ▪ XHB1.1.1. Interpreta como inflúen os movementos astronómicos na distribución da radiación solar e nas zonas bioclimáticas do planeta. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB1.1.2. Analiza un mapa de fusos horarios e diferencia zonas do planeta de similares horas. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B1.2. Representación da Terra. Escala e linguaxe cartográfica. | ▪ B1.2. Identificar e distinguir os sistemas de representación cartográfica, en soporte analóxico e dixital, e as súas escalas | ▪ XHB1.2.1. Clasifica e distingue proxeccións, e compara unha proxección de Mercator con unha de Peters. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B1.3. Proxeccións e sistemas de coordenadas. Imaxes de satélite e os seus principais usos. | ▪ B1.3. Analizar e identificar o mapa, e coñecer as imaxes de satélite e os seus usos principais. | ▪ XHB1.3.1. Clasifica e distingue tipos de imaxes de satélite e mapas. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B1.4. Localización. Latitude e lonxitude. | ▪ B1.4. Localizar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou imaxe de satélite, utilizando datos de coordenadas xeográficas. | ▪ XHB1.4.1. Localiza un punto xeográfico nun planisferio e distingue os hemisferios da Terra e as súas principais características. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB1.4.2. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa, utilizando datos de coordenadas xeográficas. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B1.5. Trazos principais do relevo do mundo. Clima: elementos e factores. Diversidade climática no planeta. | ▪ B1.5. Localizar no mapamundi físico as principais unidades do relevo mundiais, os grandes ríos e as grandes zonas climáticas, e identificar as súas características. | ▪ XHB1.5.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo europeo e mundial. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 1º curso | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B1.6. Medio físico do mundo e de Europa: relevo e hidrografía. | ▪ B1.6. Ter unha visión global do medio físico europeo e mundial, e das súas características xerais. | ▪ XHB1.6.1. Localiza nun mapa físico mundial os elementos e as referencias físicas principais: mares e océanos, continentes, illas e arquipélagos máis importantes, ríos e cadeas montañosas principais. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHB1.6.2. Elabora climogramas e mapas que sitúen os climas do mundo e reflictan os elementos máis importantes. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m | ▪ B1.7. Medio natural europeo: principais trazos. | ▪ B1.7. Ser capaz de describir as peculiaridades do medio físico europeo. | ▪ XHB1.7.1. Explica as características xerais do relevo europeo. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B1.8. Unidades do relevo do espazo xeográfico europeo. | ▪ B1.8. Situar no mapa de Europa as unidades e os elementos principais do relevo continental. | ▪ XHB1.8.1. Localiza no mapa as unidades e os elementos principais do relevo europeo. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ h<br>▪ m | ▪ B1.9. Conxuntos bioclimáticos do espazo xeográfico europeo. | ▪ B1.9. Coñecer, comparar e describir os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico europeo. | ▪ XHB1.9.1. Clasifica e localiza nun mapa os tipos de clima de Europa. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHB1.9.2. Distingue e localiza nun mapa as zonas bioclimáticas do noso continente. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

DOG Diario Oficial de Galicia

| | Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 1º curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ m | ▪ B1.10. Diversidade de espazos naturais europeos. | ▪ B1.10. Coñecer os principais espazos naturais do noso continente. | ▪ XHB1.10.1. Localiza nun mapa e en imaxes de satélite de Europa os principais espazos naturais. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m | ▪ B1.11. Medio natural: áreas e problemas ambientais. | ▪ B1.11. Coñecer, describir e valorar a acción do ser humano sobre o ambiente e as súas consecuencias. | ▪ B1.11.1. Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| | Bloque 3. A Historia | | | |
| ▪ g<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B3.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia. | ▪ B3.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles. | ▪ XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ g<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B3.2. Fontes históricas. | ▪ B3.2. Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explicar diferenzas entre interpretacións de fontes diversas. | ▪ XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas. | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ XHB3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, sexan estas restos materiais ou textuais. | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ XHB3.2.3. Compara dous relatos a distintas escalas temporais sobre as conquistas de Alexandre. | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| ▪ l<br>▪ ñ | ▪ B3.3. Cambio e continuidade. | ▪ B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no | ▪ XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de suce- | ▪ CSC<br>▪ CMCCT |

| | Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 1º curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación. | sión, duración e simultaneidade. | |
| ▪ f<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B3.4. Tempo histórico. | ▪ B3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía). | ▪ XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT |
| ▪ h<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B3.5. Vocabulario histórico e artístico. | ▪ B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado. | ▪ XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época. | ▪ CSC<br>▪ CCL |
| ▪ f<br>▪ l | ▪ B3.6. Evolución das especies e a hominización. | ▪ B3.6. Entender o proceso de hominización. | ▪ XHB3.6.1. Recoñece os cambios evolutivos ata chegar á especie humana. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT |
| ▪ f<br>▪ l | ▪ B3.7. Periodización da Prehistoria e a Idade Antiga. | ▪ B3.7. Datar a Prehistoria e a Idade Antiga, e distinguir a escala temporal de etapas como estas. | ▪ XHB3.7.1. Distingue etapas dentro da historia antiga. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT |
| ▪ f<br>▪ g<br>▪ l | ▪ B3.8. Prehistoria e Idade Antiga: visión global. | ▪ B3.8. Identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos e os acontecementos históricos máis salientables da Prehistoria e da Idade Antiga, para adquirir unha perspectiva global da súa evolución. | ▪ XHB3.8.1. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ c<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ n<br>▪ ñ | ▪ B3.9.1. Paleolítico: etapas; características das formas de vida; cazadores colectores.<br>▪ B3.9.2. Neolítico: revolución agraria e expansión das sociedades humanas; sedentarismo; artesanía e comercio; organización social. | ▪ B3.9. Coñecer as características da vida humana correspondentes aos dous períodos en que se divide a Prehistoria: Paleolítico e Neolítico. | ▪ XHB3.9.1. Explica a diferenza entre os dous períodos en que se divide a prehistoria e describe as características básicas da vida en cada un. | ▪ CSC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ XHB3.9.2. Analiza a transcendencia da revolución neolítica e o pa- | ▪ CSC<br>▪ CAA |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 1º curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | ▪ B3.9.3. Prehistoria galega: megalitos e petróglifos. | | pel da muller nela. | |
| ▪ l<br>▪ n | ▪ B3.10. Aparición dos ritos: restos materiais e artísticos; pintura e escultura. | ▪ B3.10. Identificar os primeiros ritos relixiosos. | ▪ XHB3.10.1. Recoñece as funcións dos primeiros ritos relixiosos como os da "deusa nai". | ▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B3.11. Idade Antiga: primeiras civilizacións urbanas. Mesopotamia e Exipto. Sociedade, economía e política. | ▪ B3.11. Coñecer algunhas características da vida humana neste período, así como o establecemento e a difusión de diferentes culturas urbanas, despois do neolítico. | ▪ XHB3.11.1. Describe formas de organización socio-económica e política, novas ata entón, como os imperios de Mesopotamia e de Exipto. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B3.12. Idade Antiga: invención da escritura. | ▪ B3.12. Recoñecer a importancia da descuberta da escritura. | ▪ XHB3.12.1. Diferencia entre as fontes prehistóricas (restos materiais e ágrafos) e as fontes históricas (textos). | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| ▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B3.13. Idade Antiga: historia de Exipto. | ▪ B3.13. Explicar as etapas en que se divide a historia de Exipto. | ▪ XHB3.13.1. Interpreta un mapa cronolóxico-xeográfico da expansión exipcia. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| | | | ▪ XHB3.13.2. Describe as principais características das etapas históricas en que se divide Exipto. | ▪ CSC<br>▪ CCL |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B3.14. Idade Antiga: relixión exipcia. | ▪ B3.14. Identificar as principais características da relixión exipcia. | ▪ XHB3.14.1. Explica como materializaban os exipcios a súa crenza na vida do alén. | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHB3.14.2. Realiza un mapa conceptual cos principais deuses do panteón exipcio. | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CAA |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 1º curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B3.15. Idade Antiga: arte en Mesopotamia e Exipto. | ▪ B3.15. Localizar e describir algúns exemplos arquitectónicos de Exipto e de Mesopotamia. | ▪ XHB3.15.1. Localiza nun mapa os principais exemplos da arquitectura exipcia e da mesopotámica. | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B3.16. Mundo clásico. Grecia: as "polis" gregas e a súa expansión. | ▪ B3.16. Coñecer os trazos principais das polis gregas e a transcendencia do concepto de democracia. | ▪ XHB3.16.1. Identifica trazos da organización socio-política e económica das polis gregas a partir de fontes históricas de diferentes tipos | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ XHB3.16.2. Describe algunhas das diferenzas entre a democracia grega e as democracias actuais. | ▪ CSC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ g<br>▪ l | ▪ B3.17. Mudo clásico. Grecia: expansión comercial e política das polis gregas. | ▪ B3.17. Entender a transcendencia do concepto de colonización. | ▪ XHB3.17.1. Localiza nun mapa histórico as colonias gregas do Mediterráneo. | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ l | ▪ B3.18. Mundo clásico. Imperio de Alexandre Magno e os seus sucesores: helenismo. | ▪ B3.18. Distinguir entre o sistema político grego e o helenístico. | ▪ XHB3.18.1. Elabora un mapa do imperio de Alexandre. | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ XHB3.8.2. Contrasta as accións políticas da Atenas de Pericles co imperio de Alexandre Magno. | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| ▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B3.19. Mundo clásico. Grecia e o helenismo: arte, ciencia, teatro e filosofía. | ▪ B3.19. Entender o alcance do clásico na arte e na cultura occidentais. | ▪ XHB3.19.1. Explica as características esenciais da arte grega e a súa evolución no tempo. | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHB3.19.2. Dá exemplos representativos das áreas do saber grego, e discute por que se considera que a cultura europea parte da Grecia clásica. | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 1º curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ l | ▪ B3.20. Mundo clásico: orixe e etapas da historia de Roma. República e imperio: organización política e expansión colonial polo Mediterráneo. Cristianismo. | ▪ B3.20. Caracterizar os trazos principais da sociedade, a economía e a cultura romanas, e recoñecer os conceptos de cambio e continuidade na historia da Roma antiga. | ▪ XHB3.20.1. Confecciona un mapa coas etapas da expansión de Roma. | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ XHB3.20.2. Identifica diferenzas e semellanzas entre as formas de vida republicanas e as do imperio na Roma antiga. | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| ▪ g<br>▪ l<br>▪ n<br>▪ ñ | ▪ B3.21. Mundo clásico. Arte romana: arquitectura, escultura e pintura. | ▪ B3.21. Identificar e describir os trazos característicos de obras da arte grega e romana, diferenciando entre os que son específicos. | ▪ XHB3.21.1. Compara obras arquitectónicas e escultóricas de época grega e romana. | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CAA |
| ▪ g<br>▪ l<br>▪ n<br>▪ ñ | ▪ B3.22. Península Ibérica: pobos prerromanos; Hispania romana; Gallaecia. Proceso de romanización. A cidade e o campo. | ▪ B3.22. Establecer conexións entre o pasado da Hispania romana e o presente. | ▪ XHB3.22.1. Fai un mapa da Península Ibérica onde se reflicten os cambios administrativos en época romana. | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ XHB3.22.2. Analiza exemplos do legado romano que sobreviven na actualidade. | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ XHB3.22.3. Entende o que significou a romanización en distintos ámbitos sociais e xeográficos. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |

## 2º de ESO

| | Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. O medio físico | | | |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B1.1. Localización. Latitude e lonxitude. | ▪ B1.1. Localizar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou nunha imaxe de satélite, utilizando datos de coordenadas xeográficas. | ▪ XHB1.1.1. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa de España e de Galicia, utilizando datos de coordenadas xeográficas. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B1.2. Características xerais do medio físico de España e de Galicia. | ▪ B1.2. Ter unha visión global do medio físico de España e de Galicia, e das súas características xerais. | ▪ XHB1.2.1. Enumera e describe as peculiaridades do medio físico español e galego. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B1.3. Medio físico de España: relevo e hidrografía. | ▪ B1.3. Situar no mapa de España as unidades e os elementos principais do relevo peninsular, así como os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos. | ▪ XHB1.3.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo español. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB1.3.2. Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de España. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B1.4. Medio físico de Galicia: relevo e hidrografía. | ▪ B1.4. Situar no mapa de Galicia as unidades e os elementos principais do relevo, así como os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos. | ▪ XHB1.4.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo galego. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB1.4.2. Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de Galicia. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B1.5. Clima: elementos e factores. Diversidade climática da Península Ibérica e de Galicia. | ▪ B1.5. Coñecer e describir os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico español e galego. | ▪ XHB1.5.1. Localiza nun mapa os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos de España. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCL |

| | Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ h | | | ▪ XHB1.5.2. Analiza e compara as zonas bioclimáticas españolas utilizando gráficos e imaxes. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB1.5.3. Localiza nun mapa os espazos bioclimáticos de Galicia. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ m | ▪ B1.6. Diversidade de paisaxes. Zonas bioclimáticas da Península Ibérica e de Galicia. | ▪ B1.6. Coñecer os principais espazos naturais de España e de Galicia. | ▪ XHB1.6.1. Distingue e localiza nun mapa as paisaxes de España e de Galicia. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m<br>▪ ñ | ▪ B1.7. Medio natural e problemas ambientais en España. | ▪ B1.7. Coñecer, describir e valorar a acción do ser humano sobre o ambiente español e galego, e as súas consecuencias. | ▪ XHB1.7.1. Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais en España e en Galicia, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| | Bloque 2. O espazo humano | | | |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B2.1. Poboación mundial: modelos demográficos e movementos migratorios. | ▪ B2.1. Comentar a información en mapas do mundo sobre a densidade de poboación e as migracións. | ▪ XHB2.1.1. Localiza no mapa mundial os continentes e as áreas máis densamente poboadas. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB2.1.2. Explica o impacto das ondas migratorias nos países de orixe e nos de acollemento. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.2. Poboación europea: distribución e evolución. | ▪ B2.2. Analizar a poboación europea no relativo á súa distribución, evolución e dinámica, e ás súas migracións e políticas de poboación. | ▪ XHB2.2.1. Explica as características da poboación europea. | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB2.2.2. Compara entre países a poboación europea segundo a súa distribución, a súa evolución e a súa dinámica. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.3. Poboación española: evolución, distribución e dinámica. Movementos migratorios. | ▪ B2.3. Analizar as características da poboación española, a súa distribución, dinámica e evolución, e os movementos migratorios. | ▪ XHB2.3.1. Explica a pirámide de poboación de España e das súas comunidades autónomas. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHB2.3.2. Analiza en distintos medios os movementos migratorios nas últimas tres décadas en España. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.4. Poboación de Galicia: evolución, distribución e dinámica. Movementos migratorios. | ▪ B2.4. Analiza as características da poboación de Galicia, a súa distribución, dinámica e evolución, e os movementos migratorios | ▪ XHB2.4.1. Coñece o proceso da emigración galega, as súas etapas e os destinos principais. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e | ▪ B2.5. Proceso de urbanización no planeta. | ▪ B2.5. Sinalar nun mapamundi as grandes áreas urbanas, e identificar e comentar o papel das cida- | ▪ XHB2.5.1. Realiza un gráfico con datos da evolución do crecemento da poboación urbana no mun- | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ f<br>▪ g<br>▪ h | | des mundiais como dinamizadoras da economía das súas rexións. | do. | ▪ CD<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHB2.5.2. Sitúa no mapa do mundo as vinte cidades máis poboadas, di a que país pertencen e explica a súa posición económica. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.6. A cidade e o proceso de urbanización europeo. | ▪ B2.6. Comprender o proceso de urbanización, os seus proles e os seus contras en Europa. | ▪ XHB2.6.1. Resume elementos que diferencien o urbano e o rural en Europa. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHB2.6.2. Distingue os tipos de cidades do noso continente. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ ñ | ▪ B2.7. A cidade e o proceso de urbanización en España e en Galicia. | ▪ B2.7. Recoñecer as características das cidades españolas e galegas, e as formas de ocupación do espazo urbano. | ▪ XHB2.7.1. Interpreta textos que expliquen as características das cidades de España e de Galicia, axudándose de internet ou de medios de comunicación escrita. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f | ▪ B2.8. Diversidade de medios naturais en España e en Galicia. | ▪ B2.8. Coñecer os principais espazos naturais protexidos a nivel peninsular e insular. | ▪ XHB2.8.1. Sitúa os parques naturais españois nun mapa, e explica a situación actual dalgúns deles. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ m<br>▪ ñ | | | | ▪ CCL |
| | | | ▪ XHB2.8.2. Elabora gráficos de distinto tipo (lineais, de barra e de sectores) en soportes virtuais ou analóxicos, que reflictan información económica e demográfica de países ou áreas xeográficas a partir dos datos elixidos. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m<br>▪ ñ | ▪ B2.9. Paisaxes no territorio español e galego. | ▪ B2.9. Identificar as principais paisaxes humanizadas españolas e galegas, e identificalas por comunidades autónomas. | ▪ XHB2.9.1. Clasifica as principais paisaxes humanizadas españolas a través de imaxes. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m<br>▪ ñ | ▪ B2.10. Principais retos e problemas ambientais en España. | ▪ B2.10. Coñecer e analizar os problemas e os retos ambientais que afronta España, a súa orixe e as posibles vías para afrontar estes problemas. | ▪ XHB2.10.1. Compara paisaxes humanizadas españolas segundo a súa actividade económica. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| | Bloque 3. A historia | | | |
| ▪ f<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B3.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia. | ▪ B3.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles. | ▪ XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | | Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ g<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B3.2. Fontes históricas. | ▪ B3.2. Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explicar diferenzas entre interpretacións de fontes diversas. | ▪ XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas. | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ XHB3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estas restos materiais ou textuais. | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| ▪ l<br>▪ ñ | ▪ B3.3. Cambio e continuidade. | ▪ B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación. | ▪ XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ XHB3.3.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT |
| ▪ f<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B3.4. Tempo histórico. | ▪ B3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía). | ▪ XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT |
| ▪ l<br>▪ h<br>▪ ñ | ▪ B3.5. Vocabulario histórico e artístico. | ▪ B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado. | ▪ XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época. | ▪ CSC<br>▪ CCL |
| ▪ g<br>▪ l | ▪ B3.6. Idade Media: concepto e as subetapas (alta, plena e baixa Idade Media). | ▪ B3.6. Caracterizar a alta Idade Media en Europa e recoñecer a dificultade da falta de fontes históricas neste período. | ▪ XHB3.6.1. Utiliza as fontes históricas e entende os límites do que se pode escribir sobre o pasado. | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g | ▪ B3.7. Caída do Imperio Romano en Occidente: división política e invasións xermánicas. Imperio Bizantino e reinos xermánicos. | B3.7. Describir a nova situación económica, social e política dos reinos xermánicos. | ▪ XHB3.7.1. Compara as formas de vida (en diversos aspectos) do Imperio Romano coas dos reinos xermánicos | ▪ CSC<br>▪ CAA |

| | Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ l | | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ l | ▪ B3.8. Feudalismo. | ▪ B3.8. Explicar a organización feudal e as súas consecuencias. | ▪ XHB3.8.1. Caracteriza a sociedade feudal e as relacións entre señores e campesiños. | ▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ f<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B3.9. Islam. Península Ibérica: invasión musulmá. Evolución de Al-Andalus e dos reinos cristiáns. | ▪ B3.9. Analizar a evolución dos reinos cristiáns e musulmáns, nos seus aspectos socioeconómicos, políticos e culturais. | ▪ XHB3.9.1. Comprende as orixes do Islam e o seu alcance posterior. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ XHB3.9.2. Explica a importancia de Al-Andalus na Idade Media. | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CMCCT<br>▪ CCL |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ n<br>▪ ñ | ▪ B3.10. Reconquista e repoboación. | ▪ B3.10. Entender o proceso das conquistas e a repoboación dos reinos cristiáns na Península Ibérica e as súas relacións con Al-Andalus. | ▪ XHB3.10.1. Interpreta mapas que describen os procesos de conquista e repoboación cristiás na Península Ibérica. | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ XHB3.10.2. Explica a importancia do Camiño de Santiago. | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CCL |
| ▪ l | ▪ B3.11. Expansión comercial europea e recuperación das cidades. Crise da baixa Idade Media: a 'Peste Negra' e as súas consecuencias. | ▪ B3.11. Entender o concepto de crise e as súas consecuencias económicas e sociais. | ▪ XHB3.11.1. Comprende o impacto dunha crise demográfica e económica nas sociedades medievais europeas. | ▪ CSC |
| ▪ l<br>▪ h<br>▪ n | ▪ B3.12. Arte románica, gótica e islámica. | ▪ B3.12. Comprender as características e as funcións da arte na Idade Media. | ▪ XHB3.12.1. Describe características da arte románica, gótica e islámica. | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ ñ | | | | |

## 3º de ESO

| | Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 3º curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. O medio físico | | | |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B1.1. Localización. Latitude e lonxitude | ▪ B1.1. Localizar e interpretar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou imaxe satélite | ▪ XHB1.1.1. Clasifica e distingue tipos de mapas e imaxes satélite. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB1.1.2. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa utilizando datos de coordenadas xeográficas. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB1.1.3. Coñece e interpreta os tipos mapas temáticos | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| | Bloque 2. O espazo humano | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ l | ▪ B2.1. Organización política e territorial de España. | ▪ B2.1. Coñecer a organización administrativa e territorial de España. | ▪ XHB2.1.1. Distingue nun mapa político a distribución territorial de España: comunidades autónomas, capitais, provincias e illas. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSC |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



| | Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 3º curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ h | | | | |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ c<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.2. Sectores de actividade económica. | ▪ B2.2. Analizar os datos do peso do sector terciario dun país fronte aos do sector primario e secundario, e extraer conclusións. | ▪ XHB2.2.1. Compara a poboación activa de cada sector en diversos países e analiza o grao de desenvolvemento que amosan estes datos. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.3. Sectores económicos en Europa, en España e en Galicia. | ▪ B2.3. Recoñecer as actividades económicas que se realizan en Europa nos tres sectores, identificando distintas políticas económicas. | ▪ XHB2.3.1. Diferencia os sectores económicos europeos. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.4. Sistemas económicos do mundo. | ▪ B2.4. Coñecer as características de diversos tipos de sistemas económicos | ▪ XHB2.4.1. Diferencia aspectos concretos e a súa interrelación dentro dun sistema económico. | ▪ CCL<br>▪ CSIEE<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ m<br>▪ ñ | ▪ B2.5. Aproveitamento e futuro dos recursos naturais. Desenvolvemento sustentable. | ▪ B2.5. Entender a idea de desenvolvemento sustentable e as súas implicacións. | ▪ XHB2.5.1. Define o desenvolvemento sustentable e describe conceptos clave relacionados con el. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ b | ▪ B2.6. Recursos naturais e activi- | ▪ B2.6. Localizar os recursos agra- | ▪ XHB2.6.1. Sitúa no mapa as prin- | ▪ CAA |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 3º curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | dades agrarias. | rios e naturais no mapa mundial. | cipais zonas cerealistas, como exemplo de recurso agrario no mundo, e as máis importantes masas forestais do mundo. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ XHB2.6.2. Localiza e identifica nun mapa as principais zonas produtoras de minerais no mundo. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ XHB2.6.3. Localiza e identifica nun mapa as principais zonas produtoras e consumidoras de enerxía no mundo. | ▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ XHB2.6.4. Identifica e nomea algunhas enerxías alternativas. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m | ▪ B2.7. Pesca: tipos e problemática. | ▪ B2.7. Explica e localiza os tipos de pesca e os seus problemas. | ▪ XHB2.7.1. Procura información sobre a sobreexplotación dos caladoiros de pesca, usando recursos impresos e dixitais. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.8. Sector industrial. Rexións industrializadas do mundo. | ▪ B2.8. Explicar a distribución desigual das rexións industrializadas no mundo. | ▪ XHB2.8.1. Localiza nun mapa os países máis industrializados do mundo, a través de lendas e símbolos adecuados. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 3º curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.9. Actividades terciarias: transporte. | ▪ B2.9. Analizar o impacto dos medios de transporte no seu contorno. | ▪ XHB2.9.1. Traza sobre un mapamundi o itinerario que segue un produto agrario e outro gandeiro desde a súa colleita ata o seu consumo en zonas afastadas, e extrae conclusións. | ▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.10. Actividades terciarias: comercio. | ▪ B2.10. Entender os fluxos e os bloques comerciais. | ▪ XHB2.10.1. Define os indicadores que miden os intercambios económicos dun país. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ XHB2.10.2. Describe as características do comercio internacional na actualidade. | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ XHB2.10.3. Enumera as características dos bloques comerciais e as razóns polas que se constitúen. | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.11. Turismo. | ▪ B2.11. Analizar o desenvolvemento do turismo e a súa importancia económica. | ▪ XHB2.11.1. Identifica os tipos de turismo e os seus efectos | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CCEC<br>▪ CSIEE<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB2.11.2. Valora a importancia do turismo na economía española e galega. | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CCEC<br>▪ CSIEE<br>▪ CD |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 3º curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m | ▪ B2.12. Causas do desenvolvemento desigual no mundo. Débeda externa. | ▪ B2.12. Analizar gráficos de barras por países e textos onde se reflictan os niveis de consumo, o comercio desigual e a débeda externa entre países en desenvolvemento e os desenvolvidos. | ▪ XHB2.12.1. Comparar as características do consumo interior de países como Brasil e Francia. | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB2.12.2. Crea mapas conceptuais, usando recursos impresos e dixitais, para explicar o funcionamento do comercio, e sinala os organismos que agrupan as zonas comerciais. | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CSIEE<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB2.12.3. Describe o funcionamento dos intercambios a nivel internacional, utilizando mapas temáticos e gráficos nos que se reflictan as liñas de intercambio. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.13. Tensións mundiais e subdesenvolvemento. Solucións ao problema. | ▪ B2.13. Relacionar áreas de conflito bélico no mundo con factores económicos. | ▪ XHB2.13.1. Realiza un informe sobre as medidas para tratar de superar as situacións de pobreza. | ▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHB2.13.2. Sinala áreas de conflito bélico no mapamundi e relaciónaas con factores económicos. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 3. A historia | | | |
| ▪ f<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B3.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia | ▪ B3.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou | ▪ XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 3º curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | influe neles. | | |
| ▪ h<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B3.2. Fontes históricas. | ▪ B3.2. Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explicar diferenzas entre interpretacións de fontes diversas. | ▪ XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas. | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ XHB3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estas restos materiais ou textuais. | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| ▪ l<br>▪ ñ | ▪ B3.3. Cambio e continuidade. | ▪ B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación. | ▪ XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ XHB3.3.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT |
| ▪ f<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B3.4. Tempo histórico. | ▪ B3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía) | ▪ XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT |
| ▪ h<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B3.5. Vocabulario histórico e artístico. | ▪ B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado. | ▪ XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época. | ▪ CSC<br>▪ CCL |
| ▪ g<br>▪ l | ▪ B3.6. Idade Moderna: concepto e datación. | ▪ B3.6. Comprender a significación histórica da etapa do Renacemento en Europa. | ▪ XHB3.6.1. Distingue modos de periodización histórica (Idade Moderna, Renacemento, Barroco, Absolutismo, etc.). | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| ▪ f<br>▪ g | ▪ B3.7. Renacemento e Humanismo: alcance posterior. | ▪ B3.7. Relacionar o alcance da nova ollada dos humanistas, artistas e científicos do Renacemento | ▪ XHB3.7.1. Identifica trazos do Renacemento e do Humanismo na historia europea, a partir de | ▪ CSC<br>▪ CCEC |

| | Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 3º curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ h<br>▪ l<br>▪ n | | con etapas anteriores e posteriores. | fontes históricas de diversos tipos. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ l<br>▪ n<br>▪ ñ | ▪ B3.8. Arte renacentista e barroca. | ▪ B3.8. Coñecer a importancia da arte renacentista e barroca en Europa e en América. | ▪ XHB3.8.1. Coñece obras e legado de artistas, humanistas e científicos da época. | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CMCCT<br>▪ CCL |
| ▪ g<br>▪ l<br>▪ h<br>▪ n<br>▪ ñ | ▪ B3.9. Principais manifestacións da cultura dos séculos XVI e XVII. | ▪ B3.9. Coñecer a importancia dalgúns autores e obras destes séculos. | ▪ XHB3.9.1. Analiza obras, ou fragmentos delas, dalgúns autores desta época no seu contexto. | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ l | ▪ B3.10. Estado moderno: monarquías autoritarias, parlamentarias e absolutas. | ▪ B3.10. Comprender a diferenza entre os reinos medievais e as monarquías modernas. | ▪ XHB3.10.1. Distingue as características de réximes monárquicos autoritarios, parlamentarios e absolutos. | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ l | ▪ B3.11. Monarquías modernas: unión dinástica de Castela e Aragón. Posición de Galicia. | ▪ B3.11. Analizar o reinado dos Reis Católicos como unha etapa de transición entre a Idade Media e a Idade Moderna. | ▪ XHB3.11.1. Comprende os conceptos de cambio e continuidade en relación co reinado dos Reis Católicos. | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| ▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B3.12. Descubertas xeográficas: Castela e Portugal. Conquista e colonización de América. | ▪ B3.12. Entender os procesos de conquista e colonización, e as súas consecuencias. | ▪ XHB3.12.1. Explica as causas que conduciron á descuberta de América para Europa, a súa conquista e a súa colonización. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHB3.12.2. Coñece os principais feitos da expansión de Aragón e | ▪ CSC |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 3º curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | de Castela polo mundo. | |
| | | | ▪ XHB3.12.3. Sopesa interpretacións conflitivas sobre a conquista e a colonización de América. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ g<br>▪ l | ▪ B3.13. Os conflitos europeos nos séculos XVI e XVII a través das políticas dos Austrias: reforma, contrarreforma e guerras de relixión; loita pola hexemonía e guerra dos Trinta Anos. | ▪ B3.13. Coñecer trazos das políticas internas e as relacións exteriores dos séculos XVI e XVII en Europa. | ▪ XHB3.13.1. Analiza as relacións entre os reinos europeos que conducen a guerras como a dos "Trinta Anos". | ▪ CSC<br>▪ CAA |

## 4º de ESO

| | Xeografía e Historia. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. O século XVIII en Europa ata 1789 | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B1.1. Século XVIII en Europa: do feudalismo ao absolutismo e o parlamentarismo das minorías. Francia, Inglaterra, España e Galicia. | ▪ B1.1. Explicar as características do Antigo Réxime nos seus sentidos político, social e económico. | ▪ XHB1.1.1. Establece, a través da análise de textos, a diferenza entre o Absolutismo e o Parlamentarismo. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ p | ▪ B7.7. Actividade pesqueira: localización, características e problemas. Análise dos aspectos físicos e humanos que conforman o espazo pesqueiro. Caso galego. | ▪ B7.7. Analizar a actividade pesqueira, e definir as súas características e os seus problemas. | ▪ XHB7.7.1. Establece as características e as peculiaridades da actividade pesqueira española e galega. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB7.7.2. Selecciona e analiza novas xornalísticas que tratan problemas pesqueiros e identifica a súa orixe. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ p | ▪ B7.8. Silvicultura: características e desenvolvemento no territorio. | ▪ B7.8. Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo ao espazo rural, silvícola ou pesqueiro, utilizando fontes dispoñibles en internet, en medios de comunicación social ou na bibliografía. | ▪ XHB7.8.1. Confecciona gráficos comparativos do peso específico no PIB das actividades agrarias, gandeiras, forestal e pesqueiras españolas fronte a outros sectores de actividade. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| | Bloque 8. As fontes de enerxía e o espazo industrial | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i | ▪ B8.1. Proceso de industrialización español: características e breve evolución histórica. | ▪ B8.1. Analizar o proceso de industrialización español establecendo as características históricas que conducen á situación ac- | ▪ XHB8.1.1. Selecciona e analiza información sobre os problemas e a configuración da industria española. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Xeografía. 2º de bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ l | | tual. | ▪ XHB8.1.2. Establece un eixe cronolóxico para explicar a evolución histórica da industrialización española. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ XHB8.1.3. Selecciona e analiza imaxes que amosen a evolución histórica da industria española nunha zona concreta ou dun sector concreto. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CD |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B8.2. Localización das fontes de enerxía en España. | ▪ B8.2. Relacionar as fontes de enerxía e a industrialización, e describir as súas consecuencias en España. | ▪ XHB8.2.1. Relaciona o nacemento da industria e a localización de fontes de enerxía e materias primas en España. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CDC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B8.3. Achega ao PIB da industria. Poboación activa. Deficiencias e problemas do sector industrial español. | ▪ B8.3. Coñecer os factores da industria en España. | ▪ XHB8.3.1. Enumera as características da industria española e as súas diferenzas rexionais. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB8.3.2. Confecciona e analiza gráficas e estatísticas que expliquen as producións industriais. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B8.4. Elementos das paisaxes industriais. Tipoloxías de paisaxes. | ▪ B8.4. Identificar e comentar os elementos dunha paisaxe industrial dada. | ▪ XHB8.4.1. Analiza e comenta paisaxes de espazos industriais. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ d | ▪ B8.5. Rexións industriais e eixes de desenvolvemento de España: | ▪ B8.5. Describir os eixes de desenvolvemento industrial sobre un | ▪ XHB8.5.1. Sinala nun mapa os asentamentos industriais máis | ▪ CCL |

| | Xeografía. 2º de bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | importancia das políticas territoriais no sector. Planificación e perspectivas de futuro. | mapa, establecendo as súas características e as posibilidades de rexeneración e cambio no futuro. | importantes, distinguindo entre os sectores industriais. | ▪ CD<br>▪ CAA |
| | | | ▪ XHB8.5.2. Localiza e describe as rexións industriais e os eixes de desenvolvemento industrial. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB8.5.3. Describe os eixes ou focos de desenvolvemento industrial, e as súas perspectivas de futuro. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B8.6. Influencia da política da Unión Europea na configuración da industria española. | ▪ B8.6. Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo ao espazo industrial español e a influencia nel da política industrial europea, utilizando fontes en que estea dispoñible, tanto en internet, como na bibliografía ou nos medios de comunicación. | ▪ XHB8.6.1. Describe as políticas industriais da Unión Europea e a súa influencia nas españolas. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| | Bloque 9. O sector servizos | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B9.1. Terciarización da economía española: influencia no PIB. Poboación activa do sector terciario. | ▪ B9.1. Analizar a terciarización da economía española establecendo as súas características e a influencia no produto interior bruto, e utilizar correctamente a terminoloxía do sector servizos. | ▪ XHB9.1.1. Identifica as características do sector terciario español. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B9.2. Análise dos servizos e distribución no territorio. | ▪ B9.2. Identificar a presenza dos servizos no territorio, analizando a súa distribución e o impacto no medio. | ▪ XHB9.2.1. Explica a incidencia do sector servizos para a economía española. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Xeografía. 2º de bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B9.3. Sistema de transportes en España. Impacto das infraestruturas sobre o espazo xeográfico. | ▪ B9.3. Explicar o sistema de transporte en España, distinguindo a articulación territorial que configura. | ▪ XHB9.3.1. Describe como se articulan os medios de comunicación máis importantes de España (ferrocarrís, estradas, portos e aeroportos). | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB9.3.2. Comenta sobre un mapa de transportes a transcendencia que este sector ten para articular o territorio. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB9.3.3. Describe e analiza mapas que reflictan un sistema de transporte determinado. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB9.3.4. Distingue nun mapa os principais nodos de transporte español. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB9.3.5. Resolve problemas formulados nun caso específico sobre vías de comunicación no noso país. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B9.4. Desenvolvemento comercial: características, evolución e distribución territorial. | ▪ B9.4. Describir o desenvolvemento comercial e a ocupación territorial que impón, e establecer as súas características. | ▪ XHB9.4.1. Comenta gráficas e estatísticas que expliquen o desenvolvemento comercial. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ d<br>▪ e | ▪ B9.5. Espazos turísticos: características e evolución. | ▪ B9.5. Localizar nun mapa os espazos turísticos, e enumerar as | ▪ XHB9.5.1. Analiza e explica as desigualdades do espazo turísti- | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Xeografía. 2º de bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ g<br>▪ i<br>▪ l | | súas características e as desigualdades rexionais. | co. | ▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B9.6. Outras actividades terciarias: sanidade, educación, finanzas e servizos públicos. | ▪ B9.6. Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo á actividade ou ao espazo do sector servizos español, utilizando fontes en que estea dispoñible, tanto en internet como na bibliografía ou nos medios de comunicación social. | ▪ XHB9.6.1. Comenta gráficas e estatísticas que expliquen o desenvolvemento turístico español. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB9.6.2. Explica como articulan o territorio outras actividades terciarias. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB9.6.3. Analiza e comenta imaxes do espazo destinado a transportes, comercial ou outras actividades do sector servizos. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B9.7. Transformacións das paisaxes nas zonas turísticas. Caso do litoral. | ▪ B9.7. Identificar e comentar unha paisaxe transformado por unha importante zona turística. | ▪ XHB9.7.1. Confecciona esquemas para analizar a influencia do sector servizos na economía e no emprego en España, a partir de imaxes que reflictan o seu impacto nunha paisaxe. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CSC |
| | Bloque 10. O espazo urbano | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B10.1. Concepto de cidade e a súa influencia na ordenación do territorio. | ▪ B10.1. Definir a cidade. | ▪ XHB10.1.1. Define cidade e achega exemplos. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Xeografía. 2º de bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ p | ▪ B10.2. Morfoloxía e estrutura urbanas. Análise socioeconómica e política a través do plano da cidade. | ▪ B10.2. Analizar e comentar planos de cidades, distinguindo os seus trazados. | ▪ XHB10.2.1. Analiza e explica o plano da cidade máis próxima ao lugar de residencia, ou a máis significativa. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B10.3. Planificacións urbanas. Instrumentos do planeamento. | ▪ B10.3. Identificar o proceso de urbanización e enumerar as súas características e as planificacións internas. | ▪ XHB10.3.1. Identifica as características do proceso de urbanización. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHB10.3.2. Explica e propón exemplos de procesos de planificación urbana. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ p | ▪ B10.4. Características do proceso de urbanización. Áreas de influencia. | ▪ B10.4. Analizar a morfoloxía e a estrutura urbana, e extraer conclusións da pegada da historia e a súa expansión espacial, reflexo da evolución económica e política da cidade. | ▪ XHB10.4.1. Sinala a influencia histórica no plano das cidades españolas. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB10.4.2. Explica a morfoloxía urbana e sinala as partes dunha cidade sobre un plano desta. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ p | ▪ B10.5. Características da paisaxe urbana. | ▪ B10.5. Analizar e comentar unha paisaxe urbana. | ▪ XHB10.5.1. Comenta unha paisaxe urbana a partir dunha fonte gráfica. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB10.5.2. Selecciona e analiza imaxes que expliquen a morfoloxía e a estrutura urbana dunha cidade coñecida. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Xeografía. 2º de bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | | ▪ CD |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ p | ▪ B10.6. Usos do solo urbano. Ordenación territorial. | ▪ B10.6. Identificar o papel das cidades na ordenación do territorio. | ▪ XHB10.6.1. Explica a xerarquización urbana española. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B10.7. Rede urbana española. Características do proceso de crecemento espacial das cidades. | ▪ B10.7. Describir a rede urbana española e comentar as súas características. | ▪ XHB10.7.1. Describe e analiza as influencias mutuas entre a cidade e o espazo que a rodea. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ p | ▪ B10.8. Sistema urbano español: desenvolvemento sustentable. Cidades saudables. O territorio como recurso. | ▪ B10.8. Obter, seleccionar e analizar información de contido xeográfico relativo ao espazo urbano español, utilizando fontes en que estea dispoñible, en internet, nos medios de comunicación social ou na bibliografía. | ▪ XHB10.8.1. Selecciona e analiza novas xornalísticas que amosen a configuración e a problemática do sistema urbano español. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| | Bloque 11. Formas de organización territorial | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ p | ▪ B11.1. Organización territorial de España. | ▪ B11.1. Describir a organización territorial española analizando a estrutura local, autonómica e estatal. | ▪ XHB11.1.1. Localiza e explica nun mapa a organización territorial española, partindo do concello e da comunidade autónoma. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ d<br>▪ e | ▪ B11.2. Influencia da historia e da Constitución de 1978 no deseño territorial. | ▪ B11.2. Explicar a organización territorial española e establecer a influencia da historia e da Consti- | ▪ XHB11.2.1. Explica a ordenación territorial española a partir de mapas históricos e actuais. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Xeografía. 2º de bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ g<br>▪ i<br>▪ l | | tución de 1978, mediante o emprego de mapas históricos e actuais. | | ▪ CCL<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB11.2.2. Caracteriza a ordenación territorial establecida pola Constitución de 1978. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB11.2.3. Compara a ordenación territorial actual e a da primeira metade do século XX. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB11.2.4. Distingue e enumera as comunidades autónomas, as principais cidades en cada unha e os países fronteirizos de España. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B11.3. Desequilibrios e contrastes territoriais. | ▪ B11.3. Analizar a organización territorial española e describir os desequilibrios e os contrastes territoriais, así como os mecanismos correctores. | ▪ XHB11.3.1. Enumera os desequilibrios e os contrastes territoriais existentes na organización territorial española. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ p | ▪ B11.4. Comunidades Autónomas: políticas rexionais e de cohesión territorial. Comunidade Autónoma de Galicia. | ▪ B11.4. Describir a transcendencia das comunidades autónomas e definir as políticas territoriais que levan a cabo, incidindo no caso de Galicia. | ▪ XHB11.4.1. Explica as políticas territoriais que practican as comunidades autónomas en aspectos concretos. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ e | ▪ B11.5. A cuestión territorial na España das autonomías. | ▪ B11.5. Obter, seleccionar e analizar información de contido xeográfico relativo ás formas de or- | ▪ XHB11.5.1. Distingue os símbolos que diferencian as comunidades autónomas. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Xeografía. 2º de bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ g<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ p | | ganización territorial en España, utilizando fontes en que estea dispoñible en internet, nos medios de comunicación social ou na bibliografía. | | ▪ CCL |
| | | | ▪ XHB11.5.2. Explica razoadamente os trazos esenciais das políticas territoriais autonómicas. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| | Bloque 12. España en Europa e no mundo | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B12.1. España: situación xeográfica; posición e localización dos territorios que conforman a unidade e a diversidade política. | ▪ B12.1. Definir a situación xeográfica de España no mundo, establecendo a súa posición e localizando os seus territorios. | ▪ XHB12.1.1. Localiza nun mapa as grandes áreas xeoeconómicas e sinala aquelas coas que España ten máis relación. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB12.1.2. Identifica aspectos salientables de España na situación mundial. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB12.1.3. Localiza a situación española entre as grandes áreas xeoeconómicas mundiais. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B12.2. España en Europa. Estrutura territorial. Contrastes físicos e socioeconómicos de Europa. | ▪ B12.2. Describir o continente europeo distinguindo a súa estrutura territorial e os contrastes físicos e socioeconómicos. | ▪ XHB12.2.1. Explica a posición de España na Unión Europea. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i | ▪ B12.3. Posición de España na Unión Europea. Políticas rexionais e de cohesión territorial. | ▪ B12.3. Identificar a posición de España na Unión Europea, enumerando as políticas rexionais e de cohesión territorial que se practican en Europa e que afec- | ▪ XHB12.3.1. Extrae conclusións das medidas que a Unión Europea toma en política rexional e de cohesión territorial que afectan a España. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL |

| | Xeografía. 2º de bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ l | | tan a España. | ▪ XHB12.3.2. Comenta novas xornalísticas ou textos que explican a posición de España na Unión Europea. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B12.4. España no mundo. Globalización e diversidade no mundo. | ▪ B12.4. Definir a globalización e explicar os seus trazos. | ▪ XHB12.4.1. Identifica e describe os trazos da globalización con exemplificacións que afecten a España. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B12.5. Procesos de mundialización e desigualdades territoriais. Grandes eixes mundiais. | ▪ B12.5. Comparar os procesos de mundialización e diversidade territorial, resumindo as características de ambos. | ▪ XHB12.5.1. Confecciona cadros comparativos da aplicación a casos concretos dos conceptos de mundialización e de diversidade territorial. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B12.6. Posición de España nas áreas socioeconómicas e xeopolíticas mundiais. | ▪ B12.6. Explicar as repercusións da inclusión de España en espazos socioeconómicos e xeopolíticos continentais e mundiais, utilizando fontes diversas baseadas en material bibliográfico ou en liña e en opinións expostas nos medios de comunicación social. | ▪ XHB12.6.1. Explica as repercusións da inclusión de España en espazos xeopolíticos e socioeconómicos continentais e mundiais a partir de distintas fontes de información xeográfica. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA
DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



## Xeoloxía

### Introdución

A materia de Xeoloxía de segundo curso de bacharelato pretende ampliar, afianzar e afondar nos coñecementos xeolóxicos e nas competencias que se foron adquirindo e traballando na ESO e na materia de Bioloxía e Xeoloxía en primeiro de bacharelato.

A xeoloxía é unha ciencia relativamente nova, pois non foi ata mediados do século XIX cando se dotou de métodos propios de traballo e dunha estrutura científica coherente, baseada sobre todo na descrición, na clasificación e na interpretación dos elementos inertes da natureza. A grande achega diferencial desta ciencia ao mundo científico é o novo concepto de tempo xeolóxico, cuxo tratamento será fundamental para o avance no estudo das transformacións da Terra desde a súa formación. Isto vai facer que, de xeito diferente ás demais ciencias da natureza, a xeoloxía teña moi limitadas as posibilidades de experimentar e utilizar o método científico como ferramenta de traballo, potenciando a cambio a capacidade de observación, curiosidade, interpretación de datos e resolución de problemas.

A materia contribúe a que o alumnado formalice e sistematice a construción de conceptos a través da procura de relacións entre eles e, moi especialmente, ao seu uso práctico. Isto halle permitir coñecer e comprender o funcionamento da Terra e dos acontecementos e os procesos xeolóxicos que acontecen, para, en moitos casos, poder intervir na mellora das condicións de vida. Estas capacidades serán moi importantes para quen desexe realizar estudos posteriores e que complementen a súa formación como individuo nunha sociedade cambiante e dinámica.

A esta flexibilidade de pensamento axuda tamén a integración e a interconexión das disciplinas que a integran, que lle ofrecen ao alumnado unha visión global e integradora que posibilitará que poida afrontar con éxito os retos que terá ante si no futuro. O bacharelato debe, xa que logo, facilitar unha formación básica sólida sobre os aspectos que lle vaian permitir ao alumnado enfrontarse con éxito a estudos posteriores.

O estudo da xeoloxía como ciencia, que nace superando unha visión da Terra dominada por supersticións e relatos bíblicos, debe servir para o dominio de competencias que lle permitan ao alumno aprender a procurar, a compilar e a procesar información sen temor a reflexionar e a interpretar os resultados, tomando decisións baseadas en probas e argumentos, con capacidade de diálogo crítico e construtivo, e valorando todas as fontes de información. Debe potenciar a imaxinación e a creatividade necesaria para a realización de traballos prácticos e a realización e interpretación de cortes e mapas xeolóxicos, adquirindo a competencia necesaria nas novas tecnoloxías que lle

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



permitan manexar modelos e recrear hipóteses de xeito virtual, para unha comprensión mellor dos fenómenos, valorando as fortalezas e as debilidades dos medios tecnolóxicos, e respectando principios éticos no seu uso.

O programa estrutúrase en dez bloques, cuns contidos que van permitir coñecer o comportamento global da Terra considerando a orixe e a natureza dos materiais presentes, o fluxo e o balance de enerxía, e os procesos dinámicos que o caracterizan.

Estudaranse os principios fundamentais da xeoloxía, a composición dos materiais (minerais e rochas), o seu recoñecemento e a súa utilidade para a sociedade, os elementos do relevo e as súas condicións de formación, os tipos de deformacións, a interpretación de mapas topográficos, a división do tempo xeolóxico, a posibilidade da ocorrencia de feitos graduais ou catastróficos, as interpretacións de mapas xeolóxicos sinxelos e cortes xeolóxicos, a análise de formacións litolóxicas ou a historia da Terra. Trabállase tamén no estudo da nova ciencia da planetoloxía, que amplía os coñecementos que temos da Terra ao resto dos planetas, sen esquecer que o noso planeta é o único que recicla a súa litosfera.

Introdúcese un bloque sobre riscos xeolóxicos no que, de xeito sinxelo e abarcable para o alumnado deste nivel, se traballen riscos derivados de procesos xeolóxicos externos, internos ou meteorolóxicos. Prevese tamén o uso dos recursos renovables e non renovables, incidindo especialmente na súa exploración e na súa explotación sustentable. O alumnado deberá aplicar moitos dos coñecementos adquiridos e valorar a súa influencia para poder localizar catástrofes futuras e o seu grao de perigo asociado.

Preséntase a xeoloxía de España e, particularmente, a de Galicia para que, logo de vistos, traballados e adquiridos os coñecementos xeolóxicos xerais, os alumnos e as alumnas os poidan aplicar ao seu ámbito. Para iso, e como compoñente básico dun curso ao que se lle quere outorgar un enfoque nomeadamente práctico, inclúese un bloque sobre o traballo de campo, na medida en que constitúe unha ferramenta esencial para abordar a maioría das investigacións e dos estudos en xeoloxía. Así, boa parte dos coñecementos que se propoñen han atopar un marco natural onde aplicalos, ver a súa utilidade ou analizar o seu significado.

2º de bacharelato

| | Xeoloxía. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. O planeta Terra e o seu estudo | | | |

| | Xeoloxía. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B1.1. Perspectiva xeral da xeoloxía, os seus obxectos de estudo, os seus métodos de traballo e a súa utilidade científica e social: definición de xeoloxía e especialidades. O traballo dos/das xeólogos/as. | ▪ B1.1. Definir a ciencia da xeoloxía e as súas principais especialidades, e comprender o traballo realizado polos/as xeólogos/as. | ▪ XB1.1.1. Comprende a importancia da xeoloxía na sociedade, e coñece e valora o traballo dos/das xeólogos/as en distintos ámbitos sociais. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| ▪ l | ▪ B1.2. A metodoloxía científica e a xeoloxía. | ▪ B1.2. Aplicar as estratexias propias do traballo científico na resolución de problemas relacionados coa xeoloxía. | ▪ XB1.2.1. Selecciona información, analiza datos, formula preguntas pertinentes e procura respostas para un pequeno proxecto relacionado coa xeoloxía. | ▪ CCEC<br>▪ CAA |
| ▪ i<br>▪ e | ▪ B1.3. Tempo xeolóxico e principios fundamentais da xeoloxía. | ▪ B1.3. Entender o concepto de tempo xeolóxico e os principios fundamentais da xeoloxía, como os de horizontalidade, superposición, actualismo e uniformismo. | ▪ XB1.3.1. Comprende o significado de tempo xeolóxico e utiliza principios fundamentais da xeoloxía, como a horizontalidade, a superposición, o actualismo e o uniformismo. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ l | ▪ B1.4. A Terra como planeta dinámico e en evolución. A Tectónica de Placas como teoría global da Terra. | ▪ B1.4. Analizar o dinamismo terrestre explicado segundo a teoría global da tectónica de placas. | ▪ XB1.4.1. Interpreta algunhas manifestacións do dinamismo terrestre como consecuencia da tectónica de placas. | ▪ CAA |
| ▪ l | ▪ B1.5. Xeoplanetoloxía: características dos demais planetas e da Lúa, en comparación coa evolución xeolóxica do noso planeta. | ▪ B1.5. Analizar a evolución xeolóxica da Lúa e doutros planetas do Sistema Solar, comparándoas coa da Terra. | ▪ XB1.5.1. Analiza información xeolóxica da Lúa e doutros planetas do Sistema Solar, e compáraa coa evolución xeolóxica da Terra. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ a<br>▪ d | ▪ B1.6. Xeoloxía na vida cotiá. Problemas ambientais e xeolóxicos globais | ▪ B1.6. Observar as manifestacións da xeoloxía no ámbito diario e identificar algunhas implicacións na economía, na política, no desenvolvemento sustentable e no ambiente. | XB1.6.1. Identifica manifestacións da xeoloxía no ámbito diario, coñecendo usos e aplicacións desta ciencia na economía, na política, no desenvolvemento sustentable e na protección ambiental. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Xeoloxía. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 2. Minerais: os compoñentes das rochas | | | |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B2.1. Materia mineral e concepto de mineral. Relación entre estrutura cristalina, composición química e propiedades dos minerais. Mineraloides.<br>▪ B2.2. Relación entre as características dos minerais e a súa utilidade práctica.<br>▪ B2.3. Comprobación das características da materia mineral. | ▪ B2.1. Describir as propiedades que caracterizan a materia mineral; comprender e sinalar a súa variación como unha función da estrutura e a composición química dos minerais; e recoñecer a utilidade dos minerais polas súas propiedades. | ▪ XB2.1.1. Identifica as características que determinan a materia mineral, por medio de actividades prácticas con exemplos de minerais con propiedades contrastadas, relacionando a utilización dalgúns minerais coas súas propiedades. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ l<br>▪ d | ▪ B2.4. Clasificación químico-estrutural dos minerais.<br>▪ B2.5. Técnicas para a identificación de minerais.<br>▪ B2.6. Recoñecemento de visu das especies minerais máis comúns. | ▪ B2.2. Coñecer e identificar os grupos de minerais máis importantes segundo unha clasificación químico-estrutural, e nomear e distinguir de visu diferentes especies minerais. | ▪ XB2. 1.2. Recoñece os grupos minerais e identifícaos polas súas características fisicoquímicas, e recoñece por medio dunha práctica de visu algúns dos minerais máis comúns. | ▪ CMCCT |
| ▪ i<br>▪ e | ▪ B2.7. Formación, evolución e transformación dos minerais. Estabilidade e inestabilidade mineral.<br>▪ B2.8. Os diagramas de fases e a evolución e transformación dos minerais. | ▪ B2.3. Analizar as condicións fisicoquímicas na formación dos minerais, e comprender e describir as causas da evolución, da inestabilidade e da transformación mineral, utilizando diagramas de fases sinxelos. | ▪ XB2.1.3. Compara as situacións en que se orixinan os minerais, elaborando táboas segundo as súas condicións fisicoquímicas de estabilidade, e coñece algúns exemplos de evolución e transformación mineral por medio de diagramas de fases. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ i | ▪ B2.9. Procesos xeolóxicos formadores de minerais e rochas: magmáticos, metamórficos, hidrotermais, superxénicos e sedimentarios.<br>▪ B2.10. Principais minerais orixinados nos diferentes procesos xeoló- | ▪ B2.4. Coñecer e identificar os principais ambientes e procesos xeolóxicos formadores de minerais e rochas, e identificar algúns minerais coa súa orixe máis común (magmática, metamórfica, hidrotermal, superxénica ou sedimenta- | ▪ XB2.1.4. Compara os ambientes e os procesos xeolóxicos en que se forman os minerais e as rochas, e identifica algúns minerais como característicos de cada proceso xeolóxico de formación. | ▪ CAA |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Xeoloxía. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | xicos. | ria). | | |
| | Bloque 3. Rochas ígneas, sedimentarias e metamórficas | | | |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B3.1. Concepto de rocha e descrición das súas principais características. Criterios de clasificación. Clasificación dos principais grupos de rochas ígneas, sedimentarias e metamórficas.<br>▪ B3.2. Ciclo das rochas. Relación coa tectónica de placas.<br>▪ B3.3. Técnicas de identificación e recoñecemento de visu das rochas máis comúns en Galicia. | ▪ B3.1. Explicar o concepto de rocha e os criterios de clasificación; diferenciar e identificar polas súas características diversos tipos de formacións de rochas, e identificar os principais grupos de rochas ígneas (plutónicas e volcánicas), sedimentarias e metamórficas. | ▪ XB3.1.1. Explica o concepto de rocha e as súas principais características. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ XB3.1.2. Identifica mediante unha proba visual, en fotografías e/ou con espécimes reais, variedades e formacións de rochas, realizando exercicios prácticos na aula e elaborando táboas comparativas das súas características. | ▪ CCEC<br>▪ CMCCT |
| ▪ d<br>▪ i | ▪ B3.4. Orixe das rochas ígneas. Conceptos e propiedades dos magmas. Evolución e diferenciación magmática.<br>▪ B3.5. Clasificación das rochas ígneas. Rochas ígneas en Galicia. | ▪ B3.2. Coñecer a orixe das rochas ígneas, analizando a natureza dos magmas e comprendendo os procesos de xeración, diferenciación e localización dos magmas. | ▪ XB3.2.1. Describe a evolución do magma segundo a súa natureza, utilizando diagramas e cadros sinópticos. | ▪ CMCCT |
| ▪ i<br>▪ e | ▪ B3.6. Orixe das rochas sedimentarias. Proceso sedimentario: meteorización, erosión, transporte, depósito e diaxénese. Cuncas e ambientes sedimentarios.<br>▪ B3.7. Clasificación das rochas sedimentarias.<br>▪ B3.8. Cuncas sedimentarias galegas. | ▪ B3.3. Coñecer e diferenciar a orixe dos sedimentos e das rochas sedimentarias, analizando o proceso sedimentario desde a meteorización á diaxénese, e identificar as os tipos de medios sedimentarios. | ▪ XB3.3.1. Comprende e describe o proceso de formación das rochas sedimentarias, desde a meteorización da área fonte, pasando polo transporte e o depósito, á diaxénese, utilizando unha linguaxe científica axeitada ao seu nivel educativo.<br>▪ BX3.3.2. Comprende e describe os conceptos de facies sedimentarias e medios sedimentarios, identificando e localizando algunhas sobre un mapa e/ou no seu ámbito | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Xeoloxía. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | xeográfico-xeolóxico. | |
| ▪ i<br>▪ e | ▪ B3.9. Orixe das rochas metamórficas. Tipos de metamorfismo. Facies metamórficas e condicións fisicoquímicas de formación.<br>▪ B3.10. Clasificación das rochas metamórficas. Metamorfismo en Galicia. | ▪ B3.4. Coñecer e identificar a orixe das rochas metamórficas, diferenciando as facies metamórficas en función das condicións fisicoquímicas. | ▪ XB3.4.1. Comprende o concepto de metamorfismo e os seus tipos, asociándoos ás condicións de presión e temperatura, e é quen de elaborar cadros sinópticos comparando os devanditos tipos. | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| ▪ l | ▪ B3.11. Fluídos hidrotermais e a súa expresión en superficie. Depósitos hidrotermais e procesos metasomáticos. | ▪ B3.5. Coñecer e diferenciar a natureza dos fluídos hidrotermais, os depósitos e os procesos metasomáticos asociados. | ▪ BX3.5.1. Comprende o concepto de fluídos hidrotermais, localizando datos, imaxes e vídeos na rede sobre fumarolas e géysers actuais, e identifica os depósitos asociados. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| ▪ l<br>▪ d | ▪ B3.12. Magmatismo, sedimentación, metamorfismo e hidrotermalismo no marco da tectónica de placas<br>▪ B3.13. Hidrotermalismo en Galicia. | ▪ B3.6. Comprender e describir a actividade ígnea, sedimentaria, metamórfica e hidrotermal como fenómenos asociados á tectónica de placas. | ▪ BX3.6.1. Comprende e explica os fenómenos ígneos, sedimentarios, metamórficos e hidrotermais en relación coa tectónica de placas. | ▪ CMCCT<br>▪ CCEC |
| | Bloque 4. A tectónica de placas: unha teoría global | | | |
| ▪ i<br>▪ e | ▪ B4.1. Evolución histórica desde a deriva continental á tectónica de placas.<br>▪ B4.2. Mapa das placas tectónicas. | ▪ B4.1. Coñecer e indicar como é o mapa actual das placas tectónicas, e comparar este cos mapas simplificados. | ▪ XB4.1.1. Compara, en diferentes partes do planeta, o mapa simplificado de placas tectónicas con outros máis actuais achegados pola xeoloxía e a xeodesia. | ▪ CAA<br>▪ CD |
| ▪ i | ▪ B4.3. Límites das placas. Procesos intraplaca e interplaca. Evolución futura.<br>▪ B4.4. Cálculo informático do mo- | ▪ B4.2. Coñecer e indicar canto, como e por que se moven as placas tectónicas. | ▪ XB4.2.1. Coñece canto e como se moven as placas tectónicas, e utiliza programas informáticos de uso libre para coñecer a velocidade relativa do seu centro docente (ou | ▪ CD |

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Xeoloxía. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | vemento de calquera punto respecto as outras placas.<br>▪ B4.5. Causas do movemento das placas. Relación coa dinámica do interior do planeta. | | outro punto de referencia) respecto ao resto de placas tectónicas. | |
| | | | ▪ XB4.2.2. Entende e explica por que se moven as placas tectónicas e que relación ten coa dinámica do interior terrestre. | ▪ CAA |
| ▪ i | ▪ B4.6. Mecánica de rochas. Esforzos e deformacións. | ▪ B4.3. Comprender e explicar como se deforman as rochas. | ▪ XB4.3.1. Comprende e describe como se deforman as rochas. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| ▪ e<br>▪ m | ▪ B4.7. Principais estruturas xeolóxicas: dobras e fallas. | ▪ B4.4. Describir as principais estruturas xeolóxicas. | ▪ XB4.4.1. Coñece as principais estruturas xeolóxicas. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ e<br>▪ l | ▪ B4.8. Evolución dos oróxenos. Procesos oroxénicos e xeoloxía galega. | ▪ B4.5. Describir as características dun oróxeno, e relacionar o relevo galego coas principais oroxenias. | ▪ XB4.5.1. Coñece e describe as principais características dos modelos de oróxenos. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ i | ▪ B4.9. Relación da tectónica de placas cos principais aspectos da xeoloxía e o paleoclima do planeta.<br>▪ B4.10. Sismicidade, vulcanismo e tectónica de placas. | ▪ B4.6. Relacionar a tectónica de placas con algúns aspectos xeolóxicos: relevo, clima e cambio climático, variacións do nivel do mar, distribución de rochas, estruturas xeolóxicas, sismicidade e vulcanismo. | ▪ XB4.6.1. Explica os principais trazos do relevo do planeta e a súa relación coa tectónica de placas. | ▪ CAA |
| | | | ▪ XB4.6.2. Comprende e explica a relación entre a tectónica de placas, o clima e as variacións do nivel do mar. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ XB4.6.3. Coñece e argumenta como a distribución de rochas, a escala planetaria, está controlada pola tectónica de placas. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Xeoloxía. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ XB4.6.4. Relaciona as principais estruturas xeolóxicas (dobras e falas) coa tectónica de placas. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ XB4.6.5. Comprende e describe a distribución da sismicidade e o vulcanismo no marco da tectónica de placas. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| ▪ e<br>▪ g | ▪ B4.11. A tectónica de placas e a historia da Terra. Modelos informáticos para describir a evolución pasada e futura das placas | ▪ B4.7. Describir a tectónica de placas e os seus antecedentes históricos. | ▪ XB4.7.1. Entende como evoluciona o mapa das placas tectónicas ao longo do tempo e visualiza, a través de programas informáticos, a evolución pasada e futura das placas. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | Bloque 5. Procesos xeolóxicos externos | | | |
| ▪ l<br>▪ m | ▪ B5.2. Axentes causantes dos procesos xeolóxicos externos. | ▪ B5.1. Recoñecer a capacidade transformadora dos procesos externos. | ▪ XB5.1.1. Comprende e analiza como os procesos externos transforman o relevo. | ▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ l | ▪ B5.3. Axentes atmosféricos, augas continentais e mariñas e seres vivos, incluída a acción antrópica, como axentes que orixinan os procesos xeolóxicos externos. | ▪ B5.2. Identificar o papel da atmosfera, a hidrosfera e a biosfera e, nela, a acción antrópica. | ▪ XB5.2.1. Identifica o papel da atmosfera, a hidrosfera e a biosfera (incluída a acción antrópica). | ▪ CMCCT |
| ▪ a<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B5.4. Radiación solar e gravidade como motores dos procesos xeolóxicos externos. | ▪ B5.3. Distinguir a enerxía solar e a gravidade como motores dos procesos externos. | ▪ XB5.3.1. Analiza o papel da radiación solar e da gravidade como motores dos procesos xeolóxicos externos. | ▪ CAA |
| ▪ e | ▪ B5.5. Meteorización: tipos.<br>▪ B5.6. Procesos edafoxenéticos. Evolución e tipos de solo. | ▪ B5.4. Coñecer e describir os principais procesos de meteorización física e química, entender os procesos de edafoxénese, e coñecer | ▪ XB5.4.1. Diferencia os tipos de meteorización. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ XB5.4.2. Coñece os principais | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



| Xeoloxía. 2º de bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | e identificar os principais tipos de chans. | procesos edafoxenéticos e a súa relación cos tipos de solos. | ▪ CAA |
| ▪ e<br>▪ l | ▪ B5.7. Movementos de ladeira: tipos; factores que inflúen nos procesos. | ▪ B5.5. Comprender e diferenciar os factores que inflúen nos movementos de ladeira e os principais tipos. | ▪ XB5.5.1. Identifica os factores que favorecen ou dificultan os movementos de ladeira e coñece os seus principais tipos. | ▪ CMCCT |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ i | ▪ B5.8. Acción xeolóxica da auga. Distribución da auga na Terra. Ciclo hidrolóxico. | ▪ B5.6. Analizar a distribución da auga no planeta Terra e o ciclo hidrolóxico. | ▪ XB5.6.1. Coñece a distribución da auga no planeta, e comprende e describe o ciclo hidrolóxico. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ l<br>▪ e | ▪ B5.9. Augas superficiais: procesos e formas resultantes. | ▪ B5.7. Analizar a influencia do escoamento superficial como axente modelador e diferenciar as súas formas resultantes. | ▪ XB5.7.1. Relaciona os procesos de escoamento superficial e as súas formas resultantes. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ i<br>▪ e | ▪ B5.10. Glaciares: tipos, procesos e formas resultantes. | ▪ B5.8. Comprender e describir os procesos glaciares e as súas formas resultantes. | ▪ XB5.8.1. Diferencia as formas resultantes da modelaxe glacial, asociándoas co seu proceso correspondente. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ i<br>▪ e | ▪ B5.11. O mar: ondas, mareas e correntes de deriva. Procesos e formas resultantes. | ▪ B5.9. Comprender e describir os procesos xeolóxicos derivados da acción mariña e a formas resultantes. | ▪ XB5.9.1. Comprende a dinámica mariña e relaciona as formas resultantes co seu proceso correspondente. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ i<br>▪ e | ▪ B5.12. Acción xeolóxica do vento: procesos e formas resultantes. Desertos. | ▪ B5.10. Comprender e describir os procesos xeolóxicos derivados da acción eólica e relacionalos coas formas resultantes. | ▪ XB5.10.1. Diferencia formas resultantes da modelaxe eólica. | ▪ CMCCT |
| ▪ e<br>▪ l | ▪ B5.13. Circulación atmosférica e situación dos desertos. Principais desertos do planeta. | ▪ B5.11. Entender a relación entre a circulación xeral atmosférica e a localización dos desertos. | ▪ XB5.11.1. Sitúa a localización dos principais desertos. | ▪ CMCCT |
| ▪ l | ▪ B5.14. Litoloxía e relevo (rele- | ▪ B5.12. Coñecer algúns relevos | ▪ XB5.12.1. Relaciona algúns rele- | ▪ CAA |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Xeoloxía. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ i | vo cárstico e granítico). | singulares condicionados pola litoloxía (modelaxe cárstica e granítica). | vos singulares co tipo de rocha. | |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B5.15. Estrutura e relevo. Relevos estruturais. | ▪ B5.13. Analizar a influencia das estruturas xeolóxicas no relevo. | ▪ XB5.13.1. Relaciona algúns relevos singulares coa estrutura xeolóxica. | ▪ CAA |
| ▪ g<br>▪ l | ▪ B5.16. Relacións entre as paisaxes e os procesos xeolóxicos externos.<br>▪ B5.17. A paisaxe galega e os procesos xeolóxicos responsables. Xeomorfoloxía de Galicia. | ▪ B5.14. Interpretar fotografías de paisaxes en relacións cos axentes e os procesos xeolóxicos externos. | ▪ XB5.14.1. A través de fotografías ou de visitas con Google Earth a diferentes paisaxes locais ou rexionais, relaciona o relevo cos axentes e os procesos xeolóxicos externos. | ▪ CD |
| | Bloque 6. Tempo xeolóxico e xeoloxía histórica | | | |
| ▪ c<br>▪ m | ▪ B6.1. O tempo en Xeoloxía. Debate sobre a idade da Terra. Uniformismo fronte a catastrofismo. Rexistro estratigráfico. | ▪ B6.1. Analizar o concepto do tempo xeolóxico e entender a natureza do rexistro estratigráfico e a duración de diversos fenómenos xeolóxicos. | ▪ XB6.1.1. Argumenta sobre a evolución do concepto de tempo xeolóxico e a idea da idade da Terra ao longo de historia do pensamento científico. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| ▪ e<br>▪ l | ▪ B6.2. Método do actualismo: aplicación á reconstrución paleoambiental. Estruturas sedimentarias e bioxénicas. Paleoclimatoloxía. | ▪ B6.2. Entender a aplicación do método do actualismo á reconstrución paleoambiental; coñecer e indicar algúns tipos de estruturas sedimentarias e bioxénicas, e a súa aplicación; e utilizar os indicadores paleoclimáticos máis representativos. | ▪ XB6.2.1. Entende e desenvolve a analoxía dos estratos como as páxinas do libro onde está escrita a historia da Terra. | ▪ CAA |
| | | | ▪ XB6.2.2. Coñece a orixe dalgunhas estruturas sedimentarias orixinadas por correntes (ripples e estratificación cruzada) e bioxénicas (galerías e pistas), e utilízaas para a reconstrución paleoambiental. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |

| | Xeoloxía. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ i<br>▪ a | ▪ B6.3. Métodos de datación: xeocronoloxía relativa e absoluta. Principio de superposición dos estratos. Fósiles. Bioestratigrafía. Métodos radiométricos de datación absoluta.<br>▪ B6.4. Interpretación de cortes xeolóxicos e de mapas topográficos. Elaboración e interpretación de columnas estratigráficas. | ▪ B6.3. Coñecer e diferenciar os principais métodos de datación absoluta e relativa; aplicar o principio de superposición de estratos e derivados para interpretar cortes xeolóxicos; e entender os fósiles guía como peza clave para a datación bioestratigráfica. | ▪ XB6.3.1. Coñece e utiliza os métodos de datación relativa e das interrupcións no rexistro estratigráfico a partir da interpretación de cortes xeolóxicos e correlación de columnas estratigráficas. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ i<br>▪ e | ▪ B6.5. Táboa de tempo xeolóxico: unidades cronoestratigráficas e xeocronolóxicas. | ▪ B6.4. Identificar as principais unidades cronoestratigráficas que conforman a táboa de tempo xeolóxico. | ▪ XB6.4.1. Coñece as unidades cronoestratigráficas, e amosa o seu manexo en actividades e exercicios. | ▪ CMCCT<br>▪ CCEC |
| ▪ c<br>▪ l | ▪ B6.6. Xeoloxía histórica. Evolución xeolóxica e biolóxica da Terra desde o arcaico á actualidade, resaltando os principais eventos. Primates e evolución do xénero Homo. | ▪ B6.5. Coñecer e indicar os principais eventos globais acontecidos na evolución da Terra desde a súa formación. | ▪ XB6.5.1. Analiza algúns dos cambios climáticos, biolóxicos e xeolóxicos que aconteceron nas diferentes era xeolóxicas, e confecciona resumos explicativos ou táboas. | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ m | ▪ B6.7. Cambio climáticos naturais. Relación entre fenómenos naturais e cambios climáticos.<br>▪ B6.8. Cambio climático actual. Influencia da actividade humana. | ▪ B6.6. Diferenciar os cambios climáticos naturais e os inducidos pola actividade humana. | ▪ XB6.6.1. Relaciona fenómenos naturais con cambios climáticos, e valora a influencia da actividade humana. | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| | Bloque 7. Riscos xeolóxicos | | | |
| ▪ i | ▪ B7.1. Riscos naturais: perigo, vulnerabilidade, exposición e custo. | ▪ B7.1. Coñecer e identificar os principais termos no estudo dos riscos naturais. | ▪ XB7.1.1. Coñece e utiliza os principais termos no estudo dos riscos naturais: risco, perigo, vulnerabilidade e custo. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Xeoloxía. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ e<br>▪ i | ▪ B7.2. Clasificación dos riscos naturais: endóxenos, exóxenos e extraterrestres. | ▪ B7.2. Caracterizar os riscos naturais en función da súa orixe: endóxena, exóxena e extraterrestre. | ▪ XB7.2.1. Coñece os principais riscos naturais e clasifícaos en función da súa orixe endóxena, exóxena ou extraterrestre. | ▪ CMCCT |
| ▪ e<br>▪ a | ▪ B7.3. Principais riscos endóxenos: terremotos e volcáns.<br>▪ B7.4. Principais riscos exóxenos: movementos de ladeira, inundacións e dinámica litoral. | ▪ B7.3. Analizar en detalle algúns dos principais fenómenos naturais: terremotos, erupcións volcánicas, movementos de ladeira, inundacións e dinámica litoral. | ▪ XB7.3.1. Analiza casos concretos dos principais fenómenos naturais que acontecen no noso país: terremotos, erupcións volcánicas, movementos de ladeira, inundacións e dinámica litoral. | ▪ CAA |
| ▪ c<br>▪ e | ▪ B7.5. Situar os principais riscos endóxenos e esóxenos do noso país. Relaciona a súa distribución coas características xeolóxicas de cada zona. | ▪ B7.4. Comprender e sinalar a distribución destes fenómenos naturais no noso país e saber onde hai maior risco. | ▪ XB7.4.1. Coñece os riscos máis importantes no noso país e relaciona a súa distribución con determinadas características de cada zona. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| ▪ a<br>▪ h | ▪ B7.6. Análise e xestión de riscos: cartografías de inventario, susceptibilidade e grao de perigo. | ▪ B7.5. Entender as cartografías de risco. | ▪ XB7.5.1. Interpreta as cartografías de risco. | ▪ CAA |
| | | | ▪ AAB3.2.2. Identifica os ósos, as articulacións e os músculos principais implicados en diversos movementos, utilizando a terminoloxía axeitada. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ AAB3.2.3. Relaciona a estrutura muscular coa súa función na execución dun movemento e as forzas que actúan neste. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ AAB3.2.4. Relaciona diferentes tipos de pancas coas articulacións do corpo humano e coa participación muscular nos seus movementos. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ AAB3.2.5. Clasifica os principais movementos articulares en función dos planos e dos eixes do espazo. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ AAB3.2.6. Argumenta os efectos da práctica sistematizada de exercicio físico sobre os elementos estruturais e funcionais do sistema locomotor, en relación coas actividades artísticas e os estilos de vida. | ▪ CMCCT |
| ▪ d<br>▪ i | ▪ B3.8. Alteracións posturais: identificación, causas e corrección. | ▪ B3.3. Valorar a corrección postural e identificar os malos hábitos posturais, co fin de traballar de | ▪ AAB3.3.1. Identifica as alteracións máis importantes derivadas do mal uso postural e propón alterna- | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Anatomía Aplicada. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ l | ▪ B3.9. Hábitos saudables de hixiene postural na práctica das actividades artísticas. | forma segura e evitar lesións. | tivas saudables. | |
| | | | ▪ AAB3.3.2. Controla a súa postura e aplica medidas preventivas na execución de movementos propios das actividades artísticas, e valora a súa influencia na saúde. | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| ▪ d<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B3.10. Lesións do aparello locomotor nas actividades artísticas. Hábitos saudables e prevención de lesións.<br>▪ B3.11. Importancia do quecemento e da volta á calma na práctica de actividades artísticas. | ▪ B3.4. Identificar as lesións máis comúns do aparello locomotor nas actividades artísticas, en relación coas súas causas fundamentais. | ▪ AAB3.4.1. Identifica as principais patoloxías e lesións relacionadas co sistema locomotor nas actividades artísticas, e xustifica as súas causas principais. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ AAB3.4.2. Analiza posturas e xestos motores das actividades artísticas, aplicando os principios de ergonomía, e propón alternativas para traballar de forma segura e evitar lesións. | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 4. O sistema cardiopulmonar | | | |
| ▪ d<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B4.1. Sistema respiratorio: características, estrutura e funcións.<br>▪ B4.2. Fisioloxía da respiración.<br>▪ B4.3. Coordinación da respiración co movemento corporal e a súa intensidade.<br>▪ B4.4. Sistema cardiovascular: características, estrutura e funcións.<br>▪ B4.5. Fisioloxía cardíaca e da circulación.<br>▪ B4.6. Parámetros de saúde cardiovascular. Análise de hábitos e | ▪ B4.1. Identificar o papel do sistema cardiopulmonar no rendemento das actividades artísticas corporais. | ▪ AAB4.1.1. Describe a estrutura e a función dos pulmóns, detallando o intercambio de gases que ten lugar neles e a dinámica de ventilación pulmonar asociada. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ AAB4.1.2. Describe a estrutura e a función do sistema cardiovascular, explicando a regulación e a integración de cada compoñente. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ AAB4.1.3. Relaciona o latexo cardíaco, o volume e a capacidade pulmonar coa actividade física | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Anatomía Aplicada. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | costumes saudables.<br>▪ B4.7. Principios de acondicionamento cardiopulmonar para a mellora do rendemento en actividades artísticas que requiran de traballo físico. | | asociada a actividades artísticas de diversa índole. | |
| ▪ d<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B4.8. Características, estrutura e funcións do aparello fonador.<br>▪ B4.9. Principais patoloxías do sistema cardiopulmonar e as súas causas.<br>▪ B4.10. Principais patoloxías que afectan o aparello fonador e as súas causas.<br>▪ B4.11. Pautas e costumes saudables para o sistema cardiorrespiratorio e o aparello de fonación. | ▪ B4.2. Relacionar o sistema cardiopulmonar coa saúde, recoñecendo hábitos e costumes saudables para o sistema cardiorrespiratorio e o aparello de fonación, nas accións motoras inherentes ás actividades artísticas corporais e na vida cotiá. | ▪ AAB4.2.1. Identifica os órganos respiratorios implicados na declamación e no canto. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ AAB4.2.2. Identifica a estrutura anatómica do aparello de fonación, e describe as interaccións entre as estruturas que o integran. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ AAB4.2.3. Identifica as principais patoloxías que afectan o sistema cardiopulmonar en relación coas causas máis habituais e cos seus efectos nas actividades artísticas. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ AAB4.2.4. Identifica as principais patoloxías que afectan o aparello de fonación en relación coas causas máis habituais. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ AAB4.2.4.5. Recoñece hábitos e costumes saudables para o sistema cardiorrespiratorio e o aparello de fonación, nas accións motoras inherentes ás actividades artísticas corporais e na vida cotiá. | ▪ CMCCT |
| | Bloque 5. O sistema de achega e utilización da enerxía | | | |

| | Anatomía Aplicada. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ d<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B5.1. Metabolismo humano.<br>▪ B5.2. Principais vías metabólicas de obtención de enerxía. Metabolismo aeróbico e anaeróbico.<br>▪ B5.3. Metabolismo enerxético e actividade física. Mecanismos para a mellora da eficiencia de acción.<br>▪ B5.4. Mecanismos fisiolóxicos presentes na aparición da fatiga e no proceso de recuperación. | ▪ B5.1. Argumentar os mecanismos enerxéticos que interveñen nunha acción motora, co fin de xestionar a enerxía e mellorar a eficiencia da acción. | ▪ AAB5.1.1. Describe os procesos metabólicos de produción de enerxía polas vías aeróbica e anaeróbica, e xustifica o seu rendemento enerxético e a súa relación coa intensidade e a duración da actividade. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ AAB5.1.2. Xustifica o papel do ATP como transportador da enerxía libre, asociándoo coa subministración continua e adaptada ás necesidades do corpo humano. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ AAB5.1.3. Identifica tanto os mecanismos fisiolóxicos que conducen a un estado de fatiga física como os mecanismos de recuperación. | ▪ CMCCT |
| ▪ d<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B5.5. Sistema dixestivo: características, estrutura e funcións.<br>▪ B5.6. Fisioloxía do proceso dixestivo.<br>▪ B5.7. Alimentación e nutrición. Tipos de nutrientes. | ▪ B5.2. Recoñecer os procesos de dixestión e absorción de alimentos e nutrientes, e explicar as estruturas orgánicas implicadas en cada un. | ▪ AAB5.2.1. Identifica a estrutura dos aparellos e dos órganos que interveñen nos procesos de dixestión e absorción dos alimentos e nutrientes, en relación coas súas funcións en cada etapa | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ AAB5.2.2. Distingue os procesos que interveñen na dixestión e na absorción dos alimentos e dos nutrientes, vinculándoos coas estruturas orgánicas implicadas en cada un. | ▪ CMCCT |
| ▪ d<br>▪ i | ▪ B5.8. Dieta equilibrada e a súa relación coa saúde. Tipos de ali- | ▪ B5.3. Valorar os hábitos nutricionais que inciden favorablemente na saúde e no rendemento das | ▪ AAB5.3.1. Discrimina os nutrientes enerxéticos dos non enerxéticos, en relación cunha dieta sa e | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Anatomía Aplicada. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ l | mentos. Balance enerxético.<br>▪ B5.9. Necesidades de alimentación en función da actividade realizada.<br>▪ B5.10. Hidratación. Pautas saudables de consumo en función da actividade realizada. | actividades artísticas corporais. | equilibrada. | |
| | | | ▪ AAB5.3.2. Relaciona a hidratación co mantemento dun estado saudable, calculando o consumo de auga diario necesario en distintas circunstancias ou actividades. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ AAB5.3.3. Elabora dietas equilibradas, calculando o balance enerxético entre inxestión e actividade, e argumenta a súa influencia na saúde e no rendemento físico. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ AAB5.3.4. Recoñece hábitos alimentarios saudables e prexudiciais para a saúde, e saca conclusións para mellorar o benestar persoal. | ▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B5.11. Trastornos do comportamento nutricional: dietas restritivas, anorexia e bulimia. Efectos sobre a saúde.<br>▪ B5.12. Factores sociais e derivados da propia actividade artística que conducen á aparición de distintos tipos de trastorno do comportamento nutricional. | ▪ B5.4. Identificar os trastornos do comportamento nutricional máis comúns e os efectos que teñen sobre a saúde. | ▪ AAB5.4.1. Identifica os principais trastornos do comportamento nutricional e argumenta os efectos que teñen para a saúde. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ AAB5.4.2. Recoñece os factores sociais, incluíndo os derivados do propio traballo artístico que conducen á aparición nos trastornos do comportamento nutricional. | ▪ CSC |
| | Bloque 6. Os sistemas de coordinación e de regulación | | | |
| ▪ d<br>▪ i | ▪ B6.1. Sistema nervioso: características, estrutura e funcións. Mo- | ▪ B6.1. Recoñecer os sistemas de coordinación e regulación do corpo humano, especificando a súa | ▪ AAB6.1.1. Describe a estrutura e as función dos sistemas implicados no control e na regulación da | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Anatomía Aplicada. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ l | vementos reflexos e voluntarios.<br>▪ B6.2. Sistema endócrino: características, estrutura e funcións.<br>▪ B6.3. Fisioloxía do sistema de regulación na práctica das actividades artísticas. | estrutura e función. | actividade do corpo humano, establecendo a asociación entre eles. | |
| | | | ▪ AAB6.1.2. Recoñece as diferenzas entre os movementos reflexos e os voluntarios, asociándoos ás estruturas nerviosas implicadas neles. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ AAB6.1.3. Interpreta a fisioloxía do sistema de regulación, indicando as interaccións entre as estruturas que o integran e a execución de actividades artísticas. | ▪ CMCCT |
| ▪ d<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B6.4. A función hormonal na actividade física.<br>▪ B6.5. Equilibrio hídrico, osmorregulación e termoregulación no corpo humano: mecanismos de acción.<br>▪ B6.6. Relación dos sistemas de regulación do organismo coa actividade física e coas actividades artísticas. | ▪ B6.2. Identificar o papel do sistema neuroendócrino na actividade física, recoñecendo a relación entre todos os sistemas do organismo humano. | ▪ AAB6.2.1. Describe a función das hormonas e o importante papel que xogan na actividade física. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ AAB6.2.2. Analiza o proceso de termorregulación e de regulación de augas e sales en relación coa actividade física. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ AAB6.2.3. Valora os beneficios do mantemento dunha función hormonal para o rendemento físico do/da artista. | ▪ CMCCT |
| | Bloque 7. Expresión e comunicación corporal | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ h<br>▪ n | ▪ B7.1. Posibilidades artístico-expresivas e de comunicación do corpo e do movemento.<br>▪ B7.2. Achegas das actividades artísticas corporais no desenvol- | ▪ B7.1. Recoñecer as características principais da motricidade humana e o seu papel no desenvolvemento persoal e da sociedade. | ▪ AAB7.1.1. Recoñece e explica o valor expresivo, comunicativo e cultural das actividades practicadas como contribución ao desenvolvemento integral da persoa. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |

| | Anatomía Aplicada. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | vemento persoal do/da artista e da sociedade. | | ▪ AAB7.1.2. Recoñece e explica o valor social das actividades artísticas corporais, desde o punto de vista tanto de practicante como de espectador. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ d<br>▪ h<br>▪ n | ▪ B7.4. Danza, teatro físico e outras manifestacións artísticas que lle permiten ao ser humano expresarse corporalmente. | ▪ B7.2. Identificar as accións que lle permiten ao ser humano ser capaz de expresarse corporalmente e de relacionarse co seu ámbito. | ▪ AAB7.2.1. Identifica os elementos básicos do corpo e o movemento como recurso expresivo e de comunicación. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ AAB7.2.2. Utiliza o corpo e o movemento como medio de expresión e de comunicación, e valora o seu valor estético. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ d<br>▪ h<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B7.4. Toma de conciencia do corpo e do espazo. Elementos rítmicos. Focos expresivos do corpo.<br>▪ B7.5. A linguaxe corporal como fonte de desenvolvemento creativo. | ▪ B7.3. Diversificar e desenvolver as súas habilidades motoras específicas con fluidez, precisión e control, aplicándoas a distintos contextos de práctica artística. | ▪ AAB7.3.1. Conxuga a execución dos elementos técnicos das actividades de ritmo e expresión ao servizo da intencionalidade. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ AAB7.3.2. Aplica habilidades específicas expresivo-comunicativas para enriquecer as posibilidades de resposta creativa. | ▪ CCEC<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 8. Elementos comúns | | | |
| ▪ d<br>▪ g<br>▪ i | ▪ B8.1. Tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de aprendizaxe. | ▪ B8.1. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para mellorar o seu proceso de aprendizaxe, procurando fontes de información axeitadas e participando en ámbitos colaborativos con intereses comúns. | ▪ AAB8.1.1. Compila información, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación, de forma sistematizada e aplicando criterios de procura que garantan o acceso a fontes actualizadas e rigorosas na materia. | ▪ CD<br>▪ CAA |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Anatomía Aplicada. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ AAB8.1.2. Comunica e comparte a información coa ferramenta tecnolóxica axeitada, para a súa discusión ou difusión. | ▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ d<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B8.2. Metodoloxía científica de traballo na resolución de problemas sobre o funcionamento humano, a saúde, a motricidade humana e as actividades artísticas. | ▪ B8.2. Aplicar destrezas de investigación experimentais sinxelas coherentes cos procedementos da ciencia, utilizándoas na resolución de problemas que traten do funcionamento do corpo humano, a saúde e a motricidade humana. | ▪ AAB8.2.1. Aplica unha metodoloxía científica na formulación e na resolución de problemas sinxelos sobre algunhas funcións importantes da actividade artística. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| | | | ▪ AAB8.2.2. Amosa curiosidade, creatividade, actividade indagadora e espírito crítico, e recoñece que son trazos importantes para aprender a aprender. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ AAB8.2.3. Coñece e aplica métodos de investigación que permitan desenvolver proxectos propios. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ m | ▪ B8.3. Traballo en grupo. Técnicas de aprendizaxe cooperativa. | ▪ B8.3. Demostrar de xeito activo motivación, interese e capacidade para o traballo en grupo e para a asunción de tarefas e responsabilidades. | ▪ AAB8.3.1. Participa na planificación das tarefas, asumindo o traballo encomendado, e comparte as decisións tomadas en grupo. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ AAB8.3.2. Valora e reforza as achegas enriquecedoras dos compañeiros e das compañeiras, e apoia o traballo das demais persoas. | ▪ CAA<br>▪ CSC |

DOG Diario Oficial de Galicia
DOG Núm. 120 Luns, 29 de xuño de 2015 Páx. 26421

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

## Artes Escénicas e Danza

### Introdución

A materia de Artes Escénicas e Danza debe dotar o alumnado de coñecementos, técnicas e procedementos que lle permitan expresarse e crear artisticamente a través das linguaxes do teatro e a danza. Para tal fin, os alumnos e as alumnas deben comprender e interpretar diferentes linguaxes escénicas, así como o devir da historia do teatro e da danza ao longo dos séculos; saber mirar as artes escénicas e a danza, comprender a súa importancia e verificar os cambios xurdidos no seu desenvolvemento; constatar e valorar a creación artística cando se pon ao servizo dunha arte específica, como a danza e o teatro; e xerar argumentos nos que se fundamente tanto o camiño percorrido polas artes escénicas e a danza como o seu espazo de apoio para unha formación integral: física, estética e cultural.

Doutra banda, é indispensable que o alumnado tome conciencia dos seus recursos expresivos e os desenvolva na práctica, mediante a exploración dos compoñentes do movemento (corpo, espazo, tempo, enerxía e interrelación); o desenvolvemento da súa capacidade de concentración, relaxación e autoconciencia corporal; a procura de niveis óptimos de equilibrio psicofísico; a aplicación do imaxinario na modelaxe da súa conduta; a estimulación das súas habilidades comunicativas; a vivencia e a recreación de situacións dramáticas diversas; a exploración dos seus recursos no terreo da oralidade; e o desenvolvemento da sensibilidade rítmica e melódica a nivel corporal e vocal.

É de importancia para a formación do alumnado o coñecemento dos grandes cambios xurdidos nas artes escénicas e na danza. Os alumnos e as alumnas deberán ser conscientes de como as ideas subxacentes baixo as formas visibles (coreografías; danzas populares, preclásicas, clásicas e contemporáneas; decorados; bosquexos; figurinos; edificios teatrais e espazos para a representación; textos dramáticos; postas en escena, etc.) configuraron múltiples xeitos de construír e realizar as artes escénicas e a danza. Tamén deberán entender, xa que logo, cada sociedade e cada época; comprender e saber que o interese da materia reside tanto en experimentar o potencial expresivo e creativo persoal como en entender o modo en que diferentes aspectos da creación foron modificados por circunstancias históricas, culturais, rituais, ambientais, técnicas, estilísticas ou simbólicas que cada pobo vai incorporando como expresión da súa forma de sentir e de pensar.

A materia permite ir descubrindo cos alumnos e coas alumnas, a través da súa propia experiencia, o desenvolvemento das súas capacidades artísticas creativas e interpretativas, estudando, así, os aspectos teóricos e prácticos da materia. O cúmulo de referentes e a bagaxe formativa deben, finalmente, capacitar o alumnado para poder

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

afrontar o seu traballo con maior resolución, podendo facer propostas máis brillantes e admitir diferentes interpretacións, ao mellorar as súas potencialidades e ao incrementar a súa percepción, observación, memorización e concentración, fomentando, así, a mellora da propia imaxe e a configuración da súa personalidade.

Trátase, en esencia, de contribuír á formación integral do alumnado e ao enriquecemento do seu acervo cultural, ensinándolle a apreciar tanto a beleza das obras, dos espectáculos e das montaxes que ilustraron culturas pasadas como as que sustentan o noso século: o conxunto dun legado que, á súa vez, deberán transmitir.

Estrutúrase esta materia en catro bloques: "Común", "Teatro", "Danza" e "Outras artes escénicas.

4º da ESO

| | Artes Escénicas e Danza. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Común | | | |
| ▪ b<br>▪ l<br>▪ e<br>▪ n<br>▪ ñ | ▪ B1.1. Concepto e tipoloxía das artes escénicas: ópera, teatro e danza.<br>▪ B1.2. Historia da ópera.<br>▪ B1.3. Teatro musical.<br>▪ B1.4. Historia do teatro e da danza.<br>▪ B1.5. Teatro e danza en Europa, España e Galicia.<br>▪ B1.6. Elementos básicos da ficción escénica. | ▪ B1.1. Expor de forma crítica a opinión persoal respecto da función das artes escénicas (danza, teatro, circo, ópera, etc.) e a súa importancia como medio de expresión de sentimentos, emocións, ideas e sensacións. | ▪ AEDB1.1.1. Coñece e explica a función da danza, o teatro e outras artes escénicas en situacións e contextos diversos (actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación, etc.). | ▪ CCEC<br>▪ CSC |
| | | | ▪ AEDB1.1.2. Reflexiona sobre as artes escénicas e a danza como un medio de intervención e transformación da realidade e da conciencia social. | ▪ CCEC<br>▪ CAA |
| ▪ n<br>▪ l<br>▪ g<br>▪ e | ▪ B1.7. Tradicións escénicas: oriente e occidente.<br>▪ B1.4. Historia do teatro e da danza.<br>▪ B1.5. Teatro e danza en Europa, España e Galicia.<br>▪ B1.8. A ópera en Europa, España e Galicia. | ▪ B1.2. Apreciar a importancia do patrimonio español e galego en artes escénicas, e comprender o valor de conservar e transmitir o seu legado. | ▪ AEDB1.2.1. Valora o legado do patrimonio artístico español, comprendendo a importancia da súa preservación e transmisión. | ▪ CAA<br>▪ CCEC |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Artes Escénicas e Danza. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ m<br>▪ b<br>▪ d | ▪ B1.9. Beneficios da práctica da danza e o teatro para o desenvolvemento integral das persoas e para a mellora da saúde.<br>▪ B1.10. A exploración do corpo e do movemento como instrumentos expresivos. | ▪ B1.3. Explicar o papel da danza e do teatro para a mellora da saúde física e psíquica a través da súa propia experiencia. | ▪ AEDB1.3.1. Recoñece e aplica os beneficios experimentados que achegan a danza e o teatro á saúde física e psíquica. | ▪ CMCCT<br>▪ CD |
| ▪ l<br>▪ g | ▪ B1.1. Concepto e tipoloxía das artes escénicas: ópera, teatro e danza. | ▪ B1.4. Realizar unha reflexión sobre os espectáculos de danza, teatro e outras artes escénicas. | ▪ AEDB1.4.1. Analiza e comenta os espectáculos de danza, teatro e outras artes escénicas aos que se asistiu, en relación cos contidos estudados. | ▪ CCEC<br>▪ CSIEE |
| ▪ h<br>▪ i<br>▪ b | ▪ B1.11. Ferramentas de expresión corporal, xestual oral e rítmico-musical.<br>▪ B1.10. Exploración do corpo e do movemento como instrumentos expresivos.<br>▪ B1.6. Elementos básicos da ficción escénica. | ▪ B1.5. Desenvolver capacidades e destrezas lingüísticas orais e escritas, non verbais, xestuais e mímicas que aumenten o acervo expresivo e o repertorio comunicativo. | ▪ AEDB1.5.1. Demostra riqueza comunicativa verbal e non verbal. | ▪ CCL |
| | | | ▪ AEDB1.5.2. Entende as artes escénicas e a danza como un espazo activo de escoita e de diálogo, procurando modos de expresión máis aló da palabra. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ d<br>▪ m | ▪ B1.10. Exploración do corpo e do movemento como instrumentos expresivos. | ▪ B1.6. Xerar recursos para desenvolver un maior coñecemento de si mesmo/a e unha personalidade autónoma e independente. | ▪ AEDB1.6.1. Amosa interese por construír unha personalidade autónoma e independente. | ▪ CAA |
| | Bloque 2. Teatro | | | |
| ▪ e<br>▪ b<br>▪ f<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B2.1. Paradigmas e escolas de interpretación.<br>▪ B2.2. Estrutura dramática: situación, personaxe, obxectivo, conflito e acción. | ▪ B2.1. Explicar os estilos e as formas de teatro: textual, xestual, de obxectos, musical e lírico. | ▪ AEDB2.1.1. Recoñece e describe as características dos estilos e das formas de danza e de teatro. | ▪ CCEC<br>▪ CD |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Artes Escénicas e Danza. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ ñ<br>▪ o | ▪ B2.3. Deseño dun espectáculo: equipos, fases e áreas de traballo.<br>▪ B2.4. Oficios da práctica escénica: dirección escénica, dramaturxia, escenografía, interpretación, iluminación, indumentaria, caracterización, espazo sonoro e atrezzo. | | | |
| ▪ e<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B2.5. Técnicas de interpretación e improvisación.<br>▪ B2.6. Técnica vocal: respiración, colocación, apoio e articulación.<br>▪ B2.7. Expresión oral: expresión e ritmo en prosa e en verso.<br>▪ B2.3. Deseño dun espectáculo: equipos, fases e áreas de traballo. | ▪ B2.2. Interpretar nun espazo escénico unha peza teatral onde se valoren as destrezas e as habilidades adquiridas. | ▪ AEDB2.2.1. Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación dun repertorio variado de teatro en grupo, incorporando a expresión xestual, oral e cinética, e desenvolvendo unha partitura escénica. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ AEDB2.2.2. Coñece e escenifica os estilos e as técnicas escénicas que fomentan o autocoñecemento, a creatividade, a emoción e a conciencia corporal. | ▪ CCEC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ AEDB2.2.3. Colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| ▪ n<br>▪ b<br>▪ f | ▪ B2.5. Técnicas de interpretación e improvisación.<br>▪ B2.2. Estrutura dramática: situación, personaxe, obxectivo, conflito e acción.<br>▪ B2.6. Técnica vocal: respiración, colocación, apoio e articulación.<br>▪ B2.7. Expresión oral: expresión e ritmo en prosa e en verso. | ▪ B2.3. Demostrar a capacidade para improvisar unha secuencia de movementos, libres ou cun fin determinado e valorar a importancia da improvisación teatral. | ▪ AEDB2.3.1. Utiliza con rigor os elementos e as calidades do movemento na improvisación teatral. | ▪ CCEC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ AEDB2.3.2. Utiliza a improvisación como medio para explorar a situación, o conflito, o personaxe e a acción. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ AEDB2.3.3. Utiliza a improvisa- | ▪ CAA |

| | Artes Escénicas e Danza. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | ▪ B2.4. Os oficios da práctica escénica: dirección escénica, dramaturxia, escenografía, interpretación, iluminación, indumentaria, caracterización, espazo sonoro e atrezzo. | | ción como técnica de creación dramática e teatral | ▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ e | ▪ B2.7. Expresión oral: expresión e ritmo en prosa e en verso.<br>▪ B2.3. Deseño dun espectáculo: equipos, fases e áreas de traballo.<br>▪ B2.4. Oficios da práctica escénica: dirección escénica, dramaturxia, escenografía, interpretación, iluminación, indumentaria, caracterización, espazo sonoro e atrezzo. | ▪ B2.4. Integrarse en dinámicas de grupo creativas que fomenten un comportamento social, solidario, tolerante, responsable e asertivo que lle axude a superar inhibicións, medos e obstáculos comunicativos. | ▪ AEDB2.4.1. Participa en las actividades de grupo. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ AEDB2.4.2. Interpreta e memoriza un repertorio variado de teatro en grupo. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| | Bloque 3. Danza | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ n | ▪ B3.1. Descrición e análise das formas e os estilos de danza.<br>▪ B3.2. Paradigmas e escolas de danza.<br>▪ B3.3.Técnicas de danza | ▪ B3.1. Explicar os estilos (clásica, moderna, española e baile flamenco) e as formas de danza (étnicas e populares), en función da historia e das especialidades educativas. | ▪ AEDB3.1.1. Recoñece, clasifica e sitúa no tempo, na cultura e no estilo as danzas e os espectáculos vistos previamente na aula. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ m | ▪ B3.4. Aliñamento e coordinación corporal.<br>▪ B3.5. Relación coa gravidade e enerxía do movemento.<br>▪ B3.6. O corpo no espazo: traxectoria, desprazamento e foco.<br>▪ B3.7. Musicalidade e precisión rítmica.<br>▪ B3.8. Calidades e dinámicas do movemento.<br>▪ B3.9. Estruturas coreográficas | ▪ B3.2. Interpretar en grupo danzas a través da aprendizaxe de coreografías, memorizadas e ensaiadas ao longo do curso. | ▪ AEDB3.2.1. Interpreta e memoriza un repertorio variado de danzas en grupo. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ AEDB3.2.2. Integra pautas de conciencia corporal e de control de movemento traballadas na aula. | ▪ CAA<br>▪ CCEC |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia
DOG Diario Oficial de Galicia

| | Artes Escénicas e Danza. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ f<br>▪ m<br>▪ n<br>▪ d | ▪ B3.4. Aliñamento e coordinación corporal.<br>▪ B3.5. Relación coa gravidade e enerxía do movemento.<br>▪ B3.6. O corpo no espazo: traxectoria, desprazamento e foco.<br>▪ B3.7. Musicalidade e precisión rítmica.<br>▪ B3.8. Calidades e dinámicas do movemento.<br>▪ B3.10. Exploración de formas de movemento propias a través da improvisación libre.<br>▪ B3.11. Técnicas de improvisación. Improvisación pautada.<br>▪ B3.12. Composición coreográfica. | ▪ B3.3. Demostrar a capacidade para improvisar unha secuencia de movementos, libres ou cun fin determinado, e valorar a importancia da improvisación en danza. | ▪ AEDB3.3.1. Utiliza con rigor os elementos e as calidades do movemento na improvisación da súa danza. | ▪ CCEC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ AEDB3.3.2. Elabora e presenta con rigor e precisión pequenas estruturas coreográficas, en grupos pequenos, medianos e grandes. | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 4. Outras artes escénicas | | | |
| ▪ b<br>▪ l<br>▪ n<br>▪ ñ | ▪ B4.1. Espectáculos escénicos: circo, espectáculos musicais e performance.<br>▪ B4.2. Creación e difusión de produtos escénicos en Galicia.<br>▪ B4.3. Importancia da música cinematográfica, publicitaria e de ambientación. A danza no cine. | ▪ B4.1. Explicar as características doutras artes escénicas, a súa evolución ao longo da historia e o seu papel na sociedade. | ▪ AEDB4.1.1. Recoñece e describe as artes escénicas e as súas manifestacións. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ AEDB4.1.2. Recoñece e diferencia as artes escénicas no seu conxunto, en función das súas características específicas e singulares. | ▪ CCEC<br>▪ CAA |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



## Ciencias da Terra e do Medio Ambiente

### Introdución

A materia de Ciencias da Terra e do Medio Ambiente ten como eixe principal o uso que facemos as persoas dos recursos que nos ofrece o noso planeta, un planeta finito que "utilizamos" como se fose ilimitado. Debe ser un instrumento para a comprensión do mundo que nos rodea e debe, tamén, promover unha reflexión crítica acerca da problemática ambiental que leve o alumnado a exercer unha cidadanía con conciencia cívica responsable, inspirada en valores, actitudes e intereses que o leven a protexer e mellorar o medio natural e, consecuentemente, participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellora do seu contorno social.

A humanidade enfróntase a importantes retos no século XXI; entre eles, a procura de fontes alternativas de enerxía, o abastecemento de materias primas, o quecemento global, a alteración da capa de ozono ou a perda da biodiversidade. Cómpre non esquecer toda a variabilidade de impactos ambientais que a humanidade, coas súas accións, provoca no medio natural, e que é necesario abordar desde unha perspectiva integradora e holística e dun xeito interdisciplinario e sintético, que é, precisamente, unha característica inherente a esta materia do bacharelato: a aplicación de coñecementos e competencias adquiridas doutras ciencias, principalmente da bioloxía, da xeoloxía, da física e da química.

Coñecer a problemática ambiental e os avances científicos contribúe a facilitar a formulación de solucións integradoras entre desenvolvemento e ambiente, permitindo establecer unha xestión sustentable do noso planeta, o que permitirá evitar, ou cando menos diminuír, o impacto sobre o medio dalgunhas actividades humanas.

Ciencias da Terra e do Medio Ambiente aborda cuestións relacionadas coa comprensión do funcionamento dos sistemas terrestres, as súas dinámicas e as súas interaccións desde a escala local, rexional ou global. Para o conseguir, cómpre unha reflexión científica, aplicando modelos teóricos e análises, coa finalidade de proporcionar unha visión que permita atopar un equilibrio entre o aproveitamento dos recursos e a sustentabilidade, así como comprender a realidade de xeito global e sistémico, e valorar o contorno e toda a problemática relacionada coa actividade humana. Para isto é necesario valorar os riscos e propor medidas de predición, prevención e corrección, que mitiguen o risco.

O desenvolvemento da materia implica utilizar de xeito sintético os coñecementos científicos adquiridos en cursos anteriores e outros que se adquiren dun xeito menos formal, xa que moitos dos temas que se estudan constitúen unha preocupación da sociedade actual e están cada vez máis presentes nos medios de comunicación social.

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



Ademais, require relacionar de xeito explícito o estudo da ciencia, a técnica, a sociedade e o ambiente, coa finalidade de analizar as situacións e as opcións ou alternativas de xestión coas que se pode abordar toda a problemática ambiental á que se enfronta a humanidade na actualidade.

A materia divídese en sete bloques de contidos. No bloque I ("Medio ambiente e fontes de información ambiental"), logo de definido o medio ambiente, os contidos céntranse na teoría de sistemas e a súa metodoloxía de traballo, así como nas fontes de información ambiental. Trátase de pór á disposición do alumnado as ferramentas básicas para abordar o estudo da Terra desde un punto de vista sistémico, así como adquirir o coñecemento necesario para acceder con rigor ás fontes de información ambiental.

O bloque 2 ("Dinámica dos sistemas fluídos") aborda contidos relacionados coa dinámica dos subsistemas terrestres fluídos, a atmosfera e a hidrosfera, como paso previo ao estudo dos bloques 3 ("Contaminación atmosférica") e 4 ("Contaminación das augas"), nos que os contidos xirarán arredor de toda a problemática ambiental relacionada coa contaminación dos anteditos subsistemas terrestres: a contaminación atmosférica e a contaminación das augas.

O bloque 5 ("A xeosfera e os riscos xeolóxicos") trata contidos relacionados cos riscos xeolóxicos internos e externos, facendo fincapé nas medidas de predición, prevención e corrección que se poden pór en práctica fronte a este tipo de impactos.

O bloque 6, co título de "Circulación de materia e enerxía na biosfera", inclúe contidos relacionados coa composición, a estrutura e a dinámica dos ecosistemas, a importancia da biodiversidade e a súa conservación e, finalmente, un análise sobre a situación de interfases como o solo e o medio litoral, que son moi fráxiles en relación á presión ás que os someten as actividades humanas, e que é preciso valorar e conservar.

Por último, a modo de conclusión, o bloque 7 ("A xestión do planeta e o desenvolvemento sustentable") ten como finalidade analizar modelos de xestión do planeta, investigar sobre a información facilitada por diferentes instrumentos de avaliación ambiental e achegarse á lexislación en materia ambiental a nivel local, autonómico, estatal e internacional. En definitiva, trátase de reflexionar con sentido crítico sobre a problemática ambiental á que se enfronta a sociedade utilizando diferentes fontes de información.

2º de bacharelato

| | | |
|---|---|---|
| | Ciencias da Terra e do Medio Ambiente. 2º de bacharelato | |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias Clave |
|---|---|---|---|---|
| | Bloque 1. Medio ambiente e fontes de información ambiental | | | |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B1.1. Concepto de medio ambiente e dinámica de sistemas. Modelos da teoría de Sistemas. | ▪ B1.1. Realizar modelos de sistemas considerando as variables, analizando a interdependencia dos seus elementos e establecendo as súas relacións causais. | ▪ CTMAB1.1.1. Contrasta a interdependencia dos elementos dun sistema establecendo as súas relacións. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ CTMAB1.1.2. Elabora modelos de sistemas nos que representa as relacións causais, interpretando as consecuencias da variación dos distintos factores. | ▪ CAA |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B1.2. O medio natural como sistema. Aplicación da teoría de sistemas ao sistema natural.<br>▪ B1.3. Humanidade e medio ambiente. Historia das relacións da humanidade coa natureza. | ▪ B1.2. Aplicar a dinámica de sistemas aos cambios ambientais acontecidos como consecuencia da aparición da vida e as actividades humanas ao longo da historia. | ▪ CTMAB1.2.1. Analiza, a partir de modelos sinxelos, os cambios ambientais que tiveron lugar como consecuencia da aparición da vida e da acción humana ao longo da historia. | ▪ CCEC<br>▪ CAA |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B1.4. Recursos naturais, riscos e impactos ambientais. | ▪ B1.3. Identificar recursos, riscos e impactos, asociándoos á actividade humana sobre o medio ambiente. | ▪ CTMAB1.3.1. Identifica e clasifica recursos, riscos e impactos ambientais asociados. | ▪ CMCCT |
| ▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B1.5. Fontes de información ambiental. | ▪ B1.4. Identificar os principais instrumentos de información ambiental. | ▪ CTMAB1.4.1. Coñece e enumera os principais métodos de información ambiental. | ▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ CTMAB1.4.2. Extrae conclusións sobre cuestións ambientais a partir de distintas fontes de información. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 2. Dinámica dos sistemas fluídos | | | |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B2.1. A radiación solar como recurso enerxético.<br>▪ B2.2. As masas fluídas e a súa rela- | ▪ B2.1. Identificar os efectos da radiación solar na dinámica das capas fluídas, no clima e na xeodinámica externa. | ▪ CTMAB2.1.1. Valora a radiación solar como recurso enerxético. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ CTMAB2.1.2. Relaciona a radiación | ▪ CMCCT |

DOG Núm. 120 Luns, 29 de xuño de 2015 Páx. 26430
DOG Diario Oficial de Galicia
XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| Ciencias da Terra e do Medio Ambiente. 2º de bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias Clave |
| | ción co funcionamento do clima. | | solar coa dinámica das capas fluídas e o clima. | |
| | | | ▪ CTMAB2.1.3. Explica a relación entre radiación solar e xeodinámica externa. | ▪ CMCCT |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B2.2. As masas fluídas e a súa relación co funcionamento do clima. | ▪ B2.2. Comprender o funcionamento das capas fluídas establecendo a súa relación co clima. | ▪ CTMAB2.2.1. Explica a dinámica da atmosfera e as súas consecuencias no clima. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B2.3. Compoñentes da atmosfera, orixe e importancia biolóxica. | ▪ B2.3. Recoñecer os compoñentes da atmosfera relacionándoos coa súa procedencia e importancia biolóxica. | ▪ CTMAB2.3.1. Identifica os compoñentes da atmosfera en relación coa súa procedencia, a súa distribución e a súa dinámica. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| | | | ▪ CTMAB2.3.2. Relaciona os compoñentes da atmosfera coa súa importancia biolóxica. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B2.4. Capa de ozono: orixe e importancia.<br>▪ B2.5. Diminución da capa de ozono: efectos e medidas preventivas. | ▪ B2.4. Comprender a importancia da capa de ozono e a súa orixe. | ▪ CTMAB2.4.1. Determina a importancia da capa de ozono e valora os efectos da súa diminución. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ CTMAB2.4.2. Sinala medidas que preveñen a diminución da capa de ozono. | ▪ CSIEE |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B2.6. Efecto invernadoiro: relación coa vida na Terra. Causas e consecuencias do aumento do efecto invernadoiro. | ▪ B2.5. Determinar a orixe do efecto invernadoiro e a súa relación coa vida na Terra. | ▪ CTMAB2.5.1. Valora o efecto invernadoiro e a súa relación coa vida na Terra. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ CTMAB2.5.2. Comprende e explica que factores provocan o aumento do efecto invernadoiro e as súas consecuencias. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Ciencias da Terra e do Medio Ambiente. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias Clave |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B2.7. A hidrosfera e o seu papel como regulador climático. | ▪ B2.6. Comprender o papel da hidrosfera como regulador climático. | ▪ CTMAB2.6.1. Razoa o funcionamento da hidrosfera como regulador climático. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ CTMAB2.6.2. Determina a influencia da circulación oceánica no clima. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B2.8. Relación das correntes oceánicas coa circulación dos ventos e o clima e con algúns fenómenos climáticos. | ▪ B2.7. Asociar algúns fenómenos climáticos coas correntes oceánicas (ou a temperatura superficial da auga). | ▪ CTMAB2.7.1. Explica a relación entre as correntes oceánicas e fenómenos como "El Niño" e os furacáns, entre outros. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ CTMAB2.7.2. Asocia as correntes oceánicas coa circulación dos ventos e o clima. | ▪ CMCCT |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B2.9. Formación das precipitacións. Tipos de precipitacións.<br>▪ B2.10. Interpretación de mapas meteorolóxicos. | ▪ B2.8. Explicar a formación de precipitacións en relación aos movementos de masas de aire e interpretar mapas meteorolóxicos. | ▪ CTMAB2.8.1. Relaciona a circulación de masas de aire cos tipos de precipitacións. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ CTMAB2.8.2. Interpreta mapas meteorolóxicos. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ p | ▪ B2.11. Os riscos climáticos, causas e consecuencias. Medidas de predición, prevención e corrección. | ▪ B2.9. Identificar os riscos climáticos, valorando os factores que contribúen a favorecelos e a paliar os seus efectos. | ▪ CTMAB2.9.1. Relaciona os riscos climáticos cos factores que os orixinan e coas súas consecuencias. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| | | | ▪ CTMAB2.9.2. Propón medidas para evitar ou diminuír os efectos dos riscos climáticos. | ▪ CSIEE |
| | Bloque 3. Contaminación atmosférica | | | |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B3.1. Orixe e efectos da contaminación atmosférica. | ▪ B3.1. Argumentar a orixe da contaminación atmosférica e identificar os efectos sociais, ambientais e sanita- | ▪ CTMAB3.1.1. Identifica os efectos biolóxicos da contaminación atmosférica. | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Ciencias da Terra e do Medio Ambiente. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias Clave |
| ▪ p | | rios que produce. | | |
| | | | ▪ CTMAB3.1.2. Asocia os contaminantes coa súa orixe e recoñece as súas consecuencias sociais, ambientais e sanitarias. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B3.2. Medidas preventivas e correctoras da contaminación atmosférica e do efecto invernadoiro. | ▪ B3.2. Propor medidas que favorecen a diminución da contaminación atmosférica e do efecto invernadoiro. | ▪ CTMAB3.2.1. Describe medidas que preveñen ou atenúan a contaminación atmosférica e o efecto invernadoiro. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B3.1. Orixe e efectos da contaminación atmosférica.<br>▪ B3.3. Factores que inflúen na dispersión dos contaminantes atmosféricos. | ▪ B3.3. Relacionar a contaminación atmosférica cos seus efectos biolóxicos e con certas condicións meteorolóxicas e/ou topográficas. | ▪ CTMAB3.3.1. Relaciona o grao de contaminación con certas condicións meteorolóxicas e/ou topográficas. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| | | | ▪ CTMAB3.3.2. Explica os efectos biolóxicos producidos pola contaminación atmosférica. | ▪ CMCCT |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B3.4. Efectos da contaminación atmosférica segundo o seu raio de influencia. | ▪ B3.4. Clasificar os efectos locais, rexionais e globais da contaminación atmosférica. | ▪ CTMAB3.4.1. Describe os efectos locais, rexionais e globais ocasionados pola contaminación do aire. | ▪ CMCCT |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B3.5. Ozono troposférico e ozono estratosférico. | ▪ B3.5. Distinguir a orixe e os efectos do ozono troposférico e do ozono estratosférico. | ▪ CTMAB3.5.1. Distingue a orixe e os efectos do ozono troposférico e do estratosférico. | ▪ CMCCT |
| | Bloque 4. Contaminación das augas | | | |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B4.1. Ciclo hidrolóxico.<br>▪ B4.2. Orixe e efectos da contaminación das augas superficiais e subterráneas. | ▪ B4.1. Clasificar os contaminantes da auga en relación á súa orixe e aos seus efectos. | ▪ CTMAB4.1.1. Coñece e describe a orixe e os efectos da contaminación das augas superficiais e subterráneas. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ CTMAB4.1.2. Relaciona os principais contaminantes da auga coa súa orixe | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Ciencias da Terra e do Medio Ambiente. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias Clave |
| | | | e cos seus efectos. | |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B4.3. Parámetros de medida da calidade da auga. | ▪ B4.2. Coñecer os indicadores de calidade da auga. | ▪ CTMAB4.2.1. Coñece e describe os principais indicadores de calidade da auga. | ▪ CMCCT |
| ▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ p | ▪ B4.2. Orixe e efectos da contaminación das augas superficiais e subterráneas.<br>▪ B4.4. Prevención e corrección da contaminación da auga. | ▪ B4.3. Valorar as repercusións para a humanidade da contaminación da auga, e propón medidas que a eviten ou diminúan. | ▪ CTMAB4.3.1. Describe o proceso de eutrofización das augas e valora as súas consecuencias. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| | | | ▪ CTMAB4.3.2. Propón actitudes e accións individuais, estatais e intergobernamentais, que reduzan as repercusións ambientais da contaminación da auga. | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE<br>▪ CSC |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B4.5. Sistemas de tratamento e depuración das augas. | ▪ B4.4. Coñecer os sistemas de potabilización e depuración das augas residuais. | ▪ CTMAB4.4.1. Esquematiza as fases de potabilización e depuración da auga nunha EDAR. | ▪ CMCCT |
| | Bloque 5. A xeosfera e os riscos xeolóxicos | | | |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B5.1. Xeosfera: soporte dos restantes subsistemas terrestres.<br>▪ B5.2. Riscos xeolóxicos e a súa relación cos fluxos de enerxía terrestres. | ▪ B5.1. Relacionar os fluxos de enerxía e os riscos xeolóxicos. | ▪ CTMAB5.1.1. Identifica as manifestacións da enerxía interna da Terra e a súa relación cos riscos xeolóxicos. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B5.3. Orixe dos riscos xeolóxicos internos. | ▪ B5.2. Identificar os factores que determinan, favorecen e atenúan os riscos xeolóxicos sísmico e volcánico. | ▪ CTMAB5.2.1. Explica a orixe e os factores que determinan os riscos sísmico e volcánico. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B5.4. Métodos de predición e prevención dos riscos xeolóxicos.<br>▪ B5.5. Danos orixinados polos riscos xeolóxicos. | ▪ B5.3. Identificar os danos que producen os riscos xeolóxicos, e determinar métodos de predición e prevención. | ▪ CTMAB5.3.1. Coñece os métodos de predición e prevención dos riscos xeolóxicos. | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ CTMAB5.3.2. Relaciona os riscos | ▪ CMCCT |

DOG Núm. 120 Luns, 29 de xuño de 2015 Páx. 26434
Diario Oficial de Galicia
XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Ciencias da Terra e do Medio Ambiente. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias Clave |
| ▪ p | | | xeolóxicos cos danos que producen. | ▪ CAA |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B5.6. O relevo como consecuencia da interacción da dinámica interna e externa do planeta. | ▪ B5.4. Comprender o relevo como interacción da dinámica interna e externa. | ▪ CTMAB5.4.1. Interpreta o relevo como consecuencia da interacción da dinámica interna e externa do planeta. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B5.7. Riscos asociados aos sistemas de ladeira e fluviais. | ▪ B5.5. Determinar os riscos asociados aos sistemas de ladeira e fluviais, e valorar os factores que inflúen. | ▪ CTMAB5.5.1. Identifica os riscos asociados aos sistemas de ladeira e fluviais, e comprende os factores que interveñen. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m<br>▪ p | ▪ B5.8. Importancia da ordenación do territorio na prevención dos riscos xeolóxicos.<br>▪ B5.9. Impactos máis frecuentes na paisaxe. | ▪ B5.6. Recoñecer a fraxilidade da paisaxe fronte aos impactos ambientais e valorar a ordenación do territorio como prevención de riscos. | ▪ CTMAB5.6.1. Valora a ordenación do territorio como método de prevención de riscos. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ CTMAB5.6.2. Avalía a fraxilidade da paisaxe e os impactos máis frecuentes que sofre. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B5.10. Recursos da xeosfera: problemas ambientais ocasionados pola súa explotación. | ▪ B5.7. Recoñecer os recursos minerais, os combustibles fósiles e os impactos derivados do seu uso. | ▪ CTMAB5.7.1. Relaciona a utilización dos principais recursos minerais e enerxéticos cos problemas ambientais ocasionados e cos riscos asociados. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ p | ▪ B5.11. Impactos derivados da explotación dos recursos da xeosfera en Galicia. | ▪ B5.8. Identifica os impactos derivados da explotación dos recursos da xeosfera en Galicia. | ▪ CTMAB5.8.1.Coñece os principais impactos derivados da explotación dos recursos da xeosfera no seu contorno máis próximo. | ▪ CMCCT<br>▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B5.12. Uso eficiente da enerxía e dos recursos. | ▪ B5.9. Identificar medidas de uso eficiente da enerxía e dos recursos, determinando os seus beneficios. | ▪ CTMAB5.9.1. Valora o uso eficiente da enerxía e dos recursos. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ CTMAB5.9.2. Avalía as medidas que | ▪ CSC |

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Ciencias da Terra e do Medio Ambiente. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias Clave |
| ▪ l<br>▪ p | | | promoven un uso eficiente da enerxía e dos recursos. | ▪ CCEC<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 6. Circulación de materia e enerxía na biosfera | | | |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B6.1. Circulación de materia e enerxía na biosfera.<br>▪ B6.2. Relacións tróficas nos ecosistemas, cadeas e redes tróficas. Representacións gráficas.<br>▪ B6.3. Factores limitantes da produción primaria. | ▪ B6.1. Recoñecer as relacións tróficas dos ecosistemas, valorando a influencia dos factores limitantes da produción primaria e daqueles que aumentan a súa rendibilidade. | ▪ CTMAB6.1.1. Identifica os factores limitantes da produción primaria e aqueles que aumentan a súa rendibilidade. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| | | | ▪ CTMAB6.1.2. Esquematiza as relacións tróficas dun ecosistema. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| | | | ▪ CTMAB6.1.3. Interpreta gráficos, pirámides, cadeas e redes tróficas. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| | | | ▪ CTMAB6.1.4. Explica as causas da diferenza de produtividade en mares e continentes. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B6.4. Ciclos bioxeoquímicos do osíxeno, o carbono, o nitróxeno, o fósforo e o xofre. | ▪ B6.2. Comprender a circulación de bioelementos (sobre todo O, C, N, P e S) entre os subsistemas terrestres. | ▪ CTMAB6.2.1. Esquematiza os ciclos bioxeoquímicos e argumenta a importancia do seu equilibrio. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B6.5. Os ecosistemas no tempo: sucesión, autorregulación e regresión. | ▪ B6.3. Comprender os cambios que se suceden nos ecosistemas ao longo do tempo. | ▪ CTMAB6.3.1. Identifica os cambios que se producen nas sucesións ecolóxicas e interpreta a variación dos parámetros tróficos. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B6.6. Autorregulación dos ecosistemas e repercusión da acción humana sobre eles. | ▪ B6.4. Comprender os mecanismos naturais de autorregulación dos ecosistemas e valorar a repercusión da acción humana sobre eles. | ▪ CTMAB6.4.1. Coñece os mecanismos naturais de autorregulación dos ecosistemas. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| | | | ▪ CTMAB6.4.2. Argumenta e relaciona | ▪ CMCCT |

| | Ciencias da Terra e do Medio Ambiente. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias Clave |
| | | | as actividades humanas coas repercusións na dinámica dos ecosistemas. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ p | ▪ B6.7. Concepto de biodiversidade.<br>▪ B6.8. Causas e repercusións da perda da biodiversidade. | ▪ B6.5. Distinguir a importancia da biodiversidade e recoñecer as actividades que teñen efectos negativos sobre ela. | ▪ CTMAB6.5.1. Argumenta a importancia da biodiversidade e os riscos que supón a súa diminución. | ▪ CMCCT<br>▪ CCEC<br>▪ CSC |
| | | | ▪ CTMAB6.5.2. Relaciona as accións humanas coa súa influencia na biodiversidade do ecosistema. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B6.9. O solo como interfase.<br>▪ B6.10. Edafoxénese e tipos de solos. | ▪ B6.6. Identificar os tipos de solo, en relación coa litoloxía e o clima que os orixinou. | ▪ CTMAB6.6.1. Clasifica os tipos de solo en relación coa litoloxía e o clima que os orixina. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ p | ▪ B6.11. Usos e fraxilidade do solo como recurso. | ▪ B6.7. Valorar o solo como recurso fráxil e escaso. | ▪ CTMAB6.7.1. Valora o solo como recurso fráxil e escaso. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B6.12. Impactos sobre o solo. Técnicas de valoración do grao de alteración dun solo. | ▪ B6.8. Coñecer técnicas de valoración do grao de alteración dun solo. | ▪ CTMAB6.8.1. Identifica o grao de alteración dun solo aplicando distintas técnicas de valoración. | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ p | ▪ B6.13. Impactos sobre a biosfera producidos pola deforestación, a agricultura e a gandaría. | ▪ B6.9. Analizar os problemas ambientais producidos pola deforestación, a agricultura e a gandaría. | ▪ CTMAB6.9.1. Analiza os problemas ambientais producidos pola deforestación, a agricultura e a gandaría. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B6.14. O sistema litoral como interfase. | ▪ B6.10. Comprender as características do sistema litoral. | ▪ CTMAB6.10.1. Coñece as características dos sistema litoral. | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Ciencias da Terra e do Medio Ambiente. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias Clave |
| ▪ a<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ p | ▪ B6.15. Importancia ecolóxica dos recursos do sistema litoral, impactos derivados da súa sobreexplotación. | ▪ B6.11. Analizar e valorar a evolución dos recursos pesqueiros. | ▪ CTMAB6.11.1. Valora o sistema litoral como fonte de recursos e biodiversidade. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ CTMAB6.11.2. Relaciona a sobreexplotación dos recursos pesqueiros con impactos nas zonas litorais. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ p | ▪ B6.16. Importancia da conservación das zonas litorais. | ▪ B6.12. Valorar a conservación das zonas litorais polo seu elevado valor ecolóxico. | ▪ CTMAB6.12.1. Establece a importancia da conservación das zonas litorais. | ▪ CCEC<br>▪ CSC |
| | Bloque 7. A xestión do planeta e o desenvolvemento sustentable | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ m | ▪ B7.1. Xestión dos impactos ambientais; alternativas ante a problemática ambiental: desenvolvemento incontrolado, conservacionismo e desenvolvemento sustentable. | ▪ B7.1. Establecer diferenzas entre o desenvolvemento incontrolado, o conservacionismo e o desenvolvemento sustentable. | ▪ CTMAB7.1.1. Distingue modelos de uso dos recursos e deseña outros sustentables. | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ CTMAB7.1.2. Argumenta as diferenzas entre o desenvolvemento incontrolado, o conservacionismo e o desenvolvemento sustentable. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B7.2. Avaliación do impacto ambiental.<br>▪ B7.3. Instrumentos de xestión ambiental. | ▪ B7.2. Coñecer algúns instrumentos de avaliación ambiental. | ▪ CTMAB7.2.1. Analiza a información facilitada por algúns instrumentos de avaliación ambiental, e conclúe impactos e medidas correctoras. | ▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ b | ▪ B7.4. Relación entre desenvolvemento, calidade de vida e problemas am- | ▪ B7.3. Identificar a relación, a nivel internacional, entre o desenvolvemento dos países, a calidade de vida e os | ▪ CTMAB7.3.1. Analiza o desenvolvemento dos países en relación con problemas ambientais e coa calidade | ▪ CSC<br>▪ CAA |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Ciencias da Terra e do Medio Ambiente. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias Clave |
| ▪ h<br>▪ m | bientais no ámbito internacional. | problemas ambientais. | de vida. | ▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B7.5. Modelos de xestión de recursos. | ▪ B7.4. Determinar a orixe dos residuos, as consecuencias da súa produción e do seu consumo, e as alternativas á súa xestión. | ▪ CTMAB7.4.1. Relaciona o consumo dalgúns produtos e a deterioración do medio. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| | | | ▪ CTMAB7.4.2. Expón políticas ambientais adecuadas á defensa do medio. | ▪ CCL<br>▪ CCEC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ CTMAB7.4.3. Argumenta a orixe dos residuos valorando a súa xestión. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ p | ▪ B7.2. Avaliación do impacto ambiental.<br>▪ B7.3. Instrumentos de xestión ambiental. | ▪ B7.5. Valorar a importancia do uso de novas tecnoloxías nos estudos ambientais e interpretar matrices sinxelas para a ordenación do territorio. | ▪ CTMAB7.5.1. Comprende e explica a importancia do uso de novas tecnoloxías nos estudos ambientais. | ▪ CMCCT<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ CTMAB7.5.2. Analiza a información de matrices sinxelas, valorando o uso do territorio. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ p | ▪ B7.6. Influencia dos organismos nacionais e internacionais en materia ambiental.<br>▪ B7.7. Lexislación ambiental. | ▪ B7.6. Coñecer os principais organismos nacionais e internacionais en materia ambiental, e a lexislación estatal e autonómica sobre algúns impactos ambientais. | ▪ CTMAB7.6.1. Coñece e explica os principais organismos nacionais e internacionais, e a súa influencia en materia ambiental. | ▪ CD<br>▪ CCL<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ CTMAB7.6.2. Coñece a lexislación española e galega sobre algúns impactos ambientais e as normas de prevención aplicables. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ a | ▪ B7.8. Protección dos espazos natu- | ▪ B7.7. Valorar a protección dos espa- | ▪ CTMAB7.7.1. Argumenta a necesida- | ▪ CCL |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



| | Ciencias da Terra e do Medio Ambiente. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias Clave |
| ▪ b<br>▪ m<br>▪ p | rais.<br>▪ B7.9. Espazos naturais en España e, en particular, en Galicia. | zos naturais. | de de protección dos espazos naturais e as súas consecuencias; en particular, os do seu contorno máis próximo. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



## Cultura Científica

### Introdución

Tanto a ciencia como a tecnoloxía son alicerces do benestar das nacións, e ambas son necesarias para que un país poida enfrontarse a novos retos e a atopar solucións para eles.

O desenvolvemento social, económico e tecnolóxico dun país, a súa posición nun mundo cada vez máis competitivo e globalizado, así como o benestar da cidadanía na sociedade da información e do coñecemento, dependen directamente da súa formación intelectual e, entre outros factores, da súa cultura científica.

Que a ciencia forma parte do acervo cultural da humanidade é innegable; de feito, calquera cultura pasada apoiou os seus avances e logros nos coñecementos científicos que se ían adquirindo e que se debían ao esforzo e á creatividade humana. A materia denominada Cultura Científica debe, daquela, contribuír á adquisición desta dimensión da competencia en conciencia e expresión cultural.

Individualmente considerada, a ciencia é unha das grandes construcións teóricas da humanidade; o seu coñecemento forma o individuo, proporciónalle capacidade de análise e de procura da verdade. Na vida diaria estamos en continuo contacto con situacións de carácter científico que nos afectan directamente, situacións que a cidadanía do século XXI debe ser capaz de entender e de valorar criticamente.

Repetidas veces, os medios de comunicación informan sobre cuestións científicas e tecnolóxicas de actualidade. A materia de Cultura Científica contribúe a que o alumnado avalíe enunciados relacionados con estas cuestións e tome decisións fundamentadas en probas de carácter científico, diferenciándoas das crenzas e das opinións. En definitiva, trátase de que os cidadáns e as cidadás sexan competentes para tomar decisións baseadas no coñecemento científico, nun marco democrático de participación cidadá, desenvolvendo deste xeito a competencia social e cívica.

Un dos aspectos básicos da competencia científica é a capacidade de utilizar probas e argumentar en relación a cuestións de carácter científico, e tomar decisións baseadas en probas. A materia de Cultura Científica debe contribuír a isto, a través dunha metodoloxía que enfronte o alumnado ao reto de utilizar probas e argumentar nun contexto real e mediante o diálogo entre iguais. O traballo cooperativo e colaborativo, a formulación de tarefas en contextos reais e o traballo experimental deben, xa que logo, formar parte do desenvolvemento curricular na aula.

Partindo do enfoque competencial do currículo, a materia de Cultura Científica servirá para o desenvolvemento das competencias lingüística e dixital, a través da realización de tarefas grupais que supoñan compilar e organizar in-

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

formación, expola de xeito oral e escrito, elaborar presentacións, defender as opinións propias en debates e outras situacións de aula.

A materia tamén contribuirá ao desenvolvemento das competencias de aprender a aprender, e de sentido de iniciativa e espírito emprendedor, a través dunha metodoloxía que promova situacións de aula que fomenten a responsabilidade do alumnado no proceso de aprendizaxe, a avaliación e a autoavaliación, a autocrítica e a promoción da iniciativa do alumnado para que sexa o protagonista do proceso.

Outra razón do interese da materia de Cultura Científica é a importancia do coñecemento e da utilización do método científico, útil non só no ámbito da investigación, senón en xeral en todas as disciplinas e actividades. Ademais, o fomento de vocacións científicas é outra das dimensións ás que esta materia debe contribuír.

Por tanto, requírese que a sociedade adquira unha cultura científica básica que lle permita entender o mundo actual e ser quen de tomar decisións baseadas no coñecemento científico en distintos contextos; é dicir, conseguir a alfabetización científica da cidadanía. Por iso, esta materia vincúlase tanto á etapa de ESO como á de bacharelato.

No cuarto curso de ESO, a materia de Cultura Científica establece a base de coñecemento científico sobre temas xerais como o universo, os avances tecnolóxicos, a saúde, a calidade de vida e a contribución do coñecemento dos materiais aos avances da humanidade.

Para primeiro de bacharelato déixanse cuestións algo máis complexas, como a formación da Terra e a orixe da vida, a xenética, os avances biomédicos e, para rematar, un bloque dedicado a todo o relacionado coas tecnoloxías da información e da comunicación.

Tanto en cuarto de ESO como en primeiro de bacharelato, no bloque 1 establécense os procedementos de traballo para abordar os contidos dos outros bloques de coñecemento. Para lograr a adquisición das competencias, deben formar parte do desenvolvemento curricular a obtención e a selección crítica de información de carácter científico; a valoración da importancia da ciencia e a tecnoloxía na vida diaria; a comunicación de información de carácter científico nos soportes escrito, oral e virtual; o diálogo e o debate entre iguais sobre os temas científico tecnolóxicos; o traballo cooperativo e colaborativo. Trátase, pois, ademais de adquirir coñecementos científico tecnolóxicos, de contribuír á capacidade de avaliar de xeito crítico e comunicar eficazmente cuestións de carácter científico e tecnolóxico. Por tanto, as estratexias fundamentais dos procedementos de traballo deben impregnar o resto de bloques de coñecemento, formando parte indivisible á hora de abordar cuestións relacionadas coa cultura científica.

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



4º de ESO

| | Cultura Científica. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Procedementos de traballo | | | |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m | ▪ B1.1. A comunicación en ciencia e tecnoloxía. O artigo científico. Fontes de divulgación científica. Elaboración e presentación de informes utilizando medios diversos. | ▪ B1.1. Obter, seleccionar e valorar informacións relacionados con temas científicos da actualidade. | ▪ CCIB1.1.1. Analiza un texto científico, valorando de forma crítica o seu contido. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ CCIB1.1.2. Presenta información sobre un tema tras realizar unha procura guiada de fontes de contido científico, utilizando tanto os soportes tradicionais como internet. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ f<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B1.2. Ciencia, tecnoloxía e sociedade. Perspectiva histórica. | ▪ B1.2. Valorar a importancia da investigación e o desenvolvemento tecnolóxico na actividade cotiá. | ▪ CCIB1.2.1. Analiza o papel da investigación científica como motor da nosa sociedade e a súa importancia ao longo da historia. | ▪ CAA<br>▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ o | ▪ B1.1. A comunicación en ciencia e tecnoloxía. O artigo científico. Fontes de divulgación científica. Elaboración e presentación de informes e presentación utilizando medios diversos. | ▪ B1.3. Comunicar conclusións e ideas en distintos soportes a públicos diversos, utilizando eficazmente as tecnoloxías da información e da comunicación, para transmitir opinións propias argumentadas. | ▪ CCIB1.3.1. Comenta artigos científicos divulgativos realizando valoracións críticas e análises das consecuencias sociais, e defende en público as súas conclusións. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 2. O Universo | | | |
| ▪ a<br>▪ e<br>▪ f | ▪ B2.1. Orixe do universo: o Sistema Solar, a Terra, a vida e a evolución. Teorías científicas fronte a opinións e crenzas; perspectiva histórica. | ▪ B2.1. Diferenciar as explicacións científicas relacionadas co Universo, o Sistema Solar, a Terra, a orixe da vida e a evolución das especies, daquelas baseadas en opi- | ▪ CCIB2.1.1. Describe as teorías acerca da orixe, a evolución e o final do Universo, e establece os argumentos que as sustentan. | ▪ CMCCT |

Diario Oficial de Galicia

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Cultura Científica. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | niόns ou crenzas. | | |
| ▪ f | ▪ B2.2. Orixe, formación e estrutura do Universo. | ▪ B2.2. Coñecer os feitos históricos e as teorías que xurdiron ao longo da historia sobre a orixe do Universo, e en particular a teoría do Big Bang. | ▪ CCIB2.2.1. Recoñece a teoría do Big Bang como explicación á orixe do Universo. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ CCIB2.2.2. Sinala os acontecementos científicos que foron fundamentais para o coñecemento actual do Universo. | ▪ CMCCT |
| ▪ f | ▪ B2.2. Orixe, formación e estrutura do Universo. | ▪ B2.3. Describir a organización do Universo e como se agrupan as estrelas e pos planetas. | ▪ CCIB2.3.1. Establece a organización do Universo coñecido, e sitúa nel o sistema solar. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ CCIB2.3.2. Determina, coa axuda de exemplos, os aspectos máis salientables da Vía Láctea. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ CCIB2.3.3. Xustifica a existencia da materia escura para explicar a estrutura do Universo. | ▪ CMCCT |
| ▪ f | ▪ B2.2. Orixe, formación e estrutura do Universo. | ▪ B2.4. Sinalar que observacións poñen de manifesto a existencia dun burato negro, e cales son as súas características. | ▪ CCIB2.4.1. Argumenta a existencia dos buratos negros e describe as súas principais características. | ▪ CMCCT |
| ▪ f | ▪ B2.2. Orixe, formación e estrutura do Universo. | ▪ B2.5. Distinguir as fases da evolución das estrelas e relacionalas coa xénese de elementos. | ▪ CCIB2.5.1. Coñece as fases da evolución estelar e describe en cal delas atopar o noso Sol. | ▪ CMCCT |
| ▪ f | ▪ B2.3. O Sistema Solar: formación e estrutura. | ▪ B2.6. Recoñecer a formación do Sistema Solar. | ▪ CCIB2.6.1. Explica a formación do Sistema Solar e describe a súa estrutura e as súas características principais. | ▪ CMCCT |

| | Cultura Científica. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ f | ▪ B2.3. O Sistema Solar: formación e estrutura. | ▪ B2.7. Indicar as condicións para a vida noutros planetas. | ▪ CCIB2.7.1. Indica as condicións que debe cumprir un planeta para que poida albergar vida. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| | Bloque 3. Avances tecnolóxicos, implicacións sociais e ambientais | | | |
| ▪ a<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m | ▪ B3.1. Ambiente, tecnoloxía e sociedade. O crecemento da poboación humana e os problemas ambientais. Sustentabilidade e protección ambiental. | ▪ B3.1. Identificar os principais problemas ambientais, as súas causas e os factores que os intensifican; predicir as súas consecuencias e propor solucións. | ▪ CCIB3.1.1. Relaciona os principais problemas ambientais coas súas causas, e establece as súas consecuencias. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ CCIB3.1.2. Procura e describe solucións aplicables para resolver os principais problemas ambientais. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ h<br>▪ m | ▪ B3.1. Ambiente, tecnoloxía e sociedade. O crecemento da poboación humana e os problemas ambientais. Sustentabilidade e protección ambiental. | ▪ B3.2. Argumentar sobre o crecemento da poboación humana, a evolución tecnolóxica, os problemas ambientais e a necesidade dunha xestión sustentable dos recursos que proporciona a Terra. | ▪ CCIB3.2.1. Coñece e analiza as implicacións ambientais dos principais tratados e dos protocolos internacionais sobre a protección ambientais. | ▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m | ▪ B3.2. Principais problemas ambientais: causas, consecuencias e posibles solucións. | ▪ B3.3. Valorar as graves implicacións sociais, tanto na actualidade como no futuro, da sobreexplotación de recursos naturais, a contaminación, a desertización, a perda de biodiversidade e o tratamento de residuos. | ▪ CCIB3.3.1. Recoñece os efectos do cambio climático, establece as súas causas e propón medidas concretas e aplicables, a nivel global e individual, para o reducir. | ▪ CSIEE |
| | | | ▪ CCIB3.3.2. Valora e describe os impactos da sobreexplotación dos recursos naturais, a contaminación, a desertización, os tratamentos de residuos e a perda de biodiversidade, e propón solucións e actitudes persoais e colectivas para os paliar. | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Cultura Científica. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ m | ▪ B3.3. Estudo de problemas ambientais do contorno próximo. Elaboración de informes e presentación de conclusións. | ▪ B3.4. Saber utilizar climogramas, índices de contaminación, datos de subida do nivel do mar en determinados puntos da costa, etc., interpretando gráficas e presentando conclusións. | ▪ CCIB3.4.1. Extrae e interpreta a información en diferentes tipos de representacións gráficas, elaborando informes e establecendo conclusións. | ▪ CCL<br>▪ CSIEE |
| ▪ f<br>▪ m | ▪ B3.4. Xestión enerxética sustentable. | ▪ B3.5. Xustificar a necesidade de procurar novas fontes de enerxía non contaminantes e economicamente viables, para manter o estado de benestar da sociedade actual. | ▪ CCIB3.5.1. Establece as vantaxes e inconvenientes das diferentes fontes de enerxía, tanto renovables como non renovables. | ▪ CSC<br>▪ |
| ▪ f<br>▪ m | ▪ B3.4. Xestión enerxética sustentable. | ▪ B3.6. Coñecer a pila de combustible como fonte de enerxía do futuro, establecendo as súas aplicacións en automoción, baterías, subministración eléctrica a fogares, etc. | ▪ CCIB3.6.1. Describe procedementos para a obtención de hidróxeno como futuro vector enerxético. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ CCIB3.6.2. Explica o principio de funcionamento da pila de combustible, suscitando as súas posibles aplicacións tecnolóxicas e destacando as vantaxes que ofrece fronte aos sistemas actuais. | ▪ CSC |
| | Bloque 4. Calidade de vida | | | |
| ▪ m | ▪ B4.1. Saúde e doenza. Importancia da ciencia na mellora da saúde ao longo da historia. | ▪ B4.1. Recoñecer que a saúde non é soamente a ausencia de afeccións ou doenzas. | ▪ CCIB4.1.1. Comprende a definición da saúde que dá a Organización Mundial da Saúde (OMS). | ▪ CMCCT |
| ▪ c<br>▪ m | ▪ B4.2. Doenzas máis frecuentes: causas, síntomas, medidas preventivas e tratamentos.<br>▪ B4.3. Uso responsable dos medi- | ▪ B4.2. Diferenciar os tipos de doenzas máis frecuentes, identificando algúns indicadores, causas e tratamentos máis comúns, e valorar e describir a importancia do uso res- | ▪ CCIB4.2.1. Determina o carácter infeccioso dunha doenza atendendo ás súas causas e aos seus efectos. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ CCIB4.2.2. Describe as característi- | ▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Cultura Científica. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | camentos máis comúns. | ponsable dos medicamentos. | cas dos microorganismos causantes de doenzas infectocontaxiosas. | |
| | | | ▪ CCIB4.2.3. Coñece e enumera as doenzas infecciosas máis importantes producidas por bacterias, virus, protozoos e fungos, identifica os posibles medios de contaxio, e describe as etapas xerais do seu desenvolvemento e os posibles tratamentos. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ CCIB4.2.4. Identifica os mecanismos de defensa que posúe o organismo humano, e xustifica a súa función. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ CCIB4.2.5. Interpreta nos prospectos dos medicamentos informacións relativas a posoloxía, indicacións e efectos adversos dos medicamentos de uso máis común no día a día. | ▪ CCL |
| ▪ f<br>▪ l | ▪ B4.1. Saúde e doenza. Importancia da ciencia na mellora da saúde ao longo da historia. | ▪ B4.3. Estudar a explicación e o tratamento da doenza que se fixo ao longo da historia. | ▪ CCIB4.3.1. Identifica os feitos históricos máis salientables no avance da prevención, a detección e o tratamento das doenzas. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ CCIB4.3.2. Recoñece a importancia que a descuberta da penicilina tivo na loita contra as infeccións bacterianas, a súa repercusión social e o perigo de crear resistencias aos fármacos. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ CCIB4.3.3. Explica como actúa | ▪ CMCCT |

DOG Núm. 120 Luns, 29 de xuño de 2015 Páx. 26447

Diario Oficial de Galicia

| | Cultura Científica. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | unha vacina e xustifica a importancia da vacinación como medio de inmunización masiva ante determinadas doenzas. | |
| ▪ f | ▪ B4.2. Doenzas máis frecuentes: causas, síntomas, medidas preventivas e tratamentos. | ▪ B4.4. Coñecer as principais características do cancro, a diabete, as doenzas cardiovasculares, as doenzas mentais, etc., así como os principais tratamentos e a importancia das revisións preventivas. | ▪ CCIB4.4.1. Analiza as causas, os efectos e os tratamentos do cancro, da diabete, das doenzas cardiovasculares e das doenzas mentais. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ CCIB4.4.2. Valora a importancia da loita contra o cancro e establece as principais liñas de actuación para previr a doenza. | ▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ m | ▪ B4.4. Substancias aditivas: tabaco, alcol e outras drogas. Problemas asociados. | ▪ B4.5. Tomar conciencia do problema social e humano que supón o consumo de drogas. | ▪ CCIB4.5.1. Xustifica os principais efectos que sobre o organismo teñen os diferentes tipos de drogas e o perigo asociado ao seu consumo. | ▪ CMCCT |
| ▪ m | ▪ B4.5. Hábitos de vida saudables e non saudables. Alimentación saudable. | ▪ B4.6. Valorar a importancia de adoptar medidas preventivas que eviten os contaxios e que prioricen os controis médicos periódicos e os estilos de vida saudables. | ▪ CCIB4.6.1. Recoñece estilos de vida que contribúan á extensión de determinadas doenzas (cancro, doenzas cardiovasculares e mentais, etc.). | ▪ CSC |
| | | | ▪ CCIB4.6.2. Establece a relación entre alimentación e saúde, e describe o que se considera unha dieta sa. | ▪ CMCCT |
| | Bloque 5. A humanidade e o uso dos materiais | | | |
| ▪ e<br>▪ g | ▪ B5.1. Desenvolvemento da humanidade e uso dos materiais. Consecuencias económicas e sociais do | ▪ B5.1. Realizar estudos sinxelos e presentar conclusións sobre aspectos relacionados cos materiais e a | ▪ CCIB5.1.1. Relaciona o progreso humano coa descuberta das propiedades de certos materiais que | ▪ CCEC |

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

DOG Núm. 120 Luns, 29 de xuño de 2015 Páx. 26448
Diario Oficial de Galicia

| | Cultura Científica. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ l<br>▪ ñ | desenvolvemento. Globalización, deslocalización e desenvolvemento sustentable. | súa influencia no desenvolvemento da humanidade. | permiten a súa transformación e aplicacións tecnolóxicas. | |
| | | | ▪ CCIB5.1.2. Analiza a relación dos conflitos entre pobos como consecuencia da explotación dos recursos naturais para obter produtos de alto valor engadido e/ou materiais de uso tecnolóxico. | ▪ CSC |
| ▪ f<br>▪ m | ▪ B5.2. Procesos de obtención de materiais: custos económicos, sociais e ambientais. O ciclo de vida dos produtos. Aplicacións a casos concretos nun contexto real do contorno próximo.<br>▪ B5.3. Residuos como recurso: reducir, reutilizar e reciclar. | ▪ B5.2. Coñecer os principais métodos de obtención de materias primas e as súas posibles repercusións sociais e ambientais. | ▪ CCIB5.2.1. Describe procesos de obtención de materiais, valorando o seu custo económico e ambiental, e a conveniencia da súa reciclaxe. | ▪ CSC |
| | | | ▪ CCIB5.2.2. Valora e describe o problema ambiental e social dos vertidos tóxicos. | ▪ CSC |
| | | | ▪ CCIB5.2.3. Recoñece os efectos da corrosión sobre os metais, o custo económico que supón e os métodos para protexelos. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ CCIB5.2.4. Xustifica a necesidade do aforro, a reutilización e a reciclaxe de materiais en termos económicos e ambientais. | ▪ CSC |
| ▪ f<br>▪ l | ▪ B5.4. Novos materiais. Aplicacións actuais e perspectivas de futuro en distintos campos. A nanotecnoloxía. | ▪ B5.3. Coñecer as aplicacións dos novos materiais en campos tales como electricidade e a electrónica, o téxtil, o transporte, a alimentación, a construción e a medicina. | ▪ CCIB5.3.1. Define o concepto de nanotecnoloxía e describe as súas aplicacións presentes e futuras en diferentes campos. | ▪ CD<br>▪ CCEC |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

1º de bacharelato

| | Cultura Científica. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Procedementos de traballo | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B1.1. A comunicación en ciencia e tecnoloxía. O artigo científico. Fontes de divulgación científica. Elaboración e presentación de informes utilizando distintos medios. | ▪ B1.1. Obter, seleccionar e valorar informacións relacionadas con temas científicos da actualidade. | ▪ CCIB1.1.1. Analiza un texto científico e valora de forma crítica o seu contido. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ CCIB1.1.2. Presenta información sobre un tema tras realizar unha procura guiada de fontes de contido científico, utilizando tanto os soportes tradicionais como internet. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ o | ▪ B1.2. Ciencia, tecnoloxía e sociedade: perspectiva histórica. | ▪ B1.2. Valorar a importancia da investigación e o desenvolvemento tecnolóxico na actividade cotiá. | ▪ CCIB1.2.1. Analiza o papel da investigación científica como motor da nosa sociedade e a súa importancia ao longo da historia. | ▪ CAA<br>▪ CCEC |
| ▪ e<br>▪ g<br>▪ m<br>▪ l | ▪ B1.1. A comunicación en ciencia e tecnoloxía. O artigo científico. Fontes de divulgación científica. Elaboración e presentación de informes utilizando distintos medios. | ▪ B1.3. Comunicar conclusións e ideas en distintos soportes a públicos diversos, utilizando eficazmente as tecnoloxías da información e da comunicación para transmitir opinións propias argumentadas. | ▪ CCIB1.3.1. Comenta artigos científicos divulgativos realizando valoracións críticas e análise das consecuencias sociais, e defende en público as súas conclusións. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 2. A Terra e a vida | | | |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B2.1. Orixe e formación da Terra: deriva continental e tectónica de placas. | ▪ B2.1. Xustificar a teoría de deriva continental en función das evidencias experimentais que a apoian. | ▪ CCIB2.1.1. Xustifica a teoría de deriva continental a partir das probas xeográficas, paleontolóxicas, xeolóxicas e paleoclimáticas. | ▪ CMCCT |
| ▪ l | ▪ B2.1. Orixe e formación da Terra: deriva continental e tectónica de | ▪ B2.2. Explicar a tectónica de placas e os fenómenos a que dá lugar, así como os riscos como consecuencia | ▪ CCIB2.2.1. Utiliza a tectónica de placas para explicar a expansión do fondo oceánico e a actividade sís- | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Cultura Científica. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | placas. | destes fenómenos. | mica e volcánica nos bordos das placas. | |
| | | | ▪ CCIB2.2.2. Nomea e explica medidas preditivas e preventivas para o vulcanismo e os terremotos. | ▪ CMCCT |
| ▪ l | ▪ B2.2. Vulcanismo e terremotos: predición e prevención. | ▪ B2.3. Determinar as consecuencias do estudo da propagación das ondas sísmicas P e S, respecto das capas internas da Terra. | ▪ CCIB2.3.1. Relaciona a existencia de capas terrestres coa propagación das ondas sísmicas a través delas. | ▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ h | ▪ B2.3. Orixe da vida na Terra. | ▪ B2.4. Coñecer e describir os últimos avances científicos sobre a orixe da vida na Terra e enunciar as teorías científicas que explican a orixe da vida na Terra, diferenciándoas das baseadas en crenzas. | ▪ CCIB2.4.1. Coñece e explica as teorías acerca da orixe da vida na Terra. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ CCIB2.4.2. Describe as últimas investigacións científicas en torno ao coñecemento da orixe e o desenvolvemento da vida na Terra. | ▪ CCEC |
| ▪ l<br>▪ h | ▪ B2.4. Do fixismo ao evolucionismo. Evolución a debate: teorías científicas e pseudocientíficas sobre a evolución. Evolución do ser humano. | ▪ B2.5. Establecer as probas que apoian a teoría da selección natural de Darwin e utilizala para explicar a evolución dos seres vivos na Terra, enfrontándoa a teorías non científicas. | ▪ CCIB2.5.1. Describe as probas biolóxicas, paleontolóxicas e moleculares que apoian a teoría da evolución das especies. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ CCIB2.5.2. Enfronta as teorías de Darwin e Lamarck para explicar a selección natural. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ CCIB2.5.3. Enfronta o neodarwinismo coas explicacións non científicas sobre a evolución. | ▪ CMCCT |
| ▪ l | ▪ B2.4. Do fixismo ao evolucionismo. Evolución a debate: teorías científi- | ▪ B2.6. Recoñecer a evolución desde os primeiros homínidos ata o ser | ▪ CCIB2.6.1. Establece as etapas evolutivas dos homínidos ata che- | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Cultura Científica. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ m | cas e pseudocientíficas sobre a evolución. Evolución do ser humano. | humano actual e establecer as adaptacións que nos fixeron evolucionar. | gar ao Homo Sapiens, salientando as súas características fundamentais, como a capacidade cranial e altura. | |
| | | | ▪ CCIB2.6.2. Valora de forma crítica as informacións asociadas ao Universo, á Terra e á orixe das especies, distinguindo entre información científica real, opinión e ideoloxía. | ▪ CSC |
| | Bloque 3. Avances en biomedicina | | | |
| ▪ h<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B3.1. Evolución histórica da investigación médica e farmacéutica. | ▪ B3.1. Analizar a evolución histórica na consideración e no tratamento das doenzas. | ▪ CCIB3.1.1. Coñece a evolución histórica dos métodos de diagnóstico e tratamento das doenzas. | ▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ l<br>▪ i | ▪ B3.1. Evolución histórica da investigación médica e farmacéutica. | ▪ B3.2. Distinguir entre o que é medicina e o que non o é. | ▪ CCIB3.2.1. Establece a existencia de alternativas á medicina tradicional, valorando o seu fundamento científico e os riscos que levan consigo. | ▪ CSC |
| ▪ a | ▪ B3.2. Últimos avances en medicina. | ▪ B3.3. Valorar as vantaxes que suscita a realización dun transplante e as súas consecuencias. | ▪ CCIB3.3.1. Propón os transplantes como alternativa no tratamento de certas doenzas, valorando as súas vantaxes e os seus inconvenientes. | ▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B3.1. Evolución histórica da investigación médica e farmacéutica. | ▪ B3.4. Tomar conciencia da importancia da investigación médico-farmacéutica. | ▪ CCIB3.4.1. Describe o proceso que segue a industria farmacéutica para descubrir, desenvolver, ensaiar e comercializar os fármacos. | ▪ CMCCT |
| ▪ a | ▪ B3.3. Valoración crítica da información relacionada coa medicina. Uso responsable dos medicamentos. | ▪ B3.5. Facer un uso responsable do sistema sanitario e dos medicamentos. | ▪ CCIB3.5.1. Xustifica a necesidade de facer un uso racional da sanidade e dos medicamentos. | ▪ CSC |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Cultura Científica. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Patentes. | | | |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ i | ▪ B3.3. Valoración crítica da información relacionada coa medicina. Uso responsable dos medicamentos. Patentes. | ▪ B3.6. Diferenciar a información procedente de fontes científicas das que proceden de pseudociencias ou que perseguen obxectivos simplemente comerciais. | ▪ CCIB3.6.1. Discrimina a información recibida sobre tratamentos médicos e medicamentos en función da fonte consultada. | ▪ CCL<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 4. A revolución xenética | | | |
| ▪ h | ▪ B4.1. Revolución xenética. Xenoma humano. Tecnoloxías do ADN recombinante e enxeñaría xenética. Aplicacións. | ▪ B4.1. Recoñecer os feitos históricos máis salientables para o estudo da xenética. | ▪ CCIB4.1.1. Coñece e explica o desenvolvemento histórico dos estudos levados a cabo dentro do campo da xenética. | ▪ CCEC |
| ▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B4.1. Revolución xenética. Xenoma humano. Tecnoloxías do ADN recombinante e enxeñaría xenética. Aplicacións. | ▪ B4.2. Obter, seleccionar e valorar informacións sobre o ADN, o código xenético, a enxeñaría xenética e as súas aplicacións médicas. | ▪ CCIB4.2.1. Sabe situar a información xenética que posúe calquera ser vivo, establecendo a relación xerárquica entre as estruturas, desde o nucleótido ata os xenes responsables da herdanza. | ▪ CAA<br>▪ CD |
| ▪ c<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B4.1. Revolución xenética. Xenoma humano. Tecnoloxías do ADN recombinante e enxeñaría xenética. Aplicacións. | ▪ B4.3. Coñecer os proxectos que se desenvolven actualmente como consecuencia de descifrar o xenoma humano, tales como HapMap e Encode. | ▪ CCIB4.3.1. Coñece e explica a forma en que se codifica a información xenética no ADN, xustificando a necesidade de obter o xenoma completo dun individuo e descifrar o seu significado. | ▪ CMCCT |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B4.1. Revolución xenética. Xenoma humano. Tecnoloxías do ADN recombinante e enxeñaría xenética. Aplicacións. | ▪ B4.4. Describir e avaliar as aplicacións da enxeñaría xenética na obtención de fármacos, transxénicos e terapias xénicas. | ▪ CCIB4.4.1. Describe e analiza as aplicacións da enxeñaría xenética na obtención de fármacos, transxénicos e terapias xénicas. | ▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ b | ▪ B4.2. Técnicas de reprodución asistida: implicacións éticas e so- | ▪ B4.5. Valorar as repercusións sociais da reprodución asistida e a se- | ▪ CCIB4.5.1. Establece as repercusións sociais e económicas da re- | ▪ CSIEE<br>▪ CSC |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Cultura Científica. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | ciais. | lección e a conservación de embrións. | produción asistida e a selección e conservación de embrións. | |
| ▪ b<br>▪ l | ▪ B4.3. Células nai e clonación: aplicacións e perspectivas de futuro. | ▪ B4.6. Analizar os posibles usos da clonación. | ▪ CCIB4.6.1. Describe e analiza as posibilidades que ofrece a clonación en diferentes campos. | ▪ CAA |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B4.3. Células nai e clonación: aplicacións e perspectivas de futuro. | ▪ B4.7. Establecer o método de obtención dos tipos de células nai, así como a súa potencialidade para xerar tecidos, órganos e ata organismos completos. | ▪ CCIB4.7.1. Recoñece os tipos de células nai en función da súa procedencia e da súa capacidade xenerativa, e establece en cada caso as aplicacións principais. | ▪ CMCCT |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c | ▪ B4.4. Xenética e sociedade. Bioética. | ▪ B4.8. Identificar algúns problemas sociais e dilemas morais debidos á aplicación da xenética: obtención de transxénicos, reprodución asistida e clonación. | ▪ CCIB4.8.1. Valora de xeito crítico os avances científicos relacionados coa xenética, os seus usos e as súas consecuencias médicas e sociais. | ▪ CSC |
| | | | ▪ CCIB4.8.2. Explica as vantaxes e os inconvenientes dos alimentos transxénicos, razoando a conveniencia ou non do seu uso. | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 5. Tecnoloxías de información e comunicación | | | |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B5.1. Orixe, evolución e análise comparativa dos equipamentos informáticos. | ▪ B5.1. Coñecer a evolución que experimentou a informática desde os primeiros prototipos ata os modelos máis actuais, sendo consciente do avance logrado en parámetros tales como tamaño, capacidade de procesamento, almacenamento, conectividade, portabilidade, etc. | ▪ CCIB5.1.1. Recoñece a evolución histórica do computador en termos de tamaño e capacidade de proceso. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ CCIB5.1.2. Explica como se almacena a información en diferentes formatos físicos, tales como discos duros, discos ópticos e memorias, valorando as vantaxes e os incon- | ▪ CCL<br>▪ CD |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Cultura Científica. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | venientes de cada un. | |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B5.2. Incorporación da tecnoloxía dixital á vida cotiá.<br>▪ B5.3. Características e especificacións de equipamentos. Análise e comparativa desde o punto de vista do/da usuario/a. | ▪ B5.2. Determinar o fundamento dalgúns dos avances máis significativos da tecnoloxía actual. | ▪ CCIB5.2.1. Compara as prestacións de dous dispositivos dados do mesmo tipo, un baseado na tecnoloxía analóxica e outro na dixital. | ▪ CD |
| | | | ▪ CCIB5.2.2. Explica como se establece a posición sobre a superficie terrestre coa información recibida dos sistemas de satélites GPS ou GLONASS. | ▪ CD |
| | | | ▪ CCIB5.2.3. Establece e describe a infraestrutura básica que require o uso da telefonía móbil. | ▪ CD |
| | | | ▪ CCIB5.2.4. Explica o fundamento físico da tecnoloxía LED e as vantaxes que supón a súa aplicación en pantallas planas e iluminación. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ CCIB5.2.5. Coñece e describe as especificacións dos últimos dispositivos, valorando as posibilidades que lle poden ofrecer ás persoas usuarias. | ▪ CD |
| ▪ a<br>▪ i | ▪ B5.4. Vantaxes e inconvenientes da evolución tecnolóxica. Consumismo asociado ás novas tecnoloxías. | ▪ B5.3. Tomar conciencia dos beneficios e dos problemas que pode orixinar o constante avance tecnolóxico. | ▪ CCIB5.3.1. Valora de xeito crítico a constante evolución tecnolóxica e o consumismo que orixina na sociedade. | ▪ CSC |
| ▪ b | ▪ B5.5. Internet na vida cotiá. Beneficios e problemas asociados ao uso | ▪ B5.4. Valorar de forma crítica e fundamentada os cambios que internet está a provocar na socieda- | ▪ CCIB5.4.1. Xustifica o uso das redes sociais, sinalando as vantaxes que ofrecen e os riscos que | ▪ CSIEE |

| | Cultura Científica. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | de internet. | de. | supoñen. | |
| | | | ▪ CCIB5.4.2. Determina os problemas aos que se enfronta internet e as solucións que se barallan. | ▪ CSIEE |
| | | | ▪ CCIB5.4.3. Utiliza con propiedade conceptos especificamente asociados ao uso de internet. | ▪ CD |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B5.5. Internet na vida cotiá. Beneficios e problemas asociados ao uso de internet. | ▪ B5.5. Efectuar valoracións críticas, mediante exposicións e debates, acerca de problemas relacionados cos delitos informáticos, o acceso a datos persoais e os problemas de socialización ou de excesiva dependencia que pode causar o seu uso. | ▪ CCIB5.5.1. Describe en que consisten os delitos informáticos máis habituais. | ▪ CSC |
| | | | ▪ CCIB5.5.2. Pon de manifesto a necesidade de protexer os datos mediante encriptación, contrasinal, etc. | ▪ CD |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B5.4. Vantaxes e inconvenientes da evolución tecnolóxica. Consumismo asociado ás novas tecnoloxías.<br>▪ B5.5. Internet na vida cotiá. Beneficios e problemas asociados ao uso de internet. | ▪ B5.6. Demostrar que se é consciente da importancia das novas tecnoloxías na sociedade actual, mediante a participación en debates, elaboración de redaccións e/ou comentarios de texto. | ▪ CCIB5.6.1. Sinala as implicacións sociais do desenvolvemento tecnolóxico. | ▪ CCL<br>▪ CSC |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

## Cultura Clásica

### Introdución

A materia de Cultura Clásica ten como obxectivo primordial achegar o alumnado ao estudo das civilizacións grega e latina nos ámbitos literario, artístico, filosófico, científico, sociopolítico e lingüístico, de xeito que poida tomar conciencia da influencia, o mantemento e a presenza destes aspectos na cultura occidental, e comprender a súa identidade cultural, así como as manifestacións que a definen.

A través de Cultura Clásica preténdese iniciar o alumnado nun exercicio de reflexión e a análise sobre as bases en que descansan realidades moi importantes da nosa cultura, confrontándoas co que coñecemos como legado clásico: un patrimonio común que debe ser considerado irrenunciable para os cidadáns e as cidadás de Europa.

De acordo con esta formulación, o currículo básico da materia articúlase en bloques temáticos pertencentes a dous ámbitos diferentes: o ámbito lingüístico e o non lingüístico.

O ámbito lingüístico oriéntase fundamentalmente a analizar a relación de parentesco entre as linguas clásicas e un bo número das que se falan na actualidade. Para iso, pártese do concepto de familia lingüística, centrando a atención na familia das linguas indoeuropeas, á que pertencen o grego e o latín e da que se deriva unha boa parte das linguas modernas. O estudo da orixe e a evolución da familia lingüística indoeuropea acompáñase coa descrición do marco histórico e xeográfico onde ten lugar a devandita evolución. En relación con este aspecto, inclúese un percorrido a través da orixe e a evolución da escritura e a súa diversidade de sistemas e alfabetos. Préstase especial atención ao importantísimo papel que o latín e o grego xogaron na configuración das linguas modernas, en especial na composición culta e na formación do léxico. O obxectivo último da materia de Cultura Clásica, neste ámbito será permitir ao alumnado afondar na comprensión da propia lingua e no uso desta esma como elemento esencial para a comunicación e a adquisición de coñecementos.

No ámbito non lingüístico englóbase o resto dos bloques propostos: xeografía, historia, mitoloxía, relixión, arte, sociedade e vida cotiá, e literatura. Todos eles irán enfocados a iniciar o alumnado no coñecemento dos aspectos máis característicos da cultura grecorromana, de xeito que a través do seu estudo sexa quen de analizar e comprender os trazos comúns e os que son diversos, valorar a herdanza clásica e respectar o patrimonio cultural da humanidade. Para sentar as bases deste estudo pártese da necesidade de coñecer o marco xeográfico e histórico en que se desenvolveron as civilizacións grega e romana ao longo do tempo, orixe da civilización occidental. O estudo das relixións grega e romana presta atención ás manifestacións máis significativas da relixiosidade oficial,

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



os cultos públicos e privados, as manifestacións deportivas relacionadas, as festividades relixiosas e os valores culturais asociados a ela. Dentro deste apartado sitúase o capítulo da mitoloxía, no que se aborda a construción do imaxinario colectivo europeo, grazas ás narracións míticas e lendarias, o mundo dos deuses e dos heroes, e o seu mantemento na cultura contemporánea.

Especial atención merecen as manifestacións artísticas que nos legaron as civilizacións grega e romana, que serviron e serven de modelo a moitas das producións actuais. Entre elas cómpre salientar, por unha banda, as relativas ás artes plásticas, concretamente á arquitectura, á escultura e ás artes decorativas, e, pola outra, á literatura, cuxa configuración en xéneros determina toda a nosa tradición literaria, grazas ao acervo de temas, tópicos e recursos estilísticos empregados polos seus autores e polas súas autoras.

Dedícase un apartado á sociedade e á vida cotiá, dentro do cal se tratan aspectos como a organización política e social do mundo grecorromano, as clases sociais, a vida pública e privada, e os valores cívicos que se transmitiron á cultura occidental.

En todos os bloques de contidos vai implícito o estudo inescusable do mantemento do legado clásico na actualidade, co que se pretende analizar todos os elementos desta herdanza clásica que continúan a ser referentes na nosa cultura. Debido ao carácter de optatividade da materia de Cultura Clásica, é necesario ter en conta a flexibilidade na adecuación dos contidos ás características dos centros docentes e ao alumnado que escolla esta opción, de xeito que o seu currículo debe ter a apertura propia das materias específicas.

A comunicación lingüística é a competencia clave con máis presenza no bloque lingüístico, xa que permite descubrir as raíces grecorromanas do vocabulario das linguas que utiliza. Non obstante, no bloque non lingüístico os propios contidos da materia fomentan, tamén, a expresión a través da comunicación textual, oral, audiovisual e dixital.

A presenza das novas tecnoloxías da información e da comunicación no mundo actual debe aproveitarse como unha vantaxe para o labor cotián na aula, traballando, deste xeito, a competencia dixital. A procura de información guiada polo profesorado facilita o desenvolvemento do espírito crítico e o achegamento persoal ao coñecemento. Nesta liña, tamén hai que salientar a importancia do traballo da competencia en aprender a aprender, xa que o alumnado está iniciándose na selección, na avaliación, na comprensión e na produción de información cada vez máis complexa. A perseveranza, os hábitos de estudo, a autonomía e o traballo en equipo son capacidades que se poden afianzar neste capítulo.

A descuberta da historia do mundo grego e do romano a través dos seus fitos máis salientables no ámbito da política, a sociedade e a vida cotiá axudarán a potenciar as competencias sociais e cívicas, así como a competencia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



DOG Diario Oficial de Galicia

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

en sentido da iniciativa e espírito emprendedor, por medio da planificación de proxectos en equipo, reforzando os conceptos dos valores democráticos, a participación cidadá e a toma de decisións responsables.

Unha visión global da xeografía e historia de Grecia e Roma impulsará o alumnado a comprender os procesos de cambio desde o mundo antigo ata a actualidade, traballando, tamén, a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, que capacitan para a análise de fenómenos complexos, o razoamento lóxico e o rigor científico.

A aproximación ás manifestacións artísticas e literarias do mundo clásico permite o desenvolvemento da competencia en conciencia e expresión culturais, xa que un dos obxectivos principais da materia é a constatación do mantemento das súas pegadas na actualidade.

A materia de Cultura Clásica pode significar para o alumnado de educación secundaria unha excelente vía de achegamento á posta en valor do noso patrimonio cultural, que se aloxa nos restos arqueolóxicos, nos museos e mesmo no contorno cotián, así como nas manifestacións máis inmateriais da cultura grecorromana, como o pensamento, as crenzas, a mitoloxía, a estética e a ética.

3º ou 4º de ESO

| | Cultura Clásica. 3º ou 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Xeografía | | | |
| ▪ f<br>▪ o | ▪ B1.1. Marco xeográfico das civilizacións grega e romana. | ▪ B1.1. Localizar nun mapa fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana. | ▪ CCB1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico en que se sitúan en distintos períodos as civilizacións grega e romana, delimitando o seu ámbito de influencia, establecendo conexións con outras culturas próximas e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| ▪ f<br>▪ o | ▪ B1.1. Marco xeográfico das civilizacións grega e romana. | ▪ B1.2. Describir os marcos xeográficos en que se desenvolven as civili- | ▪ CCB1.2.1. Enumera aspectos do marco xeográfico que poden ser | ▪ CSC<br>▪ CD |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Cultura Clásica. 3º ou 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | zacións grega e romana ao longo da súa historia. | considerados determinantes no desenvolvemento das civilizacións grega e latina, e achega exemplos para ilustrar e xustificar as súas formulacións. | ▪ CAA |
| | Bloque 2. Historia | | | |
| ▪ e<br>▪ ñ | ▪ B2.1. Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico.<br>▪ B2.2. Marco histórico da civilización romana: Monarquía, República e Imperio. | ▪ B2.1. Identificar, describir e explicar o marco histórico en que se desenvolven as civilizacións grega e romana. | ▪ CCB2.1.1. Sabe enmarcar determinados feitos históricos nas civilizacións grega e romana e no período histórico correspondente, póndoos en contexto e relacionándoos con outras circunstancias contemporáneas. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CSC |
| ▪ f<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ ñ | ▪ B2.1. Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico.<br>▪ B2.2. Marco histórico da civilización romana: Monarquía, República e Imperio. | ▪ B2.2. Coñecer as principais características de cada período da historia de Grecia e Roma, e saber situar nun eixe cronolóxico feitos históricos. | ▪ CCB2.2.1. Distingue con precisión as etapas da historia de Grecia e Roma, nomeando e situando no tempo os principais fitos asociados a cada unha delas. | ▪ CSIEE<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CSC |
| | | | ▪ CCB2.2.2. Explica o proceso de transición que se produce entre as etapas da historia de Grecia e Roma, describindo as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ CCB2.2.3. Elabora eixes cronolóxicos en que se representen fitos históricos salientables, consultando ou non fontes de información. | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ CCB2.2.4. Sitúa dentro dun eixe cronolóxico o marco histórico en que se desenvolven as civilizacións gre- | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CSC |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Cultura Clásica. 3º ou 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ga e romana, sinalando períodos e identificando en cada un as conexións máis importantes que presentan con outras civilizacións. | |
| ▪ ñ<br>▪ o | ▪ B2.1. Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico.<br>▪ B2.2. Marco histórico da civilización romana: Monarquía, República e Imperio. | ▪ B2.3. Coñecer as características fundamentais da romanización de Hispania e Gallaecia. | ▪ CCB2.3.1. Explica a romanización de Hispania e Gallaecia, describindo as súas causas e delimitando as súas fases. | ▪ CCEC<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ CCB2.3.2. Enumera, explica e ilustra con exemplos os aspectos fundamentais que caracterizan o proceso da romanización de Hispania e Gallaecia, sinalando a súa influencia na historia posterior do noso país. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | Bloque 3. Mitoloxía | | | |
| ▪ b | ▪ B3.1. O panteón grego e romano. | ▪ B3.1. Coñecer os principais deuses da mitoloxía grecolatina. | ▪ CCB3.1.1. Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia, explicando a súa xenealoxía e establecendo as relacións entre os diferentes deuses. | ▪ CD<br>▪ CCEC<br>▪ CCL |
| ▪ e<br>▪ a<br>▪ b<br>▪ ñ | ▪ B3.2. Mitos grecolatinos. Os heroes. | ▪ B3.2. Coñecer os mitos e os heroes grecolatinos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais. | ▪ CCB3.2.1. Identifica dentro do imaxinario mítico deuses, semideuses e heroes, e explica os principais aspectos que os diferencian. | ▪ CCEC<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| | | | ▪ CCB3.2.2. Sinala semellanzas e diferenzas entre os mitos da antigüidade clásica e os pertencentes a | ▪ CAA<br>▪ CSC |

| Cultura Clásica. 3º ou 4º de ESO | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | outras culturas, comparando o seu tratamento na literatura ou na tradición relixiosa. | ▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ CCB3.2.3. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno e sinalando as principais semellanzas e diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos, asociándoas a outros trazos culturais propios de cada época. | ▪ CCEC<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CSC |
| | | | ▪ CCB3.2.4. Recoñece referencias mitolóxicas nas artes plásticas, sempre que sexan claras e sinxelas, describindo, a través do uso que se fai destas, os aspectos básicos que en cada caso se asocian á tradición grecolatina. | ▪ CCEC<br>▪ CD |
| ▪ l<br>▪ ñ | ▪ B3.3. Relixión grega. | ▪ B3.3. Coñecer e comparar as características da relixiosidade e da relixión grega coas actuais. | ▪ CCB3.3.1. Enumera e explica as principais características da relixión grega, póndoas en relación con outros aspectos básicos da cultura helénica e establecendo comparacións con manifestacións relixiosas propias doutras culturas. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT<br>▪ CCEC |
| ▪ b | ▪ B3.4. Relixión romana: culto público e privado. | ▪ B3.4. Explicar os fundamentos da relixiosidade romana e distinguir a relixión oficial das manifestacións do culto privado. | ▪ CCB3.4.1. Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados, e explica os trazos que lles son propios. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT<br>▪ CCEC |
| | Bloque 4. Arte | | | |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Cultura Clásica. 3º ou 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ l<br>▪ b | ▪ B4.1. Fundamentos da arte clásica. | ▪ B4.1. Coñecer as características fundamentais da arte clásica e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos. | ▪ CCB4.1.1. Recoñece os trazos básicos da arte clásica nas manifestacións artísticas antigas e actuais. | ▪ CD<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ CCB4.1.2. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles aspectos relacionados coa arte grecolatina, asociándoos a outras manifestacións culturais ou a fitos históricos. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCEC |
| ▪ l | ▪ B4.2. Arquitectura en Grecia e Roma: tipos de edificios e ordes arquitectónicas. | ▪ B4.2. Identificar as características máis salientables da arquitectura grecorromana en relación cos edificios máis singulares. | ▪ CCB4.2.1. Recoñece as características esenciais das arquitecturas grega e romana, identificando en imaxes a orde arquitectónica á que pertencen distintos monumentos, para razoar a súa resposta. | ▪ CCEC<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| ▪ l | ▪ B4.3. Escultura en Grecia e Roma: etapas, estilos e temáticas. | ▪ B4.3. Coñecer as manifestacións escultóricas da arte grega e romana ao longo da Antigüidade e identificar a súa temática. | ▪ CCB4.3.1. Recoñece esculturas gregas e romanas en imaxes, encádraas nun período histórico e identifica nelas motivos mitolóxicos, históricos ou culturais. | ▪ CCEC<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| ▪ l<br>▪ ñ | ▪ B4.4. Enxeñería romana: obras públicas e urbanismo. Vías romanas. | ▪ B4.4. Coñecer as creacións urbanísticas romanas, así como a súa rede viaria. | ▪ CCB4.4.1. Describe as características, os principais elementos e a función das grandes obras públicas romanas, explicando e ilustrando con exemplos a súa importancia para o desenvolvemento do Imperio e a súa influencia en modelos urbanísticos posteriores. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCEC |
| ▪ e<br>▪ ñ | ▪ B4.5. Herdanza clásica no patrimonio artístico. | ▪ B4.5. Coñecer e saber localizar os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo. | ▪ CCB4.5.1. Localiza nun mapa os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e súa cronoloxía | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CCEC<br>▪ CMCCT |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| Cultura Clásica. 3º ou 4º de ESO | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | aproximada. | |
| | Bloque 5. Sociedade e vida cotiá | | | |
| ▪ a | ▪ B5.1. Organización política en Grecia e en Roma. | ▪ B5.1. Coñecer as características das principais formas de organización política presentes no mundo clásico, e establecer semellanzas e diferenzas entre elas. | ▪ CCB5.1.1. Nomea os principais sistemas políticos da antigüidade clásica e describe, dentro de cada un, a forma de distribución e o exercicio do poder, as institucións, o papel que estas desempeñan e os mecanismos de participación política. | ▪ CSC<br>▪ CCL |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ ñ | ▪ B5.2. Sociedade en Grecia e Roma: clases sociais. | ▪ B5.2. Coñecer as características e a evolución das clases sociais en Grecia e Roma. | ▪ CCB5.2.1. Describe a organización das sociedades grega e romana, explicando as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relacionando estes aspectos cos valores cívicos da época e comparándoos cos actuais. | ▪ CSIEE<br>▪ CSC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ CCB5.2.2. Describe as principais características e a evolución dos grupos que compoñen as sociedades grega e romana. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCL |
| ▪ c<br>▪ ñ | ▪ B5.3. A familia en Grecia e Roma. | ▪ B5.3. Coñecer a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros. | ▪ CCB5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, identificando e explicando a través deles estereotipos culturais e comparándoos cos actuais. | ▪ CSC<br>▪ CCL |
| ▪ m | ▪ B5.4. Vida cotiá en Grecia e Roma: vivenda, hixiene, alimentación, vestimenta e traballo. | ▪ B5.4. Coñecer os trazos máis salientables da vida cotiá en Grecia e Roma. | ▪ CCB5.4.1. Identifica e describe os tipos de vivenda, o modo de alimentación, os hábitos de hixiene e a vestimenta en Grecia e Roma. | ▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Cultura Clásica. 3º ou 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | | ▪ CCL |
| | | | ▪ CCB5.4.2. Identifica e describe formas de traballo e relaciónaas cos coñecementos científicos e técnicos da época, e explica a súa influencia no progreso da cultura occidental. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CCL |
| ▪ d | ▪ B5.5. Espectáculos públicos en Grecia e Roma. | ▪ B5.5. Identificar as principais formas de lecer da antigüidade. | ▪ CCB5.5.1. Describe as principais formas de lecer das sociedades grega e romana, analizando a súa finalidade, os grupos aos que van dirixidas e a súa función no desenvolvemento da identidade social. | ▪ CSIEE<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCL |
| ▪ ñ | ▪ B5.5. Os espectáculos públicos en Grecia e Roma. | ▪ B5.6. Relacionar e establecer semellanzas e diferenzas entre as manifestacións deportivas da Grecia Clásica e as actuais. | ▪ CCB5.6.1. Explica a orixe e a natureza dos Xogos Olímpicos, comparándoos e destacando a súa importancia con respecto a outras festividades deste tipo existentes na época, e comenta o seu mantemento no mundo moderno, establecendo semellanzas e diferenzas entre os valores culturais aos que se asocian en cada caso. | ▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCL |
| | Bloque 6. Lingua e literatura | | | |
| ▪ e | ▪ B6.1. Historia da escritura. Signos e materiais. | ▪ B6.1. Coñecer a existencia de diversos tipos de escritura, distinguilos e comprender as súas funcións. | ▪ CCB6.1.1. Recoñece tipos de escritura, clasifícaos consonte súa natureza e a súa función, e describe os trazos que os distinguen. | ▪ CD<br>▪ CCEC<br>▪ CCL |
| ▪ e | ▪ B6.2. Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o alfabeto romano. | ▪ B6.2. Coñecer a orixe do alfabeto e distinguir os tipos de alfabetos usados na actualidade. | ▪ CCB6.2.1. Nomea e describe os trazos principais dos alfabetos máis utilizados no mundo occidental, diferenciándoos doutros tipos de escri- | ▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CCL |

| | Cultura Clásica. 3º ou 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | turas, e explica a súa orixe. | |
| ▪ f | ▪ B6.2. Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o alfabeto romano. | ▪ B6.3. Recoñecer a presenza de elementos dos alfabetos grego e latino nos alfabetos actuais. | ▪ CCB6.3.1. Explica a influencia dos alfabetos grego e latino na formación dos alfabetos actuais, e sinala nestes últimos a presenza de determinados elementos tomados dos primeiros. | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CCEC<br>▪ CCL |
| ▪ f<br>▪ ñ<br>▪ o | ▪ B6.3. As linguas do mundo. O indoeuropeo e as súas familias lingüísticas. | ▪ B6.4. Coñecer a orixe común das linguas indoeuropeas. | ▪ CCB6.4.1. Enumera e localiza nun mapa as principais ramas da familia das linguas indoeuropeas, sinalando os idiomas modernos que se derivan de cada unha e os aspectos lingüísticos que evidencian o seu parentesco. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CSC |
| | | | ▪ CCB6.4.2.Describe a evolución das linguas romances a partir do latín como un proceso histórico, explicando e ilustrando con exemplos os elementos que evidencian do xeito máis visible a súa orixe común e o parentesco existente entre elas. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| ▪ l<br>▪ ñ<br>▪ o | ▪ B6.4. As linguas romances. | ▪ B6.5. Identificar as linguas europeas romances e non romances, e localizalas nun mapa. | ▪ CCB6.5.1. Identifica as linguas que se falan en Europa e en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan. | ▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL<br>▪ CCA |
| ▪ h<br>▪ ñ<br>▪ o | ▪ B6.5. Composición e derivación culta de orixe grega e latina. | ▪ B6.6. Identificar a orixe grecolatina do léxico das linguas de España e doutras linguas modernas. | ▪ CCB6.6.1. Recoñece e explica o significado dalgúns dos helenismos e latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en | ▪ CCL<br>▪ CCA |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Cultura Clásica. 3º ou 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | España e doutras linguas modernas, e explica o seu significado a partir do termo de orixe. | |
| | | | ▪ CCB6.6.2. Explica o significado de palabras a partir da súa descomposición e da análise etimolóxica das súas partes. | ▪ CCL<br>▪ CCA |
| ▪ e<br>▪ ñ<br>▪ o | ▪ B6.6. Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. | ▪ B6.7. Distinguir e identificar latinismos, cultismos, semicultismos e termos patrimoniais. | ▪ CCB6.7.1. Identifica e diferencia con seguridade cultismos, semicultismos e termos patrimoniais, en relación co termo de orixe sen, necesidade de consultar dicionarios nin outras fontes de información. | ▪ CCA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ CCB6.7.2. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual. | ▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ f<br>▪ l<br>▪ ñ<br>▪ o | ▪ B6.7. Principais regras de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán. | ▪ B6.8. Facer evolucións desde o latín ao galego e ao castelán, tendo en conta os fenómenos fonéticos. | ▪ CCB6.8.1. Explica os procesos de evolución dalgúns termos desde o étimo latino ata os seus respectivos derivados nas linguas romances, describindo algúns dos fenómenos fonéticos producidos e ilustrándoos con outros exemplos. | ▪ CCL<br>▪ CCA |
| | | | ▪ CCB6.8.2. Realiza evolucións do latín ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución. | ▪ CCA<br>▪ CCL |
| ▪ f | ▪ B6.8. Léxico grecolatino na linguaxe científica e técnica. | ▪ B6.9. Coñecer e utilizar con propiedade terminoloxía científico-técnica de orixe grecolatina. | ▪ CCB6.9.1. Explica a partir da súa etimoloxía termos de orixe grecolatina propios da linguaxe científico-técnica e sabe usalos con propieda- | ▪ CCL<br>▪ CCA |

| | Cultura Clásica. 3º ou 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | de. | |
| ▪ h<br>▪ ñ<br>▪ o | ▪ B6.9. Presenza das linguas clásicas nas linguas modernas. | ▪ B6.10. Constatar o influxo das linguas clásicas en linguas non derivadas delas. | ▪ CCB6.10.1. Demostra o influxo do latín e o grego sobre as linguas modernas servíndose de exemplos para ilustrar o mantemento nestas de elementos léxicos morfolóxicos e sintácticos herdados das primeiras. | ▪ CCL<br>▪ CCA |
| ▪ l | ▪ B6.10. Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais. | ▪ B6.11. Coñecer as principais características dos xéneros literarios grecolatinos e a súa influencia na literatura posterior. | ▪ CCB6.11.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios grecolatinos e recoñece a súa influencia na literatura posterior. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CCA |
| ▪ l | ▪ B6.10. Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais. | ▪ B6.12. Coñecer os fitos esenciais das literaturas grega e latina como base literaria da cultura europea e occidental. | ▪ CCB6.12.1. Nomea aos autores máis representativos da literatura grecolatina, encádraos no seu período histórico e cita as súas obras máis coñecidas. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | Bloque 7. Pervivencia na actualidade | | | |
| ▪ l<br>▪ n<br>▪ ñ | ▪ B.7.1. Civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual. | ▪ B7.1. Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política. | ▪ CCB7.1.1. Sinala e describe algúns aspectos básicos da cultura e a civilización grecolatina que perviviron ata a actualidade, demostrando a súa vixencia nunha e noutra época mediante exemplos. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ l<br>▪ n<br>▪ ñ | ▪ B7.2. Mitoloxía e temas lexendarios nas manifestacións artísticas actuais. | ▪ B7.2. Coñecer a pervivencia da mitoloxía e os temas lexendarios nas manifestacións artísticas actuais. | ▪ CCB7.2.1. Demostra a pervivencia da mitoloxía e os temas lexendarios mediante exemplos de manifestacións artísticas contemporáneas nas que están presentes estes motivos. | ▪ CAA<br>▪ CCEC |
| ▪ l | ▪ B7.3. Historia de Grecia e Roma e a | ▪ B7.3. Identificar os aspectos máis | ▪ CCB7.3.1. Enumera e explica | ▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Cultura Clásica. 3º ou 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ ñ | súa presenza no noso país. | importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual. | algúns exemplos concretos nos que se pon de manifesto a influencia que o mundo clásico tivo na historia e as tradicións do noso país. | ▪ CSC |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B7.4. Traballos de investigación sobre a civilización clásica na nosa cultura. | ▪ B7.4. Realizar traballos de investigación sobre a pervivencia da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación. | ▪ B7.4.1. Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación para recabar información e realizar traballos de investigación acerca da pervivencia da civilización clásica na nosa cultura. | ▪ CD<br>▪ CAA |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



## Debuxo Artístico

### Introdución

Partindo das destrezas e dos coñecementos adquiridos polo alumnado na materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual, da educación secundaria obrigatoria (ESO), en bacharelato afondarase nas destrezas e no conceptos do debuxo como ferramenta do pensamento que participa no proceso creativo, comunicativo, plástico e visual, contribuíndo a adquirir as competencias necesarias para a formación permanente da persoa.

As materias Debuxo Artístico I e II achegan coñecementos teóricos, técnicos e estéticos, fomentando un pensamento diverxente. A aprendizaxe estética debe realizarse sobre bases teóricas e prácticas, fomentando a creatividade, o espírito de investigación e a formación permanente.

De xeito gradual e secuencial, os coñecementos e as destrezas adquiridos en Debuxo Artístico I deben ser a base sobre a que se asente Debuxo Artístico II. Ensinarase e aplicarase o principio de partir do particular para o xeral, para que o alumnado vaia adquirindo as habilidades e os conceptos para construír aprendizaxes significativas, mediante o deseño de proxectos globais.

En Debuxo Artístico I, o alumnado traballa a materia de forma máis obxectiva, para dedicar o segundo curso a aspectos máis subxectivos, desenvolvendo o seu potencial creador orientado cara ás múltiples alternativas formativas artísticas máis acordes cos seus intereses.

Ao traballar de xeito creativo, o alumnado desenvolve a capacidade crítica aplicándoa ás súas propias creacións e ás dos seus compañeiros e as súas compañeiras; valora o feito artístico e goza del, sensibilizándose cara ao contorno para a satisfacción estética e como aspecto motivador para o seu desenvolvemento creativo, potenciando a competencia de conciencia e expresión cultural; debe coñecer os antecedentes artísticos e as achegas de artistas ao debuxo, ás artes plásticas e ao deseño, en xeral, a través da historia, e sobre todo a presenza e a función do debuxo nas manifestacións artísticas contemporáneas. O coñecemento da evolución e a súa valoración positiva do debuxo artístico como linguaxe expresiva e comunicativa reforzará as súas aplicacións nunha sociedade cada vez máis tecnolóxica e inmediata.

A materia de Debuxo Artístico nesta etapa debe proporcionar un panorama amplo das súas aplicacións, orientando e preparando para outras ensinanzas posteriores que o alumnado poida cursar, sexan artísticas ou tecnolóxicas, como base para a formación de profesionais creativos/as: ensinanzas artísticos superiores, ensinanzas profesio-

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



nais de artes plásticas e deseño, belas artes e outras afíns; en definitiva, ensinanzas creativas nas súas múltiples facetas (interiores, moda, produto gráfico, multimedia, xoiaría, ilustración, deseño web, multimedia, etc.).

Debuxo Artístico I estrutúrase en cinco bloques de contido: "O debuxo como ferramenta", "Liña e forma", "A composición e os seus fundamentos", "A luz: o claroscuro e a textura"  e "A cor".

Debuxo Artístico II estrutúrase noutros cinco bloques de contido: "A forma: estudo e transformación", "A expresión da subxectividade", "Debuxo e perspectiva", "O corpo humano como modelo" e "O debuxo no proceso creativo".

1º de bacharelato

| | Debuxo Artístico I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. O debuxo como ferramenta | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ n<br>▪ p | ▪ B1.1. Diferentes modos de ver e debuxar. Debuxo e función. | ▪ B1.1. Valorar a importancia do debuxo como ferramenta do pensamento e fin en si mesmo, a través da historia da arte, no proceso creativo, con fins artísticos, tecnolóxicos ou científicos. | ▪ DA1.B1.1.1. Valora e coñece a importancia do debuxo artístico, as súas aplicacións e as súas manifestacións a través da historia e na actualidade, co estudo e a observación de obras e artistas significativos/as. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ DA1.B1.1.2. Selecciona, relaciona e emprega con criterio a terminoloxía específica, de forma oral e escrita, en postas en común ou probas individuais, aplicada a producións propias ou alleas. | ▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B1.2. Expresión da subxectividade. | ▪ B1.2. Utilizar con criterio os materiais e a terminoloxía especifica. | ▪ DA1.B1.2.1. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráficas, adecuándoos ao obxectivo plástico desexado. | ▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| ▪ i | ▪ B1.3. Materiais, utensilios e sopor- | ▪ B1.3. Amosar unha actitude autó- | ▪ DA1.B1.3.1. Mantén o seu espazo | ▪ CSC |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|
| | Debuxo Artístico I. 1º de bacharelato | | | |
| ▪ m<br>▪ n | tes básicos.<br>▪ B1.4. Introdución ás técnicas secas e á súa aplicación. | noma e responsable, respectando as producións propias e alleas, así como o espazo de traballo e as pautas indicadas para a realización de actividades, achegando á aula todos os materiais necesarios. | de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades. | |
| | | | ▪ DA1.B1.3.2. Amosa unha actitude autónoma e responsable, respectando o traballo propio e alleo. | ▪ CSIEE |
| | Bloque 2. Liña e forma | | | |
| ▪ b<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ n<br>▪ d | ▪ B2.1. Elementos básicos na configuración da forma. A liña como elemento configurador. | ▪ B2.1. Describir graficamente obxectos naturais ou artificiais, amosando a comprensión da súa estrutura interna. | ▪ DA1.B2.1.1. Utiliza a liña na descrición gráfica de obxectos expresando volume, movemento, espazo e sensacións subxectivas. | ▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ DA1.B2.1.2. Representa formas naturais e artificiais, de maneira analítica ou expresiva, atendendo á comprensión da súa estrutura interna. | ▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ n<br>▪ d<br>▪ g | ▪ B2.2. A perspectiva intuitiva e a súa aplicación no debuxo artístico. | ▪ B2.2. Empregar a liña para a configuración de formas e transmisión de expresividade. | ▪ DA1.B2.2.1. Comprende e representa as formas desde distintos puntos de vista. | ▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ DA1.B2.2.2. Describe graficamente as formas atendendo ás súas proporcións, relacionándoas con formas xeométricas simples. | ▪ CMCCT |
| | Bloque 3. A composición e os seus fundamentos | | | |
| ▪ b<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B3.1. Composición intuitiva. Concepto de equilibrio visual. | ▪ B3.1. Elaborar composicións analíticas, descritivas e expresivas con diferentes graos de iconicidade. | ▪ DA1.B3.1.1. Selecciona os elementos gráficos esenciais para a representación da realidade observada segundo a función que se persiga | ▪ CSIEE<br>▪ CCEC |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Debuxo Artístico I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ d<br>▪ g | | | (analítica ou subxectiva) e o seu grao de iconicidade. | |
| ▪ b<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ n<br>▪ d<br>▪ g | ▪ B3.2. Psicoloxía da forma. Leis visuais que rexen as relacións entre as formas do cadro. | ▪ B3.2. Aplicar as leis básicas da percepción visual ao representar distintos volumes xeométricos ou orgánicas dentro dun espazo compositivo, atendendo ás proporcións e á perspectiva. | ▪ DA1.B3.2.1. Relaciona e representa as formas no plano atendendo ás leis visuais asociativas, ás organizacións compositivas, ao equilibrio e ás direccións visuais en composicións cunha finalidade expresiva, analítica ou descritiva. | ▪ CAA |
| | Bloque 4. A luz. O claroscuro e a textura | | | |
| ▪ b<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ n<br>▪ d<br>▪ g | ▪ B4.1. A mancha como elemento configurador do volume. O claroscuro. | ▪ B4.1. Representar o volume de obxectos e espazos tridimensionais mediante a técnica do claroscuro. | ▪ DA1.B4.1.1. Representa o volume, o espazo e a textura aplicando técnicas gráfico-plásticas mediante valores lumínicos. | ▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ n<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ p | ▪ B4.2. A construción das sombras. Valores tonais. | ▪ B4.2. Valorar a influencia da luz como configuradora de formas e o seu valor expresivo. | ▪ DA1.B4.2.1. Coñece o valor expresivo e configurador da luz, en valores tanto acromáticos como cromáticos, e explicar verbalmente eses valores en obras propias e alleas. | ▪ CCL<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ n<br>▪ d<br>▪ g | ▪ B4.3. Iluminación. Tipos de luz e o seu comportamento. | ▪ B4.3. Explorar as posibilidades expresivas da textura visual e o claroscuro | ▪ DA1.B4.3.1. Observa e utiliza a textura visual con procedementos gráfico-plásticos, con fins expresivos e configuradores, en obras propias e alleas. | ▪ CD<br>▪ CCEC |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Debuxo Artístico I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 5. A cor | | | |
| ▪ b<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ n<br>▪ d<br>▪ g | ▪ B5.1. Teoría da cor. Natureza. Dimensións e comportamento da cor.<br>▪ B5.2. Expresividade da cor. | ▪ B5.1. Coñecer e aplicar os fundamentos teóricos sobre a cor e as relacións cromáticas, tanto na expresión gráfico-plástica como na análise de diversas manifestacións artísticas. | ▪ DA1.B5.1.1. Aplica a cor seguindo as dimensións desta (valor-luminosidade, saturación-intensidade e croma-ton) na representación de composicións e formas naturais e artificiais. | ▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ DA1.B5.1.2. Demostra o coñecemento, con explicacións orais, escritas e gráficas, dos fundamentos teóricos da cor en composicións e estudos cromáticos. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ DA1.B5.1.3. Aplica de maneira expresiva a cor na obra plástica persoal. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ DA1.5.1.4. Analiza o uso da cor observando as producións artísticas de referencia en todas as súas manifestacións. | ▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ DA1.B5.1.5. Representa os matices cromáticos, a partir de observación do natural, mediante a mestura de cores primarias. | ▪ CSIEE<br>▪ CD |

2º de bacharelato

| | Debuxo Artístico II. 2º de bacharelato | |
|---|---|---|

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|
| | Bloque 1. A forma. Estudo e transformación | | | |
| ▪ b<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ n<br>▪ d<br>▪ g | ▪ B1.1. Percepción e descrición obxectiva da forma. | ▪ B1.1. Desenvolve a destreza debuxística con distintos niveis de iconicidade. | ▪ DA2.B1.1.1. Interpreta e aplica formas ou obxectos atendendo a diversos graos de iconicidade, con diferentes técnicas gráficas e segundo as súas funcións comunicativas (ilustrativas, descritivas, ornamentais ou subxectivas). | ▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ n<br>▪ d<br>▪ g | ▪ B1.2. Modelo analítico e modelo sintético.<br>▪ B1.3. Retentiva e memoria visual. Consideracións mnemotécnicas. | ▪ B1.2. Interpretar unha forma ou un obxecto segundo as súas intencións comunicativas. | ▪ DA2.B1.1.2. Analiza a configuración das formas naturais e artificiais discriminando o esencial das súas características formais, mediante a execución gráfica e a discusión verbal e escrita. | ▪ CCEC<br>▪ CD |
| | Bloque 2: A expresión da subxectividade | | | |
| ▪ b<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ n<br>▪ d<br>▪ g | ▪ B2.1. Psicoloxía da forma e a composición. Estudo e aplicación dos elementos compositivos que rexen a intención expresiva das creacións plásticas. | ▪ B2.1. Desenvolver a capacidade de representación das formas mediante a memoria e a retentiva visual. | ▪ DA2.B2.1.1. Representa formas aprendidas mediante a percepción visual e táctil atendendo ás súas características formais esenciais. | ▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ n<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ p | ▪ B2.2. Comportamento e interrelación das formas tridimensionais no espazo. | ▪ B2.2. Elaborar imaxes con distintas funcións expresivas utilizando a memoria e a retentiva visual. | ▪ DA2.B2.2.1. Expresa sentimentos e valores subxectivos mediante a representación de composicións figurativas e abstractas de formas e cores (funcións expresivas). | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ DA2.B2.2.2. Experimenta con métodos creativos de memorización e retentiva para procurar distintas representacións mediante valores lumínicos, cromáticos e compositi- | ▪ CAA |

| | Debuxo Artístico II. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | vos, dun mesmo obxecto ou composición. | |
| ▪ b<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ n<br>▪ d<br>▪ g | ▪ B2.3. Valor expresivo da luz e da cor.<br>▪ B2.4. Ruptura da tradición figurativa e nacemento de novas interpretacións da realidade. | ▪ B2.3. Investigar sobre a expresividade individual, coa linguaxe propia da expresión gráfico-plástica. | ▪ DA2.B2.3.1. Analiza de forma verbal e escrita, individual e colectivamente, obras propias ou alleas, atendendo aos seus valores subxectivos. | ▪ CCL |
| | Bloque 3. Debuxo e perspectiva | | | |
| ▪ b<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ n<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ p | ▪ B3.1. Valoracións da aparencia formal respecto ao punto de vista perceptivo.<br>▪ B3.2. Representación da forma con fins expresivos. | ▪ B3.1. Representar graficamente con diferentes niveis de iconicidade, as formas, illadas ou nunha composición, o contorno inmediato, interiores e exteriores, expresando as características espaciais e de proporcionalidade, e valores lumínicos e cromáticos. | ▪ DA2.B3.1.1. Comprende e representa as formas desde distintos puntos de vista. | ▪ CSC |
| | | | ▪ DA2.B3.1.2. Observa o contorno como un elemento de estudo gráfico e elabora composicións cromáticas e lineais, atendendo ás variacións formais segundo o punto de vista. | ▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ DA2.B3.1.3. Representa os obxectos illados ou nun contorno coñecendo os aspectos estruturais da forma, a posición e o tamaño dos seus elementos. | ▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| | Bloque 4. O corpo humano como modelo | | | |
| ▪ b<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B4.1. Análise da figura humana. Relacións de proporcionalidade. | ▪ B4.1. Analizar as relacións de proporcionalidade da figura humana. | ▪ DA2.B4.1.1. Comprende a figura humana como un elemento de estudo gráfico e expresivo, mediante a observación e a reflexión de obras propias e alleas. | ▪ CCEC |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2

DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 120 Luns, 29 de xuño de 2015 Páx. 26476

| | Debuxo Artístico II. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ d<br>▪ g | | | ▪ DA2.B4.1.2. Analiza a figura humana atendendo ás súas relacións de proporcionalidade mediante a observación do natural ou con modelos estáticos. | ▪ CMCCT<br>▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ n<br>▪ d<br>▪ g | ▪ B4.2. Nocións básicas de anatomía artística.<br>▪ B4.3. Estudo e representación do movemento da figura humana. | ▪ B4.2. Representar a figura humana e o seu contorno, identificando as relacións de proporcionalidade entre o conxunto e as súas partes. | ▪ DA2.B4.2.1. Representa a figura humana atendendo á expresión global das formas que a compoñen e á articulación e a orientación da estrutura que a define. | ▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ n<br>▪ d<br>▪ g | ▪ B4.4. Antropometría. Relacións da figura humana co espazo arquitectónico e co contorno natural. | ▪ B4.3. Experimentar cos recursos gráfico-plásticos para representar o movemento e a expresividade da figura humana. | ▪ DA2.B4.3.1. É capaz de representar e captar o movemento da figura humana de forma gráfico-plástica aplicando diferentes técnicas. | ▪ CAA |
| | | | ▪ DA2.B4.3.2. Elabora imaxes con distintos procedementos gráfico-plásticos e diversas funcións expresivas coa figura humana como suxeito. | ▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| | ▪ Bloque 5. O debuxo no proceso creativo | | | |
| ▪ b<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ n<br>▪ d<br>▪ g | ▪ B5.1.Técnicas secas máis comúns e a súa aplicación no proceso creativo. | ▪ B5.1. Coñecer e aplicar as ferramentas dixitais de debuxo e as súas aplicacións na creación gráfico-plástica. | ▪ DA2.B5.1.1. Coñece e aplica as ferramentas do debuxo artístico dixital utilizando as TIC en procesos creativos. | ▪ CD |
| ▪ b | ▪ B5.2. Introdución ás técnicas húmidas e a súa aplicación no proceso | ▪ B5.2. Valorar a importancia do debuxo como ferramenta do pen- | ▪ DA2.B5.2.1. Valora a importancia do debuxo artístico nos procesos | ▪ CSC |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Debuxo Artístico II. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ i<br>▪ m<br>▪ n<br>▪ d<br>▪ g | creativo. Emprego das ferramentas TIC nos procesos creativos. | samento e do coñecemento da súa terminoloxía, dos materiais e dos procedementos para desenvolver o proceso creativo con fins artísticos, tecnolóxicos ou científicos, así como as posibilidades das TIC. | proxectivos elaborando proxectos conxuntos con outras disciplinas artísticas ou non do mesmo nivel ou externos. | |
| | | | ▪ DA2.B5.2.2. Demostra creatividade e autonomía nos procesos artísticos, propondo solucións gráfico-plásticas que afiancen o seu desenvolvemento persoal e a súa autoestima. | ▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ DA2.B5.2.3. Está orientado/a e coñece as posibilidades do debuxo artístico nas ensinanzas artísticas, tecnolóxicas e científicas con exemplos claros e contacto directo con artistas, deseñadores/as, científicos/as e técnicos/as. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| | | | ▪ DA2.B5.2.4. Selecciona, relaciona e emprega con criterio a terminoloxía específica en postas en común dos seus proxectos individuais ou colectivos, fomentando a participación activa e a crítica construtiva. | ▪ CCL |
| | | | ▪ DA2.B5.2.5. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC<br>▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B5.3. Actitude creativa | ▪ B5.3. Amosar unha actitude autónoma e responsable, respectando as producións propias e alleas, así como o espazo de traballo e as | ▪ DA2.B5.3.1. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elabora- | ▪ CSC |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

Diario Oficial de Galicia

| | Debuxo Artístico II. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ d<br>▪ g | | pautas indicadas para a realización de actividades, achegando á aula todos os materiais necesarios. | ción das actividades. | |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



DOG Diario Oficial de Galicia

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

## Educación Física

### Introdución

A materia de Educación Física ten como finalidade principal que os alumnos e as alumnas alcancen a competencia motriz, entendida como un conxunto de coñecementos, procedementos, actitudes e emocións que interveñen nas múltiples interaccións que realiza unha persoa no seu medio e coas demais, que permite que o alumnado supere os problemas motores propostos tanto nas sesión de Educación Física como na súa vida cotiá; sempre actuando de forma coherente e en concordancia co nivel de desenvolvemento psicomotor, e outorgándolle especial sensibilidade á atención á diversidade nas aulas, utilizando estratexias inclusivas e procurando a integración dos coñecementos, os procedementos, as actitudes e as emocións que se vinculan á conduta motora.

A competencia motriz, malia non estar recollida como unha das competencias clave, é fundamental para o desenvolvemento destas, nomeadamente o das competencias sociais e cívicas, de aprender a aprender, de sentido de iniciativa e espírito emprendedor, de conciencia e expresións culturais, da competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía e, en menor medida, da de comunicación lingüística e da competencia dixital. O traballo por competencias integra un coñecemento de base conceptual, outro relativo ás destrezas e, por último, un con grande influencia social e cultural, que implica un conxunto de valores e actitudes.

O presente currículo de Educación Física mantén a coherencia e a homoxeneidade coa etapa de educación primaria, nas etapas da ESO e do bacharelato, entendendo a materia como un continuo, tanto nos seus contidos como nas aprendizaxes que debe conseguir o alumnado ao longo de todas as etapas do sistema educativo.

Na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato o alumnado utilizará o seu potencial motor á vez que desenvolve todas as súas capacidades. Isto implica mobilizar toda unha serie de coñecementos, habilidades motrices, actitudes e valores en relación co corpo, en diversas situacións de ensino e aprendizaxe, nas que a experiencia individual e colectiva permita adaptar a conduta motriz a diferentes ámbitos, conseguindo que o alumnado sexa un suxeito activo, responsable da xestión do seu estilo de vida saudable.

Nestas etapas educativas, a Educación Física debe permitir incrementar e mellorar o seu compromiso motor, sempre adecuado ás súas posibilidades, e desenvolver as habilidades motrices específicas con complexidade crecente á medida que se progresa nos sucesivos cursos.

As propias actividades axudarán, ademais, a desenvolver a relación coas demais persoas, o respecto, a atención especial á igualdade de xénero, entendendo as diferenzas relativas ás capacidades psicofísicas entre as rapazas e

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



os rapaces, os condicionantes dos estereotipos sociais, a colaboración, o traballo en equipo, o xogo limpo, a resolución de conflitos, o recoñecemento do esforzo para lograr metas, a aceptación de regras establecidas e o desenvolvemento da iniciativa individual.

Educación Física, tanto na etapa de ESO coma no bacharelato, terá como fin estratéxico introducir o alumnado cara a práctica de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, nas que poida manter un papel de practicante activo ao longo da súa vida, tendo en conta as novas formas de prácticas motrices que xorden na sociedade actual, moitas delas vinculadas ao contorno próximo do alumnado pola motivación intrínseca que representan.

Cómpre salientar os xogos e os deportes tradicionais galegos, que, xunto coas danzas e os bailes propios de Galicia, supoñen un elemento importante de transmisión do noso patrimonio artístico e cultural, ademais de fomentar as relacións interxeracionais.

As propostas didácticas deben incorporar a reflexión e a análise dos procesos de ensino e aprendizaxe, co fin de facilitar estratexias de transferencia dos coñecementos a outras situacións.

Para facilitar a concreción curricular de Educación Física establécense dez criterios de avaliación para o primeiro ciclo da ESO, que abrangue os tres primeiros cursos, doce para o cuarto curso da ESO e nove para o primeiro curso de bacharelato, criterios que establecen os resultados que se deben conseguir por medio dos estándares de aprendizaxe. Estes permitirán definir os resultados das aprendizaxes e concretarán, mediante accións, o que o alumnado debe saber e saber facer na materia de Educación Física. Estes estándares están graduados e secuenciados ao longo de todas as etapas e, unha vez finalizadas estas, todos eles deberán estar alcanzados e consolidados.

Os contidos preséntanse distribuídos en catro grandes bloques:

– Bloque 1. Contidos comúns.

– Bloque 2. Actividades físicas artístico-expresivas.

– Bloque 3. Actividade física e saúde.

– Bloque 4. Os xogos e as actividades deportivas.

Esta distribución non determina métodos concretos; unicamente responde a unha forma de organizar os contidos dun xeito enlazado atendendo á configuración cíclica do ensino da materia, construíndo uns coñecementos sobre os outros, como unha estrutura de relacións observables, de maneira que se facilite a súa comprensión e aplicación en contextos cada vez máis enriquecedores e complexos. Tampouco implica unha organización pechada, xa

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



que permite organizar os contidos de diferentes formas, adoptando a metodoloxía máis adecuada ás características tanto do grupo de alumnos e alumnas como dos propios contidos.

Os contidos do bloque común, pola súa natureza transversal, traballaranse ao longo do curso de xeito integrado cos contidos do resto dos bloques, dado que trata aspectos como a construción das fases dunha sesión, o aseo persoal, a participación nas actividades físicas independentemente do propio nivel de execución, a resolución de conflitos mediante o diálogo e a aceptación das regras establecidas, as posibilidades que presentan as actividades físico-deportivas como formas de lecer activo e de utilización responsable do contorno, o control de riscos, o desenvolvemento da iniciativa individual e de hábitos de esforzo, as actitudes, a confianza, o uso adecuado dos materiais e dos espazos, e a integración das tecnoloxías da información e da comunicación.

O bloque segundo trata os contidos que teñen que ver coa interpretación e a execución de accións motrices, utilizando técnicas de expresión corporal, baile e outros recursos artísticos.

O terceiro bloque inclúe todos os aspectos relacionados coa saúde que se poden abordar desde a práctica da actividade física, segundo as recomendacións de diversos organismos de ámbito internacional, estatal e autonómico.

No bloque dos xogos e as actividades deportivas tamén están incluídos todos os tipos de actividades físico-deportivas desenvolvidas no medio natural.

Os contidos asociados aos criterios de avaliación de cada bloque en cada curso serán concretados nas programacións didácticas, de xeito que cada centro docente poida determinalos en función das instalacións e dos recursos materiais dos que dispón, ademais das características do contorno onde se localiza. Estes contidos serán diferentes nos primeiros cursos, para que o alumnado poida iniciarse nunha grande variedade de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas. Nos últimos cursos estes contidos poderán ser perfeccionados sobre a base das aprendizaxes anteriores.

Como consecuencia de todo o anterior, establécese unha serie de orientacións metodolóxicas para a materia que favorecerán un enfoque competencial, así como a consecución, a consolidación e a integración dos estándares por parte do alumnado:

– Educación Física nestas etapas terá un carácter eminentemente práctico e vivencial.

– A asimilación das aprendizaxes e a adaptación ao traballo do alumnado en Educación Física aconsella a distribución das dúas sesións semanais en diferentes días.

– A selección dos contidos e das metodoloxías activas e contextualizadas debe asegurar o desenvolvemento das competencias clave ao longo destas etapas.

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



– O uso de estruturas de aprendizaxe cooperativa posibilitarán a resolución conxunta das tarefas e dos problemas, e potenciarán a inclusión do alumnado.

– O profesorado deseñará diferentes tipos de tarefas e secuencias adaptadas aos niveis, ás formas e aos ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas, co obxecto de atender á diversidade na aula e personalizar os procesos de construción das aprendizaxes. Débese potenciar o uso dunha variedade de materiais e recursos o máis ampla posible, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e da comunicación desenvolvidas nos últimos tempos en diferentes ámbitos da Educación Física.

– Favoreceranse metodoloxías que teñan a súa base na descuberta guiada, a resolución de problemas, o traballo por retos e proxectos, e a cooperación, tendo presente o desenvolvemento da creatividade do alumnado.

– Deberá procurarse a implicación das familias como un factor clave para facer dos alumnos e das alumnas auténticos suxeitos activos dunha xestión cada vez máis autónoma e comprometida da súa saúde, mediante a adquisición de hábitos de vida saudables.

Finalmente, é necesaria unha axeitada coordinación entre o equipo docente sobre as estratexias metodolóxicas e didácticas que se utilicen co alumnado. Os departamentos didácticos, logo dunha reflexión, deben formular con criterios consensuados unha estratexia metodolóxica común para desenvolver ao longo do proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado, considerando, ademais, que a promoción da práctica diaria de deporte e o exercicio físico por parte dos alumnos e das alumnas durante a xornada escolar debe formar parte do seu desenvolvemento integral.

1º de ESO

| | Educación Física. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Contidos comúns en Educación Física | | | |
| ▪ b<br>▪ m<br>▪ g | ▪ B1.1. Fases de activación e recuperación, e o seu significado como hábito saudable na práctica da actividade física. | ▪ B1.1. Recoñece e aplica actividades propias de cada fase da sesión de actividade física, tendo en conta ademais as recomendacións de aseo | ▪ EFB1.1.1. Recoñece de xeito básico a estrutura dunha sesión de actividade física coa intensidade dos esforzos realizados. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT |

DOG Diario Oficial de Galicia
DOG Núm. 120 Luns, 29 de xuño de 2015 Páx. 26483

| Obxectivos | Educación Física. 1º de ESO | | | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | ▪ B1.2. Execución de xogos e exercicios apropiados para cada parte da sesión.<br>▪ B1.3. Atención ao aseo persoal e ao uso adecuado da indumentaria. | persoal necesarias para esta. | ▪ EFB1.1.2. Prepara e realiza quecementos e fases finais da sesión de acordo cos contidos que se vaian realizar, seguindo as orientacións dadas. | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ EFB1.1.3. Respecta os hábitos de aseo persoal en relación á saúde e a actividade física. | ▪ CSC |
| ▪ m<br>▪ n<br>▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ l<br>▪ g | ▪ B1.4. Respecto e aceptación das regras das actividades, os xogos e os deportes practicados.<br>▪ B1.5. Papeis e estereotipos nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, como fenómeno social e cultural.<br>▪ B1.6. Aceptación do propio nivel de execución e o das demais persoas, e disposición positiva cara á súa mellora. | ▪ B1.2. Recoñecer as posibilidades das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas como formas de inclusión social, e a participación doutras persoas independentemente das súas características, colaborando con elas e aceptando as súas achegas. | ▪ EFB1.2.1. Amosa tolerancia e deportividade tanto no papel de participante como no de espectador/a. | ▪ CSC |
| | | | ▪ EFB1.2.2. Colabora nas actividades grupais, respectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos. | ▪ CSC |
| | | | ▪ EFB1.2.3. Respecta as demais persoas dentro do labor de equipo, con independencia do seu nivel de destreza. | ▪ CSC |
| ▪ m<br>▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B1.7. Posibilidades do contorno próximo como lugar de práctica de actividades físico deportivas e recreativas.<br>▪ B1.8. Aceptación e respecto das normas para a conservación do medio urbano e natural.<br>▪ B1.9. Actividade física como elemento | ▪ B1.3. Recoñecer as posibilidades que ofrecen as actividades físico-deportivas como formas de lecer activo e de utilización responsable do contorno próximo. | ▪ EFB1.3.1. Coñece e identifica as posibilidades que ofrece o seu contorno próximo para a realización de actividades físico-deportivas. | ▪ CSC |
| | | | ▪ EFB1.3.2. Respecta o seu controno e a valora como un lugar común para a realización de ac- | ▪ CSC |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|
| | Educación Física. 1º de ESO | | | |
| | base dos estilos de vida saudable.<br>▪ B1.10. Estereotipos corporais na sociedade actual e a súa relación coa saúde. | | tividades físico-deportivas. | |
| | | | ▪ EFB1.3.3. Analiza criticamente as actitudes e os estilos de vida relacionados co tratamento do corpo, as actividades de lecer, a actividade física e o deporte no contexto social actual. | ▪ CSC |
| ▪ m<br>▪ n<br>▪ g | ▪ B1.11. Prevención de riscos nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas<br>▪ B1.12. Protocolo básico de actuación (PAS) nos primeiros auxilios.<br>▪ B1.13. Emprego responsable do material e do equipamento deportivo. | ▪ B1.4. Controlar as dificultades e os riscos durante a súa participación en actividades físico-deportivas e artístico-expresiva, adoptando medidas preventivas e de seguridade no seu desenvolvemento. | ▪ EFB1.4.1. Identifica as características das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas propostas que poidan supor un elemento de risco relevante para si mesmo/a ou para as demais persoas. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFB1.4.2. Describe e pon en práctica os protocolos para activar os servizos de emerxencia e de protección no seu contorno. | ▪ CSIEE |
| ▪ h<br>▪ i<br>▪ g<br>▪ e<br>▪ b<br>▪ m<br>▪ ñ<br>▪ o | ▪ B1.14. Tecnoloxías da información e da comunicación para procurar e seleccionar información relacionada coa actividade física e a saúde | ▪ B1.5. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de aprendizaxe, para procurar, analizar e seleccionar información salientable, elaborando documentos propios, e facendo exposicións e argumentacións destes adecuados á súa idade. | ▪ EFB1.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable. | ▪ CD<br>▪ CCL |
| | | | ▪ EFB1.5.2. Expón e defende traballos sinxelos sobre temas vixentes no contexto social, relacionados coa actividade física ou a corporalidade, utilizando | ▪ CD<br>▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Educación Física. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | recursos tecnolóxicos. | |
| | Bloque 2. Actividades físicas artístico-expresivas | | | |
| ▪ n<br>▪ m<br>▪ b<br>▪ g<br>▪ l<br>▪ d<br>▪ ñ | ▪ B2.1. Experimentación de actividades artístico-expresivas utilizando técnicas básicas de expresión corporal, combinando espazo, tempo e intensidade.<br>▪ B2.2. Realización de bailes e danzas sinxelas de carácter recreativo e popular. | ▪ B2.1. Interpretar e reproducir accións motoras con finalidades artístico-expresivas, utilizando técnicas sinxelas de expresión corporal. | ▪ EFB2.1.1. Utiliza técnicas corporais básicas, combinando espazo, tempo e intensidade. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ EFB2.1.2. Pon en práctica unha secuencia de movementos corporais axustados a un ritmo. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ EFB2.1.3. Colabora na realización de bailes e danzas. | ▪ CCEC |
| | Bloque 3. Actividade física e saúde | | | |
| ▪ m<br>▪ f<br>▪ b<br>▪ g | ▪ B3.1. Condición física. Desenvolvemento das capacidades físicas básicas incidindo principalmente nas relacionadas coa saúde.<br>▪ B3.2. Introdución aos principios sobre unha alimentación saudable.<br>▪ B3.3. Identificación da frecuencia cardíaca de traballo. | ▪ B3.1. Recoñecer e aplicar os principios de alimentación e da actividade física saudable, e recoñecer os mecanismos básicos de control da intensidade da actividade física para a mellora da súa saúde. | ▪ EFB3.1.1. Distingue de xeito básico o impacto que pode ter a alimentación nun estilo de vida saudable. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ EFB3.1.2. Adapta a intensidade do esforzo controlando a frecuencia cardíaca correspondente ás marxes de mellora da condición física. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| | | | ▪ EFB3.1.3. Identifica de xeito básico as características que deben ter as actividades físicas para ser consideradas saudables, e lévaas á práctica. | ▪ CMCCT |
| ▪ m<br>▪ g | ▪ B3.4. Métodos básicos para o desenvolvemento das capacidades físicas | ▪ B3.2. Desenvolver as capacidades físicas básicas máis salientables desde a perspectiva da súa saúde de | ▪ EFB3.2.1. Iníciase na participación activa das actividades para a mellora das capacidades físi- | ▪ CAA |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



DOG Diario Oficial de Galicia

| | Educación Física. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ f<br>▪ b | desde un enfoque saudable.<br>▪ B3.5. Avaliación da condición física saudable e realización de actividades para a mellora desta.<br>▪ B3.6. Principios de ergonomía e hixiene postural e a súa aplicación na práctica de actividades físicas e na vida cotiá.. | acordo coas posibilidades persoais e dentro das marxes da saúde, amosando unha actitude de autoexixencia no seu esforzo. | cas básicas desde un enfoque saudable, utilizando os métodos básicos para o seu desenvolvemento. | |
| | | | ▪ EFB3.2.2. Alcanza niveis de condición física saudable acordes ao seu momento de desenvolvemento motor e ás súas posibilidades. | ▪ CAA |
| | | | ▪ EFB3.2.3. Aplica os fundamentos de hixiene postural na práctica das actividades físicas como medio de prevención de lesións. | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 4. Os xogos e as actividades deportivas | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ g<br>▪ m | ▪ B4.1. Execución de habilidades motrices vinculadas ás accións deportivas, respectando os regulamentos específicos.<br>▪ B4.2. Práctica de actividades e xogos para a aprendizaxe dos deportes individuais.<br>▪ B4.3. Adquisición de técnicas básicas de progresión e orientación no medio natural, e a súa aplicación en diferentes ámbitos. | ▪ B4.1. Resolver situacións motoras individuais sinxelas aplicando os fundamentos técnicos e as habilidades específicas, das actividades físico-deportivas adaptadas propostas. | ▪ EFB4.1.1. Aplica os aspectos básicos das técnicas e das habilidades específicas adaptadas máis sinxelas, respectando as regras e as normas establecidas. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFB4.1.2. Describe a forma de realizar os movementos implicados nos modelos técnicos adaptados máis sinxelos. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFB4.1.3. Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo e superación, adecuado á súa idade. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Educación Física. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ EFB4.1.4. Explica e pon en práctica técnicas básicas de progresión en contornos non estables e técnicas básicas de orientación. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ m | ▪ B4.4. Execución de habilidades motrices técnico-tácticas sinxelas vinculadas aos deportes colectivos, respectando os regulamentos específicos.<br>▪ B4.5. Práctica de actividades e xogos para a aprendizaxe dos deportes colectivos. | ▪ B4.2. Resolver situacións motoras sinxelas de oposición, colaboración ou colaboración-oposición facilitada, utilizando as estratexias máis axeitadas en función dos estímulos relevantes. | ▪ EFB4.2.1. Adapta os fundamentos técnicos e tácticos básicos para obter vantaxe na práctica das actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas, respectando o regulamento. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFB4.2.2. Pon en práctica aspectos de organización de ataque e de defensa nas actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFB4.2.3. Discrimina os estímulos que cómpre ter en conta na toma de decisións nas situacións facilitadas de colaboración, oposición e colaboración-oposición, para obter vantaxe ou cumprir o obxectivo da acción. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |

## 2º de ESO

| | Educación Física. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |

| | Educación Física. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Contidos comúns en Educación Física | | | |
| ▪ b<br>▪ m<br>▪ g | ▪ B1.1. Fases de activación e recuperación na práctica da actividade física de carácter xeral e específica, en función da actividade que se realice realizar.<br>▪ B1.2. Selección e execución de xogos e exercicios apropiados para cada fase da sesión. | ▪ B1.1. Recoñecer e aplicar actividades propias de cada fase da sesión de actividade física, en relación coas súas características. | ▪ EFB1.1.1.Recoñece a estrutura dunha sesión de actividade física coa intensidade dos esforzos realizados. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EFB1.1.2. Prepara e realiza quecementos e fases finais da sesión, de xeito básico, tendo en conta os contidos que se vaian realizar. | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ EFB1.1.3. Prepara e pon en práctica actividades para a mellora das habilidades motoras en función das propias dificultades, baixo a dirección do/da docente. | ▪ CSC |
| ▪ m<br>▪ n<br>▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ l<br>▪ g | ▪ B1.3. Respecto e aceptación das regras das actividades, os xogos e os deportes practicados.<br>▪ B1.4. Papeis e estereotipos nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, como fenómeno social e cultural.<br>▪ B1.5. Aceptación do propio nivel de execución e o das demais persoas, e disposición positiva cara á súa mellora. | ▪ B1.2. Recoñecer as posibilidades das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas como formas de inclusión social, facilitando a eliminación de obstáculos á participación doutras persoas independentemente das súas características, colaborando elas e aceptando as súas achegas. | ▪ EFB1.2.1. Amosa tolerancia e deportividade tanto no papel de participante como no de espectador/a. | ▪ CSC |
| | | | ▪ EFB1.2.2. Colabora nas actividades grupais, respectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos. | ▪ CSC |
| | | | ▪ EFB1.2.3. Respecta as demais persoas dentro do labor de equipo, con independencia do nivel de destreza. | ▪ CSC |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Educación Física. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ m<br>▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B1.6. Posibilidades do contorno próximo como lugar de práctica de actividades físico deportivas e recreativas.<br>▪ B1.7. Aceptación e respecto das normas para a conservación do medio urbano e natural.<br>▪ B1.8. Actividade física como elemento base dos estilos de vida saudable.<br>▪ B1.9. Estereotipos corporais na sociedade actual e a súa relación coa saúde. | ▪ B1.3. Recoñecer as posibilidades que ofrecen as actividades físico-deportivas como formas de lecer activo e de utilización responsable do contorno. | ▪ EFB1.3.1. Coñece as posibilidades que ofrece o contorno para a realización de actividades físico-deportivas axeitadas a súa idade. | ▪ CSC |
| | | | ▪ EFB1.3.2. Respecta o contorno e valórao como un lugar común para a realización de actividades físico-deportivas. | ▪ CSC |
| | | | ▪ EFB1.3.3. Analiza criticamente as actitudes e os estilos de vida relacionados co tratamento do corpo, as actividades de lecer, a actividade física e o deporte no contexto social actual. | ▪ CSC |
| ▪ m<br>▪ n<br>▪ g | ▪ B1.10. Prevención de riscos nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, baseada na análise previa das características destas.<br>▪ B1.11. Protocolo básico de actuación (PAS) nos primeiros auxilios.<br>▪ B1.12. Emprego responsable do material e do equipamento deportivo. | ▪ B1.4. Controlar as dificultades e os riscos durante a súa participación en actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, analizando as características destas e as interaccións motoras que levan consigo, e adoptando medidas preventivas e de seguridade no seu desenvolvemento. | ▪ EFB1.4.1. Identifica as características das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas propostas que poidan supor un elemento de risco para si mesmo/a ou para as demais persoas. | ▪ CSIEE<br>▪ CSC |
| | | | ▪ EFB1.4.2. Describe e pon en práctica os protocolos para activar os servizos de emerxencia e de protección do contorno. | ▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFB1.4.3. Adopta as medidas preventivas e de seguridade propias das actividades desenvolvidas durante o ciclo, tendo especial coidado con aquelas que se realizan nun contorno | ▪ CSIEE |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



| | Educación Física. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | non estable. | |
| ▪ h<br>▪ i<br>▪ g<br>▪ e<br>▪ b<br>▪ m<br>▪ ñ<br>▪ o | ▪ B1.13. Tecnoloxías da información e da comunicación para procurar, analizar e seleccionar información relacionada coa actividade física e a saúde.<br>▪ B1.14. Elaboración e exposición argumentada de documentos no soporte máis axeitado. | ▪ B1.5. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de aprendizaxe, para procurar, analizar e seleccionar información salientable, elaborando documentos propios, e facendo exposicións e argumentacións destes. | ▪ EFB1.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable. | ▪ CD<br>▪ CCL |
| | | | ▪ EFB1.5.2. Expón e defende traballos elaborados sinxelos sobre temas vixentes no contexto social, relacionados coa actividade física ou a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| | Bloque 2. Actividades físicas artístico-expresivas | | | |
| ▪ n<br>▪ m<br>▪ b<br>▪ g<br>▪ l<br>▪ d<br>▪ ñ | ▪ B2.1. Experimentación de actividades artístico-expresivas utilizando técnicas de expresión corporal, combinando espazo, tempo e intensidade.<br>▪ B2.2. Creatividade e improvisación nas actividades artístico-expresivas de xeito individual.<br>▪ B2.3. Realización de bailes e danzas sinxelas de carácter recreativo e popular. | ▪ B2.1. Interpretar e producir accións motoras con finalidades artístico-expresivas, utilizando técnicas de expresión corporal e outros recursos. | ▪ EFB2.1.1. Utiliza técnicas corporais básicas, de forma creativa, combinando espazo, tempo e intensidade. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ EFB2.1.2. Crea e pon en práctica unha secuencia de movementos corporais axustados a un ritmo prefixado de baixa dificultade. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ EFB2.1.3. Colabora no deseño e na realización de bailes e danzas sinxelas, adaptando a súa execución á dos seus compañeiros e das súas compañeiras. | ▪ CCEC |

| | Educación Física. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ EFB2.1.4. Realiza improvisacións de xeito individual como medio de comunicación espontánea. | ▪ CCEC |
| | Bloque 3. Actividade física e saúde | | | |
| ▪ m<br>▪ f<br>▪ b<br>▪ g | ▪ B3.1. Condición física. Capacidades físicas e coordinativas nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, e a súa vinculación cos sistemas do organismo.<br>▪ B3.2. Efectos sobre a saúde da actividade física e a alimentación.<br>▪ B3.3. Capacidade de adaptación do organismo ante a actividade física e a práctica deportiva.<br>▪ B3.4. Control da intensidade do esforzo a través da frecuencia cardíaca.<br>▪ B3.5. Procedementos para a avaliación dos factores da condición física relacionados coa saúde.<br>▪ B3.6. A actividade física e o seu efecto sobre a saúde. Criterios de selección de actividades para a realización dun plan de mellora da saúde. | ▪ B3.1. Recoñecer os factores básicos que interveñen na acción motora e os mecanismos de control da intensidade da actividade física, e aplicalos á propia práctica, en relación coa saúde e a alimentación. | ▪ EFB3.1.1. Analiza de xeito básico a implicación das capacidades físicas e as coordinativas nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas traballadas no ciclo. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ EFB3.1.2. Relaciona diferentes tipos de actividade física e alimentación co seu impacto na súa saúde. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ EFB3.1.3. Relaciona as adaptacións orgánicas principais coa actividade física sistemática, así como coa saúde e os riscos e as contraindicacións da práctica deportiva. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ EFB3.1.4. Adapta a intensidade do esforzo controlando a frecuencia cardíaca correspondente ás marxes de mellora dos principais factores da condición física. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ EFB3.1.5. Aplica con axuda procedementos para autoavaliar os factores da condición física. | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Educación Física. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ EFB3.1.6. Identifica as características que deben ter as actividades físicas para ser consideradas saudables, adoptando unha actitude crítica fronte ás prácticas que teñen efectos negativos para a saúde. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| ▪ m<br>▪ g<br>▪ f<br>▪ b | ▪ B3.7. Métodos básicos de adestramento para a mellora das capacidades físicas básicas relacionadas coa saúde.<br>▪ B3.8. Avaliación da condición física saudable e realización de actividades para a mellora desta, tendo en conta as súas características individuais.<br>▪ B3.9. Ergonomía e hixiene postural na práctica de actividades físicas.<br>▪ B3.10. Actividade física habitual e outros hábitos de vida saudables, e o seu efecto sobre a calidade de vida. | ▪ B3.2. Desenvolver as capacidades físicas máis salientables desde a perspectiva da súa saúde de acordo coas posibilidades persoais e dentro das marxes da saúde, amosando unha actitude de autoexixencia no seu esforzo. | ▪ EFB3.2.1. Participa activamente na mellora das capacidades físicas básicas desde un enfoque saudable, utilizando os métodos básicos para o seu desenvolvemento. | ▪ CAA |
| | | | ▪ EFB3.2.2. Alcanza niveis de condición física saudable acordes ao seu momento de desenvolvemento motor e ás súas posibilidades. | ▪ CAA |
| | | | ▪ EFB3.2.3. Aplica os fundamentos de hixiene postural na práctica das actividades físicas como medio de prevención de lesións. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFB3.2.4. Analiza a importancia da práctica habitual de actividade física para a mellora da propia condición física saudable, relacionando o efecto desta práctica coa mellora da calidade de vida. | ▪ CAA |
| | Bloque 4. Os xogos e as actividades deportivas | | | |
| ▪ a | ▪ B4.1. Execución e avaliación de habi- | ▪ B4.1. Resolver situacións motoras | ▪ EFB4.1.1. Aplica os aspectos | ▪ CAA |

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| Educación Física. 2º de ESO | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ b<br>▪ g<br>▪ m | lidades motrices vinculadas ás accións deportivas, respectando os regulamentos específicos.<br>▪ B4.2. Práctica de actividades e xogos para a aprendizaxe dos deportes individuais.<br>▪ B4.3. Adquisición de técnicas de progresión e orientación no medio natural, a súa aplicación en diferentes contornos. | individuais aplicando os fundamentos técnicos e as habilidades específicas, das actividades físico-deportivas propostas, en condicións adaptadas. | básicos das técnicas e habilidades específicas adaptadas, respectando as regras e as normas establecidas. | ▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFB4.1.2. Autoavalía a súa execución de xeito básico con respecto ao modelo técnico formulado. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFB4.1.3. Describe a forma de realizar os movementos implicados nos modelos técnicos adaptados. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFB4.1.4. Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo e superación. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFB4.1.5. Explica e pon en práctica técnicas de progresión nos contornos non estables e técnicas básicas de orientación, regulando o esforzo en función das súas posibilidades. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ m | ▪ B4.4. Execución de habilidades motrices técnico-tácticas facilitadas vinculadas aos deportes colectivos en distintas situacións, respectando os regulamentos específicos.<br>▪ B4.5. Práctica de actividades e xogos para a aprendizaxe dos deportes colectivos. | ▪ B4.2. Resolver situacións motoras de oposición, colaboración ou colaboración-oposición facilitadas, utilizando as estratexias máis axeitadas en función dos estímulos máis relevantes. | ▪ EFB4.2.1. Adapta os fundamentos técnicos e tácticos para obter vantaxe na práctica das actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFB4.2.2. Describe simplificadamente e pon en práctica de | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Educación Física. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | xeito autónomo aspectos de organización de ataque e de defensa nas actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas. | |
| | | | ▪ EFB4.2.3. Discrimina os estímulos que cómpre ter en conta na toma de decisións nas situacións de colaboración, oposición e colaboración-oposición facilitadas, para obter vantaxe ou cumprir o obxectivo da acción. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFB4.2.4. Reflexiona sobre as situacións facilitadas resoltas valorando a oportunidade das solucións achegadas e a súa aplicabilidade a situacións similares. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |

3º de ESO

| | Educación Física. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Contidos comúns en Educación Física | | | |
| ▪ b<br>▪ m<br>▪ g | ▪ B1.1. Control da intensidade do esforzo adaptado a cada fase da sesión de actividade física.<br>▪ B1.2. Deseño e execución de forma autónoma de xogos e exercicios | ▪ B1.1. Desenvolver actividades propias de cada fase da sesión de actividade física, en relación coas súas características. | ▪ EFB1.1.1. Relaciona a estrutura dunha sesión de actividade física coa intensidade dos esforzos realizados. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EFB1.1.2. Prepara e realiza | ▪ CSC |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Educación Física. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | apropiados para cada fase da sesión, tendo en conta o seu nivel de partida. | | quecementos e fases finais de sesión de acordo co contido que se vaia realizar, de forma autónoma e habitual. | |
| | | | ▪ EFB1.1.3. Prepara e pon en práctica actividades para a mellora das habilidades motoras en función das propias dificultades. | ▪ CSC |
| ▪ m<br>▪ n<br>▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ l<br>▪ g | ▪ B1.3. Respecto e aceptación das regras das actividades, os xogos e os deportes practicados.<br>▪ B1.4. Papeis e estereotipos nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, como fenómeno social e cultural.<br>▪ B1.5. Aceptación do propio nivel de execución e o das demais persoas, e disposición positiva cara á súa mellora. | ▪ B1.2. Recoñecer as posibilidades das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas como formas de inclusión social, facilitando a eliminación de obstáculos á participación doutras persoas independentemente das súas características, colaborando con elas e aceptando as súas achegas. | ▪ EFB1.2.1. Amosa tolerancia e deportividade tanto no papel de participante como no de espectador/a. | ▪ CSC |
| | | | ▪ EFB1.2.2. Colabora nas actividades grupais, respectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos. | ▪ CSC |
| | | | ▪ EFB1.2.3. Respecta as demais persoas dentro do labor de equipo, con independencia do nivel de destreza. | ▪ CSC |
| ▪ m<br>▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B1.6. Posibilidades do contorno próximo como lugar de práctica de actividades físico deportivas e recreativas.<br>▪ B1.7. Aceptación e respecto das normas para a conservación do medio urbano e natural.<br>▪ B1.8. Actividade física como elemento | ▪ B1.3. Recoñecer as posibilidades que ofrecen as actividades físico-deportivas como formas de lecer activo e de utilización responsable do contorno. | ▪ EFB1.3.1. Coñece as posibilidades que ofrece o seu contorno para a realización de actividades físico-deportivas. | ▪ CSC |
| | | | ▪ EFB1.3.2. Respecta o contorno e valórao como un lugar común para a realización de actividades físico-deportivas. | ▪ CSC |

| Educación Física. 3º de ESO | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | base dos estilos de vida saudable.<br>▪ B1.9. Estereotipos corporais na sociedade actual e a súa relación coa saúde. | | ▪ EFB1.3.3. Analiza criticamente as actitudes e os estilos de vida relacionados co tratamento do corpo, as actividades de lecer, a actividade física e o deporte no contexto social actual. | ▪ CSC |
| ▪ m<br>▪ n<br>▪ g | ▪ B1.10. Prevención de riscos nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, baseada na análise previa das características destas.<br>▪ B1.11. Protocolo básico de actuación (PAS) nos primeiros auxilios.<br>▪ B1.12. Emprego responsable do material e do equipamento deportivo. | ▪ B1.4. Controlar as dificultades e os riscos durante a súa participación en actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, analizando as características destas e as interaccións motoras que levan consigo, e adoptando medidas preventivas e de seguridade no seu desenvolvemento. | ▪ EFB1.4.1. Identifica as características das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas propostas que poidan supor un elemento de risco para si mesmo/a ou para as demais persoas. | ▪ CSIEE<br>▪ CSC |
| | | | ▪ EFB1.4.2. Describe os protocolos para activar os servizos de emerxencia e de protección do contorno. | ▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFB1.4.3. Adopta as medidas preventivas e de seguridade propias das actividades desenvolvidas durante o ciclo, tendo especial coidado con aquelas que se realizan nun contorno non estable. | ▪ CSIEE |
| ▪ h<br>▪ i<br>▪ g<br>▪ e<br>▪ b<br>▪ m | ▪ B1.13. Tecnoloxías da información e da comunicación para procurar, analizar e seleccionar información relacionada coa actividade física e a saúde.<br>▪ B1.14. Elaboración e exposición argumentada de documentos no soporte máis axeitado. | ▪ B1.5. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de aprendizaxe, para procurar, analizar e seleccionar información salientable, elaborando documentos propios, e facendo exposicións e argumentacións destes. | ▪ EFB1.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable. | ▪ CD<br>▪ CCL<br>▪ |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Educación Física. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ ñ<br>▪ o | | | ▪ EFB1.5.2. Expón e defende traballos elaborados sobre temas vixentes no contexto social, relacionados coa actividade física ou a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos. | ▪ CD<br>▪ CCL |
| | Bloque 2. Actividades físicas artístico-expresivas | | | |
| ▪ n<br>▪ m<br>▪ b<br>▪ g<br>▪ l<br>▪ d<br>▪ ñ | ▪ B2.1. Experimentación de actividades artístico-expresivas utilizando técnicas de expresión corporal, combinando espazo, tempo e intensidade.<br>▪ B2.2. Creatividade e improvisación nas actividades artístico-expresivas de xeito individual e colectivo.<br>▪ B2.3. Realización de bailes e danzas de carácter recreativo e popular. | ▪ B2.1. Interpretar e producir accións motoras con finalidades artístico-expresivas, utilizando técnicas de expresión corporal e outros recursos. | ▪ EFB2.1.1. Utiliza técnicas corporais, de forma creativa, combinando espazo, tempo e intensidade. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ EFB2.1.2. Crea e pon en práctica unha secuencia de movementos corporais axustados a un ritmo prefixado. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ EFB2.1.3. Colabora no deseño e na realización de bailes e danzas, adaptando a súa execución á dos seus compañeiros e das súas compañeiras. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ EFB2.1.4. Realiza improvisacións como medio de comunicación espontánea en parellas ou grupos. | ▪ CCEC |
| | Bloque 3. Actividade física e saúde | | | |
| ▪ m<br>▪ f<br>▪ b<br>▪ g | ▪ B3.1. Condición física. Capacidades físicas e coordinativas nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, e a súa vinculación cos sistemas do organismo. | ▪ B3.1. Recoñecer os factores que interveñen na acción motora e os mecanismos de control da intensidade da actividade física, aplicándoos á propia práctica, en relación coa saúde | ▪ EFB3.1.1. Analiza a implicación das capacidades físicas e as coordinativas nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas traballadas no ciclo. | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Educación Física. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | ▪ B3.2. Efectos sobre a saúde da actividade física e a alimentación.<br>▪ B3.3. Capacidade de adaptación do organismo ante a actividade física e a práctica deportiva.<br>▪ B3.4. Adestramento: intensidade, volume e densidade do esforzo, e a súa relación cos sistemas metabólicos de obtención de enerxía.<br>▪ B3.5. Control da frecuencia cardíaca cara á mellora dos factores da condición física.<br>▪ B3.6. Procedementos para a avaliación dos factores da condición física relacionados coa saúde.<br>▪ B3.7. Elaboración e posta en práctica dun programa básico para a mellora da condición física saudable. | e a alimentación. | ▪ EFB3.1.2. Asocia os sistemas metabólicos de obtención de enerxía cos tipos de actividade física, a alimentación e a saúde. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ EFB3.1.3. Relaciona as adaptacións orgánicas coa actividade física sistemática, así como coa saúde e os riscos e contraindicacións da práctica deportiva. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ EFB3.1.4. Adapta a intensidade do esforzo controlando a frecuencia cardíaca correspondente ás marxes de mellora de diferentes factores da condición física. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ EFB3.1.5. Aplica de forma autónoma procedementos para autoavaliar os factores da condición física. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ EFB3.1.6. Identifica as características que deben ter as actividades físicas para ser consideradas saudables, adoptando unha actitude crítica fronte ás prácticas que teñen efectos negativos para a saúde. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| ▪ m<br>▪ g<br>▪ f<br>▪ b | ▪ B3.8. Métodos básicos de adestramento para a mellora das capacidades físicas básicas relacionadas coa saúde.<br>▪ B3.9. Avaliación da condición física | ▪ B3.2. Desenvolver as capacidades físicas de acordo coas posibilidades persoais e dentro das marxes da saúde, amosando unha actitude de autoexixencia no seu esforzo. | ▪ EFB3.2.1. Participa activamente na mellora das capacidades físicas básicas desde un enfoque saudable, utilizando os métodos básicos para o seu desenvolvemento. | ▪ CAA |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Educación Física. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | saudable e realización de actividades para a mellora desta, tendo en conta as súas características individuais.<br>▪ B3.10. Ergonomía e hixiene postural na práctica de actividades físicas.<br>▪ B3.11. Técnicas básicas de respiración e relaxación.<br>▪ B3.12. Actividade física habitual e outros hábitos de vida saudables, e o seu efecto sobre a calidade de vida. | | ▪ EFB3.2.2. Alcanza niveis de condición física acordes ao seu momento de desenvolvemento motor e ás súas posibilidades. | ▪ CAA |
| | | | ▪ EFB3.2.3. Aplica os fundamentos de hixiene postural na práctica das actividades físicas como medio de prevención de lesións. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ |
| | | | ▪ EFB3.2.4. Analiza a importancia da práctica habitual de actividade física para a mellora da propia condición física, relacionando o efecto desta práctica coa mellora da calidade de vida. | ▪ CAA |
| | Bloque 4. Os xogos e as actividades deportivas | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ g<br>▪ m | ▪ B4.1. Execución e avaliación de habilidades motrices de xeito combinado vinculadas ás accións deportivas, respectando os regulamentos específicos.<br>▪ B4.2. Práctica de actividades e xogos para a aprendizaxe dos deportes individuais.<br>▪ B4.3. Adquisición de técnicas de progresión e orientación no medio natural, a súa aplicación en diferentes ámbitos. | ▪ B4.1. Resolver situacións motoras individuais aplicando os fundamentos técnicos e habilidades específicas, das actividades físico-deportivas propostas, en condicións reais ou adaptadas. | ▪ EFB4.1.1. Aplica os aspectos básicos das técnicas e habilidades específicas, das actividades propostas, respectando as regras e normas establecidas. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFB4.1.2. Autoavalía a súa execución con respecto ao modelo técnico formulado. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFB4.1.3. Describe a forma de realizar os movementos implicados nos modelos técnicos. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFB4.1.4. Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando acti- | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Educación Física. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | tudes de esforzo, autoexixencia e superación. | |
| | | | ▪ EFB4.1.5. Explica e pon en práctica técnicas de progresión en contornos non estables e técnicas básicas de orientación, adaptándose ás variacións que se producen, e regulando o esforzo en función das súas posibilidades. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ m | ▪ B4.4. Execución de habilidades motrices técnico-tácticas vinculadas aos deportes colectivos en distintas situacións, respectando os regulamentos específicos.<br>▪ B4.5. Práctica de actividades e xogos para a aprendizaxe dos deportes colectivos. | ▪ B4.2. Resolver situacións motoras de oposición, colaboración ou colaboración-oposición, utilizando as estratexias máis axeitadas en función dos estímulos relevantes. | ▪ EFB4.2.1. Adapta os fundamentos técnicos e tácticos para obter vantaxe na práctica das actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición propostas. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFB4.2.2. Describe e pon en práctica de xeito autónomo aspectos de organización de ataque e de defensa nas actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición seleccionadas. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFB4.2.3. Discrimina os estímulos que cómpre ter en conta na toma de decisións nas situacións de colaboración, oposición e colaboración-oposición, para obter vantaxe ou cumprir o obxectivo da acción. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFB4.2.4. Reflexiona sobre as situacións resoltas valorando a | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Educación Física. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | oportunidade das solucións achegadas e a súa aplicabilidade a situacións similares. | |

## 4º de ESO

| | Educación Física. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Contidos comúns en Educación Física | | | |
| ▪ b<br>▪ g<br>▪ m | ▪ B1.1. Deseña e realiza as fases de activación e recuperación, logo da análise da actividade física que se vaia realizar.<br>▪ B1.2. Fases de activación e recuperación como medio de prevención de lesións. | ▪ B1.1. Deseñar e realizar as fases de activación e recuperación na práctica de actividade física considerando a intensidade dos esforzos. | ▪ EFB1.1.1. Analiza a actividade física principal da sesión para establecer as características que deben ter as fases de activación e de volta á calma. | ▪ CSC |
| | | | ▪ EFB1.1.2. Selecciona os exercicios ou as tarefas de activación e de volta á calma dunha sesión, atendendo á intensidade ou á dificultade das tarefas da parte principal. | ▪ CSC |
| | | | ▪ EFB1.1.3. Realiza exercicios ou actividades nas fases inicial e final de algunha sesión, de xeito autónomo, acorde co seu nivel de competencia motriz. | ▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ b | ▪ B1.3. Planificación e organización de eventos e campionatos nos que se utilicen sistemas que potencien as ac- | ▪ B1.2. Colaborar na planificación e na organización de eventos, campionatos ou torneos deportivos, prevendo | ▪ EFB1.2.1. Asume as funcións encomendadas na organización de actividades grupais. | ▪ CSC |

| | Educación Física. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ m | titudes, os valores e o respecto das normas, asumindo diferentes papeis e funcións. | os medios e as actuacións necesarias para a súa celebración e relacionando as súas funcións coas do resto de implicados/as. | ▪ EFB1.2.2. Verifica que a súa colaboración na planificación e posta en práctica de actividades grupais fose coordinada coas accións do resto das persoas implicadas. | ▪ CSC |
| | | | ▪ EFB1.2.3. Presenta propostas creativas de utilización de materiais e de planificación para utilizalos na súa práctica de maneira autónoma. | ▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ m<br>▪ ñ | ▪ B1.4. Valoración das actividades físicas, deportivas e tradicionais na sociedade actual, destacando os comportamentos axeitados tanto desde o papel de participante como desde o de espectador/a. | ▪ B1.3. Analizar criticamente o fenómeno deportivo discriminando os aspectos culturais, educativos, integradores e saudables dos que fomentan a violencia, a discriminación ou a competitividade mal entendida. | ▪ EFB1.3.1. Valora as actuacións e as intervencións das persoas participantes nas actividades, recoñecendo os méritos e respectando os niveis de competencia motriz, e outras diferenzas. | ▪ CSC |
| | | | ▪ EFB1.3.2. Valora as actividades físicas distinguindo as achegas que cada unha ten desde o punto de vista cultural, para a satisfacción e o enriquecemento persoal, e para a relación coas demais persoas. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ EFB1.3.3. Mantén unha actitude crítica cos comportamentos antideportivos, tanto desde o papel de participante como desde o de espectador/a. | ▪ CSC |
| ▪ a | ▪ B1.5. Primeiras actuacións ante as lesións máis comúns que poden ma- | ▪ B1.4. Asumir a responsabilidade da propia seguridade na práctica de acti- | ▪ EFB1.4.1. Verifica as condicións de práctica segura usando con- | ▪ CSIEE |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

DOG Núm. 120 Luns, 29 de xuño de 2015 Páx. 26503
Diario Oficial de Galicia
XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Educación Física. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ b<br>▪ g<br>▪ m | nifestarse na práctica deportiva.<br>▪ B1.6. Protocolos básicos de primeiros auxilios.<br>▪ B1.7. Medidas preventivas sobre os riscos ou as lesións na realización de actividades físico-deportivas.<br>▪ B1.8. Manexo e utilización do material e do equipamento deportivo. | vidade física, tendo en conta os factores inherentes á actividade e prevendo as consecuencias que poidan ter as actuacións pouco coidadosas sobre a seguridade das persoas participantes. | venientemente o equipamento persoal, e os materiais e os espazos de práctica. | |
| | | | ▪ EFB1.4.2. Identifica as lesións máis frecuentes derivadas da práctica de actividade física. | ▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFB1.4.3. Describe os protocolos que deben seguirse ante as lesións, os accidentes ou as situacións de emerxencia máis frecuentes producidas durante a práctica de actividades físico-deportivas. | ▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ m | ▪ B1.9. Aceptación das normas sociais e democráticas que rexen nun traballo en equipo.<br>▪ B1.10. Técnicas de traballo en equipo.<br>▪ B1.11. Técnicas de traballo colaborativo.<br>▪ B1.12. Xogo limpo como actitude social responsable. | ▪ B1.5. Demostrar actitudes persoais inherentes ao traballo en equipo, superando as inseguridades e apoiando as demais persoas ante a resolución de situacións descoñecidas. | ▪ EFB1.5.1. Fundamenta os seus puntos de vista ou as súas achegas nos traballos de grupo, e admite a posibilidade de cambio fronte a outros argumentos válidos. | ▪ CSC |
| | | | ▪ EFB1.5.2. Valora e reforza as achegas enriquecedoras dos compañeiros e das compañeiras nos traballos en grupo. | ▪ CSC |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ ñ | ▪ B1.13. Tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de aprendizaxe, para procurar, seleccionar e valorar informacións relacionadas coas actividades físico-deportivas e as relacionas coa saúde. | ▪ B1.6. Utilizar eficazmente as tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de aprendizaxe, para procurar, seleccionar e valorar informacións relacionadas cos contidos do curso, comunicando os resultados e as conclusións no soporte máis adecuado. | ▪ EFB1.6.1. Procura, procesa e analiza criticamente informacións actuais sobre temáticas vinculadas á actividade física e a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos. | ▪ CD<br>▪ CCL |
| | | | ▪ EFB1.6.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunica- | ▪ CD<br>▪ CCL |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



| | Educación Física. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ o | | | ción para afondar sobre contidos do curso, realizando valoracións críticas e argumentando as súas conclusións. | |
| | | | ▪ EFB1.6.3. Comunica e comparte información e ideas nos soportes e nos contornos apropiados. | ▪ CD<br>▪ CCL |
| | Bloque 2. Actividades físicas artístico-expresivas | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ l<br>▪ m<br>▪ n<br>▪ ñ | ▪ B2.1. Creación de composicións artístico-expresivas individuais ou colectivas, con ou sen apoio dunha estrutura musical, incluíndo os elementos para a súa sistematización: espazo, tempo e intensidade. | ▪ B2.1. Compor e presentar montaxes individuais ou colectivas, seleccionando e axustando os elementos da motricidade expresiva. | ▪ EFB2.1.1. Elabora composicións de carácter artístico-expresivo, seleccionando os elementos de execución e as técnicas máis apropiadas para o obxectivo previsto, incidindo especialmente na creatividade e na desinhibición. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ EFB2.1.2. Axusta as súas accións á intencionalidade das montaxes artístico-expresivas, combinando os compoñentes espaciais, temporais e, de ser o caso, de interacción coas demais persoas. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ EFB2.1.3. Colabora no deseño e na realización das montaxes artístico-expresivas, achegando e aceptando propostas. | ▪ CCEC |
| | Bloque 3. Actividade física e saúde | | | |
| ▪ b | ▪ B3.1. Efectos negativos que determinados hábitos de vida e consumo te- | ▪ B3.1. Argumentar a relación entre os hábitos de vida e os seus efectos so- | ▪ EFB3.1.1. Demostra coñecementos sobre as características | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Educación Física. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m | ñen sobre a condición física e a saúde.<br>▪ B3.2. Actividade física e saúde.<br>▪ B3.3. Realización de exercicios para a consecución dunha óptima hixiene postural.<br>▪ B3.4. Alimentación: repercusión na saúde e na actividade física. | bre a condición física, aplicando os coñecementos sobre actividade física e saúde. | que deben cumprir as actividades físicas cun enfoque saudable e os beneficios que proporcionan á saúde individual e colectiva. | |
| | | | ▪ EFB3.1.2. Relaciona exercicios de tonificación e flexibilización coa compensación dos efectos provocados polas actitudes posturais inadecuadas máis frecuentes. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ EFB3.1.3. Relaciona hábitos como o sedentarismo ou o consumo de tabaco e de bebidas alcohólicas cos seus efectos na condición física e a saúde. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ EFB3.1.4. Valora as necesidades de alimentos e de hidratación para a realización de diferentes tipos de actividade física. | ▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ g<br>▪ m | ▪ B3.5. Valoración e toma de conciencia da propia condición física e da predisposición a mellorala.<br>▪ B3.6. Elaboración e posta en práctica dun plano de traballo que integre as capacidades físicas relacionadas coa saúde.<br>▪ B3.7. Valoración e aplicación de técnicas e métodos de relaxación e respiración de xeito autónomo, co fin de mellorar as condicións de saúde e calidade de vida. | ▪ B3.2. Mellorar ou manter os factores da condición física, practicando actividades físico-deportivas adecuadas ao seu nivel e identificando as adaptacións orgánicas e a súa relación coa saúde. | ▪ EFB3.2.1. Valora o grao de implicación das capacidades físicas na realización dos tipos de actividade física. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ EFB3.2.2. Practica de forma regular, sistemática e autónoma actividades físicas co fin de mellorar as condicións de saúde e calidade de vida. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ EFB3.2.3. Aplica os procedementos para integrar nos pro- | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



| Educación Física. 4º de ESO | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | ▪ B3.8. Métodos de avaliación da condición física en relación coa saúde. | | gramas de actividade física a mellora das capacidades físicas básicas, cunha orientación saudable e nun nivel adecuado ás súas posibilidades. | |
| | | | ▪ EFB3.2.4. Valora a súa aptitude física nas súas dimensións anatómica, fisiolóxica e motriz, relacionándoas coa saúde. | ▪ CMCCT |
| | Bloque 4. Os xogos e as actividades deportivas | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ g<br>▪ m | ▪ B4.1. Traballo dos fundamentos técnicos das actividades físico-deportivas propostas, tendo en consideración diversos condicionantes xerados polos compañeiros e as compañeiras, as persoas adversarias, os regulamentos e o contorno da práctica. | ▪ B4.1. Resolver situacións motrices aplicando fundamentos técnicos nas actividades físico-deportivas propostas, con eficacia e precisión. | ▪ EFB4.1.1. Axusta a realización das habilidades específicas aos requisitos técnicos nas situacións motrices individuais, preservando a súa seguridade e tendo en conta as súas propias características. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFB4.1.2. Axusta a realización das habilidades específicas aos condicionantes xerados polos compañeiros e as compañeiras, e as persoas adversarias, nas situacións colectivas. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFB4.1.3. Adapta as técnicas de progresión ou desprazamento aos cambios do medio, priorizando a súa seguridade persoal e colectiva. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ b | ▪ B4.2. Traballo das situacións motrices de oposición, colaboración ou colaboración-oposición propostas, tendo en | ▪ B4.2. Resolver situacións motrices de oposición, colaboración ou colaboración-oposición nas actividades físico | ▪ EFB4.2.1. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Educación Física. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ m | consideración diversos condicionantes xerados polos compañeiros e as compañeiras, as persoas adversarias, os regulamentos e o contorno da práctica.<br>▪ B4.3. Coñecemento e práctica de xogos e de deportes tradicionais de Galicia e da propia zona, así como do seu regulamento. Procura de información sobre variacións locais. | deportivas propostas, tomando a decisión máis eficaz en función dos obxectivos. | oposición, contrarrestando ou anticipándose ás accións da persoa adversaria. | |
| | | | ▪ EFB4.2.2. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de cooperación, axustando as accións motrices aos factores presentes e ás intervencións do resto de participantes. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFB4.2.3. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de colaboración-oposición, intercambiando os papeis con continuidade e perseguindo o obxectivo colectivo de obter situacións vantaxosas sobre o equipo contrario. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFB4.2.4. Aplica solucións variadas ante as situacións formuladas e valorar as súas posibilidades de éxito, en relación con outras situacións. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFB4.2.5. Xustifica as decisións tomadas na práctica das actividades e recoñece os procesos que están implicados nelas. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFB4.2.6. Argumenta estratexias ou posibles solucións para resolver problemas motores, valorando as características de | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



Diario Oficial de Galicia

| | Educación Física. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | cada participante e os factores presentes no contorno. | |
| ▪ f<br>▪ g<br>▪ m | ▪ B4.4. Relación entre a actividade física, a saúde e o medio natural.<br>▪ B4.5. Toma de conciencia do impacto que teñen algunhas actividades físico-deportivas no medio natural.<br>▪ B4.6. Realización de actividades deportivas e/ou recreativas, preferentemente desenvolvidas no medio natural. | ▪ B4.3. Recoñecer o impacto ambiental, económico e social das actividades físicas e deportivas, reflexionando sobre a súa repercusión na forma de vida no contorno. | ▪ EFB4.3.1. Compara os efectos das actividades físicas e deportivas no contorno en relación coa forma de vida nel. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EFB4.3.2. Relaciona as actividades físicas na natureza coa saúde e a calidade de vida. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EFB4.3.3. Demostra hábitos e actitudes de conservación e protección ambiental. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT |

## 1º de bacharelato

| | Educación Física. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Contidos comúns en Educación Física | | | |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ ñ<br>▪ p | ▪ B1.1. Actividade física como recurso de lecer activo: efectos sobre a saúde e como fenómeno sociocultural.<br>▪ B1.2. Saídas profesionais. | ▪ B1.1. Valorar a actividade física desde a perspectiva da saúde, a satisfacción, a autosuperación e as posibilidades de interacción social e de perspectiva profesional, adoptando actitudes de interese, respecto, esforzo e cooperación na práctica da actividade física | ▪ EFB1.1.1. Deseña, organiza e participa en actividades físicas, como recurso de lecer activo, valorando os aspectos sociais e culturais que levan asociadas e as súas posibilidades profesionais futuras, e identificando os aspectos organizativos e os materiais necesarios. | ▪ CSC |
| | | | ▪ EFB1.1.2. Adopta unha actitude | ▪ CSC |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Educación Física. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | crítica ante as prácticas de actividade física que teñen efectos negativos para a saúde individual ou colectiva, e ante os fenómenos socioculturais relacionados coa corporalidade e os derivados das manifestacións deportivas. | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ h<br>▪ m<br>▪ n<br>▪ ñ<br>▪ o | ▪ B1.3. Prevención dos elementos de risco asociados ás actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, ao contorno, á fatiga e aos materiais e os equipamentos. | ▪ B1.2. Controlar os riscos que pode xerar a utilización dos equipamentos, o contorno e as propias actuacións na realización das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, actuando de forma responsable no seu desenvolvemento, tanto individualmente como en grupo. | ▪ EFB1.2.1. Prevé os riscos asociados ás actividades e os derivados da propia actuación e da do grupo. | ▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFB1.2.2. Usa os materiais e os equipamentos atendendo ás súas especificacións técnicas. | ▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFB1.2.3. Ten en conta o nivel de cansazo como un elemento de risco na realización de actividades que requiren atención ou esforzo. | ▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ h<br>▪ m<br>▪ ñ<br>▪ o | ▪ B1.4. Actividades físico-deportivas: regras sociais e contorno.<br>▪ B1.5. Integración social nas actividades físico-deportivas.<br>▪ B1.6. Desenvolvemento da capacidade de traballo en equipo e de cooperación.<br>▪ B1.7. Xogo limpo como actitude social responsable. | ▪ B1.3. Amosar un comportamento persoal e social responsable respectándose a si mesmo/a, ás outras persoas e o contorno, no marco da actividade física. | ▪ EFB1.3.1. Respecta as regras sociais e o contorno en que se realizan as actividades físico-deportivas. | ▪ CSC |
| | | | ▪ EFB1.3.2. Facilita a integración doutras persoas nas actividades de grupo, animando á súa participación e respectando as diferenzas. | ▪ CSC |
| ▪ b<br>▪ d | ▪ B1.8. Emprego das tecnoloxías axeitadas para a obtención e o tratamento | ▪ B1.4. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para me- | ▪ EFB1.4.1. Aplica criterios de procura de información que ga- | ▪ CD<br>▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



| | Educación Física. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ l<br>▪ m<br>▪ ñ | de datos, para a procura, a selección e a crítica de información sobre a materia, e para a comunicación de proxectos, resultados e conclusións de traballos. | llorar o seu proceso de aprendizaxe, aplicando criterios de fiabilidade e eficacia na utilización de fontes de información e participando en ámbitos colaborativos con intereses comúns. | rantan o acceso a fontes actualizadas e rigorosas na materia. | |
| | | | ▪ EFB1.4.2. Comunica e comparte a información coa ferramenta tecnolóxica axeitada, para a súa discusión ou a súa difusión. | ▪ CD<br>▪ CCL |
| | Bloque 2. Actividades físicas artístico-expresivas | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ m<br>▪ n<br>▪ ñ<br>▪ p | ▪ B2.1. Composicións individuais e colectivas nas actividades físicas artístico-expresivas. | ▪ B2.1. Crear e representar composicións corporais individuais ou colectivas con orixinalidade e expresividade, aplicando as técnicas máis apropiadas á intencionalidade da composición. | ▪ EFB2.1.1. Colabora no proceso de creación e desenvolvemento das composicións ou montaxes artísticas expresivas. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ EFB2.1.2. Representa composicións ou montaxes de expresión corporal individuais ou colectivas, axustándose a unha intencionalidade de carácter estética ou expresiva. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ EFB2.1.3. Adapta as súas accións motoras ao sentido do proxecto artístico expresivo. | ▪ CCEC |
| | Bloque 3. Actividade física e saúde | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ l<br>▪ m<br>▪ ñ | ▪ B3.1. Beneficios da práctica regular de actividade física e valoración da súa incidencia sobre a saúde.<br>▪ B3.2. Hixiene postural na actividade física e en distintos campos profesionais.<br>▪ B3.3. Alimentación e actividade física.<br>▪ B3.4. Metodoloxías específicas de | ▪ B3.1. Mellorar ou manter os factores da condición física e as habilidades motoras cun enfoque cara á saúde, considerando o propio nivel e orientándoos cara ás súas motivacións e cara a posteriores estudos ou ocupacións. | ▪ EFB3.1.1. Integra os coñecementos sobre nutrición e balance enerxético nos programas de actividade física para a mellora da condición física e saúde. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ EFB3.1.2. Incorpora na súa práctica os fundamentos posturais e funcionais que promoven | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



| | Educación Física. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | recuperación tras o exercicio físico. | | a saúde. | |
| | | | ▪ EFB3.1.3. Utiliza de forma autónoma as técnicas de activación e de recuperación na actividade física. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ EFB3.1.4. Alcanza os seus obxectivos de nivel de condición física dentro das marxes saudables, asumindo a responsabilidade da posta en práctica do seu programa de actividades. | ▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m<br>▪ ñ | ▪ B3.5. Aceptación da responsabilidade no mantemento e na mellora da condición física.<br>▪ B3.6. Criterios fundamentais e métodos básicos para a planificación e o desenvolvemento da actividade física para a saúde.<br>▪ B3.7. Manexo e control dos compoñentes fundamentais da carga na práctica da actividade física: o volume, a intensidade e a densidade do esforzo.<br>▪ B3.8. Probas de avaliación das capacidades físicas e coordinativas orientadas á saúde.<br>▪ B3.9. Plan persoal de acondicionamento físico orientado á saúde.<br>▪ B3.10. Análise da influencia dos hábitos sociais cara a un estilo de vida activo. | ▪ B3.2. Planificar, elaborar e pór en práctica un programa persoal de actividade física que incida na mellora e no mantemento da saúde, aplicando os sistemas de desenvolvemento das capacidades físicas implicadas, tendo en conta as súas características e nivel inicial, e avaliando as melloras obtidas. | ▪ EFB3.2.1. Aplica os conceptos aprendidos sobre as características que deben cumprir as actividades físicas cun enfoque saudable á elaboración de deseños de prácticas en función das súas características e dos seus intereses persoais. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ EFB3.2.2. Avalía as súas capacidades físicas e coordinativas considerando as súas necesidades e motivacións, e como requisito previo para a planificación da súa mellora. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ EFB3.2.3. Concreta as melloras que pretende alcanzar co seu programa de actividade. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ EFB3.2.4. Elabora e leva á práctica o seu programa persoal de actividade física, conxugando as | ▪ CMCCT |

| | Educación Física. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | variables de frecuencia, volume, intensidade e tipo de actividade. | |
| | | | ▪ EFB3.2.5. Comproba o nivel de logro dos obxectivos do seu programa de actividade física, reorientando as actividades nos aspectos que non chegan ao esperado. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ EFB3.2.6. Formula e pon en práctica iniciativas para fomentar o estilo de vida activo e para cubrir as súas expectativas. | ▪ CMCCT |
| | Bloque 4. Os xogos e as actividades deportivas | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ m<br>▪ ñ<br>▪ p | ▪ B4.1. Xogo, actividades deportivas individuais e de adversario, e actividades físicas no medio natural.<br>▪ B4.2. Perfeccionamento técnico e aplicación de normas tácticas fundamentais para a realización de xogos, actividades deportivas individuais e de adversario/a, e deporte alternativo practicadas nas etapas anteriores.<br>▪ B4.3. Planificación e realización de actividades físicas en contornos non estables. | ▪ B4.1. Resolver situacións motoras en diferentes contextos de práctica aplicando habilidades motoras específicas individuais ou de adversario/a con fluidez, precisión e control, perfeccionando a adaptación e a execución dos elementos técnicos desenvolvidos no curso anterior. | ▪ EFB4.1.1. Perfecciona as habilidades específicas das actividades individuais que respondan aos seus intereses. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFB4.1.2. Adapta a realización das habilidades específicas aos condicionantes xerados polos compañeiros e as compañeiras, e polas persoas adversarias, nas situacións colectivas. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CSC |
| | | | ▪ EFB4.1.3. Resolve con eficacia situacións motoras nun contexto competitivo. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFB4.1.4. Pon en práctica técnicas específicas das actividades en ámbitos non estables, analizando os aspectos organizativos | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



| | Educación Física. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | necesarios. | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ m<br>▪ p | ▪ B4.4. Aplicación do coñecemento dos fundamentos básicos técnicos, tácticos e regulamentarios dos xogos, das actividades deportivas e do deporte alternativo. | ▪ B4.2. Solucionar de xeito creativo situacións de oposición, colaboración ou colaboración-oposición en contextos deportivos ou recreativos, adaptando as estratexias ás condicións cambiantes que se producen na práctica. | ▪ EFB4.2.1. Desenvolve accións que conduzan a situacións de vantaxe con respecto á persoa adversaria, nas actividades de oposición. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFB4.2.2. Colabora con participantes nas actividades físico-deportivas nas que se produce colaboración ou colaboración-oposición, e explica a achega de cadaquén. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CSC |
| | | | ▪ EFB4.2.3. Desempeña as funcións que lle corresponden, nos procedementos ou nos sistemas postos en práctica para conseguir os obxectivos do equipo. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CSC |
| | | | ▪ EFB4.2.4. Valora a oportunidade e o risco das súas accións nas actividades físico-deportivas desenvolvidas. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFB4.2.5. Formula estratexias ante as situacións de oposición ou de colaboración-oposición, adaptándoas ás características das persoas participantes. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



## Educación Plástica, Visual e Audiovisual

### Introdución

Se noutras épocas históricas era a palabra, tanto na súa expresión oral como escrita, a principal forma de expresión e de transmisión de ideas e sentimentos, non cabe dúbida de que na época na que estamos inmersos/as a imaxe cobrou un protagonismo sen precedentes en ningunha outra época da historia da humanidade. A materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual parte dos bloques impartidos na educación primaria na área de Educación Artística. A parte destinada á educación plástica xa anticipaba os mesmos bloques dos que parte a materia en ESO, baixo as denominacións de "Educación audiovisual", "Debuxo técnico" e "Expresión artística". Nos tres primeiros cursos da ESO esta materia estrutúrase en tres bloques: "Expresión plástica", "Comunicación audiovisual" e "Debuxo técnico". En cuarto da ESO os bloques nos que se estrutura a materia son: "Expresión plástica", "Debuxo técnico", "Fundamentos do deseño" e "Linguaxe audiovisual e multimedia".

O bloque de "Expresión plástica" experimenta con materiais e técnicas diversas na aprendizaxe do proceso de creación. Inténtase darlle ao alumnado unha maior autonomía na creación de obras persoais, axudando a planificar mellor os pasos na realización de proxectos artísticos, tanto propios coma colectivos. Analízanse as características da linguaxe audiovisual desde a cal se realiza a análise crítica das imaxes que nos rodean. Faise, tamén, especial fincapé no uso das tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas á imaxe.

No bloque titulado "Debuxo técnico" trasládanse coñecementos teórico-prácticos sobre formas xeométricas e sistemas de representación, e aplícanse estes coñecementos á resolución de problemas e á realización de deseños. No cuarto curso, considerando a madureza do alumnado e os coñecementos adquiridos, incorpórase o bloque de "Fundamentos do deseño", que vai permitir o coñecemento dos fundamentos do deseño nas súas diferentes áreas, desenvolvendo, desde un punto de vista práctico, os coñecementos adquiridos no resto de bloques.

### 1º de ESO

| | Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 1º curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Expresión plástica | | | |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 1º curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ n | ▪ B1.1. Elementos configurativos da imaxe: punto, liña e plano.<br>▪ B1.2. Aprecio do uso que os/as artistas fan do punto, a liña e o plano para aplicalo ás propias composicións. | ▪ B1.1. Identificar os elementos configuradores da imaxe. | ▪ EPVAB1.1.1. Identifica e valora a importancia do punto, a liña e o plano, analizando de xeito oral e escrito imaxes e producións gráfico plásticas propias e alleas. | ▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ n | ▪ B1.3. O punto como o elemento máis sinxelo na comunicación visual.<br>▪ B1.4. Posibilidades gráficas e expresivas da liña en relación ao seu trazado, o seu grosor ou a súa velocidade.<br>▪ B1.5. Calidades do plano como elemento compositivo e como construtor de volume. | ▪ B1.2. Experimentar coas variacións formais do punto, o plano e a liña. | ▪ EPVAB1.2.1. Analiza os ritmos lineais mediante a observación de elementos orgánicos na paisaxe, nos obxectos e en composicións artísticas, empregándoos como inspiración en creacións gráfico-plásticas. | ▪ CAA |
| | | | ▪ EPVAB1.2.2. Experimenta co punto, a liña e o plano co concepto de ritmo, aplicándoos de forma libre e espontánea. | ▪ CSIEE |
| | | | ▪ EPVAB1.2.3. Experimenta co valor expresivo da liña e o punto e as súas posibilidades tonais, aplicando distintos graos de dureza, distintas posicións do lapis de grafito ou de cor (tombado ou vertical) e a presión exercida na aplicación, en composicións a man alzada, estruturadas xeometricamente ou máis libres e espontáneas. | ▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ n<br>▪ o | ▪ B1.6. Elementos de expresión plástica: liña, textura e cor. | ▪ B1.3. Expresar emocións utilizando distintos elementos configurativos e recursos gráficos: liña, puntos, cores, texturas, claroscuros, etc. | ▪ EPVAB1.3.1. Realiza composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, liberdade, opresión, alegría, tristura, etc.) utilizando diversos recursos gráficos en cada caso (claroscuro, liñas, puntos, texturas, cores, etc.). | ▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ f | ▪ B1.7. Composición: elementos.<br>▪ B1.8. O ritmo na composición. | ▪ B1.4. Identificar e aplicar os conceptos de equilibrio, proporción e | ▪ EPVAB1.4.1. Analiza, identifica e explica oralmente, por escrito e graficamente, o esquema composi- | ▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 1º curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ n | | ritmo en composicións básicas. | tivo básico de obras de arte e obras propias, atendendo aos conceptos de equilibrio, proporción e ritmo. | |
| | | | ▪ EPVAB1.4.2. Realiza composicións básicas con diferentes técnicas segundo as propostas establecidas por escrito. | ▪ CSIEE |
| | | | ▪ EPVAB1.4.3. Realiza composicións modulares con diferentes procedementos gráfico-plásticos en aplicacións ao deseño téxtil, ornamental, arquitectónico ou decorativo. | ▪ CCEC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EPVAB1.4.4. Representa obxectos illados e agrupados do natural ou do ámbito inmediato, proporcionándoos en relación coas súas características formais e en relación co seu ámbito. | ▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ n | ▪ B1.9. A cor coma fenómeno físico e visual. Mestura aditiva e mestura substractiva.<br>▪ B1.10. Círculo cromático. Cores complementarias. | ▪ B1.5. Experimentar coas cores primarias e secundarias. | ▪ EPVAB1.5.1. Experimenta coas cores primarias e secundarias, estudando a síntese aditiva e subtractiva e as cores complementarias. | ▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ f<br>▪ o | ▪ B1.11. Texturas naturais e artificiais. Capacidade expresiva das texturas. | ▪ B1.6. Transcribe texturas táctiles a texturas visuais mediante as técnicas de frottage, utilizándoas en composicións abstractas ou figurativas. | ▪ EPVAB1.6.1. Transcribe texturas táctiles a texturas visuais mediante as técnicas de frottage, utilizándoas en composicións abstractas ou figurativas. | ▪ CSIEE |
| ▪ b | ▪ B1.12. Materiais e técnicas de de- | ▪ B1.7. Coñecer e aplicar as posibili- | ▪ EPVAB1.7.1. Utiliza con propiedade | ▪ CCL |

| | Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 1º curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ n | buxo e pintura. Técnicas plásticas: secas, húmidas e mixtas. | dades expresivas das técnicas gráfico-plásticas secas, húmidas e mixtas: témpera, lapis de grafito e de cor; colaxe. | as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade. | |
| | | | ▪ EPVAB1.7.2. Utiliza o lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas. | ▪ CSC |
| | | | ▪ EPVAB1.7.3. Experimenta coas témperas aplicando a técnica de diferentes formas (pinceis, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, estampaxes, etc.), valorando as posibilidades expresivas segundo o grao de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ EPVAB1.7.4. Utiliza o papel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles, para crear composicións, colaxes matéricas e figuras tridimensionais. | ▪ CAA |
| | | | ▪ EPVAB1.7.5. Crea co papel recortado formas abstractas e figurativas compóndoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos. | ▪ CSC |
| | | | ▪ EPVAB1.7.6. Aproveita materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas ca- | ▪ CSC |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 1º curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | lidades gráfico-plásticas. | |
| | | | ▪ EPVAB1.7.7. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto orde e estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades. | ▪ CSC |
| | Bloque 2. Comunicación audiovisual | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ f | ▪ B2.1. Imaxe e a comunicación visual. Iconicidade. Graos de iconicidade. Imaxe figurativa e imaxe abstracta. | ▪ B2.1. Recoñecer os graos de iconicidade en imaxes presentes no ámbito comunicativo. | ▪ EPVAB2.1.1. Diferencia imaxes figurativas de abstractas. | ▪ CCL |
| | | | ▪ EPVAB2.1.2. Recoñece graos de iconicidade nunha serie de imaxes. | ▪ CCL |
| | | | ▪ EPVAB2.1.3. Crea imaxes con distintos graos de iconicidade baseándose nun mesmo tema. | ▪ CD |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ f<br>▪ l<br>▪ o | ▪ B2.2. Comunicación visual. Símbolos e iconas. | ▪ B2.2. Distinguir e crear tipos de imaxes segundo a súa relación significante-significado: símbolos e iconas. | ▪ EPVAB2.2.1. Distingue símbolos de iconas. | ▪ CCL |
| | | | ▪ EPVAB2.2.2. Deseña símbolos e iconas. | ▪ CD |
| ▪ c<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ h<br>▪ o | ▪ B2.3. O cómic: medio de expresión. Linguaxe do cómic. | ▪ B2.3. Analizar e realizar cómics aplicando os recursos de adecuadamente. | ▪ EPVAB2.3.1. Deseña un cómic utilizando adecuadamente viñetas e lendas, globos, liñas cinéticas e onomatopeas. | ▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ c | ▪ B2.4. Comunicación visual: características e elementos que interveñen | ▪ B2.4. Diferenciar e analizar os elementos que interveñen nun acto de | ▪ EPVAB2.4.1. Identifica e analiza os elementos que interveñen en actos | ▪ CSC |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2





| | Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 1º curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ e<br>▪ h<br>▪ ñ<br>▪ o | nela. | comunicación. | de comunicación visual. | |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ h<br>▪ o | ▪ B2.5. Funcións das mensaxes na comunicación visual e audiovisual. | ▪ B2.5. Recoñecer as funcións da comunicación. | ▪ EPVAB2.5.1. Identifica e analiza os elementos que interveñen en actos de comunicación audiovisual. | ▪ CCL |
| | | | ▪ EPVAB2.5.2. Distingue a función ou funcións que predominan en mensaxes visuais e audiovisuais. | ▪ CD |
| | Bloque 3. Debuxo técnico | | | |
| ▪ b<br>▪ n<br>▪ o | ▪ B3.1. Elementos xeométricos fundamentais: punto, liñas e direccións. Posicións relativas entre rectas: paralelas, cortantes e perpendiculares. | ▪ B3.1. Comprender e empregar os conceptos espaciais do punto, a liña e o plano. | ▪ EPVAB3.1.1. Traza as rectas que pasan por cada par de puntos, usando a regra, e resalta o triángulo que se forma. | ▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ n<br>▪ o | ▪ B3.2. Manexo da escuadra e cartabón para o trazado de paralelas, perpendiculares e rectas a 45º. | ▪ B3.2. Construír distintos tipos de rectas, utilizando a escuadra e o cartabón, despois de repasar previamente estes conceptos. | ▪ EPVAB3.2.1. Traza rectas paralelas, transversais e perpendiculares a outra dada, que pasen por puntos definidos, utilizando escuadra e cartabón con suficiente precisión. | ▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ n<br>▪ o | ▪ B3.3. Circunferencia e círculo. A circunferencia como lugar xeométrico básico no plano. | ▪ B3.3. Coñecer con fluidez os conceptos de circunferencia, círculo e arco. | ▪ EPVAB3.3.1. Constrúe unha circunferencia lobulada de seis elementos, utilizando o compás. | ▪ CD |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ n<br>▪ o | ▪ B3.4. Manexo do compás. Dividir a circunferencia en dous, catro, seis ou oito partes iguais, usando o compás. Realizar motivos decorativos co manexo do compás. | ▪ B3.4. Utilizar o compás, realizando exercicios variados para familiarizarse con esta ferramenta. | ▪ EPVAB3.4.1. Divide a circunferencia en seis partes iguais, usando o compás, e debuxa coa regra o hexágono regular e o triángulo equilátero que se posibilita. | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 1º curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ b<br>▪ o | ▪ B3.5. Ángulos. Clasificación de ángulos y posicións relativas.<br>▪ B3.6. Trazado de ángulos con escuadra e cartabón. | ▪ B3.5. Comprender o concepto de ángulo e bisectriz e a clasificación de ángulos agudos, rectos e obtusos. | ▪ EPVAB3.5.1. Identifica os ángulos de 30º, 45º, 60º e 90º na escuadra e no cartabón. | ▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ o | ▪ B3.7. Realizar operacións con ángulos. Medidas angulares. Transporte de medidas angulares. | ▪ B3.6. Estudar a suma e a resta de ángulos, e comprender a forma de medilos. | ▪ EPVAB3.6.1. Suma ou resta ángulos positivos ou negativos con regra e compás. | ▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ o | ▪ B3.8. Bisectriz dun ángulo. A bisectriz como lugar xeométrico básico no plano. | ▪ B3.7. Estudar o concepto de bisectriz e o seu proceso de construción. | ▪ EPVAB3.7.1. Constrúe a bisectriz dun ángulo calquera, con regra e compás. | ▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ o | ▪ B3.9. Concepto de medida. Operacións con segmentos coa axuda da regra ou utilizando o compás. | ▪ B3.8. Diferenciar claramente entre recta e segmento tomando medidas de segmentos coa regra ou utilizando o compás. | ▪ EPVAB3.8.1. Suma ou resta segmentos, sobre unha recta, medindo coa regra ou utilizando o compás. | ▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ o | ▪ B3.10. Mediatriz dun segmento. A mediatriz como lugar xeométrico básico no plano. | ▪ B3.9. Trazar a mediatriz dun segmento utilizando compás e regra, e tamén utilizando regra, escuadra e cartabón. | ▪ EPVAB3.9.1. Traza a mediatriz dun segmento utilizando compás e regra, e tamén utilizando regra, escuadra e cartabón. | ▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ o | ▪ B3.11. Teorema de Thales. Aplicacións do teorema de Thales para dividir un segmento en partes iguais e para a escala dun polígono. | ▪ B3.10. Estudar as aplicacións do teorema de Thales. | ▪ EPVAB3.10.1. Divide un segmento en partes iguais, aplicando o teorema de Thales. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ EPVAB3.10.2. Escala un polígono aplicando o teorema de Thales. | ▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ g<br>▪ f<br>▪ o | ▪ B3.12. Lugares xeométricos fundamentais. Circunferencia, mediatriz, bisectriz e mediana. | ▪ B3.11. Coñecer lugares xeométricos e definilos. | ▪ EPVAB3.11.1. Explica, verbalmente ou por escrito, os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, bisector, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.). | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 1º curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ b<br>▪ n<br>▪ o | ▪ B3.13. Triángulos. Clasificación dos triángulos en función dos seus lados e dos seus ángulos. Propiedade fundamental dos triángulos. | ▪ B3.12. Comprender a clasificación dos triángulos en función dos seus lados e dos seus ángulos. | ▪ EPVAB3.12.1. Clasifica calquera triángulo, observando os seus lados e os seus ángulos. | ▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ n<br>▪ o | ▪ B3.14. Construción de triángulos. | ▪ B3.13. Construír triángulos coñecendo tres dos seus datos (lados ou ángulos). | ▪ EPVAB3.13.1. Constrúe un triángulo coñecendo dous lados e un ángulo, ou dous ángulos e un lado, ou os seus tres lados, utilizando correctamente as ferramentas. | ▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ f | ▪ B3.15. Liñas e puntos notables dos triángulos. Alturas, medianas, bisectrices e mediatrices dos triángulos. | ▪ B3.14. Analizar as propiedades de puntos e rectas característicos dun triángulo. | ▪ EPVAB3.14.1. Determina o baricentro, o incentro ou o circuncentro de calquera triángulo, construíndo previamente as medianas, as bisectrices ou as mediatrices correspondentes. | ▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ f | ▪ B3.16. Triángulo rectángulo: características e construción dun. | ▪ B3.15. Coñecer as propiedades xeométricas e matemáticas dos triángulos rectángulos, e aplicalas con propiedade á construción destes. | ▪ EPVAB3.15.1. Debuxa un triángulo rectángulo coñecendo a hipotenusa e un cateto. | ▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ n | ▪ B3.17. Cuadriláteros: clasificación e propiedades. | ▪ B3.16. Coñecer os tipos de cuadriláteros. | ▪ EPVAB3.16.1. Clasifica correctamente calquera cuadrilátero. | ▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ n | ▪ B3.18. Construción de cuadriláteros. | ▪ B3.17. Executar as construcións máis habituais de paralelogramos. | ▪ EPVAB3.17.1. Constrúe calquera paralelogramo coñecendo dous lados consecutivos e unha diagonal. | ▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ n | ▪ B3.19. Polígonos. Polígonos regulares e irregulares. Clasificación dos polígonos. | ▪ B3.18. Clasificar os polígonos en función dos seus lados, recoñecendo os regulares e os irregulares. | ▪ EPVAB3.18.1. Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular. | ▪ CCEC |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 1º curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ n<br>▪ o | ▪ B3.20. Construción de polígonos regulares inscritos nunha circunferencia. | ▪ B3.19. Estudar a construción dos polígonos regulares inscritos na circunferencia. | ▪ EPVAB3.19.1. Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, inscritos nunha circunferencia. | ▪ CMCCT |

## 3º de ESO

| | Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Expresión plástica | | | |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ n | ▪ B1.1. Proceso creativo. Métodos creativos aplicados a procesos de artes plásticas e deseño. | ▪ B1.1. Coñecer e aplicar os métodos creativos gráfico-plásticos aplicados a procesos de artes plásticas e deseño. | ▪ EPVAB1.1.1. Crea composicións aplicando procesos creativos sinxelos, mediante propostas por escrito, axustándose aos obxectivos finais. | ▪ CAA |
| | | | ▪ EPVAB1.1.2. Coñece e aplica métodos creativos para a elaboración de deseño gráfico, deseños de produto, moda e as súas múltiples aplicacións. | ▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ n | ▪ B1.2. O proceso creativo desde a idea inicial ata a execución definitiva. | ▪ B1.2. Crear composicións gráfico-plásticas persoais e colectivas. | ▪ EPVAB1.2.1. Reflexiona e avalía, oralmente e por escrito, o proceso creativo propio e alleo desde a idea inicial ata a execución definitiva. | ▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ c | ▪ B1.3. A imaxe como representación da realidade. Iconicidade na imaxe gráfica. Niveis de iconicidade. | ▪ B1.3. Debuxar con distintos niveis de iconicidade da imaxe. | ▪ EPVAB1.3.1. Comprende e emprega os niveis de iconicidade da imaxe gráfica, elaborando bosque- | ▪ CCEC |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ d<br>▪ f<br>▪ n | ▪ B1.4. O bosquexo ou apuntamento como estudo previo ao resultado final. | | xos, apuntamentos, e debuxos esquemáticos, analíticos e miméticos. | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ f<br>▪ n | ▪ B1.5. Natureza da cor. Cor luz e cor pigmento.<br>▪ B1.6. Temperatura da cor.<br>▪ B1.7. Simbolismo da cor. | ▪ B1.4. Identificar e diferenciar as propiedades da cor luz e a cor pigmento. | ▪ EPVAB1.4.1. Realiza modificacións da cor e as súas propiedades empregando técnicas propias da cor pigmento e da cor luz, aplicando as TIC, para expresar sensacións en composicións sinxelas. | ▪ CSIEE |
| | | | ▪ EPVAB1.4.2. Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas. | ▪ CSC |
| | | | ▪ EPVAB1.4.3. Realiza composicións abstractas con diferentes técnicas gráficas para expresar sensacións por medio do uso da cor. | ▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ n | ▪ B1.8. Materiais e técnicas de debuxo e pintura. Técnicas plásticas: secas, húmidas e mixtas. | ▪ B1.5. Coñecer e aplicar as posibilidades expresivas das técnicas gráfico-plásticas secas, húmidas e mixtas. Témpera e lapis de grafito e de cor; colaxe. | ▪ EPVAB1.5.1. Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade. | ▪ CCL |
| | | | ▪ EPVAB1.5.2. Utiliza o lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ EPVAB1.5.3. Experimenta coas témperas aplicando a técnica de diferentes formas (pinceis, esponxas, goteos, distintos graos de | ▪ CCEC |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



| | Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | humidade, estampaxes, etc.), valorando as posibilidades expresivas segundo o grao de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas. | |
| | | | ▪ EPVAB1.5.4. Utiliza o papel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles para crear composicións, colaxes matéricas e figuras tridimensionais. | ▪ CAA |
| | | | ▪ EPVAB1.5.5. Crea co papel recortado formas abstractas e figurativas compóndoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos. | ▪ CSIEE |
| | | | ▪ EPVAB1.5.6. Aproveita materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas. | ▪ CSC |
| | | | ▪ EPVAB1.5.7. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en orde e estado perfectos, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades. | ▪ CSC |
| | Bloque 2. Comunicación audiovisual | | | |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ f | ▪ B2.1. Percepción visual. Proceso perceptivo.<br>▪ B2.2. Constantes perceptivas de forma, tamaño e cor. | ▪ B2.1. Identificar os elementos e factores que interveñen no proceso de percepción de imaxes. | ▪ EPVAB2.1.1. Analiza as causas polas que se produce unha ilusión óptica aplicando coñecementos dos procesos perceptivos. | ▪ CAA |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ a<br>▪ n | ▪ B2.3. Ilusións ópticas.<br>▪ B2.4. Leis ou principios da Gestalt. | ▪ B2.2. Recoñecer as leis visuais da Gestalt que posibilitan as ilusións ópticas e aplicar estas leis na elaboración de obras propias. | ▪ EPVAB2.2.1. Identifica e clasifica ilusións ópticas segundo as leis da Gestalt. | ▪ CSC |
| | | | ▪ EPVAB2.2.2. Deseña ilusións ópticas baseándose nas leis da Gestalt. | ▪ CCEC |
| ▪ e<br>▪ g<br>▪ o | ▪ B2.5. Imaxe en movemento: posibilidades expresivas. | ▪ B2.3. Coñecer os fundamentos da imaxe en movemento e explorar as súas posibilidades expresivas. | ▪ EPVAB2.3.1. Elabora unha animación con medios dixitais e/ou analóxicos. | ▪ CD |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ f<br>▪ h | ▪ B2.6. Linguaxe visual. Signo visual. Significante e significado. | ▪ B2.4. Identificar significante e significado nun signo visual. | ▪ EPVAB2.4.1. Distingue significante e significado nun signo visual. | ▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ f<br>▪ h<br>▪ ñ | ▪ B2.7. Linguaxe da imaxe. Aprender a ler a imaxe.<br>▪ B2.8. Denotación e connotación. | ▪ B2.5. Describir, analizar e interpretar unha imaxe, distinguindo os seus aspectos denotativo e connotativo. | ▪ EPVAB2.5.1. Realiza a lectura obxectiva dunha imaxe identificando, clasificando e describindo os seus elementos. | ▪ CCL |
| | | | ▪ EPVAB2.5.2. Analiza unha imaxe, mediante unha lectura subxectiva, identificando os elementos de significación, narrativos e as ferramentas visuais utilizadas, sacando conclusións e interpretando o seu significado. | ▪ CCEC |
| ▪ e<br>▪ l | ▪ B2.9. Fotografía. A fotografía como medio de comunicación. | ▪ B2.6. Analizar e realizar fotografías comprendendo e aplicando os fundamentos desta. | ▪ EPVAB2.6.1. Identifica encadramentos e puntos de vista nunha fotografía. | ▪ CCL |

| | Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ n<br>▪ ñ<br>▪ o | | | ▪ EPVAB2.6.2. Realiza fotografías con distintos encadramentos e puntos de vista, aplicando diferentes leis compositivas. | ▪ CD |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B2.10. Linguaxes visual e audiovisual: funcións e códigos. | ▪ B2.7. Utilizar de xeito axeitado as linguaxes visual e audiovisual con distintas funcións. | ▪ EPVAB2.7.1. Deseña, en equipo, mensaxes visuais e audiovisuais con distintas funcións utilizando diferentes linguaxes e códigos, seguindo de xeito ordenado as fases do proceso (guión técnico, storyboard, realización, etc.), e valora de xeito crítico os resultados. | ▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ o | ▪ B2.11. Recursos visuais presentes en mensaxes publicitarias visuais e audiovisuais. | ▪ B2.8. Identificar e recoñecer as linguaxes visuais apreciando os estilos e as tendencias, valorando, e respectando do patrimonio histórico e cultural, e gozando del. | ▪ EPVAB2.8.1. Identifica os recursos visuais presentes en mensaxes publicitarias visuais e audiovisuais. | ▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ o | ▪ B2.12. Publicidade: principais recursos visuais empregados nela. | ▪ B2.9. Identificar e empregar recursos visuais como as figuras retóricas na linguaxe publicitaria. | ▪ EPVAB2.9.1. Deseña unha mensaxe publicitaria utilizando recursos visuais como as figuras retóricas. | ▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ f<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B2.13. Cine. O cine como medio de comunicación. | ▪ B2.10. Apreciar a linguaxe do cine analizando obras de xeito crítico, situándoas no seu contexto histórico e sociocultural, e reflexionando sobre a relación da linguaxe cinematográfica coa mensaxe da obra. | ▪ EPVAB2.10.1. Reflexiona criticamente sobre unha obra de cine, situándoa no seu contexto e analizando a narrativa cinematográfica en relación coa mensaxe. | ▪ CCEC |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



DOG Diario Oficial de Galicia

| | Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ e<br>▪ g<br>▪ i | ▪ B2.14. Linguaxe multimedia como ferramenta de traballo. | ▪ B2.11. Comprender os fundamentos da linguaxe multimedia, valorar as achegas das tecnoloxías dixitais e ser capaz de elaborar documentos mediante este. | ▪ EPVAB2.11.1. Elabora documentos multimedia para presentar un tema ou proxecto, empregando os recursos dixitais de xeito axeitado. | ▪ CD |
| | Bloque 3. Debuxo técnico | | | |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B3.1. Lugares xeométricos fundamentais. Circunferencia, mediatriz, bisectriz e mediana. | ▪ B3.1. Coñecer lugares xeométricos e definilos. | ▪ EPVAB3.1.1. Explica verbalmente ou por escrito os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, bisectriz, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.). | ▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ n | ▪ B3.2. Polígonos. Polígonos regulares e irregulares. Clasificación dos polígonos. | ▪ B3.2. Clasificar os polígonos en función dos seus lados, recoñecendo os regulares e os irregulares. | ▪ EPVAB3.2.1. Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular. | ▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ n | ▪ B3.3. Construción de polígonos regulares dado o lado. | ▪ B3.3. Estudar a construción de polígonos regulares coñecendo o lado. | ▪ EPVAB3.3.1. Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, coñecendo o lado. | ▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B3.4. Tanxencias e enlaces. Propiedades e consideracións xeométricas das tanxencias. | ▪ B3.4. Comprender as condicións dos centros e as rectas tanxentes en distintos casos de tanxencia e enlaces. | ▪ EPVAB3.4.1. Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias, utilizando adecuadamente as ferramentas. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ EPVAB3.4.2. Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias e rectas, utilizando adecuadamente as ferramentas. | ▪ CA |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B3.5. Tanxencias e enlaces en curvas técnicas: óvalos e ovoides. | ▪ B3.5. Comprender a construción do óvalo e do ovoide básicos, aplican- | ▪ EPVAB3.5.1. Constrúe correctamente un óvalo regular, coñecen- | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ f<br>▪ g | | do as propiedades das tanxencias entre circunferencias. | do o diámetro maior. | |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ o | ▪ B3.6. Propiedades e características das tanxencias en óvalos e ovoides. | ▪ B3.6. Analizar e estudar as propiedades das tanxencias nos óvalos e nos ovoides. | ▪ EPVAB3.6.1. Constrúe varios tipos de óvalos e ovoides, segundo os diámetros coñecidos. | ▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ n | ▪ B3.7. Enlaces en curvas técnicas. Espirais: propiedades e características. | ▪ B3.7. Aplicar as condicións das tanxencias e enlaces para construír espirais de dous, tres, catro e cinco centros. | ▪ EPVAB3.7.1. Constrúe correctamente espirais de dous, tres, catro e cinco centros. | ▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ n | ▪ B3.8. Redes modulares: cadrada e triangular.<br>▪ B3.9. Concepto de simetría, xiro e translación aplicado as composicións modulares. | ▪ B3.8. Estudar os conceptos de simetrías, xiros e translacións aplicándoos ao deseño de composicións con módulos. | ▪ EPVAB3.8.1. Executa deseños aplicando repeticións, xiros e simetrías de módulos. | ▪ CD |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ n<br>▪ o | ▪ B3.10. Representación obxectiva de sólidos. Introdución aos sistemas de medida e sistemas perspectivos. Vistas diédricas dun sólido. | ▪ B3.9. Comprender o concepto de proxección e aplicalo ao debuxo das vistas de obxectos, con coñecemento da utilidade das anotacións, practicando sobre as tres vistas de obxectos sinxelos e partindo da análise das súas vistas principais. | ▪ EPVAB3.9.1. Debuxa correctamente as vistas principais de volumes frecuentes, identificando as tres proxeccións dos seus vértices e as súas arestas. | ▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ n<br>▪ o | ▪ B3.11. Introdución ás axonometrías e ás súas características. Axonometría cabaleira aplicada a volumes sinxelos. | ▪ B3.10. Comprender e practicar o procedemento da perspectiva cabaleira aplicada a volumes elementais. | ▪ EPVAB3.10.1. Constrúe a perspectiva cabaleira de prismas e cilindros simples, aplicando correctamente coeficientes de redución sinxelos. | ▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ f | ▪ B3.12. Axonometría isométrica aplicada a volumes sinxelos. | ▪ B3.11. Comprender e practicar os procesos de construción de perspectivas isométricas de volumes | ▪ EPVAB3.11.1. Realiza perspectivas isométricas de volumes sinxelos, utilizando correctamente a escua- | ▪ CCEC |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ n<br>▪ o | | sinxelos. | dra e o cartabón para o trazado de paralelas. | |

## 4º de ESO

| | Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Expresión plástica | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B1.1. A linguaxe plástica e visual na creación da composición artística. | ▪ B1.1. Realizar composicións creativas, individuais e en grupo, que evidencien as capacidades expresivas da linguaxe plástica e visual, desenvolvendo a creatividade e expresándoa preferentemente coa subxectividade da súa linguaxe persoal ou empregando os códigos, a terminoloxía e os procedementos da linguaxe visual e plástica, co fin de enriquecer as súas posibilidades de comunicación. | ▪ EPVAB1.1.1. Realiza composicións artísticas seleccionando e utilizando os elementos da linguaxe plástica e visual. | ▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ n | ▪ B1.2. Leis da composición.<br>▪ B1.3. Leis da composición: movemento, ritmo e liñas de forza.<br>▪ B1.4. Cor como ferramenta simbólica. | ▪ B1.2. Realizar obras plásticas experimentando e utilizando diferentes soportes e técnicas, tanto analóxicas coma dixitais, valorando o esforzo de superación que supón o proceso creativo. | ▪ EPVAB1.2.1. Aplica as leis de composición, creando esquemas de movementos e ritmos, empregando os materiais e as técnicas con precisión. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ EPVAB1.2.2. Estuda e explica o movemento e as liñas de forza dunha imaxe. | ▪ CCEC |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



DOG Diario Oficial de Galicia

| | Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ EPVAB1.2.3. Cambia o significado dunha imaxe por medio da cor. | ▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ n | ▪ B1.5. Técnicas de expresión gráfico-plásticas. Experimentación con diversos materiais.<br>▪ B1.6. Interese pola investigación sobre materiais, soportes, técnicas e ferramentas con fins concretos, así como a utilización das tecnoloxías da información nas creación propias.<br>▪ B1.7. Iniciativa, creatividade e autoesixencia no proceso de produción propio. | ▪ B1.3. Elixir os materiais e as técnicas máis axeitadas para elaborar unha composición sobre a base duns obxectivos prefixados e da autoavaliación continua do proceso de realización. | ▪ EPVAB1.3.1. Coñece e elixe os materiais máis axeitados para a realización de proxectos artísticos. | ▪ CCEC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EPVAB.1.3.2. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades. | ▪ CCEC<br>▪ CSIEE<br>▪ CAA<br>▪ CD |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ n | ▪ B1.8. Seguimento do proceso de creación: bosquexo, proxecto, presentación final e avaliación (reflexión propia e avaliación colectiva).<br>▪ B1.9. Elaboración de proxectos plásticos de forma cooperativa. | ▪ B1.4. Realizar proxectos plásticos que comporten unha organización de forma cooperativa, valorando o traballo en equipo coma fonte de riqueza na creación artística. | ▪ EPVAB1.4.1. Entende o proceso de creación artística e as súas fases, e aplícao á produción de proxectos persoais e de grupo. | ▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| ▪ d<br>▪ f<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B1.10. Lectura e valoración de obras artísticas e imaxes en distintos soportes.<br>▪ B1.11. Análise de distintas obras de arte situándoas na época, na técnica e no estilo aos que pertencen. Valoración do patrimonio artístico. | ▪ B1.5. Recoñecer en obras de arte a utilización de elementos e técnicas de expresión, apreciar os estilos artísticos, valorar o patrimonio artístico e cultural como un medio de comunicación e satisfacción individual e colectiva, e contribuír á súa conservación a través do respecto e divulgación das obras de arte. | ▪ EPVAB1.5.1. Explica, empregando unha linguaxe axeitada, o proceso de creación dunha obra artística, e analiza os soportes, os materiais e as técnicas gráfico-plásticas que constitúen a imaxe, así como os seus elementos compositivos. | ▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ EPVAB1.5.2. Analiza e le imaxes de obras de arte e sitúaas no período ao que pertencen. | ▪ CSIEE<br>▪ CCEC |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



DOG Diario Oficial de Galicia

| | Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 2. Debuxo técnico | | | |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ n<br>▪ o | ▪ B2.1. Utensilios de debuxo técnico: estudo e manexo.<br>▪ B2.2. Trazados xeométricos: cuadriláteros, polígonos regulares e división da circunferencia.<br>▪ B2.3. Tanxencias e enlaces.<br>▪ B2.4. Aplicación dos procedementos de trazado de cuadriláteros, polígonos, tanxencias e enlaces no deseño de motivos xeométricos. | ▪ B2.1. Analizar a configuración de deseños realizados con formas xeométricas planas, creando composicións onde interveñan diversos trazados xeométricos, utilizando con precisión e limpeza os materiais de debuxo técnico. | ▪ EPVAB2.1.1. Diferencia o sistema de debuxo descritivo do perceptivo. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EPVAB2.1.2. Resolve problemas sinxelos referidos a cuadriláteros e polígonos utilizando con precisión os materiais de debuxo técnico. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EPVAB2.1.3. Resolve problemas básicos de tanxencias e enlaces. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EPVAB2.1.4. Resolve e analiza problemas de configuración de formas xeométricas planas e aplícao á creación de deseños persoais. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ o | ▪ B2. 5. Interpretación das pezas a través das súas vistas diédricas.<br>▪ B2.6. Trazado, medidas e posición correctas das vistas de pezas sinxelas. Liñas vistas e ocultas. Esbozo á man alzada e con utensilios de debuxo técnico.<br>▪ B2.7. Perspectiva cabaleira. Posición dos eixes e coeficiente de redución. Liñas vistas e ocultas. Rotulaxe. Escalas.<br>▪ B2.8. Sistema axonométrico: isometría. Posición dos eixes. Liñas vistas e ocultas. Rotulaxe. Escalas.<br>▪ B2.9. Perspectiva cónica central.<br>▪ B2.10. Perspectiva cónica oblicua. | ▪ B2.2. Diferenciar e utilizar os sistemas de representación gráfica, recoñecendo a utilidade do debuxo de representación obxectiva no ámbito das artes, a arquitectura, o deseño e a enxeñaría. | ▪ EPVAB2.2.1. Visualiza formas tridimensionais definidas polas súas vistas principais. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EPVAB2.2.2. Debuxa as vistas (alzado, planta e perfil) de figuras tridimensionais sinxelas. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EPVAB2.2.3. Debuxa perspectivas de formas tridimensionais, utilizando e seleccionando o sistema de representación máis axeitado. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EPVAB2.2.4. Realiza perspectivas cónicas frontais e oblicuas, elixindo o punto de vista máis adecuado. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | ▪ B2.11. Análise das posibilidades da posición do punto de vista. | | | |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ i<br>▪ o | ▪ B2.12. Debuxo asistido por computador. Trazado de pezas planas e tridimensionais sinxelas. | ▪ B2.3. Utilizar programas de debuxo por computador para construír trazados xeométricos e pezas sinxelas nos sistemas de representación. | ▪ EPVAB2.3.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de deseños xeométricos sinxelos. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| | Bloque 3. Fundamentos do deseño | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ f<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B3.1. Análise das linguaxes visuais cotiás (arte, deseño, publicidade, etc.).<br>▪ B3. 2. Fases do proceso de deseño.<br>▪ B3.3. Análise da estética e a funcionalidade do deseño industrial de obxectos.<br>▪ B3.4. Análise da estética e funcionalidade do feísmo arquitectónico. | ▪ B3.1. Percibir e interpretar criticamente as imaxes e as formas do seu ámbito cultural, con sensibilidade cara ás súas calidades plásticas, estéticas e funcionais, e apreciando o proceso de creación artística, en obras propias e alleas, e distinguir e valorar as súas fases. | ▪ EPVAB3.1.1. Coñece os elementos e as finalidades da comunicación visual. | ▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ EPVAB3.1.2. Observa e analiza os obxectos do contorno na súa vertente estética, de funcionalidade e de utilidade, utilizando a linguaxe visual e verbal. | ▪ CCEC |
| ▪ c<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i | ▪ B3.5. Campos de aplicación do deseño. | ▪ B3.2. Identificar os elementos que forman a estrutura da linguaxe do deseño. | ▪ EPVAB3 2.1. Identifica e clasifica obxectos en función da familia ou a rama do deseño. | ▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ i | ▪ B3.6. Deseño de composicións modulares utilizando trazados xeométricos.<br>▪ B3.7. Compoñentes da imaxe corporativa: nome, cor, tipografía, logotipo, deseño, etc.<br>▪ B3.8. Secuenciación e elaboración de proxectos creativos adaptados ás áreas do deseño. | ▪ B3.3. Realizar composicións creativas que evidencien as calidades técnicas e expresivas da linguaxe do deseño adaptándoas ás áreas, e valorando o traballo en equipo para a creación de ideas orixinais. | ▪ EPVAB3.3.1. Realiza distintos tipos de deseño e composicións modulares utilizando as formas xeométricas básicas, estudando a organización do plano e do espazo. | ▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ EPVAB3.3.2. Coñece e planifica as fases de realización da imaxe corporativa dunha empresa. | ▪ CSIEE<br>▪ CCEC |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | ▪ B3.9. Informática ao servizo dos proxectos de deseño.<br>▪ B3.10. Planificación dun proxecto artístico. | | ▪ EPVAB3.3.3. Realiza composicións creativas e funcionais adaptándoas ás áreas do deseño, valorando o traballo organizado e secuenciado na realización de calquera proxecto, así como a exactitude, a orde e a limpeza nas representacións gráficas. | ▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ EPVAB3.3.4. Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación para levar a cabo os seus propios proxectos artísticos de deseño. | ▪ CD<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ EPVAB3.3.5. Planifica os pasos na realización de proxectos artísticos e respecta o realizado por compañeiros e compañeiras. | ▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| | Bloque 4. Linguaxe audiovisual e multimedia | | | |
| ▪ a<br>▪ h<br>▪ n<br>▪ ñ | ▪ B4.1. Tipos de planos cinematográficos. Análise dos factores expresivos e a súa simboloxía.<br>▪ B4.2. Realización dun storyboard. | ▪ B4.1. Identificar os elementos que forman a estrutura narrativa e expresiva básica da linguaxe audiovisual e multimedia, e describir correctamente os pasos necesarios para a produción dunha mensaxe audiovisual, e valorando o labor de equipo. | ▪ EPVAB4.1.1. Analiza os tipos de plano que aparecen en películas cinematográficas, valorando os seus factores expresivos. | ▪ CD<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ EPVAB4.1.2. Realiza un storyboard a modo de guión para a secuencia dunha película. | ▪ CSIEE |
| ▪ e<br>▪ l<br>▪ n<br>▪ o | ▪ B4.3. Estudo de planos, angulacións e movementos de cámara no cine.<br>▪ B4.4. Criterios estéticos na elaboración de fotografías.<br>▪ B4.5. Finalidade expresiva das ima- | ▪ B4.2. Recoñecer os elementos que integran as linguaxes audiovisuais e as súas finalidades | ▪ EPVAB4.2.1. Ve películas cinematográficas nas que identifica e analiza os planos, as angulacións e os movementos de cámara. | ▪ CD<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ EPVAB.4.2.2. Analiza e realiza | ▪ CD |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



| | Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | xes fotoxornalísticas. | | fotografías, tendo en conta criterios estéticos. | ▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ EPVAB4.2.3. Compila imaxes de prensa e analiza as súas finalidades. | ▪ CD<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B4.6. Creación dixital de imaxes.<br>▪ B4.7. Deseño dun proxecto publicitario.<br>▪ B4.8. Desenvolvemento dun proxecto persoal. | ▪ B4.3. Realizar composicións creativas a partir de códigos utilizados en cada linguaxe audiovisual, amosando interese polos avances tecnolóxicos vinculados a estas linguaxes. | ▪ EPVAB4.3.1. Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador. | ▪ CD<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ EPVAB4.3.2. Proxecta un deseño publicitario utilizando os elementos da linguaxe gráfico-plástica. | ▪ CD<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ EPVAB4.3.3. Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ f<br>▪ h<br>▪ n<br>▪ o | ▪ B4.9. Análise crítica da linguaxe publicitaria. | ▪ B4.4. Amosar unha actitude crítica ante as necesidades de consumo creadas pola publicidade, rexeitando os elementos desta que supoñan discriminación sexual, social ou racial. | ▪ EPVAB4.4.1. Analiza elementos publicitarios cunha actitude crítica desde o coñecemento dos elementos que os compoñen. | ▪ CD<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia
DOG Diario Oficial de Galicia

## Filosofía

### Introdución

A materia de Filosofía de cuarto curso de ESO ten como unha das súas finalidades contribuír a dotar o alumnado dunha capacidade básica de comprensión. Esta capacidade, arrancando da propia experiencia humana, das vivencias, das inquedanzas e dos interrogantes que ela mesma suscita, debe catapultar o alumnado ao limiar dunha capacidade de crítica, de argumentación e síntese que, ademais da súa exemplificación filosófica, poida servirlle para desenvolverse como persoa e como cidadán ou cidadá, entendendo a radicalidade do saber filosófico como ferramenta de transformación e cambio.

A comprensión de si mesmo/a e do mundo en que se vive, sen esquecer a súa vertente histórica, responde á dimensión teórica da filosofía como "preguntar radical" mediante a procura e tratamento dos grandes interrogantes filosóficos. Xunto a iso, a materia debe proxectar unha dimensión práctica, incidindo basicamente no fomento dunha actitude reflexiva e crítica que non acepte nada preconcibido, e dunha capacidade de pensar que, a través da mediación dialóxica, sexa capaz de argumentar de forma coherente e lóxica. O alumnado, deste xeito, deberá integrar coherentemente as súas ideas e as súas crenzas, someténdoas á crítica e á visión doutras persoas para ser quen de alcanzar un pensamento autónomo que integre os seus coñecementos e os seus valores, comprendendo a particularidade da filosofía como saber radical e global.

Con este tratamento, que permite integrar nunha visión de conxunto a gran diversidade de saberes, capacidades e valores, a filosofía eríxese nunha ferramenta moi interesante para contribuír ao logro das máis importantes expectativas descritas nas competencias clave. É patente que as competencias clave deben estar perfectamente integradas nas propostas curriculares das áreas e materias, para desenvolver, de forma coherente e precisa, os resultados da aprendizaxe que o alumnado debe conseguir. Neste sentido, esta materia, dentro da implicación das competencias clave no sistema educativo español, pode contribuír a desenvolver especialmente as seguintes competencias: comunicación lingüística, aprender a aprender, competencias sociais e cívicas, e conciencia e expresións culturais. Cómpre valorarse que, dun xeito nomeadamente salientable, a materia no seu conxunto debe motivar o alumnado para aprender a aprender, competencia basal para a adquisición do amor ao saber, o que constitúe un eixe paradigmático para afrontar a vida e o mundo, dotando o alumno ou a alumna de valiosos apeiros para, desde a iniciativa persoal, formalo como persoa.

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



Unha metodoloxía centrada e fundamentada nas competencias clave debe supor novos retos e, especialmente, importantes cambios na forma de entender a concepción do proceso de ensino e aprendizaxe, así como cambios na propia cultura escolar en xeral. Non só se fai necesaria unha estreita vinculación do profesorado no desenvolvemento curricular senón tamén transcendentes cambios nas prácticas de traballo e nos métodos de ensino. A avaliación das competencias require o concurso de estratexias e instrumentos para avaliar o alumnado de acordo cos seus desempeños na resolución de problemas que simulen contextos reais, mobilizando os seus coñecementos, as destrezas, os valores e as actitudes. E cómpre non esquecer, desde logo, a flexibilidade e a variabilidade nos procedementos de avaliación como parte inherente ao entendemento da avaliación como parte integral do proceso de ensino e aprendizaxe e, ao cabo, como un utensilio clave para mellorar a calidade da educación. Neste sentido, estratexias como a autoavaliación, a avaliación entre iguais ou a coavaliación favorecen a aprendizaxe desde a reflexión activa e desde a posta en práctica das dificultades e as fortalezas do alumnado, tendo o conta o horizonte de participación dos compañeiros e das compañeiras, e desde a colaboración do profesorado na regulación do proceso de ensino e aprendizaxe.

A materia estrutúrase en seis bloques: "A filosofía", "Identidade persoal", "Socialización", "Pensamento", "Realidade e metafísica" e "Transformación". Pode entenderse, dun xeito escolar, que estes bloques representan globalmente un equilibrio, xa que tres deles responden a unha dimensión marcadamente teórica (filosofía, pensamento, realidade e metafísica), mentres os outros tres acentúan máis a vertente práctica da reflexión filosófica (identidade persoal, socialización e transformación). Co desenvolvemento destes bloques o alumnado debe ser quen, a través da internalización, a asimilación e a consecución das competencias clave, de adquirir unhas destrezas teórico-prácticas basais para o avance e a mellora no eido persoal e na interacción social, adquirindo, ao tempo, unha visión filosófica e cultural en xeral.

4º de ESO

| | Filosofía. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. A filosofía | | | |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B1.1. Conceptos do bloque "A filosofía": filosofía, mito, logos, saber, opinión, abstracto, concreto, razón, | ▪ B1.1. Comprender o que é a reflexión filosófica, diferenciándoa doutros tipos de saberes que estudan | ▪ FIB1.1.1. Define e utiliza conceptos como filosofía, mito, logos, saber, opinión, abstracto, concreto, | ▪ CAA |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Filosofía. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ f<br>▪ h | sentidos, arché, causa, monismo, dualismo, pluralismo, substancia, prexuízo, etc.<br>▪ B1.2. Modos de pensar: coñecer, opinar, argumentar, interpretar, razoar, analizar, criticar, descubrir, crear. | aspectos concretos da realidade e do individuo. | razón, sentidos, arché, causa, monismo, dualismo, pluralismo, substancia ou prexuízo, e elabora un glosario con eles. | |
| | | | ▪ FIB1.1.2. Distingue entre, coñecer, opinar, argumentar, interpretar, razoar, analizar, criticar, descubrir e crear. | ▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B1.3. Explicación racional (logos) e mitolóxica (mito).<br>▪ B1.4. Comparativa de textos míticos e racionais ao respecto da cosmoxénese e a antropoxénese. | ▪ B1.2. Coñecer a orixe da filosofía occidental (onde, cando e por que xorde), distinguíndoa dos saberes prerracionais, o mito e a maxia, en tanto que saber práctico, e comparándoa con algunhas características xerais das filosofías orientais. | ▪ FIB1.2.1. Explica as diferenzas entre a explicación racional e a mitolóxica, en comparación tamén con algunhas características xerais das filosofías orientais. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ FIB1.2.2. Le textos interpretativos e descritivos da formación do Cosmos e o ser humano, pertencentes ao campo mitolóxico e ao campo racional, e extrae semellanzas e diferenzas nas formulacións. | ▪ CCL |
| ▪ h<br>▪ l | ▪ B1.5. A pregunta polo arché nos presocráticos: solucións de Heráclito, Parménides e Demócrito. | ▪ B1.3. Identificar o primeiro interrogante filosófico da filosofía grega, a pregunta pola orixe, e coñecer as primeiras respostas dadas polos primeiros pensadores gregos. | ▪ FIB1.3.1. Describe as primeiras respostas presocráticas á pregunta polo arché, coñece os seus autores e reflexiona por escrito sobre as solucións de interpretación da realidade expostas por Heráclito, Parménides e Demócrito. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B1.6. O individuo e a polis en Sócrates e en Protágoras. | ▪ B1.4. Coñecer o xiro antropolóxico da filosofía no século V a.C., explicando algunhas das ideas centrais de Sócrates e de Protágoras, e reflexionando sobre a aplicación prác- | ▪ FIB1.4.1. Compara a interpretación do ser humano e a sociedade defendida por Sócrates coa exposta por Protágoras, e argumenta a súa propia postura. | ▪ CSC |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



| | Filosofía. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | tica da filosofía respecto ao individuo e a sociedade en que vive. | | |
| ▪ g<br>▪ h | ▪ B1.7. A necesidade de dar sentido como consubstancial ao ser humano. | ▪ B1.5. Reflexionar e argumentar, de xeito escrita e oral, sobre o interese, especificamente humano, por entenderse a si mesmo e o que o rodea. | ▪ FIB1.5.1. Realiza pequenos ensaios, argumentando as súas opinións de xeito razoado, no que pretenda dar sentido a algún conxunto de experiencias. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ h<br>▪ l | ▪ B1.8. Funcións da filosofía nas súas vertentes teórica e práctica. | ▪ B1.6. Recoñecer as funcións da filosofía en tanto que saber crítico que aspira a fundamentar, analizar e argumentar sobre os problemas últimos da realidade, desde unha vertente tanto teórica como práctica. | ▪ FIB1.6.1. Diserta sobre as posibilidades da filosofía segundo as súas funcionalidades. | ▪ CCL |
| | Bloque 2. Identidade persoal | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ h | ▪ B2.1.Conceptos do bloque "Identidade persoal": personalidade, temperamento, carácter, conciencia, inconsciencia, condutismo, cognitivismo, psicoloxía humanística, psicanálise, etc. | ▪ B2.1. Comprender a profundidade da pregunta "quen son?", coñecendo algunhas respostas dadas desde a psicoloxía e a filosofía, reflexionar e valorar a importancia de coñecerse a si mesmo/a, e expresalo por escrito. | ▪ FIB2.1.1. Define e utiliza conceptos como personalidade, temperamento, carácter, conciencia, inconsciencia, condutismo, cognitivismo, psicoloxía humanística, psicanálise, e elabora un glosario con eses termos. | ▪ CCL |
| ▪ h | ▪ B2.2. A personalidade. | ▪ B2.2. Definir o que é a personalidade, así como os principais conceptos relacionados con ela. | ▪ FIB2.2.1. Define e caracteriza o que é a personalidade. | ▪ CCL |
| ▪ h | ▪ B2.3. Teorías sobre a personalidade | ▪ B2.3. Coñecer e explicar as teses centrais dalgunhas teorías sobre a personalidade. | ▪ FIB2.3.1. Coñece as teses fundamentais sobre a personalidade e argumenta sobre iso. | ▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d | ▪ B2.4. Etapas do desenvolvemento da identidade persoal. Tipos de personalidade. | ▪ B2.4. Recoñecer as etapas do desenvolvemento da identidade persoal, reflexionando sobre os factores | ▪ FIB2.4.1. Le textos literarios nos que se analiza a personalidade dos personaxes, identifica os tra- | ▪ CAA<br>▪ CCL |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Filosofía. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ g<br>▪ h | | que determinan o éxito e o fracaso, e achega a propia opinión razoada sobre estes dous conceptos. | zos e os tipos de personalidade, e reflexiona por escrito sobre a temática. | |
| ▪ l | ▪ B2.5. O inconsciente na psicanálise. | ▪ B2.5. Analizar que se entende por inconsciente no marco do pensamento da psicanálise. | ▪ FIB2.5.1. Analiza que se entende por inconsciente. | ▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ n | ▪ B2.6. O innato e o adquirido na formación da personalidade. | ▪ B2.6. Reflexionar por escrito e dialogar en grupo sobre a posible incidencia que a herdanza xenética e o adquirido teñen na formación da personalidade. | ▪ FIB2.6.1. Le e analiza textos filosóficos, literarios ou científicos cuxo punto de reflexión sexa a herdanza adquirida na formación da personalidade, incidindo no autocoñecemento. | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ g | ▪ B2.7. A filosofía da mente e a neurociencia. | ▪ B2.7. Investigar en internet en que consiste a filosofía da mente e a neurociencia, e seleccionar a información máis significativa. | ▪ FIB2.7.1. Investiga e selecciona información significativa sobre conceptos fundamentais de filosofía da mente. | ▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ d<br>▪ h | ▪ B2.8. A motivación e os conceptos asociados: emoción, sentimento, necesidades primarias e secundarias, autorrealización, vida afectiva e frustración. | ▪ B2.8. Identificar a función e a importancia da motivación como factor enerxético e direccional da vida humana nas súas múltiples dimensións. | ▪ FIB2.8.1. Define e utiliza con rigor conceptos como motivación, emoción, sentimento, necesidades primarias e secundarias, autorrealización, vida afectiva e frustración. | ▪ CCL |
| ▪ d | ▪ B2.9. A motivación desde a teoría cognitiva: coñecemento e motivación. | ▪ B2.9. Recoñecer, no marco da teoría cognitiva, o valor do coñecemento como elemento motivador da conduta humana, reflexionando sobre a consideración do ser humano como animal racional. | ▪ FIB2.9.1. Explica as teses máis importantes da teoría cognitiva acerca do coñecemento e a motivación. | ▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ h | ▪ B2.10. Teoría humanística sobre a motivación. Diferenzas coa teoría cognitivista. | ▪ B2.10. Explicar as ideas centrais da teoría humanística sobre a motivación, reflexionando sobre o carácter da motivación como elemento distin- | ▪ FIB2.10.1. Explica as ideas centrais da teoría humanística sobre a motivación e expresa a súa opinión razoada ao respecto. | ▪ CAA<br>▪ CCL |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|
| | | Filosofía. 4º de ESO | | |
| | | tivo do ser humano fronte ao simplemente animal. | ▪ FIB2.10.2. Explica e compara a visión sobre a motivación da teoría cognitivista e a da teoría humanística sobre a motivación. | ▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ h | ▪ B2.11. Condición afectiva humana<br>▪ B2.12. Impulsos, emocións e sentimentos.<br>▪ B2.13. Papel do corpo na afectividade | ▪ B2.11. Coñecer a condición afectiva do ser humano, distinguindo entre impulsos, emocións e sentimentos, e recoñecendo o papel do corpo na posibilidade de manifestación do afectivo. | ▪ FIB2.11.1. Analiza e argumenta sobre textos breves e significativos de autores salientables sobre as emocións, e argumenta por escrito as propias opinións. | ▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ h<br>▪ m | ▪ B2.14. Incidencia na conduta das emocións: frustración, desexo e amor. | ▪ B2.12. Valorar a importancia da relación entre a motivación e o afectivo para dirixir a conduta humana en diferentes direccións e con distinta intensidade. | ▪ FIB2.12.1. Analiza textos e diserta sobre a incidencia das emocións, como a frustración, o desexo ou o amor, entre outras, na conduta humana. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.15. Incidencia na conduta das emocións: A curiosidade e o pracer de aprender, o desexo de lograr obxectivos, a satisfacción pola resolución de problemas, o agrado polo recoñecemento de éxito e a compracencia polo estímulo de iniciativas | ▪ B2.13. Reflexionar e argumentar sobre a importancia da motivación e das emocións, como a curiosidade e o pracer de aprender, o desexo de lograr obxectivos, a satisfacción pola resolución de problemas, o agrado polo recoñecemento de éxito, a compracencia polo estímulo de iniciativas, etc. | ▪ FIB2.13.1. Argumenta sobre o papel das emocións para estimular a aprendizaxe, o rendemento, o logro de obxectivos e a resolución de problemas, entre outros procesos. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.16. As emocións como estímulo da iniciativa, a autonomía e o emprendemento. | ▪ B2.14. Reflexionar sobre o papel das emocións como ferramenta para ser emprendedor/a e creativo/A. | ▪ FIB2.14.1. Analiza textos en que se describe o papel das emocións como estímulo da iniciativa, a autonomía e o emprendemento. | ▪ CCL<br>▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g | ▪ B2.17. O ser humano como centro das múltiples perspectivas que se integran no saber orixinario que é a filosofía. | ▪ B2.15. Coñecer, desde a historia da filosofía, algunhas das reflexións sobre aspectos que caracterizan o ser humano en canto tal, valorando a | ▪ FIB2.15.1. Desenvolve de forma colaborativa un glosario para publicar en internet, coa terminoloxía filosófica da unidade. | ▪ CD<br>▪ CSC |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

DOG Diario Oficial de Galicia

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Filosofía. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ h | | función da filosofía como saber orixinario e integrador de múltiples perspectivas cuxo centro común é a persoa. | | |
| ▪ h<br>▪ l | ▪ B2.18. Teorías sobre a alma de Platón e de Aristóteles, e relación nelas entre alma, corpo e afectos. | ▪ B2.16. Explicar as teorías da alma de Platón e de Aristótoles, reflexionando sobre a consideración e a relación entre a alma, o corpo e os afectos, que se analizan nesas teorías. | ▪ FIB2.16.1. Explica a teoría da alma de Platón. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ FIB2.16.2. Explica a teoría da alma de Aristóteles. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ FIB2.16.3. Argumenta a súa opinión sobre a relación entre o corpo e a mente ou alma. | ▪ CAA |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B2.19. A introspección en Agostiño de Hipona. | ▪ B2.17. Coñecer a importancia da introspección sinalada por Agostiño de Hipona, como método de autocoñecemento e de formación da propia identidade. | ▪ FIB2.17.1. Explica o que é a introspección segundo Agostiño de Hipona, utilizando este tipo de pensamento en primeira persoa para describirse a si mesmo/a. | ▪ CAA |
| ▪ h<br>▪ l | ▪ B2.20. O cogito de Descartes<br>▪ B2.21. O home-máquina dos materialistas franceses do século XVIII. | ▪ B2.18. Describir e comparar a concepción cartesiana do papel do pensamento como aspecto que define o individuo, fronte ás concepcións materialistas e mecanicistas do home-máquina no materialismo francés do século XVIII. | ▪ FIB2.18.1. Expón o significado da tese de Descartes "Penso, logo existo". | ▪ CCEC |
| | | | ▪ FIB2.18.2. Expón as súas reflexións sobre as implicacións do materialismo na súa descrición do ser humano. | ▪ CCEC<br>▪ CSC |
| ▪ h | ▪ B2.22. A vontade como elemento definitorio do humano. | ▪ B2.19. Coñecer a importancia da facultade da vontade como elemento definitorio do humano. | ▪ FIB2.19.1. Explica o que é a vontade. | ▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ h | ▪ B2.23. Reflexión filosófica sobre a afectividade. | ▪ B2.20. Expresar algunha das consideracións filosóficas sobre o afectivo. | ▪ FIB2.20.1. Argumenta, desde o plano filosófico, sobre o papel das emocións na consideración do ser | ▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Filosofía. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | humano en canto tal. | |
| ▪ g<br>▪ h | ▪ B2.24. O ser humano como proxecto. | ▪ B2.21. Recoñecer as implicacións filosóficas da idea do home como proxecto. | ▪ FIB2.21.1. Expresa e desenvolve a idea de home como proxecto. | ▪ CCL<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 3. Socialización | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B3.1. Conceptos do bloque "Socialización": individualidade, alteridade, socialización, estado de natureza, dereitos naturais, contrato social, respecto, propiedade, Estado, lexitimación, institucionalización, rol, status, conflito e cambio social, globalización, etc. | ▪ B3.1. Identificar o "outro" tal como é na súa individualidade e, ao mesmo tempo, identificalo como un "alter ego" que comparte un espazo e unhas circunstancias comúns, dando lugar á intersubxectividade. | ▪ FIB3.1.1. Define e utiliza conceptos como individualidade, alteridade, socialización, estado de natureza, dereitos naturais, contrato social, respecto, propiedade, Estado, lexitimación, institucionalización, rol, status, conflito e cambio social, e globalización. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B3.2. Cultura e sociedade. Compoñentes socioculturais do ser humano. | ▪ B3.2. Recoñecer a dimensión social e cultural do ser humano, identificando e distinguindo os conceptos de cultura e de sociedade. | ▪ FIB3.2.1. Define e explica o significado dos conceptos de cultura e de sociedade, facendo referencia aos compoñentes socioculturais que hai no ser humano. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ l<br>▪ ñ<br>▪ o | ▪ B3.3. Contidos culturais: institucións, ideas, crenzas, valores, obxectos materiais, etc.<br>▪ B3.4. Niveis biolóxico, afectivo e cognitivo na internalización da cultura. | ▪ B3.3. Identificar o proceso de construción, os elementos e a lexitimación dunha cultura, valorando esta non só como ferramenta de adaptación ao medio, senón como ferramenta para a transformación e a autosuperación. | ▪ FIB3.3.1. Expresa algúns dos principais contidos culturais, como son as institucións, as ideas, as crenzas, os valores, os obxectos materiais, etc. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ FIB3.3.2. Coñece os niveis aos que se realiza a internalización dos contidos culturais dunha sociedade; é dicir, a nivel biolóxico, afectivo e cognitivo. | ▪ CAA<br>▪ CCEC |
| ▪ d<br>▪ h | ▪ B3.5. Elementos do proceso de socialización: socialización primaria | ▪ B3.4. Coñecer os elementos do proceso de socialización e relaciona- | ▪ FIB3.4.1. Describe a socialización primaria e secundaria. | ▪ CSC |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



DOG Diario Oficial de Galicia

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Filosofía. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | e secundaria. | los coa propia personalidade. | | |
| ▪ a<br>▪ h | ▪ B3.6. Teses fundamentais sobre a orixe da sociedade e o Estado. | ▪ B3.5. Coñecer as teorías sobre a orixe da sociedade e reflexionar de forma escrita sobre elas, argumentando as propias opinións ao respecto. | ▪ FIB3.5.1. Explica as teses fundamentais sobre a orixe da sociedade e o Estado. | ▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ l | ▪ B3.7. A civilización. Diferenza entre civilización e cultura. Oriente e Occidente. | ▪ B3.6. Comprender o sentido do concepto de civilización, relacionando as súas semellanzas e diferenzas co concepto de cultura. | ▪ FIB3.6.1. Explica o que é unha civilización e pon exemplos fundamentados, e investiga e reflexiona sobre as semellanzas e as diferenzas entre oriente e occidente. | ▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CSC |
| ▪ e<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B3.8. Comunicación. Comunicación non verbal.<br>▪ B3.9. A comunicación na época das tecnoloxías da información e da comunicación. | ▪ B3.7. Definir o que é a comunicación, analizando as formas de comunicación non verbal, e a incidencia das novas tecnoloxías da información e da comunicación. | ▪ FIB3.7.1. Explica o que é a comunicación e reflexiona sobre as vantaxes e os inconvenientes cando a ferramenta para ela son as novas tecnoloxías. | ▪ CD |
| ▪ a<br>▪ g<br>▪ l | ▪ B3.10. O individuo como capaz de innovar e crear cambios culturais. | ▪ B3.8. Reflexionar sobre o posible papel activo dun/dunha mesmo/a na construción da cultura e, en canto tal, identificarse como ser creativo e innovador, capaz de xerar elementos culturais. | ▪ FIB3.8.1. Reflexiona por escrito sobre o papel activo dun/dunha mesmo/a no seu contexto sociocultural, como ser capaz de innovar e xerar cambios culturais. | ▪ CCL<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ ñ<br>▪ o | ▪ B3.11. Diferenzas culturais. Relativismo cultural e etnocentrismo. | ▪ B3.9. Reflexionar e indagar sobre o relativismo cultural e o etnocentrismo. | ▪ FIB3.9.1. Coñece o relativismo cultural e o etnocentrismo, e reflexiona sobre eles, expresando conclusións propias e achegando exemplos con feitos investigados e contrastados en internet. | ▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD |

DOG Diario Oficial de Galicia
DOG Núm. 120 Luns, 29 de xuño de 2015 Páx. 26544

| | Filosofía. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 4. Pensamento | | | |
| ▪ b<br>▪ h | ▪ B4.1. Conceptos do bloque "Pensamento": razón, sentidos, experiencia, abstracción, universalidade, sistematicidade, racionalismo, dogmatismo, empirismo, límite, intelixencia, intelixencia emocional, certeza e erro.<br>▪ B4.2. Características da racionalidade humana. | ▪ B4.1. Comprender a facultade racional como específica do ser humano e as súas implicacións, analizando en que consiste a racionalidade e cales son as súas características. | ▪ FIB4.1.1. Define e utiliza conceptos como razón, sentidos, experiencia, abstracción, universalidade, sistematicidade, racionalismo, dogmatismo, empirismo, límite, intelixencia, intelixencia emocional, certeza e erro. | ▪ CCL |
| | | | ▪ FIB4.1.2. Explica o que é a racionalidade e describe algunhas das súas características. | ▪ CCL |
| ▪ h<br>▪ l | ▪ B4.3. Posibilidades e límites da razón. | ▪ B4.2. Explicar as teses básicas dalgunhas concepcións filosóficas sobre as posibilidades e os límites da razón. | ▪ FIB4.2.1. Explica a concepción sobre as posibilidades da razón. | ▪ CCL |
| ▪ f | ▪ B4.4. Racionalidade teórica e racionalidade práctica. Teoría e experiencia. | ▪ B4.3. Distinguir a racionalidade teórica da racionalidade práctica, así como teoría e experiencia. | ▪ FIB4.3.1. Identifica as dúas posibilidades de aplicación da racionalidade: teórica e práctica. | ▪ CAA<br>▪ CCEC |
| ▪ d<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B4.5. Concepcións contemporáneas sobre a intelixencia.<br>▪ B4.6. Teoría da intelixencia emocional. | ▪ B4.4. Coñecer a concepción contemporánea sobre a intelixencia, incidindo na teoría da intelixencia emocional de Daniel Goleman. | ▪ FIB4.4.1. Explica as teses centrais da teoría da intelixencia emocional. | ▪ CSC |
| | | | ▪ FIB4.4.2. Argumenta sobre a relación entre a razón e as emocións. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ b<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B4.7. A verdade e os seus tipos: a verdade como correspondencia; a verdade segundo o pragmatismo americano; a verdade desde o perspectivismo e o consenso.<br>▪ B4.8. Papel do erro na procura da | ▪ B4.5. Comprender algúns dos principais tipos de verdade (a verdade como correspondencia; a verdade segundo o pragmatismo americano; a verdade desde o perspectivismo e o consenso) e reflexionar sobre a | ▪ FIB4.5.1. Define algúns tipos de verdade, como son a verdade como correspondencia, a verdade segundo o pragmatismo americano e a verdade desde o perspectivismo. | ▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



DOG Diario Oficial de Galicia

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Filosofía. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | verdade. O erro como oportunidade. | posibilidade de alcanzar a verdade absoluta. | ▪ FIB4.5.2. Reflexiona sobre a parte positiva de equivocarse e a importancia do erro como posibilidade de procura de novas estratexias e solucións. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 5. Realidade e metafísica | | | |
| ▪ h<br>▪ l | ▪ B5.1. Conceptos do bloque "Realidade e metafísica": metafísica, realidade, pregunta radical, esencia, natureza, cosmos, caos, creación, finalismo, continxente, mecanicismo e determinismo.<br>▪ B5.2. Metafísica: o seu obxecto e o seu método. | ▪ B5.1. Coñecer o significado do termo "metafísica", comprendendo que é a principal disciplina das que compoñen a filosofía, identificando o seu obxectivo fundamental, consistente en realizar preguntas radicais sobre a realidade, e entendendo en que consiste o "preguntar radical". | ▪ FIB5.1.1. Define e utiliza conceptos como metafísica, realidade, pregunta radical, esencia, natureza, cosmos, caos, creación, finalismo, continxente, mecanicismo e determinismo. | ▪ CCL |
| | | | ▪ FIB5.1.2. Define o que é a metafísica, o seu obxecto de coñecemento e o seu modo característico de preguntar sobre a realidade. | ▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B5.3. A natureza como esencia e como totalidade: o Universo.<br>▪ B5.4. Orixe do Universo. Eternidade ou creación.<br>▪ B5.5. Respostas á pregunta pola finalidade do Universo.<br>▪ B5.6. Respostas á pregunta sobre o posto do ser humano no Universo. | ▪ B5.2. Comprender unha das principais respostas á pregunta acerca do que é a natureza e identificar esta non só como a esencia de cada ser, senón ademais como o conxunto de todas as cousas que hai, e coñecer algunhas das grandes preguntas metafísicas acerca da natureza: a orixe e a finalidade do Universo, a orde que rexe a natureza, se é que a hai, e o posto do ser humano no Cosmos, reflexionando sobre as implicacións filosóficas de cada unha destas cuestións. | ▪ FIB5.2.1. Expresa as dúas posibles respostas á pregunta pola orixe do Universo (é eterno ou foi creado), e expón as súas reflexións sobre as implicacións relixiosas e filosóficas de ambas as dúas. | ▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ FIB5.2.2. Expón as dúas posturas sobre a cuestión acerca de se o Universo ten unha finalidade, unha dirección, ou se non a ten, e argumenta filosoficamente a súa opinión ao respecto. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ FIB5.2.3. Analiza textos cuxo punto de reflexión é a realidade física | ▪ CCL |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



DOG Diario Oficial de Galicia

| | Filosofía. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | que nos rodea e os interrogantes filosóficos que suscita. | |
| ▪ f<br>▪ h | ▪ B5.7. Determinismo e Indeterminismo. Teoría do caos. | ▪ B5.3. Coñecer as implicacións filosóficas da teoría do caos, comprendendo a importancia de sinalar se a natureza se rexe por leis deterministas ou se rexe polo azar cuántico, e argumentar a propia opinión sobre como afecta esta resposta de cara á comprensión da conduta humana. | ▪ FIB5.3.1. Define o que é o determinismo e o indeterminismo, no marco da reflexión sobre se existe unha orde no Universo rexida por leis. | ▪ CMCCT |
| ▪ f<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B5.8. Sentido da existencia. Vida e morte.<br>▪ B5.9. Sentido da historia.<br>▪ B5.10. Lugar do ser humano no mundo. | ▪ B5.4. Reflexionar sobre a interrogación polo sentido da existencia, explicando as teses centrais dalgunhas teorías filosóficas da vida, e disertar razoadamente sobre a vida ou a morte, ou o devir histórico, ou o lugar do individuo na realidade, entre outras cuestións metafísicas. | ▪ FIB5.4.1. Coñece as teses centrais do vitalismo de filósofos/as que reflexionan sobre a vida. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ FIB5.4.2. Analiza textos literarios, filosóficos e científicos que versan sobre temas metafísicos como a existencia, a morte, o devir histórico ou o lugar do individuo na realidade, e expón as súas propias reflexións ao respecto. | ▪ CCL |
| | Bloque 6. Transformación | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B6.1. Conceptos do bloque "Transformación-ética": vontade, liberdade negativa, liberdade positiva, autodeterminación, libre albedrío, determinismo, indeterminismo e condicionamento. | ▪ B6.1. Coñecer os dous significados do concepto de liberdade de acción (liberdade negativa e liberdade positiva), e aplicalos tanto no ámbito da sociedade política como no terreo da vida privada ou a liberdade interior. | ▪ FIB6.1.1. Define e utiliza conceptos como vontade, liberdade negativa, liberdade positiva, autodeterminación, libre albedrío, determinismo, indeterminismo e condicionamento. | ▪ CSC |
| | | | ▪ FIB6.1.2. Analiza textos breves sobre o tema da liberdade, e argumenta a propia opinión. | ▪ CSC |

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



| | Filosofía. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ h | ▪ B6.2. Libre albedrío e vontade. | ▪ B6.2. Comprender o que é o libre albedrío ou a liberdade interior, en relación coa posibilidade de autodeterminación dun mesmo e coa facultade da vontade. | ▪ FIB6.2.1. Explica o que é o libre albedrío e a facultade humana da vontade. | ▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B6.3. Libre albedrío: condicionamentos sociais e políticos.<br>▪ B6.4. Libre albedrío: xenética e neurociencia. | ▪ B6.3. Reflexionar e argumentar sobre a relación entre a liberdade interior e a liberdade social e política. | ▪ FIB6.3.1. Expón as súas reflexións sobre a posibilidade de que exista ou non o libre albedrío, tendo en conta os avances no coñecemento da xenética e a neurociencia. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| ▪ h | ▪ B6.5. O libre albedrío e o determinismo na natureza. | ▪ B6.4. Coñecer a existencia de determinismo na natureza, analizando a posibilidade que ten o ser humano de ser libre, tendo en conta que é un ser natural e, en canto tal, sometido ás leis da natureza. | ▪ FIB6.4.1. Argumenta sobre as posibilidades do ser humano de actuar libremente, tendo en conta que é un ser natural. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ h<br>▪ l | ▪ B6.6. Posturas filosóficas sobre o libre albedrío: a do estoicismo, a de Kant e a intermedia, que avoga pola non existencia da liberdade absoluta. | ▪ B6.5. Recoñecer as tres posturas sobre o problema da liberdade absoluta ou condicionada: a tese estoica, a negación do sometemento da vontade ás leis naturais de Kant e a posición intermedia, que rexeita non a liberdade, senón a liberdade absoluta. | ▪ FIB6.5.1. Expresa diferentes posturas de filósofos en torno ao tema da liberdade. | ▪ CSC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ h | ▪ B6.7. Conceptos do bloque "Transformación-Estética": estética, creatividade, sinapse neuronal, imaxinación, pensamento diverxente, pensamento converxente e serendipia. | ▪ B6.6. Coñecer a estética como a parte da filosofía que estuda o proceso creativo, a experiencia estética e a beleza. | ▪ FIB6.6.1. Define e utiliza conceptos como estética, creatividade, sinapse neuronal, imaxinación, pensamento diverxente, pensamento converxente e serendipia. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| ▪ g<br>▪ h | ▪ B6.7. Imaxinación humana: características. | ▪ B6.7. Identificar o que é a imaxinación, en tanto que facultade específica do ser humano, explicando co- | ▪ FIB6.7.1. Le e comenta textos breves e significativos sobre o mecanismo de aparición de ideas no- | ▪ CAA<br>▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Filosofía. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | ▪ B6.8. Imaxinación: funcionamento e mecanismos de aparición de novas ideas. | mo funciona e cales son as súas características. | vas. | |
| | | | ▪ FIB6.7.2. Explica o que é a imaxinación e exemplifícaa mediante a redacción de relatos breves de temática filosófica. | ▪ CCL<br>▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ n | ▪ B6.9. Creatividade humana. | ▪ B6.8. Recoñecer a capacidade humana da creatividade, en tanto que potencialidade existente en todas as persoas e que se consegue adestrando o cerebro. | ▪ FIB6.8.1. Analiza textos de literatura fantástica, considerando os elementos especificamente creativos e reflexionando sobre eles. | ▪ CCL<br>▪ CSIEE |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ n | ▪ B6.10. Fases do proceso creativo. | ▪ B6.9. Coñecer as fases do proceso creativo e reflexionar sobre a importancia de que o pensamento diverxente imaxinativo e o pensamento lóxico e racional traballen xuntos. | ▪ FIB6.9.1. Explica as fases do proceso creativo. | ▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ n | ▪ B6.11. Principais técnicas de desenvolvemento da creatividade: revisión de supostos e inversión. | ▪ B6.10. Coñecer e aplicar algunhas técnicas de desenvolvemento da creatividade. | ▪ FIB6.10.1. Utiliza a técnica de desenvolvemento da creatividade coñecida como de revisión de supostos e inversión, e aplícaa sobre algunha teoría filosófica ou científica. | ▪ CAA |
| | | | ▪ FIB6.10.2. Explica as principais técnicas de desenvolvemento da creatividade. | ▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B6.12. Técnica do brainstorming. | ▪ B6.11. Utilizar a técnica do brainstorming para construír unha historia literaria con temática filosófica. | ▪ FIB6.11.1. Utiliza de forma colectiva a técnica do brainstorming para reflexionar sobre temas filosóficos tratados durante o curso. | ▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ b | ▪ B6.13. Relación entre liberdade e | ▪ B6.12. Valorar a liberdade como | ▪ FIB6.12.1. Argumenta sobre o | ▪ CCL |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



| | Filosofía. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ g<br>▪ h | creatividade. | condición básica para a creatividade innovadora, a conexión entre si das ideas preexistentes e a competitividade. | papel da liberdade como condición fundamental para a creación, e razoa a súa opinión. | ▪ CSC |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ n | ▪ B6.14. Elementos que potencian a creatividade: motivación, perseveranza, orixinalidade e medio. | ▪ B6.13. Coñecer as características das persoas especialmente creativas, como a motivación, a perseveranza, a orixinalidade e o medio, e investigar sobre como se poden potenciar esas calidades. | ▪ FIB6.13.1. Explica as características das persoas especialmente creativas e algunhas das formas en que pode potenciarse esta condición. | ▪ CCEC<br>▪ CSIEE |
| ▪ g | ▪ B6.15. Innovación e creación como asunción de riscos. | ▪ B6.14. Reflexionar argumentadamente sobre o sentido do risco e a súa relación para alcanzar solucións innovadoras e, xa que logo, a posibilidade de evolucionar. | ▪ FIB6.14.1. Argumenta sobre a importancia de asumir riscos e saír da chamada zona de confort para alcanzar metas e lograr resultados creativos e innovadores. | ▪ CSIEE |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

## Fundamentos de Administración e Xestión

### Introdución

A administración é un proceso consistente nas actividades de planeamento, organización, execución e control, desempeñadas para determinar e alcanzar os obxectivos sinalados co uso de recursos produtivos. Como ciencia trata de planificar e organizar as relacións entre as funcións, os niveis e as actividades, coa finalidade de lograr a máxima eficiencia dentro dos plan e os obxectivos sinalados pola empresa. Por xestión entendemos a realización de dilixencias enfocadas á obtención dalgún beneficio, empregando os recursos activos da empresa para o logro dos obxectivos Trátase, xa que logo, de estimular entre o alumnado as destrezas e as habilidades que permitan pór en marcha e manter un proxecto empresarial a través do estudo das variables que determinan a súa viabilidade.

Constitúe obxecto de estudo desta materia o conxunto de áreas e funcións nas que se divide a actividade da empresa, tanto no nivel de planificación e definición de obxectivos como no nivel de xestión diaria dos recursos e as actividades da empresa que permitan alcanzar o obxectivo de consolidación dun proxecto empresarial, todo isto enmarcado dentro da idea de fomentar o espírito emprendedor na educación secundaria.

Préstase especial atención ao desenvolvemento da creatividade e o espírito de innovación para resolver situacións en diferentes ámbitos, así como a relevancia de valorar e percibir o erro de xeito positivo. Incentívase a elaboración de reflexións persoais e a toma de decisións fundamentadas, con independencia do resultado final, promóvese o traballo en equipo, mantendo unha comunicación fluída entre as persoas autoras do proxecto compartido, e dáselle un especial impulso á utilización de ferramentas informáticas e audiovisuais que axuden á difusión efectiva do proxecto.

Serán desenvolvidas as capacidades e as habilidades propias da competencia clave de sentido da iniciativa e o espírito emprendedor, ademais de outras vinculadas coa comunicación lingüística, a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, a competencia dixital, as competencias sociais e cívicas, e a de aprender a aprender.

A materia estrutúrase en nove bloques: "Innovación empresarial. A idea de negocio: o proxecto de empresa", "A organización interna da empresa. Forma xurídica e recursos", "Documentación e trámites para a posta en marcha da empresa", "O plan de aprovisionamento", "Xestión comercial e márketing na empresa", "Xestión dos recursos humanos", "Xestión da contabilidade da empresa. Investimento e xestión financeira", "Viabilidade da empresa" e "Presentación da idea de negocio".

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



2º de bacharelato

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | Fundamentos de Administración e Xestión. 2º de bacharelato | | | |
| Obxectivos | | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Innovación empresarial. A idea de negocio: o proxecto de empresa | | | |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ m | ▪ B1.1. Innovación, desenvolvemento económico e creación de empresas.<br>▪ B1.2. Idea de negocio. | ▪ B1.1. Relacionar os factores da innovación empresarial coa actividade de creación de empresas. | ▪ FAXB1.1.1. Identifica os aspectos da innovación empresarial e explica a súa relevancia no desenvolvemento económico e na creación de emprego. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ FAXB1.1.2. Recoñece experiencias de innovación empresarial e analiza os elementos de risco que levan aparelladas. | ▪ CSIEE<br>▪ CAA |
| | | | ▪ FAXB1.1.3. Valora a importancia da tecnoloxía e de internet como factores clave de innovación e relaciona a innovación coa internacionalización da empresa. | ▪ CD<br>▪ CSIEE |
| ▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B1.3. Relación da empresa co contorno. Análise do sector. | ▪ B1.2. Analizar a información económica do sector de actividade empresarial no que se situará a empresa. | ▪ FAXB1.2.1. Analiza o sector empresarial onde se desenvolve a idea de negocio. | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ FAXB1.2.2. Realiza unha análise do mercado e da competencia para a idea de negocio seleccionada. | ▪ CSIEE<br>▪ CAA<br>▪ CD |
| ▪ b<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B1.4. Emprendedor e idea de negocio. | ▪ B1.3. Seleccionar unha idea de negocio, e valorar e argumentar tecnicamente a elección. | ▪ FAXB1.3.1. Explica desde diferentes perspectivas a figura do/da emprendedor/a de negocios. | ▪ CCL<br>▪ CSIEE<br>▪ CSC |
| | | | ▪ FAXB1.3.2. Avalía as repercu- | ▪ CSIEE |

| | Fundamentos de Administración e Xestión. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | siósns que supón elixir unha idea de negocio. | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ FAXB1.3.3. Analiza as vantaxes e os inconvenientes de propostas de ideas de negocio realizables. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ FAXB1.3.4. Expón os seus puntos de vista, mantén unha actitude proactiva e desenvolve iniciativa emprendedora. | ▪ CSIEE<br>▪ CCL |
| | | | ▪ FAXB1.3.5. Traballa en equipo mantendo unha comunicación fluída cos seus compañeiros e coas súas compañeiras para o desenvolvemento do proxecto de empresa. | ▪ CCL<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 2. A organización interna da empresa. Forma xurídica e recursos | | | |
| ▪ a<br>▪ g<br>▪ b<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B2.1. Planificación empresarial e obxectivos. Organización interna. Responsabilidade social da empresa.<br>▪ B2.2. Forma xurídica da empresa.<br>▪ B2.3. Dimensión e localización | ▪ B2.1. Analizar a organización interna da empresa, a forma xurídica, a localización e os recursos necesarios, e valorar as alternativas dispoñibles e os obxectivos marcados co proxecto. | ▪ FAXB2.1.1. Recoñece os obxectivos e os fins da empresa, e relaciónaos coa súa organización. | ▪ CSIEE<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ FAXB2.1.2. Reflexiona sobre o papel da responsabilidade social corporativa, e valora a existencia dunha ética dos negocios. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ FAXB2.1.3. Proporciona argumentos que xustifican a elección da forma xurídica e da localización da empresa. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ FAXB2.1.4. Interpreta a informa- | ▪ CSIEE |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Fundamentos de Administración e Xestión. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ción que proporciona o organigrama dunha empresa e a importancia da descrición de tarefas e funcións para cada posto de traballo. | ▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ FAXB2.1.5. Realiza unha previsión dos recursos necesarios para o desenvolvemento do proxecto de empresa. | ▪ CSIEE<br>▪ CAA |
| | Bloque 3. Documentación e trámites para a posta en marcha da empresa | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B3.1. Trámites para a creación e posta en marcha dunha empresa. | ▪ B3.1. Analizar os trámites legais e as actuacións necesarias para crear a empresa. | ▪ FAXB3.1.1. Identifica os diferentes trámites legais necesarios para a posta en marcha dun negocio e recoñece os organismos ante os cales han de presentarse os trámites. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m<br>▪ p | ▪ B3.1. Trámites para a creación e posta en marcha dunha empresa. | ▪ B3.2. Xestionar a documentación necesaria para a posta en marcha dunha empresa. | ▪ FAXB3.2.1. Interpreta e sabe realizar os trámites fiscais, laborais, de Seguridade Social e outros para a posta en marcha. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ FAXB3.2.2. Valora a necesidade do cumprimento dos prazos legais para efectuar os trámites de creación dun negocio. | ▪ CSC |
| | Bloque 4. O plan de aprovisionamento | | | |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ g | ▪ B4.1. Plan de aprovisionamento.<br>▪ B4.2. Xestión de inventarios. | ▪ B4.1. Establecer os obxectivos e as necesidades de aprovisionamento. | ▪ FAXB4.1.1. Deseña un plan de aprovisionamento da empresa. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



| | Fundamentos de Administración e Xestión. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ i<br>▪ l<br>▪ m | | | ▪ FAXB4.1.2. Aplica métodos de valoración de existencias. | ▪ CMCCT<br>▪ CD |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B4.3. Selección de provedores. | ▪ B4.2. Realizar procesos de selección de provedores analizando as condicións técnicas. | ▪ FAXB4.2.1. Identifica os tipos de documentos utilizados para o intercambio de información con provedores. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ FAXB4.2.2. Utiliza diferentes fontes para a procura de provedores en liña e offline. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ FAXB4.2.3. Relaciona e compara as ofertas de provedores, utilizando diversos criterios de selección, e explica as vantaxes e os inconvenientes de cada unha. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B4.4. Xestión de compras. | ▪ B4.3. Planificar a xestión das relacións con provedores, aplicando técnicas de negociación e comunicación. | ▪ FAXB4.3.1. Identifica e aplica técnicas de negociación e comunicación. | ▪ CCL<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ FAXB4.3.2. Recoñece as etapas nun proceso de negociación de condicións de aprovisionamento. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CMCCT |
| | Bloque 5. Xestión comercial e márketing na empresa | | | |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B5.1. Xestión comercial na empresa. Plan de márketing. Márketing-mix.<br>▪ B5.2. Análise do mercado e do comportamento do/da consumidor/a. Atención á clientela. | ▪ B5.1. Desenvolver a comercialización dos produtos ou servizos da empresa e o plan de márketing. | ▪ FAXB5.1.1. Analiza o proceso de comercialización dos produtos ou servizos da empresa. | ▪ CSIEE<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ FAXB5.1.2. Explica as características da clientela potencial da empresa e identifica o compor- | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Fundamentos de Administración e Xestión. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ l<br>▪ m | | | tamento dos competidores desta. | |
| | | | ▪ FAXB5.1.3. Aplica procesos de comunicación e habilidades sociais en situacións de atención á clientela e operacións comerciais. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ FAXB5.1.4. Realiza unha previsión de vendas a curto e a medio prazo, manexando a folla de cálculo. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B5.3. Produto e prezo | ▪ B5.2. Fixar os prezos de comercialización dos produtos ou os servizos, e comparalos cos da competencia. | ▪ FAXB5.2.1. Reflexiona sobre as estratexias de prezos tendo en conta as características do produto ou do servizo, e argumenta sobre a decisión do establecemento do prezo de venda. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m<br>▪ p | ▪ B5.4. Publicidade e promoción.<br>▪ B5.5. Distribución dos produtos e dos servizos da empresa. | ▪ B5.3. Analizar as políticas de márketing aplicadas á xestión comercial. | ▪ FAXB5.3.1. Elabora un plan de medios onde se describan as accións de promoción e publicidade para atraer a clientela potencial, facendo especial fincapé nas aplicadas en internet e dispositivos móbiles. | ▪ CCL<br>▪ CCEC<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ FAXB5.3.2. Valora e explica as canles de distribución e venda que pode utilizar a empresa. | ▪ CSIEE<br>▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| | Bloque 6. Xestión dos recursos humanos | | | |
| ▪ c<br>▪ e | ▪ B6.1. Planificación dos recursos humanos. | ▪ B6.1. Planificar a xestión dos recursos humanos. | ▪ FAXB6.1.1. Avalía as necesidades da empresa, e analiza e | ▪ CSIEE<br>▪ CMCCT |

| | Fundamentos de Administración e Xestión. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B6.2. Recrutamento e selección de persoal. | | describe os postos de traballo. | ▪ CD |
| | | | ▪ FAXB6.1.2. Identifica as fontes de recrutamento, así como as fases do proceso de selección de persoal. | ▪ CSIEE<br>▪ CMCCT |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B6.3. Xestión laboral, contratación, Seguridade Social e nóminas. | ▪ B6.2. Xestionar a documentación que xera o proceso de selección e contratación de persoal, aplicando as normas vixentes. | ▪ FAXB6.2.1. Analiza e aplica para a empresa as formalidades e as modalidades documentais de contratación. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ FAXB6.2.2. Identifica as subvencións e os incentivos á contratación. | ▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ FAXB6.2.3. Recoñece as obrigas administrativas do/da empresario/a ante a Seguridade Social. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ FAXB6.2.4. Analiza os documentos do proceso de retribución e cotización do persoal e de xustificación do pagamento. | ▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | Bloque 7. Xestión da contabilidade da empresa | | | |
| ▪ g<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B7.1. Fundamentos de contabilidade financeira.<br>▪ B7.2. Plan Xeral de Contabilidade.<br>▪ B7.3. Ciclo contable.<br>▪ B7.4. Fiscalidade da empresa: liquidación e rexistro contable. | ▪ B7.1. Contabilizar os feitos contables derivados das operacións da empresa, cumprindo os criterios establecidos no Plan Xeral de Contabilidade (PXC). | ▪ FAXB7.1.1. Opera cos elementos patrimoniais da empresa, valora a metodoloxía contable e explica o papel dos libros contables. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ FAXB7.1.2. Analiza e representa os principais feitos contables da empresa. | ▪ CSIEE<br>▪ CD<br>▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



| | Fundamentos de Administración e Xestión. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ FAXB7.1.3. Identifica o concepto de amortización e procede ao seu rexistro contable. | ▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ FAXB7.1.4. Analiza e asigna os gastos e os ingresos ao exercicio económico ao que correspondan, con independencia das súas datas de pagamento ou cobramento. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ FAXB7.1.5. Distingue as fases do ciclo contable, analiza o proceso contable de pechamento de exercicio e determina o resultado económico obtido pola empresa. | ▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ FAXB7.1.6. Analiza as obrigas contables e fiscais, e a documentación correspondente á declaración-liquidación dos impostos. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ FAXB7.1.7. Manexa a nivel básico unha aplicación informática de contabilidade, onde realiza todas as operacións necesarias e presenta o proceso contable correspondente a un ciclo económico. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | Bloque 8. Investimento e xestión financeira. Viabilidade da empresa | | | |
| ▪ g<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B8.1. Estrutura económica e financeira da empresa. Equilibrio patrimonial.<br>▪ B8.2. Planificación financeira da empresa. Novas formas de fi- | ▪ B8.1. Determinar o investimento necesario e as necesidades financeiras para a empresa, identificando as alternativas de financiamento posibles. | ▪ FAXB8.1.1. Elabora un plan de investimentos da empresa, que inclúa o activo non corrente e o corrente. | ▪ CSIEE<br>▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ FAXB8.1.2. Analiza e selecciona | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Fundamentos de Administración e Xestión. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | nanciamento. | | as fontes de financiamento da empresa. | ▪ CD |
| | | | ▪ FAXB8.1.3. Recoñece as necesidades de financiamento da empresa. | ▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B8.3. Métodos de selección e valoración de investimentos.<br>▪ B8.4. Análise da viabilidade da empresa.<br>▪ B8.5. Solvencia e liquidez na empresa. Previsións de tesouraría. | ▪ B8.2. Avaliar a viabilidade da empresa, de acordo con diferentes tipos de análise. | ▪ FAXB8.2.1. Determina e explica a viabilidade da empresa, tanto a nivel económico e financeiro como a nivel comercial e ambiental. | ▪ CSIEE<br>▪ CSC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ FAXB8.2.2. Aplica métodos de selección de investimentos e analiza os investimentos necesarios para a posta en marcha. | ▪ CSIEE<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ FAXB8.2.3. Elabora estados de previsión de tesouraría e explica alternativas para a resolución de problemas puntuais de tesouraría. | ▪ CMCCT<br>▪ CD |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m<br>▪ p | ▪ B8.6. Custo e selección de fontes financeiras. Axudas á creación de empresas en Galicia.<br>▪ B8.7. Morosidade empresarial. | ▪ B8.3. Analizar e verificar o acceso ás fontes de financiamento para a posta en marcha do negocio. | ▪ FAXB8.3.1. Valora as fontes de financiamento, así como o custo do financiamento e as axudas financeiras e subvencións. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ FAXB8.3.2. Comprende o papel dos intermediarios financeiros na actividade cotiá das empresas e na sociedade actual.<br>▪ FAXB8.3.3. Distingue o papel dos intermediarios financeiros na actividade cotiá das empresas e na sociedade actual. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |

| | Fundamentos de Administración e Xestión. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ FAXB8.3.4. Valora a importancia, no mundo empresarial, de responder en prazo aos compromisos de pagamento adquiridos. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 9. Presentación da idea de negocio | | | |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B9.1. Plan de negocio. Técnicas de presentación e edición do plan de negocio. | ▪ B9.1. Expor e comunicar publicamente o proxecto de empresa. | ▪ FAXB9.1.1. Utiliza habilidades comunicativas e técnicas para atraer a atención na exposición pública do proxecto de empresa. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B9.2. Ferramentas audiovisuais para a presentación de proxectos. | ▪ B9.2. Utilizar ferramentas informáticas que apoian a comunicación e a presentación do proxecto. | ▪ FAXB9.2.1. Manexa ferramentas informáticas e audiovisuais atractivas que axudan a unha difusión efectiva do proxecto. | ▪ CD<br>▪ CCL<br>▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



DOG Diario Oficial de Galicia

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

## Historia da Música e da Danza

### Introdución

A música e a danza son manifestacións artísticas que van ligadas ao devir histórico e cultural da humanidade. O estudo da súa historia pretende proporcionarlle ao alumnado unha visión global do lugar que ocupan ambas as disciplinas na historia da arte e dotalo de fundamentos de comprensión, análise e valoración das creacións, de criterios para establecer xuízos estéticos propios sobre elas, así como facilitarlle a adquisición de horizontes culturais máis ambiciosos.

Resulta evidente que o mundo está repleto de música e danza de diversos tipos: tradicional, folk, clásica ou jazz, por citar só uns poucos. Pero as modernas comunicacións e a tecnoloxía da reprodución sonora e visual fixeron do pluralismo musical parte da vida cotiá. Con todo, os modos nos que pensamos en música non reflicten esta situación: historicamente cada tipo de música ou danza chega co seu propio modo de pensar e inflúe na sociedade como se fose o único modo de pensar na música e na danza. Esta materia pretende abranguer a música e a danza ao seu paso pola historia e a súa vinculación coa sociedade e as artes en cada período, dándolle un carácter integrador que fai posible aproximarse á evolución das devanditas creacións.

Ademais, o estudo desta materia permite abrir horizontes novos, procurar novas metas culturais e ampliar a perspectiva desde a que observar a música e a danza, non tanto a través dun estudo minucioso de autores e autoras, ou do catálogo das súas obras, senón máis ben a través da comprensión e a valoración das grandes achegas individuais ou colectivas, das súas características e o seu devir no tempo.

Deben ser obxecto de estudo as características máis salientables que configuran un estilo, unha época, os autores e as autoras máis salientables, cuxas obras impulsaron a evolución e o cambio cara a novas concepcións estéticas da música e da danza. A interpretación deberá ser entendida como a tradución práctica do código correspondente ou proveniente da tradición.

Os coñecementos adquiridos en cursos anteriores e no estudo desta materia permitirán ao alumnado comprender a evolución da música e da danza, establecer asociacións con outras manifestacións artísticas das sociedades en que se produciron, situar temporalmente as obras e, finalmente, construír argumentacións fundadas na súa análise e na súa valoración. A materia de Historia da Música e da Danza contribúe a que o alumnado se familiarice coa lectura de documentos e fontes que lle faciliten o acceso á comprensión de todos os aspectos técnicos relativos á música e á danza.

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



DOG Diario Oficial de Galicia

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

O coñecemento destes aspectos e a adquisición de competencias desenvolverán no alumnado a cultura estética, e a integración de todos eles proporcionará habilidades e estratexias de método que lle permitirán acceder e procesar datos para reflexionar de xeito autónomo sobre eles con posterioridade, conseguindo como resultado final que o alumnado poida situar, comprender, asimilar e comentar calquera obra que se someta á súa consideración. Logo de cursada esta materia, os alumnos e as alumnas adquirirán unha formación máis ampla, unha visión máis global do lugar que ocupan a música e a danza na historia da arte, e desenvolverán criterios para establecer xuízos estéticos propios.

A materia estrutúrase en nove bloques: "Percepción, análise e documentación", "A música e a danza da Antigüidade á Idade Media", "O Renacemento", "O Barroco", "O Clasicismo", "O Romanticismo, o Nacionalismo e o Posromanticismo", "Primeiras tendencias modernas", "Música e danza na segunda metade do século XX" e "A música tradicional no mundo".

2º de bacharelato

| | Historia da Música e da Danza. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Percepción, análise e documentación | | | |
| ▪ i<br>▪ d<br>▪ n<br>▪ m | ▪ B1.1. Escoita, visión e análise de obras de música e danza representativas de cada período, procedentes doutras culturas o de manifestacións urbanas actuais, apreciando as súas características formais, estéticas e estilísticas. | ▪ B1.1. Expresar xuízos persoais mediante unha análise estética ou un comentario crítico a partir da audición ou a visión e a análise dunha obra determinada, considerando aspectos técnicos, expresivos e interpretativos, utilizando os coñecementos adquiridos e a terminoloxía apropiada. | ▪ HMDB1.1.1. Realiza desde unha perspectiva persoal unha valoración estética e crítica dunha obra concreta ou dunha interpretación dela. | ▪ CCEC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HDMB1.1.2. Domina o vocabulario e a terminoloxía científica aplicados á música e á danza. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ HDMB1.1.3. Consulta e contrasta as fontes de información adecuadas para a elaboración dos comentarios. | ▪ CAA<br>▪ CCL |

| | Historia da Música e da Danza. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ d<br>▪ i<br>▪ n<br>▪ e<br>▪ p | ▪ B1.2. A obra artística no seu contexto histórico.<br>▪ B1.3. Seguimento de fragmentos musicais escritos en diferentes notacións para unha mellor comprensión das características da obra. | ▪ B1.2. Situar cronoloxicamente unha obra, tras a súa escoita ou a súa visión e análise, ou comparar obras de similares características, representativas dos estilos ou as escolas principais, e sinalar semellanzas e diferenzas entre elas. | ▪ HDMB1.2.1.Identifica e sitúa cronoloxicamente os diferentes períodos da historia da música e da danza. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ HDMB1.2.2. Coñece e explica as principais características dos estilos, os xéneros ou as escolas, e detecta as diferenzas entre varias obras. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HDMB1.2.3. Contextualiza a obra no seu momento histórico e/ou estilístico. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ n | ▪ B1.4. Elaboración de conclusións e valoracións estéticas propias, relacionando a música e a danza con outros aspectos do contexto en que se crearon, e seleccionando información procedente de diversas fontes sobre autorías e obras. | ▪ B1.3. Identificar as circunstancias culturais ou sociolóxicas que poidan incidir no desenvolvemento evolutivo das épocas, os estilos ou os/as autores/as máis representativos/as da historia da música e da danza. | ▪ HDMB1.3.1. Comprende e explica a complexidade do fenómeno artístico, e extrae conclusións propias con base nos coñecementos adquiridos na materia. | ▪ CCEC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HDMB1.3.2. Entende e explica a función das obras e a influencia na sociedade e noutras disciplinas artísticas no momento da súa creación. | ▪ CCEC<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HDMB1.3.3. Comprende e describe o proceso creativo de músicos/as e coreógrafos/as. | ▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B1.5. Lectura e comentario crítico de textos literarios-musicais e relativos á danza. | ▪ B1.4. Analizar textos relativos á música ou á danza. | ▪ HMDB1.4.1. Describe as formulacións plasmadas polo/pola autor/a do texto, en relación coas correntes estéticas e estilísticas dunha época concreta. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ HMDB1.4.2. Elabora unha análise de | ▪ CAA |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Historia da Música e da Danza. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | texto de xeito ordenado e metódico, sintetizando as ideas, distinguindo a información principal da secundaria e usando un vocabulario técnico acorde. | ▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e | ▪ B1.6. Estudo da música e da danza como soporte literario e como medio de intensificación dramática. | ▪ B1.5. Explicar, a partir dun exemplo proposto, a través dunha análise ou dun comentario, a utilización da música e da danza como soporte dun texto literario ou como medio de intensificación dramática en óperas, ballet, cine ou teatro. | ▪ HMDB1.5.1. Comprende e explica o papel da música e da danza, e o xeito en que se relaciona con outras artes, para configurar xunto a elas unha obra artística total. | ▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HMDB1.5.2. Explica a utilización que se fixo da música nunha situación concreta. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HMDB1.5.3. Selecciona pezas musicais para sonorizar ou ambientar situacións artísticas concretas. | ▪ CD<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ p | ▪ B1.7. Documentación: recursos bibliográficos e ferramentas de consulta; fontes musicais, audiovisuais, iconográficas e sonoras.<br>▪ B1.8. Elaboración de argumentacións e xuízos persoais, utilizando o léxico e a terminoloxía específica e xeral, sobre obras e textos relacionados coa música ou a danza, coas correntes estéticas ou cos autores e as autoras. | ▪ B1.6. Elaborar traballos de investigación, individuais ou en grupo, sobre algún aspecto determinado e relativo á música, a danza, a literatura ou a estética da arte de calquera época. | ▪ HMDB1.6.1. Transmite certeza e seguridade na comunicación das ideas, e dominio do tema de investigación. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HMDB1.6.2. Selecciona correctamente temas obxecto de investigación, establecendo prioridades e superando con creatividade os obstáculos que vaian xurdindo. | ▪ CCL<br>▪ CCEC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HMDB1.6.3. Asume con responsabilidade o seu papel no traballo en grupo, tomando as decisións pertinentes. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



| | Historia da Música e da Danza. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ HMDB1.6.4. Expón as súas reflexións sobre o proceso de investigación e elabora conclusións sobre o procedemento establecido, a repartición do traballo, as conclusións obtidas e unha posible continuación da investigación, facendo explícitas as súas impresións persoais sobre a experiencia. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ HMDB1.6.5. Expón de xeito preciso e ordenado os resultados do seu traballo de investigación, e cita as fontes consultadas. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ HMDB1.6.6. Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación, así como distintos medios e soportes técnicos. | ▪ CD<br>▪ CAA |
| | Bloque 2. A música e a danza da Antigüidade á Idade Media | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ m<br>▪ n<br>▪ p | ▪ B2.1. Música sacra. Canto gregoriano: características, orixe e evolución. Nacemento e evolución da polifonía: Ars Antiqua e Ars Nova. O Códigó Calixtino.<br>▪ B2.2. Música profana: xograres e goliardos.<br>▪ B2.3. Instrumentos medievais.<br>▪ B2.4. A danza na Antigüidade: Exipto, Mesopotamia e Persia, pobo hebreo e Creta.<br>▪ B2.5. A danza na Antigüidade clásica. Danzas teatrais en Roma e | ▪ B2.1. Identificar, a través da audición ou da visión, obras da Idade Antiga e medievais, e describir os seus trazos máis característicos, xustificando a súa pertenza a este período histórico. | ▪ HMDB2.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas. | ▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HMDB2.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste períodos | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CD |

DOG Diario Oficial de Galicia

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Historia da Música e da Danza. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Grecia. Traxedia grega.<br>▪ B2.6. A danza na Idade Media. Danza e Igrexa. Carola, danza mesurada, momería e danza macabra. | | | |
| ▪ h<br>▪ n<br>▪ p | ▪ B2.7. Fontes iconográficas. Iconografía pétrea en Galicia e códices afonsinos.<br>▪ B2.8. Lírica galaico-portuguesa. Afonso X o Sabio.<br>▪ B2.9. Contexto histórico, social e cultural no que se desenvolveron a música e a danza na Antigüidade e na Idade Media. | ▪ B2.2. Relacionar a historia da música e da danza na Idade Antiga e na Idade Media, así como as súas obras máis significativas, con outros aspectos da cultura, o contexto histórico e a sociedade do mesmo período. | ▪ HMDB2.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autora determinada, establecendo xuízos críticos. | ▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CSC<br>▪ CCL |
| | Bloque 3. O Renacemento | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B3.1. Polifonía renacentista: características e procedementos compositivos. Polifonía relixiosa.<br>▪ B3.2. Música da Reforma e da Contrarreforma. Música vocal profana: madrigal e estilo madrigalesco. Principais polifonistas.<br>▪ B3.3. O Renacemento en España: música vocal profana (vilancico e romance). Polifonistas do século de ouro: Tomás Luis de Victoria.<br>▪ B3.4. Música instrumental en España. Organoloxía. Fontes de estudo.<br>▪ B3.5. Danzas de corte: tipos e características.<br>▪ B3.6. Nacemento e evolución do Ballet de Corte. | ▪ B3.1. Identificar obras do renacemento, a través da audición ou da visión, e describir os seus trazos máis característicos, xustificando a súa pertenza a este período histórico. | ▪ HMDB3.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas. | ▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HMDB3.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ d | ▪ B3.2. Música da Reforma e da | ▪ B3.2. Relacionar a historia da músi- | ▪ HMDB3.2.1. Analiza a complexida- | ▪ CAA |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



| | Historia da Música e da Danza. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ h<br>▪ n<br>▪ p | Contrarreforma. Música vocal profana: madrigal e estilo madrigalesco. Principais polifonistas.<br>▪ B3.3. O Renacemento en España: música vocal profana (vilancico e romance). Polifonistas do século de ouro: Tomás Luis de Victoria<br>▪ B3.4. Música instrumental en España. Organoloxía. Fontes de estudo. | ca e da danza do Renacemento, así como as súas obras máis significativas, con outros aspectos da cultura, o contexto histórico e a sociedade do mesmo período. | de de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos. | ▪ CCEC<br>▪ CSC<br>▪ CCL |
| | Bloque 4. O Barroco | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B4.1. Música no Barroco: características, periodización e escolas.<br>▪ B4.2. Nacemento da ópera. Ópera seria e ópera bufa.<br>▪ B4.3. Música e relixión: cantata, oratorio e paixón.<br>▪ B4.4. Formas instrumentais: orixe, características e evolución.<br>▪ B4.5. Organoloxía. Tipoloxía da orquestra barroca.<br>▪ B4.6. Ópera Ballet, Comedia Ballet e outros xéneros no Barroco.<br>▪ B4.7. Real Academia de Danza en París. Chegada do profesionalismo á danza. | ▪ B4.1. Identificar obras do barroco, a través da audición ou da visión, e describir os seus trazos máis característicos, xustificando a súa pertenza a este período histórico. | ▪ HMDB4.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas. | ▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HMDB4.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ d<br>▪ h<br>▪ n<br>▪ p | ▪ B4.8. Música barroca en España. Música vocal sacra e profana. Teatro musical: ópera e zarzuela. Música instrumental. Música nas catedrais galegas.<br>▪ B4.9. Principais compositores e compositoras. Función social da | ▪ B4.2. Relacionar a historia da música e da danza do barroco, así como as súas obras máis significativas, con outros aspectos da cultura, o contexto histórico e a sociedade do mesmo período. | ▪ HMDB4.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e estable xuízos críticos. | ▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CSC<br>▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Historia da Música e da Danza. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | persoa compositora.<br>▪ B4.10. Danzas cortesás do Barroco. Ballet de Luís XIV. Música escénica. | | | |
| | Bloque 5. O Clasicismo | | | |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B5.9. Práctica dos sistemas de gravación analóxica ou dixital, de procesamento de sons de comunicación MIDI en interpretacións ou creacións propias.<br>▪ B5.10. Uso da música con soporte electrónico en producións escénicas ou audiovisuais.<br>▪ B5.11. Realización de sonorizacións a través da improvisación, a composición ou a selección musical de textos ou de imaxes. | ▪ B5.2. Crear pezas sonoras ou audiovisuais utilizando distintos sistemas de reprodución e gravación de son. | ▪ LPMB.5.2.2. Utiliza de forma autónoma os recursos tecnolóxicos como ferramentas para a audición, a interpretación, a creación, a edición, a gravación, a investigación e a aprendizaxe do feito musical. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



DOG Diario Oficial de Galicia

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

## Música

### Introdución

A música, como ben cultural e como linguaxe e medio de comunicación non verbal, constitúe un elemento con gran valor na vida das persoas; ademais, favorece o seu desenvolvemento integral, intervén na súa formación emocional e intelectual, a través do coñecemento do feito musical como manifestación cultural e histórica, e contribúe ao afianzamento dunha postura aberta, reflexiva e crítica no alumnado.

Na actualidade, a música constitúe un dos principais referentes de identificación da mocidade. Co desenvolvemento tecnolóxico multiplicáronse as canles de acceso ás cada vez máis numerosas fontes de cultura musical, así como aos seus diversos xeitos de creación e interpretación, a través de vehículos que forman parte da súa vida cotiá, como internet, os dispositivos móbiles, os reprodutores de son e os videoxogos. Ademais, fomenta o desenvolvemento da percepción, a sensibilidade estética, a expresión creativa e a reflexión crítica.

A materia de Música contribúe ao desenvolvemento de valores como o esforzo, a constancia, a disciplina, a toma de decisións, a autonomía, o compromiso, a asunción de responsabilidades e o espírito emprendedor, innovador e crítico, que contribúen ao desenvolvemento integral da persoa. A práctica musical mellora a memoria, a concentración, a atención, a psicomotricidade, o control das emocións, a autoestima, as habilidades para enfrontarse a un público ou a capacidade para traballar en grupo. A música potencia o desenvolvemento de capacidades como a comunicación oral e escrita, o pensamento matemático ou o coñecemento tecnolóxico e científico, que axudan á adquisición das competencias, ademais de procurar un ensino integral e axudar na maduración do alumnado novo.

Transcendendo estes valores estéticos, propios da competencia de conciencia e expresións culturais, o alumnado aprenderá actitudes de cooperación e traballo en equipo ao formar parte de diversas agrupacións nas que cadaquén asumirá diferentes papeis para poder interpretar música en conxunto. Por outra parte, é interesante fomentar actitudes emprendedoras que acheguen o alumnado ás diferentes profesións no ámbito musical e non musical.

Esta materia fomenta as actividades colaborativas ao integrar os/as estudantes nun grupo, fomentando o intercambio de ideas, o respecto entre iguais, a integración, a creatividade, o coñecemento doutros contextos e o desenvolvemento da intelixencia emocional.

O estudo desta materia parte dos coñecementos previos adquiridos polo alumnado na educación primaria e do seu desenvolvemento evolutivo, afondando con elementos que, dado o seu nivel de abstracción, deben abordarse neste momento de desenvolvemento do alumnado.

DOG Núm. 120 Luns, 29 de xuño de 2015 Páx. 26592
Diario Oficial de Galicia
XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

Entre outros, é obxectivo desta materia dotar os alumnos e as alumnas dun vocabulario que permita a descrición de fenómenos musicais, unha comprensión da linguaxe musical como medio de expresión artística, unha sensibilidade cara á expresión musical e o entendemento da música como un fenómeno imbricado na historia e na sociedade. Tamén se lle outorga un papel importante á análise das obras musicais, entendendo que se pode levar a cabo en distintos niveis de profundidade.

Os elementos do currículo básico organizáronse en catro bloques, moi relacionados entre si, que comparten múltiples elementos: "Interpretación e creación" integra a expresión instrumental, vocal e corporal coa improvisación e a composición musical, o que permitirá ao alumnado participar da música dunha forma activa; "Escoita" pretende crear a primeira actitude fundamental cara a esta arte e dotar o alumnado das ferramentas básicas para gozar dela a través da audición e a comprensión do feito musical; "Contextos musicais e culturais" relaciona a música coa cultura e a historia, dá a coñecer o valor do patrimonio musical español e galego, e ensina a identificar o estilo e as características distintivas da música que delimitan cada período histórico básico; e finalmente, "Música e tecnoloxías" pretende abranguer o coñecemento e a práctica da interacción entre música e novas tecnoloxías. Estes aspectos teñen especial importancia debido á proximidade que as tecnoloxías teñen na vida cotiá do alumnado, polo que se pretende xerar unha vinculación entre a linguaxe tecnolóxica que utiliza habitualmente e a música dentro da aula.

Xa como remate, vese necesario resaltar a importancia do uso dunha metodoloxía adecuada a este enfoque curricular, que posibilite que o alumnado sexa protagonista da súa propia aprendizaxe, traballando de xeito colaborativo, onde a práctica e a vivencia do feito musical sexa real e relevante para o alumnado, para a comunidade educativa e para o contorno social.

2º de ESO

| | Música. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Interpretación e creación | | | |
| ▪ n<br>▪ ñ<br>▪ m | ▪ B1.1. Parámetros do son. Elementos básicos da linguaxe musical<br>▪ B1.2. Características da voz e da palabra como medios de expresión | ▪ B1.1. Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada e aplicán- | ▪ MUB1.1.1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Música. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | musical. Habilidades técnicas e interpretativas, exploración e descuberta das posibilidades da voz como medio de expresión musical.<br>▪ B1.3. Instrumentos e corpo como medios de expresión musical: características xenéricas e formais.<br>▪ B1.4. Agrupacións vocais e instrumentais na música de diferentes xéneros, estilos e culturas. Interpretación individual e en grupo.<br>▪ B1.5. Práctica da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.<br>▪ B1.6. Fomento da sensibilidade estética, desenvolvida a través da comprensión e a interiorización da música. | doos a través da lectura ou a audición e a interpretación de pequenas obras ou fragmentos musicais. | ▪ MUB1.1.2. Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais. | ▪ CMCCT<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB1.1.3. Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias. | ▪ CMCCT<br>▪ CCEC |
| ▪ n | ▪ B1.7. Grafías e outras formas de notación musical, convencionais e propias, empregadas como expresión musical. | ▪ B1.2. Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). | ▪ MUB1.2.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). | ▪ CCEC |
| ▪ n<br>▪ g | ▪ B1.8. Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación.<br>▪ B1.9. Experimentación e práctica das técnicas do movemento e da danza, expresión dos contidos mu- | ▪ B1.3. Improvisar e interpretar estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns. | ▪ MUB1.3.1. Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns. | ▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB1.3.2. Utiliza os elementos e | ▪ CAA |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Música. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | sicais a través do corpo e do movemento, e a interpretación dun repertorio variado de danzas. | | os recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións, pezas instrumentais e coreografías. | ▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d | ▪ B1.10. Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e aos/ás demais intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto.<br>▪ B1.11. Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo e a achega das ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.<br>▪ B1.12. Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias, e respecto ante outras formas de expresión. | ▪ B1.4. Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo e achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común. | ▪ MUB1.4.1. Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos. | ▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB1.4.3. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público. | ▪ CAA<br>▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ n | ▪ B1.13. Improvisación, elaboración de arranxos e composición como recursos para a creación musical en todas as súas vertentes; elaboración de arranxos de cancións e pezas instrumentais, con acompañamentos sinxelos e selección de distintos tipos de organización mu- | ▪ B1.5. Amosar interese polas actividades de composición e improvisación, e respecto polas creacións dos seus compañeiros e das súas compañeiras. | ▪ MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas. | ▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB1.5.2. Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de expresión | ▪ CSIEE |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| Música. 2º de ESO | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | sical.<br>▪ B1.14. Composición individual ou en grupo de cancións e pezas instrumentais para distintas agrupacións, a partir da combinación de elementos e recursos presentados no contexto das actividades que se realizan na aula. | | dos seus compañeiros e das súas compañeiras. | |
| ▪ g<br>▪ n<br>▪ d<br>▪ ñ | ▪ B1.15. Práctica de pezas musicais aprendidas a través da memorización e da lectura de partituras.<br>▪ B1.16. Sonorización de representacións dramáticas, actividades de expresión corporal, e danza e imaxes fixas e en movemento na realización de producións audiovisuais. | ▪ B1.6. Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, achegando ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa en común. | ▪ MUB1.6.1. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB1.6.3. Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesorado e dos compañeiros e as compañeiras. | ▪ CSC |
| | | | ▪ MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo. | ▪ CSC |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Música. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa. | ▪ CSIEE |
| | Bloque 2. Escoita | | | |
| ▪ n<br>▪ ñ | ▪ B2.1. Utilización dos recursos necesarios para a comprensión da música escoitada.<br>▪ B2.2. Identificación dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de obras musicais.<br>▪ B2.3. Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e instrumentos, e das agrupacións vocais e instrumentais. | ▪ B2.1. Identificar e describir os instrumentos e as voces, e as súas agrupacións. | ▪ MUB2.1.1. Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB2.1.2. Diferencia as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, do folclore e doutras agrupacións musicais. | ▪ CCEC |
| ▪ n | ▪ B2.4. Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo, dinámica, etc. | ▪ B2.2. Seguir distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición. | ▪ MUB2.2.1. Sigue partituras como apoio á audición. | ▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ a | ▪ B2.5. Interese por desenvolver hábitos positivos e de respecto ás demais persoas durante a escoita. | ▪ B2.3. Valorar o silencio como condición previa para participar nas audicións. | ▪ MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición. | ▪ CSC |
| ▪ h<br>▪ n | ▪ B2.6. Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, incluíndo as interpretacións | ▪ B2.4. Identificar e describir, mediante o uso de distintas linguaxes (gráfica, corporal ou verbal), elementos e formas de organización e estruturación musical (ritmo, melo- | ▪ MUB2.4.1. Describe os elementos das obras musicais propostas. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB2.4.2. Utiliza de xeito guiado recursos como apoio á análise | ▪ CCEC |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Música. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | e composicións realizadas na aula. Investigación de músicas de distintas características para ampliar as propias preferencias musicais. | día, textura, timbre, repetición, imitación, variación) dunha obra musical interpretada en vivo ou gravada. | musical. | |
| | | | ▪ MUB2.4.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita, con rigor e claridade. | ▪ CCL |
| ▪ e<br>▪ f<br>▪ m | ▪ B2.7. Sensibilización e actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música e a contaminación sonora. | ▪ B2.5. Identificar situacións do ámbito cotián nas que se produce un uso indiscriminado do son, analizar as súas causas e propor solucións. | ▪ MUB2.5.1. Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música. | ▪ CSC |
| | | | ▪ MUB2.5.2. Elabora traballos de indagación sobre a contaminación acústica. | ▪ CSIEE<br>▪ CD |
| | Bloque 3. Contextos musicais e culturais | | | |
| ▪ m<br>▪ n | ▪ B3.1. A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria.<br>▪ B3.2. Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais. | ▪ B3.1. Realizar exercicios que reflictan a relación da música con outras disciplinas. | ▪ MUB3.1.1. Recoñece, crea e interpreta distintas manifestacións da danza. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB3.1.2. Distingue as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade. | ▪ CCEC |
| ▪ l<br>▪ n | ▪ B3.3. Pluralidade de estilos na música actual: características culturais, artísticas e formais. | ▪ B3.2. Demostrar interese polas músicas de distintas características, épocas e culturas, e por ampliar e diversificar as propias preferencias musicais, adoptando unha actitude aberta e respectuosa. | ▪ MUB3.2.1. Amosa interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando deles como oínte con capacidade selectiva. | ▪ CCEC |
| ▪ l | ▪ B3.4. Emprego e coñecemento dos | ▪ B3.3. Apreciar a importancia do | ▪ MUB3.3.1. Valora e respecta a | ▪ CCEC |

| | Música. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ n<br>▪ ñ | recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.<br>▪ B3.5. Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores/as, concertos e producións musicais en vivo e gravadas, tanto do patrimonio galego como da música occidental en xeral e doutras culturas. | patrimonio cultural musical español e galego, e comprender o valor de conservalo e transmitilo. | importancia do patrimonio musical español e galego | |
| | | | ▪ MUB3.3.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB3.3.3. Coñece e describe os instrumentos tradicionais españois e galegos. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB3.3.4. Contribúe á conservación, a recuperación e a transmisión do patrimonio musical galego, colaborando na recollida, na gravación e na transcrición de pezas. | ▪ CCEC<br>▪ CSIEE |
| ▪ h<br>▪ e | ▪ B3.6. Recollida de información, valoración e exposición do feito musical e as súas opinións. | ▪ B3.4. Valorar a asimilación e o emprego dalgúns conceptos musicais básicos necesarios á hora de emitir xuízos de valor ou "falar de música". | ▪ MUB3.4.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais | ▪ CCL |
| | | | ▪ MUB3.4.2. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade. | ▪ CCL |
| ▪ e<br>▪ n<br>▪ l | ▪ B3.7. Música actual: novas tendencias; concertos en directo. | ▪ B3.5. Amosar interese e actitude crítica pola música actual, os musicais, os concertos en vivo e as novas propostas musicais, valorando os seus elementos creativos e innovadores. | ▪ MUB3.5.1. Utiliza diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións. | ▪ CD |
| | | | ▪ MUB3.5.2. Interésase por ampliar | ▪ CAA |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Música. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | e diversificar as preferencias musicais propias. | |
| | Bloque 4. Música e tecnoloxías | | | |
| ▪ e<br>▪ n | ▪ B4.1. Utilización de dispositivos electrónicos, recursos da internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical.<br>▪ B4.2. Aplicación de técnicas de gravación analóxica e dixital, para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.<br>▪ B4.3. Utilización das tecnoloxías da información nos procesos de creación musical.<br>▪ B4.4. Coñecemento e emprego das tecnoloxías da información na interpretación e gravación de pezas musicais.<br>▪ B4.5. Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas. | ▪ B4.1. Utilizar recursos tecnolóxicos dispoñibles para gravar e reproducir música. | ▪ MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízaas como ferramentas para a actividade musical. | ▪ CD |
| | | | ▪ MUB4.1.2. Participa na produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías. | ▪ CD<br>▪ CSIEE |
| ▪ e<br>▪ n | ▪ B4.6. O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e a satisfacción con ela. | ▪ B4.2. Utilizar de xeito funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical. | ▪ MUB4.2.1. Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical. | ▪ CD |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



3º de ESO

| | Música. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Interpretación e creación | | | |
| ▪ n | ▪ B1.1. Repaso dos elementos da representación gráfica da música. | ▪ B1.1. Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). | ▪ MUB1.1.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, clave de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). | ▪ CCEC |
| ▪ n<br>▪ b | ▪ B1.2. Textura. | ▪ B1.2. Analizar e comprender o concepto de textura e recoñecer, a través da audición e a lectura de partituras, os tipos de textura. | ▪ MUB1.2.1. Recoñece, comprende e analiza tipos de textura. | ▪ CCEC<br>▪ CAA |
| ▪ n<br>▪ b | ▪ B1.3. Procedementos compositivos e formas de organización musical. | ▪ B1.3. Coñecer os principios básicos dos procedementos compositivos e as formas de organización musical. | ▪ MUB1.3.1. Comprende e identifica os conceptos e os termos básicos relacionados cos procedementos compositivos e os tipos formais. | ▪ CCEC |
| ▪ m<br>▪ c<br>▪ d | ▪ B1.4. Experimentación e práctica das técnicas do movemento e da danza, expresión dos contidos musicais a través do corpo e do movemento, e a interpretación dun repertorio variado de danzas.<br>▪ B1.5. Práctica da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.<br>▪ B1.6. Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpre- | ▪ B1.4. Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo, e achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común. | ▪ MUB1.4.1. Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos. | ▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB1.4.3. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a reso- | ▪ CCEC |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Música. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | tación en grupo e a achega das ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.<br>▪ B1.7. Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias, e respecto ante outras formas de expresión.<br>▪ B1.8. Sonorización de representacións dramáticas, actividades de expresión corporal, e danza e imaxes fixas e en movemento na realización de producións audiovisuais.<br>▪ B1.9. Fomento da sensibilidade estética desenvolvida a través da comprensión e interiorización da música. | | nancia e a entoación. | |
| | | | ▪ MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público. | ▪ CCEC<br>▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ n | ▪ B1.10. Composición individual ou en grupo de cancións e pezas instrumentais para distintas agrupacións a partir da combinación de elementos e recursos presentados no contexto das actividades que se realizan na aula | ▪ B1.5. Amosar interese polas actividades de composición, e improvisación e amosar respecto polas creacións dos seus compañeiros e das súas compañeiras. | ▪ MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas. | ▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB1.5.2. Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras. | ▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ ñ | ▪ B1.11. Práctica, creación, memorización e interpretación de pezas musicais en grupo, aprendidas a través da lectura de partituras con diversas formas de notación.<br>▪ B1.12. Práctica das pautas básicas | ▪ B1.6. Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, achegando ideas musicais e | ▪ MUB1.6.1. Practica, crea, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos, épocas históricas e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de nota- | ▪ CCEC<br>▪ CSIEE |

DOG Diario Oficial de Galicia
DOG Núm. 120 Luns, 29 de xuño de 2015 Páx. 26602

| | Música. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto. | contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa en común. | ción, adecuadas ao nivel. | |
| | | | ▪ MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB1.6.3. Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesor/a e dos compañeiros/as. | ▪ CSC |
| | | | ▪ MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa. | ▪ CSIEE<br>▪ CAA |
| ▪ n<br>▪ b<br>▪ e | ▪ B1.13. Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación. | ▪ B1.7. Explorar as posibilidades de distintas fontes e obxectos sonoros. | ▪ MUB1.7.1. Amosa interese polas paisaxes sonoras que nos rodean e reflexiona sobre elas. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB1.7.2. Investiga de forma creativa acerca das posibilidades sonoras e musicais dos obxectos sonoros. | ▪ CD<br>▪ CAA |
| | Bloque 2. Escoita | | | |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

DOG Diario Oficial de Galicia
DOG Núm. 120 Luns, 29 de xuño de 2015 Páx. 26603

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Música. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ m<br>▪ n | ▪ B2.1. Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e instrumentos e das agrupacións vocais e instrumentais. | ▪ B2.1. Identificar e describir os instrumentos e voces e as súas agrupacións. | ▪ MUB2.1.3. Explora e descubre as posibilidades da voz e os instrumentos, e a súa evolución ao longo da historia da música. | ▪ CCEC<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ n | ▪ B2.2. Utilización dos recursos necesarios para a comprensión da música escoitada.<br>▪ B2.3. Identificación dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de obras musicais. | ▪ B2.2. Ler e analizar distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición. | ▪ MUB2.2.1. Le e analiza partituras como apoio á audición. | ▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ n | ▪ B2.4. Aplicación de estratexias de atención, audición interior, memoria comprensiva e anticipación durante a interpretación e a creación musical. | ▪ B2.3. Valorar o silencio como condición previa para participar nas audicións. | ▪ MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición. | ▪ CSC |
| ▪ l<br>▪ n<br>▪ g | ▪ B2.5. Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, incluíndo as interpretacións e as composicións realizadas na aula. Interese por coñecer músicas de distintas características e por ampliar as propias preferencias musicais.<br>▪ B2.6. Música en vivo: concertos e outras manifestacións musicais, da propia cultura musical e de outras. Interese por desenvolver hábitos positivos e de respecto ás demais persoas durante a escoita. | ▪ B2.4. Recoñecer auditivamente e determinar a época ou a cultura á que pertencen distintas obras musicais, interesándose por ampliar as súas preferencias. | ▪ MUB2.4.1. Amosa interese por coñecer músicas doutras épocas e culturas, comparando e contrastando as novas músicas coñecidas. | ▪ CAA |
| | | | ▪ MUB2.4.2. Recoñece e sabe situar no espazo e no tempo músicas de diferentes culturas e épocas históricas. | ▪ CCEC<br>▪ CSC |

DOG Diario Oficial de Galicia
DOG Núm. 120 Luns, 29 de xuño de 2015 Páx. 26604

| | Música. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ h<br>▪ e | ▪ B2.7. Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo, dinámica, etc.<br>▪ B2.8. Valoración da audición como forma de comunicación e como fonte de coñecemento e enriquecemento intercultural. | ▪ B2.5. Identificar e describir, mediante o uso de distintas linguaxes (gráfica, corporal ou verbal), algúns elementos e formas de organización e estruturación musical (ritmo, melodía, textura, timbre, repetición, imitación e variación) dunha obra musical interpretada en vivo ou gravada. | ▪ MUB2.5.1. Describe de xeito pormenorizado os diferentes elementos das obras musicais propostas usando distintas linguaxes. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB2.5.2. Utiliza recursos con autonomía como apoio ao análise musical. | ▪ CAA |
| | | | ▪ MUB2.5.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade. | ▪ CCL |
| | Bloque 3. Contextos musicais e culturais | | | |
| ▪ n<br>▪ f | ▪ B3.1. A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria.<br>▪ B3.4. Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais. | ▪ B3.1. Realizar exercicios que reflictan a relación da música con outras disciplinas. | ▪ MUB3.1.1. Expresa contidos musicais e relaciónaos con épocas da historia da música e con outras disciplinas. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ MUB3.1.2. Recoñece e interpreta manifestacións da danza identificando e explicando con linguaxe técnica adecuada a época histórica á que pertencen. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB3.1.3. Distingue e explica as diversas funcións que cumpre a música na sociedade ao longo da historia. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| ▪ l<br>▪ n<br>▪ ñ | ▪ B3.5. Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores e compositoras, concertos e produ- | ▪ B3.2. Demostrar interese por coñecer músicas de distintas características, épocas e culturas, e por ampliar e diversificar as propias | ▪ MUB3.2.1. Amosa interese por coñecer música de diferentes épocas e culturas como fonte de enriquecemento cultural e satisfacción | ▪ CCEC<br>▪ CAA |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Música. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | cións musicais en vivo e gravadas, tanto do patrimonio galego como da música occidental en xeral e doutras culturas.<br>▪ B3.6. O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e a satisfacción con ela. | preferencias musicais, adoptando unha actitude aberta e respectuosa. | persoal, elaborando algún proxecto de investigación e exposición | |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ ñ | ▪ B3.7. Recoñecemento e localización nas coordenadas espazotemporais das manifestacións musicais máis significativas do patrimonio musical galego, occidental e doutras culturas. | ▪ B3.3. Relacionar as cuestións técnicas aprendidas coas características das épocas da historia musical. | ▪ MUB3.3.1. Relaciona as cuestións técnicas aprendidas vinculándoas ás épocas da historia da música correspondentes. | ▪ CCEC<br>▪ CAA |
| ▪ n | ▪ B3.8. Épocas da historia da música: características principais, autores/as significativos/as, audicións con apoio de partitura e interpretación de pezas ou fragmentos das distintas épocas. | ▪ B3.4. Distinguir, situar e caracterizar as grandes épocas da historia da música. | ▪ MUB3.4.1. Distingue e sitúa temporalmente ás épocas da historia da música e as tendencias musicais. | ▪ CCEC<br>▪ CSC |
| | | | ▪ MUB3.4.2. Examina e explica con criterio musical a relación entre os acontecementos históricos, o desenvolvemento tecnolóxico e a música na sociedade. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| ▪ h<br>▪ n<br>▪ g | ▪ B3.9. Recollida de información, valoración e exposición do feito musical e as súas opinións. | ▪ B3.5. Valorar a asimilación e empregar algúns conceptos musicais básicos necesarios á hora de emitir xuízos de valor ou falar de música. | ▪ MUB3.5.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais. | ▪ CCL |
| | | | ▪ MUB3.5.2. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de | ▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



| | Música. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | xeito oral e escrito, con rigor e claridade. | |
| ▪ g<br>▪ n<br>▪ e | ▪ B3.10. Recollida de información, valoración e exposición do feito musical ao longo da historia. | ▪ B3.6. Amosar interese e actitude crítica pola música, os concertos en vivo e as propostas musicais, valorando os seus elementos creativos e innovadores ao longo da historia. | ▪ MUB3.6.1. Utiliza diversas fontes de información para indagar sobre as novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións. | ▪ CD |
| | | | ▪ MUB3.6.2. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias. | ▪ CAA |
| | Bloque 4. Música e tecnoloxías | | | |
| ▪ e<br>▪ n | ▪ B4.1. Utilización de dispositivos electrónicos, recursos de internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical.<br>▪ B4.2. Aplicación de diferentes técnicas de gravación para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.<br>▪ B4.3. Utilización das tecnoloxías da información nos procesos de creación musical.<br>▪ B4.4. Coñecemento e emprego das tecnoloxías da información na interpretación e na gravación de pezas musicais. | ▪ B4.1. Utilizar con autonomía os recursos tecnolóxicos dispoñibles, demostrando un coñecemento básico das técnicas e dos procedementos necesarios para gravar, reproducir, crear, interpretar música e realizar sinxelas producións audiovisuais. | ▪ MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízaas como ferramentas para a actividade musical. | ▪ CD<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB4.1.2. Participa en todos os aspectos da produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |

DOG Núm. 120 Luns, 29 de xuño de 2015 Páx. 26607

DOG Diario Oficial de Galicia

| | Música. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ e<br>▪ b | ▪ B4.5. Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas. | ▪ B4.2.Utilizar de maneira funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical. | ▪ MUB4.2.1. Utiliza con autonomía as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical. | ▪ CD<br>▪ CAA |

## 4º de ESO

| | Música. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Interpretación e creación | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B1.1. Práctica e aplicación de habilidades técnicas en grao crecente de complexidade e concertación coas outras partes do conxunto na interpretación vocal e instrumental, e no movemento e a danza.<br>▪ B1.2. Interpretación de pezas vocais e instrumentais aprendidas de oído e/ou mediante a lectura de partituras con diversos tipos de notación. | ▪ B1.1. Ensaiar e interpretar, en pequeno grupo, unha peza vocal ou instrumental, ou unha coreografía, aprendidas de memoria a través da audición ou da observación de gravacións de audio e vídeo, ou mediante a lectura de partituras e outros recursos gráficos. | ▪ MUB1.1.1. Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación, colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades. | ▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ MUB1.1.2. Le partituras como apoio á interpretación. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB1.1.3. Coñece e cumpre as normas establecidas para realizar as actividades da aula. | ▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ g | ▪ B1.3. Planificación, ensaio, interpretación, dirección e avaliación de espectáculos musicais na aula e noutros espazos e contextos.<br>▪ B1.4. Perseveranza na práctica de | ▪ B1.2. Participar activamente nalgunhas das tarefas necesarias para a celebración de actividades musicais no centro docente: planificación, ensaio, interpretación, | ▪ MUB1.2.1. Interpreta e memoriza un repertorio variado de cancións, pezas instrumentais e danzas cun nivel de complexidade en aumento. | ▪ CCEC<br>▪ CSC |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Música. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ l<br>▪ n | habilidades técnicas que permitan mellorar a interpretación individual e en grupo, e a creación musical. | difusión, etc. | | |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B1.5. Utilización de técnicas, recursos e procedementos compositivos na improvisación, na elaboración de arranxos e na creación de pezas musicais. | ▪ B1.3. Compoñer unha peza musical utilizando diferentes técnicas e recursos. | ▪ MUB1.3.1. Coñece e utiliza axeitadamente técnicas, recursos e procedementos compositivos para elaborar arranxos musicais, improvisar e compor música. | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ |
| | | | ▪ MUB1.3.2. Utiliza con autonomía recursos informáticos ao servizo da creación musical. | ▪ CD |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B1.6. Ámbitos profesionais da música. Identificación e descrición das facetas e as especialidades no traballo dos/das músicos/as.<br>▪ B1.7. Interese por coñecer as posibilidades que ofrece a música nos ámbitos persoal e profesional. | ▪ B1.4. Analizar os procesos básicos de creación, edición e difusión musical, considerando a intervención de distintos/as profesionais. | ▪ MUB1.4.1. Coñece e analiza o proceso seguido en diversas producións musicais (discos, programas de radio e televisión, cine, etc.) e o papel xogado en cada fase do proceso polos/as profesionais que interveñen. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 2. Escoita | | | |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B2.1. Audición, recoñecemento, análise e comparación de músicas de diferentes xéneros, estilos e culturas. | ▪ B2.1. Analizar e describir as principais características de pezas musicais apoiándose na audición e no uso de documentos como partituras, textos ou musicogramas. | ▪ MUB2.1.1. Analiza e comenta as obras musicais propostas, axudándose de diversas fontes documentais. | ▪ CMCCT<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ MUB2.1.2. Le e analiza partituras como apoio á audición. | ▪ CCEC |
| ▪ a | ▪ B2.2. A crítica como medio de información e valoración do feito | ▪ B2.2. Expor de xeito crítico a opinión persoal respecto de distin- | ▪ MUB2.2.1. Analiza críticas musicais e utiliza un vocabulario axei- | ▪ CCL |

| Música. 4º de ESO | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ c<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ n | musical. Análise de críticas musicais e uso dun vocabulario apropiado para a elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada. | tas músicas e eventos musicais, argumentándoa en relación coa información obtida en diversas fontes: libros, publicidade, programas de concertos, críticas, etc. | tado para a elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada. | ▪ CCEC |
| ▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ n<br>▪ o | ▪ B2.3. Rigor na utilización dun vocabulario adecuado para describir a música. | ▪ B2.3. Utilizar a terminoloxía axeitada na análise de obras e situacións musicais. | ▪ MUB2.3.1. Utiliza con rigor un vocabulario axeitado para describir a música. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ l | ▪ B2.4. Utilización de diversas fontes de información para obter referencias sobre músicas de diferentes épocas e culturas, incluídas as actuais, e sobre a oferta de concertos e outras manifestacións musicais, tanto en vivo como divulgadas a través dos medios de comunicación. | ▪ B2.4. Recoñecer auditivamente, clasificar, situar no tempo e no espazo, e determinar a época ou a cultura e o estilo das obras musicais escoitadas previamente na aula, amosando apertura e respecto polas novas propostas musicais e interesándose por ampliar as súas preferencias. | ▪ MUB2.4.1. Recoñece e compara os trazos distintivos de obras musicais, e descríbeo utilizando unha terminoloxía axeitada. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB2.4.2. Sitúa a obra musical nas coordenadas de espazo e tempo. | ▪ CCEC<br>▪ CSC |
| | | | ▪ MUB2.4.3. Amosa interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B2.5. Edición, comercialización e difusión da música. Novas modalidades de distribución da música e as súas consecuencias para os/as profesionais da música e a industria musical. | ▪ B2.5. Distinguir as funcións que cumpre a música na nosa sociedade, atendendo a diversas variables: intención de uso, estrutura formal e medio de difusión utilizado. | ▪ MUB2.5.1. Amosa unha actitude crítica ante o papel dos medios de comunicación na difusión e na promoción da música. | ▪ CD<br>▪ CSC |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Música. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ a<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B2.6. A música nos medios de comunicación. Factores que inflúen nas preferencias e nas modas musicais.<br>▪ B2.7. Interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas. | ▪ B2.6. Explicar algunhas das funcións que cumpre a música na vida das persoas e na sociedade. | ▪ MUB2.6.1. Coñece e explica o papel da música en situacións e contextos diversos: actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación, etc. | ▪ CCL<br>▪ CCEC<br>▪ CSC |
| | Bloque 3. Contextos musicais e culturais | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ n<br>▪ ñ | ▪ B3.1. Recoñecemento e localización nas coordenadas espazotemporais das manifestacións musicais máis significativas do patrimonio musical español e galego. | ▪ B3.1. Apreciar a importancia patrimonial da música española e galega, e comprender o valor de conservala e transmitila colaborando na recollida, na gravación e na transcrición de pezas. | ▪ MUB3.1.1. Amosa interese por coñecer o patrimonio musical español e galego. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB3.1.2. Coñece as testemuñas máis importantes do patrimonio musical español e galego, e sitúaos no seu contexto histórico e social. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B3.2. Pluralidade de estilos na música actual: características culturais, artísticas e formais.<br>▪ B3.3. Manifestacións musicais doutras culturas. | ▪ B3.2. Coñecer a existencia doutras manifestacións musicais e consideralas como fonte de enriquecemento cultural. | ▪ MUB3.2.1. Analiza a través da audición músicas de distintos lugares do mundo e identifica as súas características fundamentais. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB3.2.2. Recoñece e explica as características básicas da música española e da música popular urbana. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ b | ▪ B3.4. A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cine- | ▪ B3.3. Realizar exercicios que reflictan a relación da música con | ▪ MUB3.3.1. Elabora traballos de investigación nos que establece | ▪ CCL<br>▪ CSC |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Música. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ e<br>▪ h<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ n | matográfica, radiofónica ou publicitaria.<br>▪ B3.5. Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais. | outras manifestacións artísticas. | sinerxías entre a música e outras manifestacións artísticas. | ▪ CAA |
A educación plurilingüe e intercultural considera, con carácter xeral, a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de xeito específico, os enfoques plurais transversais e integradores no seu ensino e na súa aprendizaxe. A súa finalidade é retirar barreiras artificiais entre as linguas, encerradas tradicionalmente nos sistemas escolares en compartimentos estancos, e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Así, o/a aprendiz plurilingüe realizará transferencias dos coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutra lingua diferente. Esta capacidade de transferencia non só permite descubrir as regularidades dunha lingua total ou parcialmente descoñecida e relacionalas, desde o punto de vista teórico, coas regularidades observadas noutras linguas que coñece, ou identificar termos emparentados en todas as linguas, senón que, ademais, promove a tolerancia perante palabras descoñecidas, nomeadamente importante nos contextos de comprensión que necesitan a fluidez, como son a lectura extensiva e a comprensión de textos orais sen posibilidade de verificación do entendido. A competencia plurilingüe facilitará, así, a inferencia de significados e o desenvolvemento de competencias heurísticas eficaces para identificar os elementos esenciais e secundarios nun texto descoñecido.

Pola súa banda, mediante o diálogo intercultural póñense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son o recoñecemento do outro como lexítimo, o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas, a aceptación da diversidade persoal, social e cultural, e o respecto polos dereitos fundamentais.

No contexto escolar, a aprendizaxe das linguas está dirixida ao logro de obxectivos similares, aínda que con diferentes niveis de dominio. Por iso, un estudo integrado de todas as linguas posibilita, por unha banda, que os contidos, as estratexias e os procesos traballados nunha lingua sexan igualmente utilizados nas actividades lingüísticas de comprensión e produción nas demais e, por outra, que se poida focalizar, no proceso de ensino e aprendizaxe, nos elementos diferenciadores e en todos aqueles aspectos que teñen incidencia directa na capacidade de comunicarse adecuadamente. Xa que logo, o coñecemento morfolóxico ou léxico dunha lingua pode axudar á comprensión noutra lingua; as estratexias de comprensión de lectura desenvolvidas nunha lingua poden ser transferidas para a lectura noutros idiomas; o coñecemento da estrutura dos textos descritivos permitirá producilos en calquera lingua; e o coñecemento das normas que ordenan as relacións entre xeracións, sexos, clases e grupos sociais nunha lingua informa e sensibiliza sobre a necesidade de coñecer e respectar as normas que rexen a dimensión social do uso da lingua noutra comunidade lingüística.

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

Por outra parte, o tratamento integrado das linguas debe considerar o punto de partida diferente de cada unha delas. Daquela, non se pode esquecer a situación de minorización da lingua galega, que cómpre atender e dinamizar adecuadamente. Con esa finalidade, é preciso favorecer o uso e a aprendizaxe desta lingua de xeito que se impulse a súa normalización e se venzan as dificultades da súa menor presenza e repercusión social, motivadas en moitos casos por prexuízos cómpre desmontar e superar. O alumnado galego debe rematar a súa escolarización co nivel de usuario/a competente nas dúas linguas oficiais, galego e castelán, o que implica a utilización adecuada e eficaz de ambas as linguas nun amplo repertorio de situacións comunicativas, propias de diferentes ámbitos, cun grao crecente de formalidade e complexidade.

Finalmente, a situación de sociedade multilingüe e plural en que vivimos solicita un enfoque metodolóxico de carácter plurilingüe que potencie o desenvolvemento comunicativo do alumnado nas linguas que adquira ao longo da súa vida, con independencia da diferenza de fins e niveis de dominio con que as utilice, e que o faga consciente da riqueza que supón ser unha persoa plurilingüe para o desenvolvemento cognitivo e social, e para o éxito escolar. Isto implica un tratamento integrado das linguas que o alumnado está a aprender nas aulas. No caso das áreas de Lingua castelá e literatura e de Lingua galega e literatura, os currículos presentan contidos similares en gran medida, e unha distribución igualmente similar en cada un dos cursos que conforman a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato. Evidentemente, cada lingua ten as súas características propias, que requiren un tratamento e un traballo específico, pero hai determinados aspectos do currículo que, pola afinidade ou similitude que presentan en ambas as áreas, precisan ou ben ser abordados de maneira parella, ou ben ser presentados só nunha lingua pero traballados e practicados en cada unha delas, e utilizar a mesma terminoloxía nas dúas linguas para non dificultar innecesariamente o proceso de aprendizaxe do alumnado. Daquela, o profesorado implicado no proceso de ensino e aprendizaxe de Lingua castelá e literatura e de Lingua galega e literatura, en cada curso de ambas as etapas, deberá organizar o seu labor nun currículo integrado, que transcenda as respectivas linguas nas que un/unha aprendiz sexa capaz de comunicarse. Isto supón recoñecer a existencia dunha competencia global para a comunicación lingüística e implica non só evitar a repetición de contidos naqueles aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua, como son as estratexias de lectura ou o proceso de escritura, a tipoloxía textual ou a definición de termos lingüísticos, senón tamén, e especialmente, priorizar a realización de actividades comunicativas de produción e comprensión de textos orais e escritos, pois destas depende o desenvolvemento da competencia xeral en comunicación lingüística.

Ademais, nos centros docentes teñen presenza linguas estranxeiras, que tamén son abordadas na aula desde un enfoque comunicativo e intercultural, xa que o coñecemento dos valores e as crenzas compartidas por grupos sociais doutros países resulta esencial para a comunicación nesta sociedade globalizada. Así, para o tratamento in-

DOG Diario Oficial de Galicia
DOG Núm. 120 Luns, 29 de xuño de 2015 Páx. 26636

tegrado de linguas é preciso que, igual que acontece non caso das dúas linguas cooficiais, haxa unha coordinación entre o profesorado destas e o de linguas estranxeiras, para evitar a repetición de contidos na liña das que se mencionaron para as linguas ambientais, e para unificar a terminoloxía. Non se pode esquecer que o achegamento do alumnado á lingua estranxeira se produce, na maior parte dos casos, partindo das linguas próximas, a materna e ambientais.

Igualmente presentes nas aulas están as linguas clásicas, o latín e o grego, cuxo estudo a nivel fonético, morfosintáctico e léxico proporciona unha sólida base para o perfeccionamento no manexo doutras linguas. Estas desempeñan, logo, un papel salientable como soporte lingüístico da maioría das linguas e para a comprensión do léxico culto que forma gran parte da terminoloxía científica e técnica actual nas linguas que o alumnado coñece ou estuda. Todo isto sen esquecer o enriquecemento cultural que lle proporciona o coñecemento dos diferentes aspectos que se inclúen na civilización clásica, berce da Europa actual, como son, entre outros, a mitoloxía, a relixión ou as súas creacións literarias e artísticas, que tanta influencia tiveron en épocas posteriores e seguen a ter hoxe en día. Por tanto, é esencial a incorporación das linguas clásicas ao currículo integrado das linguas, para reforzar a reflexión lingüística do noso alumnado e fortalecer o seu acceso á cultura literaria.

Resulta obvio que para a posta en práctica destes currículos integrados e o logro dos obxectivos plurilingües e interculturais que se perseguen, o profesorado é un elemento determinante, xa que deberá potenciar unha metodoloxía adecuada para levar a cabo enfoques comunicativos e proxectos plurais e transversais, promover a reflexión metacomunicativa e metalingüística e o contraste entre linguas, ou asegurar accións coordinadas entre os departamentos lingüísticos para decidir, entre outros, desde que lingua abordar o estudo dos xéneros discursivos ou as estratexias e os procesos cognitivos que están na base das actividades lingüísticas. A finalidade é construír en cada centro docente a coherencia pedagóxica no ensino das linguas.

As materias cuxos currículos se desenvolven ao abeiro desta introdución, as de linguas, teñen como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Daquela, achegan as ferramentas e os coñecementos necesarios para se desenvolver satisfactoria e eficazmente en calquera situación de comunicación da vida privada, social e profesional. Eses coñecementos, que articulan os procesos de comprensión e expresión oral por unha banda, e de comprensión e expresión escrita por outra, constitúen instrumentos esenciais para a aprendizaxe no ámbito educativo e, posteriormente, ao longo da vida.

A reflexión literaria, presente nun bloque de contidos nas linguas ambientais, o galego e o castelán, e nas linguas clásicas, a través da lectura, mediante a comprensión e a interpretación de textos significativos, favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/das estudantes,

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

dálles acceso á memoria, á creatividade, á imaxinación, á descuberta das outras persoas e ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfróntaos/as a situacións, sentimentos e emocións nunca experimentados, que enriquecen a súa visión do mundo e favorecen o coñecemento de si mesmos/as.

En definitiva, estas materias lingüísticas perseguen o obxectivo último de contribuír á formación de cidadás e cidadáns cunha competencia comunicativa que lles permita interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida. Isto esixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e das outras linguas que estudan e coñecen, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo, de formar as súas opinións propias, claras e fundamentadas, e de sentir satisfacción, a través da lectura crítica de obras literarias.

A materia de Segunda Lingua Estranxeira está organizada en cinco bloques que se corresponden coas actividades de lingua que, tal como as define o MCER, supoñen o exercicio da competencia lingüística comunicativa dentro dun ámbito específico para procesar (en forma de comprensión ou de expresión) un ou máis textos co fin de realizar unha tarefa: comprensión de textos orais, produción de textos orais (expresión e interacción), comprensión de textos escritos e produción de textos escritos (expresión e interacción). Para a súa realización, estas actividades requiren a competencia comunicativa, polo que se inclúe un quinto bloque no que se recollen os elementos que abrangue a competencia comunicativa (lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos), así como as experiencias lingüísticas noutras linguas. Todos estes elementos do quinto bloque relaciónanse entre si e interactúan na realización das actividades lingüísticas comunicativas de comprensión, produción e interacción. Isto supón que, para cada tarefa comunicativa descrita nos estándares, cumprirá incorporarse o conxunto dos contidos recollidos no quinto bloque para a realización do bloque de actividade lingüística que corresponda. Da mesma maneira, para avaliar o grao de adquisición de cada estándar de aprendizaxe dunha determinada actividade de lingua, deberán aplicarse todos os criterios de avaliación recollidos e descritos para a actividade correspondente, así como aqueles do quinto bloque que correspondan.

1º de ESO

| | Segunda Lingua Estranxeira. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Comprensión de textos orais | | | |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| Segunda Lingua Estranxeira. 1º de ESO | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ i | ▪ B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais:<br>– Uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.<br>– Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema.<br>– Identificación de palabras clave.<br>– Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica).<br>– Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos.<br>– Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece, a partir do contexto e das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece á lingua estranxeira.<br>▪ B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.<br>▪ B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.<br>▪ B1.4. Memorización de expresións orais breves significativas (saúdos, despedidas, consignas de aula, preguntas sobre idade, orixe, etc.). | ▪ B1.1. Comprender preguntas e informacións sinxelas relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos, etc.), así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na aula.<br>▪ B1.2. Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.<br>▪ B1.3. Comprender o sentido global e as informacións específicas máis relevantes de mensaxes orais sinxelas e moi básicas (por exemplo, seguir instrucións ou indicacións, identificar persoas, obxectos e lugares descritos cun vocabulario básico) emitidas cara a cara, gravadas ou en soporte multimedia, sobre situacións habituais de comunicación, se se fala moi amodo e con moita claridade.<br>▪ B1.4. Comprender o esencial en conversas moi básicas e breves sobre temas cotiáns habituais e de | ▪ SLEB1.1. Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (nome, idade, enderezo, nivel de estudos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (números, datas, prezos, etc.) e temas con que teña moita familiaridade, e segue instrucións e consignas de aula. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis relevante de textos orais breves (instrucións e comunicados) con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas, procedentes de medios audiovisuais ou de internet, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, ou a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



| | Segunda Lingua Estranxeira. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | necesidade inmediata, previamente traballados, relativas ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible. | lugar. | |
| | Bloque 2. Produción de textos orais | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ i | ▪ B2.1. Estratexias de produción:<br>– Planificación:<br>– Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción.<br>– Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa<br>– Execución:<br>– Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou as ideas principais, e a súa estrutura básica.<br>– Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.<br>– Expresión da mensaxe con claridade, coherencia básica e estrutura adecuada, e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados na clase previamente. | ▪ B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.<br>▪ B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas moi básicas relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender.<br>▪ B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre si mesmo/a e sobre accións e nocións (horarios, datas, cantidades) moi habituais da vida diaria, usando un repertorio básico de palabras e frases moi simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.<br>▪ B2.4. Dar e obter información sobre datos básicos persoais (idade, lugar de residencia, familia, orixe, gustos, posesións, etc.), utilizando un repertorio moi básico de expresións moi sinxelas e habituais so- | ▪ SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ SLEB2.2. Fai e responde intelixiblemente e con accións colaborativas, preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida diaria e do tempo libre en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ SLEB2.3. Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas con necesidades inmediatas nas que pide e se dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ SLEB2.4. Participa en conversas | ▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Segunda Lingua Estranxeira. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias clave** |
| | – Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.<br>– Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos<br>– Lingüísticos:<br>– Modificación de palabras de significado parecido.<br>– Definición ou paráfrase dun termo ou expresión.<br>– Uso da lingua materna ou "estranxeirización" de palabras da lingua meta.<br>– Petición de axuda.<br>– Paralingüísticos:<br>– Sinalación de obxectos, uso de deícticos ou realización de accións que aclaran o significado.<br>– Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal).<br>– Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc) de valor comunicativo.<br>▪ B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas | bre estes datos. | informais breves e moi básicas, cara a cara, nas que establece contacto social elemental, intercambia información moi básica, manifesta os seus gustos, fai invitacións elementais e ofrecementos, e pide e dá indicacións moi básicas para ir a un lugar. | ▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ SLEB2.5. Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses relativos a temas moi cotiáns, en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



| | Segunda Lingua Estranxeira. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | para comprender e facerse comprender.<br>▪ B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación (chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, compravenda, etc.), igualmente cotiás e moi básicas. | | | |
| | Bloque 3. Comprensión de textos escritos | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ i | ▪ B3.1. Estratexias de comprensión:<br>– Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.<br>– Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva)<br>– Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).<br>– Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.<br>– Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e as experiencias noutras linguas.<br>– Reformulación de hipóteses a | ▪ B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.<br>▪ B3.2. Seguir instrucións básicas e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi sinxelas e predicibles, e traballadas previamente.<br>▪ B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos breves, moi sinxelos e ben estruturados, con conectores moi básicos e relativos a temas da propia experiencia.<br>▪ B3.4. Comprender textos propios de situacións cotiás próximas, como invitacións, felicitacións, notas, avisos, billetes de transporte, entradas, etiquetas ou xogos coñeci- | ▪ SLEB3.1. Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ SLEB3.2. Comprende avisos, obrigas e prohibicións básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ SLEB3.3. Comprende información básica e sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ SLEB3.4. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálo- | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Segunda Lingua Estranxeira. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | partir da comprensión de novos elementos.<br>▪ B3.2. Soletreo e asociación de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas. | dos. | gos e listas de prezos. | |
| | Bloque 4. Produción de textos escritos | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ i | ▪ B4.1. Estratexias de produción:<br>– Planificación:<br>– Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas, co fin de realizar eficazmente a tarefa (repasar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).<br>– Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).<br>– Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos.<br>– Execución:<br>– Elaboración dun borrador seguindo textos modelo.<br>– Estruturación do contido do texto.<br>– Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu | ▪ B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa na aula.<br>▪ B4.2. Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal.<br>▪ B4.3. Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.<br>▪ B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto. | ▪ SLEB4.1. Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información, ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa ao seus datos persoais e intereses ou afeccións (nome, idade, enderezo, gustos, etc.). | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ SLEB4.3. Escribe notas, listaxes, tarxetas postais, felicitacións e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativas a necesidades inmediatas. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ SLEB4.4. Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituíndo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (felicitar, informar, preguntar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha pre- | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



DOG Diario Oficial de Galicia

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Segunda Lingua Estranxeira. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | significado ou a idea global.<br>– Expresión da mensaxe con claridade, axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.<br>– Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.<br>– Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "paréceme ben", etc.).<br>– Revisión:<br>– Identificación de problemas, erros e repeticións.<br>– Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.<br>– Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.).<br>– Reescritura definitiva. | | sentación limpa e ordenada. | |
| | Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ i<br>▪ o | ▪ B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos.<br>– Sons e fonemas vocálicos.<br>– Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.<br>– Procesos fonolóxicos máis bási- | ▪ B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significado evidente, e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para se facer | ▪ SLEB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e iníciase no uso de patróns moi bá- | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



| | Segunda Lingua Estranxeira. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | cos.<br>– Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración.<br>▪ B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas<br>– Uso das normas básicas de ortografía da palabra.<br>– Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.<br>▪ B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:<br>– Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira.<br>– Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas; condicións de vida elementais (vivenda); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos, lugares máis | entender.<br>▪ B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.<br>▪ B5.3. Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis básicas nos contextos respectivos.<br>▪ B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.<br>▪ B5.5. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, e utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, sempre que sexan traballados en clase previamente. | sicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. | |
| | | | ▪ SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ SLEB5.4. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información sobre datos persoais, felicitar, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, moi básicos e traballados previamente. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Segunda Lingua Estranxeira. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | habituais, etc.; e a costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira.<br>– Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.<br>– Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.<br>▪ B5.4. Plurilingüismo:<br>– Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.<br>– Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.<br>▪ B5.5. Funcións comunicativas:<br>– Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade. | ▪ B5.6. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais. | ▪ SLEB5.5. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Segunda Lingua Estranxeira. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | – Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.<br>– Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros.<br>– Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias.<br>– Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza.<br>– Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición.<br>– Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios.<br>– Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.<br>▪ B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a:<br>– Identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades básicas da vida diaria; familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde máis básica e coidados físicos elementais; educación e estudo; compras básicas; alimentación e restauración; transporte, | | | |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



| Segunda Lingua Estranxeira. 1º de ESO | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | tempo meteorolóxico e tecnoloxías da información e da comunicación.<br>– Expresións fixas, enunciados fraseolóxicos moi básicos e moi habituais (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresión sinxelas de gustos) e léxico sobre temas relacionados con contidos moi sinxelos e predicibles doutras áreas do currículo.<br>▪ B5.7. Estruturas sintáctico-discursivas propias de cada idioma. | | | |

[1]**Contidos sintáctico-discursivos por idiomas:**

| Alemán | Francés | Inglés | Italiano | Portugués |
|---|---|---|---|---|
| ▪ Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*und*); disxunción (*oder*); oposición (*aber*).<br>▪ Afirmación.<br>▪ Exclamación.<br>▪ Negación (*negative Sätze mit nicht, nicht + Adjektiv*).<br>▪ Interrogación (*W-Fragen mit wer, wie, was, wo, woher, z. B. „Wer ist das?", „Wie heißt du?", „Wo wohnst du?"; Ja/Nein-Fragen, z. B. „Heißt du Uxía?", „Ist das ein Buch?"*).<br>▪ Expresión do tempo pre- | ▪ Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*et*); disxunción (*ou*); oposición (*mais*); causa (*parce que*); finalidade (*pour*); comparación (*plus, moins*); explicativas (*parce que*).<br>▪ Relacións temporais (*avant, après*).<br>▪ Exclamación (*Oh là là! On y va!*) ; interxección (*oui!, non! Zut!*)<br>▪ Negación (ne/n'…pas).<br>▪ Interrogación *(qui est-ce ?, qu'est-ce que c'est ?, quoi, quand, comment, pourquoi, où; réponses (p. ex. oui,* | ▪ Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*and, too, also*); disxunción (*or*); oposición (*but*); causa (*because* (*of*); *due to*); finalidade (*to + infinitive; for+-ing); comparación (as/not so +Adj.+ as; more comfortable/ quickly, faster (than); the fastest);* resultado (*so…);* condición (*first conditional*).<br>▪ Relacións temporais (*as soon as; while*).<br>▪ Afirmación (*affirmative sentences; tags*).<br>▪ Exclamación (*What + Adj. + noun, e. g. What a won-* | ▪ Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*e)*; disxunción *(o)*; oposición *(ma)*; causa (*perché*).<br>▪ Relacións temporais (*quando, dopo*).<br>▪ Afirmación (*frasi dichiarative affermative (sì*)).<br>▪ Exclamación (*interiezioni (p.es. oh, che sonno!)*).<br>▪ Negación (*frasi dichiarative negative (p. es. no/non)*).<br>▪ Interrogación (*totali (p. es. Partite?); parziali introdotte da avv., pronomi e aggettivi interrogativi (p.es come ti chiami? di dove sei?)*). | ▪ Expresión de relacións lóxicas: adición (e, *nem);* disxunción *(ou);* oposición/contraste (*mas*); causa (*porque*); comparación (*mais/menos/ tão + Adj./Adv.+ (do) que/ como /quanto; maior / mais pequeno*...).<br>▪ Relacións temporais (*antes, agora, depois*).<br>▪ Afirmación (sentenzas declarativas afirmativas).<br>▪ Exclamación (formas elípticas: *Que (+ Subst.) + Adj*., p. ex. *Que dia lindo*!; *Que gentil!*). |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



| Alemán | Francés | Inglés | Italiano | Portugués |
|---|---|---|---|---|
| sente (*Präsens*).<br>▪ Expresión da modalidade: factualidade (*Aussagesätze*); capacidade (*mögen*); posibilidade/probabilidade (*können; dürfen*); permiso (*dürfen*); intención (*Präsens*).<br>▪ Expresión da entidade (*zusammengesetzte Nomen; Personalpronomen); da calidade (z. B. gut, sehr gut*).<br>▪ Expresión da cantidade (*Singular und Plural; Kardinalzahlen; Quantität, z. B. alle, kein*).<br>▪ Expresión do espazo (*Präpositionen; Lokaladverbien).*<br>▪ Expresión do tempo (*Stundenzählung, z. B. „Es ist halb neun"; Zeiteinheiten, z. B. Wochentage*).<br>▪ Expresión do modo (*Modaladverbien, z. B. sehr*). | *non); est-ce que?; adjectif interrogatif* (p. ex. *quel est ton sport préféré?*).<br>▪ Expresión do tempo: presente; futuro (*présent, futur proche*); *impératif.*<br>▪ Expresión do aspecto: puntual (frases simples); habitual (*présent*).<br>▪ Expresión da modalidade: factualidade (*phrases déclaratives*); capacidade (*pouvoir*); necesidade (*il faut+infinitif*); obriga/prohibición (*il faut*, imperativo); permiso (*pouvoir : est-ce que je peux… ?*); intención/desexo (*vouloir*); cortesía (*distinction tu/vous*).<br>▪ Expresión da existencia (presentativos, *c'est, ce sont*); da entidade (p. ex. *articles définis, indéfinis, noms, pronoms personnels sujet (on), pronoms toniques*); os presentativos (ex. *c'est, voilà, il est*); a posesión (adxectivos posesivos dun só propietario); a existencia (ex. *il y a, il n'y a pas*); a cualidade (xénero e número dos adxectivos regulares).<br>▪ Expresión da cantidade: (plurais regulares; números cardinais ata 2 cifras; primeiros números ordinais; | *derful holiday!; How + Adj., e. g. How interesting!; exclamatory sentences and phrases, e. g. Well, that is a surprise! Fine! Great!).*<br>▪ Negación (*negative sentences with not, never, (Noun, e. g. never mind, not to worry, nobody, nothing; negative tags*).<br>▪ Interrogación (*Wh- questions; Aux. Questions; What is this for?; tags*).<br>▪ Expresión do tempo: pasado (*past simple and continuous;* presente *(present simple and continuous);* futuro *(going to; will; present simple and continuous + Adv.*).<br>▪ Expresión do aspecto: puntual (*simple tenses);* durativo *(present and past simple;* habitual *(simple tenses + Adv., e. g. usually); used to*).<br>▪ Expresión da modalidade: factualidade (*declarative sentences);* capacidade *(can; be able to));* necesidade *(must; need; have (got) to);* obriga *(have (got) to; must; imperative);* permiso *(could);* intención *(present continuous*).<br>▪ Expresión da existencia (*e. g. there be/has been*); a entidade | ▪ Expresión do tempo (presente (*presente*); futuro (*presente (p.es. domani vado in spiaggia)*)) e do aspecto (puntual *(tempi semplici*); durativo *(presente*); habitual *(tempi semplici*)).<br>▪ Expresión da modalidade: factualidade (*frasi dichiarative affermative e negative*); necesidade (*dovere + Inf.);* obriga (*dovere + Inf.);* intención (*presente*).<br>▪ Expresión da existencia (*p.es. c'è/ci sono*); a entidade (*nomi; pronomi soggetto; articoli*) ; a calidade *(p.es. molto, poco).Genere e numero; accordo.*<br>▪ Expresión da cantidade *(singolare /plurale, numerali). Quantità: p.es. un etto; grado: p.es. molto simpatico.*<br>▪ Expresión do espazo *(preposizioni, avverbi ed espressioni che indicano luogo, movimento, direzione e origine).*<br>▪ Expresión do tempo (*l'ora; collocazione nel tempo; posteriorità; frequenza).*<br>▪ Expresión do modo (*avverbi ed espressioni di modo*). | ▪ Negación (sentenzas declarativas negativas con *não, nunca).*<br>▪ Interrogación (sentenzas interrogativas directas totais; sentenzas interrogativas directas QU- (p. ex., *Quem fez o quê? Para que é isso?).*<br>▪ Expresión do tempo: pasado (perfeito simples); presente (presente).<br>▪ Expresión do aspecto: durativo (*estar a + Inf.)*<br>▪ Expresión da modalidade: factualidade (frases declarativas); permiso (poder + Inf.; ser possível/permitido + Inf.); intención (pensar + Inf.; querer + Inf.).<br>▪ Expresión da existencia (p. ex., *ser, estar, haver/ter*); a entidade (substantivos contables/incontables); pronomes (tónicos); determinantes.<br>▪ Expresión da cantidade (singular/plural; numerais cardinais e ordinais).<br>▪ Expresión do espazo (preposicións e adverbios de lugar, localización, distancia).<br>▪ Expresión do tempo (expresións, preposicións e locucións de tempo (momento puntual (p. ex. *em 1999*), divisións (p. ex., dí- |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| Alemán | Francés | Inglés | Italiano | Portugués |
|---|---|---|---|---|
| | *articles partitifs*). Adverbios de cantidade e medidas (*un peu, trop, assez, beaucoup, un kilo, un tube*<br>▪ Expresión do espazo (*prépositions et adverbes de lieu avec villes et pays (en/au + pays, à + ville), position (ici), distance, mouvement, direction, provenance (venir de + ville), destination (aller à +ville)*.<br>▪ Expresión do tempo: puntual (*l'heure, moments du jour (le matin, le soir)*) ; indicacións de tempo (*aujourd'hui*); duración (*de… à*); secuenciación (*à partir de + heure*); frecuencia (*d'habitude*).<br>▪ Expresión do modo (*à / en + medios de transporte*). | (*count/uncount/collective/compound nouns; pronouns (relative); determiners);* a calidade *(e. g. good at maths; rather tired*).<br>▪ Expresión da cantidade (*singular/plural; cardinal and ordinal numerals. Quantity: e. g. all (the), most, both, none. Degree: e. g. really; quite; so;*<br>▪ *a little*).<br>▪ Expresión do espazo (*prepositions and adverbs of location, position, distance, motion, direction, origin and arrangement*).<br>▪ Expresión do tempo (*points (e. g. five to (ten)); divisions (e. g. century; season), and indications (ago; early; late) of estate; duration (from…to; during; until; since); anteriority (already; (not) yet); posteriority (afterwards; later); sequence (first, next, last); simultaneousness (while, as); frequency (e. g. often, usually)*.<br>▪ Expresión do modo (*Adv. and phrases of manner, e. g. easily; by post*). | | as, meses) e indicacións (p. ex., *atrás, cedo, tarde*) de tempo; anterioridade (ontem); posterioridade (*depois, logo*);.<br>▪ Expresión do modo (expresións, preposicións e locucións prepositivas de modo, p. ex., *devagar, pior*). |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia
DOG Diario Oficial de Galicia

2º de ESO

| | Segunda Lingua Estranxeira. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Comprensión de textos orais | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ i | ▪ B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais:<br>– Uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto;<br>– Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema.<br>– Identificación de palabras clave.<br>– Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica)<br>– Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos.<br>– Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece, a partir do contexto e das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece á lingua estranxeira.<br>▪ B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.<br>▪ B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repeti- | ▪ B1.1. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal e pública moi básica (identificación persoal, gustos, etc.), así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento e actividades na aula.<br>▪ B1.2. Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.<br>▪ B1.3. Comprender o sentido global e as informacións específicas máis salientables de mensaxes orais sinxelas e moi básicas (por exemplo, onde e cando ocorre algo, seguir instrucións ou indicacións, identificar persoas que posúen algo, obxectos e lugares descritos | ▪ SLEB1.1. Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (información básica de carácter persoal, solicitudes de enderezo sinxelas a lugares moi coñecidos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (datas, prezos, pequenas doenzas, etc.) e temas con que está moi familiarizado, e segue instrucións e consignas de aula. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis salientable de textos orais procedentes de medios audiovisuais ou de internet, breves como instrucións e comunicados, con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas e accións presentes moi habituais, sempre que se fale de xeito moi pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Segunda Lingua Estranxeira. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | fala a lingua estranxeira e o noso.<br>– Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.<br>▪ B5.4. Plurilingüismo:<br>– Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.<br>– Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.<br>▪ B5.5. Funcións comunicativas:<br>– Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.<br>– Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.<br>– Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros.<br>– Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e adver- | varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.<br>▪ B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos de devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, así como os seus significados asociados (por exemplo, utilizar unha estrutura interrogativa para facer unha suxestión); utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, e empregar para comunicarse mecanismos sinxelos bastante axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores discursivos moi frecuentes), sempre que sexan traballados na clase previamente. | e traballados previamente. | |

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Segunda Lingua Estranxeira. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | tencias.<br>– Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza.<br>– Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición.<br>– Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios.<br>– Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.<br>▪ B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a:<br>– Identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades básicas da vida diaria; familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde máis básica e coidados físicos elementais; educación e estudo; compras básicas; alimentación e restauración; transporte, tempo meteorolóxico e tecnoloxías da información e da comunicación.<br>– Expresións fixas, enunciados fraseolóxicos moi básicos e moi habituais (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias, expresión sinxelas de gustos) e léxico sobre temas relacionados con contidos moi sinxelos e predicibles doutras áreas do currículo.<br>▪ B5.7. Estruturas sintáctico- | | | |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



| | Segunda Lingua Estranxeira. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | discursivas propias de cada idioma. | | | |

[1]**Contidos sintáctico-discursivos por idiomas:**

| Alemán | Francés | Inglés | Italiano | Portugués |
|---|---|---|---|---|
| ▪ Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*nicht nur… sondern auch*); disxunción (*oder*); oposición/concesión (*nicht… sondern*); causa (*denn/weil*); finalidade (*um zu + Infinitiv*); comparación (*so / nicht so + Adjektiv + wie; mehr/weniger + Adjektiv/Adverb + als; immer besser*); condición (*wenn*); estilo indirecto.<br>▪ Relacións temporais (*während*).<br>▪ Afirmación.<br>▪ Exclamación.<br>▪ Negación (*negative Sätze mit nicht, nie, nicht + Adjektiv, niemand, nichts*).<br>▪ Interrogación (*W-Fragen; Ja/Nein-Fragen*).<br>▪ Expresión do tempo: pasado (*Präteritum; Perfekt; Plusquamperfekt*); presente (*Präsens*).<br>▪ Expresión da modalidade: factualidade (*Aussagesätze*); capacidade (*mögen*); posibilidade/probabilidade | ▪ Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*non seulement…mais aussi*); disxunción (*ou bien*); oposición/concesión (*cependant*); causa (*car*); finalidade (*de façon à, de manière à + Inf.);* comparación (*le meilleur, le mieux, le pire, aussi + Adj. /Adv. que*; (ex: *Il n'est pas aussi intelligent que toi*); consecuencia (*alors, donc*); explicativas (*ainsi, car*).<br>▪ Relacións temporais (*puis, finalement, tout de suite, enfin, pendant, pendant que + Indic.*).<br>▪ Exclamación (*Comment, Quel/Quelle/Quels/Quelles, C'est parti!*).<br>▪ Negación (*ne…jamais, ne… rien, ne… personne, ne…plus*).<br>▪ Interrogación (*Et alors? À quoi bon…? Quel, quelle, quels, quelles*, pronomes interrogativos (ex. *lequel, laquelle, etc.*), *Ah bon? Moi non, Moi non plus*). | ▪ Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*and, too, also*); disxunción (*or*); oposición (*but*); causa (*because (of); due to*); finalidade (*to + infinitive; for+-ing*); comparación (*as/not so +Adj.+ as; more comfortable/ quickly, faster (than); the fastest*); resultado (so…); condición (*if; unless*); estilo indirecto (*reported information, offers, suggestions and commands*).<br>▪ Relacións temporais (*the moment (she left); while*).<br>▪ *Be used to/ get used to.*<br>▪ Afirmación (*affirmative sentences; tags; Me too; Think/Hope so*).<br>▪ Exclamación (*What + (Adj. +) noun, e. g. What beautiful horses!; How + Adv. + Adj., e. g. How very nice!; exclamatory sentences and phrases, e. g. Hey, that's my bike!*).<br>▪ Negación (*negative sentences with not, never, no* | ▪ Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*(e) anche, (e) neanche, né*); disxunción (*o*); oposición (*ma, invece (di)*); causa (*perché*); finalidade (*per/a + Inf.*); condición (*se*); comparación (*più / meno (di); come; il più / il meno...(di)*); resultado (*allora, così*); estilo indirecto (*informazione riferita, consigli, ordini, offerte*).<br>▪ Relacións temporais (*quando, prima, poi dopo, mentre*).<br>▪ Afirmación (*frasi dichiarative affermative e proforma (p.es. anche io; credo/penso di si)*<br>▪ Exclamación (*forme ellittiche: nome (p.es. (che) peccato!); avverbio (p.es. bene!); interiezioni (p.es. ah! eri tu; oh, che bello!)*).<br>▪ Negación (*proforma (p.es. no, neanch'io, (per) niente, credo di no); frasi dichiarative negative con non (mai), (per) niente, nessu-* | ▪ Expresión de relacións lóxicas: adición (*não só...como também; não só... também);* disxunción (*ou, ou...ou);* oposición /concesión (*mas, mesmo assim;... embora*); causa (*por causa disso; daí que*); finalidade (*para + Inf.; para que);* comparación (*mais/menos/tão/tanto + Adj./Adv./Subst. + (do) que/como/quanto*; superlativo relativo (p. ex., *o rapaz mais distraído da turma*); resultado (*assim, portanto*); condición (*se, sem*); discurso indirecto (informacións, ofrecementos, suxestións e ordes).<br>▪ Relacións temporais (*enquanto, antes que, depois que, logo que, até que, sempre que*).<br>▪ Afirmación (sentenzas declarativas afirmativas; frases impersoais).<br>▪ Exclamación (formas elípticas*: Que + Subst. + (tão) + Adj.*, p. ex. *Que dia* |

| Alemán | Francés | Inglés | Italiano | Portugués |
|---|---|---|---|---|
| (*können; dürfen; vielleicht*); necesidade (*müssen*); obriga (*müssen; sollen; Imperativ*); permiso (*dürfen; können; lassen*); intención (*wollen*).<br>▪ Expresión da existencia; da entidade (*zählbare und nicht zählbare Sammelbezeichnungen; zusammengesetzte Nomen; Pronomen [Relativ-, Reflexiv- und Determinativpronomina]*); da calidade (*z. B. „schön praktisch", „zu teuer"*).<br>▪ Expresión da cantidade (*Singular und Plural; Kardinal- und Ordinalzahlen; Quantität, z. B. viele; Grad, z. B. völlig, ein bisschen*).<br>▪ Expresión do espazo (*Präpositionen; Lokaladverbien*).<br>▪ Expresión do tempo (*Stundenzählung, z. B. „um Mitternacht"; Zeiteinheiten, z. B. Semester; Ausdruck der Zeit [vor; früh; spät]; Dauer [seit… bis; während; ab]; Vorzeitigkeit [noch; schon (nicht)]; Nachzeitigkeit [danach; später]; Aufeinanderfolge [zuerst]; Häufigkeit, z. B. „zweimal die Woche", täglich*).<br>▪ Expresión do modo (*Modaladverbien und -sätze*). | ▪ Expresión do tempo: presente (verbos irregulares), pasado (*passé composé, imparfait*), futuro (*futur proche, futur simple*), condicional (fórmulas de cortesía e consello).<br>▪ Expresión do aspecto: puntual (frases simples), durativo (*en + date*), habitual (*parfois, jamais*), incoativo (*futur proche*), terminativo (*passé récent*).<br>▪ Expresión da modalidade: factualidade; capacidade (*arriver à faire*); posibilidade/probabilidade (*il est probable que, probablement*); necesidade; obriga/prohibición (*c'est à qui de…? c'est à+pron. tonique/nom+ de + Inf., interdit de*); permiso; intención/desexo (*décider de faire qqch., j'aimerais beaucoup faire qqch.*) ; cortesía.<br>▪ Expresión da existencia (presentativos); a entidade (artigos, morfoloxía (prefixos (*anti, hyper*) e sufixos (*-ette, -elle*), pronomes persoais, pronomes demostrativos; pronomes persoais OD e OI, "*en*", "*y*", proposicións adxectivais (*où, dont*); a cualidade, a posesión (adxectivos posesivos). | (*Noun, e. g. no chance), nobody, nothing; negative tags; me neither*).<br>▪ Interrogación (*Wh- questions; Aux. Questions; What is the book about?; tags*).<br>▪ Expresión do tempo: pasado (*past simple and continuous; present perfect; past perfect);* presente *(present simple and continuous);* futuro *(going to; will; present simple and continuous + Adv.).*<br>▪ Expresión do aspecto: puntual (*simple tenses*); durativo (*present and past simple/perfect; and future continuous);* habitual *(simple tenses (+ Adv., e. g. every Sunday morning); used to*); incoativo (*be about to*); terminativo (*stop +verb+–ing*).<br>▪ Expresión da modalidade: factualidade (*declarative sentences*); capacidade (*can; be able to*); posibilidade/probabilidade (*may; might; perhaps);* necesidade *(must; need; have (got) to*); obriga (have (got) to; must; imperative); permiso (*may; could; allow*); intención (*present continuous*).<br>▪ Expresión da existencia (*e. g. there could be*); a enti- | *no/nessuna)*).<br>▪ Interrogación (*totali; parziali introdotte da avv., pronomi e aggettivi interrogativi (p.es quanti biscotti vuoi?; come mai vieni alla festa?); disgiuntiva (p.es. preferisci caffè o tè?); eco (p.es. Gianni chi?); orientate (p.es. vero?)*).<br>▪ Expresión do tempo: (presente (*presente*); pasado (*imperfetto e perfetto composto*); futuro (*presente e futuro*)) e do aspecto (puntual (*tempi semplici*); durativo (*presente e imperfetto; perfetto composto (+Avv.); perifrasi stare + gerundio; continuare a +Inf.*); *avere l'abitudine di + Inf.*); iterativo (*prefisso ri-V; di nuovo*); incoativo (*cominciare a/iniziare a+Inf.; stare per + Inf.*); terminativo (*verbi intrinsecamente terminativi (p.es. arrivare); perifrasi finire di+ Inf.; perfetto composto (+Avv.)*)).<br>▪ Expresión da modalidade: factualidade *(frasi dichiarative affermative e negative);* capacidade (*(non) essere capace di+Inf.*)); posibilidade (*potere + Inf.; forse; dovere +Inf.);* necesidade (*dovere + Inf.; avere bisogno di + N / Inf.; essere necessario + Inf.*); (*dovere* | *tão lindo*!); sentenzas e sintagmas exclamativos, p. ex. *Ei, esta é a minha bicicleta!; Magnífica bolsa!).*<br>▪ Negación (sentenzas declarativas negativas con *não, nunca; (não) nada, nenhum (a), ninguém*), nem.<br>▪ Interrogación (sentenzas interrogativas directas totais; sentenzas interrogativas directas QU- (p. ex., *De quem é a culpa?);* interrogativas *tag* (p. ex., *Isto é fácil, não é?);* interrogativas eco*)*.<br>▪ Expresión do tempo: pasado (*pretérito imperfeito, perfeito simples e perfeito composto e pretérito mais-que-perfeito composto);* presente *(presente);* futuro *(futuro simple; (+Adv.); haver-de*).<br>▪ Expresión do aspecto: puntual (tempos simples); durativo (presente, futuro simples, pretérito imperfeito e pretérito perfeito composto do indicativo (+ Adv.); *andar a + Inf.; ir + Ger.*); habitual (tempos simples (+ Adv.); costumar+ Inf.); incoativo (*desatar a + Inf.*); iterativo (*pretérito imperfeito do indicativo; voltar a + Inf.);* terminativo (*pretérito perfeito simples* |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| Alemán | Francés | Inglés | Italiano | Portugués |
|---|---|---|---|---|
| | ▪ Expresión da cantidade: (plurais irregulares; números cardinais; números ordinais; artigos partitivos). Adverbios de cantidade e medidas (*beaucoup de, quelques, quelques-uns, tout le monde, plein de, plusieur(s)*); o grao.<br>▪ Expresión do espazo (*prépositions et adverbes de lieu, position, distance, mouvement, direction, provenance, destination*; pronome " *y* ").<br>▪ Expresión do tempo: puntual (*tout à l'heure, à ce moment-là, au bout de*); divisións (*semestre, période, au moment où*); indicacións de tempo (*la semaine dernière, le mois dernier,*); duración (*encore / ne…plus*); anterioridade (*déjà, ça fait…que*);posterioridade (*ensuite, puis*); secuenciación (*puis, enfin*); simultaneidade (*pendant, alors que*); frecuencia (*toujours, souvent, pas souvent, parfois, jamais*).<br>▪ Expresión do modo: (*Adv. de manière en –ment)*. | dade (*count/uncount/collective/compound nouns; pronouns (relative, reflexive/emphatic, one(s); determiners)*; a cualidade (*e. g. pretty good; much too expensive*).<br>▪ Expresión da cantidade (*singular/plural; cardinal and ordinal numerals. Quantity: e. g. lots/plenty (of). Degree: e. g. absolutely; a (little) bit*).<br>▪ Expresión do espazo (*prepositions and adverbs of location, position, distance, motion, direction, origin and arrangement*).<br>▪ Expresión do tempo (*points (e. g. at midnight), divisions (e. g. term), and indications (ago; early; late) of time; duration (from…to; during; until; since); anteriority (already; (not) yet); posteriority (afterwards; later); sequence (first, second, after that, finally); simultaneousness (just when); frequency (e. g. twice/four times a week; daily)*.<br>▪ *Make and do.*<br>▪ Expresión do modo (*Adv. and phrases of manner, e. g. carefully; in a hurry*).<br>▪ Uso de conectores.<br>▪ *Have/get causative.* | + *Inf.; imperativo*); permiso (*imperativo (+ pure); potere+Inf.*); intención (*presente, imperfetto e condizionale semplice di verbi volitivi + N / infinito; futuro (+Avv.); pensare di + Inf.; avere voglia di + Inf.*).<br>▪ Expresión da existencia (*p.es. ci sarà, eccolo*); a entidade (*nomi contabili / massa / collettivi / composti; pronomi* (*relativi, riflessivi, tonici); determinanti*); a calidade *(p.es. bravo in matematica; abbastanza stanco)*.<br>▪ Expresión da cantidade *(singolare /plurale, numerali cardinali, ordinali, collettivi (p.es. doppio, coppia). Quantità: p.es. ognuno, altro, partitivo (della, dello, del), un sacco di; grado: p.es. troppo bello, abbastanza dolce*.<br>▪ Expresión do espazo *(preposizioni, avverbi ed espressioni che indicano luogo, posizione, distanza, movimento, direzione, origine e disposizione)*.<br>▪ Expresión do tempo *(l'ora (p.es. a mezzanotte, a mezzogiorno); divisione (p.es. di mattina, in autunno) e collocazione nel tempo (p.es. due anni fa, l'anno scorso, ieri mattina);* | *composto e pretérito mais-que-perfeito composto; vir de + Inf.*).<br>▪ Expresión da modalidade: factualidade (frases declarativas); capacidade (*é capaz / incapaz de + Inf.; saber*); posibilidade/ probabilidade (*ser possível / impossível + Inf.; tal vez*); *necessidade* (ser preciso / *necessário* + Inf.); obrigación (*ser obrigatório + Inf.; imperativo); permiso (poder + Inf.; ser possível/permitido + Inf.*); prohibición: (não) ser possível /permitido + Inf.); intención (*pretérito imperfeito gostar de + Inf.; tratar de + Inf.; pensar + Inf.*).<br>▪ Expresión da existencia (p. ex., existir, dar-se); a entidade (substantivos contables /incontables/colectivos/compostos; pronomes (relativos, reflexivos átonos/ tónicos); determinantes; a calidade (*por exemplo, bastante bom; consideravelmente caro; ótimo*).<br>▪ Expresión da cantidade (Singular/Plural; Numerais cardinais e ordinais. Cantidade: p. ex. *bastante, a maior parte de, mais o menos*. Grao: p. ex. *consideravelmente; bastante bem*). |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| Alemán | Francés | Inglés | Italiano | Portugués |
|---|---|---|---|---|
| | | ▪ *Phrasal verbs.* | *durata (p.es. da (... a); fino a; fra/tra... e...); anteriorità (p.es. prima, già); posteriorità (p.es. più tardi, poi, il giorno dopo); contemporaneità (p.es. mentre); sequenza (p.es. prima.. poi... dopo... allora); intermittenza (p.es. ogni tanto); frequenza (p.es. quasi mai, una volta alla settimana)).*<br>▪ Expresión do modo (*avverbi ed espressioni di modo (p.es. piano, così, insieme)).* | ▪ Expresión do espazo (preposicións e adverbios de lugar, localización, distancia, movemento, orixe, dirección).<br>▪ Expresión do tempo (expresións, preposición e locucións de tempo (momento puntual (p. ex., *meio-dia),* divisións (p. ex., *período, fim de semana)* e indicacións de tempo (p. ex., *atrás, cedo*); duración (p. ex., *até; entre... e*); anterioridade *(anteontem, já);* posterioridade *(mais tarde, na semana que vem);* secuencia *(em primeiro lugar, depois, em último lugar);* simultaneidade *(naquele momento);* frecuencia (p. ex., *cada semana*).<br>▪ Expresión do modo (expresións, preposicións e locucións prepositivas de modo, p. ex., *á pressa*). |

1º de bacharelato

| | Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Comprensión de textos orais | | | |
| ▪ a<br>▪ b | ▪ B1.1. Estratexias de comprensión:<br>– Mobilización de información pre- | ▪ B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a | ▪ SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de com- | ▪ CCL<br>▪ CAA |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ c<br>▪ f | via sobre o tipo de tarefa e o tema.<br>– Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.<br>– Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial e puntos principais).<br>– Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.<br>– Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos (acenos, entoación, etc.).<br>– Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir do coñecemento doutras linguas, e de elementos non lingüísticos (imaxes, música, etc.).<br>– Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.<br>▪ B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa, e conciencia da importancia de chegar a comprender textos orais sen precisar entender todos e cada un dos seus elementos.<br>▪ B1.3. Constancia no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición do dito. | comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais ou os detalles relevantes do texto.<br>▪ B1.2. Identificar o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves ou de lonxitude media, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos, claramente estruturados e articulados a unha velocidade lenta ou media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que traten de aspectos concretos de temas xerais, sobre asuntos cotiáns en situacións correntes ou menos habituais, ou sobre os propios intereses nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.<br>▪ B1.3. Comprender o esencial e a información relevante en situacións que impliquen a solicitude de información xeral (datos persoais, lugares, horarios, datas, prezos, formas de pagamento, actividades, etc.), sempre que lle poidan repetir o dito.<br>▪ B1.4. Comprender o esencial en conversas sinxelas, básicas e breves sobre argumentacións básicas, puntos de vista e opinións relativos a temas frecuentes do ámbito persoal ou público, estados de saúde, | prensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso, facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.) e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ SLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes, gravadas ou de viva voz, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información claramente estruturada, sempre que poida volver escoitar o dito ou pedir confirmación. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ SLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal ou entrevista na que participa, información relevante de carácter habitual e predicible sobre asuntos prácticos no ámbito educativo (datos persoais, intereses, preferencias, e gustos e proxectos persoais e educativos, coñecemento ou descoñecemento, acordo e desacordo, etc.), sempre que poida pedir que se lle repita ou que se reformule, aclare ou elabore algo do que se lle dixo. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ SLEB1.4. Entende o que se di en transaccións e xestións cotiás e es- | ▪ CCL<br>▪ CAA |

DOG Núm. 120 Luns, 29 de xuño de 2015 Páx. 26692
Diario Oficial de Galicia
XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | sensacións e sentimentos básicos, claramente estruturados e articulados a unha velocidade lenta ou media, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.<br>▪ B1.5. Comprender o sentido xeral e a información moi relevante e sinxela de presentacións ben estruturadas sobre temas familiares e predicibles, e de programas de televisión tales como informativos, entrevistas ou anuncios, sempre que as imaxes sexan suficientemente redundantes para facilitar a comprensión. | truturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes ou centros docentes), e os puntos principais e a información relevante cando se lle fala directamente en situacións menos habituais, pero predicibles (por exemplo, a perda dun obxecto), sempre que poida volver escoitar o dito. | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ SLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, opinións xustificadas e claramente articuladas a unha velocidade lenta ou media, sobre diversos asuntos cotiáns ou de interese persoal, así como a expresión de sentimentos sobre aspectos concretos de temas habituais ou de actualidade, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ SLEB1.6. Identifica os aspectos máis importantes en presentacións sobre temas coñecidos ou do seu interese nos ámbitos persoal e educativo; e de programas informativos, documentais, entrevistas en televisión, anuncios publicitarios e programas de entretemento, cando o discurso está ben estruturado e articulado con claridade nunha variedade estándar da lingua, e con apoio da imaxe. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | Bloque 2. Produción de textos orais | | | |

| | Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ f | ▪ B2.1. Estratexias de produción:<br>– Planificación:<br>– Identificar o contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción.<br>– Adecuar o texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.<br>– Execución:<br>– Concibir a mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais, e a súa estrutura básica.<br>– Activar os coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.<br>– Expresar a mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados na clase previamente.<br>– Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. | ▪ B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.<br>▪ B2.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves ou de lonxitude media, e de estrutura simple e clara, recorrendo, entre outros, a procedementos como a reformulación, en termos máis sinxelos ou de significado aproximado, do que se quere expresar cando non se dispón de estruturas ou léxico máis complexos en situacións comunicativas máis específicas.<br>▪ B2.3. Intercambiar con pronuncia clara e intelixible, información en situacións de comunicacióalumnado e menos habituais, pero predicibles, nas que teña que expresar o acordo, o desacordo, o interese, a posibilidade e a imposibilidade, usando un repertorio de expresións frecuentes no ámbito público (doenzas, pequenas reclamacións, etc.), así como na expresión básica dos sentimentos e os intereses persoais, tales como satisfacción, desgusto, admiración e sorpresa.<br>▪ B2.4. Producir textos de extensión breve ou media, tanto cara a cara como por teléfono ou por outros medios técnicos, nun rexistro for- | ▪ SLEB2.1. Fai presentacións ensaiadas previamente, breves e con apoio visual, sobre aspectos concretos de temas educativos sinxelos do seu interese, organizando a información básica nun esquema coherente e ampliándoa con algúns exemplos, e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes sobre o tema tratado. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ SLEB2.2. Toma parte en conversas formais ou entrevistas de carácter educativo ou ocupacional, sobre temas moi habituais nestes contextos, intercambiando información relevante sobre feitos concretos, pedindo instrucións ou solucións a problemas prácticos, suscitando de xeito sinxelo e con claridade os seus puntos de vista, e xustificando brevemente as súas accións, opinións e plans. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ SLEB2.3. Desenvólvese coa suficiente eficacia en situacións cotiás e menos habituais pero predicibles que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais ou educativos (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, relacións coas autoridades, saúde ou lecer), e utiliza estratexias de comunicación lingüísticas (uso de exemplos e palabras de significado próximo) e xestos apropiados. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



| | Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | – Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.<br>– Lingüísticos:<br>– Modificar palabras de significado parecido.<br>– Definir ou parafrasear un termo ou unha expresión.<br>– Usar a lingua materna ou "estranxeirizar" palabras da lingua meta.<br>– Pedir axuda.<br>– Paralingüísticos:<br>– Sinalar obxectos, usar deícticos ou realizar accións que aclaran o significado.<br>– Usar linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas e contacto visual ou corporal).<br>– Usar elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo.<br>▪ B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas, para comprender e facerse comprender.<br>▪ B2.3. Rutinas ou modelos comúns de interacción segundo o tipo de situación de comunicación. | mal, neutro ou informal, cun discurso comprensible e adecuado á situación, e utilizando as estratexias necesarias para iniciar, manter e facer progresar a comunicación.<br>▪ B2.5. Intercambiar información e opinións, dar instrucións, describir e narrar acontecementos sinxelos, xustificar brevemente os motivos de accións e planos, formular hipóteses, facer suxestións e argumentar de xeito sinxelo, aínda que se produzan pausas para planificar o que se vai dicir e, en ocasións, haxa que formular a mensaxe en termos máis sinxelos e repetir ou reelaborar o dito para axudar á comprensión da persoa interlocutora. | ▪ SLEB2.4. Participa en conversas informais, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiáns, nas que intercambia información e se expresan e xustifican opinións brevemente; narra e describe feitos sinxelos ocorridos no pasado ou expresa brevemente plans de futuro; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións; expresa e xustifica sentimentos de xeito sinxelo, e describe con certo detalle aspectos concretos de temas de actualidade moi coñecidos ou de interese persoal ou educativo. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | Bloque 3. Comprensión de textos escritos | | | |
| ▪ a | ▪ B3.1. Estratexias de comprensión: | ▪ B3.1. Utilizar estratexias de lectura | ▪ SLEB3.1. Identifica a información | ▪ CCL |

DOG Diario Oficial de Galicia

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ f | – Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.<br>– Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).<br>– Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).<br>– Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.<br>– Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e experiencias noutras linguas.<br>– Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.<br>▪ B3.2. Recoñecemento da estrutura das cartas formais (remitente, cabeceira, lugar e data; asunto, saúdo á persoa destinataria, corpo da carta, despedida e sinatura). | (recurso ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.<br>▪ B3.2. Seguir instrucións e consignas básicas, sinxelas e predicibles, de carácter público, institucional ou corporativo.<br>▪ B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos descritivos ou narrativos breves e ben estruturados nos que se informa de acontecementos, se describen accións, persoas, obxectos e lugares, e se manifestan opinións con expresións sinxelas, relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade e do seu nivel escolar.<br>▪ B3.4. Recoñecer a estrutura das cartas formais (remitente, cabeceira, lugar e data; asunto, saúdo á persoa destinataria, corpo da carta, despedida e sinatura), e comprender un repertorio elemental e básico de expresións fixas de confirmación ou denegación, obriga, coñecemento, necesidade e permiso utilizadas para a concesión dunha bolsa, a confirmación dun pedimento, a re- | máis importante en textos xornalísticos do xénero informativo, en calquera soporte, breves e ben estruturados e que traten temas xerais e coñecidos ou traballados previamente, e capta as ideas principais de artigos divulgativos sinxelos, cunha linguaxe moi clara e un uso moi limitado de tecnicismos, sobre temas do seu interese. | ▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ SLEB3.2. Entende o sentido xeral e os puntos principais de anuncios e comunicacións sinxelos de carácter público, institucional ou corporativo, que conteñan instrucións e indicacións de carácter previsible, claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal ou educativo (por exemplo, sobre cursos, prácticas ou becas). | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ SLEB3.3. Identifica a información máis importante en instrucións sobre o uso de aparellos ou de programas informáticos de uso habitual, e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia no ámbito público e educativo. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ SLEB3.4. Identifica en lecturas adaptadas as liñas xerais do argumento, o carácter dos personaxes e as características do lugar e o tempo en que se desenvolven. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |

| | Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | serva dun hotel, etc.<br>▪ B3.5. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, en formato impreso ou en soporte dixital, ben estruturados e de curta ou media extensión, escritos nun rexistro formal, informal ou neutro, que traten asuntos cotiáns, temas de interese ou relevantes para os propios estudos ou as ocupacións e que conteñan estruturas frecuentes e un léxico xeral de uso común. | ▪ SLEB3.5. Comprende correspondencia persoal, breve e sinxela, en calquera soporte incluíndo foros en liña ou blogs, na que se describen e narran feitos e experiencias, impresións e sentimentos, e se intercambian información e opinións sobre aspectos concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu interese. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ SLEB3.6. Entende o esencial de correspondencia formal institucional ou comercial sobre asuntos que poden xurdir, por exemplo, mentres organiza ou realiza unha viaxe ao estranxeiro (concesión dunha bolsa, confirmación dun pedimento, reserva dun hotel, etc.). | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ SLEB3.7. Entende información específica relevante en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta (glosarios, dicionarios, enciclopedias e revistas) claramente estruturados, que conteñan mapas, fotografías, imaxes, vídeos ou animacións que axuden á comprensión sobre temas relativos a materias educativas ou asuntos relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | Bloque 4. Produción de textos escritos | | | |
| ▪ a<br>▪ b | ▪ B4. Estratexias de produción:<br>– Planificación: | ▪ B4.1. Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para | ▪ SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal, en calquera formato, na | ▪ CCL<br>▪ CAA |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ c<br>▪ f | – Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (repasar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).<br>– Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).<br>– Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos.<br>– Execución:<br>– Elaboración dun borrador seguindo textos modelo.<br>– Estruturación do contido do texto.<br>– Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.<br>– Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.<br>– Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísti- | elaborar textos escritos sinxelos de lonxitude breve ou media (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final), incorporando esquemas e expresións de textos modelo con funcións comunicativas similares ao texto que se quere producir.<br>▪ B4.2. Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal ou relativa aos seus estudos ou á súa formación.<br>▪ B4.3. Escribir mensaxes sinxelas e breves con información, instrucións e indicacións básicas e opinións sinxelas, relacionadas con actividades cotiás ou do seu interese.<br>▪ B4.4. Producir correspondencia formal para solicitar ou dar información relativa a bens e servizos, a partir de modelos sinxelos e básicos, actuando como mediación lingüística (adecuada ao seu nivel escolar), de ser o caso, cunha presentación do texto limpa e ordenada.<br>▪ B4.5. Escribir, en papel ou en soporte dixital, textos de estrutura clara, breves ou de extensión media, sobre asuntos cotiáns ou temas de interese persoal ou educativo, nun rexistro formal, neutro ou informal, utilizando os recursos de cohesión, as convencións ortográficas e os signos de puntuación máis comúns, e amosando un control razoable de estruturas e un léxico de uso fre- | que describe experiencias e sentimentos; narra, de forma lineal, actividades e experiencias presentes e pasadas; e intercambia información e opinións sobre temas concretos nas súas áreas de interese persoal ou educativo. | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ SLEB4.2. Completa un cuestionario con información persoal, educativa ou ocupacional (nivel de estudos, materias que cursa, preferencias, etc.) cunha finalidade específica, como inscribirse nun curso ou solicitar un campamento de verán. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ SLEB4.3. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e transmite información e opinións sinxelas, respectando as convencións e as normas de cortesía. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ SLEB4.4. Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, na que pide ou dá información, ou solicita un servizo, respectando as convencións formais e normas de cortesía máis comúns neste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada do texto. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ SLEB4.5. Escribe, nun formato convencional, informes expositivos | ▪ CCL<br>▪ CAA |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | cos dispoñibles.<br>– Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "botar unha man", etc.).<br>– Revisión:<br>– Identificación de problemas, erros e repeticións.<br>– Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.<br>– Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.).<br>– Reescritura definitiva.<br>▪ B4.2. Elaboración de cartas formais respectando a súa estrutura: remitente, cabeceira, lugar e data; asunto, saúdo á persoa destinataria, corpo da carta, despedida e sinatura.<br>▪ B4.3. Elaboración de informes expositivos elementais e breves, organizados nunha estrutura básica que inclúa unha introdución, o corpo do informe, a conclusión e a bibliografía. | cuente de carácter xeral. | moi breves e sinxelos nos que dá información esencial sobre un tema educativo, facendo breves descricións e narrando acontecementos seguindo unha estrutura esquemática moi sinxela (título, corpo do texto e, de ser o caso, conclusión e bibliografía). | ▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ f<br>▪ p | ▪ B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos:<br>– Sons e fonemas vocálicos.<br>– Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. | ▪ B5.1. Expresarse coa suficiente fluidez para que poida seguirse sen moita dificultade o fío do discurso, aínda que poidan producirse pausas para planificar o que se vai dicir e, en ocasións, haxa que interrom- | ▪ SLEB5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns básicos de | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | – Procesos fonolóxicos máis básicos.<br>– Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración.<br>▪ B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas:<br>– Uso das normas básicas de ortografía da palabra.<br>– Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.<br>▪ B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:<br>– Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira.<br>– Achegamento aos hábitos e ás actividades de estudo, traballo e lecer, condicións de vida e relacións interpersoais (no ámbito educativo, ocupacional e institucional); o contorno xeográfico básico (clima, rexións) e referentes artístico-culturais (feitos históricos e personaxes salientables).<br>– Recoñecemento de valores, crenzas, actitudes e tradicións fundamentais, e calquera outro aspecto cultural de interese, así como os aspectos culturais básicos que permitan comprender os | per e reiniciar a mensaxe para reformulala en termos máis sinxelos e máis claros para a persoa interlocutora.<br>▪ B5.2. Utilizar as convencións ortográficas, de puntuación e de formato de uso moi frecuente, en textos escritos en diferentes soportes, coa corrección suficiente para non dar lugar a serios malentendidos, aínda poidan cometerse erros que non interrompan a comunicación.<br>▪ B5.3. Utilizar para a comprensión e produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá (hábitos e actividades de estudo, traballo e lecer), condicións de vida e contorno, relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no ámbito educativo, ocupacional e institucional), comportamento (posturas, expresións faciais, uso da voz, contacto visual e proxémica), e convencións sociais (actitudes e valores), axustando a mensaxe á persoa destinataria e ao propósito comunicativo, e amosando a propiedade e a cortesía debidas.<br>▪ B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece. | ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.<br><br>▪ SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir.<br><br>▪ SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.<br><br>▪ SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.<br><br>▪ SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.), utilizando | <br><br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br><br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br><br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD<br><br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |

| | Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | países onde se fala a lingua estranxeira e actuar neles adecuadamente.<br>– Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.<br>– Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.<br>▪ B5.4. Plurilingüismo:<br>– Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.<br>– Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.<br>▪ B5.5. Funcións comunicativas:<br>– Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.<br>– Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.<br>– Narración de acontecementos e | ▪ B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.<br>▪ B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, así como os seus significados asociados (por exemplo, utilizar unha estrutura interrogativa para facer unha suxestión), e empregar para comunicarse mecanismos sinxelos bastante axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores discursivos moi frecuentes), sempre que sexan traballados na clase previamente.<br>▪ B5.7. Recoñecer e utilizar un repertorio léxico de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, os estudos e as ocupacións, e un repertorio limitado de expresións de uso moi frecuente suficiente para comunicar no seu nivel escolar. | adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar suficientes para comunicar con eficacia. | |
| | | | | |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros.<br>– Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias.<br>– Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza.<br>– Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición.<br>– Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios.<br>– Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.<br>▪ B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a aspectos culturais variados:<br>– Vida cotiá: alimentación (pratos e produtos típicos, costumes alimentarios, tabús, convencións sociais, horarios etc.); familia e amizades; actividades de lecer; viaxes e transportes; festas e celebracións; saúde e educación; compras e actividades comerciais.<br>– Bens e servizos básicos.<br>– Contorno: clima, campo, cidade e lugares máis representativos.<br>– Tecnoloxía: aparellos de uso co- | | | |

DOG Diario Oficial de Galicia

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | tián.<br>– Calquera outro que se considere de interese.<br>– Expresións fixas e enunciados fraseolóxicos básicos e moi habituais.<br>▪ B5.7. Estruturas sintáctico-discursivas propias de cada idioma. | | | |

[1]**Contidos sintáctico-discursivos por idiomas:**

| Alemán | Francés | Inglés | Italiano | Portugués |
|---|---|---|---|---|
| ▪ Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*sowohl… als auch*); disxunción (*entweder… oder*); oposición/concesión (*obwohl*); causa (*denn/weil*; *wegen*); finalidade (*damit; dazu; darum*); comparación (so / nicht so + Adjektiv + wie; mehr/weniger + Adjektiv/Adverb + al); resultado/correlación (deshalb; so dass); condición (wenn; sofern; falls); estilo indirecto.<br>▪ Relacións temporais (*sobald*).<br>▪ Afirmación.<br>▪ Exclamación.<br>▪ Negación (*z. B. „nicht schlecht", „durchaus nicht", „keineswegs!"*).<br>▪ Interrogación (*W-Fragen,* | ▪ Expresión de relacións lóxicas: conxunción; disxunción; oposición (*alors que, au lieu de + Inf, bien que, par contre, malgré, pourtant, tout de même*); causa (*puisque*); finalidade (*de façon à, de manière à + Inf.*); comparación (*plus…plus, moins…moins, plus…moins, moins…plus*); consecuencia (*de telle manière que, de façon à ce que*); condición (*si, même si + Indic.*); estilo indirecto.<br>▪ Relacións temporais (depuis, *de… jusqu'à, lorsque, avant/après + Inf., au moment où, (à) chaque fois que*).<br>▪ Exclamación (*Que, Hélas!*)<br>▪ Negación (*personne ne…, rien ne…, ne…aucun, ne…* | ▪ Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*not only…but also; both…and*); disxunción (*or*); oposición/concesión (*(not…) but; …, though*); causa (*because (of); due to; as*); finalidade (*to+ infinitive; for+-ing*); comparación (*as/not so Adj. as; less/more + Adj./Adv. (than); better and better; the highest in the world*); resultado (*so; so that);* condición (*if; unless*); estilo indirecto (*reported information, offers, suggestions and commands*).<br>▪ Relacións temporais (*the moment (she left); while*).<br>▪ Afirmación (*affirmative sentences; tags; Me too; Think/Hope so*). | ▪ Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*non solo... ma anche*; disxunción (*oppure*); oposición (*però, mentre)*; causa (*siccome);* resultado / correlación (*dunque, quindi, così/tanto che/da*); estilo indirecto (*consigli, ordini, offerte*).<br>▪ Relacións temporais *((da) quando, prima di, appena).*<br>▪ Afirmación *(frasi dichiarative affermative, proforma (spero di sì).*<br>▪ Exclamación *(forme ellittiche: sintagma preposizionale. (p.es in bocca al lupo!); frase semplice (p.es. crepi (il lupo)!); interiezioni (p.es. eh!, Anna!)).*<br>▪ Negación *(frasi dichiarative negative con avverbi e* | ▪ Expresión de relacións lóxicas: adición (*não só...como também; não só... também);* disxunción *(ou, ou...ou);* oposición /concesión *(mas, mesmo assim;... embora*); causa (*por causa disso; daí que*); finalidade (*para + Inf.; para que); comparación (mais/menos/tão/tanto + Adj./Adv./Subst. + (do) que/como/quanto*; superlativo relativo (p. ex., *o rapaz mais distraído da turma*); resultado (*assim, portanto*).<br>▪ Expresión da condición (conectores: *se, sem, desde que…;* formas verbais: *futuro de indicativo e de conjuntivo, simples e composto, pretérito e pretérito-mais-que-perfeito compos-* |

| Alemán | Francés | Inglés | Italiano | Portugués |
|---|---|---|---|---|
| *z. B. „Wie kommt es?"; Ja/Nein-Fragen; „So?")*.<br>▪ Expresión do tempo: pasado (*Präteritum; Perfekt; Plusquamperfekt; historisches Präsens*); presente (*Präsens*); futuro (*werden + Infinitiv*).<br>▪ Expresión da modalidade: factualidade (*Aussagesätze*); capacidade (*schaffen*); posibilidade/probabilidade (*möglicherweise; wahrscheinlich*); necesidade (*brauchen*); obriga (*brauchen / nicht brauchen*); permiso (*dürfen; können; lassen*); intención (*denken zu + Infinitiv*).<br>▪ Expresión da existencia; da entidade (*zählbare und nicht zählbare Sammelbezeichnungen; zusammengesetzte Nomen; Pronomen [Relativ-, Reflexiv- und Determinativpronomina]*); da calidade (*z. B. „eher unbekannte", „leicht zu finden"*).<br>▪ Expresión da cantidade (*Zahlen, z. B. Brüche und Dezimalzahlen; Quantität, z. B. mehrere; Grad, z. B. ziemlich gut*).<br>▪ Expresión do espazo (*Präpositionen; Lokaladverbien*).<br>▪ Expresión do tempo (*Stun-* | *que, ne… pas encore*).<br>▪ Interrogación (*lequel, laquelle, lesquels, lesquelles, auquel, duquel*).<br>▪ Expresión do tempo: presente; pasado; futuro.<br>▪ Expresión do aspecto: puntual (frases simples); durativo (*il était une fois*); habitual (*de temps en temps, chaque, tous les*); incoativo, terminativo.<br>▪ Expresión da modalidade: factualidade; capacidade (*réussir à*); posibilidade/probabilidade (*c'est (presque) certain*); necesidade; obriga/prohibición (*défense de, défendu de+ Inf.*); permiso (*permettre de faire qqch. à qq´un, donner la permission à qq'un de faire qqch*); intención/desexo (*penser/espérer + Inf,*); factitivo o causal con el verbo *faire* (ex: *Pierre a fait tomber son livre/s'est fait couper les cheveux*); condicional (*conditionnel présent*) ; cortesía.<br>▪ Expresión da existencia: presentativos; a entidade (artigos, sustantivos, pronomes persoais, adxectivos e pronomes demostrativos; pronomes persoais OD e OI, "*en*", "*y*"; proposi- | ▪ Exclamación (*What + (Adj. +) noun, e. g. What beautiful horses!; How + Adv. + Adj., e. g. How very nice!; exclamatory sentences and phrases, e. g. Hey, that's my bike!*).<br>▪ Negación (*negative sentences with not, never, no (Noun, e. g. no chance), nobody, nothing; negative tags; me neither*).<br>▪ Interrogación (*Wh- questions; Aux. Questions; What is the book about?; tags*).<br>▪ Expresión do tempo: pasado (*past simple and continuous; present perfect; past perfect); presente (present simple and continuous); futuro (going to; will; present simple and continuous + Adv.*).<br>▪ Expresión do aspecto: puntual (*simple tenses); durativo (present and past simple/perfect; and future continuous); habitual (simple tenses (+ Adv., e. g. every Sunday morning); used to*); incoativo (*be about to*); terminativo (*stop+verb+ –ing*).<br>▪ Expresión da modalidade: factualidade (*declarative sentences*); capacidade (*can; be able to*); posibili- | *quantificatori negativi (non, nessuno); proforma (p.es. spero di no))*.<br>▪ Interrogación *(totali; parziali introdotte da avverbi e pronomi e aggettivi interrogativi (p.es. da quando))*.<br>▪ Expresión do tempo (presente (*presente*); pasado *(perfetto composto);* futuro *(presente)*) e do aspecto (puntual *(tempi semplici)*; durativo *(presente; perfetto composto (+Avv.); continuare a + Inf.*); habitual *(tempi semplici e perfetto composto (+Avv.))*; iterativo (*ancora*); incoativo (*mettersi a +Inf.*); terminativo *(smettere di+ Inf.; tempi composti (+Avv.))*.<br>▪ Expresión da modalidade (factualidade (*frasi dichiarative affermative e negative*); necesidade *(bisognare + Inf.*); obriga *(imperativo; aver da + Inf., essere costretto a +Inf.*); permiso *(essere permesso + Inf.);* intención *(avere l'intenzione di + Inf.; decidere di + Inf.));* prohibición *(non) essere permesso + Inf.)*.<br>▪ Expresión da existencia *(p.es. ecco fatto)*; a entidade (*nomi contabili / massa / collettivi; pronomi (riflessivi, tonici); determinanti*); a calidade *(p.es. davvero inte-* | *to do conjuntivo, condicional simples e composto*).<br>▪ Discurso indirecto (informacións, ofrecementos, suxestións e ordes) e indirecto livre.<br>▪ Relacións temporais (*enquanto, antes que, depois que, logo que, assim que, mal + presente do conjuntivo, até que, sempre que*).<br>▪ Afirmación (sentenzas declarativas afirmativas; frases impersoais).<br>▪ Exclamación (formas elípticas: *Que + Subst. + (tão) + Adj.*, p. ex. *Que dia tão lindo!*); sentenzas e sintagmas exclamativos, p. ex. *Ei, esta é a minha bicicleta!; Magnífica bolsa!)*.<br>▪ Negación (sentenzas declarativas negativas con *não, nunca; (não) nada, nenhum (a), ninguém*, nem).<br>▪ Interrogación (sentenzas interrogativas directas totais; sentenzas interrogativas directas QU- (p. ex., *De quem é a culpa?);* interrogativas *tag* (p. ex., *Isto é fácil, não é?);* interrogativas eco e duplas).<br>▪ Expresión do tempo: pasado (*pretérito imperfeito, perfeito simples e perfeito composto e pretérito mais-* |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

DOG Diario Oficial de Galicia
DOG Núm. 120 Luns, 29 de xuño de 2015 Páx. 26704

| Alemán | Francés | Inglés | Italiano | Portugués |
|---|---|---|---|---|
| *denzählung, z. B. „morgen um diese Zeit", „in zehn Tagen"; Zeiteinheiten, z. B. Semester; Ausdruck der Zeit [früher; später]; Dauer, z. B. „den ganzen Tag", „den ganzen Sommer lang"; Vorzeitigkeit [noch; schon (nicht)]; Nachzeitigkeit, z. B. danach, später; Aufeinanderfolge [zuerst; zunächst; schließlich]; Gleichzeitigkeit [gerade als]; Häufigkeit, z. B. sehr oft*).<br>▪ Expresión do modo (Modaladverbien und -sätze). | cións adxectivais); a calidade; a posesión.<br>▪ Expresión da cantidade (fraccións, decimais, porcentaxes; artigos partitivos, adverbios de cantidade e medidas) e do grao.<br>▪ Expresión do espazo (*prépositions et adverbes de lieu, position, distance, mouvement, direction, provenance, destination*).<br>▪ Expresión do tempo: puntual (*dans nº jours*); divisións (*dans les années, quinzaine*); indicacións de tempo (*au début, à la fin, en début de semaine*); duración (*matinée, journée, soirée*); anterioridade (*jusqu'à ce que*); posterioridade (*dès que, depuis (le temps) que*); secuenciación (*premièrement, deuxièmement*); simultaneidade (*lorsque, lors de + nom*); frecuencia (*tous/ toutes les…, généralement, quelquefois, rarement, presque jamais*).<br>▪ Expresión do modo (*de cette manière, de cette façon là*). | dade/probabilidade (*may; might; perhaps*); necesidade (*must; need; have (got) to*); obriga (*have (got) to; must; imperative*); permiso (*may; could; allow*); intención (*present continuous*).<br>▪ Expresión da existencia (*e. g. there could be*); a entidade (*count/uncount/collective/compound nouns; pronouns (relative, reflexive/emphatic, one(s); determiners); a* cualidade *(e. g. pretty good; much too expensive*).<br>▪ Expresión da cantidade (*singular/plural; cardinal and ordinal numerals. Quantity: e. g. lots/plenty (of). Degree: e. g. absolutely; a (little) bit*).<br>▪ Expresión do espazo (*prepositions and adverbs of location, position, distance, motion, direction, origin and arrangement*).<br>▪ Expresión do tempo (*points e. g. at midnight), divisions (e. g. term), and indications (ago; early; late) of time; duration (from…to; during; until; since); anteriority (already; (not) yet); posteriority (afterwards; later); sequence (first, second, after that, finally); simultaneousness (just when); fre-* | *ressante).*<br>▪ Expresión da cantidade *(numero: singolare/plurale; numerali cardinali, ordinali, collettivi (p.es. dozzina), moltiplicativi (p.es. doppio). Quantità: p.es. la maggior parte; grado: p.es. davvero carino.*<br>▪ Expresión do espazo *(preposizioni, avverbi ed espressioni che indicano luogo, posizione, distanza, movimento, direzione, origine e disposizione).*<br>▪ Expresión do tempo *(l'ora (p.es. alle 17 (ore)); divisione (p.es. all'alba) e collocazione nel tempo (p.es. l'altro ieri); durata (p.es. tutto l'anno; da); anteriorità (p.es. prima di, (non) ancora); posteriorità (p.es. appena); contemporaneità (p.es. allo stesso tempo, all'improvviso); sequenza (p.es. prima.. poi... dopo... allora); intermittenza (p.es. ogni tanto); frequenza (p.es. (200 €) al mese)).*<br>▪ Expresión do modo *(avverbi ed espressioni di modo: p.es. in fretta*). | *que-perfeito composto);* presente *(presente, gerúndio);* futuro *(futuro simple e composto; (+Adv.); haver-de*).<br>▪ Expresión do aspecto: puntual (tempos simples); durativo (presente, futuro simples, pretérito imperfeito e pretérito perfeito composto do indicativo (+ Adv.); *andar a + Inf.; ir + Ger.*); habitual (tempos simples (+ Adv.); costumar+ Inf.); incoativo (*desatar a + Inf.*); iterativo (*pretérito imperfeito do indicativo; voltar a + Inf.);* terminativo (*pretérito perfeito simples composto e pretérito mais-que-perfeito composto; vir de + Inf.*).<br>▪ Expresión da modalidade: factualidade (frases declarativas); capacidade (*é capaz / incapaz de + Inf.; saber*); posibilidade/ probabilidade (*ser possível / impossível + Inf.; tal vez*); necessidade (ser preciso / *necessário* + Inf.); obrigación (*ser obrigatório + Inf.; imperativo);* permiso *(poder + Inf.; ser possível/permitido + Inf.*); prohibición: (não) ser possível /permitido + Inf.); intención (*pretérito imperfeito gostar de + Inf.; tratar de + Inf.;* |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



| Alemán | Francés | Inglés | Italiano | Portugués |
|---|---|---|---|---|
| | | *quency (e. g. twice/four times a week; daily).*<br>▪ Expresión do modo (*Adv. and phrases of manner, e. g. carefully; in a hurry*).<br>▪ Uso de conectores.<br>▪ *Have/get causative.*<br>▪ *Phrasal verbs.*<br>▪ *Gerund and infinitive.* | | *pensar + Inf.*).<br>▪ Expresión da existencia (p. ex., existir, dar-se); a entidade (substantivos contables /incontables/colectivos/compostos; pronomes (relativos, reflexivos átonos/ tónicos); determinantes; a calidade *(por exemplo, bastante bom; consideravelmente caro; ótimo*).<br>▪ Expresión da cantidade (Singular/Plural; Numerais cardinais e ordinais. Cantidade: p. ex. *bastante, a maior parte de, mais o menos.* Grao: p. ex. *consideravelmente; bastante bem*).<br>▪ Expresión do espazo (preposicións e adverbios de lugar, localización, distancia, movemento, orixe, dirección).<br>▪ Expresión do tempo (expresións, preposición e locucións de tempo (momento puntual (p. ex., *meiodia),* divisións (p. ex., *período, fim de semana)* e indicacións de tempo (p. ex., *atrás, cedo*); duración (p. ex., *até; entre...* e); anterioridade *(anteontem, já);* posterioridade *(mais tarde, na semana que vem);* secuencia *(em primeiro lugar, depois, em último lugar);* simultaneidade *(naquele* |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



| Alemán | Francés | Inglés | Italiano | Portugués |
|---|---|---|---|---|
| | | | | *momento);* frecuencia (p. ex., *cada semana*).<br>▪ Expresión do modo (expresións, preposicións e locucións prepositivas de modo, p. ex., *á pressa*). |

## 2º de bacharelato

| | Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Comprensión de textos orais | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ f | ▪ B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais:<br>– Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.<br>– Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.<br>– Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial e puntos principais).<br>– Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.<br>– Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos (acenos, entoación, etc.).<br>– Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir | ▪ B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.<br>▪ B1.2. Identificar o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves ou de lonxitude media, claramente estruturados, e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a unha velocidade media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que traten de aspectos concretos ou abstractos de temas xerais, sobre asuntos cotiáns en situacións correntes ou menos habituais, ou sobre os propios intereses nos ám- | ▪ SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso, facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ SLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes gravadas ou de viva voz, claramente articuladas, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, mesmo de tipo técnico, sempre que poida volver escoitar o dito ou pedir confirmación. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | do coñecemento doutras linguas, e de elementos non lingüísticos (imaxes, música, etc.).<br>– Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.<br>▪ B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa, e conciencia da importancia de chegar a comprender textos orais sen precisar entender todos os seus elementos.<br>▪ B1.3. Constancia no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición do dito. | bitos persoal, público, educativo e ocupacional ou laboral, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.<br>▪ B1.3. Comprender o esencial e a información relevante en situacións comúns, aínda que poidan necesitar unha xestión ou transacción menos habitual (explicacións a unha reclamación, cancelación dun servizo, etc.) que impliquen a solicitude de datos, realización de accións, formas de pagamento, etc.), sempre que lle poidan repetir o dito.<br>▪ B1.4. Comprender o esencial en conversas sinxelas, sobre argumentacións básicas, puntos de vista e opinións relativos a temas frecuentes do ámbito persoal ou público, suposicións e hipóteses, sensacións e sentimentos básicos, claramente estruturados e articulados a unha velocidade lenta ou media, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.<br>▪ B1.5. Comprender o sentido xeral e información esencial en presentacións ben estruturadas sobre temas coñecidos e predicibles, e de programas de televisión tales como informativos, entrevistas ou anuncios e películas, sempre que as imaxes sexan suficientemente redundantes para facilitar a comprensión. | ▪ SLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal ou entrevista na que participa, información relevante e detalles sobre asuntos prácticos relativos a actividades educativas ou ocupacionais de carácter habitual e predicible (datos persoais, formación, gustos, intereses e expectativas ou plans de futuro), sempre que poida pedir que se lle repita, ou que se reformule, aclare ou elabore algo do que se lle dixo. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ SLEB1.4. Entende o que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes e centros docentes), ou menos habituais pero referidas a necesidades inmediatas en situacións de comunicación comúns se pode pedir confirmación dalgúns detalles. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ SLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal e sinxela na que participa, explicacións ou xustificacións básicas de puntos de vista e opinións, sobre diversos asuntos de interese persoal, cotiáns ou menos habituais, articulados de maneira clara, así como a formulación de hipóteses, a expresión de sentimentos e a descrición de aspectos abstractos de temas como a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade, se a persoa interlo- | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato. | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | cutora está disposta repetir ou reformular o dito. | |
| | | | ▪ SLEB1.6. Identifica, con apoio visual, as ideas principais e información relevante en presentacións ou charlas ben estruturadas e de exposición clara sobre temas coñecidos ou do seu interese relacionados co ámbito educativo ou ocupacional, e os aspectos máis significativos de noticias de televisión claramente articuladas, así como o esencial de anuncios publicitarios, series e películas ben estruturados e articulados con claridade, nunha variedade estándar da lingua e cando as imaxes faciliten a comprensión. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | Bloque 2. Produción de textos orais | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ f | ▪ B2.1. Estratexias de produción:<br>– Planificación:<br>– Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción.<br>– Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.<br>– Execución:<br>– Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais, e a | ▪ B2.1. Aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais breves ou de lonxitude media, aínda que poidan producirse pausas, vacilacións ocasionais ou reformulacións do que se quere expresar en situacións menos habituais ou en intervencións máis longas.<br>▪ B2.2. Interactuar, en situacións reais ou simuladas, con eficacia suficiente para narrar e describir experiencias, acontecementos, sentimentos, reaccións, desexos e aspi- | ▪ SLEB2.1. Participa activamente en intercambios comunicativos na aula, utilizando a maioría das veces a lingua estranxeira, producindo mensaxes adecuadas ás situacións de comunicación reais ou simuladas, e colaborando para entender e facerse entender.<br><br>▪ SLEB2.2. Fai presentacións breves, con certa fluidez, ben estruturadas, ensaiadas previamente e con apoio visual, sobre aspectos concretos de temas educativos ou ocupacionais do seu interese, organizando a in- | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br><br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |

DOG Diario Oficial de Galicia

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | súa estrutura básica.<br>– Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.<br>– Expresión da mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados na clase previamente.<br>– Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.<br>– Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.<br>– Lingüísticos:<br>– Modificación de palabras de significado parecido.<br>– Definición ou reformulación dun termo ou expresión.<br>– Uso da lingua materna ou "estranxeirización" de palabras da lingua meta.<br>– Petición de axuda. | racións e plans ou proxectos; e intercambiar información pouco complexa, pedir e dar indicacións ou instrucións sinxelas con certo detalle, xustificar brevemente opinións e puntos de vista; formular hipóteses e facer suxestións, e expresarse sobre temas algo abstractos, como películas, música, libros, etc.<br>▪ B2.3. Intercambiar de xeito sinxelo pero eficaz, con pronuncia clara e intelixible, información en situacións de comunicacióalumnado e menos habituais, pero predicibles, nas que teña que expresar o acordo, o desacordo, o interese, a posibilidade e a imposibilidade, usando un repertorio de expresións frecuentes no ámbito público (doenzas, pequenas reclamacións, menús alternativos, accidentes, etc.), así como a expresión básica dos sentimentos e os intereses persoais, tales como satisfacción, desgusto, admiración e sorpresa.<br>▪ B2.4. Producir textos de extensión breve ou media, tanto cara a cara como por teléfono ou por outros medios técnicos, nun rexistro formal, neutro ou informal, cun discurso comprensible e adecuado á situación e utilizando as estratexias necesarias para iniciar, manter e facer progresar a comunicación.<br>▪ B2.5. Participar en situacións de comunicación formais que impli- | formación básica de maneira coherente, explicando as ideas principais brevemente e con claridade, e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes articuladas de maneira clara e a velocidade media. | |
| | | | ▪ SLEB2.3. Participa adecuadamente en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiáns ou menos habituais, nas que intercambia información e se expresa e xustifica brevemente opinións e puntos de vista; narra e describe de forma coherente feitos ocorridos no pasado ou plans de futuro reais ou inventados; formula hipóteses; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións con certo detalle; expresa e xustifica sentimentos, e describe aspectos concretos e abstractos de temas como, por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ SLEB2.4. Desenvólvese adecuadamente e utiliza estratexias de comunicación lingüísticas e xestos apropiados para facerse entender, en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, es- | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | – Paralingüísticos:<br>– Sinalación de obxectos, usando deícticos ou realizando accións que aclaran o significado.<br>– Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas e contacto visual ou corporal).<br>– Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo.<br>▪ B.2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.<br>▪ B2.3. Rutinas ou modelos comúns de interacción segundo o tipo de situación de comunicación. | quen intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou indicacións habituais para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se poida necesitar a axuda da persoa interlocutora, e sendo quen de intercambiar información e opinións, dar instrucións, xustificar brevemente os motivos de accións e plans, e argumentar de xeito sinxelo pero eficaz. | tudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de maneira sinxela pero correcta e adecuada ao contexto.<br>▪ SLEB2.5. Toma parte en conversas formais, entrevistas e reunións de carácter educativo ou ocupacional, sobre temas habituais nestes contextos, intercambiando información pertinente sobre feitos concretos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expondo os seus puntos de vista de maneira sinxela e con claridade, e razoando e explicando brevemente e de maneira coherente as súas accións, as súas opinións e os seus plans. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | Bloque 3. Comprensión de textos escritos | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ f | ▪ B3.1. Estratexias de comprensión:<br>– Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.<br>– Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).<br>– Distinción de tipos de compren- | ▪ B3.1. Utilizar estratexias (recurso ás imaxes, a títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e das expresións non coñecidas.<br>▪ B3.2. Seguir instrucións e consig- | ▪ SLEB3.1. Localiza con facilidade información específica de carácter concreto en textos xornalísticos do xénero informativo, en calquera soporte, ben estruturados e de extensión media, tales como noticias glosadas; recoñece ideas significativas de artigos divulgativos sinxelos, e identifica as conclusións principais en textos de carácter claramente argumentativo, adecuados ao seu nivel escolar, sempre que poida re- | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



| | Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | sión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).<br>– Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.<br>– Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e as experiencias noutras linguas.<br>– Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.<br>▪ B3.2. Recoñecemento da estrutura das cartas formais (remitente, cabeceira, lugar e data, asunto, saúdo á persoa destinataria, corpo da carta, despedida e sinatura). | nas básicas de carácter público, institucional ou corporativo.<br>▪ B3.3. Comprender información relevante en textos do seu interese, descritivos ou narrativos, de certa lonxitude e ben estruturados, nos que se informa de acontecementos, se describen accións, persoas, obxectos e lugares, e se manifestan opinións, crenzas ou valores con expresións sinxelas.<br>▪ B3.4. Comprender en textos formais un repertorio básico de expresións fixas para rexeitar (agradecendo ou xustificando), acceder (con reservas ou condicións); expresar posibilidade, imposibilidade ou obriga de facer algo; conceder e denegar (con ou sen obxeccións); aconsellar, recomendar ou animar a facer algo.<br>▪ B3.5. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves ou de lonxitude media e ben estruturados, escritos nun rexistro formal, informal ou neutro, que traten de asuntos cotiáns ou menos habituais, de temas de interese ou relevantes para os propios estudos, a ocupación ou o traballo, e que conteñan estruturas e un léxico de uso común, tanto de carácter xeral como máis específico. | ler as seccións difíciles. | |
| | | | ▪ SLEB3.2. Entende o sentido xeral, os puntos principais e información relevante de anuncios e comunicacións de carácter público, institucional ou corporativo claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal, educativo ou ocupacional (organización de grupos de traballo, información sobre actividades de formación específicas, etc.). | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ SLEB3.3. Identifica información relevante en instrucións detalladas sobre o uso de aparellos, dispositivos ou programas informáticos, e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia (por exemplo, nun evento cultural). | ▪ CCL<br>▪ CD |
| | | | ▪ SLEB3.4. Identifica en lecturas adaptadas as liñas xerais do argumento, o carácter dos personaxes e as súas relacións, e as características do lugar e o tempo en que se desenvolven. | ▪ CCL<br>▪ CCEC<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ SLEB3.5. Comprende correspondencia persoal, en calquera soporte incluíndo foros en liña ou blogs, na que se describen con certo detalle feitos e experiencias, impresións e sentimentos; nas que se narran feitos e experiencias, reais ou imaxi- | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA |

DOG Núm. 120 Luns, 29 de xuño de 2015 Páx. 26712
DOG Diario Oficial de Galicia

| | Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | narios, e se intercambian información, ideas e opinións sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu interese. | |
| | | | ▪ SLEB3.6. Entende o suficiente de cartas, faxes ou correos electrónicos de carácter formal, oficial ou institucional como para poder reaccionar en consecuencia (por exemplo, se se lle solicitan documentos para unha estadía de estudos no estranxeiro). | ▪ CCL<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ SLEB3.7. Entende información específica importante en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta (glosarios, dicionarios, enciclopedias e revistas) claramente estruturados, que conteñan mapas, fotografías, imaxes, vídeos ou animacións que axuden á comprensión sobre temas relativos a materias educativas ou asuntos ocupacionais relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CSC<br>▪ CAA |
| | Bloque 4. Produción de textos escritos | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ f | ▪ B4.1. Estratexias de produción:<br>– Planificación:<br>– Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de | ▪ B4.1. Coñecer, seleccionar e aplicaras estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos sinxelos de lonxitude breve ou media (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, | ▪ SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal e participa en foros, blogs e chats nos que describe experiencias, impresións e sentimentos; narra, de xeito lineal e coherente, feitos relacionados co seu ámbito de | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CSC |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | realizar eficazmente a tarefa (repasar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).<br>– Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).<br>– Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos.<br>– Execución:<br>– Elaboración dun borrador seguindo textos modelo.<br>– Estruturación do contido do texto.<br>– Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.<br>– Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.<br>– Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.<br>– Recurso aos coñecementos | redacción do borrador, revisión do texto e versión final), incorporando esquemas e expresións de textos modelo con funcións comunicativas similares ao texto que se quere producir.<br>▪ B4.2. Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal ou relativa aos seus estudos ou á súa formación.<br>▪ B4.3. Escribir mensaxes breves, en calquera soporte, con información, instrucións e indicacións básicas e opinións sinxelas, destacando os aspectos que resulten importantes ou do seu interese para o tema que se trate.<br>▪ B4.4. Producir correspondencia formal básica para solicitar ou dar información relativa a bens e servizos, a partir de modelos sinxelos e básicos, actuando como mediación lingüística, de ser o caso, cunha presentación do texto limpa e ordenada.<br>▪ B4.5. Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves ou de lonxitude media, coherentes e de estrutura clara, sobre temas de interese persoal, ou asuntos cotiáns ou menos habituais, nun rexistro formal, neutro ou informal, utilizando adecuadamente os recursos de cohesión, as convencións ortográficas e os signos de puntuación máis comúns, e amosando un control ra- | interese, actividades e experiencias pasadas ou feitos imaxinarios, e intercambia información e ideas sobre temas concretos, sinalando os aspectos que lle parecen importantes e xustificando brevemente as súas opinións sobre eles. | |
| | | | ▪ SLEB4.2. Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (nivel de estudos, materias que cursa, preferencias, etc.), cunha finalidade específica, como solicitar unha bolsa. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| | | | ▪ SLEB4.3. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e transmite información e opinións sinxelas e nos que resalta os aspectos que lle resultan importantes, respectando as convencións e as normas de cortesía, tamén nas redes socias. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| | | | ▪ SLEB4.4. Escribe correspondencia formal básica, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente destinada a pedir ou dar información, solicitar un servizo ou realizar unha reclamación ou outra xestión sinxela, respectando as convencións formais e as normas de cortesía usuais neste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada do texto. | ▪ CCL<br>▪ CCEC<br>▪ CD<br>▪ CSC |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "botar unha man", etc.).<br>– Revisión:<br>– Identificación de problemas, erros e repeticións.<br>– Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.<br>– Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.)<br>– Reescritura definitiva.<br>▪ B4.2. Elaboración de cartas formais respectando a súa estrutura: remitente, cabeceira, lugar e data, asunto, saúdo á persoa destinataria, corpo da carta, despedida e sinatura.<br>▪ B4.3. Elaboración de informes expositivos elementais e breves, organizados nunha estrutura básica que inclúa unha introdución, o corpo do informe, a conclusión e a bibliografía; e prestando atención ás estruturas sintáctico-discursivas que adoitan predominar neste tipo de texto (subordinacións relativas, finais, causais, etc.). | zoable de expresións e estruturas, e un léxico de uso frecuente, tanto de carácter xeral como máis específico dentro da propia área de especialización ou de interese. | ▪ SLEB4.5. Escribe, nun formato convencional, informes expositivos breves e sinxelos, atendendo á súa estrutura básica e particularidades sintáctico-discursivas elementais, nos que dá información esencial sobre un tema educativo, ocupacional ou menos habitual, describindo brevemente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha clara secuencia lineal, e explicando de maneira sinxela os motivos de certas accións. | ▪ CCL<br>▪ CCSC<br>▪ CD |
| | Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe | | | |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ f<br>▪ p | ▪ B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos:<br>– Sons e fonemas vocálicos.<br>– Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.<br>– Procesos fonolóxicos máis básicos.<br>– Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración.<br>▪ B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas:<br>– Uso das normas básicas de ortografía da palabra.<br>– Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.<br>▪ B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:<br>– Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira.<br>– Achegamento aos hábitos e ás actividades de estudo, traballo e lecer, condicións de vida e relacións interpersoais (nos ámbitos educativo, ocupacional e institucional); o contorno xeográfico básico (clima, rexións) e referentes artístico-culturais (feitos históricos e personaxes relevantes).<br>– Recoñecemento de valores, | ▪ B5.1. Expresarse de xeito claro e comprensible e coa suficiente fluidez para facerse entender, aínda que poidan producirse pausas e mesmo se as persoas interlocutoras poden necesitar repeticións cando se trata de palabras e estruturas pouco frecuentes, en cuxa articulación poden cometerse erros que non interrompan a comunicación.<br>▪ B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, de puntuación e de formato máis frecuentes con razoable corrección de modo que se comprenda a mensaxe, aínda que pode darse algunha influencia da primeira ou doutras linguas; e saber manexar os recursos básicos de procesamento de textos para corrixir os erros ortográficos dos textos que se producen en formato electrónico, e adaptarse ás convencións comúns de escritura de textos en internet.<br>▪ B5.3. Utilizar, para a comprensión e a produción de textos orais e escritos, os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá (hábitos e actividades de estudo, traballo e lecer), condicións de vida e contorno socioeconómico, relacións interpersoais (xeracionais ou nos ámbitos educativo, ocupacional e institucional), e convencións sociais (actitu- | ▪ SLEB5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito, e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir, adecuando a súa produción ás convencións sociolingüísticas da lingua meta. | ▪ CCL<br>▪ CCEC<br>▪ CSC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas. | ▪ CCL<br>▪ CCEC<br>▪ CSC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | ▪ CCL<br>▪ CCSC<br>▪ CCEC |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | crenzas, actitudes e tradicións fundamentais, e calquera outro aspecto cultural de interese, así como os aspectos culturais básicos que permitan comprender os países onde se fala a lingua estranxeira e actuar neles adecuadamente.<br>– Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.<br>– Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.<br>▪ B5.4. Plurilingüismo:<br>– Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece, para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.<br>– Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.<br>– Recurso aos coñecementos e ás experiencias lingüísticas noutras linguas que coñece (patróns discursivos para a organización e | des e valores), así como os aspectos culturais xerais que permitan comprender e expresar adecuadamente información e ideas presentes nos textos.<br>▪ B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.<br>▪ B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.<br>▪ B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións requiridas polo propósito comunicativo e un repertorio dos seus expoñentes máis comúns, así como patróns discursivos habituais para iniciar e concluír o texto adecuadamente, organizar a información de xeito claro, ampliala con exemplos ou resumila.<br>▪ B5.7. Coñecer e utilizar léxico escrito de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, os estudos e as ocupacións, e un repertorio limitado de expresións e modismos de uso frecuente. | ▪ SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, organizar unha tarefa, etc.), utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar, suficientes para comunicar con eficacia. | ▪ CCL<br>▪ CCSC<br>▪ CAA |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | ampliación ou restruturación da información; elementos adecuados de coherencia e de cohesión textual para organizar o discurso, facer progresar o tema, etc.).<br>▪ B5.5. Funcións comunicativas:<br>– Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.<br>– Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.<br>– Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros.<br>– Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias.<br>– Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza.<br>– Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición.<br>– Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios.<br>– Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.<br>▪ B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a aspectos | | | |

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | culturais variados:<br>– Vida cotiá: alimentación (pratos e produtos típicos, costumes alimentarios, tabús, convencións sociais, horarios, etc.); familia e amizades; actividades de lecer; viaxes e transportes; festas e celebracións; saúde; educación; compras e actividades comerciais; bens e servizos básicos; contorno (clima, campo, cidade e lugares máis representativos); tecnoloxía (aparellos de uso cotián), e e calquera outro que se considere de interese.<br>– Expresións fixas e enunciados fraseolóxicos básicos e moi habituais.<br>▪ B5.7. Estruturas sintáctico-discursivas propias de cada idioma. | | | |

[1]**Contidos sintáctico-discursivos por idiomas:**

| Alemán | Francés | Inglés | Italiano | Portugués |
|---|---|---|---|---|
| ▪ Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*weder… noch*); disxunción (*entweder… oder*); oposición/concesión (*dennoch*); causa (*denn/weil; wegen; da*); finalidade (*so dass*); comparación (*so / nicht so + Adjektiv + wie; „weit weniger lästig als"*); resulta- | ▪ Expresión de relacións lóxicas: conxunción; disxunción; oposición/concesión (*seulement si, même si, quoique, malgré que + Subj.* (para un feito real)); causa (*étant donné que*); finalidade (*pour que, dans le but que, de façon/manière à ce que,* | ▪ Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*neither…nor*); disxunción (either…or); oposición/concesión (*only (it didn't work); despite/in spite of + NP/VP/sentence);* causa (*because (of); due to; as; since*); finalidade (*so as to);* comparación (*as/not so* | ▪ Expresión de relacións lóxicas: conxunción *(inoltre, (e) pure);* disxunción (*altrimenti*); oposición (*comunque);* causa (*poiché*); concesiva (*anche se, malgrado, benché*); finalidade (*da + Inf, affinché*); condición (*se, nel caso che*); comparación (*più / meno* | ▪ Expresión de relacións lóxicas: adición (*não só...como também; não só...* também; além disso; nem sequer*);* disxunción *(ou, ou...ou);* oposición/concesión *(mas, mesmo assim, embora;* porém, no entanto; apesar de); causa (*por causa dis-* |

DOG Diario Oficial de Galicia

| Alemán | Francés | Inglés | Italiano | Portugués |
|---|---|---|---|---|
| do/correlación (*je mehr… desto besser*); condición (*wenn; sofern; falls; angenommen*); estilo indirecto.<br>▪ Relacións temporais (*solange; seitdem; nachdem*).<br>▪ Afirmación.<br>▪ Negación (*z. B. „Nee", „Nie im Leben"*).<br>▪ Interrogación (*W-Fragen, z. B. „Was ist denn schon passiert?"; Ja/Nein-Fragen*).<br>▪ Expresión do tempo: pasado (*Präteritum; Perfekt; Plusquamperfekt; historisches Präsens; Konjunktiv I*); presente (*Präsens; Konjunktiv I*); futuro (*werden + Infinitiv*).<br>▪ Expresión da modalidade: factualidade (*Aussagesätze*); capacidade (*[dazu] braucht es…*); posibilidade/probabilidade (*werden; wahrscheinlich; müssen*); necesidade (*benötigen; brauchen*); obriga (*brauchen / nicht brauchen*); permiso (*dürfen; können; lassen*); intención (*denken zu + Infinitiv*).<br>▪ Expresión da existencia; da entidade (*zählbare und nicht zählbare Sammelbezeichnungen; zusammengesetzte Nomen; Pronomen [Relativ-, Reflexiv-* | *afin que + Subj.*); comparación (*c'est le meilleur/pire … que + Subj., autant/tant*); consecuencia (*si bien que*); condición (*à condition de + Inf., à moins de + inf., au/dans le cas où (+ conditionnel)*); estilo indirecto.<br>▪ Relacións temporais (*auparavant, alors que, en attendant, tant que, aussitôt, dès, tandis que*).<br>▪ Exclamación (*Comme si…!*).<br>▪ Negación (*pas question, pas du tout*).<br>▪ Interrogación (*Question rapportée, ex: Il me demande à quelle heure commence le film?*).<br>▪ Expresión do tempo: presente; pasado (*plus-que-parfait*); futuro (*futur antérieur*).<br>▪ Expresión do aspecto: puntual (frases simples); durativo (*à cette époque là…*); habitual (*nº fois par… mois/an…*); incoativo (*(être prêt à…*); terminativo (*arrêter de*).<br>▪ Expresión da modalidade: factualidade; capacidade; posibilliade/probabilidade(*il est possible que, il se peut que*); necesidade; obriga/prohibición (*n'avoir* | *Adj. as; far less tiresome/much more convenient (than); the best by far*); resultado/correlación(*such…that*); condición (*if; unless; in case; supposing*); estilo indirecto (*reported information, offers, suggestions, promises, commands, wishes, warnings*).<br>▪ Relacións temporais ((*just*) *as; while; once (we have finished)*.<br>▪ Afirmación (*emphatic affirmative sentences / the dummy do, e. g. I do love classic music; tags, e. g. I should have)*.<br>▪ Exclamación (*What + noun + sentence), e. g. What a nuisance (he is)!; How + Adv. + Adj., e. g. How very extraordinary!; exclamatory sentences and phrases, e. g. Gosh, it is freezing!)*.<br>▪ Negación (*e. g. Nope; Never ever; You needn't have)*.<br>▪ Interrogación (*Wh- questions; Aux. Questions; Says who? Why on earth did she say that?; tags*).<br>▪ Expresión do tempo: pasado (*past simple and continuous; present perfect simple and continuous; past perfect simple and* | *(che); (così)… come; il più / il meno … (di/tra); meglio/peggio (di)*; resultado / correlación (*perciò, sia…sia/che)*; estilo indirecto (*informazione riferita, consigli, ordini, offerte; promesse*).<br>▪ Relacións temporais *(dopo (+Inf. composto), finché)*.<br>▪ Afirmación *(frasi dichiarative affermative; frasi impersonali, si passivante)*.<br>▪ Exclamación *(Come /Quanto + frase (p.es. come sei dolce!); interiezioni (p.es. ops!))*.<br>▪ Negación (*frasi dichiarative negative con avverbi e quantificatori negativi (né…né, più)*.<br>▪ Interrogación *(totali; parziali introdotte da avverbi e pronomi e aggettivi interrogativi (p.es. fino a quando); eco (p.es. dove non sei mai andato?); orientate (p.es. non credi?))*.<br>▪ Expresión do tempo (presente (*presente*); pasado *(imperfetto, perfetto composto)*; futuro *(futuro semplice)*) e do aspecto (puntual *(tempi semplici)*; durativo *(presente e imperfetto; perfetto composto (+Avv.))*; habitual (*tempi semplici e perfetto composto (+Avv.)*); | *so;* por causa de; *daí que*; devido a; por consequência); finalidade (*para + Inf.; para que,* a fim de que*)*; comparación *(mais/menos/tão/tanto + Adj./Adv./Subst. + (do) que/como/quanto,* como se; bastante menos cansado; muito mais raro; resultado (*assim, portanto*); resultado/correlação (tão...que, tanto...que).<br>▪ Expresión superlativo relativo (p. ex., *o rapaz mais distraído da turma*); superlativo absoluto (p. ex. -errimo);<br>▪ Expresión da condición (conectores: *se, sem, desde que…;* formas verbais: *futuro de indicativo e de conjuntivo, simples e composto, pretérito e pretérito-mais-que-perfeito composto do conjuntivo, condicional simples e composto*).<br>▪ Discurso indirecto (informacións, ofrecementos, suxestións e ordes) e indirecto livre.<br>▪ Afirmación (sentenzas declarativas afirmativas; deslocación de constituíntes).<br>▪ Negación (sentenzas declarativas negativas con nem; não/nem... sequer; |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| Alemán | Francés | Inglés | Italiano | Portugués |
|---|---|---|---|---|
| und Determinativpronomina]); da calidade (z. B. bläulich).<br>▪ Expresión da cantidade (Zahlen, z. B. „etwa zwanzig Bücher"; Quantität, z. B. „zweimal so viele"; Grad, z. B. äußerst schwierig).<br>▪ Expresión do espazo (Präpositionen; Lokaladverbien).<br>▪ Expresión do tempo (Zeitpunkte, z. B. damals, „innerhalb eines Monats", jederzeit; Zeiteinheiten; Ausdruck der Zeit, z. B. „am Anfang / am Ende des Monats"; Dauer, z. B. „die ganze Woche; Vorzeitigkeit [noch; schon (nicht); lange/kurz davor]; Nachzeitigkeit, z. B. später, lange/kurz danach; Aufeinanderfolge [erstens; ferner; schlussendlich]; Gleichzeitigkeit [gerade als]; Häufigkeit, z. B. selten, wochenweise).<br>▪ Expresión do modo (Modaladverbien und -sätze, z. B. völlig). | qu'à…, il n'y a qu'à…); permiso (Puis-je…?); intención/desexo (exprimer le souhait qui concerne un autre: j'aimerais que/ je voudrais que/ j'aurais envie que/ ça me plairait que + Subj.); voix passive; condicional; cortesía.<br>▪ Expresión da existencia: presentativos; a entidade (artigos, sustantivos, pronomes persoais, adxectivos e pronomes demostrativos; pronomes persoais OD e OI, "en", "y", proposicións adxectivais (lequel, laquelle, lesquels, lesquelles, auquel, duquel)); a cualidade; a posesión (pronomes posesivos).<br>▪ Expresión da cantidade (environ, à peu près, plus ou moins, le double, le triple…, artigos partitivos, adverbios de cantidade e medidas) e do grao.<br>▪ Expresión do espazo (prépositions et adverbes de lieu, position, distance, mouvement, direction, provenance, destination).<br>▪ Expresión do tempo: puntual (demain à cette heure-là, hier à cette heure-ci,); divisións (hebdomadaire, mensuel, annuel…); indicacións de tempo, duración (toujours (ex: Il travai- | continuous); presente (present simple and continuous); futuro (present simple and continuous + Adv.; will be + verb+ ing).<br>▪ Expresión do aspecto: puntual (simple tenses); durativo (present and past simple/perfect; and future continuous); habitual (simple tenses (+ Adv.); used to; would); incoativo (start/begin by +verb+ing); terminativo (cease +verb+ing).<br>▪ Expresión da modalidade: factualidade (declarative sentences); capacidade (it takes /serves…); posibilidade/probabilidade (will; likely; should); necesidade (want; take); obriga (need/needn't); permiso (may; could; allow) intención (be thinking of +verb+ing).<br>▪ Expresión da existencia (e. g. there must have been); a entidade (count/uncount/collective/compound nouns; pronouns (relative, reflexive/emphatic, one(s); determiners); a cualidade (e. g. bluish; nice to look at).<br>▪ Expresión da cantidade: Number (e. g. some twenty people; thirty something). Quantity: e. g. twice as many; piles of newspapers; mountains of things. De- | iterativo (imperfetto + Avv.); incoativo (essere sul punto di+Inf.); terminativo (presente storico, terminare di+ Inf.; tempi composti (+Avv.)).<br>▪ Expresión da modalidade (factualidade (frasi dichiarative affermative e negative); capacidade ((non) essere bravo a + Inf.); posibilidade (futuro semplice, condizionale semplice; verbi, sostantivi e aggettivi che esprimono opinione, dubbio, attesa, apparenza + cong); necesidade (volerci); intención (imperfetto e condizionale semplice di verbi volitivi + Inf.).<br>▪ Expresión da existencia (p.es. potrebbe esserci); a entidade (nomi contabili / massa / collettivi/ composti; pronomi (relativi, riflessivi, tonici); determinanti); a calidade (p.es. portato per le lingue).<br>▪ Expresión da cantidade (numero: singolare/plurale; numerali cardinali, ordinali, collettivi (p.es. secolo), moltiplicativi (p.es. triplo) e frazionari (p.es. un quarto). Quantità: p.es. diverso; grado: p.es. piuttosto stanco.<br>▪ Expresión do espazo (preposizioni, avverbi ed es- | coisa nenhuma; apenas).<br>▪ Exclamación (formas elípticas: Que + Subst. + (tão) + Adj., p. ex. Que dia tão lindo!); sentenzas e sintagmas exclamativos, p. ex. Ei, esta é a minha bicicleta!; Magnífica bolsa!). Exclamación con inversión, p. ex. Un amor, essa criança!; sentenzas e sintagmas exclamativos, p.ex. Puxa, está muito frio!; oxalá sejam felizes!).<br>▪ Interrogación (sentenzas interrogativas directas totais; sentenzas interrogativas directas QU- (p. ex., De quem é a culpa?); interrogativas tag (p. ex., Isto é fácil, não é?); interrogativas eco e duplas). interrogativas enfáticas (p. ex. Onde é que vive?).<br>▪ Relacións temporais (assim que, até que, apenas, mal + Conjuntivo).<br>▪ Expresión do tempo: pasado (pretérito imperfeito, perfeito simples e perfeito composto e pretérito mais-que-perfeito composto, gerúndio composto); presente (presente, gerúndio); futuro (futuro simple e composto; (+Adv.); haver-de). Valores especiais: pasado (presente histórico, pretérito imperfeito, perfeito simples e |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| Alemán | Francés | Inglés | Italiano | Portugués |
|---|---|---|---|---|
| | *lle toujours à Paris?*); anterioridade (*en attendant*); posterioridade (*à peine … que, aussitôt que*); secuenciación (*pour conclure, pour faire le bilan, si on fait le point, comme conclusion*); simultaneidade (*le temps de + Inf., une fois que*); frecuencia (*de temps en temps*).<br>▪ Expresión do modo (*Adv. de manière en -emment, -amment, ainsi*). | *gree: e. g. extremely; so (suddenly)*.<br>▪ Expresión do espazo (*prepositions and adverbs of location, position, distance, motion, direction, origin and arrangement*).<br>▪ Expresión do tempo (*points (e. g. back then; within a month; whenever), divisions (e. g. fortnight), and indications (e. g. earlier/later today/in the year) of time; duration (e. g. through(out) the winter; over Christmas); anteriority (already; (not) yet; long/shortly before); posteriority (e. g. later (on); long/shortly after); sequence (to begin with, besides, to conclude); simultaneousness (just then/as); frequency (e. g. rarely; on a weekly basis*).<br>▪ Expresión do modo (*Adv. and phrases of manner, e. g. thoroughly; inside out; upside down, in a mess*).<br>▪ Uso de conectores.<br>▪ *Have/get causative.*<br>▪ *Phrasal verbs.*<br>▪ *Gerund and infinitive.* | *pressioni che indicano luogo, posizione, distanza, movimento, direzione, origine e disposizione).*<br>▪ Expresión do tempo *(l'ora (p.es. alle 17 ore e quarantacinque)); divisione (p.es. al tramonto) e collocazione nel tempo (p.es. nel ventesimo secolo); durata (p.es. in un quarto d'ora, è da... che); anteriorità (p.es. qualche mese prima); posteriorità (p.es. il giormo successivo) ; contemporaneità (p.es. intanto); sequenza (p.es. inoltre.. poi... infine); intermittenza (p.es. ogni volta); frequenza (p.es. raramente).*<br>▪ Expresión do modo (*avverbi ed espressioni di modo: p.es. volentieri*). | perfeito composto e pretérito mais-que-perfeito simples e composto); futuro (futuro imperfeito (+Adv.), futuro perfeito do indicativo e condicional).<br>▪ Expresión do aspecto: puntual (tempos simples); durativo (presente, futuro imperfeito e pretérito imperfeito do indicativo (+ Adv.); *andar a + Inf.*; *ir + Ger.*, ir / vir a + Inf.; sufixos de duração, p. ex. –ear, -ecer); habitual (tempos simples (+ Adv costumar+ Inf.); incoativo (*desatar a + Inf.*); iterativo (*pretérito imperfeito do indicativo; voltar a + Inf.);* terminativo (presente histórico, pretérito perfeito simples e composto, pretérito mais-que-perfeito composto e futuro perfeito do indicativo; *vir de + Inf.*; chegar a + Inf.).<br>▪ Expresión da modalidade: factualidade (frases declarativas); capacidade (*é capaz / incapaz de + Inf.; saber,* poder com; conseguir + Inf.); posibilidade/ probabilidade (*ser possível / impossível + Inf.; tal vez;* pode ser que + Conjuntivo., futuro imperfeito e perfeito); necesidade (ser preciso / necessário + Inf. Pessoal (+ que + Conjuntivo.), |

| Alemán | Francés | Inglés | Italiano | Portugués |
|---|---|---|---|---|
| | | | | precisar de + Inf.); obrigación (*ser obrigatório + Inf.; imperativo*; ser obrigatório que + Conjuntivo); permiso (*poder + Inf.; ser possível/permitido + Inf.*); prohibición: (não) ser possível /permitido + Inf., ser proibido que); intención (*pretérito imperfeito gostar de + Inf.; tratar de + Inf.; pensar + Inf.*; querer que + Conjuntivo.; ir / haver de + Inf.)<br>▪ Expresión da existencia (p. ex., existir, dar-se faltar, acontecer); a entidade (*substantivos contables /incontables/colectivos/compostos;* pronomes (*relativos, reflexivos átonos/ tónicos*); determinantes; a calidade (*por exemplo, bastante bom; consideravelmente caro; ótimo;* azulado; útil para a dificuldade em dormir).<br>▪ Expresión da cantidade (Singular/Plural; Numerais cardinais e ordinais. Cantidade: p. ex. *bastante, a maior parte de, mais ou menos*; ao menos 20 pessoas; perto de 30 km., duas vezes no máximo; um monte de gente. Grao: p. ex. *consideravelmente; bastante bem*; totalmente; tão de repente).<br>▪ Expresión do espazo (pre- |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| Alemán | Francés | Inglés | Italiano | Portugués |
|---|---|---|---|---|
| | | | | posicións e adverbios de lugar, localización, distancia, movemento, orixe, dirección).<br>▪ Expresión do tempo (expresións, preposición e locucións de tempo (momento puntual (p. ex., *meio-dia,* daqui a uma semana, daqui a nada), divisións (p. ex., *período, fim de semana, prazo,* estação seca*)* e indicacións de tempo (p. ex., *atrás, cedo,* a 13 dias do evento); duración (p. ex., *até; entre... e;* por todo o dia; no período natalício); anterioridade *(anteontem, já,* a última vez que, há bocado, fazia pouco*);* posterioridade *(mais tarde, na semana que vem,* dentro de alguns dias, de hoje em diante, em breve*);* secuencia *(em primeiro lugar, depois, em último lugar,* para começar, seguidamente, em conclusão); simultaneidade *(naquele* momento, no mesmo tempo que, atualmente*);* frecuencia (p. ex., *cada semana,* uma vez por dia, regularmente).<br>▪ Expresión do modo (expresións, preposicións e locucións prepositivas e modo, p. ex. em excesso, ao gosto). |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



## Técnicas de Expresión Gráfico-plástica

### Introdución

A materia de Técnicas de Expresión Gráfico-Plástica pretende que o alumnado adquira o coñecemento e a aplicación dos recursos, as técnicas, os métodos e as aplicacións instrumentais que utilizaron e seguen utilizando os/as artistas ao longo da historia.

A materia tamén permite o desenvolvemento de competencias, en especial a de conciencia e expresións culturais, posto que o alumnado vai afondar e entender como se desenvolveron ao longo da historia os procesos e as técnicas que permitiron aos/ás artistas manifestar as vivencias de cada época nas obras de arte. Así mesmo, a materia vai desenvolver no alumnado a capacidade de aprender a aprender, xa que, por ser unha materia de carácter teórico-práctico, permite mellorar os coñecementos propios a partir da observación de producións de artistas e a comparación coas súas propias producións.

Un coñecemento exhaustivo das técnicas gráfico-plásticas tradicionais nos campos do debuxo, a pintura e o gravado, así como noutras técnicas mixtas e alternativas máis recentes, achégalles aos alumnoes e ás alumnas a capacidade de expresaren e desenvolveren as súas propias ideas e plasmalas, da forma máis adecuada posible, creando obras gráficas tecnicamente adecuadas. Desde o coñecemento, o alumnado comunica a través da creación das súas propias imaxes e experimenta con materiais procurando solucións adecuadas aos seus obxectivos.

O desenvolvemento das capacidades creativas vaille permitir ao alumnado iniciarse no campo das artes gráficas, desenvolvendo un espírito crítico dentro do mundo da plástica. Ademais, a través dos coñecementos adquiridos, poderá apreciar cunha profundidade moito maior o valor do patrimonio artístico e, xa que logo, fomentar actitudes de respecto cara a este.

Esta materia estrutúrase en bloques: "Materiais", "Técnicas de debuxo", "Técnicas de pintura", "Técnicas de gravado e estampaxe" e "Técnicas mixtas e alternativas".

### 2º de bacharelato

| | Técnicas de Expresión Gráfico-plástica. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias Clave |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Técnicas de Expresión Gráfico-plástica. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias Clave |
| | Bloque 1. Materiais | | | |
| ▪ i<br>▪ m<br>▪ n<br>▪ g<br>▪ p | ▪ B1.1. Soportes, pigmentos, aglutinantes e diluentes. | ▪ B1.1. Seleccionar información a través de diferentes fontes de información, incluídas as tecnoloxías da información e da comunicación, acerca da evolución dos materiais e a súa aplicación ao longo da historia, co fin de distinguir e relacionar os materiais e os instrumentos utilizados nas técnicas gráfico-plásticas. | ▪ TEGPB1.1.1. Coñece os materiais, o tipo de soporte, os pigmentos, os aglutinantes e os diluentes utilizados nas técnicas gráfico-plásticas. | ▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ TEGPB1.1.2. Narra a evolución histórica dos materiais e a súa adaptación ao longo da historia. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ TEGPB1.1.3. Relaciona os materiais, o tipo de soporte, os pigmentos, os aglutinantes e os diluentes máis adecuados a cada técnica gráfico-plástica | ▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ TEGPB1.1.4. Coñece e utiliza con propiedade, de forma oral e escrita, a terminoloxía propia das técnicas. | ▪ CCEC |
| ▪ i<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B1.2. Técnicas sólidas; auga e aceite. | ▪ B1.2. Comparar as propiedades físicas e químicas dos materiais e a súa interacción. | ▪ TEGPB1.2.1. Coñece as propiedades físicas e químicas dos materiais e a súa interacción. | ▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ TEGPB1.2.2. Razoa a elección dos materiais cos que se vai traballar na aplicación de cada técnica, tendo en conta as propiedades físicas e químicas. | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 2. Técnicas de debuxo | | | |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Técnicas de Expresión Gráfico-plástica. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias Clave |
| ▪ m<br>▪ n<br>▪ i<br>▪ d<br>▪ p | ▪ B2.1. Materiais, utensilios e soportes. Uso de terminoloxía específica.<br>▪ B2.2. Técnicas secas: carbón, lapis de grafito, compostos, graxos e de cor.<br>▪ B2.3. Técnicas húmidas: a tinta e as súas ferramentas.<br>▪ B2.4. Aplicación das técnicas propias do debuxo na realización de traballos. | ▪ B2.1. Identificar e aplicar, de maneira apropiada, as técnicas secas e húmidas aplicadas ao debuxo, apreciando a importancia que tivo e ten o debuxo para a produción de obras artísticas ao longo da historia. | ▪ TEGPB2.1.1. Describe as técnicas de debuxo. | ▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ TEGPB2.1.2. Identifica e manexa os materiais utilizados nas técnicas do debuxo, tanto secas como húmidas. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ TEGPB2.1.3. Planifica o proceso de realización dun debuxo definindo os materiais, os procedementos e as súas fases. | ▪ CD<br>▪ CAA |
| | | | ▪ TEGPB2.1.4. Produce obras propias utilizando técnicas de debuxo secas e húmidas | ▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ TEGPB2.1.5. Recoñece e valora as técnicas de debuxo en obras de arte. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | Bloque 3. Técnicas de pintura | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B3.1. Técnicas sólidas: pastel. Aplicación práctica na realización de traballos. | ▪ B3.1. Coñecer as técnicas de pintura e os materiais utilizados en cada unha ao longo da historia. | ▪ TEGPB3.1.1. Describe as técnicas de pintura. | ▪ CCL |
| | | | ▪ TEGPB3.1.2. Coñece, elixe e aplica correctamente os materiais e os instrumentos utilizados en cada técnica pictórica. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ TEGPB3.1.3. Distingue e describe, de forma oral e escrita, a técnica e os materiais utilizados en obras pictóricas de diferentes épocas artísticas, así como nas producións | ▪ CSIEE<br>▪ CCEC |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Técnicas de Expresión Gráfico-plástica. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias Clave |
| | | | propias. | |
| ▪ i<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B3.2. Técnicas á auga: acuarela, témpera e acrílico. Aplicación práctica na realización de trabalos.<br>▪ B3.3. Técnicas ao aceite: óleos<br>▪ B3.4. Aproximación a outras técnicas tradicionais: encáustica, témpera e fresco. | ▪ B3.2. Elixir e aplicar correctamente os materiais e instrumentos propios das técnicas pictóricas na produción de traballos persoais con técnicas á auga, sólidas, oleosas e mixtas. | ▪ TEGPB3.2.1. Realiza composicións escollendo e utilizando as técnicas á auga, sólidas e oleosas que resulten máis apropiadas para o proxecto en función a intencións expresivas e comunicativas. | ▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| | Bloque 4. Técnicas de gravado e estampaxe | | | |
| ▪ i<br>▪ m | ▪ B4.1. Materiais, utensilios, maquinaria e soportes. Utilización da terminoloxía específica. | ▪ B4.1. Coñecer os termos relacionados coas técnicas do gravado. | ▪ TEGPB4.1.1. Describe as técnicas de gravado e estampaxe. | ▪ CCL |
| | | | ▪ TEGPB4.1.2. Define con propiedade, de forma oral e escrita, os termos propios das técnicas de gravado. | ▪ CSIEE |
| ▪ n<br>▪ i<br>▪ m | ▪ B4.2. Procesos de estampaxe única: monotipia. | ▪ B4.2. Identificar as fases na produción de gravados e estampaxes. | ▪ TEGPB4.2.1. Describe as fases de produción e de gravados e estampados. | ▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| ▪ i<br>▪ n | ▪ B4.3. Gravado en relevo: linóleo e xilografía.<br>▪ B4.4. Gravado en oco: calcografía. Técnicas directas e indirectas.<br>▪ B4.5. Estampaxe plana: serigrafía e planografía (litografía e método permeográfico)<br>▪ B4.6. Outros métodos de reprodución: offset, método electrónico e copy art. | ▪ B4.3. Elaborar producións propias utilizando técnicas non tóxicas de gravado e estampaxe variadas. | ▪ TEGPB4.3.1. Experimenta con técnicas de gravado e estampaxe non tóxicas, utilizando adecuadamente os materiais. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |

| | Técnicas de Expresión Gráfico-plástica. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias Clave |
| ▪ i<br>▪ m<br>▪ n<br>▪ p | ▪ B4.7. Aplicación das técnicas de gravado e estampaxe máis sinxelas na realización de traballos. | ▪ B4.4. Investigar e expor acerca da evolución das técnicas de gravado e estampaxe utilizadas na historia. | ▪ TEGPB4.4.1. Recoñece e describe as técnicas de gravado e estampaxe na observación de obras. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ TEGPB4.4.2. Explica a evolución das técnicas de gravado e estampaxe ao longo da historia. | ▪ CCL |
| | Bloque 5. Técnicas mixtas e alternativas | | | |
| ▪ i<br>▪ m<br>▪ n<br>▪ g<br>▪ b | ▪ B5.1. Técnicas no proceso artístico-cultural: estudo da evolución das técnicas gráfico-plásticas a través da historia da arte. | ▪ B5.1. Experimentar con técnicas mixtas e alternativas diferentes formas de expresión artística, expresando ideas e emocións a través de técnicas alternativas. | ▪ TEGPB5.1.1. Describe a técnica da colaxe e aplícaa na elaboración de traballos propostos polo profesor ou a profesora. | ▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ TEGPB5.1.2. Utiliza materiais reciclados para producir obras novas cun sentido diferente para o que foron confeccionados. | ▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ TEGPB5.1.3. Representa a través de TIC instalacións de carácter artístico. | ▪ CD |
| | | | ▪ TEGPB5.1.4. Investiga e aprende técnicas alternativas, utilizando TIC. | ▪ CD<br>▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ i<br>▪ m | ▪ B5.1. As técnicas no proceso artístico-cultural: estudo da evolución das técnicas gráfico-plásticas a través da historia da arte. | ▪ B5.2. Recoñecer outras técnicas grafico-plásticas distintas ás tradicionais. | ▪ TEGPB5.2.1. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas. | ▪ CSIEE<br>▪ CCEC |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



DOG Diario Oficial de Galicia

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

## Tecnoloxía Industrial

### Introdución

A tecnoloxía desenvolve un papel fundamental na sociedade actual, porque proporciona un conxunto de coñecementos e de técnicas que permiten satisfacer as necesidades individuais e colectivas. Neste sentido, a tecnoloxía achégalle ao currículo a capacidade de analizar e redeseñar a relación entre dispositivos tecnolóxicos e necesidades sociais, ámbito no que a innovación e a condición de inmediata que lle son propias dotan esta materia dunha grande relevancia educativa. Na resolución de problemas tecnolóxicos conxúganse, ademais da innovación, elementos como o traballo en equipo ou o carácter emprendedor, que son imprescindibles para formar unha cidadanía autónoma e competente. Ademais, o coñecemento da tecnoloxía proporciona unha imprescindible perspectiva científico-tecnolóxica sobre a necesidade de construír unha sociedade sustentable, formada por unha cidadanía crítica con respecto ao que acontece arredor dela.

A materia de Tecnoloxía Industrial trata de lograr estes fins abordando, ao longo dos dous cursos de bacharelato, un amplo conxunto de temas. Deste xeito, o bloque de "Produtos tecnolóxicos" trata o deseño, a produción e a comercialización dun produto tecnolóxico para favorecer a investigación da súa influencia na sociedade e no contorno. Os bloques de "Materiais" e de "Materiais e procedementos de fabricación" tratan as propiedades características dos materiais, en relación coa súa estrutura interna, e os ensaios para a súa determinación, así como as técnicas para modificar e mellorar as súas propiedades e as técnicas utilizadas no proceso de fabricación dun produto.

No bloque chamado "Principios de máquinas" afóndase nos conceptos fundamentais das máquinas e nos seus principios de funcionamento, mentres que no bloque de "Máquinas e sistemas" se exploran os seus elementos constitutivos. A produción de enerxía, o seu impacto ambiental e as técnicas de redución do consumo enerxético en vivendas e locais abórdanse no bloque "Recursos enerxéticos".

No bloque de "Sistemas automáticos" trátase a automatización das máquinas, e os circuítos e sistemas tecnolóxicos asociados, así como a súa estrutura e o seu funcionamento. A electrónica dixital estúdase no bloque "Circuítos e sistemas lóxicos", que se centra nos circuítos combinacionais, e tamén no denominado "Control e programación de sistemas automáticos", que afonda nos circuítos secuenciais e nas súas aplicacións.

No conxunto dos bloques desta materia, en resumo, intégranse coñecementos de carácter matemático e científico, polo que un enfoque interdisciplinar favorecerá a conexión con outras materias e mesmo con diversos temas de actualidade.

DOG Diario Oficial de Galicia

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

Desde o punto de vista metodolóxico, o ensino desta materia require que se traballe en equipo, para resolver problemas tecnolóxicos que permitan explorar o deseño, a produción, a avaliación ou a mellora de produtos relevantes desde o punto de vista tecnolóxico e social. Trátase de aprender a identificar e a seleccionar solucións aos problemas técnicos, a realizar cálculos e estimacións ou a planificar a realización de actividades de deseño e de montaxe, contextos de aprendizaxe nos que son importantes a iniciativa, a colaboración e o respecto polas normas de seguridade, e nos que as tecnoloxías da información e da comunicación son ferramentas imprescindibles para a procura de información, para a elaboración de documentos ou de planos, para a realización de simulacións e de cálculos técnicos e económicos, e para a presentación ou a publicación de resultados.

No ensino da tecnoloxía resulta adecuado, xa que logo, reflexionar e traballar en grupo procurando solucións a problemas nos que se poidan aplicar os coñecementos adquiridos, e buscar información adicional, se se require, para fomentar o espírito emprendedor.

A contribución da materia de Tecnoloxía Industrial ao desenvolvemento das competencias clave dependerá en grande medida do tipo de actividades seleccionado; é dicir, da metodoloxía empregada. Neste sentido, a comunicación lingüística desenvolverase na medida en que o alumnado adquira e utilice adecuadamente vocabulario tecnolóxico, elabore informes técnicos, explique conceptos, ou elabore e expoña información. A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, principais competencias que se desenvolven nesta materia, poden alcanzarse calculando magnitudes e parámetros, e aplicando técnicas de medición e de análise gráfica no contexto do proceso de resolución técnica de problemas, ou construíndo obxectos e verificando o seu funcionamento, competencias que tamén se favorecen utilizando ferramentas e máquinas, analizando procesos e sistemas tecnolóxicos, ou mediante a análise e a valoración das repercusións ambientais da actividade tecnolóxica. A competencia dixital desenvolverase co emprego constante das tecnoloxías da información e da comunicación para procurar e almacenar información, para obter e presentar datos e para simular circuítos, sistemas e procesos tecnolóxicos, ou para controlar e programar sistemas automáticos.

Para que o alumnado poida aprender a aprender, as actividades deben permitir que tome decisións cun certo grao de autonomía, que organice o proceso da propia aprendizaxe e que aplique o aprendido a situacións cotiás das que poida avaliar os resultados. Do mesmo xeito, as competencias sociais e cívicas alcanzaranse procurando que o alumnado traballe en equipo, interactúe con outras persoas e grupos de forma democrática, e respecte a diversidade e as normas, e tamén mediante a análise da interacción entre o desenvolvemento tecnolóxico e os cambios socioeconómicos e culturais que produce.

O sentido de iniciativa e espírito emprendedor conséguese nesta materia a través do deseño, da planificación e da xestión de proxectos tecnolóxicos, ao transformar as ideas propias en dispositivos, circuítos ou sistemas. E a con-

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



ciencia e as expresións culturais reflíctense na análise da influencia dos fitos tecnolóxicos en distintas culturas, e no seu desenvolvemento e progreso.

En función da vixencia e da utilidade dos aspectos que trata Tecnoloxía Industrial, esta materia ofrece, sen dúbida, un inmenso potencial para axudar a comprender o contorno social e tecnolóxico, e para desenvolver un conxunto de competencias relacionadas tanto co contexto profesional como coa participación cidadá e co desenvolvemento persoal.

1º de bacharelato

| | Tecnoloxía Industrial I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Produtos tecnolóxicos: deseño, produción e comercialización | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m<br>▪ p | ▪ B1.1. Proceso cíclico de deseño, produción, comercialización e mellora de produtos.<br>▪ B1.2. Análise sistemática de produtos tecnolóxicos actuais e do seu impacto social.<br>▪ B1.3. Planificación e desenvolvemento práctico dun proxecto de deseño e produción dun produto. | ▪ B1.1. Identificar e describir as etapas necesarias para a creación dun produto tecnolóxico desde o seu deseño ata a súa comercialización, investigar acerca da súa influencia na sociedade e propor melloras desde o punto de vista tanto da súa utilidade como do seu posible impacto social. | ▪ TI1B1.1.1. Deseña unha proposta dun novo produto tomando como base unha idea dada, explicando o obxectivo de cada etapa significativa necesaria para lanzar o produto ao mercado. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B1.4. Normalización. Control de calidade. Patentes. | ▪ B1.2. Explicar as diferenzas e as similitudes entre un modelo de excelencia e un sistema de xestión da calidade, identificando os principais actores que interveñen e valorando criticamente a repercusión que a súa implantación pode ter sobre os produtos desenvolvidos, e expolo oralmente co apoio dunha presentación. | ▪ TI1B1.2.1. Elabora o esquema dun posible modelo de excelencia, razoando a importancia de cada axente implicado. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ TI1B1.2.2. Desenvolve o esquema dun sistema de xestión da calidade, razoando a importancia de cada axente implicado. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Tecnoloxía Industrial I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 2. Máquinas e sistemas | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i | ▪ B2.1. Máquinas e sistemas. Elementos e dispositivos que os compoñen. | ▪ B2.1. Analizar os bloques constitutivos de sistemas e/ou máquinas, interpretando a súa interrelación, e describir os principais elementos que os compoñen, utilizando o vocabulario relacionado co tema. | ▪ TI1B2.1.1. Describe a función dos bloques que constitúen unha máquina dada, explicando de forma clara e co vocabulario axeitado a súa contribución ao conxunto. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ TI1B2.1.2. Debuxa diagramas de bloques de máquinas-ferramenta explicando a contribución de cada bloque ao conxunto da máquina. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ m | ▪ B2.2. Máquinas e sistemas mecánicos. Transmisión e transformación de movementos.<br>▪ B2.3. Circuítos eléctricos e electrónicos.<br>▪ B2.4. Circuítos pneumáticos e hidráulicos.<br>▪ B2.5. Simboloxía normalizada.<br>▪ B2.6. Deseño, simulación e montaxe de sistemas mecánicos, de circuítos eléctricos e electrónicos, e de circuítos pneumáticos ou hidráulicos. | ▪ B2.2. Realizar esquemas de sistemas mecánicos e de circuítos eléctrico-electrónicos, pneumáticos ou hidráulicos que dan solución a problemas técnicos, con axuda de programas de deseño asistido, e calcular os parámetros característicos destes. | ▪ TI1B2.2.1. Deseña, utilizando un programa de CAD, o esquema dun circuíto eléctrico-electrónico, pneumático ou hidráulico que dea resposta a unha necesidade determinada. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ TI1B2.2.2. Calcula os parámetros básicos de funcionamento dun sistema mecánico e dun circuíto eléctrico-electrónico, pneumático ou hidráulico, a partir dun esquema dado. | ▪ CMCCT |
| ▪ d<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ m | ▪ B2.7. Instrumentos de medida de magnitudes eléctricas. Realización de medidas en circuítos eléctricos e electrónicos. | ▪ B2.3. Verificar o funcionamento de circuítos eléctrico-electrónicos, pneumáticos e hidráulicos característicos, interpretando os seus esquemas, utilizando os aparellos e os equipamentos de medida adecuados, interpretando e valorando os resultados obtidos, apoiándose na montaxe ou nunha simulación | ▪ TI1B2.3.1. Verifica a evolución dos sinais en circuítos eléctrico-electrónicos, pneumáticos ou hidráulicos, debuxando as súas formas e os valores nos puntos característicos | ▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ TI1B2.3.2. Interpreta e valora os resultados obtidos de circuítos eléc- | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2





XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Tecnoloxía Industrial I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | física destes. | trico-electrónicos, pneumáticos ou hidráulicos. | |
| ▪ d<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ m | ▪ B2.8. Sistemas automáticos de control: compoñentes básicos.<br>▪ B2.9. Control programado. Deseño, construción e programación dun sistema robótico. | ▪ B2.4. Deseñar, construír e programar un sistema robotizado cuxo funcionamento solucione un problema determinado. | ▪ TI1B2.4.1. Deseña, constrúe e programa un sistema automático ou robot cos actuadores e os sensores axeitados, para que o seu funcionamento solucione un problema determinado. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 3. Materiais e procedementos de fabricación | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ i | ▪ B3.1. Estrutura interna e propiedades dos materiais. Técnicas de modificación das propiedades. | ▪ B3.1. Analizar as propiedades dos materiais utilizados na construción de obxectos tecnolóxicos, recoñecendo a súa estrutura interna en relación coas propiedades que presentan e coas modificacións que se poidan producir. | ▪ TI1B3.1.1. Establece a relación entre a estrutura interna dos materiais e as súas propiedades. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| | | | ▪ TI1B3.1.2. Explica como se poden modificar as propiedades dos materiais, tendo en conta a súa estrutura interna. | ▪ CMCCT<br>▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i | ▪ B3.2. Identificación dos materiais utilizados en produtos tecnolóxicos actuais. | ▪ B3.2. Relacionar produtos tecnolóxicos actuais ou novos cos materiais que posibilitan a súa produción, asociando as súas características cos produtos fabricados, utilizando exemplos concretos. | ▪ TI1B3.2.1. Describe, apoiándose na información obtida en internet, materiais imprescindibles para a obtención de produtos tecnolóxicos relacionados coas tecnoloxías da información e da comunicación. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B3.3. Técnicas de fabricación. Máquinas e ferramentas apropiadas para cada procedemento. Normas de seguridade e hixiene no traballo. | ▪ B3.3. Describir as técnicas utilizadas nos procesos de fabricación tipo, identificando as máquinas e as ferramentas utilizadas e as condicións de seguridade propias de cada unha, apoiándose na información proporcionada na web dos fabricantes. | ▪ TI1B3.3.1. Explica as principais técnicas utilizadas no proceso de fabricación dun produto dado. | ▪ CMCCT<br>▪ CCL |
| | | | ▪ TI1B3.3.2. Identifica as máquinas e as ferramentas utilizadas no proceso de fabricación dun produto dado. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ TI1B3.3.3. Describe as principais | ▪ CMCCT |

| | Tecnoloxía Industrial I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | condicións de seguridade que se deben aplicar nun determinado ámbito de produción, desde o punto de vista tanto do espazo como da seguridade persoal. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ i<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ p | ▪ B3.4. Impacto ambiental e social da obtención de materiais e da fabricación de produtos tecnolóxicos. | ▪ B3.4. Analizar o impacto ambiental e social que poden producir os procesos de obtención de materiais e os procesos de fabricación. | ▪ TI1B3.4.1. Coñece o impacto ambiental que poden producir as técnicas utilizadas. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | Bloque 4. Recursos enerxéticos | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ p | ▪ B4.1. Recursos enerxéticos. Produción e distribución da enerxía eléctrica.<br>▪ B4.2. Impacto ambiental e sustentabilidade. Impacto ambiental da produción enerxética en Galicia. | ▪ B4.1. Analizar a importancia que os recursos enerxéticos teñen na sociedade actual, e describir as formas de produción de cada unha, así como as súas debilidades e fortalezas no desenvolvemento dunha sociedade sustentable. | ▪ TI1B4.1.1. Describe as formas de producir enerxía, en relación co custo de produción, o impacto ambiental e a sustentabilidade. | ▪ CMCCT<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ TI1B4.1.2. Debuxa diagramas de bloques de diferentes tipos de centrais de produción de enerxía, e explica cada bloque constitutivos e as súas interrelacións. | ▪ CMCCT<br>▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B4.3. Consumo enerxético en vivendas e locais. Cálculos e estimación de consumo. Técnicas e criterios de aforro enerxético. | ▪ B4.2. Realizar propostas de redución de consumo enerxético para vivendas ou locais coa axuda de programas informáticos e a información de consumo dos mesmos. | ▪ TI1B4.2.1. Explica as vantaxes que supón, desde o punto de vista do consumo, que un edificio estea certificado enerxeticamente. | ▪ CSC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ TI1B4.2.2. Calcula custos de consumo enerxético de edificios de vivendas ou industriais, partindo das necesidades e/ou dos consumos dos recursos utilizados. | ▪ CMCCT<br>▪ CD |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



| | Tecnoloxía Industrial I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ TI1B4.2.3. Elabora plans de redución de custos de consumo enerxético para locais ou vivendas, identificando os puntos onde o consumo poida ser reducido. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CD |

## 2º de bacharelato

| | Tecnoloxía Industrial II. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Materiais | | | |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B1.1. Estrutura interna e propiedades dos materiais.<br>▪ B1.2. Procedementos de ensaio e medida de propiedades dos materiais.<br>▪ B1.3. Técnicas de modificación das propiedades dos materiais. | ▪ B1.1. Identificar as características dos materiais para unha aplicación concreta, tendo en conta as súas propiedades intrínsecas e os factores técnicos relacionados coa súa estrutura interna, así como a posibilidade de empregar materiais non convencionais para o seu desenvolvemento, obtendo información por medio das tecnoloxías da información e da comunicación. | ▪ TI2B1.1.1. Explica como se poden modificar as propiedades dos materiais, tendo en conta a súa estrutura interna. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ TI2B1.1.2. Selecciona o material máis axeitado para unha aplicación concreta, obtendo información por medio das tecnoloxías da información e da comunicación. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| | Bloque 2. Principios de máquinas | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B2.1. Máquinas: conceptos fundamentais, estrutura e tipos.<br>▪ B2.2. Deseño asistido de máquinas e simulación do seu funcionamento. | ▪ B2.1. Definir e expor as condicións nominais dunha maquina ou unha instalación a partir das súas características de uso, presentándoas co soporte de medios informáticos. | ▪ TI2B2.1.1. Debuxa esbozos de máquinas empregando programas de deseño CAD, e explica a función de cada un no conxunto. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ TI2B2.1.2. Define as características e a función dos elementos dunha | ▪ CCL<br>▪ CAA |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Tecnoloxía Industrial II. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | máquina, interpretando planos de máquinas dadas. | |
| ▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B2.3. Máquinas térmicas: tipos, funcionamento e aplicacións principais.<br>▪ B2.4. Máquinas eléctricas: tipos, funcionamento e aplicacións principais.<br>▪ B2.5. Magnitudes que definen as máquinas. | ▪ B2.2. Describir as partes de motores térmicos e eléctricos, e analizar os seus principios de funcionamento. | ▪ TI2B2.2.1. Calcula rendementos de máquinas tendo en conta as enerxías implicadas no seu funcionamento. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ TI2B2.2.2. Describe o funcionamento e as partes dos motores térmicos e eléctricos. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| | Bloque 3. Sistemas automáticos | | | |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B3.1. Estrutura e tipos de sistemas automáticos.<br>▪ B3.2. Elementos que compoñen un sistema de control. Simboloxía. | ▪ B3.1. Expor en público a composición dunha máquina ou un sistema automático, identificando os elementos de mando, control e potencia, e explicando a relación entre as partes que os compoñen. | ▪ TI2B3.1.1. Define as características e a función dos elementos dun sistema automático, interpretando planos e esquemas destes. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| | | | ▪ TI2B3.1.2. Diferencia entre sistemas de control de lazo aberto e pechado, e propón exemplos razoados. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ g<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B3.3. Deseño e simulación de sistemas automáticos. | ▪ B3.2. Representar graficamente, mediante programas de deseño, a composición dunha máquina, dun circuíto ou dun sistema tecnolóxico concreto. | ▪ TI2B3.2.1. Deseña mediante bloques xenéricos sistemas de control para aplicacións concretas, describe a función de cada bloque no conxunto e xustifica a tecnoloxía empregada. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| ▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B3.4. Representación dos sinais de entrada e saída de sistemas automáticos. | ▪ B3.3. Verificar o funcionamento de sistemas automáticos mediante simuladores reais ou virtuais, interpretando esquemas e identificando os sinais de entrada e saída en cada bloque. | ▪ TI2B3.3.1. Verifica mediante simuladores os sinais de entrada e saída dun sistema automático. | ▪ CMCCT<br>▪ CD |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



| | Tecnoloxía Industrial II. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ e<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B3.5. Simulación, montaxe e experimentación de circuítos eléctricos ou pneumáticos. | ▪ B3.4. Implementar fisicamente circuítos eléctricos ou pneumáticos a partir de planos ou esquemas de aplicacións características. | ▪ TI2B3.4.1. Monta fisicamente circuítos simples, interpretando esquemas e realizando gráficos dos sinais nos puntos significativos. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| | Bloque 4. Circuítos e sistemas lóxicos | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B4.1. Álxebra de Boole. Táboas da verdade. Portas e funcións lóxicas. Simplificación de funcións.<br>▪ B4.2. Circuítos lóxicos combinacionais. Circuítos combinacionais integrados.<br>▪ B4.3. Deseño, montaxe e simulación de circuítos lóxicos combinacionais. Aplicacións.<br>▪ B4.4. Representación e interpretación de sinais. | ▪ B4.1. Deseñar mediante portas lóxicas sinxelos automatismos de control, aplicando procedementos de simplificación de circuítos lóxicos. | ▪ TI2B4.1.1. Realiza táboas de verdade de sistemas combinacionais, identificando as condicións de entrada e a súa relación coas saídas solicitadas. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ TI2B4.1.2. Deseña circuítos lóxicos combinacionais con portas lóxicas a partir de especificacións concretas, aplicando técnicas de simplificación de funcións, e propón o posible esquema do circuíto. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ TI2B4.1.3. Deseña circuítos lóxicos combinacionais con bloques integrados, partindo de especificacións concretas, e propón o posible esquema do circuíto. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ TI2B4.1.4. Visualiza sinais en circuítos dixitais mediante equipamentos reais ou simulados, e verifica a súa forma. | ▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | Bloque 5. Control e programación de sistemas automáticos | | | |
| ▪ e<br>▪ i | ▪ B5.1. Circuítos lóxicos secuenciais electrónicos. | ▪ B5.1. Analizar o funcionamento de sistemas lóxicos secuenciais dixitais, e describir as características e | ▪ TI2B5.1.1. Explica o funcionamento dos biestables, indicando os tipos e as súas táboas de verdade asocia- | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Tecnoloxía Industrial II. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ l | ▪ B5.2. Biestables: tipos e aplicacións.<br>▪ B5.3. Representación dos sinais de saída dos circuítos lóxicos. | as aplicacións dos bloques constitutivos. | das. | |
| | | | ▪ TI2B5.1.2. Debuxa o cronograma dun contador e explica os cambios que se producen nos sinais. | ▪ CMCCT |
| ▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B5.4. Elementos básicos de circuítos secuenciais eléctricos.<br>▪ B5.3. Representación dos sinais de saída dos circuítos lóxicos. | ▪ B5.2. Analizar e realizar cronogramas de circuítos secuenciais, identificando a relación dos elementos entre si e visualizándoos graficamente mediante o equipamento máis axeitado ou programas de simulación. | ▪ TI2B5.2.1. Obtén sinais de circuítos secuenciais típicos empregando software de simulación. | ▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ TI2B5.2.2. Debuxa cronogramas de circuítos secuenciais partindo dos esquemas destes e das características dos elementos que o compoñen. | ▪ CMCCT |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ i | ▪ B5.5. Deseño e simulación de circuítos lóxicos secuenciais. | ▪ B5.3. Deseñar circuítos secuenciais sinxelos analizando as características dos elementos que os conforman e a súa resposta no tempo. | ▪ TI2B5.3.1. Deseña circuítos lóxicos secuenciais sinxelos con biestables a partir de especificacións concretas e elaborando o esquema do circuíto. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B5.6. Microprocesador: aplicacións. | ▪ B5.4. Relacionar os tipos de microprocesadores empregados en computadores de uso doméstico, procurando a información en internet, e describir as súas principais prestacións. | ▪ TI2B5.4.1. Identifica os principais elementos que compoñen un microprocesador tipo e compárao con algún microprocesador comercial. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

## Tecnoloxía

### Introdución

A tecnoloxía desenvolve un papel fundamental na sociedade actual, porque proporciona un conxunto de coñecementos e de técnicas que permiten satisfacer as necesidades individuais e colectivas. Neste sentido, a tecnoloxía achégalle ao currículo a capacidade de analizar e redeseñar a relación entre os dispositivos tecnolóxicos e as necesidades sociais, ámbito no que a innovación e a condición de inmediata que lle son propias dotan esta materia dunha grande relevancia educativa. Na resolución de problemas tecnolóxicos conxúganse, ademais da innovación, elementos como o traballo en equipo ou o carácter emprendedor, que son imprescindibles para formar unha cidadanía autónoma e competente. Ademais, o coñecemento da tecnoloxía proporciona unha imprescindible perspectiva científico-tecnolóxica sobre a necesidade de construír unha sociedade sustentable, formada por unha cidadanía crítica con respecto ao que acontece arredor dela.

A materia de Tecnoloxía trata de lograr os seus fins abordando un amplo conxunto de temas ao longo do primeiro ciclo de educación secundaria obrigatoria. O bloque de "Proceso de resolución de problemas tecnolóxicos" trata o desenvolvemento de habilidades e métodos para identificar as necesidades, formular solucións aos problemas técnicos, e proxectar e construír os obxectos que os resolven. Este bloque é transversal con respecto á materia e constitúe o eixe principal do seu desenvolvemento. No bloque de "Expresión e comunicación técnica" apréndese a interpretar e producir documentos técnicos, para o que se deben adquirir técnicas básicas de debuxo e de manexo de programas de deseño gráfico. Ao longo do ciclo, os documentos deben evolucionar de simples a complexos, ao tempo que se introducen as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar proxectos técnicos. O bloque de "Materiais de uso técnico" trata as características, as propiedades e as aplicacións dos materiais técnicos como as técnicas de traballo con ferramentas e máquinas, e os comportamentos relacionados co traballo cooperativo e cos hábitos de seguridade e saúde. O bloque de "Máquinas e sistemas" introduce as forzas que soporta unha estrutura, os esforzos aos que están sometidos os elementos que a configuran, e o funcionamento dos operadores básicos para a transmisión e a transformación do movemento, aspectos fundamentais das máquinas. Ademais, tamén se tratan os fenómenos e os dispositivos asociados á electricidade, a forma de enerxía máis utilizada nas máquinas e nos sistemas de control. Finalmente, o bloque de "Tecnoloxías da información e da comunicación" é necesario para aprender a utilizar eficientemente as ferramentas dixitais, dominio que debe facilitar as aprendizaxes recollidas nos bloques anteriores. Nesta etapa trátase de usar os equipamentos informáticos de xeito

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



seguro para deseñar, elaborar e comunicar os proxectos técnicos, sen esquecer que na sociedade actual é necesaria unha formación adecuada no uso das ferramentas de procura, intercambio e publicación de información.

No conxunto dos bloques desta materia, en resumo, intégranse coñecementos de carácter matemático e científico, polo que un enfoque interdisciplinar favorecerá a conexión con outras materias e mesmo con diversos temas de actualidade.

Desde o punto de vista metodolóxico, o ensino desta materia require que se realicen proxectos nos que se traballe en equipo para resolver problemas tecnolóxicos que permitan explorar e formalizar o deseño, a produción, a avaliación ou a mellora de produtos relevantes desde o punto de vista tecnolóxico e social. Trátase de aprender a identificar e a seleccionar solucións aos problemas técnicos, a realizar cálculos e estimacións, e a planificar a realización de actividades de deseño, de montaxe e de verificación das características dos prototipos, contextos de aprendizaxe nos que son importantes a iniciativa, a colaboración e o respecto polas normas de seguridade, e nos que as tecnoloxías da información e da comunicación son ferramentas imprescindibles para a busca de información, para a elaboración de documentos ou de planos, para a realización de simulacións e de cálculos técnicos e económicos, e para a presentación ou a publicación de resultados.

No ensino da tecnoloxía resulta adecuado, xa que logo, reflexionar e traballar en grupo procurando solucións a problemas nos que se poidan aplicar os coñecementos adquiridos, e buscar información adicional, se se require, para fomentar o espírito emprendedor.

A contribución da materia de Tecnoloxía ao desenvolvemento das competencias clave dependerá en grande medida do tipo de actividades seleccionado; é dicir, da metodoloxía empregada. Neste sentido, a comunicación lingüística desenvolverase na medida en que o alumnado adquira e utilice adecuadamente vocabulario tecnolóxico, elabore informes técnicos, explique conceptos ou elabore e expoña información. A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, principais competencias que se desenvolven nesta materia, poden alcanzarse calculando magnitudes e parámetros, e aplicando técnicas de medición e de análise gráfica no contexto do proceso de resolución técnica de problemas, ou construíndo obxectos e verificando o seu funcionamento, competencias que tamén se favorecen utilizando ferramentas e máquinas, analizando procesos e sistemas tecnolóxicos ou mediante a análise e a valoración das repercusións ambientais da actividade tecnolóxica. A competencia dixital desenvolverase co emprego constante das tecnoloxías da información e da comunicación para procurar e almacenar información, para obter e presentar datos, e para simular circuítos, sistemas e procesos tecnolóxicos, ou para controlar e programar sistemas automáticos.

Para que o alumnado poida aprender a aprender, as actividades deben permitir que tome decisións cun certo grao de autonomía, que organice o proceso da propia aprendizaxe, e que aplique o aprendido a situacións cotiás das

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia
DOG Diario Oficial de Galicia

que poida avaliar os resultados. Do mesmo xeito, as competencias sociais e cívicas alcanzaranse procurando que o alumnado traballe en equipo, interactúe con outras persoas e con grupos de forma democrática e respecte a diversidade e as normas, e tamén mediante a análise da interacción entre o desenvolvemento tecnolóxico e os cambios socioeconómicos e culturais que produce.

O sentido de iniciativa e espírito emprendedor conséguese nesta materia a través do deseño, da planificación e da xestión de proxectos tecnolóxicos ao transformar as ideas propias en dispositivos, circuítos ou sistemas. E a conciencia e as expresións culturais reflíctense na análise da influencia dos fitos tecnolóxicos en distintas culturas e no seu desenvolvemento e progreso.

En función da vixencia e da utilidade dos aspectos que trata a Tecnoloxía, esta materia ofrece, sen dúbida, un inmenso potencial para axudar a comprender o contorno social e tecnolóxico e para desenvolver un conxunto de competencias relacionadas tanto co contexto profesional como coa participación cidadá e co desenvolvemento persoal.

2º de ESO

| | Tecnoloxía. 1º ciclo de ESO, 2º curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias Clave |
| | Bloque 1. Proceso de resolución de problemas tecnolóxicos | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B1.1. Fases do proxecto tecnolóxico. A tecnoloxía como resposta ás necesidades humanas.<br>▪ B1.2. Deseño de prototipos ou maquetas para resolver problemas técnicos. | ▪ B1.1. Identificar e describir as etapas necesarias para a creación dun produto tecnolóxico desde o seu deseño ata a súa comercialización. | ▪ TEB1.1.1. Deseña un prototipo que dá solución a un problema técnico sinxelo, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d | ▪ B1.3. Planificación e construción de prototipos ou maquetas mediante o uso responsable de materiais, ferramentas e técnicas axeitadas. | ▪ B1.2. Realizar as operacións técnicas previstas nun plan de traballo utilizando os recursos materiais e organizativos con criterios de eco- | ▪ TEB1.2.1. Elabora a documentación necesaria para a planificación da construción do prototipo. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA |

| Tecnoloxía. 1º ciclo de ESO, 2º curso | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias Clave |
| ▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m<br>▪ o | ▪ B1.4. Traballo en equipo. Distribución de tarefas e responsabilidades. Seguridade no contorno de traballo.<br>▪ B1.5. Documentación técnica. Normalización. | nomía, seguridade e respecto polo ambiente. | ▪ TEB 1.2.2. Constrúe un prototipo que dá solución a un problema técnico sinxelo, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ TEB 1.2.3. Traballa en equipo de xeito responsable e respectuoso. | ▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 2. Expresión e comunicación técnica | | | |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ n | ▪ B2.1. Bosquexos, esbozos, vistas e perspectivas. Cotación e escalas. Normalización. | ▪ B2.1. Representar obxectos mediante vistas e perspectivas aplicando criterios de normalización e escalas. | ▪ TEB2.1.1. Representa mediante vistas e perspectivas obxectos e sistemas técnicos, mediante esbozos e empregando criterios normalizados de cotación e escala. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ n | ▪ B2.2. Elementos de información de produtos tecnolóxicos: esbozos e bosquexos. | ▪ B2.2. Interpretar esbozos e bosquexos sinxelos como elementos de información de produtos tecnolóxicos. | ▪ TEB2.2.1. Interpreta esbozos e bosquexos sinxelos como elementos de información de produtos tecnolóxicos. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ h<br>▪ o | ▪ B2.3. Documentación técnica asociada a un produto tecnolóxico. Aplicacións informáticas de deseño asistido por computador e de simulación. | ▪ B2.3. Explicar mediante documentación técnica as fases dun produto desde o seu deseño ata a súa comercialización. | ▪ TEB2.3.1. Produce os documentos relacionados cun prototipo sinxelo empregando software específico de apoio. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| | Bloque 3. Materiais de uso técnico | | | |
| ▪ b<br>▪ f | ▪ B3.1. Materiais utilizados na construción de obxectos tecnolóxicos.<br>▪ B3.2. Propiedades dos materiais | ▪ B3.1. Analizar as propiedades dos materiais utilizados na construción de obxectos tecnolóxicos. | ▪ TEB3.1.1. Describe as características propias dos materiais de uso técnico. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Tecnoloxía. 1º ciclo de ESO, 2º curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias Clave |
| ▪ h<br>▪ o | técnicos. | | ▪ TEB3.1.2. Identifica tipos de materiais con que están fabricados obxectos técnicos cotiás. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ m | ▪ B3.3. Técnicas de traballo cos materiais para a fabricación dos obxectos técnicos. Ferramentas do taller.<br>▪ B3.4. Normas de seguridade e saúde no taller. | ▪ B3.2. Manipular e mecanizar materiais convencionais asociando a documentación técnica ao proceso de produción dun obxecto, respectando as súas características e empregando técnicas e ferramentas adecuadas, con especial atención ás normas de seguridade e saúde. | ▪ TEB3.2.1. Identifica e manipula con seguridade as ferramentas do taller en operacións básicas de conformación dos materiais de uso técnico. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ TEB3.2.2. Elabora un plan de traballo no taller con especial atención ás normas de seguridade e saúde. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 4. Máquinas e sistemas: estruturas, mecanismos e circuítos eléctricos | | | |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ h<br>▪ o | ▪ B4.1. Estruturas: elementos, tipos e funcións.<br>▪ B4.2. Esforzos básicos aos que están sometidas as estruturas. | ▪ B4.1. Analizar e describir os esforzos aos que están sometidas as estruturas, experimentando en prototipos. | ▪ TEB4.1.1. Describe audiovisual ou dixital, as características propias que configuran os tipos de estruturas, apoiándose en información escrita. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ TEB4.1.2. Identifica os esforzos característicos e a súa transmisión nos elementos que configuran a estrutura. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ o | ▪ B4.3. Mecanismos de transmisión e transformación do movemento en máquinas e sistemas.<br>▪ B4.4. Relación de transmisión.<br>▪ B4.5. Simuladores de sistemas mecánicos. | ▪ B4.2. Identificar operadores mecánicos de transformación e transmisión de movementos en máquinas e sistemas e empregalos para deseñar e montar sistemas mecánicos. | ▪ TEB4.2.1. Describe, mediante información escrita e gráfica, como transforman e transmiten o movemento distintos mecanismos. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ TEB4.2.2. Calcula a relación de transmisión de elementos mecánicos como as poleas e as engrena- | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



| Tecnoloxía. 1º ciclo de ESO, 2º curso | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias Clave |
| | | | xes. | |
| | | | ▪ TEB4.2.3. Explica a función dos elementos que configuran unha máquina ou un sistema desde o punto de vista estrutural e mecánico. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ TEB4.2.4. Simula mediante software específico e mediante simboloxía normalizada sistemas mecánicos. | ▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ TEB4.2.5. Deseña e monta sistemas mecánicos que cumpran unha función determinada. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B4.6. Circuítos eléctricos: compoñentes básicos, funcionamento e simboloxía. | ▪ B4.3. Deseñar e simular circuítos eléctricos con simboloxía adecuada e montalos con operadores elementais. | ▪ TEB4.3.1. Deseña e monta circuítos eléctricos básicos empregando lámpadas, zumbadores, motores, baterías e conectores. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ TEB4.3.2. Deseña circuítos eléctricos básicos, utilizando software específico e simboloxía adecuada, e experimenta cos elementos que o configuran. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | ▪ Bloque 5. Tecnoloxías da información e da comunicación | | | |
| ▪ f | ▪ B5.1. Elementos dun equipamento informático. | ▪ B5.1. Distinguir as partes operativas dun equipamento informático. | ▪ TEB5.1.1. Identifica as partes dun computador. | ▪ CMCCT<br>▪ CD |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B5.2. Deseño, elaboración e comunicación de proxectos técnicos coas tecnoloxías da información e da comunicación. | ▪ B5.2. Utilizar un equipamento informático para elaborar e comunicar proxectos técnicos sinxelos. | ▪ TEB5.2.1. Manexa programas e software básicos. | ▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ TEB5.2.2. Utiliza adecuadamente equipamentos informáticos e dispo- | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Tecnoloxía. 1º ciclo de ESO, 2º curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias Clave |
| ▪ h<br>▪ o | | | sitivos electrónicos. | ▪ CD |
| | | | ▪ TEB5.2.3. Elabora, presenta e difunde proxectos técnicos sinxelos con equipamentos informáticos. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ n | ▪ B5.3. Programación de aplicacións informáticas. Estrutura e elementos básicos dun programa informático. | ▪ B5.3. Deseñar e elaborar unha aplicación mediante un contorno de programación gráfico, utilizando o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos. | ▪ TEB5.3.1. Deseña e elabora aplicacións informáticas sinxelas mediante un contorno de programación gráfico. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC |

## 3º de ESO

| | Tecnoloxía. 1º ciclo de ESO, 3º curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Proceso de resolución de problemas tecnolóxicos | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ o | ▪ B1.1. Fases do proxecto tecnolóxico. A tecnoloxía como resposta ás necesidades humanas.<br>▪ B1.2. Deseño de prototipos ou maquetas para resolver problemas técnicos. | ▪ B1.1. Identificar e describir as etapas necesarias para a creación dun produto tecnolóxico desde o seu deseño ata a súa comercialización, investigar a súa influencia na sociedade e propor melloras desde o punto de vista tanto da súa utilidade como do seu posible impacto social. | ▪ TEB1.1.1. Deseña un prototipo que dá solución a un problema técnico, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| ▪ a | ▪ B1.3. Planificación e construción de prototipos ou maquetas mediante o | ▪ B1.2. Realizar as operacións técnicas previstas nun plan de traballo | ▪ TEB1.2.1. Elabora a documentación necesaria para a planificación da | ▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Tecnoloxía. 1º ciclo de ESO, 3º curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m<br>▪ o | uso responsable de materiais, ferramentas e técnicas axeitadas.<br>▪ B1.4. Traballo en equipo. Distribución de tarefas e responsabilidades. Seguridade no ámbito de traballo.<br>▪ B1.5. Documentación técnica. Normalización. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación. | utilizando os recursos materiais e organizativos con criterios de economía, seguridade e respecto polo ambiente, e valorando as condicións do contorno de traballo. | construción do prototipo. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| | | | ▪ TEB1.2.2. Constrúe un prototipo que dá solución a un problema técnico, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ TEB1.2.3. Traballa en equipo de xeito responsable e respectuoso. | ▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 2. Expresión e comunicación técnica | | | |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ n | ▪ B2.1. Elementos de información de produtos tecnolóxicos: esbozos e bosquexos. | ▪ B2.1. Interpretar esbozos e bosquexos como elementos de información de produtos tecnolóxicos. | ▪ TEB2.1.1. Interpreta esbozos e bosquexos como elementos de información de produtos tecnolóxicos. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ h<br>▪ o | ▪ B2.2. Documentación técnica asociada a un produto tecnolóxico. Aplicacións informáticas de deseño gráfico por computador ou de simulación. | ▪ B2.2. Explicar, mediante documentación técnica, as fases dun produto desde o seu deseño ata a súa comercialización. | ▪ TEB2.2.1. Produce os documentos relacionados cun prototipo empregando software específico de apoio. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| | Bloque 3. Materiais de uso técnico | | | |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ o | ▪ B3.1. Materiais utilizados na construción de obxectos tecnolóxicos.<br>▪ B3.2. Propiedades dos materiais técnicos: técnicas de identificación. | ▪ B3.1. Analizar as propiedades dos materiais utilizados na construción de obxectos tecnolóxicos, recoñecendo a súa estrutura interna, en relación coas propiedades que presentan e as modificacións que se poidan producir. | ▪ TEB3.1.1. Describe as características propias dos materiais de uso técnico, comparando as súas propiedades. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| | | | ▪ TEB3.1.2. Explica as técnicas de identificación das propiedades me- | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



| | Tecnoloxía. 1º ciclo de ESO, 3º curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | cánicas dos materiais de uso técnico. | ▪ CAA |
| | Bloque 4. Máquinas e sistemas: electricidade, electrónica e control | | | |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ h<br>▪ o | ▪ B4.1. Efectos da corrente eléctrica. Lei de Joule. | ▪ B4.1. Relacionar os efectos da enerxía eléctrica e a súa capacidade de conversión noutras manifestacións enerxéticas. | ▪ TEB4.1.1. Explica os principais efectos da corrente eléctrica e a súa conversión. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ f | ▪ B4.2. Circuíto eléctrico: magnitudes eléctricas, elementos, funcionamento e simboloxía. Lei de Ohm.<br>▪ B4.3. Instrumentos de medida das magnitudes eléctricas básicas. | ▪ B4.2. Experimentar con instrumentos de medida e obter as magnitudes eléctricas básicas. | ▪ TEB4.2.1. Utiliza os instrumentos de medida para coñecer as magnitudes eléctricas de circuítos básicos. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| | | | ▪ TEB4.2.2. Calcula as magnitudes eléctricas básicas en circuítos eléctricos sinxelos. | ▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B4.4. Deseño, simulación e montaxe de circuítos eléctricos e electrónicos básicos. | ▪ B4.3. Deseñar e simular circuítos con simboloxía adecuada e montar circuítos con operadores elementais. | ▪ TEB4.3.1. Deseña e monta circuítos eléctricos e electrónicos básicos empregando lámpadas, zumbadores, díodos LED, transistores, motores, baterías, conectores, condensadores e resistencias. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ TEB4.3.2. Deseña circuítos eléctricos básicos, utilizando software específico e simboloxía adecuada, e experimenta cos elementos que o configuran. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B4.5. Sistemas de control por computador. Elementos básicos de programación. | ▪ B4.4. Deseñar, montar e programar un sistema sinxelo de control. | ▪ TEB4.4.1. Elabora un programa informático que xestione o funcionamento dun sistema de control. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Tecnoloxía. 1º ciclo de ESO, 3º curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 5. tecnoloxías da información e da comunicación | | | |
| ▪ f | ▪ B5.1. Elementos dun equipamento informático. | ▪ B5.1. Distinguir as partes operativas dun equipamento informático. | ▪ TEB5.1.1. Identifica as partes dun computador e é capaz de substituír e montar pezas clave. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ m | ▪ B5.2. Ferramentas e aplicacións básicas para a procura, a descarga, o intercambio e a publicación de información.<br>▪ B5.3. Medidas de seguridade no uso dos sistemas de intercambio de información. | ▪ B5.2. Utilizar de forma segura sistemas de intercambio de información. | ▪ TEB5.2.1. Manexa espazos web, plataformas e outros sistemas de intercambio de información. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ TEB5.2.2. Coñece as medidas de seguridade aplicables a cada situación de risco. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ o | ▪ B5.4. Deseño, elaboración e comunicación de proxectos técnicos coas tecnoloxías da información e da comunicación. | ▪ B5.3. Utilizar un equipamento informático para elaborar e comunicar proxectos técnicos. | ▪ TEB5.3.1. Instala e manexa programas e software básicos. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| | | | ▪ TEB5.3.2. Utiliza adecuadamente equipamentos informáticos e dispositivos electrónicos. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| | | | ▪ TEB5.3.3. Elabora, presenta e difunde proxectos técnicos con equipamentos informáticos. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

## Tecnoloxías da Información e da Comunicación

### Introdución

As tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) desenvolven un papel fundamental na sociedade actual, porque proporcionan un conxunto de coñecementos e de técnicas que permiten satisfacer as necesidades individuais e colectivas. Neste sentido, as TIC achéganlle ao currículo a capacidade de analizar e redeseñar a relación entre dispositivos tecnolóxicos e necesidades sociais, ámbito no que a innovación e a condición de inmediata que lle son propias dotan esta materia dunha grande relevancia educativa. Na resolución de problemas coas TIC conxúganse, ademais da innovación, elementos como o traballo en equipo ou o carácter emprendedor, que son imprescindibles para formar unha cidadanía autónoma e competente. Ademais, o coñecemento das novas tecnoloxías proporciona unha imprescindible perspectiva científico-tecnolóxica sobre a necesidade de construír unha sociedade formada por unha cidadanía crítica con respecto ao que acontece arredor dela.

A materia de Tecnoloxías da Información e da Comunicación trata de achegarlle ao alumnado as habilidades necesarias para adaptarse aos cambios propios deste ámbito tecnolóxico. Deste xeito, na parte da materia correspondente a cuarto curso de educación secundaria obrigatoria, os bloques de "Ética e estética da interacción en rede", de "Seguridade informática" e de "Internet, redes sociais e hiperconexión" tratan aspectos das redes moi relacionados entre si, que é necesario que o alumnado domine para que poida desenvolverse con soltura e seguridade nos ámbitos profesional e persoal. O bloque de "Computadores, sistemas operativos e redes" abonda en aspectos de configuración dos computadores e de instalación de aplicación cos que as persoas usuarias deben familiarizarse para utilizar computadores e aplicacións xunto con outros dispositivos hoxe imprescindibles, como teléfonos intelixentes e táboas, ou para utilizar as posibilidades de conectividade das TIC. O bloque de "Organización, deseño e produción de información dixital" e o de "Publicación e difusión de contidos" tratan os aspectos que poden necesitarse para producir documentos e difundilos, ademais dalgúns temas relacionados co soporte das publicacións, como son o tratamento de datos, a xeración de informes e a incorporación de elementos gráficos e audiovisuais nos documentos.

Nos dous cursos de bacharelato, a materia de Tecnoloxías da Información e da Comunicación persegue a consolidación dunha serie de coñecementos tecnolóxicos indispensables. Así, o bloque "A sociedade da información e o computador" introduce o alumnado na importancia desta materia na sociedade actual. Os bloques "Arquitectura de computadores", "Redes de computadores" e "Seguridade" abondan en aspectos relativos aos compoñentes e á

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



configuración dos computadores, e á súa conexión en redes. O bloque "Software para sistemas informáticos" afonda no uso de aplicacións de uso común no mundo actual, tales como as aplicacións ofimáticas de edición de texto, de cálculo, de elaboración de presentación, de almacenaxe de información e de traballo con imaxe e vídeo. E os bloques "Programación" e "Publicación e difusión de contidos" afondan no deseño de programas que permitan dar solucións a problemas do mundo real, e no uso destes no mundo de internet.

Como noutras materias que tratan aspectos tecnolóxicos, nesta intégranse coñecementos de carácter matemático e científico, ademais de que é frecuente que as TIC se utilicen para resolver problemas específicos doutras disciplinas. Un enfoque interdisciplinar, xa que logo, favorecerá a conexión con outras materias e mesmo con diversos temas de actualidade.

Desde o punto de vista metodolóxico, as TIC admiten tratamentos moi diversos, porque serven tanto para integrar as restantes materias do currículo como para afondar en aspectos moi específicos, como a programación ou as comunicacións, sen esquecer que son especialmente indicadas para reflexionar sobre os temas tecnolóxicos e de actualidade.

Esta materia caracterízase pola realización de actividades nas que se desenvolven destrezas técnicas para acceder ás redes de información, que tamén se comparte, e se utilizan aplicacións informáticas de propósito xeral. Neste contexto, a iniciativa, a colaboración e o respecto polas normas de seguridade e polos dereitos dos colectivos relacionados coa cultura ou coa produción de programas informáticos son tan importantes como o dominio dos recursos informáticos e das redes de comunicacións.

A participación pode potenciarse nesta materia mediante a exposición de traballos, a resolución colaborativa de problemas mediante a realización de proxectos informáticos, a utilización colectiva de recursos virtuais ou a procura e a análise de información en internet, aspectos que tamén favorecen a propia aprendizaxe.

Na ensinanza das TIC resulta, daquela, adecuado reflexionar e traballar en grupo procurando solucións a problemas concretos onde se poidan aplicar os coñecementos adquiridos, e buscar información adicional, se se require, para fomentar o espírito emprendedor.

A contribución da materia de TIC ao desenvolvemento das competencias clave dependerá en grande medida do tipo de actividades; é dicir, da metodoloxía empregada. Neste sentido, a comunicación lingüística desenvolverase na medida en que o alumnado adquira e utilice un vocabulario técnico preciso, elabore programas e documentos, explique conceptos ou elabore e expoña información. A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía poden alcanzarse configurando e administrando máquinas e sistemas operativos, aplicando técnicas de tratamento e almacenamento de datos ou asumindo hábitos seguros no contexto das redes de comu-

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

nicación, competencias que tamén se favorecen analizando o funcionamento de programas, aplicacións e sistemas operativos, ou mediante a análise e a valoración das repercusións dos hábitos sociais en internet. A competencia dixital, que é a específica desta materia, desenvolverase co emprego constante das TIC para procurar e almacenar información, para obter e presentar datos e para simular sistemas, ou para elaborar programas ou utilidades informáticas que sirvan para resolver problemas.

Para que o alumnado poida aprender a aprender, as actividades deben permitir que tome decisións cun certo grao de autonomía, que organice o proceso da propia aprendizaxe e que aplique o aprendido a situacións cotiás das que poida avaliar os resultados. Do mesmo xeito, as competencias sociais e cívicas alcanzaranse procurando que o alumnado traballe en equipo, interactúe con outras persoas e con grupos de forma democrática, e respecte a diversidade e as normas, e tamén mediante a análise da interacción entre o desenvolvemento das TIC e os cambios socioeconómicos e culturais que produce.

O sentido de iniciativa e espírito emprendedor conséguese nesta materia a través do deseño, da planificación e da xestión de proxectos informáticos sinxelos, ao transformar as ideas propias en programas ou en documentos. E a conciencia e as expresións culturais reflíctense na análise da influencia dos fitos técnicos das TIC en distintas culturas e no seu desenvolvemento e progreso.

En resumo, a materia de Tecnoloxías da Información e da Comunicación ofrece un inmenso potencial para axudar a comprender o contorno social e para desenvolver un conxunto de competencias relacionadas tanto co contexto profesional como coas formas que a participación cidadá está a adoptar no contexto das TIC que afectan por igual os ámbitos social e do desenvolvemento persoal.

4º de ESO

| | Tecnoloxías da Información e da Comunicación. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Ética e estética na interacción en rede | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B1.1. Políticas de seguridade para a protección do individuo na interacción coa rede. Contrasinais. Condutas e hábitos seguros.<br>▪ B1.2. Intercambio e publicación de | ▪ B1.1. Adoptar condutas e hábitos que permitan a protección do individuo na súa interacción na rede. | ▪ TICB1.1.1. Interactúa con hábitos adecuados en contornos virtuais. | ▪ CD<br>▪ CSC |
| | | | ▪ TICB1.1.2. Aplica políticas seguras de utilización de contrasinais para a | ▪ CD<br>▪ CMCCT. |

| | Tecnoloxías da Información e da Comunicación. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ h<br>▪ i<br>▪ o | información dixital na rede. Seguridade e responsabilidade no uso dos servizos de publicación. | | protección da información persoal. | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ ñ<br>▪ o | ▪ B1.3. Dereitos de propiedade intelectual e de explotación dos materiais aloxados na web. Tipos de licenzas de distribución. | ▪ B1.2. Acceder a servizos de intercambio e publicación de información dixital con criterios de seguridade e uso responsable. | ▪ TICB1.2.1. Realiza actividades con responsabilidade sobre conceptos como a propiedade e o intercambio de información. | ▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ ñ | ▪ B1.4. Propiedade e distribución do software e da información. Tipos de licenzas de uso e distribución.<br>▪ B1.5. Identidade dixital, privacidade e seguridade. Desenvolvemento de actitudes de protección activa ante dos intentos de fraude. | ▪ B1.3. Recoñecer e comprender os dereitos dos materiais aloxados na web. | ▪ TICB1.3.1. Consulta distintas fontes e navega coñecendo a importancia da identidade dixital e os tipos de fraude da web. | ▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ TICB1.3.2. Diferencia o concepto de materiais suxeitos a dereitos de autoría e materiais de libre distribución. | ▪ CD<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | Bloque 2. Computadores, sistemas operativos e redes | | | |
| ▪ f | ▪ B2.1. Funcións de configuración dos equipamentos informáticos. | ▪ B2.1. Utilizar e configurar equipamentos informáticos, identificando os elementos que os configuran e a súa función no conxunto. | ▪ TICB2.1.1. Realiza operacións básicas de organización e almacenamento da información. | ▪ CD<br>▪ CMCCT.<br>▪ CAA |
| | | | ▪ TICB2.1.2. Configura elementos básicos do sistema operativo e de accesibilidade do equipamento informático. | ▪ CD<br>▪ CMCCT. |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



| | Tecnoloxías da Información e da Comunicación. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ f | ▪ B2.2. Instalación e eliminación de software de propósito xeral. | ▪ B2.2. Xestionar a instalación e eliminación de software de propósito xeral. | ▪ TICB2.2.1. Resolve problemas vinculados aos sistemas operativos e ás aplicacións e os programas vinculados a estes. | ▪ CD<br>▪ CMCCT.<br>▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ f | ▪ B2.3. Utilización de software de comunicación entre equipamentos e sistemas. | ▪ B2.3. Utilizar software de comunicación entre equipamentos e sistemas. | ▪ TICB2.3.1. Administra o equipamento con responsabilidade e coñece aplicacións de comunicación entre dispositivos. | ▪ CD<br>▪ CMCCT. |
| ▪ f | ▪ B2.4. Arquitectura dun computador: compoñentes básicos e características. | ▪ B2.4. Coñecer a arquitectura dun computador, identificando os seus compoñentes básicos, e describir as súas características. | ▪ TICB2.4.1. Analiza e coñece diversos compoñentes físicos dun computador, as súas características técnicas e as conexións entre eles. | ▪ CD<br>▪ CMCCT. |
| ▪ f | ▪ B2.5. Elementos e sistemas para a comunicación con fíos e sen eles. | ▪ B2.5. Analizar os elementos e os sistemas que configuran a comunicación con fíos e sen eles. | ▪ TICB2.5.1. Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais. | ▪ CD<br>▪ CMCCT.<br>▪ CCL |
| | Bloque 3. Organización, deseño e produción de información dixital | | | |
| ▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ ñ<br>▪ a<br>▪ o | ▪ B3.1. Procesos de produción de documentos con aplicacións ofimáticas e de deseño gráfico. Maquetaxe. Importación de imaxes e gráficos.<br>▪ B3.2. Formatos abertos e estándares de formato na produción de documentación.<br>▪ B3.3. Operacións básicas en follas de cálculo. Creación de gráficos. Elaboración de informes sinxelos.<br>▪ B3.4. Organización da información en bases de datos. Realización de consultas básicas e xeración de documentos. | ▪ B3.1. Utilizar aplicacións informáticas de escritorio para a produción de documentos. | ▪ TICB3.1.1. Elabora e maqueta documentos de texto con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, fórmulas, gráficos, así como outras posibilidades de deseño, e interactúa con outras características do programa. | ▪ CD<br>▪ CMCCT.<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ TICB3.1.2. Produce informes que requiren o emprego de follas de cálculo, que inclúan resultados textuais, numéricos e gráficos. | ▪ CD<br>▪ CMCCT.<br>▪ CCL<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ TICB3.1.3. Elabora bases de datos | ▪ CD |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Tecnoloxías da Información e da Comunicación. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | sinxelas e utiliza a súa funcionalidade para consultar datos, organizar a información e xerar documentos. | ▪ CMCCT.<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ c<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ ñ<br>▪ o | ▪ B3.5. Tipos de presentacións e estrutura do contido. Deseño da estrutura e de elementos gráficos adecuados para o público obxectivo. Importación de elementos multimedia, de imaxes e de gráficos.<br>▪ B3.6. Edición e montaxe de materiais audiovisuais a partir de fontes diversas. Captura de imaxe, de audio e de vídeo, e conversión a outros formatos.<br>▪ B3.7. Tratamento básico da imaxe dixital. Exposición, saturación, luminosidade e contraste. Resolución e formatos. | ▪ B3.2. Elaborar contidos de imaxe, audio e vídeo, e desenvolver capacidades para integralos en diversas producións. | ▪ TICB3.2.1. Integra elementos multimedia, imaxe e texto na elaboración de presentacións, adecuando o deseño e a maquetaxe á mensaxe e ao público obxectivo a quen vai dirixido. | ▪ CD<br>▪ CMCCT.<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC<br>▪ CSC |
| | | | ▪ TICB3.2.2. Emprega dispositivos de captura de imaxe, audio e vídeo, edita a información mediante software específico e crea novos materiais en diversos formatos. | ▪ CD<br>▪ CMCCT.<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 4. Seguridade informática | | | |
| ▪ a<br>▪ f | ▪ B4.1. Procedementos de intercambio de información entre dispositivos físicos de características técnicas diversas.<br>▪ B4.2. Riscos de seguridade para sistemas, aplicacións e datos. Hábitos de protección.<br>▪ B4.3. Medidas de seguridade activa e pasiva. Actualización do software. Antivirus e devasas. | ▪ B4.1. Adopta condutas de seguridade activa e pasiva na protección de datos e no intercambio de información. | ▪ TICB4.1.1. Analiza e coñece dispositivos físicos e características técnicas, de conexión e de intercambio de información entre eles. | ▪ CD<br>▪ CMCCT. |
| | | | ▪ TICB4.1.2. Coñece os riscos de seguridade e emprega hábitos de protección adecuados. | ▪ CD<br>▪ CMCCT. |
| | | | ▪ TICB4.1.3. Describe a importancia da actualización do software e do emprego de antivirus e de devasas para garantir a seguridade. | ▪ CD<br>▪ CMCCT.<br>▪ CCL |

| | Tecnoloxías da Información e da Comunicación. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 5. Publicación e difusión de contidos | | | |
| ▪ b<br>▪ f | ▪ B5.1. Compartición de recursos en redes locais e en internet. | ▪ B5.1. Utilizar dispositivos de intercambio de información coñecendo as características da comunicación ou da conexión entre eles. | ▪ TICB5.1.1. Realiza actividades que requiren compartir recursos en redes locais e virtuais. | ▪ CD<br>▪ CMCCT.<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ ñ<br>▪ o | ▪ B5.3. Deseño de páxinas web sinxelas. | ▪ B5.2. Elaborar e publicar contidos na web que integren información textual, numérica, sonora e gráfica. | ▪ TICB5.2.1. Integra e organiza elementos textuais e gráficos en estruturas hipertextuais. | ▪ CD<br>▪ CMCCT.<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ TICB5.2.2. Deseña páxinas web e coñece os protocolos de publicación, baixo estándares adecuados e con respecto aos dereitos de propiedade. | ▪ CD<br>▪ CMCCT.<br>▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ ñ<br>▪ o | ▪ B5.4. Creación e publicación na web. Estándares de publicación.<br>▪ B5.5. Traballo colaborativo con servizos na nube e coas ferramentas das TIC de carácter social. | ▪ B5.3. Coñecer os estándares de publicación e empregalos na produción de páxinas web e coas ferramentas das TIC de carácter social. | ▪ TICB5.3.1. Participa colaborativamente en diversas ferramentas das TIC de carácter social e xestiona os propios. | ▪ CD<br>▪ CMCCT.<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CSC |
| | Bloque 6. Internet, redes sociais e hiperconexión | | | |
| ▪ a<br>▪ b | ▪ B6.1. Creación e publicación na web de materiais multiplataforma | ▪ B6.1. Desenvolver hábitos no uso de ferramentas que permitan a ac- | ▪ TICB6.1.1. Elabora materiais para a web que permiten a accesibilidade | ▪ CD<br>▪ CMCCT. |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Tecnoloxías da Información e da Comunicación. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ ñ<br>▪ o | accesibles.<br>▪ B6.2. Recursos e plataformas de formación a distancia, emprego e saúde.<br>▪ B6.3. Administración electrónica e comercio electrónico: intercambios económicos e seguridade.<br>▪ B6.4. Sincronización entre dispositivos móbiles e computadores. | cesibilidade ás producións desde diversos dispositivos móbiles. | á información multiplataforma. | ▪ CSIEE |
| | | | ▪ TICB6.1.2. Realiza intercambio de información en distintas plataformas nas que está rexistrado/a e que ofrecen servizos de formación, lecer, etc. | ▪ CD<br>▪ CMCCT.<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ TICB6.1.3. Sincroniza a información entre un dispositivo móbil e outro dispositivo. | ▪ CD<br>▪ CMCCT. |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ ñ<br>▪ o | ▪ B6.5. Redes sociais. Privacidade e seguridade persoal na interacción en redes sociais. | ▪ B6.2. Empregar o sentido crítico e desenvolver hábitos adecuados no uso e no intercambio da información a través de redes sociais e plataformas. | ▪ TICB6.2.1. Participa activamente en redes sociais con criterios de seguridade. | ▪ CD<br>▪ CMCCT.<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| ▪ f<br>▪ m<br>▪ ñ | ▪ B6.6. Utilización de canles de distribución de contidos multimedia para distribución de materiais propios. | ▪ B6.3. Publicar e relacionar mediante hiperligazóns información en canles de contidos multimedia, presentacións, imaxe, audio e vídeo. | ▪ TICB6.3.1. Emprega canles de distribución de contidos multimedia para aloxar materiais propios e enlazalos noutras producións. | ▪ CD<br>▪ CMCCT.<br>▪ CCL<br>▪ CSC |

1º de bacharelato

| | Tecnoloxías da Información e da Comunicación I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Tecnoloxías da Información e da Comunicación I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. A sociedade da información e o computador | | | |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m<br>▪ p | ▪ B1.1. Concepto de sociedade da información.<br>▪ B1.2. O sector das TIC: composición e características. | ▪ B1.1. Analizar e valorar as influencias das tecnoloxías da información e da comunicación na transformación da sociedade actual, tanto nos ámbitos da adquisición do coñecemento como nos da produción. | ▪ TIC1B1.1.1. Describe as diferenzas entre o que se considera sociedade da información e sociedade do coñecemento. | ▪ CD<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ TIC1B1.1.2. Explica cales son os novos sectores económicos que apareceron como consecuencia da xeneralización das tecnoloxías da información e da comunicación. | ▪ CD<br>▪ CSIEE<br>▪ CSC |
| | Bloque 2. Arquitectura de computadores | | | |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B2.1. Bloques funcionais dun sistema microinformático e compoñentes de cada bloque funcional.<br>▪ B2.2. Compoñentes dos sistemas microinformáticos<br>▪ B2.3. Periféricos básicos<br>▪ B2.4. Dispositivos de almacenamento: características e tipos.<br>▪ B2.5. Dispositivos de memoria: características e tipos. | ▪ B2.1. Configurar computadores e equipamentos informáticos identificando os subsistemas que os compoñen e relacionando cada elemento coas prestacións do conxunto, e describir as súas características. | ▪ TIC1B2.1.1. Describe as características dos subsistemas que compoñen un computador, identificando os seus principais parámetros de funcionamento. | ▪ CD<br>▪ CMCCT.<br>▪ CCL |
| | | | ▪ TIC1B2.1.2. Realiza esquemas de interconexión dos bloques funcionais dun computador e describe a contribución de cada un ao funcionamento integral do sistema. | ▪ CD<br>▪ CMCCT.<br>▪ CCL |
| | | | ▪ TIC1B2.1.3. Describe dispositivos de almacenamento masivo utilizados en sistemas de computadores, recoñecendo a súa importancia na custodia da información. | ▪ CD<br>▪ CMCCT.<br>▪ CCL |
| | | | ▪ TIC1B2.1.4. Describe os tipos de memoria utilizados en computadores, analizando os parámetros que as definen e a súa achega ao ren- | ▪ CD<br>▪ CMCCT.<br>▪ CCL |

| Tecnoloxías da Información e da Comunicación I. 1º de bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | demento do conxunto. | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B2.6. Sistema operativo: elementos e estrutura. Clasificación, funcións e procesos do sistema operativo. Sistemas operativos actuais.<br>▪ B2.7. Instalación e actualización de sistemas operativos e de aplicacións de software. | ▪ B2.2. Instalar e utilizar software de propósito xeral e de aplicación, e avaliar as súas características e os contornos de aplicación. | ▪ TIC1B2.2.1. Elabora un diagrama da estrutura dun sistema operativo relacionando cada parte coa súa función. | ▪ CD<br>▪ CMCCT. |
| | | | ▪ TIC1B2.2.2. Instala sistemas operativos e programas de aplicación para a resolución de problemas en computadores persoais, seguindo instrucións de fábrica. | ▪ CD<br>▪ CMCCT.<br>▪ CAA |
| | Bloque 3. Software para sistemas informáticos | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B3.1. Deseño e utilización de bases de datos sinxelas.<br>▪ B3.2. Elaboración de documentos mediante procesadores de texto.<br>▪ B3.3. Elaboración de presentacións.<br>▪ B3.4. Presentación ao público: conexión a un proxector e configuración.<br>▪ B3.5. Resolución de problemas mediante follas de cálculo.<br>▪ B3.6. Deseño e edición de Imaxes en 2D e 3D.<br>▪ B3.7. Creación de contidos audiovisuais. Elaboración de guións, captura de son e de imaxes, edición e montaxe.<br>▪ B3.8. As redes de intercambio como fonte de recursos multimedia. Dereitos que amparan as producións alleas. | ▪ B3.1. Utilizar aplicacións informáticas de escritorio ou web, como instrumentos de resolución de problemas específicos. | ▪ TIC1B3.1.1. Deseña bases de datos sinxelas e/ou extrae información, realizando consultas, formularios e informes. | ▪ CD<br>▪ CMCCT.<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ TIC1B3.1.2. Elabora informes de texto que integren texto e imaxes, aplicando as posibilidades das aplicacións e tendo en conta o destinatario. | ▪ CD<br>▪ CMCCT.<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ TIC1B3.1.3. Elabora presentacións que integren texto, imaxes e elementos multimedia, adecuando a mensaxe ao público obxectivo ao que se destina. | ▪ CD<br>▪ CMCCT.<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Tecnoloxías da Información e da Comunicación I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | | ▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ TIC1B3.1.4. Resolve problemas que requiran a utilización de follas de cálculo, xerando resultados textuais, numéricos e gráficos. | ▪ CD<br>▪ CMCCT.<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ TIC1B3.1.5. Deseña elementos gráficos en 2D e 3D para comunicar ideas. | ▪ CD<br>▪ CMCCT.<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ TIC1B3.1.6. Realiza pequenas películas integrando son, vídeo e imaxes, utilizando programas de edición de ficheiros multimedia. | ▪ CD<br>▪ CMCCT.<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | Bloque 4. Redes de computadores | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B4.1. Configuración básica de redes locais: características, tipos, topoloxías e arquitecturas. | ▪ B 4.1. Analizar as principais topoloxías utilizadas no deseño de redes de computadores, relacionándoas coa área de aplicación e coas tecnoloxías empregadas. | ▪ TIC1B4.1.1. Debuxa esquemas de configuración de pequenas redes locais, seleccionando as tecnoloxías en función do espazo físico dispoñible. | ▪ CD<br>▪ CMCCT.<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Tecnoloxías da Información e da Comunicación I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ d<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B4.2. Cables e conectores: características e tipoloxía. Normalización.<br>▪ B4.3. Elementos das redes de datos: situación, dispositivos e adaptadores de interconexión de redes con fíos e sen eles; configuración básica destes.<br>▪ B4.4. Despregamento de redes locais sen fíos: elementos, medios de transmisión, protocolos e recomendacións. Seguridade básica. | ▪ B4.2. Analizar a función dos equipos de conexión que permiten realizar configuracións de redes e a súa interconexión con redes de área extensa. | ▪ TIC1B4.2.1. Realiza unha análise comparativa entre os tipos de cables utilizados en redes de datos. | ▪ CD<br>▪ CMCCT.<br>▪ CCL |
| | | | ▪ TIC1B4.2.2. Realiza unha análise comparativa entre tecnoloxía con fíos e sen eles, e indica posibles vantaxes e inconvenientes. | ▪ CD<br>▪ CMCCT.<br>▪ CCL |
| | | | ▪ TIC1B4.2.3. Explica a funcionalidade dos elementos que permiten configurar redes de datos, indicando as súas vantaxes e os seus inconvenientes principais. | ▪ CD<br>▪ CMCCT.<br>▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B4.5. Niveis do modelo OSI: funcións dos niveis, os protocolos e os dispositivos. | ▪ B4.3. Describir os niveis do modelo OSI, relacionándoos coas súas funcións nunha rede informática. | ▪ TIC1B4.3.1. Elabora un esquema de como se realiza a comunicación entre os niveis OSI de dous equipamentos remotos. | ▪ CD<br>▪ CMCCT.<br>▪ CCL |
| | Bloque 5. Programación | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B5.1. Diagramas de fluxo: elementos e ferramentas; símbolos e o seu significado.<br>▪ B5.2. Identificación dos elementos dun programa informático: estruturas e bloques fundamentais.<br>▪ B5.3. Deseño de algoritmos utilizando diagramas de fluxo. | ▪ B5.1. Aplicar algoritmos á resolución dos problemas máis frecuentes que se presentan ao traballar con estruturas de datos. | ▪ TIC1B5.1.1. Desenvolve algoritmos que permitan resolver problemas aritméticos sinxelos, elaborando os correspondentes diagramas de fluxo. | ▪ CD<br>▪ CMCCT.<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g | ▪ B5.4. Uso de estruturas de control: operadores, condicións, bloques e estruturas de repetición. | ▪ B5.2. Analizar e resolver problemas de tratamento de información, dividíndoos en subproblemas e definin- | ▪ TIC1B5.2.1. Escribe programas que inclúan bucles de programación para solucionar problemas que impliquen a división dun conxunto en | ▪ CD<br>▪ CMCCT.<br>▪ CAA |

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Tecnoloxías da Información e da Comunicación I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ i<br>▪ l | | do algoritmos que os resolven. | partes máis pequenas. | ▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B5.5. Execución, proba, depuración e documentación de programas. | ▪ B5.3. Analizar a estrutura de programas informáticos, identificando e relacionando os elementos propios da linguaxe de programación utilizada. | ▪ TIC1B5.3.1. Obtén o resultado de seguir un pequeno programa escrito nun código determinado, partindo de determinadas condicións. | ▪ CD<br>▪ CMCCT.<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ d.<br>▪ g.<br>▪ i.<br>▪ l. | ▪ B5.6. Identificación dos elementos da sintaxe da linguaxe. | ▪ B5.4. Coñecer e comprender a sintaxe e a semántica das construcións básicas dunha linguaxe de programación. | ▪ TIC1B5.4.1. Define o que se entende por sintaxe dunha linguaxe de programación e propón exemplos concretos dunha linguaxe determinada. | ▪ CD<br>▪ CMCCT.<br>▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B5.1. Diagramas de fluxo: elementos e ferramentas; símbolos e o seu significado.<br>▪ B5.2. Identificación dos elementos dun programa informático: estruturas e bloques fundamentais.<br>▪ B5.3. Deseño de algoritmos utilizando diagramas de fluxo. | ▪ B5.5. Realizar pequenos programas de aplicación nunha linguaxe de programación determinada e aplicalos á solución de problemas reais. | ▪ TIC1B5.5.1. Realiza programas de aplicación sinxelos nunha linguaxe determinada que solucionen problemas da vida real. | ▪ CD<br>▪ CMCCT.<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CSC<br>▪ CCEC, |

## 2º de bacharelato

| | Tecnoloxías da Información e da Comunicación II. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Programación | | | |
| ▪ d<br>▪ g | ▪ B1.1. Estruturas de almacenamento de datos. Tipos de datos. Varia- | ▪ B1.1. Describir as estruturas de almacenamento e analizar as carac- | ▪ TIC2B1.1.1. Explica as estruturas de almacenamento para diferentes | ▪ CD<br>▪ CMCCT. |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Tecnoloxías da Información e da Comunicación II. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ i<br>▪ l | bles, vectores e matrices. Listas, pilas e colas. Estruturas. | terísticas de cada unha. | aplicacións tendo en conta as súas características. | ▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B1.2. Diagramas de fluxo: elementos e símbolos, e o seu significado.<br>▪ B1.3. Deseño de algoritmos con diagramas de fluxo utilizando ferramentas informáticas. | ▪ B1.2. Coñecer e comprender a sintaxe e a semántica das construcións dunha linguaxe de programación. | ▪ TIC2B1.2.1. Elabora diagramas de fluxo de mediana complexidade usando elementos gráficos e relacionándoos entre si para dar resposta a problemas concretos. | ▪ CD<br>▪ CMCCT.<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B1.4. Transformación de diagramas de fluxo en pseudocódigo ou en código fonte.<br>▪ B1.5. Programación modular: módulos, procedementos e funcións. | ▪ B1.3. Realizar programas de aplicación nunha linguaxe de programación determinada e aplicalos á solución de problemas reais. | ▪ TIC2B1.3.1. Elabora programas de mediana complexidade definindo o fluxograma correspondente e escribindo o código correspondente. | ▪ CD<br>▪ CMCCT.<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ TIC2B1.3.2. Descompón problemas de certa complexidade en problemas máis pequenos susceptibles de seren programados como partes separadas. | ▪ CD<br>▪ CMCCT.<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B1.6. Deseño e realización de probas: tipos de probas e casos de proba. Depuración.<br>▪ B1.7. Optimización e documentación. Análise de código e refactorización. Repositorios de código e control de versións. | ▪ B1.4. Depurar programas informáticos, optimizándoos para a súa aplicación. | ▪ TIC2B1.4.1. Obtén o resultado de seguir un programa escrito nun código determinado, partindo de determinadas condicións. | ▪ CD<br>▪ CMCCT.<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ TIC2B1.4.2. Optimiza o código dun programa dado aplicando procedementos de depuración. | ▪ CD<br>▪ CMCCT.<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ g | ▪ B1.8. Seguridade lóxica. Tipos de ameaza e técnicas de vixilancia dos sistemas: protección contra virus e respaldo de información. | ▪ B1.5. Analizar a importancia da protección da información na sociedade do coñecemento, valorando as repercusións de tipo económico, so- | ▪ TIC2B1.5.1. Selecciona elementos de protección de software para internet relacionándoos cos posibles ataques. | ▪ CD<br>▪ CMCCT.<br>▪ CAA<br>▪ CSIE.. |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Tecnoloxías da Información e da Comunicación II. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B1.9. Seguridade física: protección física das redes.<br>▪ B1.10. Tipos de código malicioso e usos: virus, troianos, portas traseiras e publicitario. | cial ou persoal. | | ▪ CSC |
| | | | ▪ TIC2B1.5.2. Elabora un esquema de bloques cos elementos de protección física fronte a ataques externos para unha pequena rede, considerando os elementos de hardware de protección | ▪ CD<br>▪ CMCCT.<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CSC |
| | | | ▪ TIC2B1.5.3. Clasifica o código malicioso pola súa capacidade de propagación e describe as características de cada un, indicando sobre que elementos actúan. | ▪ CD<br>▪ CMCCT.<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| | Bloque 2. Publicación e difusión de contidos | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m<br>▪ p | ▪ B2.1. Linguaxes de marcaxe para a creación de documentos web.<br>▪ B2.2. Accesibilidade e usabilidade en internet. | ▪ B2.1. Utilizar e describir as características das ferramentas relacionadas coa web social, identificando as funcións e as posibilidades que ofrecen as plataformas de traballo colaborativo. | ▪ TIC2B2.1.1. Deseña páxinas web e blogs con ferramentas específicas analizando as características fundamentais relacionadas coa súa accesibilidade e a súa usabilidade, tendo en conta a función á que está destinada. | ▪ CD<br>▪ CMCCT.<br>▪ CCL<br>▪ CCA<br>▪ CSIEE<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B2.3. Ferramentas de xestión de contidos da web 2.0. | ▪ B2.2. Elaborar e publicar contidos na web que integren información textual, gráfica e multimedia, tendo en conta a quen van dirixidos e os obxectivos. | ▪ TIC2B2.2.1. Elabora traballos utilizando as posibilidades de colaboración que permiten as tecnoloxías baseadas na web 2.0. | ▪ CD<br>▪ CMCCT.<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CSC |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



| | Tecnoloxías da Información e da Comunicación II. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ i<br>▪ l<br>▪ m<br>▪ p | | | | ▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B2.4. Características da web 2.0. | ▪ B2.3. Analizar e utilizar as posibilidades que nos ofrecen as tecnoloxías baseadas na web 2.0 e sucesivos desenvolvementos, aplicándoas ao desenvolvemento de traballos colaborativos. | ▪ TIC2B2.3.1. Explica as características relevantes da web 2.0 e os principios en que esta se basea. | ▪ CD<br>▪ CMCCT.<br>▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | Bloque 3. Seguridade | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B3.1. Medidas físicas e lóxicas de seguridade en redes: devasas, copias de seguridade, sistemas de control de acceso, monitorización de sistemas e análise de logs. | ▪ B3.1. Adoptar as condutas de seguridade activa e pasiva que posibiliten a protección dos datos e do propio individuo nas súas interaccións en internet e na xestión de recursos e aplicacións locais. | ▪ TIC2B3.1.1. Elabora un esquema de bloques cos elementos de protección física fronte a ataques externos para unha pequena rede, considerando tanto os elementos de hardware de protección como as ferramentas de software que permiten protexer a información. | ▪ CD<br>▪ CMCCT.<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B3.2. Uso básico dun contorno de desenvolvemento: edición de programas e xeración de executables. | ▪ B3.2. Utilizar contornos de programación para deseñar programas que resolvan problemas concretos. | ▪ TIC2B3.2.1. Elabora programas de mediana complexidade utilizando contornos de programación. | ▪ CD<br>▪ CMCCT.<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

## Valores Éticos

### Introdución

A materia de Valores Éticos ten como obxectivo básico orientar o alumnado adolescente na escolla do seu proxecto de vida persoal. A orientación de Valores Éticos permitirá que ese proxecto se vaia enchendo de xeito acorde coa racionalidade práctica. Isto supón que o proxecto, por racional, vai requirir virtudes intelectuais como o rigor, a coherencia, a honradez intelectual ou o apego á realidade. Pola dimensión práctica desa racionalidade, o proxecto requirirá que o alumnado vaia construíndo, desde a reflexión, un código ético de valores e normas que determinarán as súas decisións para guiar a súa conduta de tal xeito que realce a súa dignidade persoal e, ao mesmo tempo, permita a súa realización plena e feliz como persoas e a promoción de relacións sociais marcadas polo recoñecemento das outras persoas, o respecto cara a elas, e pola finalidade de alcanzar cotas cada vez maiores de xustiza, tanto no nivel máis próximo á persoa como no nivel global.

No plano didáctico, Valores Éticos contribúe á consecución das competencias clave. Resulta evidente que o obxectivo de alcanzar maiores competencias sociais e cívicas está na súa propia constitución como materia. Pero a reflexión ética tamén require a posta en práctica da competencia comunicación lingüística, pola necesidade de rigor e claridade na exposición das propias ideas, e da capacidade dialóxica para comprender os puntos de vista alleos e aprender deles. Tamén resulta indispensable fomentar tanto a competencia de aprender a aprender como a de sentido da iniciativa e espírito emprendedor, pois ambas inciden na necesidade de crecemento persoal, tanto na orde do exercicio dos procesos cognitivos como na do aprecio pola creatividade, o sentido crítico e o non-estancamento. Para a reflexión ética, ademais, é necesario coñecer e dialogar con pensadores/as que, coas súas teorías antropolóxicas, éticas e políticas, foron moldeando tanto a nosa cultura como os valores de respecto, non-violencia, liberdade, igualdade entre as persoas, solidariedade e pluralismo; valores que son o corazón da Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH). É desde eses valores como tamén se analiza o traballo científico e tecnolóxico, polo que tamén se traballa a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, non desde unha perspectiva substantiva, pero si desde a análise da actividade científico-tecnolóxica como actividade que debe ser acorde a valores éticos universais, tanto nos seus procedementos como nos resultados que dela se poidan obter. Por último, a materia préstase a desenvolver nos alumnos e nas alumnas, tanto en traballos colaborativos como en tarefas individuais, a competencia dixital, que lles permita acceder e seleccionar información, procesala e plasmar as súas creacións en produtos cunha innegable capacidade para a comunicación.

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

Apúntase, tamén, a oportunidade que brinda a materia para pór en práctica metodoloxías didácticas activas e contextualizadas que faciliten a participación do alumnado en traballos cooperativos, a realización de tarefas, a aprendizaxe baseada en problemas, o estudo de casos, o traballo por retos, etc., metodoloxías todas elas que lle confiren ao alumnado o papel de axente activo da súa propia formación.

Poucas materias afondan no tratamento dos elementos transversais do currículo como a de Valores Éticos, tendo algún deses elementos, como a educación cívica e constitucional, como parte nuclear, e necesitando o concurso dos outros, como a comprensión de lectura, a corrección na expresión oral e escrita, o uso de ferramentas para a comunicación audiovisual e outros elementos de TIC, ou a aposta polo emprendemento como antítese do estancamento e a pasividade. Pero, ademais, na materia abórdanse temas como o desenvolvemento sustentable, o abuso e o maltrato de persoas con discapacidade, ou o fomento da igualdade de oportunidades, porque nestes e en outros é a reflexión ética a quen ten que orientar a nosa conduta.

O currículo da materia está estruturado en seis bloques temáticos con enfoques, perspectivas e niveis de fondura diferente. Son os seguintes: "A dignidade da persoa", "A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais", "A reflexión ética", "A xustiza e a política", "Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos" e, por último, "Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía". As diferenzas entre bloques e o ter en conta os diversos momentos do desenvolvemento cognitivo do alumnado nesta etapa foron os motivos determinantes de que, no currículo do primeiro ciclo, os alumnos e as alumnas de primeiro de ESO traballen o referido á personalidade e á súa constitución, a ineludibilidade dos problemas morais e a introdución á reflexión ética e política. En segundo de ESO abórdanse as achegas que, no campo da reflexión moral, fixeron os/as grandes pensadores/as e filósofos/as da historia, así como as conexións necesarias entre o campo da ética, o do dereito e o da política; conexións nas que o concepto de xustiza ocupa un papel central. En terceiro de ESO, curso final do ciclo, os temas atinxen á configuración da vida social e política, pondo como criterio ético básico dunha sociedade xusta o respecto á DUDH e os valores que a conforman, e vendo que tanto a Constitución Española como o Estatuto de Autonomía de Galicia se axustan a este criterio e o enriquecen. No cuarto curso da etapa retómanse xa, pero desde un nivel de afondamento superior, todos os temas que foron xurdindo nos cursos previos, tendo como horizonte que o alumnado, ao final da etapa, estea xa capacitado para levar a cabo o proxecto máis importantes de aqueles nos que se embarcarán: o dunha vida persoal e social digna e satisfactoria.

DOG Diario Oficial de Galicia

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

## 1º de ESO

| | Valores éticos. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. A dignidade da persoa | | | |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ h | ▪ B1.1. O concepto problemático de persoa. Significado etimolóxico.<br>▪ B1.2. Características da persoa: independencia, racionalidade e liberdade.<br>▪ B1.3. Dignidade da persoa: a persoa como ser moral. | ▪ B1.1. Construír un concepto de persoa, consciente de que esta é indefinible, valorando a dignidade que posúe polo feito de ser libre. | ▪ VEB1.1.1. Sinala as dificultades para definir o concepto de persoa, analizando o seu significado etimolóxico. | ▪ CCL |
| | | | ▪ VEB1.1.2. Describe as características principais da persoa: substancia independente, racional e libre. | ▪ CCL |
| | | | ▪ VEB1.1.3. Explica e valora a dignidade da persoa que, como ente autónomo, se converte nun "ser moral". | ▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B1.4. Adolescencia: crise de identidade, formación de grupos e influencia do grupo no/na adolescente.<br>▪ B1.5. Desenvolvemento da autonomía persoal na adolescencia. Control da conduta e escolla de valores éticos. | ▪ B1.2. Comprender a crise da identidade persoal que xorde na adolescencia e as súas causas, e describir as características dos grupos que forman e a influencia que exercen sobre os seus membros, coa finalidade de tomar conciencia da necesidade que ten, para seguir medrando moralmente e pasar á vida adulta, do desenvolvemento da súa autonomía persoal e do control da súa conduta. | ▪ VEB1.2.1. Coñece información, de fontes diversas, arredor dos grupos de adolescentes, as súas características e a influencia que exercen sobre os seus membros na determinación da súa conduta, e realiza un resumo coa información obtida. | ▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ VEB1.2.2. Elabora conclusións sobre a importancia que ten para o/a adolescente desenvolver a autonomía persoal e ter o control da súa propia conduta conforme aos valores éticos libremente elixidos. | ▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B1.6. Personalidade: factores xenéticos, sociais, culturais e do contorno ambiental que inflúen na súa construción. Capacidade de | ▪ B1.3. Describir en que consiste a personalidade e valorar a importancia de enriquecela con valores e virtudes éticas, mediante o es- | ▪ VEB1.3.1. Identifica en que consiste a personalidade e os factores xenéticos, sociais, culturais e do contorno que inflúen na súa cons- | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Valores éticos. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ l | autodeterminación no ser humano. | forzo e a vontade persoal. | trución, e aprecia a capacidade de autodeterminación no ser humano. | |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B1.7. A razón e a liberdade na estruturación da personalidade e na escolla dos valores éticos que a conformarán. | ▪ B1.4. Xustificar a importancia que ten o uso da razón e a liberdade no ser humano para determinar "como quere ser", elixindo os valores éticos que desexa incorporar á súa personalidade. | ▪ VEB1.4.1. Describe e estima o papel relevante da razón e a liberdade para configurar cos seus propios actos a estrutura da súa personalidade. | ▪ CSC |
| | | | ▪ VEB1.4.2. Realiza unha lista dos valores éticos que estima como desexables para integralos na súa personalidade, e explica as razóns da súa elección. | ▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B1.8. A intelixencia emocional e o seu papel no desenvolvemento moral da persoa.<br>▪ B1.9. Emocións, sentimentos e vida moral.<br>▪ B1.10. Valores éticos e capacidade de autocontrol emocional. | ▪ B1.5. Analizar en que consiste a intelixencia emocional e valorar a súa importancia no desenvolvemento moral do ser humano. | ▪ VEB1.5.1. Define a intelixencia emocional e as súas características, valorando a súa importancia na construción moral do ente humano. | ▪ CCL |
| | | | ▪ VEB1.5.2. Explica en que consisten as emocións e os sentimentos, e como se relacionan coa vida moral. | ▪ CCL |
| | | | ▪ VEB1.5.3. Atopa, disertando en grupo, a relación entre algunhas virtudes e valores éticos e o desenvolvemento das capacidades de autocontrol emocional e automotivación, tales como a sinceridade, o respecto, a prudencia, a temperanza, a xustiza e a perseveranza, entre outras | ▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| ▪ a | ▪ B1.11. Habilidades emocionais | ▪ B1.6. Estimar a importancia do desenvolvemento da intelixencia | ▪ VEB1.6.1. Comprende en que consisten as habilidades emocio- | ▪ CAA |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Valores éticos. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m | segundo Goleman.<br>▪ B1.12. Habilidades emocionais e virtudes éticas.<br>▪ B1.13. Introspección: autocoñecemento, autocontrol e autonomía. | emocional e a súa influencia na construción da personalidade e o seu carácter moral, con capacidade de empregar a introspección para recoñecer emocións e sentimentos no seu interior, para mellorar as súas habilidades emocionais. | nais que, segundo Goleman, debe desenvolver o ser humano, e elabora un esquema explicativo arredor do tema, en colaboración en grupo. | |
| | | | ▪ VEB1.6.2. Relaciona o desenvolvemento das habilidades emocionais coa adquisición das virtudes éticas, tales como a perseveranza, a prudencia, a autonomía persoal, a temperanza, a fortaleza da vontade, a honestidade cun mesmo, o respecto á xustiza e a fidelidade aos propios principios éticos, entre outras. | ▪ CSC |
| | | | ▪ VEB1.6.3. Emprega a introspección como medio para recoñecer as propias emocións, os sentimentos e os estados de ánimo, coa finalidade de ter un maior control deles e ser capaz de automotivarse, convertendose no dono da propia conduta. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ m | ▪ B1.14. Construción da identidade propia consonte valores éticos.<br>▪ B1.15. Persoa como proxecto vital. | ▪ B1.7. Comprender e apreciar a capacidade do ser humano, para influír de maneira consciente e voluntaria na construción da súa propia identidade, consonte os valores éticos, e así mellorar a súa autoestima. | ▪ VEB1.7.1. Toma conciencia e aprecia a capacidade que posúe para modelar a propia identidade e facer de si mesmo/a unha persoa xusta, sincera, tolerante, amable, xenerosa, respectuosa, solidaria, honesta, libre, etc., nunha palabra, digna de ser apreciada por si mesmo/a. | ▪ CSIEE |
| | | | ▪ VEB1.7.2. Deseña un proxecto de | ▪ CSIEE |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Valores éticos. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | vida persoal conforme o modelo de persoa que quere ser e os valores éticos que desexa adquirir, facendo que a súa propia vida teña un sentido. | |
| | Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.1. A natureza social do ser humano.<br>▪ B2.2. Relación dialéctica entre individuo e sociedade.<br>▪ B2.3. Os valores éticos como guías das relación interpersoais na sociedade. | ▪ B2.1. Coñecer os fundamentos da natureza social do ser humano e a relación dialéctica que se establece entre este e a sociedade, estimando a importancia dunha vida social dirixida polos valores éticos. | ▪ VEB2.1.1. Explica por que o ser humano é social por natureza e valora as consecuencias que ten este feito na súa vida persoal e moral. | ▪ CSC |
| | | | ▪ VEB2.1.2. Discirne e expresa, en pequenos grupos, sobre a influencia mutua que se establece entre o individuo e a sociedade. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ VEB2.1.3. Achega razóns que fundamenten a necesidade de establecer uns valores éticos que guíen as relacións interpersoais e utiliza a iniciativa persoal para elaborar, mediante soportes informáticos, unha presentación gráfica das súas conclusións sobre este tema. | ▪ CD<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ ñ | ▪ B2.4. Proceso de socialización: interiorización de valores e normas morais.<br>▪ B2.5. Valores inculcados polos axentes sociais na configuración da personalidade.<br>▪ B2.6. Necesidade da crítica racional para alcanzar valores éticos universais, exemplificados na DUDH e baseados na dignidade | ▪ B2.2. Describir e valorar a importancia da influencia do contorno social e cultural no desenvolvemento moral da persoa, a través da análise do papel que desempeñan os axentes sociais. | ▪ VEB2.2.1. Describe o proceso de socialización e valora a súa importancia na interiorización individual dos valores e as normas morais que rexen a conduta da sociedade en que vive. | ▪ CCL |
| | | | ▪ VEB2.2.2. Exemplifica, en colaboración en grupo, a influencia que teñen na configuración da persona- | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSC |

| | Valores éticos. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | humana. | | lidade os valores morais inculcados polos axentes sociais, entre eles a familia, a escola, os amigos e os medios de comunicación masiva, elaborando un esquema e conclusións, utilizando soportes informáticos. | |
| | | | ▪ VEB2.2.3. Xustifica e aprecia a necesidade da crítica racional, como medio indispensable para adecuar aos valores éticos universais establecidos na DUDH os costumes, as normas, os valores, etc., do seu medio, rexeitando todo o que atente contra a dignidade do humano e os seus dereitos fundamentais. | ▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ h | ▪ B2.7. Diferenza entre a vida privada (regulada pola ética) e a vida pública (regulada polo dereito). Límites da liberdade nos dous ámbitos. | ▪ B2.3. Distinguir na persoa os ámbitos da vida privada e da vida pública, a primeira regulada pola ética e a segunda polo dereito, coa finalidade de identificar os límites da liberdade persoal e social. | ▪ VEB2.3.1. Define os ámbitos da vida privada e a pública, así como o límite da liberdade humana, en ambos os casos. | ▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ h | ▪ B2.8. Habilidades emocionais de Goleman e valores éticos que atinxen ás relación humanas. | ▪ B2.4. Relacionar e valorar a importancia das habilidades da intelixencia emocional sinaladas por Goleman, en relación coa vida interpersoal, e establecer o seu vínculo cos valores éticos que enriquecen as relacións humanas. | ▪ VEB2.4.1. Comprende a importancia que para Goleman ten a capacidade de recoñecer as emocións alleas e a de controlar as relacións interpersoais, e elabora un resumo esquemático sobre o tema. | ▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ b | ▪ B2.9. Asertividade fronte a agresividade e a inhibición. | ▪ B2.5. Utilizar a conduta asertiva e as habilidades sociais, coa finalidade de incorporar á súa persona- | ▪ VEB2.5.1. Explica en que consiste a conduta asertiva, facendo unha comparación co comportamento | ▪ CCL<br>▪ CSIEE |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Valores éticos. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ d<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.10. Asertividade e respecto á dignidade das outras persoas.<br>▪ B2.11. Asertividade e outras habilidades sociais. | lidade algúns valores e virtudes éticas necesarias no desenvolvemento dunha vida social máis xusta e enriquecedora. | agresivo ou inhibido, e adopta como principio moral fundamental, nas relacións interpersoais, o respecto á dignidade das persoas. | |
| | | | ▪ VEB2.5.2. Amosa, nas relacións interpersoais, unha actitude de respecto cara ao dereito que todos os seres humano teñen a sentir, pensar e actuar de forma diferente, a equivocarse, a gozar do tempo de descanso, a ter unha vida privada, a tomar as súas propias decisións, etc., e nomeadamente a ser valorado de forma especial polo simple feito de ser persoa, sen discriminar nin menosprezar a ninguén, etc. | ▪ CSC |
| | | | ▪ VEB2.5.3. Emprega, en diálogos curtos reais ou inventados, habilidades sociais como a empatía, a escoita activa, a interrogación asertiva, etc., coa finalidade de que aprenda a utilizalos de forma natural na súa relación coas demais persoas. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ VEB2.5.4. Exercita algunhas técnicas de comunicación interpersoal, mediante a realización de diálogos orais, tales como a forma axeitada de dicir non, o disco raiado, o banco de néboa, etc., co obxecto de dominalas e poder utilizalas no momento adecuado. | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CSIEE |
| ▪ a | ▪ B2.12. Valores e virtudes éticas | ▪ B2.6. Xustificar a importancia dos | ▪ VEB2.6.1. Identifica a adquisición | ▪ CSC |

| | Valores éticos. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ h | nas relación interpersoais.<br>▪ B2.13. Deber moral e cívico do auxilio. | valores e das virtudes éticas para conseguir unhas relacións interpersoais xustas, respectuosas e satisfactorias. | das virtudes éticas como unha condición necesaria para lograr unhas boas relacións interpersoais, entre elas a prudencia, a lealdade, a sinceridade, a xenerosidade, etc. | |
| | | | ▪ VEB2.6.2. Elabora unha lista con algúns valores éticos que deben estar presentes nas relacións entre o individuo e a sociedade, tales como responsabilidade, compromiso, tolerancia, pacifismo, lealdade, solidariedade, prudencia, respecto mutuo, xustiza, etc. | ▪ CSC |
| | | | ▪ VEB2.6.3. Destaca o deber moral e cívico que todas as persoas teñen de prestar auxilio e socorro a outras cuxa vida, liberdade e seguridade estean en perigo de xeito inminente, colaborando na medida das súas posibilidades a prestar primeiros auxilios, en casos de emerxencia. | ▪ CSC |
| | Bloque 3. A reflexión ética | | | |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ h | ▪ B3.1. Diferenzas entre ética e moral. Importancia da reflexión ética. | ▪ B3.1. Distinguir entre ética e moral, sinalando as semellanzas e as diferenzas entre elas e estimando a importancia da reflexión ética como un saber práctico necesario para guiar de forma racional a conduta do ser humano á súa plena realización. | ▪ VEB3.1.1. Recoñece as diferenzas entre a ética e a moral. | ▪ CSC |
| | | | ▪ VEB3.1.2. Achega razóns que xustifiquen a importancia da reflexión ética. | ▪ CSC |
| ▪ a | ▪ B3.2. Conduta instintiva animal e o | ▪ B3.2. Destacar o significado e a | ▪ VEB3.2.1. Distingue entre a condu- | ▪ CMCCT |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| Valores éticos. 1º de ESO | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ d<br>▪ f<br>▪ h | comportamento racional, libre e moral do ser humano. | importancia da natureza moral do ser humano, tomando conciencia da necesidade que ten de normas éticas. | ta instintiva do animal e o comportamento racional e libre do ser humano, destacando a magnitude das súas diferenzas e apreciando as consecuencias que estas teñen na vida das persoas. | ▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B3.3. Liberdade e concepto de persoa.<br>▪ B3.4. Influencia na liberdade da intelixencia e da vontade.<br>▪ B3.5. Factores biolóxicos, psicolóxicos, sociais, culturais e ambientais, que inflúen no desenvolvemento da intelixencia e a vontade, nomeadamente o papel da educación. | ▪ B3.3. Recoñecer que a liberdade constitúe a raíz da estrutura moral na persoa e apreciar o papel que a intelixencia e a vontade teñen como factores que incrementan a capacidade de autodeterminación. | ▪ VEB3.3.1. Describe a relación entre a liberdade e o concepto de persoa. | ▪ CCL |
| | | | ▪ VEB3.3.2. Analiza e valora a influencia que teñen na liberdade persoal a intelixencia, que nos permite coñecer posibles opcións para elixir, e a vontade, que nos dá a fortaleza suficiente para facer o que temos decidido facer. | ▪ CAA |
| | | | ▪ VEB3.3.3. Analiza algúns factores biolóxicos, psicolóxicos, sociais, culturais e ambientais, que inflúen no desenvolvemento da intelixencia e a vontade, nomeadamente o papel da educación, e expón as súas conclusións de forma clara, mediante unha presentación realizada con soportes informáticos e audiovisuais. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CMCCT |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B3.6. Valores. O seu papel na vida individual e colectiva.<br>▪ B3.7. Clases de valores.<br>▪ B3.8. Xerarquías de valores. | ▪ B3.4. Xustificar e apreciar o papel dos valores na vida persoal e social, resaltando as súas características, a súa clasificación e a súa xerarquía, coa finalidade de comprender a súa natureza e a súa | ▪ VEB3.4.1. Explica o que son os valores e as súas principais características, e aprecia a súa importancia na vida individual e colectiva das persoas. | ▪ CCL |
| | | | ▪ VEB3.4.2. Procura e selecciona | ▪ CAA |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Valores éticos. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | importancia. | información sobre a existencia de clases de valores: relixiosos, afectivos, intelectuais, vitais, etc. | ▪ CSC |
| | | | ▪ VEB3.4.3. Realiza, en traballo en grupo, unha xerarquía de valores, explicando a súa fundamentación racional, mediante unha exposición usando medios informáticos ou audiovisuais. | ▪ CD<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ h | ▪ B3.9. Carácter distintivo dos valores éticos. | ▪ B3.5. Resaltar a importancia dos valores éticos, as súas especificacións e a súa influencia na vida persoal e social do ser humano, destacando a necesidade de ser recoñecidos e respectados por todos. | ▪ VEB3.5.1. Explica a diferenza entre os valores éticos e o resto dos valores, e valora a importancia para a persoa dos valores éticos. | ▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B3.10. Valores e normas éticas, e os seus efectos beneficiosos para a persoa e para a comunidade. | ▪ B3.6. Tomar conciencia da importancia dos valores e das normas éticas, como guía da conduta individual e social, asumindo a responsabilidade de difundilos e promovelos polos beneficios que proporcionan á persoa e á comunidade. | ▪ VEB3.6.1. Destaca algunhas das consecuencias negativas que, a nivel individual e comunitario, ten a ausencia de valores e normas éticas, tales como o egoísmo, a corrupción, a mentira, o abuso de poder, a intolerancia, a insolidariedade, a violación dos dereitos humanos, etc. | ▪ CSC |
| | | | ▪ VEB3.6.2. Emprende, utilizando a iniciativa persoal e a colaboración en grupo, a organización e o desenvolvemento dunha campaña no seu medio, co fin de promover o recoñecemento dos valores éticos como elementos fundamentais do pleno desenvolvemento persoal e | ▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Valores éticos. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | social. | |
| | Bloque 5. Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ h | ▪ B5.1. Preámbulo da DUDH: a dignidade das persoas como fundamento dos seus dereitos universais, inalienables e innatos. | ▪ B5.1. Identificar, no preámbulo da DUDH, o respecto á dignidade das persoas e os seus atributos esenciais como o fundamento do que derivan todos os dereitos humanos. | ▪ VEB5.1.1. Explica e aprecia en que consiste a dignidade que esta declaración recoñece ao ser humano como persoa, posuidora duns dereitos universais, inalienables e innatos, mediante a lectura do seu preámbulo. | ▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B5.2. Dereitos da muller: patróns económicos e socioculturais que fomentaron a violencia e desigualdade de xénero.<br>▪ B5.3. Dereitos da infancia. | ▪ B5.2. Estimar a importancia do problema actual do exercicio dos dereitos da muller e da infancia en grande parte do mundo, coñecendo as súas causas e tomando conciencia deles, coa finalidade de promover a súa solución. | ▪ VEB5.2.1. Dá razóns sobre a orixe histórica do problema dos dereitos da muller, recoñecendo os patróns económicos e socioculturais que fomentaron a violencia e a desigualdade de xénero. | ▪ CSC |
| | | | ▪ VEB5.2.2. Xustifica a necesidade de actuar en defensa dos dereitos da infancia, loitando contra a violencia e o abuso do que nenos e as nenas son vítimas no século XXI, tales como o abuso sexual, o traballo infantil, ou a súa utilización como soldados/as, etc. | ▪ CSC |
| | | | ▪ VEB5.2.3. Emprende, en colaboración en grupo, a elaboración dunha campaña contra a discriminación da muller e a violencia de xénero no seu medio familiar, escolar e social, e avalía os resultados obtidos. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Valores éticos. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g | ▪ B5.4. Organizacións que traballan polos dereitos humanos: institucións internacionais e ONG. | ▪ B5.3. Apreciar o labor que realizan institucións e ONG que traballan pola defensa dos dereitos humanos, auxiliando as persoas que por natureza os posúen, pero non teñen a oportunidade de exercelos. | ▪ VEB5.3.1. Indaga, en traballo en colaboración, sobre o traballo de institucións e voluntarios/as que, en todo o mundo, traballan polo cumprimento dos dereitos humanos (Amnistía Internacional, e ONG como Mans Unidas, Médicos sen Fronteiras e Cáritas, entre outros), e elabora e expresa as súas conclusións. | ▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCL |

## 2º de ESO

| | Valores éticos. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. A dignidade da persoa | | | |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B1.1. Conceptos de persoa achegados pola filosofía. | ▪ B1.1. Construír un concepto de persoa, consciente de que esta é indefinible, valorando a dignidade que posúe polo feito de ser libre. | ▪ VEB1.1.1. Sinala as dificultades para definir o concepto de persoa, analizando algunhas definicións achegadas por filósofos/as. | ▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B1.2. Visión kantiana: a persoa como suxeito autónomo e como un fin en si mesma. | ▪ B1.2. Identificar os conceptos de heteronomía e autonomía, mediante a concepción kantiana da persoa, coa finalidade de valorar a súa importancia e aplicala na realización da vida moral. | ▪ VEB1.2.1. Explica a concepción kantiana do concepto de persoa, como suxeito autónomo capaz de ditar as súas propias normas morais. | ▪ CSC |
| | | | ▪ VEB1.2.2. Comenta e valora a idea de Kant ao concibir a persoa como un fin en si mesma, rexeitando a posibilidade de ser tratada por outros como instrumento para | ▪ CSC |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Valores éticos. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | alcanzar fins alleos a ela. | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B1.3. Noción aristotélica da virtude: relación cos actos, os hábitos e o carácter. Virtudes éticas. | ▪ B1.3. Entender a relación entre os actos, os hábitos e o desenvolvemento do carácter, mediante a comprensión do concepto de virtude en Aristóteles e, en especial, o relativo ás virtudes éticas, pola importancia que teñen no desenvolvemento da personalidade. | ▪ VEB1.3.1. Sinala en que consiste a virtude e as súas características en Aristóteles, indicando a súa relación cos actos, os hábitos e o carácter. | ▪ CSC |
| | | | ▪ VEB1.3.2. Enumera algúns dos beneficios que, segundo Aristóteles, achegan as virtudes éticas ao ser humano, identifica algunhas destas e ordénaas segundo un criterio racional. | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| | Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.1. Diferenzas entre ética e dereito.<br>▪ B2.2. Posibles conflitos entre os valores que regulan a vida privada e os que regulan a vida pública. | ▪ B2.1. Distinguir, na persoa, os ámbitos da vida privada e da vida pública, a primeira regulada pola ética e a segunda polo dereito, coa finalidade de identificar os límites da liberdade persoal e social. | ▪ VEB2.1.1. Distingue entre os ámbitos de acción que corresponden á ética e ao dereito, e expón as súas conclusións mediante unha presentación elaborada con medios informática. | ▪ CCL<br>▪ CD |
| | | | ▪ VEB2.1.2. Reflexiona arredor do problema da relación entre estes dous campos, o privado e o público, e a posibilidade de que exista un conflito de valores éticos entre ambos, así como a forma de atopar unha solución baseada nos valores éticos, exemplificando de maneira concreta tales casos, e expón as súas posibles solucións fundamentadas eticamente. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 3. A reflexión ética | | | |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Valores éticos. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ h | ▪ B3.1. Diferenza entre ética e moral.<br>▪ B3.2. Reflexión ética como guía racional de conduta. | ▪ B3.1. Distinguir entre ética e moral, sinalando as semellanzas e as diferenzas entre elas, e estimando a importancia da reflexión ética como un saber práctico necesario para guiar de xeito racional a conduta do ser humano á súa plena realización. | ▪ VEB3.1.1. Recoñece as diferenzas entre a ética e a moral, no que se refire á súa orixe e á súa finalidade. | ▪ CSC |
| | | | ▪ VEB3.1.2. Achega razóns que xustifiquen a importancia da reflexión ética, como unha guía racional de conduta necesaria na vida do ser humano, expresando de forma apropiada os argumentos en que se fundamenta. | ▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B3.3. Estrutura moral da persoa.<br>▪ B3.4. Etapas do desenvolvemento moral en Piaget e Köhlberg. Paso da heteronomía á autonomía moral. | ▪ B3.2. Destacar o significado e a importancia da natureza moral do ser humano, analizando as súas etapas de desenvolvemento e tomando conciencia da necesidade que ten de normas éticas, libre e racionalmente asumidas, como guía do seu comportamento. | ▪ VEB3.2.1. Sinala en que consiste a estrutura moral da persoa como ser racional e libre, razón pola que esta é responsable da súa conduta e das consecuencias desta. | ▪ CSC |
| | | | ▪ VEB3.2.2. Explica as tres etapas do desenvolvemento moral na persoa, segundo a teoría de Piaget ou a de Köhlberg, e as características propias de cada unha, destacando como se pasa da heteronomía á autonomía moral. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B3.5. A liberdade como raíz da estrutura moral da persoa. | ▪ B3.3. Recoñecer que a liberdade constitúe a raíz da estrutura moral na persoa, e apreciar o papel da intelixencia e da vontade como factores que incrementan a capacidade de autodeterminación. | ▪ VEB3.3.1. Describe a relación entre a liberdade e os conceptos de persoa e estrutura moral. | ▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ b | ▪ B3.6. Características distintivas dos valores éticos. | ▪ B3.4. Resaltar a importancia dos valores éticos, as súas especificacións e a súa influencia na vida | ▪ VEB3.4.1. Describe as características distintivas dos valores éticos, utilizando exemplos concretos de- | ▪ CCL |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



DOG Diario Oficial de Galicia

| | Valores éticos. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B3.7. Valores éticos e dignidade humana. | persoal e social do ser humano, destacando a necesidade de ser recoñecidos e respectados por todos. | les e apreciando a súa relación esencial coa dignidade humana e a conformación dunha personalidade xusta e satisfactoria. | |
| | | | ▪ VEB3.4.2. Emprega o espírito emprendedor para realizar, en grupo, unha campaña destinada a difundir a importancia de respectar os valores éticos, tanto na vida persoal como na social. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B3.8. Normas. Especificidade das normas éticas.<br>▪ B3.9. Relativismo moral dos sofistas.<br>▪ B3.10. Intelectualismo moral en Sócrates e Platón.<br>▪ B3.11. Relativismo moral fronte a obxectivismo moral. | ▪ B3.5. Establecer o concepto de normas éticas e apreciar a súa importancia, identificando as súas características e a natureza da súa orixe e validez, mediante o coñecemento do debate ético que existiu entre Sócrates e os sofistas. | ▪ VEB3.5.1. Define o concepto de norma e de norma ética, distinguíndoa das normas xurídicas, relixiosas, etc. | ▪ CCL |
| | | | ▪ VEB3.5.2. Sinala quen foron os sofistas e algúns dos feitos e das razóns en que se fundamentaba a súa teoría relativista da moral, destacando as consecuencias que esta ten na vida das persoas. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ VEB3.5.3. Coñece os motivos que levaron a Sócrates a afirmar o "intelectualismo moral", e explica en que consiste e a postura de Platón ao respecto. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ VEB3.5.4. Compara o relativismo e o obxectivismo moral apreciando a vixencia destas teorías éticas na actualidade, e expresa opinións de forma argumentada. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ b | ▪ B3.12. Clasificación das teorías | ▪ B3.6. Explicar as características e | ▪ VEB3.6.1. Enuncia os elementos | ▪ CAA |

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Valores éticos. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l | éticas: éticas de fins e éticas procedementais.<br>▪ B3.13. A ética de Epicuro como ética de fins. | os obxectivos das teorías éticas, así como a súa clasificación en éticas de fins e procedementais, sinalando os principios máis destacados do hedonismo de Epicuro. | distintivos das "teorías éticas" e argumenta a súa clasificación en éticas de fins e éticas procedementais, e elabora un esquema coas súas características máis destacadas. | ▪ CCL |
| | | | ▪ VEB3.6.2. Enuncia os aspectos fundamentais da teoría hedonista de Epicuro e os valores éticos que defende, destacando as características que a identifican como unha ética de fins. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ VEB3.6.3. Elabora, en colaboración co grupo, argumentos a favor e/ou en contra do epicureísmo, e expón as súas conclusións cos argumentos racionais correspondentes. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B3.14. O eudemonismo aristotélico como ética de fins.<br>▪ B3.15. O ben supremo da persoa en Aristóteles e as tres tendencias da alma. | ▪ B3.7. Entender os principais aspectos do eudemonismo aristotélico, identificándoo como unha ética de fins e valorando a súa importancia e a vixencia actuais. | ▪ VEB3.7.1. Explica o significado do termo "eudemonismo" e o que para Aristóteles significa a felicidade como ben supremo, e elabora e expresa conclusións. | ▪ CCL |
| | | | ▪ VEB3.7.2. Distingue os tres tipos de tendencias que hai no ser humano, segundo Aristóteles, e a súa relación co que el considera como ben supremo da persoa. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ VEB3.7.3. Achega razóns para clasificar o eudemonismo de Aristóteles dentro da categoría da ética de fins. | ▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Valores éticos. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ b<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B3.16. O utilitarismo como ética de fins: principio de utilidade; concepto de pracer; compatibilidade do egoísmo individual co altruísmo universal; localización do valor moral nas consecuencias da acción. | ▪ B3.8. Comprender os elementos máis significativos da ética utilitarista e a súa relación co hedonismo de Epicuro, clasificándoa como unha ética de fins e elaborando argumentos que apoien a súa valoración persoal arredor desta formulación ética. | ▪ VEB3.8.1. Fai unha recensión das ideas fundamentais da ética utilitarista: o principio de utilidade, o concepto de pracer, a compatibilidade do egoísmo individual co altruísmo universal e a localización do valor moral nas consecuencias da acción, entre outras. | ▪ CCL |
| | | | ▪ VEB3.8.2. Enumera as características que fan do utilitarismo e do epicureísmo unhas éticas de fins. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ VEB3.8.3. Argumenta racionalmente as súas opinións sobre a ética utilitarista. | ▪ CCL<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 4. A xustiza e a política | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B4.1. Relación entre ética, política e xustiza no pensamento aristotélico.<br>▪ B4.2. Semellanzas, diferenzas e relacións entre valores éticos e valores cívicos. | ▪ B4.1. Comprender e valorar a importancia da relación entre os conceptos de ética, política e xustiza, mediante a análise e a definición destes termos, destacando o vínculo entre eles no pensamento de Aristóteles. | ▪ VEB4.1.1. Explica e aprecia as razóns que dá Aristóteles para establecer un vínculo necesario entre ética, política e xustiza. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ VEB4.1.2. Utiliza e selecciona información sobre os valores éticos e cívicos, identificando e apreciando as semellanzas, as diferenzas e as relacións entre eles. | ▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B4.3. A política de Aristóteles.<br>▪ B4.4. Concepto aristotélico de xustiza e a súa relación co ben común e a felicidade. | ▪ B4.2. Coñecer e apreciar a política de Aristóteles e as súas características esenciais, e entender o seu concepto de xustiza e a súa relación co ben común e a felicidade, elaborando un xuízo crítico sobre a perspectiva deste filósofo. | ▪ VEB4.2.1. Elabora, recorrendo á súa iniciativa persoal, unha presentación con soporte informático, sobre a política aristotélica como unha teoría organicista, cunha finalidade ética e que atribúe a función educativa ao Estado. | ▪ CSIEE<br>▪ CD<br>▪ CSC |

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Valores éticos. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ VEB4.2.2. Selecciona e usa información, en colaboración co grupo, para entender e apreciar a importancia que Aristóteles lle dá á xustiza como valor ético no que se fundamenta a lexitimidade do Estado e a súa relación coa felicidade e o ben común, e expón as súas conclusións persoais debidamente fundamentadas. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| | Bloque 5. Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos | | | |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B5.1. Relacións entre ética e dereito. | ▪ B5.1. Sinalar a vinculación entre a ética, o dereito e a xustiza, a través do coñecemento das súas semellanzas, diferenzas e relacións. | ▪ VEB5.1.1. Procura e selecciona información en páxinas web, para identificar as diferenzas, as semellanzas e os vínculos entre a ética e o dereito. | ▪ CCL<br>▪ CD |
| | Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m | ▪ B6.1. Dimensión moral da ciencia e da tecnoloxía polo seu impacto en todos os ámbitos da vida humana.<br>▪ B6.2. Valores recollidos na DUDH como criterio para fixar límites á investigación científico-tecnolóxica. | ▪ B6.1. Recoñecer a importancia da dimensión moral da ciencia e a tecnoloxía, así como a necesidade de establecer límites éticos e xurídicos, coa finalidade de orientar a súa actividade consonte os valores defendidos pola DUDH. | ▪ VEB6.1.1. Utiliza información de distintas fontes para analizar a dimensión moral da ciencia e a tecnoloxía, avaliando o impacto positivo e negativo que estas poden ter en todos os ámbitos da vida humana (social, económico, político, ético e ecolóxico, etc.). | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ VEB6.1.2. Achega argumentos que fundamenten a necesidade de pór límites éticos e xurídicos á investigación práctica, tanto científica como tecnolóxica, tomando a dignidade humana e os valores | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |

| Valores éticos. 2º de ESO | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | éticos recoñecidos na DUDH como criterio normativo. | |
| | | | ▪ VEB6.1.3. Recorre á súa iniciativa persoal para expor as súas conclusións sobre o tema tratado, utilizando medios informáticos e audiovisuais, de xeito argumentado e ordenado racionalmente. | ▪ CD<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ m | ▪ B6.3. Problemas da tecnodependencia. | ▪ B6.2. Entender e valorar o problema da tecnodependencia e a alienación humana á que conduce. | ▪ VEB6.2.1. Destaca o problema e o perigo que representa para o ser humano a tecnodependencia, sinalando os seus síntomas e as súas causas, e estimando as súas consecuencias negativas, como unha adición incontrolada aos dispositivos electrónicos, aos videoxogos e ás redes sociais, que conduce as persoas cara a unha progresiva deshumanización. | ▪ CMCCT |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m | ▪ B6.4. Dilemas morais que presentan os avances en medicina e biotecnoloxía. | ▪ B6.3. Utilizar os valores éticos contidos na DUDH no campo científico e tecnolóxico, coa finalidade de evitar a súa aplicación inadecuada e solucionar os dilemas morais que ás veces se presentan, nomeadamente no terreo da medicina e a biotecnoloxía. | ▪ VEB6.3.1. Analiza información seleccionada de diversas fontes, coa finalidade de coñecer en que consisten algúns dos avances en medicina e biotecnoloxía, que formulan dilemas morais (utilización de células nai, clonación, euxénese, etc.), sinalando algúns perigos que estes encerran de prescindir do respecto á dignidade humana e os seus valores fundamentais. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ VEB6.3.2. Presenta unha actitude de tolerancia e respecto ante as opinións que se expresan na con- | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Valores éticos. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | frontación de ideas, coa finalidade de solucionar os dilemas éticos, sen esquecer a necesidade de empregar o rigor na fundamentación racional e ética de todas as alternativas de solución formuladas. | |

## 3º de ESO

| | Valores éticos. 3º ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 4. A xustiza e a política | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B4.1. A democracia como forma de goberno na que se plasman os principios éticos da DUDH.<br>▪ B4.2. O Estado de dereito.<br>▪ B4.3. Léxico da unidade: democracia, cidadán/cidadá, soberanía, autonomía persoal, igualdade, xustiza, representatividade, etc.<br>▪ B4.4. División de poderes. A proposta de Montesquieu e a súa función de control do Estado por parte da cidadanía. | ▪ B4.1. Xustificar racionalmente a necesidade dos valores e principios éticos contidos na DUDH, como fundamento universal das democracias durante os séculos XX e XXI, destacando as súas características e a súa relación cos conceptos de "Estado de dereito" e "división de poderes". | ▪ VEB4.1.1. Fundamenta racionalmente e eticamente a elección da democracia como un sistema que está por riba doutras formas de goberno, polo feito de incorporar nos seus principios os valores éticos sinalados na DUDH. | ▪ CSC |
| | | | ▪ VEB4.1.2. Define o concepto de "Estado de dereito" e establece a súa relación coa defensa dos valores éticos e cívicos na sociedade democrática. | ▪ CCL |
| | | | ▪ VEB4.1.3. Describe o significado dos seguintes conceptos e establece a relación entre eles: democracia, cidadán/cidadá, soberanía, autonomía persoal, igualdade, xusti- | ▪ CCL |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



| | Valores éticos. 3º ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | za, representatividade, etc. | |
| | | | ▪ VEB4.1.4. Explica a división de poderes proposta por Montesquieu e a función que desempeñan o poder lexislativo, o executivo e o xudicial no Estado democrático, como instrumento para evitar o monopolio do poder político e como medio que permite aos cidadáns e ás cidadás o control do Estado. | ▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B4.5. Deber moral da participación cidadá no exercicio da democracia.<br>▪ B4.6. Riscos de democracias que violen os dereitos humanos. | ▪ B4.2. Recoñecer a necesidade da participación activa dos cidadáns e das cidadás na vida política do Estado coa finalidade de evitar os riscos dunha democracia que viole os dereitos humanos. | ▪ VEB4.2.1. Asume e explica o deber moral e civil que teñen os cidadáns e as cidadás de participar activamente no exercicio da democracia, coa finalidade de que se respecten os valores éticos e cívicos no seo do Estado. | ▪ CSC |
| | | | ▪ VEB4.2.2. Define a magnitude dalgúns dos riscos que existen nos gobernos democráticos cando non se respectan os valores éticos da DUDH (dexeneración en demagoxia, ditadura das maiorías, escasa participación cidadá, etc.) e formula posibles medidas para evitalos. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B4.7. A Constitución española: valores éticos nos que se fundamenta e conceptos preliminares que establece. | ▪ B4.3. Coñecer e valorar os fundamentos da Constitución española de 1978, identificando os valores éticos dos que parte e os conceptos preliminares que establece. | ▪ VEB4.3.1. Identifica e aprecia os valores éticos máis salientables nos que se fundamenta a Constitución española, e sinala a orixe da súa lexitimidade e a súa finalidade, mediante a lectura comprensiva e comentada do seu preámbulo. | ▪ CCL<br>▪ CSC |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

DOG Diario Oficial de Galicia

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Valores éticos. 3º ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ VEB4.3.2. Describe os conceptos preliminares delimitados na Constitución española e a súa dimensión ética (nación española, pluralidade ideolóxica ou papel e funcións atribuídas ás Forzas Armadas), a través da lectura comprensiva e comentada dos artigos 1 ao 9. | ▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ h | ▪ B4.8. Dereitos e liberdades públicas fundamentais na Constitución española. | ▪ B4.4. Amosar respecto pola Constitución española e identificar nela, mediante unha lectura explicativa e comentada, os dereitos e os deberes do individuo como persoa e cidadán ou cidadá, apreciando a súa adecuación á DUDH, coa finalidade de asumir de xeito consciente e responsable os principios de convivencia que ben rexer no Estado español. | ▪ VEB4.4.1. Sinala e comenta a importancia dos "dereitos e as liberdades públicas fundamentais da persoa" establecidos na Constitución: liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto; carácter aconfesional do Estado; dereito á libre expresión de ideas e pensamentos; e dereito á reunión política e á libre asociación, e os seus límites. | ▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B4.9. Adecuación da Constitución española aos principios éticos da DUDH.<br>▪ B4.10. Deberes cidadáns na Constitución española.<br>▪ B4.11. Responsabilidade fiscal e principios reitores da política social e económica na Constitución española. | ▪ B4.5. Sinalar e apreciar a adecuación da Constitución española aos principios éticos definidos pola DUDH, mediante a lectura comentada e reflexiva dos "dereitos e deberes dos cidadáns" (artigos do 30 ao 38) e dos "principios reitores da política social e económica" (artigos do 39 ao 52). | ▪ VEB4.5.1. Coñece e aprecia na Constitución española a súa adecuación á DUDH, e sinala os valores éticos en que se fundamentan os dereitos e os deberes dos cidadáns e das cidadás, así como os principios reitores da política social e económica. | ▪ CSC |
| | | | ▪ VEB4.5.2. Explica e asume os deberes cidadáns que establece a Constitución, e ordénaos segundo a súa importancia, xustificando a orde elixida. | ▪ CCL<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ VEB4.5.3. Achega razóns para | ▪ CSC |

DOG Diario Oficial de Galicia
DOG Núm. 120 Luns, 29 de xuño de 2015 Páx. 26788

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Valores éticos. 3º ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | xustificar a importancia que ten, para o bo funcionamento da democracia, o feito de que os cidadáns as cidadás sexan conscientes non só dos seus dereitos, senón tamén das súas obrigas como un deber cívico, xurídico e ético. | |
| | | | ▪ VEB4.5.4. Recoñece a responsabilidade fiscal dos cidadáns e da cidadás, e a súa relación cos orzamentos xerais do Estado como un deber ético que contribúe ao desenvolvemento do ben común. | ▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B4.12. Estatuto de Autonomía de Galicia: título preliminar; título primeiro, capítulos I e II. | ▪ B4.6. Coñecer e valorar os elementos esenciais do Estatuto de autonomía de Galicia segundo aparece no seu título preliminar e no título primeiro, capítulos I e II. | ▪ VEB4.6.1. Sinala e comenta, a través do traballo colaborativo, os elementos esenciais do Estatuto de autonomía de Galicia recollidos no seu título preliminar. | ▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ VEB4.6.2. Identifica e valora as características sinaladas no título I sobre o "poder galego". | ▪ CCL |
| | | | ▪ VEB4.6.3. Identifica e valora as funcións e as características do Parlamento sinaladas no capítulo I, e da Xunta e a súa Presidencia, segundo o capítulo II. | ▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B4.13. Desenvolvemento histórico da Unión Europea (UE): obxectivos e valores éticos en que se fundamenta, de acordo coa DUDH.<br>▪ B4.14. Logros alcanzados pola UE en beneficio dos seus cidadáns e | ▪ B4.7. Coñecer os elementos esenciais da UE, analizando os beneficios recibidos e as responsabilidades adquiridas polos estados membros e a súa cidadanía, coa finalidade de recoñecer a súa | ▪ VEB4.7.1. Describe a integración económica e política da UE, o seu desenvolvemento histórico desde 1951, os seus obxectivos e os valores éticos nos que se fundamenta, de acordo coa DUDH. | ▪ CSC |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Valores éticos. 3º ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | das súas cidadás. | utilidade e os logros alcanzados por esta. | ▪ VEB4.7.2. Identifica e aprecia a importancia dos logros alcanzados pola UE e o beneficio que estes supuxeron para a vida dos cidadáns e das cidadás (anulación de fronteiras e restricións alfandegueiras, libre circulación de persoas e capitais, etc.), así como as obrigas adquiridas en diferentes ámbitos (económico, político, da seguridade e a paz, etc.). | ▪ CSC |
| | Bloque 5. Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B5.1. Relación entre ética e dereito.<br>▪ B5.2. Relación entre legalidade e lexitimidade. | ▪ B5.1. Sinalar a vinculación entre a ética, o dereito e a xustiza, a través do coñecemento das súas semellanzas, diferenzas e relacións, e analizar o significado dos termos de legalidade e lexitimidade. | ▪ VEB5.1.1. Busca e selecciona información en páxinas web, para identificar as diferenzas, semellanzas e vínculos existentes entre a Ética e o Dereito, e entre a legalidade e a lexitimidade, elaborando e presentando conclusións fundamentadas. | ▪ CAA<br>▪ CD |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B5.3. Xustificación das normas xurídicas.<br>▪ B5.4. Convencionalismo dos sofistas<br>▪ B5.5. Iusnaturalismo. Iusnaturalismo de Locke.<br>▪ B5.6. Iuspositivismo de Kelsen. | ▪ B5.2. Explicar o problema da xustificación das normas xurídicas, a través da análise das teorías do dereito natural ou iusnaturalismo, o convencionalismo e o positivismo xurídico, identificando a súa aplicación no pensamento xurídico de determinados/as filósofos/as, coa finalidade de ir conformando unha opinión argumentada sobre a fundamentación ética das leis. | ▪ VEB5.2.1. Elabora en grupo unha presentación con soporte dixital sobre a teoría iusnaturalista do dereito, o seu obxectivo e as súas características, identificando na teoría de Locke un exemplo desta no que se refire á orixe das leis xurídicas, a súa validez e as funcións que lle atribúe ao Estado. | ▪ CD<br>▪ CSC |
| | | | ▪ VEB5.2.2. Destaca e valora, no pensamento sofista, a distinción entre "physis" e "nomos", descri- | ▪ CCEC |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Valores éticos. 3º ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | bindo a súa contribución ao convencionalismo xurídico, e elabora conclusións argumentadas arredor deste tema. | |
| | | | ▪ VEB5.2.3. Analiza información sobre o positivismo xurídico de Kelsen, nomeadamente no relativo á validez das normas e dos criterios que utiliza, especialmente o de eficacia, e a relación que establece entre a ética e o dereito. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ VEB5.2.4. Recorre ao espírito emprendedor e á iniciativa persoal para elaborar unha presentación con medios informáticos, en colaboración co grupo, comparando as tres teorías do dereito e explicando as súas conclusións. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B5.7. Elaboración da DUDH e creación da ONU. Circunstancias históricas, obxectivos de ambos os acontecementos e papel da DUDH como código ético de conduta dos estados. | ▪ B5.3. Analizar o momento histórico e político que impulsou a elaboración da DUDH e a creación da ONU, coa finalidade de entendela como unha necesidade do seu tempo, cuxo valor continúa vixente como fundamento ético universal da lexitimidade do dereito e dos estados. | ▪ VEB5.3.1. Explica a función da DUDH como un código ético recoñecido polos países integrantes da ONU, coa finalidade de promover a xustiza, a igualdade e a paz en todo o mundo. | ▪ CSC |
| | | | ▪ VEB5.3.2. Contrasta información dos acontecementos históricos e políticos que orixinaron a DUDH, entre eles o uso das ideoloxías nacionalistas e racistas que defendían a superioridade duns homes sobre outros, chegando ao estremo do Holocausto xudeu, así como a discriminación e o exterminio de | ▪ CAA |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2





| | Valores éticos. 3º ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | todas as persoas que non pertencesen a unha determinada etnia, a un modelo físico, a unha relixión, a unhas ideas políticas, etc. | |
| | | | ▪ VEB5.3.3. Sinala os obxectivos da creación da ONU e a data en que se asinou a DUDH, e valora a importancia deste feito para a historia da humanidade. | ▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B5.8. Estrutura da DUDH: os seus artigos e os tipos de dereito. | ▪ B5.4. Interpretar e apreciar o contido e a estrutura interna da DUDH, coa finalidade de coñecela e propiciar o seu aprecio e respecto. | ▪ VEB5.4.1.Constrúe un esquema sobre a estrutura da DUDH, que se compón dun preámbulo e 30 artigos que poden clasificarse da seguinte maneira:<br>– Os artigos 1 e 2 refírense aos dereitos inherentes a todas as persoas: a liberdade, a igualdade, a fraternidade e a non-discriminación.<br>– Os artigos do 3 ao 11 refírense aos dereitos individuais.<br>– Os artigos do 12 ao 17 establecen os dereitos do individuo en relación coa comunidade.<br>– Os artigos do 18 ao 21 sinalan os dereitos e as liberdades políticas.<br>– Os artigos do 22 ao 27 céntranse nos dereitos económicos, sociais e culturais.<br>– Finalmente, os artigos do 28 ao 30 refírense á interpretación de todos eles, ás condicións necesarias para o seu exercicio e aos seus límites. | ▪ CAA<br>▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Valores éticos. 3º ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ VEB5.4.2. Elabora unha campaña, en colaboración co grupo, coa finalidade de difundir a DUDH como fundamento do dereito e a democracia, no seu medio escolar, familiar e social. | ▪ CCEC<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B5.9. Xeracións de dereitos e feitos históricos que influíron no seu desenvolvemento. | ▪ B5.5. Comprender o desenvolvemento histórico dos dereitos humanos como unha conquista da humanidade | ▪ VEB5.5.1. Describe os feitos máis influentes no desenvolvemento histórico dos dereitos humanos da primeira xeración (dereitos civís e políticos), da segunda xeración (económicos, sociais e culturais) e da terceira (dereitos dos pobos á solidariedade, ao desenvolvemento e á paz). | ▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e | ▪ B5.10. Problemas aos que se enfronta o exercicio dos dereitos civís e políticos da DUDH. | ▪ B5.6. Avaliar, utilizando o xuízo crítico, a magnitude dos problemas aos que se enfronta a aplicación da DUDH. | ▪ VEB5.6.1. Investiga mediante información obtida en distintas fontes, sobre os problemas e os retos da aplicación da DUDH, no que se refire ao exercicio de dereitos civís (destacando os problemas relativos á intolerancia, a exclusión social, a discriminación da muller, a violencia de xénero e a existencia de actitudes como a homofobia, o racismo, a xenofobia, o acoso laboral e escolar, etc.) e dos dereitos políticos (guerras, terrorismo, ditaduras, xenocidio, refuxiados/as políticos/as, etc.). | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSC |
| | Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía | | | |
| ▪ a<br>▪ b | ▪ B6.1. Necesidade de criterios éticos na investigación científica. | ▪ B6.1. Recoñecer que existen casos en que a investigación científi- | ▪ VEB6.1.1. Obtén e selecciona información, traballando en colabo- | ▪ CAA<br>▪ CD |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



| | Valores éticos. 3º ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | Progreso científico-técnico e valores éticos. | ca non é neutral, senón que está determinada por intereses políticos, económicos, etc., mediante a análise da idea de progreso e a súa interpretación equivocada, cando os obxectivos non respectan un código ético fundamentado na DUDH. | ración, dalgúns casos nos que a investigación científica e tecnolóxica non foi guiada nin é compatible cos valores éticos da DUDH, xerando impactos negativos nos ámbitos humano e ambiental, sinalando as causas. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ VEB6.1.2. Diserta, colaborando en grupo, sobre a idea de progreso na ciencia e a súa relación cos valores éticos, o respecto á dignidade humana e o seu medio, e elabora e expón conclusións. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ VEB6.1.3. Selecciona e contrasta información, colaborando en grupo, sobre algunhas das ameazas da aplicación indiscriminada da ciencia e a tecnoloxía para o contorno ambiental e para a vida (explotación descontrolada dos recursos naturais, destrución de hábitats, contaminación química e industrial, choiva ácida, cambio climático, desertificación, etc.). | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |

## 4º de ESO

| | Valores éticos. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. A dignidade da persoa | | | |

| | Valores éticos. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ h | ▪ B1.1. A dignidade do ser humano como valor básico no que se asenta a DUDH.<br>▪ B1.2. Atributos esenciais do ser humano na DUDH: razón, conciencia e liberdade.<br>▪ B1.3. Léxico do bloque: dignidade da persoa, fraternidade, liberdade humana, trato digno, xuízo xusto, trato inhumano ou degradante, detención arbitraria, presunción de inocencia, discriminación, violación de dereitos, etc. | ▪ B1.1. Interpretar e valorar a importancia da dignidade da persoa como o valor do que parte e no que se fundamenta a DUDH, subliñando os atributos inherentes á natureza humana e os dereitos inalienables e universais que derivan dela, como o punto de partida sobre o que deben xirar os valores éticos nas relacións humanas a nivel persoal, social, estatal e universal. | ▪ VEB1.1.1. Identifica a orixe dos dereitos inalienables e universais que establece a DUDH na dignidade do ser humano en tanto que persoa e os atributos inherentes á súa natureza. | ▪ CSC |
| | | | ▪ VEB1.1.2. Identifica na DUDH os atributos esenciais do ser humano: razón, conciencia e liberdade. | ▪ CCL |
| | | | ▪ VEB1.1.3. Relaciona adecuadamente os termos e as expresións seguintes, que se utilizan na DUDH: dignidade da persoa, fraternidade, liberdade humana, trato digno, xuízo xusto, trato inhumano ou degradante, detención arbitraria, presunción de inocencia, discriminación, violación de dereitos, etc. | ▪ CAA |
| | Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.1. Dereitos e liberdades dos individuos establecidos na DUDH que o Estado debe respectar. | ▪ B2.1. Explicar, baseándose na DUDH, os principios que deben rexer as relacións entre a cidadanía e o Estado, co fin de favorecer o seu cumprimento na sociedade en que viven. | ▪ VEB2.1.1. Comenta, segundo o establecido pola DUDH nos artigos do 12 ao 17, os dereitos do individuo que o Estado debe respectar e fomentar, nas relacións existentes entre ambos. | ▪ CCL |
| | | | ▪ VEB2.1.2. Explica os límites do Estado que establece a DUDH nos artigos do 18 ao 21, ao determinar as liberdades dos cidadáns e das cidadás que este debe protexer e respectar. | ▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia
DOG Diario Oficial de Galicia

| | Valores éticos. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ VEB2.1.3. Elabora unha presentación con soporte informático e audiovisual que ilustre os contidos máis sobresalientes tratados no tema, e expón as súas conclusións de xeito argumentado. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.2. Fenómeno da socialización global.<br>▪ B2.3. Perigos da socialización global á marxe dos valores éticos universais.<br>▪ B2.4. Medios de comunicación de masas e socialización global. Conflito entre liberdade de expresión outros dereitos. | ▪ B2.2. Explicar en que consiste a socialización global e a súa relación cos medios de comunicación masiva, valorando os seus efectos na vida e no desenvolvemento moral das persoas e da sociedade, e reflexionar acerca do papel que deben ter a ética e o Estado en relación con este tema. | ▪ VEB2.2.1. Describe e avalía o proceso de socialización global, mediante o que se produce a interiorización de valores, normas, costumes, etc. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ VEB2.2.2. Sinala os perigos que encerra o fenómeno da socialización global se se desenvolve á marxe dos valores éticos universais, e debate acerca da necesidade de establecer límites éticos e xurídicos neste tema. | ▪ CSC |
| | | | ▪ VEB2.2.3. Diserta acerca do impacto que teñen os medios de comunicación masiva na vida moral das persoas e da sociedade, expresando as súas opinións con rigor intelectual. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ VEB2.2.4. Valora a necesidade dunha regulación ética e xurídica en relación co uso de medios de comunicación masiva, respectando o dereito á información e á liberdade de expresión que posúen os cidadáns e as cidadás. | ▪ CCEC<br>▪ CSC |
| | Bloque 3. A reflexión ética | | | |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Valores éticos. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ f<br>▪ h | ▪ B3.1. Importancia e valor da reflexión ética como defensa dos DDHH.<br>▪ B3.2. Novos campos da ética aplicada: profesional, bioética, ambiente, economía, empresa, ciencia e tecnoloxía, etc. | ▪ B3.1. Recoñecer que a necesidade dunha regulación ética é fundamental no mundo actual de grandes e rápidos cambios, debido á magnitude dos perigos aos que se enfronta o ser humano, polo que resulta necesaria a súa actualización e a ampliación aos novos campos de acción da persoa, co fin de garantir o cumprimento dos dereitos humanos. | ▪ VEB3.1.1. Xustifica racionalmente e estima a importancia da reflexión ética no século XXI, como instrumento de protección dos dereitos humanos ante o perigo que poden representar entes posuidores de grandes intereses políticos e económicos e grupos violentos, que teñen ao seu alcance armamento de grande alcance científico e tecnolóxico, capaces de pór en grande risco os dereitos fundamentais da persoa. | ▪ CSC |
| | | | ▪ VEB3.1.2. Sinala algúns dos novos campos aos que se aplica a ética (profesional, bioética, ambiente, economía, empresa, ciencia e tecnoloxía, etc.). | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m | ▪ B3.3. Proxecto de vida persoal: límites e oportunidades que ofrecen as circunstancias persoais, e valores éticos que serven como guía. | ▪ B3.2. Comprender e apreciar a importancia que teñen para o ser humano do século XXI as circunstancias que o rodean, salientando os límites que lle impoñen e as oportunidades que lle ofrecen para a elaboración do seu proxecto de vida, conforme os valores éticos que libremente elixe e que dan sentido á súa existencia. | ▪ VEB3.2.1. Describe e avalía as circunstancias que no momento actual o/a rodean, identificando as limitacións e as oportunidades que se lle formulan desde as perspectivas social, laboral, educativa, económica, familiar, afectiva, etc., co obxecto de deseñar, a partir delas, o seu proxecto de vida persoal, determinando libremente os valores éticos que deben guialo/a. | ▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d | ▪ B3.4. Éticas formais e éticas materiais.<br>▪ B3.5. Ética kantiana: carácter formal. Autonomía da persoa co- | ▪ B3.3. Distinguir os principais valores éticos nos que se fundamentan as éticas formais, establecendo a súa relación coa ética kantiana e | ▪ VEB3.3.1. Define os elementos distintivos das éticas formais e compáraos cos relativos ás éticas materiais. | ▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Valores éticos. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ h<br>▪ l | mo valor ético fundamental. | sinalando a importancia que este filósofo lle atribúe á autonomía da persoa como valor ético fundamental. | ▪ VEB3.3.2. Explica as características da ética kantiana (formal, universal e racional), así como a importancia da súa achega á ética universal. | ▪ CCL |
| | | | ▪ VEB3.3.3. Aprecia, na ética kantiana, o seu fundamento na autonomía da persoa como valor ético esencial e a súa manifestación no imperativo categórico e as súas formulacións. | ▪ CSC |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B3.6. Ética do discurso, de Apel e Habermas, como ética formal. Relación coa ética de Kant. | ▪ B3.4. Identificar a ética do discurso, de Habermas e de Apel como unha ética formal, que salienta o valor do diálogo e o consenso na comunidade, como procedemento para atopar normas éticas xustas. | ▪ VEB3.4.1. Identifica a ética do discurso como unha ética formal e describe en que consiste o imperativo categórico que formula, sinalando as similitudes e as diferenzas que posúe co imperativo da ética de Kant. | ▪ CAA |
| | | | ▪ VEB3.4.2. Utiliza a súa iniciativa persoal e emprendedora para elaborar unha presentación con soporte informático acerca das éticas formais, expresando e elaborando conclusións fundamentadas. | ▪ CD<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 4. A xustiza e a política | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B4.1. Democracia e xustiza.<br>▪ B4.2. Deberes cívicos como cumprimento de valores éticos e como defensa e difusión dos dereitos humanos. | ▪ B4.1. Concibir a democracia non só como unha forma de goberno, senón como un estilo de vida cidadá, consciente do seu deber como elemento activo da vida política, colaborando na defensa e na difusión dos dereitos humanos tanto | ▪ VEB4.1.1. Comprende a importancia que ten para a democracia e a xustiza, que os cidadáns e as cidadás coñezan e cumpran os seus deberes (defensa dos valores éticos e cívicos, coidado e conservación de todos os bens e servizos | ▪ CSC |

| | Valores éticos. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | na súa vida persoal como na social. | públicos, participación na elección de representantes políticos/as, respecto e tolerancia á pluralidade de ideas e de crenzas, acatamento das leis e das sentenzas dos tribunais de xustiza, pagamento dos impostos establecidos, etc.). | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B4.3. Perigos dunha globalización sen valores éticos.<br>▪ B4.4. Promoción dos DDHH por parte dos Estados: fomento e ensino dos valores éticos. | ▪ B4.2. Reflexionar acerca do deber da cidadanía e dos Estados de promover o ensino e a difusión dos valores éticos como instrumentos indispensables para a defensa da dignidade e os dereitos humanos, ante o perigo que o fenómeno da globalización pode representar para a destrución do planeta e a deshumanización da persoa. | ▪ VEB4.2.1. Diserta e elabora conclusións, en grupo, acerca das terribles consecuencias que pode ter para o ser humano o fenómeno da globalización, se non se establece unha regulación ética e política (egoísmo, desigualdade, interdependencia, internacionalización dos conflitos armados, imposición de modelos culturais determinados por intereses económicos que promoven o consumismo e a perda de liberdade humana, etc.). | ▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ VEB4.2.2. Comenta o deber ético e político que teñen todos os estados, ante os riscos da globalización, de tomar medidas de protección dos dereitos humanos, nomeadamente a obriga de fomentar o ensino dos valores éticos e a súa vixencia, e a necesidade de respectalos en todo o mundo (deber de contribuír na construción dunha sociedade xusta e solidaria, fomentando a tolerancia, o respecto aos dereitos das demais persoas; honestidade, lealdade, pacifismo, prudencia, e mutua comprensión | ▪ CSC |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Valores éticos. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | mediante o diálogo, a defensa e protección da natureza, etc.). | |
| | Bloque 5. Os valores éticos, o Dereito e a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) | | | |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B5.1. Dereito e leis: finalidade, características e xustificación ética.<br>▪ B5.2. Conflitos entre principios éticos individuais e principios normativos sociais. | ▪ B5.1. Apreciar a necesidade das leis xurídicas no Estado, para garantir o respecto aos dereitos humanos, e disertar acerca dalgúns dilemas morais nos que existe un conflito entre os deberes éticos, relativos á conciencia da persoa, e os deberes cívicos que lle impoñen as leis xurídicas. | ▪ VEB5.1.1. Explica a finalidade e as características das leis xurídicas dentro do Estado e a súa xustificación ética, como fundamento da súa lexitimidade e da súa obediencia. | ▪ CCL |
| | | | ▪ VEB5.1.2. Debate acerca da solución de problemas nos que hai un conflito entre os valores e principios éticos do individuo e os da orde civil, formulando solucións razoadas, en casos como os de desobediencia civil e obxección de conciencia. | ▪ CCL<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B5.3. Teoría da xustiza de Rawls: posición orixinal e veo de ignorancia; criterio de imparcialidade; función dos dous principios de xustiza. | ▪ B5.2. Disertar acerca da teoría de Rawls baseada na xustiza como equidade e como fundamento ético do dereito, e emitir un xuízo crítico acerca dela. | ▪ VEB5.2.1. Procura información en internet co fin de definir os principais conceptos utilizados na teoría de Rawls e establece unha relación entre eles (posición orixinal e veo de ignorancia, criterio de imparcialidade e función dos dous principios de xustiza que propón). | ▪ CAA<br>▪ CD |
| | | | ▪ VEB5.2.2. Realiza un xuízo crítico acerca da teoría de Rawls e explica a súa conclusión argumentada acerca dela. | ▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ b | ▪ B5.4. Os DDHH como ideais irrenunciables. | ▪ B5.3. Valorar a DUDH como conxunto de ideais irrenunciables, tendo presentes os problemas e as | ▪ VEB5.3.1. Xustifica racionalmente a importancia dos dereitos humanos como ideais para alcanzar po- | ▪ CSC |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

DOG Núm. 120 Luns, 29 de xuño de 2015 Páx. 26800
Diario Oficial de Galicia

| | Valores éticos. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B5.5. Deficiencias na aplicación dos DDHH referidos ao económico e ao social.<br>▪ B5.6. Organizacións que traballan pola defensa dos DDHH. | deficiencias na súa aplicación, especialmente no relativo ao ámbito económico e social, indicando a importancia das institucións e os/as voluntarios/as que traballan pola defensa dos dereitos humanos. | las sociedades e os Estados, e recoñece os retos que aínda teñen que superar. | |
| | | | ▪ VEB5.3.2. Sinala algunha das deficiencias no exercicio dos dereitos económicos e sociais (pobreza, e falta de acceso á educación, á saúde, ao emprego, á vivenda, etc.). | ▪ CSC |
| | | | ▪ VEB5.3.3. Emprende a elaboración dunha presentación, con soporte informático e audiovisual, acerca dalgunhas institucións e voluntarios/as que, en todo o mundo, traballan pola defensa e respecto dos dereitos humanos: Organización das Nacións Unidas (ONU) e os seus organismos, como FAO, Organismo Internacional de Enerxía Atómica (OIEA), Organización Mundial da Saúde (OMS), Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO), etc., organizacións non gobernamentais como Greenpeace, UNICEF, Cruz Vermella, Media Lúa Vermella, etc., así como o Tribunal Internacional de Xustiza, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, etc. | ▪ CCEC<br>▪ CD<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ e | ▪ B5.7. Dereito á seguridade e a paz.<br>▪ B5.8. Compromiso coa paz e a solidariedade coas vítimas da vio- | ▪ B5.4. Entender a seguridade e a paz como un dereito recoñecido na DUDH (no seu artigo 3) e como un compromiso dos españois e das españolas a nivel nacional e inter- | ▪ VEB5.4.1. Diserta, en pequenos grupos, acerca da seguridade e a paz como un dereito fundamental das persoas, e aprecia a súa importancia para o exercicio do derei- | ▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Valores éticos. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ g<br>▪ h | lencia.<br>▪ B5.9. Ameazas á paz. | nacional (preámbulo da Constitución española), identificando e avaliando o perigo das novas ameazas que xurdiron nos últimos tempos. | to á vida e á liberdade, elaborando e expresando as súas conclusións (artigo 3 da DUDH). | |
| | | | ▪ VEB5.4.2. Toma conciencia do compromiso dos españois e das españolas coa paz, como unha aspiración colectiva e internacional recoñecida na Constitución española, e rexeita a violación dos dereitos humanos, amosando solidariedade coas vítimas da violencia. | ▪ CSC |
| | | | ▪ VEB5.4.3. Emprende a elaboración dunha presentación, con soporte audiovisual, sobre algunhas das novas ameazas para a paz e a seguridade no mundo actual (terrorismo, desastres ambientais, catástrofes naturais, mafias internacionais, pandemias, ataques cibernéticos, tráfico de armas de destrución masiva, de persoas e de órganos, etc.). | ▪ CD<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ h | ▪ B5.10. As Forzas Armadas na Constitución española.<br>▪ B5.11. Misións das Forzas Armadas.<br>▪ B5.12. Conflitos armados: importancia das organizacións internacionais na súa prevención e na súa solución. | ▪ B5.5. Coñecer a misión atribuída na Constitución española ás Forzas Armadas e a súa relación cos compromisos que España ten cos organismos internacionais a favor da seguridade e a paz, reflexionando acerca da importancia do dereito internacional para regular e limitar o uso e as aplicación da forza e do poder. | ▪ VEB5.5.1. Coñece, analiza e asume como cidadán ou cidadá os compromisos internacionais realizados por España en defensa da paz e a protección dos dereitos humanos, como membro de organismos internacionais (ONU, OTAN, UE, etc.). | ▪ CSC |
| | | | ▪ VEB5.5.2. Explica a importancia da misión das forzas armadas (artigo 15 da lei de defensa nacional) en | ▪ CSC |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Valores éticos. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | materia de defensa e seguridade nacional, de dereitos humanos e de promoción da paz, e a súa contribución en situacións de emerxencia e axuda humanitaria, tanto nacionais como internacionais. | |
| | | | ▪ VEB5.5.3. Analiza as consecuencias dos conflitos armados a nivel internacional, apreciando a importancia das organizacións internacionais que promoven e vixían o cumprimento dun dereito internacional fundamentado na DUDH. | ▪ CSC |
| | Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía. | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ h<br>▪ m | ▪ B6.1. Validez ética dos proxectos científicos e tecnolóxicos. | ▪ B6.1. Identificar criterios que permitan avaliar, de xeito crítico e reflexivo, os proxectos científicos e tecnolóxicos, co fin de valorar a súa idoneidade en relación co respecto aos dereitos e valores éticos da humanidade. | ▪ VEB6.1.1. Utiliza información de forma selectiva para atopar algúns criterios que cumpra ter en conta para estimar a viabilidade de proxectos científicos e tecnolóxicos, considerando a idoneidade ética dos obxectivos que pretenden e a avaliación dos riscos e as consecuencias persoais, sociais e ambientais que a súa aplicación poida ter. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B6.2. Códigos deontolóxicos dos axentes sociais. | ▪ B6.2. Estimar a necesidade de facer cumprir unha ética deontolóxica a científicos/as, tecnólogos/as e outros/as profesionais. | ▪ VEB6.2.1. Comprende e explica a necesidade de apoiar a creación e o uso de métodos de control, e a aplicación dunha ética deontolóxica para científicos/as e tecnólogos/as e, en xeral, para todas as profesións, fomentando a aplicación dos valores éticos no mundo laboral, | ▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



| | Valores éticos. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | financeiro e empresarial. | |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

## Volume

### Introdución

Dentro do contexto das artes plásticas e visuais, a materia de Volume ocúpase do estudo específico do espazo tridimensional e o volume no ámbito da expresión artística. Representa un segundo nivel de afondamento na aprendizaxe das linguaxes plásticas e visuais, que permite un coñecemento directo das calidades físicas, espaciais, estruturais e volumétricas dos obxectos. A aprendizaxe desta materia axudará a comprender que a forma, o tamaño, a cor e o acabamento de grande parte dos obxectos producidos polas persoas veñen determinados, en boa medida, polos materiais cos que están construídos, a función, o uso e o ámbito cultural, ou polos significados e os valores que se lle queiran outorgar.

Deste xeito, a materia de Volume contribúe ao desenvolvemento de dous aspectos da formación artística estreitamente relacionados entre si: a percepción sensorial e intelectual da forma, e a creación de obxectos tridimensionais, con intencionalidade artística ou funcional.

O estudo desta materia desenvolve as capacidades e os mecanismos de percepción espacial, táctil e cinestésica, a memoria e o pensamento espaciais, e a capacidade creadora e o pensamento diverxente, mediante os cales o ser humano é capaz de achegar solucións diferentes, novas e orixinais.

A análise das manifestacións, artísticas ou non, da linguaxe tridimensional fomenta unha actitude estética cara ao medio en que se desenvolve a persoa, o que lle permite establecer un dialogo enriquecedor co ámbito físico e co resto da sociedade. Constitúe, ademais, un medio eficaz para o desenvolvemento da sensibilidade estética e de actitudes de aprecio e respecto cara ao patrimonio artístico e ás tradicións. Intenta, tamén, promover o interese por contribuír a mellorar os obxectos e os espazos que rodean o ser humano, desde un punto de vista estético e funcional, así como contribuír á renovación das formas e á procura de novos materiais que recollan e melloren as producións tradicionais.

Ao tratarse dunha materia de carácter eminentemente práctico, proporciónalle ao alumnado un dominio esencial e unha axeitada axilidade e destreza no manexo dos medios de expresión da linguaxe tridimensional, e o coñecemento das técnicas e os procedementos útiles, e os materiais máis comúns.

A materia estrutúrase en catro bloques: "Técnicas e materiais de configuración", "Elementos de configuración formal e espacial", "Análise da representación tridimensional" e "O volume no proceso de deseño". Pero estes blo-

ques non teñen carácter secuencial, xa que se deben abordar de xeito simultáneo, ao tratarse dunha materia de carácter práctico.

1º de bacharelato

| | Volume. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Técnicas e materiais de configuración | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B1.1. Materiais e ferramentas básicas para a creación de pezas tridimensionais: uso e coidado.<br>▪ B1.2. Cálculo e planificación de necesidades de material.<br>▪ B1.3. Fases da realización de obras tridimensionais. Planificación e organización dos procesos en función da técnica empregada.<br>▪ B1.4. Materiais tradicionais e novos materiais na produción escultórica, artesá e de produtos de uso cotián. | ▪ B1.1. Identificar e utilizar correctamente os materiais e as ferramentas básicos para a elaboración de composicións tridimensionais, establecendo unha relación lóxica entre eles, e elixir os máis adecuados ás características formais, funcionais e estéticas da peza que cumpra realizar. | ▪ VO.B1.1.1. Identifica, almacena, conserva e prepara en condicións óptimas de utilización os materiais propios da súa actividade. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ VO.B1.1.2. Coñece, mantén e utiliza as ferramentas e a maquinaria específicas do taller de volume en condicións de seguridade e hixiene. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ VO.B1.1.3. Estima consumos e calcula volumes para optimizar o material necesario para a realización de cada peza. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ VO.B1.1.4. Planifica e organiza as fases de realización dunha peza volumétrica en función da técnica seleccionada. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B1.5. Técnicas básicas de escultura e de creación doutras obras tridimensionais.<br>▪ B1.1. Materiais e ferramentas básicas para a creación de pezas tridimensionais: uso e coidado. | ▪ B1.2. Coñecer as principais técnicas de realización volumétrica, seleccionar as máis adecuadas e aplicalas con destreza e eficacia á resolución de problemas de configuración espacial. | ▪ VO.B1.2.1. Desenvolve as técnicas básicas de configuración tridimensional con solvencia e en condicións de hixiene e seguridade. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ VO.B1.2.2. Valora e utiliza de forma creativa e acorde coas intencións plásticas as posibilidades | ▪ CSIEE |

| | Volume. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | técnicas e expresivas dos diversos materiais, acabamentos e tratamentos cromáticos. | |
| | | | ▪ VO.B1.2.3. Explica, utilizando con propiedade a terminoloxía específica, as características de diversos métodos e técnicas do volume e a súa relación cos materiais utilizados. | ▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B1.6. Técnicas básicas de reprodución escultórica. | ▪ B1.3. Coñecer e desenvolver con destreza as técnicas básicas de reprodución escultórica. | ▪ VO.B1.3.1. Desenvolve as técnicas básicas de reprodución escultórica con solvencia e en condicións de hixiene e seguridade. | ▪ CMCCT |
| | Bloque 2. Elementos de configuración formal e espacial | | | |
| ▪ b<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B2.1. Elementos fundamentais da linguaxe bidimensional e tridimensional: punto e liña, plano, forma, espazo cheo e baleiro, textura, cor, luz, movemento, etc. | ▪ B2.1. Identificar os elementos que forman a estrutura da linguaxe tridimensional, manexando a linguaxe da forma volumétrica e utilizándoa de xeito creativo na ideación e na realización de obra orixinal e composicións de índole funcional, decorativa ou ornamental. | ▪ VO.B2.1.1. Identifica os principais elementos da linguaxe visual presentes en producións tridimensionais, sexan estas escultóricas ou obxectos do contorno cotiá. | ▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B2.2. Estrutura, forma e tratamento das superficies nas creacións tridimensionais. Aspectos decorativos.<br>▪ B2.3. Tipos de formas: xeométricas e orgánicas, naturais e artificiais. Concavidade e convexidade. | ▪ B2.2. Analizar e elaborar, a través de transformacións creativas, alternativas tridimensionais a obxectos de referencia. | ▪ VO.B2.2.1. Analiza os elementos formais e estruturais de obxectos escultóricos sinxelos, e reprodúceos fielmente, seleccionando a técnica e o material máis adecuados. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



| | Volume. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ b<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B2.4. Composición nas creacións tridimensionais: fundamentos.<br>▪ B2.5. Aspectos comunicativos.<br>▪ B2.6. Obras e contorno: posición espacial, iluminación, etc. Obras que interactúan co/coa espectador/a. | ▪ B2.3. Realizar composicións creativas que evidencien a comprensión e a aplicación dos fundamentos compositivos da linguaxe tridimensional. | ▪ VO.B2.3.1. Realiza composicións tridimensionais, seleccionando e utilizando equilibradamente os principais elementos da linguaxe tridimensional. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ VO.B2.3.2. Modifica os aspectos comunicativos dunha peza tridimensional, reelaborándoa con diferentes técnicas, materiais, formatos e acabamentos. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ VO.B2.3.3. Experimenta coa iluminación e a posición espacial de diferentes pezas volumétricas, e valora de xeito argumentado a influencia que exercen sobre a percepción desta. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ VO.B2.3.4. Idea e elabora alternativas compositivas á configuración tridimensional dun obxecto ou dunha peza de carácter escultórico, para dotala de diferentes significados. | ▪ CAA |
| | | | ▪ VO.B2.3.5. Aplica as leis de composición creando esquemas de movementos e ritmos, empregando as técnicas e materiais con precisión. | ▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ m | ▪ B2.3. Composición nas creacións tridimensionais: fundamentos.<br>▪ B2.5. Aspectos comunicativos.<br>▪ B2.7. Coherencia entre idea, forma e materia. | ▪ B2.4. Compoñer os elementos formais establecendo relacións coherentes e unificadas entre idea, forma e materia. | ▪ VO.B2.4.1. Descompón un obxecto ou unha peza de carácter escultórico en unidades elementais e reorganízaas elaborando novas composicións plasticamente expresi- | ▪ CCEC |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

DOG Diario Oficial de Galicia
DOG Núm. 120 Luns, 29 de xuño de 2015 Páx. 26808

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Volume. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ n | | | vas, equilibradas e orixinais. | |
| ▪ b<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B2.8. Proporción e canon en diferentes culturas e períodos artísticos.<br>▪ B2.2. Estrutura, forma e tratamento das superficies nas creacións tridimensionais. Aspectos decorativos. | ▪ B2.5. Comprender a relación entre forma e proporción nas obras escultóricas e relacionala cos canons de proporción de diferentes culturas e períodos artísticos, analizando e comparando as diferenzas canto a linguaxe compositiva existentes entre as realizacións volumétricas en relevo e as exentas. | ▪ VO.B2.5.1. Analiza e le imaxes de diferentes obras de escultóricas, identificando os principais elementos compositivos e diferenciando os aspectos decorativos dos estruturais. | ▪ CCEC |
| | Bloque 3. Análise da representación tridimensional | | | |
| ▪ e<br>▪ h<br>▪ n | ▪ B3.1. Configuración tridimensional de obras escultóricas e funcionais.<br>▪ B3.2. Forma e función nos obxectos de uso cotián. | ▪ B3.1. Explorar con iniciativa as posibilidades plásticas e expresivas da linguaxe tridimensional, e utilizalas de xeito creativo na ideación e na realización de obra orixinal e composicións de índole funcional, decorativa e ornamental. | ▪ VO.B3.1.1. Describe, utilizando con propiedade a terminoloxía propia da materia, os aspectos máis notables da configuración tridimensional de obxectos de uso cotián e a relación que se establece entre a súa forma e a súa función. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ i<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B3.3. Análise de obxectos de uso cotián: estrutura e forma.<br>▪ B3.4. Comunicación das obras tridimensionais: mensaxe.<br>▪ B3.5. Graos de iconicidade. | ▪ B3.2. Analizar desde o punto de vista formal obxectos presentes na vida cotiá, identificando e apreciando os aspectos máis notables da súa configuración e a relación que se establece entre a súa forma e a súa estrutura. | ▪ VO.B3.2.1. Analiza os elementos formais, funcionais e estruturais de pezas tridimensionais sinxelas, e reprodúceas fielmente utilizando a técnica máis adecuada. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ VO.B3.2.2. Identifica o grao de iconicidade de representacións volumétricas e relaciónao coas súas funcións comunicativas. | ▪ CSC |
| ▪ h<br>▪ i<br>▪ m | ▪ B3.6. Creación de formas tridimensionais a partir de superficies planas, por medio de superposicións, cortes, abatementos, cambios de | ▪ B3.3. Comprender e aplicar os procesos de abstracción inherentes a calquera representación, valorando as relacións que se esta- | ▪ VO.B3.3.1. Xera elementos volumétricos, prescindindo dos aspectos accidentais e plasmando as súas características estruturais bási- | ▪ CCEC |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Volume. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ n | dirección e outras transformacións.<br>▪ B3.7. Redes e patróns repetitivos tridimensionais. | blecen entre a realidade e as configuracións, tridimensionais elaboradas a partir dela. | cas. | |
| | | | ▪ VO.B3.3.2. Idea e elabora alternativas á representación dun obxecto ou dunha peza escultórica sinxela, que evidencien a comprensión dos distintos graos de iconicidade das representacións tridimensionais. | ▪ CAA |
| ▪ h<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ n<br>▪ p | ▪ B3.4. Comunicación das obras tridimensionais: mensaxe. | ▪ B3.4. Crear configuracións tridimensionais dotadas de significado nas que se estableza unha relación coherente entre a imaxe e o seu contido. | ▪ VO.B3.4.1. Utiliza os medios expresivos, as técnicas e os materiais en función do significado e os aspectos comunicativos de cada obra. | ▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ f<br>▪ h<br>▪ n<br>▪ p | ▪ B3.8. Disciplinas de creación tridimensional artística: escultura, instalacións, arte de acción, ilustración tridimensional, "paper cut", etc.<br>▪ B3.9. Disciplinas de creación tridimensional funcional: deseño de obxectos, deseño de moda, xoiaría, deseño de espazos, etc.<br>▪ B3.10. Produción industrial e artesanal de pezas tridimensionais.<br>▪ B3.11. Produción artesanal tradicional e modernización das formas na creación contemporánea.<br>▪ B3.12. Produción artesanal e deseño de produtos en Galicia. A cerámica de Sargadelos. | ▪ B3.5. Desenvolver unha actitude reflexiva crítica e creativa en relación coas cuestións formais e conceptuais da cultura visual da sociedade da que forma parte. | ▪ VO.B3.5.1. Emite xuízos de valor argumentados respecto da produción tridimensional propia e allea con base nos seus coñecementos sobre a materia, o contorno, o seu gusto persoal e a súa sensibilidade. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | Bloque 4. O volume no proceso de deseño | | | |
| ▪ b | ▪ B4.1. Proxecto. Fases e metodolo- | ▪ B4.1. Valorar a metodoloxía xeral | ▪ VO.B4.1.1. Desenvolve proxectos | ▪ CD |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Volume. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ d<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m<br>▪ n<br>▪ p | xía de traballo desde a ideación á obra final.<br>▪ B4.2. Características técnicas dos produtos segundo o seu uso e a súa intencionalidade estética.<br>▪ B4.3. Compilación e tratamento da información necesaria para planificar un proxecto e levar a termo unha peza tridimensional.<br>▪ B4.4. Información gráfica necesaria para plasmar un proxecto en dúas e tres dimensións: bosquexo, planos, maquetas.<br>▪ B4.5. Presentación de creacións tridimensionais propias e alleas, acompañadas de información gráfica e técnica. Exposición e defensa de proxectos.<br>▪ B4.6. Comunicación de ideas en dúas e tres dimensións. | de proxectación, identificando e relacionando os elementos que interveñen na configuración formal dos obxectos e na súa funcionalidade, para resolver problemas de configuración espacial de obxectos tridimensionais de forma creativa, lóxica e racional, adecuando os materiais á súa función estética e práctica. | escultóricos sinxelos en función de condicionantes e dos requisitos específicos previamente determinados, utilizando a metodoloxía xeral de proxectación. | ▪ CSIEE |
| | | | ▪ VO.B4.1.2. Determina as características técnicas segundo o tipo de produto e as súas intencións expresivas funcionais e comunicativas. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ VO.B4.1.3. Compila e analiza información relacionada con distintos aspectos do proxecto que se vaia desenvolver, para realizar propostas creativas e realizables, achegando solucións diversas e creativas ante un problema de deseño tridimensional, potenciando o desenvolvemento do pensamento diverxente. | ▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ VO.B4.1.4. Planifica o proceso de realización desde a primeira fase de ideación ata a elaboración da obra final. | ▪ CSIEE<br>▪ CSC |
| | | | ▪ VO.B4.1.5. Debuxa ou interpreta a información gráfica, tendo en conta as características e os parámetros técnicos e estéticos do produto, para o seu posterior desenvolvemento. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ VO.B4.1.6. Desenvolve bosquexos, maquetas ou modelos de proba pa- | ▪ CAA |

DOG Diario Oficial de Galicia

| | Volume. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ra visualizar a peza tridimensional e valorar a viabilidade da súa execución. | |
| | | | ▪ VO.B4.1.7. Realiza a peza definitiva e presenta o proxecto básico, incorporando a información gráfica e técnica. | ▪ CD<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ VO.B4.1.8. Expón e presenta con corrección os proxectos, argumentándoos e defendéndoos con base nos seus aspectos formais, funcionais, estéticos e comunicativos. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B4.7. Proceso de traballo. Traballo en equipo para a produción de obras tridimensionais. | ▪ B4.2. Colaborar na realización de proxectos plásticos en grupo, valorando o traballo en equipo como unha fonte de riqueza na creación artística. | ▪ VO.B4.2.1. Planifica o traballo, coordínase, participa activamente, e respecta e valora as realizacións do resto de integrantes do grupo nun traballo de equipo. | ▪ CSC |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



# Anexo III. Bloque de materias de libre configuración autonómica

## Lingua Galega e Literatura

### Introdución

O papel heurístico das linguas constitúe un reto para o sistema educativo, pois son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. E as linguas achégannos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais.

A lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo, como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. Neste marco, a formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, ademais de sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician.

O Consello de Europa, a través de sucesivos proxectos, está comprometido nunha política lingüística dirixida a protexer e desenvolver a herdanza lingüística e a diversidade cultural de Europa como fonte de enriquecemento mutuo, así como a facilitar a mobilidade persoal dos seus cidadáns e das súas cidadás, e o intercambio de ideas. O Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER), publicado en 2001, é un documento de particular transcendencia, non só como ferramenta práctica para propiciar a reflexión sobre o ensino das linguas e a transparencia de cursos, programas e titulacións entre os estados e dentro deles, senón tamén polo recoñecemento da competencia plurilingüe e intercultural, que transcende o concepto de multilingüismo, no seu día piar dos enfoques das políticas lingüísticas máis abertas ao recoñecemento da diversidade. Hoxe, o MCER constitúe unha referencia para proxectos e documentos clave do Consello de Europa, como a "Guía para a elaboración e posta en marcha de currículos para unha educación plurilingüe e intercultural" (2010), na que se desenvolve a noción de plurilingüismo como eixe dun enfoque centrado na rede de relacións entre distintas linguas e culturas. Nesta mesma liña, enmárcanse o informe do Foro Intergobernamental Europeo "O dereito dos estudantes á calidade e á equidade en

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

educación. O papel das competencias lingüísticas e interculturais", mantido en Xenebra en novembro 2010, e a Conferencia intergobernamental "Calidade e inclusión en educación: o papel único das linguas", mantida en Estrasburgo en setembro de 2013. En ambos os foros europeos, recoñécese a importancia da competencia lingüística e da circulación de competencias entre as linguas para lograr un maior dominio da linguaxe, clave para a inclusión social e o éxito escolar.

A educación plurilingüe e intercultural considera, con carácter xeral, a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de maneira específica, os enfoques plurais transversais e integradores no seu ensino e na súa aprendizaxe. A súa finalidade é retirar barreiras artificiais entre as linguas, encerradas tradicionalmente nos sistemas escolares en compartimentos estancos, e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Xa que logo, o/a aprendiz plurilingüe realizará transferencias de coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutra lingua diferente. Esta capacidade de transferencia non só permite descubrir as regularidades dunha lingua total ou parcialmente descoñecida e relacionalas, desde o punto de vista teórico, coas regularidades observadas noutras linguas que coñece, ou identificar termos emparentados en todas as linguas, senón que, ademais, promove a tolerancia perante palabras descoñecidas, nomeadamente importante nos contextos de comprensión que necesitan a fluidez, como son a lectura extensiva e a comprensión de textos orais sen posibilidade de verificación do entendido. A competencia plurilingüe facilitará, daquela, a inferencia de significados e o desenvolvemento de competencias heurísticas eficaces para identificar os elementos esenciais e secundarios nun texto descoñecido.

Pola súa banda, mediante o diálogo intercultural póñense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son o recoñecemento do outro como lexítimo, o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas, a aceptación da diversidade persoal, social e cultural, e o respecto dos dereitos fundamentais.

No contexto escolar, a aprendizaxe das linguas está dirixida ao logro de obxectivos similares, aínda que con diferentes niveis de dominio. Por iso, un estudo integrado de todas as linguas posibilita, por unha banda, que os contidos, os procesos e as estratexias que se traballan nunha lingua sexan igualmente utilizados nas actividades lingüísticas de comprensión e produción nas demais e, por outra, que se poida focalizar, no proceso de ensino e aprendizaxe, nos elementos diferenciadores e en todos aqueles aspectos que teñen incidencia directa na capacidade de comunicarse adecuadamente. Así, o coñecemento morfolóxico ou léxico dunha lingua pode axudar á comprensión noutra lingua; as estratexias de comprensión de lectura desenvolvidas nunha lingua poden ser transferidas para a lectura noutros idiomas; o coñecemento da estrutura dos textos descritivos permitirá producilos en calquera lingua;

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

e o coñecemento das normas que ordenan as relacións entre xeracións, sexos, clases e grupos sociais nunha lingua, informa e sensibiliza sobre a necesidade de coñecer e respectar as normas que rexen a dimensión social do uso da lingua noutra comunidade lingüística.

Por outra banda, o tratamento integrado das linguas debe considerar o punto de partida diferente de cada unha delas. Xa que logo, non se pode esquecer a situación de minorización da lingua galega, que cómpre atender e dinamizar adecuadamente. Con esa finalidade, é preciso favorecer o uso e a aprendizaxe desta lingua de xeito que se impulse a súa normalización e se venzan as dificultades da súa menor presenza e repercusión social, motivadas en moitos casos por prexuízos que é necesario desmontar e superar. O alumnado galego debe rematar a súa escolarización co nivel de usuario competente nas dúas linguas oficiais, galego e castelán, o que implica a utilización adecuada e eficaz das dúas linguas nun amplo repertorio de situacións comunicativas, propias de diferentes ámbitos, cun grao crecente de formalidade e complexidade.

Finalmente, a situación de sociedade multilingüe e plural na que vivimos solicita un enfoque metodolóxico de carácter plurilingüe que potencie o desenvolvemento comunicativo do alumnado nas linguas que adquira ao longo da súa vida, con independencia da diferenza de fins e niveis de dominio con que as utilice. E que os faga conscientes da riqueza que supón ser unha persoa plurilingüe para o desenvolvemento cognitivo e social, e o éxito escolar. Isto implica un tratamento integrado das linguas que o alumnado está a aprender nas aulas. No caso das áreas de Lingua Castelá e Literatura e de Lingua Galega e Literatura, os currículos presentan contidos similares en gran medida, e unha distribución igualmente similar en cada un dos cursos que conforman a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato. Evidentemente, cada lingua ten as súas características propias, que requiren un tratamento e un traballo específicos, pero hai determinados aspectos do currículo que, pola afinidade ou similitude que presentan en ambas as áreas, precisan ben seren abordados de maneira parella, ben seren presentados só nunha lingua pero traballados e practicados en cada unha delas, e utilizar a mesma terminoloxía nas dúas linguas para non dificultar innecesariamente o proceso de aprendizaxe do alumnado. Por tanto, o profesorado implicado no proceso de ensino e aprendizaxe de Lingua Castelá e Literatura e de Lingua Galega e Literatura, en cada curso de ambas as etapas, deberá organizar o seu labor nun currículo integrado, que transcenda as linguas nas que un aprendiz sexa capaz de comunicarse. Isto supón recoñecer a existencia dunha competencia global para a comunicación lingüística e implica non só evitar a repetición de contidos nos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua, como son as estratexias de lectura ou o proceso de escritura, a tipoloxía textual ou a definición de termos lingüísticos; senón tamén, e especialmente, priorizar a realización de actividades comunicativas de produción e comprensión de textos orais e escritos, pois destas depende o desenvolvemento da competencia xeral en comunicación lingüística.

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia



Ademais, nos centros docentes teñen presenza linguas estranxeiras que tamén se abordan na aula desde un enfoque comunicativo e intercultural, pois o coñecemento dos valores e as crenzas compartidas por grupos sociais doutros países resulta esencial para a comunicación nesta sociedade globalizada. Así, para o tratamento integrado de linguas é preciso que, igual que acontece non caso das dúas linguas cooficiais, haxa unha coordinación entre o profesorado destas e o de linguas estranxeiras, para evitar a repetición de contidos na liña das que se mencionaron para as linguas ambientais, e para unificar a terminoloxía. Non se pode esquecer que o achegamento do alumnado á lingua estranxeira se produce, na maior parte dos casos, partindo das linguas próximas, a materna e ambientais.

Igualmente presentes nas aulas están as linguas clásicas, o latín e o grego, cuxo estudo a nivel fonético, morfosintáctico e léxico proporciona unha sólida base para o perfeccionamento no manexo doutras linguas. Desempeñan, pois, un papel relevante como soporte lingüístico da maioría das linguas e para a comprensión do léxico culto que forma gran parte da terminoloxía científica e técnica actual nas linguas que o alumnado coñece ou estuda; sen esquecer o enriquecemento cultural que lle proporciona o coñecemento dos aspectos que se inclúen na civilización clásica, berce da Europa actual, como son, entre outros, a mitoloxía, a relixión ou as súas creacións literarias e artísticas, que tanta influencia tiveron en épocas posteriores e seguen a ter hoxe en día. Xa que logo, é esencial a incorporación das linguas clásicas ao currículo integrado das linguas, para reforzar a reflexión lingüística do noso alumnado e fortalecer o seu acceso á cultura literaria.

Resulta obvio que, para a posta en práctica destes currículos integrados e o logro dos obxectivos plurilingües e interculturais que se perseguen, o profesorado é un elemento determinante, xa que deberá potenciar unha metodoloxía adecuada para levar a cabo enfoques comunicativos e proxectos plurais e transversais, promover a reflexión metacomunicativa e metalingüística e o contraste entre linguas, ou asegurar accións coordinadas entre os departamentos lingüísticos para decidir, entre outros, desde que lingua abordar o estudo dos xéneros discursivos ou as estratexias e os procesos cognitivos que están na base das actividades lingüísticas. Todo isto coa finalidade de construír en cada centro docente a coherencia pedagóxica no ensino das linguas.

As materias cuxos currículos se desenvolven ao abeiro desta introdución, as linguas, teñen como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Así, achegan as ferramentas e os coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoria e eficazmente en calquera situación de comunicación da vida privada, social e profesional. Eses coñecementos, que articulan os procesos de comprensión e expresión oral por unha banda, e de comprensión e expresión escrita por outra, constitúen instrumentos esenciais para a aprendizaxe no ámbito educativo e, posteriormente, ao longo da vida.

DOG Diario Oficial de Galicia

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

A reflexión literaria, presente nun bloque de contidos nas linguas ambientais, o galego e o castelán, e nas linguas clásicas, a través da lectura, mediante a comprensión e interpretación de textos significativos favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/das estudantes, dálles acceso á memoria, á creatividade, á imaxinación, á descuberta das outras persoas, ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfróntaos/as a situacións, sentimentos e emocións nunca experimentados, que enriquecen a súa visión do mundo e favorecen o coñecemento deles/as mesmos/as.

En definitiva, estas materias lingüísticas perseguen o obxectivo último de contribuír á formación de cidadáns e cidadás cunha competencia comunicativa que lles permita interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida. Isto esixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e das outras linguas que estudan e coñecen, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo, de formar as súas opinións, propias, claras e fundamentadas, e de gozar, a través da lectura crítica de obras literarias.

A materia de Lingua Galega e Literatura preséntase, en todos os cursos das etapas de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato, estruturada en cinco bloques, o que non debe implicar que a actividade docente se corresponda con esta ordenación, senón que, pola contra, se deben producir múltiples conexións entre todos eles.

O bloque 1, "Comunicación oral. Escoitar e falar" atende ao uso oral da lingua, e este é obxecto de observación e de análise para recoñecer as normas que rexen o intercambio comunicativo, para observar as estratexias que usan os/as falantes para se comunicar satisfactoriamente, así como as que empregan para comprender ou para producir mensaxes orais. Non obstante, este bloque incide, sobre todo, na necesidade de que o alumnado galego teña modelos de fala adecuados e poida pór en práctica a súa lingua dentro da aula en contextos formais e informais. A realidade sociolingüística de cada centro docente determinará a atención que o profesorado deberá dedicar na aula a este bloque, para que o alumnado poida cumprir adecuadamente cos estándares de aprendizaxe descritos.

O bloque 2, "Comunicación escrita. Ler e escribir" ocúpase da comprensión e a produción escrita. O alumnado debe ser quen de entender textos de diferente complexidade e xénero, e extraer as ideas explícitas e implícitas no texto co fin de elaborar o seu propio pensamento crítico e creativo. Comprender un texto implica pór en marcha unha serie de estratexias de lectura que deben practicarse na aula e proxectarse a todas as esferas da vida e a calquera tipo de lectura: ler para obter información, para aprender a propia lingua e por pracer. Igualmente, a produción escrita significará procurar para cada situación o tipo de texto, adecuando, planificando e redactando, atendendo a aspectos diversos, e revisando a escrita final.

DOG Núm. 120 Luns, 29 de xuño de 2015 Páx. 26817
DOG Diario Oficial de Galicia

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

O bloque 3, "Funcionamento da lingua" integra contidos relacionados co código e a súa organización, e responde á necesidade de reflexión sobre a propia lingua, coa finalidade de servir de base para o seu uso correcto, afastándose da pretensión de utilizar os coñecementos lingüísticos como fin en si mesmo.

O bloque 4, "Lingua e sociedade" céntrase na necesidade de que o alumnado coñeza, explique e valore o plurilingüismo como unha situación habitual e enriquecedora para todos os individuos. Do mesmo xeito, incídese na identificación e superación dos prexuízos e na pertinencia de que o alumnado recoñeza e empregue termos sociolingüísticos precisos.

O bloque 5, "Educación literaria" asume o obxectivo de facer dos alumnos e as alumnas lectores e lectoras competentes, con implicación nun proceso de formación de lectura que continúe ao longo de toda a vida. Ademais, o alumnado achegarase á historia da literatura galega, así como ás súas obras e aos seus autores e as súas autoras máis salientables, e recoñecerá a vinculación destes produtos literarios coa historia de Galicia.

O tratamento de todos estes contidos ten que abordarse desde unha óptica competencial, valorando as relacións que cada un ten coas competencias clave, que aparecen especificadas, a partir dos estándares de aprendizaxe avaliables, neste currículo.

A avaliación terá que ser coherente coa diversidade de contidos traballados e, daquela, ter en conta os contidos abordados nos cinco bloques en que se estrutura este currículo. Do mesmo xeito, deberá ser unha avaliación competencial, que teña en conta a relación que se establece no currículo entre os estándares de aprendizaxe detallados en cada bloque, coas competencias clave.

1º de ESO

| | Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Comunicación oral. Escoitar e falar | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B1.1. Comprensión, interpretación e resumo de calquera texto oral ou daqueles propios dos medios de comunicación, especialmente noticias de actualidade, próximas aos intereses do alumnado. | ▪ B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais (noticias de actualidade) e elaborar un resumo. | ▪ LGB1.1.1. Comprende e interpreta a intención comunicativa de textos orais sinxelos (noticias de actualidade). | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ LGB1.1.2. Traslada a información | ▪ CCL |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | relevante ou a idea xeral de textos sinxelos a resumos. | ▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B1.2. Comprensión e interpretación de textos orais utilizados no ámbito social e educativo (instrucións, presentacións de tarefas e breves exposicións orais de temáticas variadas). | ▪ B1.2. Extraer a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais sinxelos dos ámbitos social e educativo, e seguir instrucións para realizar tarefas guiadas de aprendizaxe con progresiva autonomía. | ▪ LGB1.2.1. Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os datos máis relevantes en textos orais do ámbito social e educativo. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ LGB1.2.2. Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ h | ▪ B1.3. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa con actitude de interese, de cooperación e de respecto. | ▪ B1.3. Coñecer e apreciar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas, tanto espontáneas como planificadas. | ▪ LGB1.3.1. Coñece e aprecia as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na orde que lle corresponde, manifesta respecto polas opinións alleas e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria). | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ LGB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado da linguaxe non verbal. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B1.4. Escoita crítica e reflexiva das mensaxes dos medios de comunicación, con especial atención aos programas informativos. | ▪ B1.4. Identificar e contrastar o propósito comunicativo en textos orais dos medios de comunicación, analizar criticamente os seus contidos e identificar prexuízos ou mensaxes discriminatorias. | ▪ LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, as ideas principais e as secundarias de programas informativos. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LGB1.4.2. Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas. | ▪ CAA |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ LGB1.4.3. Identifica e rexeita os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou discriminacións. | ▪ CSC |
| ▪ h<br>▪ o | ▪ B1.5. Coñecemento e aplicación, con axuda das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), de estratexias necesarias para producir textos orais sobre temas de actualidade. | ▪ B1.5. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, as estratexias necesarias para realizar exposicións orais planificadas e participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas. | ▪ LGB1.5.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións. | ▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ LGB1.5.2. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e visualmente atractivas. | ▪ CD<br>▪ CCL<br>▪ CSIEE |
| ▪ h<br>▪ o | ▪ B1.6. Valoración das producións orais emitidas cunha fonética e prosodia correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela. | ▪ B1.6. Valorar as producións emitidas cunha fonética e prosodia correcta e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela. | ▪ LGB1.6.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia correcta, recoñece os erros de produción oral propia e allea e propón solucións para melloralas. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ LGB1.6.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia da lingua galega. | ▪ CAA |
| | | | ▪ LGB1.6.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B1.7. Produción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. | ▪ B1.7. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. | ▪ LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ LGB1.7.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas | ▪ CCL |

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



| | Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias clave** |
| | | | respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo). | |
| | | | ▪ LGB1.7.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada). | ▪ CCL |
| | | | ▪ LGB1.7.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado. | ▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ h | ▪ B1.8. Participación activa en situacións propias do ámbito educativo (pedimento de aclaracións, intercambio de opinións e exposición de conclusións). | ▪ B1.8. Participar activamente en situacións propias do ámbito educativo (pedir aclaracións, intercambiar opinións e expor conclusións). | ▪ LGB1.8.1. Intervén en debates e coloquios do ámbito educativo, respectando as regras de interacción. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ LGB1.8.2. Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións da persoa moderadora nos debates e coloquios. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ o | ▪ B1.9. Coñecemento e aplicación de estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso, prácticas orais formais e informais. | ▪ B1.9. Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo. | ▪ LGB1.9.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves. | ▪ CAA |
| | | | ▪ LG1B1.9.2. Respecta os aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: e8qwmh18-m289-mgz7-e2c9-gsg52hmivin2



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ LGB1.9.3. Adecúa a súa pronuncia á finalidade da situación comunicativa. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ LGB1.9.4. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal ás súas producións orais. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ LGB1.9.5. Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos. | ▪ CAA |
| | | | ▪ LGB1.9.6. Recoñece e avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B1.10. Construción de discursos adecuados, cohesionados e coherentes desde o punto de vista comunicativo, sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativa. | ▪ B1.10. Producir discursos breves e comprensibles sobre temas da vida cotiá, de interese persoal ou social. | ▪ LGB1.10.1. Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos, e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ LGB1.10.2. Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir | | | |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ h | ▪ B2.1. Aplicación de técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva. | ▪ B2.1. Aplicar técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva. | ▪ LGB2.1.1. Utiliza técnicas de análise e síntese do contido: subliñados, esquemas e resumos. | ▪ CCL<br>▪ CCA |
| | | | ▪ LGB2.1.2. Recoñece a intenciona- | ▪ CCL |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| | Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | lidade do emisor a partir de elementos contextuais explícitos. | |
| | | | ▪ LGB2.1.3. Reconstrúe o sentido global e compón o esquema xerarquizado das ideas. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LGB2.1.4. Procura o léxico descoñecido en dicionarios, analiza a forma da palabra ou deduce o significado polo contexto. | ▪ CCL<br>▪ CCA |
| | | | ▪ LGB2.1.5. Interpreta o significado de elementos non lingüísticos (símbolos, iconas, etc.). | ▪ CCL |
| | | | ▪ LGB2.1.6. Busca información para ampliar e completar o contido das mensaxes a través de distintos recursos: xornais, revistas, libros, enciclopedias, buscadores de internet. | ▪ CCL<br>▪ CCA<br>▪ CD |
| | | | ▪ LGB2.1.7. Contrasta os contidos analizados cos coñecementos propios, antes e despois da lectura. | ▪ CCL<br>▪ CCA |
